

CADERNOS RAMÓN PIÑEIRO
(XXXI)



FILGUEIRA VALVERDE
HOMENAXE
Quíxose con primor e feitura

CADERNOS RAMÓN PIÑEIRO
(XXXI)

FILGUEIRA VALVERDE
HOMENAXE

Quíxose con primor e feitura

Edición de
Luis Cochón
Laura Mariño Taibo

CADERNOS RAMÓN PIÑEIRO
(Cadernos galegos de pensamento e cultura)

Directores:

Luís Alonso Girgado
Xosé Luís Cochón Touriño
Ramón López Vázquez

Consello asesor:

Xesús Ferro Ruibal
Anxo González Fernández
Ramón López Vázquez
Segundo Pérez López
Manuel Quintáns Suárez
Anxo Tarrío Varela
Andrés Torres Queiruga

Edita:

Xunta de Galicia
Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria
Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades

Secretario Xeral de Política Lingüística:

Valentín García Gómez

Coordinador científico:

Manuel González González

Director Técnico de Literatura:

Anxo Tarrío Varela

- © Textos: dos autores
- © Edición, miscelánea introdutoria e notas: Luís Cochón
- © Debuxo da cuberta: Xaime Quessada

Maquetación e impresión:

Grafisant, S.L.

ISBN:

978-84-453-5188-8

Depósito legal:

C 730-2015

ÍNDICE

Mester de louvor (Arcadio López-Casanova).....	7
Miscelánea introdutoria (Luís Cochón)	11
Nota de edición.....	29
ARTIGOS	
ACUÑA, Ana: Xosé Filgueira Valverde e <i>O Gaiteiro de Lugo</i>	35
ALONSO MONTERO, Xesús: A miña relación persoal e literaria con Xosé Filgueira Valverde	51
ANGUEIRA, Anxo: A Rosalía de Filgueira Valverde	71
BARREIRO FERNÁNDEZ, Xosé Ramón: Filgueira Valverde e a reformulación da identidade galega	85
BERAMENDI, Xusto: A xeira nacionalista de Filgueira Valverde (1920-1936).....	103
BLANCO FREIJEIRO, Antonio: O bruar do mar da Lanzada	131
BREA, Mercedes; GUIADANES, Antonio; RON, Xabier: Filgueira investigador e divulgador do feito trobadoresco	133
CASAS, Arturo: <i>Agromar. Farsa para rapaces</i> (1936), a tentativa teatral de Filgueira Valverde.....	149
CERVIÑO GONZÁLEZ, Francisco: Filgueira Valverde. Literatura e política	171
CHACÓN, Rafael: Pontevedra e os seus nomes	177
CORRAL DÍAZ, Esther: Don Xosé Filgueira Valverde e os estudos da épica galego-portuguesa medieval	187
DASILVA, Xosé Manuel: A actividade de Filgueira Valverde como camonista	197

DÍAZ-FIERROS VIQUEIRA, Francisco: Filgueira, tamén na ciencia galega	217
DOPORTO REGUEIRA, Cecilia; DOCOBO MARTÍNEZ, José Ángel: A relación epistolar de Filgueira co astrónomo e matemático Ramón María Aller.....	233
FIDALGO, Elvira: Filgueira Valverde e as <i>Cantigas de Santa María</i>	249
FORCADELA, Manuel: A Compostela de Filgueira	267
GARCÍA MARTÍNEZ, Carlos: Filgueira no “Padre Sarmiento”	273
GONÇALVES, Elsa: Don Xosé Filgueira Valverde e a lírica trovadoresca galego-portuguesa.....	291
JIMÉNEZ CASAS, Cipriano Luís: Día das Letras Galegas 2015 (Xosé Fernando Filgueira Valverde)	305
LAVAUD-FAGE, Éliane: Don José	313
LÓPEZ CASANOVA, Arcadio: Poética e poesía das <i>6 canciones de mar in modo antico</i>	317
LOPO, Antón: O baúl de don Xosé. Os <i>Adral</i> , a nostalxia e a infancia en Filgueira Valverde	335
LOSADA, Basilio: <i>Adral</i>	345
MILLÁN GONZÁLEZ-PARDO, Isidoro: Orixes de Compostela	353
OTERO URTAZA, Fernando: Un legado de Filgueira: os cantores do Instituto	357
REGUEIRO TENREIRO, Manuel: Filgueira Valverde, procurador en Cortes.....	379
SAAVEDRA, Pegerto: Xosé Filgueira Valverde, camiñando polos vieiros abertos por Feijoo e Sarmiento	405
VALLE PÉREZ, X.C. : Xosé Filgueira Valverde (1906-1996) e a historia da arte galega	417
VILLARES, Ramón: A creación do Consello da Cultura Galega. O papel de Xosé Filgueira Valverde.....	445

MESTER DE LOUVOR

*Dicir mester quixera de louvor e lembranza.
Xosé Filgueira amigo, meu señor da palabra,
da flor do Tempo soubo dar froito e máis anada,
home bo que foi sempre, vida a súa granada.*

*Xose Filgueira amigo e mestre de favor,
da que din a Boa Vila seu sentido amator;
coa Compostela eterna no adral do corazón,
ourive foi de obra luída con fervor.*

*Pontevedra a súa Casa, tan querido fogar
e as ribeiras do Lérez namoro seu no ollar;
a Compostela en pedra e choiva de anainar
ben mozo engaiolouno, deunos dela o cantar.*

*Xosé Filgueira o mestre, aberto e xeneroso,
no sentimento seu Galicia foi o soño;
amar amou a Terra e amou a voz do pobo;
do Cantábrico ó Trega todo o viviu con gozo.*

*Dicir mester quixera de lembranza e louvor,
Xosé Filgueira amigo, o bo mestre e señor;
aquele da obra cumprida, aquel dun labor
á vida súa afeita e feita con amor.*

*Xosé Filgueira mestre, amigo e home bo,
por vós o mester trobo de lembranza e louvor!*

Arcadio López-Casanova

MISCELÁNEA INTRODUTORIA

LUÍS COCHÓN

I.

Fixo don Xosé Filgueira para a *Gran Enciclopedia Gallega*, en castelán, 23 entradas, *sub nomine* ou *sub voce* (non se falaba aínda de *ítem*) ben a requirimento ben por iniciativa propia, membro do Consello consultivo, pensando en voces que non podían faltar no elenco enciclopédico desta **petita patria** (a formulación é de Salvador Espriu, cando fala da súa) que chamamos Galicia e mesmo Galiza (véxase *sub verba*, a nota de prodixiosa erudición de Isidoro Millán González-Pardo, tan esclarecedora, na colección), **Galicia/Galiza** de dupla lección dende o fondo das idades. Tales achegas, ó saber e entender de quen as asina, declaran unha escolla doada no bo facer do autor, na fasquía, na tonalidade, tamén da extensión acorde, no tino, na capacidade de síntese e de alta divulgación, que veñen aquí consontes, disciplinares, trívio e cuadrívio: *semper docuit...*

Tense dito de Sarmiento, frade bieito a quen don Xosé (así era invocado polos seus alumnos, sen máis adherencia) tivo como guieiro, Padre Mestre na súa orde, Sarmiento, Filgueira foino, *semper docuit*, asemade, na que tivo de seu, no século, mestre insigne da **paideia** de noso, quimera docente que veu ser o máis alto timbre gratulatorio no seu labor de educador, sempre, e mais despois. Provéñ Filgueira da magna estirpe dos ilustrados do setecentos, da sabia erudición do XVIII, da *xenia* de Feijoo e Sarmiento: cartas, críticas, ditames debeladores ortodoxos, de erros comúns e supersticiosos, na diversa Hispania de Ambos Mundos (non en van, foi Sarmiento o derradeiro Cronista de Indias). Pódese inventariar, autorizar e prodigar, tan só así, os innúmeros saberes cos que o meu mestre ten estrado os nove libros de ADRAL, nova enciclopedia revisada, aumentada, posta ó día e corrixida, e en galego. ADRAL (os nove adrais, cada un co seu número ordinal, romano ou en letra) configura as nosas **etimoloxías**, como pobo que somos verdadeiramente (‘étimo’ e ‘verdadeiro’ o mesmo ten). Quen asina estas 22 entradas (non vaian ser 23), ensinou moito e equivocouse pouco, na palabra e na escrita. Dito sexa na súa honra. Non terá que cantar a palinodia, que outros si que por aí se andan. Non. Sabía o que tiña que saber, competente, docto e capaz no plinto dos mellores,

dotado dese *plus* carismático que, soamente en grandes educadores como el, que o foi a sabor, darse pode. Está por estudar a faceta americanista de JFV, innúmeras achegas de corte biográfico, as máis: como mostra, a entrada **Sarmiento de Gamboa, Pedro**.

As *corrigenda* non eran do seu gusto nin sentaban á súa mesa. Non estaba Filgueira afeito á crítica contra el, e aínda á autocrítica. Por iso –coido que única mostra– (*in gurgite vasto*) no artigo¹ admirable que envía para a homenaxe a Rodríguez-Moñino (outro príncipe das Letras, compañeiro de oposición) fai acordo de si propio e do seu amigo: “y [me] *corregía constantemente las concesiones de mi eclecticismo galaico o la tendencia a la generalización. Era el rigor del bibliófilo frente a la improvisación [mía]*”. “Confieso que ante su primera y seca admonición, me sentí confuso, aunque venía acostumbrado a las no menos tajantes de Sampedro [y Folgar] y de Sánchez Cantón”.

II. Filgueira na clase e fóra dela

O primeiro labor de Filgueira é o de profesor, sempre. *Semper docuit*. Na aula e fóra da aula, no Instituto e no Museo, nas clases maxistras en tódolos foros: o de conferenciante, por miles. Nunca se negou a ir cando o chamaron: na Universidade, na Academia, no Padre Sarmiento, as institucións, os ateneos, as casas de cultura, as asociacións culturais, ou mesmo as asociacións de veciños máis afastadas. Á hora en punto aparecían en auto de aluguer don Xosé Filgueira e a súa dona, María Teresa, tan cordial ela, sabendo estar. Foi ela a única que lle chamaba José Fernando, os fillos, cinco, dicíanlle papá (como todo o mundo) e os alumnos, sempre, don *José*, sen máis adherencia. (O de Fernando era para seu fillo, único varón, que tamén era José Fernando, pero que, todos, chamamos Fernando, aínda hoxe; pero tamén é verdade que nos derradeiros anos asinaba Fernando, que antes non.)

Alto, para o seu tempo, pero non delgado, miope desde neno, traxe de chaqueta cruzada. (A gravata era necesaria aínda para os alumnos, sempre de uniforme, elas e eles). A cara, de caricatura fácil, aparecía en calquera recanto, nos pupitres, nas paredes do Centro, amplísimo, que máis parecía Facultade. As mans enormes: con libros, coa carteira, con papeis.

¹ Filgueira Valverde, José: “Rodríguez-Moñino” apud *Homenaje a la memoria de D. Antonio Rodríguez-Moñino (1910-1970)*, pp. 229-31. Editorial Castalia. 1975.

Vino, cada vez apurado, dun sitio para outro. Había que falarlle ó paso ata que o asunto se volvía importante e entón mirábate de fronte, parado, e respondía: si ou non ou xa veremos. Aconsellaba pero advertía. Eu mesmo teño pillado algunha bronca –sempre en castelán– (cando o noso trato desde a primeira vez que me examinou, por libre e en setembro, por escrito e por oral, foi en galego e a sabor, aínda algo veciños ambos de Salcedo, o que vai de San Brais á miña Ruibal).

A década dos cincuenta era aínda de guerra fría. No país, ditadura; no Instituto, disciplina. Os que vivimos o franquismo, aínda contra el, quedamos en certo modo inficionados. Sorpréndome, pasados todos os anos que pasaron –ou que non pasaron–, sorpréndome, digo, ó constatar en min algún arrebatado autoritario. Filgueira era home da **situación**, a miña familia, de esquerdas. Ben que mal os dous sabíámolo. Cadroume ser bo alumno. Todos somos bos profesores cos alumnos bos. Ensinar os malos é máis edificante, pero máis tedioso. O mestre nunca se aburriu comigo, nin eu con el. Tiñamos, no trato, algo de xesuítas, calzados.

Sempre ameí o recordo dos meus profesores, que os tiveron excelentes e, sobre todos eles, a figura sabia, memoriosa, cabal, intelixente de primeira orde, que convertía o arduo en algo de toda sinxeleza. Cultísimo, estratega, provisto Filgueira, dos ollos de Atenea –ollos de noitarega, de curuxa, para orientarse na noite máis escura–, ollos glaucos da deusa de Atenas, deusa do Logos e da Razón ilustrada. Está por ver quen foi primeiro: Atenas ou Atenea, ou viceversa: Atenea Niké, Palas Atenea, Atenea Glaukopis, Tritoxenia, Parthenos, Atenea Promakos, Atenea Polias.

III.

E por riba explicou literatura, a máis poética das literaturas: amaba, el, e comigo, a poesía, onde sempre nos xuntamos moi liberalmente. Nunca desafeitos.

Por veces, con vagar pouco, entoabamos unha especie de canto amebeo, onde un de nós recitaba un verso e o outro retrucaba co verso que seguía, ata concluír o poema. Forma de repaso ó que me sometía de bo xorne. Poesía en castelán, en galego, en catalán e provenzal, en francés, en italiano, en portugués (quen, se non, me chamaba a atención sobre as marabillas de Gil Vicente, de Camões). Mesmo no coro do Instituto, onde cantaba de barítono, aprendín música e letra, na canción (cando poesía e

música ían unidas). O repertorio do coro era moi escollido e, en todo, a man de Filgueira víase certa. Ata tal punto que nunca cheguei a saber de verdade que fora primeiro: as conferencias de Filgueira para que o coro as fora ilustrando, ou o propio coro, autónomo, para que Filgueira fora disertando dos temas, cantigas, romances, cancioneros, Nadal, Paixón, Primavera.

Oínlle discrepar algo de Menéndez Pidal na súa cara e na súa Casa: Real Academia da Historia, rúa do León, 16, Madrid. Alí o coro fixo concerto en honra do señor, fraquiño, de máis de noventa anos, foinos dar a man a cada un dos coreutas. Cantámoslle pezas de materia artúrica, temas do romanceiro (se non tradicionais, os cultos do XV ou XVI), algunhas cantigas de Martín Codax. Tan pidaliano como era Filgueira, neotradicionalista, aínda tivo folgos e valor para defender a Bédier nas teses opostas: **no Camiño está a Canción**. Xa no meu segundo ano no coro, e cando eu lera por aquela todo o que Filgueira tiña publicado sobre historia literaria, crítica, análise de textos: toda a lírica medieval galega, as cantigas de Santa María, a cantiga CIII, o seu Camões, os séculos XVI e XVII, o que sabía de Feixoo, Sarmiento, o Rexurdimento, a poesía galega moderna. Filgueira ten arriscado moito nas intervencións públicas: é amentar o adival na casa do aforcado, desmontar en Salamanca a Celestina, ou en Guadalajara o arcipreste de Hita, por camiños por fóra do común. (Despois vin que non quixo publicar as súas elucubracións eruditas.) Tampouco as apostilas ó *Quixote* que desenvolveu durante todo o curso 59-60, tema único, e por iso mesmo cansado, por máis que Filgueira transitara transversal por diversos dominios. Cantamos en Barcelona diante de Martín de Riquer, outro príncipe das Letras. Ben sei que a vida de Filgueira Valverde está por escribir. A de Riquer, está publicada, a tempo, en vida, coas achegas importantísimas do propio persoeiro, e dos testemuños contrastados de compañeiros e discípulos na fecunda xeira profesoral universitaria². Por veces matino o porqué de terse vido Filgueira da súa cátedra do Instituto Balmes de Barcelona. Con Martín de Riquer tería feito –na literatura europea medieval, sen ir máis lonxe– un par imparabile, en talento e saber, mesmo en afinidades selectivas –tamén as políticas– que lles foron propias.

² Tampouco cheguei a explicarme como Díaz-Plaja se fixo, de rebote, co Balmes barcelonés, cando Filgueira pediu o traslado, que permutou con don Guillermo.

O coro cantaba 14 motetes en cada unha das estacións da Vía-Cruce. Antes da música, algún recitador, do coro ou da Confraría, adestrado polo propio don Xosé, dicía os versos escollidos (lírica áurea, o *Viacrucis* de Gerardo Diego, a tradución filgueiriá do *Viacrucis* de Claudel) para seguir a Vía. Tamén me tocou a min recitar, en Santa Clara de Pontevedra, diante de Fernando cardeal Quiroga, cando nos fixemos amigos: cando monseñor me fixo amigo seu.

IV. FILGUEIRA: culpável!

Non parece que Filgueira militara no eido **reintegracionista**, si no portugués que tiña como lingua de cultura. Foi a súa postura a favor do galego común a que incendiou a man do graffiteiro de ocasión para ser considerado **culpável**? Nada máis entrar en Pontevedra pola ponte do Burgo –a ponte da cidade–, no lateral da casa onde viviu, estucada de branco, a brocha inconforme pintou a sentenza: culpável. O señor da casa preferiu que a pintada permanecese alí vella de anos, para pasar a non dicir nada. Sabía Filgueira que tal inculpación non era para el.

Teño oído chamarlle “vello profesor”, xa nas últimas ou despois. Parece sacado do mesmo caletre, que lle acumaba a Tierno, alcalde de Madrid na transición, *old professor* (en Salamanca ou en Pittsburgh), distinción, nas vellas universidades británicas, para designar o profesor ben querido e asemade o *primeiro professor* (na orde da excelencia).

O vello profesor a que me refiro é soamente un calco, isto é, unha tradución precaria da distinguida formulación universitaria, na pérfida Albión. Mágoa grande, ó noso pesar e pensar, que a Minerva galega non o recibise como catedrático³.

³ Preguntado por min, díxome: “A cátedra de galego en Compostela, tan demorada, pilloume algo vello, e cansado de lidar por ela. Non fun eu o catedrático pero si presidente do tribunal que lla outorgou ó primeiro, Carballo Calero” (algo de fachenda, tamén de señorío, tivo meu antigo profesor nesa diáfana confidencia, que tampouco era tal). Quede para outro día as voltas e viravoltas para que a cátedra referida fora sacada a concurso público co nome de “Lingüística e Literatura Galega” (que non Lingua), coa que Madrid non transixiu. Parece que semellante amaño mediador foi propiciado polo propio Filgueira.

V.

A cantos de nós non nos ten axudado na carreira, no doutoramento, na cátedra. A cantos profesores represaliados non ten amparado o director do Instituto de Pontevedra nas décadas do 40 ou 50: ben me acordo deles.

Como tamén me acordo, que menos, de cando don Xosé dixo de min: “Xosé Luís, díscolo, por rebelde, pero alumno amado”. (Estaba eu, por entón, en situación política ben menesterosa).

VI. O Premio “Galicia” da Fundación March

Cando un ten tempo para todo e memoria para acordalo, pregunteille coa insolencia da idade moza, como fora aquilo da votación na que saíra don Ramón Otero contra don Vicente.

- Foi así –díxome Filgueira–; ou ti preferirías que saíse Risco?
- Pois, si –contesteille eu.
- Non o creo.

E marchou.

Pasados poucos días volvinlle preguntar:

- A ver, vostede a quen votou?
- Eu a ningún
- E como?
- Pois, xa que era eu o último como presidente en decidir, decidín o que os anteriores xa decidiran; de modo que din por bo o *statu quo ante* sen que eu tivera que dirimir nada. Cos votos, de viva voz, xa tiña gañado Otero.

Tal me contou, daquela, diplomaticamente. Se traio esta situación aquí e por ser filgueiriana de vez: quedar a ben con todos sen mollarse por ninguén. Dou por rematada a sesión sen que a acta reflecta o voto do presidente, nin cal o sentido do tal voto, nin a abstención. Nin, sequera, o feito mesmo de ter votado o presidente Filgueira. Ditoulle a acta ó secretario e todos –uns e outros– asinaron.

Máis tarde souben que as tornas non foran tan manifestas. Houbo varias e diversas votacións, debate, algún que outro descanso, tirapuxas. Ó final, o que saíu, Ramón Otero contra don Vicente Risco, que partira, este, como candidato gañador, aínda que o mestre de cerimonias en favor de Otero fora, declaradamente tácito, Filgueira.

Vou exhumar, hoxe e aquí, unha carta⁴ de don Ramón na que o gran epistológrafo, coa elegancia que sempre tivo de seu, deita algunha información sobre o caso, e aloumiña dende o fondo da alma ó seu amigo. “Me duele” que aquel “heterodoxo en todo, agás en relixión” –dicía Risco de si propiamente tomado como “candidato oficial”, *id est*, do Réxime (ben se ve que xa na altura o tal Réxime, ditadura sen disimulo, estaba a cambiar desde dentro).

A carta ten como destinatario a Isidoro Millán [Mariño] consabido avogado pontevedrés, vello amigo, con quen don Ramón se carteu bastante. Debo aclarar a ambigüidade homónima entre Millán Mariño e Millán González-Pardo, ambos Isidoro, pai e fillo. Este último, tamén amigo do trasalbé, xa presentara a don Ramón, 1960, no paraninfo do Instituto de Pontevedra, “chantado, don Ramón, nos cons dos seus dous apelidos”, invitado por Filgueira, a unha conferencia fulgurante, sen preparar nada, *viva voce*, sen nada ditar (quen o seguía!), improvisada, botando man das ruínas de san Domingos, medianeiras, aquel gótico polo que don Ramón ascendeu e ascendeu sen pousar ata o empíreo.

Frasalva, Breure 19-VII-1962 Sr. Sr. Isidoro Millán
Pontevedra

Mi ilustrta y querido amigo:
 Utopía, a su debido tiempo, el expresivo, te seguía de Vd. con la
 felicitación por el premio "Galicia" de la Fundación Ullrich, consabido a un
 obra literaria de exaltación gallega. Fue obra de la amistad antigua y
 profunda de la que ha sido y será, en los días que el Señor me conceda, la
 alegría y excelencia de mi vida. Me consueño el entusiasmo con que
 la nueva me acorda entre los amigos. Generosamente, todos Vd. no
 trocaban mi vocación y talento. El espíritu del viejo Sarmiento de
 Andrés Bello venía en la votación y solo me duele que mi
 na de Vicente Risco no meen mis, el postor y admirador
 no haya ostentado el papel de candidato oficial. Me acordaba una
 buena semana obrando.
 De 6 de mayo estacione a visitarme y comente tras años de día en
 esta vida y buena casa de estado antes y no me probaba con.
 hostetanos. Uno de los días inolvidables de mi vida.
 Me habido mucho en congnombrar el aspecto sobre de Vd.
 Soy viajero, desordenado, como es en mis papeles y los años no
 cumo tales costumbres. No siempre seamos, sobre partono
 al viejo amigo y admirador
 Ramón Otero Peláez

⁴ Inédita. Debo a Alejandro Millán Mon, neto de Millán Mariño, a fotocopia da orixinal no seu poder.

Trasalba. Orense. 19-VII-1962. Sr. Don Isidoro Millán. Pontevedra. Mi ilustre y querido amigo: Llegó, a su debido tiempo, el expresivo telegrama de Vd. con su felicitación por el premio "Galicia" de la Fundación March, concedido a una obra literaria de exaltación gallega. Fue obra de la amistad antigua y profunda de la que ha sido y será, de los días que El Señor le conceda, la regalía y excelencia de mi vida. Me emocionó el entusiasmo con que la nueva fué acogida entre los amigos. Generosamente, todos Vds. sobrestiman mi vocación y lealtad. El espíritu del viejo Seminario de Estudios Gallegos venció en la votación y solo me duele que sin culpa de Vicente Risco y menos mía, el fraternal y admirado amigo haya ostentado el papel de candidato oficial produciéndose una pequeña guerra absurda. Día 6 de Mayo estuvieron a visitarme y conmigo pasaron el día en esta vieja y querida casa 35 estudiantes y jóvenes graduados compostelanos. Uno de los días inolvidables de mi vida. He tardado mucho en corresponder al afectuoso saludo de Vd. Soy viajero, desordenado, caótico en mis papeles y los años no curan tales costumbres. Vd. siempre generoso, sabrá perdonar al viejo amigo y admirador. Ramón Otero Pedrayo.

Por último, o que eu me pregunto outra vez é de onde partiu esa idea louca de enfrontar a dous amigos de sempre, xa anciáns agora (1962), veciños da mesma casa, rúa da Paz, 25, primeiro e segundo andar, Ourense, cabezaleiros ambos e dous da empresa "Nós", do mellor que lle naceu a esta Terra.

VII.

Os estudos filgueirianos aparecen partidos por gala en dous: Literatura e Historia, en dous períodos, 1935-1996 e 1965-1996, un primeiro onde predominan os estudos de crítica e de historia literaria, e outro, segundo, onde Filgueira parece voltarse netamente sobre estudos históricos ou artísticos. En ningún dos períodos lle faltou tema. Tal a súa curiosidade universal en calquera deses mundos. Pero tamén a curiosidade leva de continuo á variedade, a cambiar de póla, aínda dunha árbore a outra, sempre emparentados. En todo caso, o deslinde hase facer con matices, con abirtas que conflúen ó río común que achega e non separa, dentro da inmensidade da obra total.

Filgueira combina con precisión e elegancia a dose exacta de saber coa axilidade e a concisión do ensaísta. Descúbrese entón que non só o

estilo e a forma de argumentar son características do autor, sono tamén algúns temas recorrentes: a civilización cristiá, a cultura e a transmisión desa cultura, o degaro dun mundo irrenunciábel, a invocación a Europa e a occidente que veñen da antigüidade clásica.

Presente sempre o conflito entre o espírito e a letra, filias e fobias. Armado cos recursos que lle son propios ó comparatismo, as súas asociacións logran transformar motivos marxinais en cuestións de fondo. O método consiste en convocar voces de lonxe e referencias a veces escuras e facelas concorrer como invitadas nunha aula inmensa onde exerce o cerimonial, que dispón e alenta ós seus convidados a conversar entre si, deixando caer, de paso, algunhas malicias de crítico literario que o é. Aínda que por veces teña que repetirse cando trasfega do ensaio ó artigo de xornal, nesa alta divulgación, que é o máis de seu.

Certo tamén que o autor non estuda senón que glosa tan só. Apostila, escolia, vaise polas ramas, atópase mellor nas pólas que no tronco da árbore. *Entre glose*, dicía o señor de Montaigne.

VIII. A “cousa” Cantiga, n’ *Os nenos*

Creo saber que o meu mestre quixo ser rapaz de coro, de escolanía. De certo, tivo en Compostela un amigo, seu amigo, neno de coro, co que nunca cruzou palabra, de fite en fite, de lonxe, ende que o narrador oíu un **verselo** do canto de vésperas que o rapaz, solista, lle meteu na alma. O mellor d’ *Os nenos*.

Estoume a ver no coro do Instituto cantando, a parte para dobre cuarteto mixto, na voz de barítono, en perfecto grego bíblico, cantando –digo– como quen asevera *Hagios Athanatos* no oficio de Pasión; *Sanctus Immortalis*.



Filgueira sentado no plinto de columnas xeminadas, que puido ser en Conxo. O debuxo da figura parece insertado no marco previo, con posterioridade. Nunca antes, nin despois, na ampla produción de Luís Pintos Fonseca aparece a persoa. O retrato representa, fóra de dúbida, o autor, sen lentes, d’ *Os nenos*, que fixo estampar no seu libríño primeiro, con 19 anos xustos.

IX. O Pedrón de Ouro

“[...] Coido que nin coidáchedes na miña persoa nin na miña labouira senón naquela xurdia rolada de rapaces que alá nos anos vinte puxémonos a traballar nos eidos da galeguidade e inda mais que nós aqueles mestres que nos entregaron acesa a chama do amor á Terra. Para eles o premio. Escollíchedes, ao meu ver, ó derradeiro, ca seguranza de que deste xeito escrarecía máis o valimento dos que nos enroitaron. O máis cativo é o que ten meirandes débedas cos seus devanceiros. Pra eles, presentes eiquí, recollendo os froitos da sabencia e da xenerosidade na persoa do pedreiro, do petrucio, dese don impar de Deus para Galicia que é don Ramón Otero Pedrayo⁵.”

X. “A despedida” do Corpus en Pontevedra⁶

San Bartolomeu e santa María: dúas parroquias para unha soa Vila. Menos mal que é Boa Vila. O Arrabal e a Vila, nesa orde natural: primeiro o Arrabal, a Vila despois e, entremetres, a muralla. Deixarse libre fóra de portas ou vivir empetoutado dentro de portas. San Miguel e san Xoán, a un lado e outro da Custodia, sen quedar claro cal á dereita (por menos ármase un batifondo): se san Miguel, arcanxo, patrón dos mariñeiros, ou san Xoán, señor dos carpinteiros de ribeira “que labran os barcos en que outros bogan”.

– “En que íbades saír ó mar se non fixéramos nós vosas dornas”.

– “Dornas sen mariñeiros son cadaleitos; para que serviades, niquitates de praia, se non bogáramos nós.

Que culpa terán os santos das rifadelas dos de abaixo, case que sempre por liturxias e protocolos entre santa María e san Bartolomeu: que santos recoller primeiro, que orde levar na procesión, cales os que poden entrar, cales os que quedan fóra, os que levan sombreiro baixo brazo e os que poden facer a venia cando sae ou pasa o Señor.

Preito de veciños: **Duro con duro
non fai bo muro**

⁵ Fragmento do discurso inédito pronunciado por Filgueira Valverde, 20 de maio de 1973, ó recoller o galardón do Pedrón de Ouro de tal ano, en presenza viva de don Ramón Otero. Debo a referencia a X.R. Fandiño Veiga.

⁶ Extracto do artigo deste título que publicou FV en *Pontevedra, Boa Vila* con debuxos de Agustín Portela Paz en 1947.

“Porque o Gremio dos Mareantes e mais o dos carpinteiros non poden terse lei, viñeron entre eles os preitos, e tras os preitos, as concordias, e coas concordias, as cortesías: agora saúdanse os santos con tres venias que fan, á unha, os que levan as andias, mirándose de reollo, e, no día do “Chucurruchú” fanse a **despedida**, que é como ramo, ou remate, de todo aquel tempo ledado do Corpus”.

**Adiós Xoán, adiós Miguel,
hasta o ano que vén!**

“Quedábanse así os dous santos, un bo anaco, como os que se miran e queren lembrar... e esquecer: rompían a tocar as gaitas a marcha **da despedida**, corrían un cara ó outro, parábanse, facíanse tres cerimonia, andaban para diante e para atrás, saudábanse de novo, revirábanse lixeiros e alá se ía san Miguel para a Moureira, con san Telmo que o agardaba na saída da Amargura, pola Porta de san Domingos, e collía san Xoán para o seu camarín pola Costiña abaixo”:

**Adiós Xoán, adiós Miguel,
hasta o ano que vén!**

XI. O alcume

Cando se recolla en volume a vida e obra de FV, que como tal está por facer, os autores (porque serán máis de un) avisarannos ó paso sobre cal nome outro, alcume, Castelao lle tiña reservado. O rianxeiro pertencía á orde dos nomeadores ou nomeandeiros, palabra moi grata, por certo, ó autor de *Quintana viva* (1971). Así, el “Un bautizante”:

Cando o crego está dando a Comución, eu ando a bautizalos. É un dicir. O caso é que a cada un dos que comulgan, cando lles acerco a pateliña ao colo, vou poñéndolles nomes, a cada quen o que lle aquece: nomes grosos para a xente grosa, nomes finiños para a xente feble; nomes agarimosos para a xente boa, nomes rexoubeiros para os facetos; nomes vergoñentos para os que me noxan, que non son moitos, a Deus gracias. Non vos vou contar os nomes que escollo, porque non coñeces aos homes nin ás mulleres que veñen a San Salvador, siareiros ou ventureiros, de aquí ou de afora. O malo é, que para min, aos de sempre, quedánlles os nomes que lles vou poñendo. E agora non me entendo. Porque vou e dígolles ao crego:

-De parte de Doña Filomena que hoxe non pode vir a xunta...
-¿Que Doña Filomena?
¿E cómo o convenzo eu de que a unha señora tan feituquiña non
pode aquecerlle o nome cheo de prebe como o de Baldomera?

Castelao, bautizante de tantos amigos ou non tan amigos, sempre atinaba co alcume, “cravaba” o individuo, como se sacara aquel lapis longo que lle asomaba no peto alto da chaqueta, ó pe do pano. Bastaba un trazo ou unha palabra.

XII. Poeta

Na **entrada** FILGUEIRA VALVERDE, Xosé, na *Gran Enciclopedia Gallega*, feita polo secretario do Museo Alfredo García Alén, de moi grata acordanza, pero –ó mesmo tempo–, xente da casa, aparece FV como investigador polígrafo (en primeiro lugar), conferenciante (que o foi en tódolos palenques) e poeta (sempre de principio a fin, *in pectore* pero de obra escasa). FV, poeta. Pode chamar a dúbida, tal aposición, pero don Xosé así o quixo, en terceira posición, nese icosaedro que representou, e facer fincapé nese apelativo que tanto amou e que a el se encomenda –poeta– ó figurar na biografía propia. Podemos estar ben seguros de que, aquel de quen falamos, revisou punto por punto vida e obra, establecendo o propio canon profesional. Poeta, antes que catedrático ou director do Museo, actividades estas polas que era máis coñecido na lonxincua ringleira do seu currículo.

Sempre gustou da palabra poética e dos seus primores, do modo poético de comunicación, do ‘como’ como función estética, por riba do ‘que’, sabendo Filgueira ou chegando a saber que poesía non é comunicación (*et non solum*) senón coñecemento primordial.

Sempre haberá na vida de Filgueira moito do que quixo ser, e menos do que non chegou a ser. Non chegou a ser neno de coro solista (por mala voz pero tenora), nin director de orquestra (por mal oído: “una octava alta” ou “una octava baja”).

Cando desertou da creación literaria que a levou *in nuce* ó longo da vida? As tentativas poéticas en verso cobran reflexo nas *6 canciones de mar “in modo antico”* (1941), no mester neotrobadoresco, e as variacións e

⁷ Cítase pola segunda edición, do ano 1990, de *Quintana Viva*, Galaxia-Narrativa, pp. 105-106

axustes que fixo para seren musicadas en modo de cantata, algún soneto édito (algún inédito debe quedar); pero xa antes (1925) aquelas prosas poéticas que compoñen *Os nenos* [con dúas achegas máis na edición conxunta de *Quintana viva* (1971)]. O gusto polo bo dicir e escribir levou doadamente consigo.

XIII. Abdicación

[**abdicar**, *v.*: *En su sentido literal suele elegir como sujetos sustantivos que designan monarcas* (monarca, rey, príncipe, sultán). *En su complemento de régimen se combina con...*]⁸

Abdicar (de) ou **abdicar (en)** ou en como Filgueira abdicou da presidencia da “Sociedade dos Bibliógrafos Galegos” para **abdicar** en Antonio Odriozola, bibliotecario na Misión Biolóxica de Galicia, Patrón do Museo de Pontevedra e quen máis soubo entre nós da historia da imprenta en España e en Galicia. No 1982, cando FV foi conselleiro de Cultura (ou como el quería figurar: como adxunto á Presidencia da Xunta de Galicia para a Cultura) no primeiro goberno de Fernández Albor, Odriozola era amigo meu (quen non tivo ese amigo en Pontevedra?) dende a miña adolescencia. Na Biblioteca, na Casa da Cultura, na Filarmónica, no Museo. Pero no 82 vímonos moito en Compostela onde quedei a vivir. Por aquela andou Odriozola a procurar permisos e dispensas eclesiásticas por mor dun libro *Estanislao Polono*⁹, impresor que traballou en España nos últimos anos do XV e primeiros do XVI con incunables e post-incunables varios e bastantes. Tiña trato Odriozola co arcebispo Suquía e mesmo parentesco, circunstancia que facilitou o labor: quería Odriozola ofrendar a súa meritísima monografía ó papa Xoán Paulo II, único na historia do papado en visitar Santiago de Compostela. A monografía saíu con prólogo de FV, onde fala *en passant* do autor do libro como cabezaleiro (presidente ou director) dos Bibliófilos Galegos. *Estanislao Polono* (Pontevedra, 1982) é o primeiro volume dos

⁸ Cfr. REDES. *Diccionario combinatorio del español contemporáneo*. Dir. por Ignacio Bosque. Edic. S.M., Madrid, 2005.

⁹ Co subtítulo: *Un extraordinario impresor polaco en La España de los siglos XV y XVI* (1491-1504). “Polo que di a Galicia –escribe Filgueira na presentación e oferenda– Polonus editou con Jacobo Cromberger a *Summula Logica* dun dos prestixios sobranceiros das escolas nadas á veira da Catedral de Santiago: Petrus Hispanus (c. 1210-1276) o Papa Xoan XXI, de curto pontificado, fillo de santiagueses i eiquí formado nas letras e nos cánones, que cultivou en tantas e tan importantes obras”.

Bibliófilos (tamén o último) na xeira de Antonio Odriozola¹⁰, obrigado FV por decoro: a ver, se FV, como conselleiro de Cultura, tivera que facer unha manda a favor de Bibliófilos –tal se fixo, cal me contou Antonio– estaría bonito que o conselleiro lle adxudicara a si propio algunha subvención, que a houbo, para imprimir a monografía con que agasallar ó bispo de Roma.

Cando FV se foi –ou o que fora– da alcaldía de Pontevedra, fixo (ou pactou) por que o novo alcalde fose o seu vice, mandatario en funcións, seu amigo Augusto García Sánchez, en quen abdicou: **abdicar (en)**.

Quen sucedeu a FV na dirección do Instituto de Pontevedra? Outro alumno do Instituto e colaborador do Museo, catedrático de Matemáticas, Xosé Ramón Pereiró Rodríguez: **abdicar (en)**.

Quen sucedeu a FV no Museo de Pontevedra? Xosé Carlos Valle Pérez, criado á man polo propio Filgueira para sucedelo: **abdicación (en)**.

Cando se propuxo o nome de García-Sabell para a presidencia da RAG, FV, sempre ó quite, aproveitou un instantiño, sen ningunha votación, para sentenciar: **por aclamación**. (Don Domingos na altura era xa –sen publicidade, case secreto– presidente da Editorial Galaxia, tras a morte de don Ramón Otero Pedrayo).

Onde si houbo votación foi na Real Academia de la Historia cando Filgueira saíu de académico electo, Madrid, 1981, ó colleitar o voto dos numerarios presentes na sesión aqueles “que me han honrado” –no discurso de recepción– “al formular la propuesta que, **sin contradicción**, aceptasteis¹¹”.

Potestas ou *auctoritas*? Exerceu o poder, a autoridade démoslla nosoutros, seus alumnos. A autoridade tena que gañar o docente cando ensina aquilo que, como profesor, entende que ten que transmitir, e a maneira propia en que el se involucra no feito mesmo de ensinar con sinceridade. Alguén pode ter máis ou menos poder, pero a autoridade, ese alguén, pode tela ou non: son os demais quen atribúen ese merecemento. A autoridade é un sentir común, asumido, non imposto. O poder tense, osténtase (mesmo se

¹⁰ Pódese consultar o traballo “Álvaro Cunqueiro e Antonio Odriozola”, que expuxen no Consello da Cultura Galega no Congreso Álvaro Cunqueiro (28 de setembro a 1 de outubro de 2011) en FORCADELA, M. / LÓPEZ, T. / VILAVEDRA, D. (coord): *Mil e un cunqueiros. Novas olladas para un centenario*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, 2014, pp. 209-242 (publicado en rede: http://consellodacultura.gal/mediateca/extras/CCG_2011_Mil-e-un-Cunqueiros.pdf)

¹¹ Fora proposto polos académicos Laín Entralgo, Vázquez de Parga e Blanco Freijeiro.

detenta, ilicitamente), exércese cara ós outros (ou contra eles). A autoridade vén dada por consenso, democrática, sen escalafón.

O discreto lector –a boas horas– sabe xa a modalidade xerárquica na que Filgueira se moveu, docente ou política, ensarilladas.

XIV. Na máis alta ocasión

Sabido é que nas liturxias académicas no caso de recepción de académico electo, o novo recipiendario ten facultade de elixir de entre os numerarios a aquel que conteste o seu discurso de ingreso na Corporación, *conditio sine qua non* para ser recibido, e así pasar de electo a individuo de número e de medalla e de diploma. [Noutras academias, a Epañola, por caso, o numerariado leva parello o sillón ou cadeira de brazos coa letra abecedaria (maiúscula ou minúscula, sen que o tamaño conceda rango maior ou menor, senón máis prazas dispoñibles), vacante que herdará o novo académico.]

Na da Historia (Real Academia de la Historia) o distintivo é a medalla, o número da medalla, correlativo desde 1 ata o 36. O director dispón ós interinos cando se producen vacantes, tras a elección que se celebra na última xunta do ano, onde se pasa a ser académico electo e logo membro de número unha vez que se produza a recepción, e o novo numerario lea o discurso de ingreso preceptivo. Na Academia da Historia hérdase a medalla (numerada), non o escano.

A crónica académica correspondente ó cuadrimestre maio-agosto de 1981, pp. 398-400, onde se dá conta do ingreso de don José Filgueira Valverde, aparece asinada coas iniciais D.V., que desenvolvidas sinalan a Dalmiro de la Válgoma, secretario entón da Casa a quen correspondía redactar no *Boletín* (tomo CLXXVIII) a efeméride filgueiría.

Presidió la solemne reunión pública del caso nuestro Director, Excmo. Sr. D. Diego Angulo Iñiguez, y sentáronse asimismo a la mesa los Excmos. Sres. D. Fernando Chueca Goitia, Presidente del Instituto de España y Numerario de la Academia; D. Dámaso Alonso, Director de la Real Academia Española de la Lengua y Numerario de ésta de la Historia, y los directivos de ésta, Excmos. Sres. García de Valdeavellano, Vázquez de Parga, Gella y De la Válgoma. Copioso número de académicos de nuestra Corporación y miembros de otras afines, en el estrado; y auditora, una concurrencia que colmaba el salón.

El recipiendario accedió a estrados en compañía de los Numerarios Excmos. Sres. D. Manuel de Terán y D. Gonzalo Anes, iniciando su discurso –“Ideas y sistema de la Historia en Fray Martín Sarmiento”– con una evocación de la personalidad de sus inmediatos predecesores, D. Luis Pericot y D. Salvador de Moxó, muerto este, lamentablemente, sin llegar a leer su discurso de ingreso.

Explica la elección del tema –nacido en Pontevedra el recipiendario–, dada la vinculación galaica y pontevedresa del gran benedictino dieciochesco, no sin señalar la paradoja de que, persistiendo alejado de las Academias nacientes por entonces, hubiese tratado de proporcionarles sede propia en la Biblioteca Real. []

No deja Filgueira Valverde tampoco en olvido uno de los más enfáticos proyectos de Fray Martín: el de que el novísimo Palacio de Oriente se convirtiese, más que en una de tantas residencias regias, en capital monumento de la Historia de España, y razonando el por qué, con el arribo a la Corte de España de Carlos III, se frustraría tan magna idea, pero sin arredrarse el ánimo al benedictino, vigoroso como su entera personalidad misma.

La contestación a tan ejundioso discurso estuvo a cargo del Profesor D. Antonio Blanco Feijeiro, coterráneo del recipiendario y su antiguo discípulo, doble y propicia circunstancia a que en seguida se refiere en su lúcida disertación. [] Por último, se contrajo el Sr. Blanco Feijeiro al tema del discurso de hoy, en especial al sistema de adorno del Palacio Real, proyectado por Fray Martín Sarmiento, con sagaces comentarios a la formación artística de Carlos III, quien con Isabel de Farnesio, tanto contribuiría a acrecer el acervo artístico de España.

Uno y otro discurso recibieron el clamoroso asentimiento de sus oyentes. Concluidos, el Sr. Director impuso la medalla académica al Sr. Filgueira Valverde, entregándole el oportuno diploma, y tras invitarle a tomar asiento entre los señores Numerarios, levantó la sesión.

“Precisamente su llegada a esta Casa hubo de ser el máximo, y más grato para él, de los episodios de su vida pública.¹²” (*De internis non curat pretor*)

¹² Tómolle, literalmente, as palabras de Sánchez Cantón na súa “Oración necrológica ante el Pleno de la Real Academia Española” referida á entrada de don Ramón Cabanillas, no seu día.

Máximo e mais grato debeu sentir Filgueira, debeuse sentir, agasallado a moita honra o día da súa recepción na R.A. de la Historia, en Madrid, naquel domingo 14 de xullo, do ano 1981. Chega, pois, con 74 anos cumpridos a ser **inmortal**, despois de corenta e nove anos de Correspondente. A espera foi ben longa. Tería que ser chamado moito antes, que méritos non lle faltaban. Como debeu ser chamado á Española –que non se produciu– e con maiores opcións, ó meu ver. Mesmo nesta recepción, na da Historia, nas primeiras palabras do seu discurso acórdase Filgueira daqueloutro discurso, sobre Rosalía, de González Besada, na RAE, sesenta e cinco anos pasados.

Nos finais da década do 50, era un segredo a voces que Filgueira estaba para ser elixido para a Academia Española de la Lengua (impediuno o feito, 10-XI-1959 de ser designado Alcalde de Pontevedra?). En 1966 e en 1977 a Española outorgou escano a Rodríguez-Moñino e a Díaz-Plaja, compañeiros que o foran nas oposicións do 1935.

XV. A clase estrelecida

Fará mañá cincuenta anos cando, os meus compañeiros e as poucas compañeiras, tivemos o privilexio de asistir a unha lección excelsa, naquela mañá da outonía clemente. Mestre máxico, Filgueira, fíxose dono do tempo, dos soños, da señardade. Foi o glosador espléndido. De min sei dicir que me sentín destinatario asombrado ante aquela marabilla. Cada un de nós soubo que aquela lección do mestre estaba dirixida a todos, e a cada un, como designio e aventura, como vocación e albedrío. [9-XI-1959]

L.C.

“QUÍXOSE CON PRIMOR E FEITURA”

NOTA DE EDICIÓN

Este libro “Caderno” XXXI, dos do “Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades”, quere conformar unha HOMENAXE gratulatoria dedicada á figura de XOSÉ FERNANDO FILGUEIRA VALVERDE (1906-1996), pontevedrés ilustre, no ano de graza 2015, en que a Real Academia Galega o elixiu para representar, neste 17 de maio, Día das Letras Galegas, na memorable celebración que sentimos como cousa propia e institucional.

Louvor e lembranza ó insigne polígrafo de obra pouco menos que inabarcable en tantos eidos que ten labrado: cantas caras terá, pois, ese poliedro mesurable –en todo caso– que se chamou Filgueira Valverde? Cantos os ámbitos nos que se moveu a súa curiosidade laboriosa? Dende as grandes monografías ata a minucia acutísima dos ensaios ou os artigos de alta divulgación. Cal revista ou xornal, de noso ou de fóra, non couberan as notas de diario, apuntacións, tan ben escritas sempre, para gozo dos lectores.

Entre as enormes sínteses fastuosas e as precisións oportunas; entre a erudición e a crítica; entre a Literatura, a Historia, a Arte, Filgueira desenvolveu un estilo discursivo propio, consonte co gran escritor que acadará ser, ben pronto, mesmo na creación literaria.

Na nosa HOMENAXE tiñamos por sabido, antes de sela, non poder abranguer –nin por asomo– o copiosísimo labor filgueiriano. Aínda así fomos chamando á rolda de amigos xenerosos para acordar, con cada un, as diversas achegas –forzosamente limitadas en número que non en calidade– que, a poucos, foron vindo para conxuntar este libro de hoxe. Ben quixeramos velo *xurdio e brandido*, palabras estas moi caras ó homenaxeado.

Quédanos tanto por saber sobre a biografía persoal do autor, o talante, a pulsión. Quen foi en definitiva, na intimidade de si propio, o eu máis verdadeiro? Quen estaba no fondo irreductible cada vez que Filgueira dicía ou escribía ou facía na soidade do decidir? Quen? Cal esa **quenidade** ou **queneidade**? Cal o grao de implicación do eu fundamental na obra inmensa, dispersa daquel **iniciativista** irredento?

Arrecadamos 29 artigos, de fuste e xorne, escritos por 32 autores: científicos, críticos, estudosos, médicos, musicólogos, periodistas, poetas e profesores os máis. (Blanco e Millán que tamén o foron, non están entre

nós). Aparecen, todos, na orde alfabética do primeiro apelido do primeiro asinante (Brea, Guiadanes, Ron seguen a orde; Doporto e Docobo, non, que así o decidiron). Un dos autores, López-Casanova prodígase en dúas facianas: no comezo do “caderno”, inicial, “Mester de louvor”, como poeta; como crítico, na análise das *6 cantigas de mar “in modo antico”*. A “Miscelánea introdutoria” e a “Nota de edición”, da man do editor.

Tense que agradecer a solicitude aquiescente de todos os chamados, autoras e autores, e proclamar, asemade, a calidade categórica das achegas non acríticas que viñeron a nós, para celebración deste Día e desta persoa, hoxe cabezaleira.

Filgueira **semper docuit**. A vocación docente foi a que mellor o ten expresado; por oral e por escrito, antes e despois, directa ou indirecta, en tantos foros e soportes. Esa vocación súa chamounos a outros: cando menos sete (se non son máis, en varias quendas) dos coautores deste “caderno”, fomos alumnos de tal meritísimo profesor.

Semella que todos nós, alumnos ou non, mesmo algún discípulo, algo ou moito, debemos a Filgueira Valverde, ilustrado.

Elsa Gonçalves ou Éliane Lavaud-Fage expresaron o seu agradecemento panrománico en linguas portuguesa e francesa, que teñen de seu.

Todos os temas, motivos, filias, escolios, seguidas, comentos do docente pontevedrés, aparecen, en parte nesta colectánea, porque todo –o que no “caderno” hai– ten que ver con el, que soubo antes que nós, moito máis que nós e, ás veces, mellor sabido. Non sempre.

A epígrafe que antecede a esta Nota de Edición “Quíxose con primor e feitura” –tamén na cuberta–, é cousa de Filgueira, ben traída, do limiar que lle puxo ó libro *Estanislao Polono*, de Antonio Odriozola [Bibliógrafos Galegos, Pontevedra, 1982]. Ó final do limiar antedito (non no colofón), o propio don Xosé encarécelle ó rexente da imprenta (Escola-Taller da Deputación de Pontevedra), o esmero na edición: “Quíxose con primor e feitura”. Quen poidera.

Para todos, benzón.

Artigos



O Presidente da Real Academia de la Historia, Diego Angulo Íñiguez, na esquerda, e Xosé F. Filgueira Valverde, no final da recepción do novo numerario da docta Corporación.

XOSÉ FILGUEIRA VALVERDE E *O GAITEIRO DE LUGO*

ANA ACUÑA

1. Introducción

Este traballo quere achegarse ao labor de Xosé Filgueira Valverde n' *O Gaitero de Lugo* e para iso recompiláronse os materiais que –sobre el– existen en diferentes caixas do arquivo Filgueira Valverde do Museo de Pontevedra (epistolarios, materiais sobre *O Gaitero de Lugo*, folletos d' *O Gaitero de Lugo*, etc.), ordenáronse e intentouse reconstruír o papel do polígrafo pontevedrés no calendario lucense.

Pretendemos así coñecer e divulgar a contribución –gratuíta e imprescindible– de Filgueira Valverde para a literatura de masas, variedade literaria menos tida en conta pero tan decisiva na conformación cultural da sociedade (Rodríguez Fer, 1994a: 7). Non se pode esquecer que en moitas civilizacións os almanques constitúen o primeiro xénero de literatura escrita (Gozalo de Andrés, 2004: 2-3) e estes foron un medio de transmisión de cultura entre as clases sociais máis populares no que tamén colaboraron escritores significados.

A colaboración de Filgueira Valverde n' *O Gaitero de Lugo* obedece a aquel fin que artellou toda a súa vida: a utilidade da investigación e o exercicio da pedagogía social (Cancela Outeda, 2009: 35).

2. Os almanques e o nacemento d' *O Gaitero de Lugo*

Tal e como indica a historiadora C. Gozalo de Andrés, arredor de 1880 publicábanse cada ano en España de 200 a 300 almanques ilustrados con títulos variados e rechamantes. Nicanor Rielo Carballo (1982) ofrece mostras desta variedade no seu estudo sobre o libro lucense: *Almanaque histórico de Galicia, Calendario Gallego, Almanaque de la juventud elegante y de buen tono; El reino de Galicia. Almanaque dedicado á nuestros hermanos de Ultramar; La madeja literaria. Almanaque literario para el ano de 1875...*

O Gaitero de Lugo descende do *Calendario Gallego*¹³ editado en 1857 por Manuel Soto Freire e que, en 1894¹⁴, pasa ao impresor Gerardo Castro

¹³ Segundo o *Diccionario de Literatura* (Vilavedra 1997: 205) do *Almanaque de Galicia*.

¹⁴ N. Rielo Carballo (1982: 111) di que o cambio ten lugar entre 1885 e 1888.

Montoya e, en 1927, denomínase *Gaiteiro de Lugo* “pasando a segundo lugar o de Calendario Gallego” e tamén “Desaparece a autoría de un amante de su país” (Rielo Carballo, 1998: 14).

Unhas notas localizadas nunha das caixas do arquivo Filgueira Valverde do Museo de Pontevedra¹⁵ e dedicadas a *O Gaiteiro de Lugo* explican o cambio de denominación e ofrecen máis datos aos que volveremos referirnos:

La portada del posterior Calendario Gallego “pequeño”, iba centrada por un grabadito con uno o dos “gaiteiros” según el año fuese o no bisiesto, y ladeado por dos cantigas populares o de actualidad. Fue esta nota gráfica la que dio motivo a la denominación popular de O Gaiteiro de Lugo, acogida en el encabezamiento muy tarde, en 1927..

Fue entonces también cuando se le añadió la humorística coletilla de *relixioso, profético, astronómico, recreativo, popular e barato, por un amante de su país.* (...)

En la década de los treinta, fueron incorporándose al “Gaiteiro” los materiales que habían reunido en Pontevedra Iglesias Vilarelle y Filgueira Valverde para otro frustrado “Calendario Galego”, y comienza el segundo a seleccionar textos, a escribir las “Notas vellas”, “Xentiña pouco coñecida” y sobre todo a urdir los difíciles “Pronósticos”, entre bromas y veras, refranes y experiencias edafológicas, con la ayuda de un ilustre científico, nada menos que don Ramón María Aller.

3. Presenza de Xosé Filgueira Valverde n’ *O Gaiteiro de Lugo*

A presenza de Xosé Filgueira Valverde nesta publicación periódica para a que, como veremos, de tan pouco tempo dispoñía, debe entenderse, na liña do indicado nunha carta do 26/8/1951 ao astrónomo Ramón María Aller, como un “tributo a la continuidad de nuestros paisanos y a la simpatía de la única publicación totalmente gallega”. Dous anos despois (11/2/1953), nunha carta ao impresor Gerardo Castro, Filgueira Valverde reconece: “a veces con algún retraso hago siempre con todo entusiasmo esta sencilla

¹⁵ A autoría destes 4 folios –que coinciden cos publicados no tomo 14 da *Gran Enciclopedia Gallega*– probablemente se deba a Filgueira Valverde (FAr 450-10).

labor que creo útil para nuestra tierra y que me siento ligado al calendario popular como un viejo amigo”¹⁶.

E precisamente o impresor Gerardo Castro reconece, nunha das súas cartas (9/9/1952) a Filgueira Valverde, que “sin usted el Gaitero no puede tocar”. E por esa razón o impresor non se atreve a dar ningún paso sen a indicación do profesor pontevedrés.

O destino de Filgueira como profesor en Lugo debeu motivar os seus comezos n’ *O Gaitero de Lugo*. Así o indicaba na citada carta do 11/2/1953: “al tratarse de Lugo correspondo así, a través de Vdes a las magníficas amistades que ahí tengo¹⁷ y a lo mucho que debo a esa ciudad”.

O inicio da colaboración de Filgueira Valverde n’ *O Gaitero de Lugo* sitúase no ano 1936 tal e como o propio Filgueira (1988: s. p.) afirma na “Presentación” dos Suplementos de *Nós* cando, a propósito “pequenas publicacións galegas”, escribe sobre *O Gaitero*: “Dende o 1936, en que collín de man a redacción, publicouse enteira e continuadamente en galego.” Con todo, a documentación do arquivo Filgueira Valverde relativa ao material para a elaboración d’ *O Gaitero de Lugo* procede de 1937. Ademais, o epistolario con Ramón María Aller relacionado con *O Gaitero* incíase o 13/10/1936, é dicir, para o *Gaitero* correspondente ao ano 1937.

En canto ao final da colaboración de Filgueira Valverde n’ *O Gaitero de Lugo* é difícil de datar dado que hai diferentes versións ofrecidas por el mesmo:

- 1957 segundo un escrito custodiado no seu arquivo (o citado FAr 450-10).
- 1962 segundo a entrada 218 da bibliografía de Filgueira Valverde redactada en vida do polígrafo (Fortes, 1996: 40). Nesa entrada dise que se encargou da “Selección de textos, pronósticos e notas vellas entre 1937 e 1962”.
- 1957 se nos atemos ao recollido no terceiro *Adral* (1984: 247). A propósito das “Notiñas vellas” escribe que se trata dunha

¹⁶ Xa indicamos máis arriba que nos anos trinta Filgueira Valverde e Iglesias Vilarelle reuniran materiais para un non nato calendario galego. Sería unha mostra o “Almanaque pra 1930” aparecido, sen asinar, no suplemento de *Nós* (fascículo XIII 1929)?

¹⁷ Recórdese que Filgueira Valverde, ademais de catedrático en Lugo, casou nesta cidade (Valle, 2007: 38-40).

“Escolma das publicadas, entre o 1937 e o 1957 no “Gaiteiro de Lugo”¹⁸.

- 1960 por ser a data que se atopa na documentación do seu arquivo relativa á preparación d’*O Gaiteiro de Lugo* (FAr 155). É dicir, nesa caixa figuran materiais para elaborar *O Gaiteiro de Lugo* de 1960.

Ante esta variedade de datas, cabe pensar que a máis real e aproximada sería aquela manifestada en vida de Filgueira Valverde e nas súas últimas achegas: 1962.

Antes de profundar na pegada de Filgueira Valverde n’*O Gaiteiro*, é necesario coñecer as seccións que tiña o calendario (ou polo menos aquelas máis habituais). Só así seremos quen de ter unha idea da actividade do polígrafo pontevedrés. Baseándonos en todos os materiais do arquivo (tanto os folletos d’*O Gaiteiro* publicados, como nos materiais inéditos gardados por Filgueira) podemos distinguir as seguintes seccións¹⁹ durante os seus anos de colaborador:

- datos meteorolóxicos e astronómicos (eclipses, témporas...) e datos relixiosos (cómputo da igrexa, festas...),
- xuízo do ano (cuxos últimos versos tamén formaban parte do “forro” ou portada),
- prognóstico das lúas e prognóstico mensual,
- textos de literatura popular (refráns, cantigas, adiviñas, trabalinguas, ditos...),
- textos de literatura de autor (poemas e contos),
- textos eruditos ou pequenos ensaios (baixo os títulos “notas vellas” e “xentiña pouco coñecida”)²⁰.

Trala consulta dos fondos do arquivo Filgueira Valverde relativos a *O Gaiteiro de Lugo*, podemos afirmar sen temor a engano que a súa presenza n’*O Gaiteiro* foi moi variada e non sempre se cinxiu á recoñecida polo

¹⁸ Estas “Notiñas vellas”, en realidade inclúen o apartado “Xentiña pouco coñecida”.

¹⁹ Sobre a estrutura pode lerse o artigo de N. Rielo (1998).

²⁰ Algúns dos materiais aparecidos nesta sección, posuían outra denominación no material inédito de Filgueira (“pensamentos”, “estadísticas”, “curiosidades”).

autor. A mellor mostra desa ampla actividade sería a autodenominación que Filgueira escribe nunha carta (4/12/1953) a Ramón María Aller: “editores y «Redactor jefe» le están agradecidísimos”.

Como xa se indicou, no *Adral* terceiro aludíase á autoría da “selección de textos, pronósticos e notas vellas”. Ademais destes labores, que non foron poucos, Filgueira Valverde é tamén autor de textos non asinados (xuízos do ano), asinados como FV (na “Xentiña pouco coñecida”) ou baixo pseudónimos (J. Acuña nunha panxoliña de nadal de 1937 e talvez algún outro). Por outra parte, na documentación interna para a preparación d’*O Gaitero*, Filgueira Valverde incluía un texto asinado como “José Filgueira Valverde” (“El libro de Santo Tirso”) e que logo non viu a luz n’*O Gaitero de Lugo*.

O labor real de Xosé Filgueira n’*O Gaitero* pode deducirse do epistolario mantido co impresor Gerardo Castro: ademais da selección de textos, das notas vellas e dos prognósticos, a elaboración dos xuízos do ano. A continuación, imos referirnos a estes labores por separado con mostras de cada un.

3.1 Filgueira Valverde xuíz do ano

No epistolario co impresor Castro, existen probas documentais dos xuízos elaborados por Filgueira dende o ano 1940. Nesa correspondencia (4/11/1940), Gerardo Castro refírese claramente á necesidade de que Xosé Filgueira lle envíe o xuízo con urxencia (rogo que se repetirá en cartas de anos sucesivos).

Así, por exemplo, o 17/9/1957 Castro solicítalle a Filgueira “encarecidamente me diga usted que trabajos he de componer y usted con que me mande el ‘xuicio’ y lo referente a lunas y demás lo tiene despachado prontito”. Seis días despois (23/9/1957) volve insistirle: “mucho le agradecería me dijese que trabajos había de componer para adelantar y así a usted solo le quedaba el trabajo del ‘xuicio’ y los datos astronómicos”.

Dunha carta sen data extraemos o seguinte comentario de Castro “le envío las pruebas, dado que solo me faltaba el «xuicio» que por cierto es formidable.” Xuízo formidable parecenos o elaborado en 1957 para o ano 1958 cunha “Cartiña da cadela como se chame / Ao gaitero dende o

Sateliño” asinado por Laika a bordo do Sputnik²¹ o día de San Martiño de 1957”.

Xuicio do ano
Cartiña da cadela como se chame
Ao gaitero dende o “Sateliño”

Señor Gaitero mayor:
esta mal formada carta
escribella esta cadela
camiño da lúa branca.
Moitas horas de vagar
matinei a quen mandarlla
e dixen: quen a merece
é quen mellor toca a gaita,
o que pasa as horas vivas
mirándolle ó ceo a cara
pra pronosticar o tempo
que ha de traer cada anada.
El que de todo é profeta
na sua terra e na sua casa,
que mesmo ten anunciado
estas tolas viaxatas,
ben merece ser o home
que sepa canto aquí pasa
y-o xuicio que fago eu
do ano que agora acaba.
Non pense, non, meu velliño
que sobre min non voa nada,
antre esta estrela de pega
y-a lúa que vai tan alta
anda... o que custan as cousas,
voan os precios e trabucos,
pitillos, ferros, patacas,

²¹ Nese mesmo ano (9/11/1957) o periódico *Litoral*. “Semnario de Pontevedra para toda España” (en cuxa sociedade estaba Filgueira Valverde), reproducía a noticia na súa portada co seguinte titular “En las estrellas ha sonado un ladrido”. E se n’ *O Gaitero* aparecen vilancicos, tamén no semanario se recollen “Villancicos gallegos para cantar en la noche de Navidad” procedentes do arquivo do Museo, *Cancioneiro de Sampedro y Folgar*. Para coñecer máis sobre o semanario *Litoral* remitimos a Acuña (2012).

todo canto nunca baixa.
Isto se miras para enriba,
si para a terra miraras...
viras os tolos tan mestos
coma unha toxeira brava.
Xente honrada vese moita,
gracias a Dios sexan dadas,
pero moita metidiña
nos currunchiños das casas,
que os que medran a rebulen
con “seas” pol-as estradas
vense as veces d-unha coor...
moy revolta e chamuscada.
Homes de ben as mancheas
brilan que da xenio
pero mírase cada peixe,
cada lura, cada xarda...
¿Qué xuicio queres que teña
mundo que con eles anda?
Ti que tes xuicio d’abondo,
meu gaitero, escoita e... cala
E non creas o que din
que si tumba, que taramba...
non chove mais porque eu ande
por riba das nubes brancas,
son unha cadela limpa...
E... si algún día pasara,
ti que non te queixes, meu vello,
di que é chuvia e morra a trampa
tua amiguiña que o é
a probe perríña

LAIKA

P. D.

Antes de morrer de afogos
nesta casoupa tan rara,
quero adicarche uns versiños
pra que os poñas na portada:

“Ledo e rufo coma un mozo
sin falsas nin enganós

fixo este vello gaiteiro
os seus primeiros cen anos.

¡Tanto tempo a andar co tempo,
tantos anos no seu xuicio,
cantas lúas no pronóstico,
cantas voltas no rodicio!”

3.2. Filgueira Valverde prognosticador do ano

Para a elaboración dos prognósticos foi fundamental, nos primeiros anos, a axuda e supervisión do presbítero e astrónomo no observatorio da universidade compostelá Ramón María Aller. A través da correspondencia mantida entre Filgueira e Aller durante os anos 1930-1957, coñecemos acontecementos importantes da vida de cada un dos remitentes (petición de artigos para a revista *Logos* e o medo á escrita en galego, a docencia...).

O intercambio de información epistolar relativa a *O Gaiteiro de Lugo* comeza, como xa se indicou, o 13/10/1936. Reproducimos a continuación fragmentos desa carta e comentaremos os parágrafos máis relevantes:

Los datos que honradamente puedo proporcionar, entre los que V. me pide, para el Almanaque de 1937 son los que van adjuntos (...). Sólo falta ponerles el Santoral y las adivinanzas. (...)

La reducción del tiempo futuro por lunas, me parece que no corresponde a meteorólogos, ni muchísimo menos a astrónomos, sino a... poetas. Sale tanto mejor cuanto más vago y pintoresco, cuidando, claro está, de no dar calores excesivos en Diciembre, fríos en julio,... a menos de hacer extensivas las predicciones al otro hemisferio de la Tierra, pues en este caso los aciertos serían enormes.

¿Qué periodo gusta más para reproducir el tiempo? No sé que ninguno esté científicamente comprobado, sinó más bien reprobado. Pero si place el de las manchas solares, es de unos 11 años; si el de las fases lunares, de unos 18; y hay quien prefiere uno de 35 años... Supongamos que los almanaques precedentes acertaron; para no dar preferencia a estos periodos, tome un almanaque de 1902, otro de 1919, y otro de 1926, saque un promedio y enchúfelo en el futuro de 1937, seguro que acertará, poco más o menos, como el mejor adivinador... Conste que el consejo es para salir del paso.

Yo no sé si el observatorio de San Fernando sabe lo que está impreso en la primera página del Almanaque que usted me manda de muestra (...) me temo una bronca si allá se enteran de eso. A mí, le ruego que no me nombren en el futuro. (...)

P. D. Se me olvidada rogarle aconseje que redacten el Almanaque en un sólo idioma y no en lio en que está la muestra de 1933.

Repárese que nesa carta, ademais de ofrecerlle axuda, Ramón María Aller ofrécelle consellos e, entre eles, que o almanaque se redacte nun só idioma. Este consello será tido en conta por Filgueira Valverde e *O Gaiteiro de Lugo* pasará a expresarse só en lingua galega.

Os prognósticos das lúas de cada mes como propio dos poetas tamén será un consello ben atendido por Filgueira e así irá elaborando catro ou cinco por cada mes do ano durante máis de vinte (de 1937 ata 1962). Ademais da poesía, Ramón María Aller, aconsellaba o pintoresquismo (23/8/1940): “Ponga los pronósticos más pintorescos (o más adivinadores como diría Rodríguez de Bermés) que le acrediten una faceta más de las que brillan en Vd como polígrafo.”

Ofrecemos a continuación unha mostra que, para non alongarnos excesivamente, reducimos ao primeiro e ao último mes do ano 1952. Nos catro primeiros referidos a xaneiro (cada comentario vai coa lúa correspondente) e nos restantes referidos a decembro poderanse ler “as finas ocorrencias poéticas” que Aller lle apuña (9/10/1945) mesturadas con literatura popular:

O aninovo ven enxoital-as bagullas que se deitaron na morte do vello. Un ventíño nordesío, maino, quererá limpar o ceo.

“Xaneiro, craro e xiadeiro” din os vellos. Agora si que imos poder ver a formiga no carreiro.

Contade ben pos días de chuvia de xaneiro; non han pasar de ducia por xunto. Endeben, pouca auga en xaneiro, boa anada no celeiro.

A xente pídelle neve a lúa nova (ano de nevadas ano de fornadas). Somella que non quer cumprirse aquilo de Día de Santa Inés, chuvia unha sola ves.

O mes de Nadal entra con días tesos e noites craras. Xiadiñas.
Un vento nordés. choviscas fora.

A Concepción tray a sua arribazón. Revolveráse o tempo. Santa
Lucía ¿auga ou sardiña?

Lúa con cerco e molla de cheo. O sol pode cos ventos, mais
non ca chuvia.

Ca lúa medran as augas. Andivemos ben molladiños a cantar o
Nadal, anque non faltou o aguinaldo de unha raxeiriña.

O ano remata c'uns días de friaxe e solciño pra nos remediar
d'él ¡Bó aninovo!

Se temos en conta a correspondencia, Ramón María Aller volve
enviarlle datos para *O Gaiteiro* en 1938, 1941, 1942, 1945, 1946,
1949, 1951 e 1953. Nos anos posteriores supoñemos, e así o recoñece
Filgueira, que se foi amañando el só. Non obstante, en 1957 o pontevedrés
recorre ao astrónomo de Lalín ante a pregunta dun seareiro d'*O Gaiteiro*
sobre se cada mes ten unha lúa. Escribe Filgueira o 15/11/1957 con
preocupación:

Estos años he ido arreglandome con el “Gaiteiro” como he
podido, sin importunarle con mis peticiones de siempre. Ahora
me envían de la imprenta esta carta que responde, en efecto, a la
mentalidad popular sobre las “lunas” (...) ¿Qué se puede decir?

E responde o científico:

(...) puede decirle que, aunque el período mes tenga relación de
origen con el período de las fases lunares, o revolución sinódica,
como ésta es, por término medio, de 29 días y $\frac{1}{2}$, la fase de
luna nueva tiene que desplazarse respecto de los meses, por
no ser éstos de la misma duración que dicho período. Cuando
ocurre en los dos últimos días de enero un novilunio, teniendo
el mes de febrero 28 días, saltará el otro a primeros de marzo,
y aun ocurrirá, como este año, que hay dos meses cada uno
de dos novilunios (enero y marzo). Los que quieren asignar a
cada mes una LUNA, pueden hacerlo tranquilamente tomando
aquella lunación que corre durante dicho mes, pues no se puede
quejar enero, ya que le dejan la suya. Y... no sé más. Adorne

poéticamente el asunto si le parece, y, además, que disputen las lunas, a cuál corresponde el més, etc. etc.

Tamén no epistolario do impresor Gerardo Castro, de 1946 e 1951, se encontran referencias á colaboración de Ramón María Aller. Nunha carta de Castro, datada o 19/9/1946, indícase que “con esta misma fecha le recuerdo al P. Aller su ayuda para que se la envíe a usted y ganar todo el tiempo posible”. O impresor lugués, consciente da complicación das lúas, envíalle a Filgueira Valverde exemplares do *Zaragozano* (tamén chamado “Mariano” por ser a competencia d’*O Gaitero de Lugo*) en diferentes anos (1940, 1953, 1954, 1955 e 1956):

Le adjunto un Mariano por si cree conveniente hacer los pronósticos del tiempo por el mismo (4/11/1940).

También le envío dos ejemplares del Calendario Zaragozano que como se ve ya está a la venta, por el asunto de lunas y demás por si le sirve de ayuda (20/9/1956).

Á súa vez, nunhas cartas (máis ben borradores) de Xosé Filgueira datadas en 1941 e 1951 este indícalle a Gerardo Castro que está á espera dos datos do señor Aller, pois as súas dúbidas non residían só nas lúas. Segundo se desprende dunha carta do 9/11/1951, Filgueira tería dificultades cos xexúns e por iso aconsella ao impresor d’*O Gaitero* que consulte cun sacerdote. A pesar da liberdade poética, Filgueira tamén aspiraba a ser científico nas súas predicións e comentarios.

3.3. Filgueira Valverde seleccionador de textos

Para a selección de textos literarios, o impresor dende Lugo e o “redactor xefe” dende Pontevedra van gardando “sobrantes” de anos anteriores. Ademais, o impresor envíalle a Filgueira textos que recibe de espontáneos e outros que el mesmo escolma. Entre estes últimos destacan os extraídos dos clásicos: da publicación periódica *O Tío Marcos da Portela*, da literatura galega de E. Carré, de A. Noriega Varela, do bispo Lago González... Estas son as explicacións de Gerardo Castro:

Le adjunto un ejemplar del Tío Marcos da Portela que me dejó un amigo el cual me marcó esos cuentos por si usted cre pueden encajar. (3/8/1956)

Todo lo que va marcado con una X lo saqué de una Literatura Gallega de Eugenio Carre, editada po la Casa Maucci, de Barcelona, y el nº que figura al lado indica la pág. en que viene. Como observará todo es de relleno y ya me dirá usted si hice bien (7/11/1958).

Se a presenza de A. Noriega Varela se explica polo interese persoal do impresor (non se esqueza que Noriega Varela colabora n' *O Gaitero de Lugo* ata 1935), a reiteración do bispo Lago González obedece ao consello e decisión de Filgueira. Este, nunha carta de 1943, pídelle a Castro que, se queda escaso o número d' *O Gaitero*, bote man dalgunha composición de Lago González (e para iso envíalle un folleto e advírtelle que non se repitan as composicións).

En canto aos espontáneos, da correspondencia mantida entre Filgueira e Castro coñecemos o seu nome, datos e a súa obra. Se algúns deles son noveis (María del Carmen Bertal, Elías Malvar, José Lamas, Antonio Prado), outros son nomes abondo coñecidos na literatura galega²² polo que tanto interese teñen os textos como as cartas. É o que sucede coa misiva de Manuel García Barros (Ken Keirades) a Gerardo Castro datada en Callobre o 24 de abril de 1952 e que reproducimos:

Sr admor do calendario “O Gaitero de Lugo”
Moi respetado sr: Agradézolle a deferencia de publicar no “Gaitero” d-iste ano un traballo do meu libro, xa fai tempo esgotado, “Contiños da Terra”. (...) Tamen me estrana moito o caso de que fai tres anos lle mandara eu a Vde unha “pregaria” a Sta Margarida que era cousa orixinal e moi a proposito pra publicar n-ise Calendario, e de pasada falaballe a Vde d-outras cousas facendo resaltar o feito de que perante os anos negros da guerra o verbo da Terra non tivera outra espresion en Galiza fóra que no seu calendario do cal adequerin os exemplares que puider pra mandalos a fóra pra que se vira que a i-alma de Galiza non estaba morta, e Vde siquera me contestóu. Por iso me solprende moito o ver o meu conto no d-iste ano.

²² Véxase o segundo tomo do *Diccionario de Literatura Galega* (dedicado ás publicacións periódicas) ou Rielo (1998: 16).

O que foi que Vde coidou que o autor de “Contiños” non era xa d-iste mundo, e anque moito non lle faltou pra que asi fora, inda ando por eiqui.

Istas letras póñolas [sic] ô tempo que ando c-unhas vacas que me deixaron na corte, asi van ilas. D-outro xeito non poderia, pois os traballos da labranza que é do que teño que vivir dendes que os depuradores da humanidade me quitaron a miña escola, non me deixan tempo. (...)

Non deixan indiferentes as agres palabras do escritor e ensinante depurado Manuel García Barros, pero queremos chamar a atención para aquelas referidas ao labor importante a prol da lingua galega que exerceu *O Gaiteiro de Lugo* nuns anos de miseria cultural e humana.

Aínda unhas breves liñas sobre os espontáneos que se dirixen a Gerardo Castro para enviarlle inéditos propios ou doutros autores. Así, Victoriano Taibo envíalle a Gerardo Castro poemas de Lisardo R. Barreiro e de Couceiro Freijomil. Tamén Vicente Llópiz, o recolector do refraneiro galego, lle ofrece os seus refráns –non gratuitamente– ao impresor lugués.

3.4. Filgueira Valverde creador, por exemplo, das “Notas vellas”

Neste apartado queremos referirnos á sección “Notas vellas” porque ofrece unha serie de temas próximos aos intereses e estudos do erudito. A modo de exemplo reproducimos aquelas “notas” inseridas no ano 1952²³:

Na Lanzada, perto de Pontevedra, atopáronse este ano sepulturas muy antigas. Eran homes outos, algún de dos [sic] metros de altor. Enterrábanos cus púcaros e oliñas a veira, e con comida, pois quedan cunchas de mariscos a rente dos cacharros. Tamén quedan os cravos do calzado ferrado que levaban.

No 1541 Galicia tiña xa mais de medio millón de almas. Deles o dous por cen serían eclesiásticos, un quince por cen fidalgos. A cidá de Lugo tiña unhas dez mil almas en 1517-23, cando se fixo o reconto de D. Fernando de Colón; baixaron a mil

²³ Curiosamente, no terceiro *Adral* as notas que se citan aparecen como pertencentes a épocas diferentes.

quinientas en 1530 (de dez partes quedáballe menos de unha, según o Licdo. Molina). De ahí tornaron a medrar deica 5. 000 a comenzos do XVII. Hoxe tén o mesmo... multiplicado por dez, pois pasa das cincoenta mil.

Por outra parte, entre os inéditos que Filgueira gardaba para a elaboración d' *O Gaiteiro* existían seccións diferentes. Unha delas tiña como título “estadísticas” (e a ela quizais pertencería o segundo texto reproducido arriba) e parécenos de interese reproducir a lingüística: “Idiomas e falantes (por exemplo: galego-portugués 30.000.000. Os primeiros son: Chino, inglés, ruso, alemán, castelán, francés, galego-portugués, rumano, holandés, sueco, grego.”

4. Remate

Acabamos de presentar, brevemente, o amplo e complexo²⁴ labor de Xosé Filgueira Valverde n' *O Gaiteiro de Lugo* e que intentaría compaxinar co labor investigador e docente. Nas cartas enviadas a Gerardo Castro tanto se desculpa pola terra da escavación da Lanzada (26/8/1951) que leva a resposta como explica o pouco tempo que lle deixan os novos plans educativos (11/12/1940).

Nesta situación non é de estrañar que Filgueira fose atrasando o envío dos orixinais ao impresor lugués, mentres este se desesperaba pola perda de venda nas feiras (se a competencia se adiantaba e o San Froilán se vestía de *Zaragozano*) e polas obrigas impostas polas empresas que lle podían encargar publicidade (Laboratorios Zeltia).

Ata aquí a nosa contribución ao coñecemento do labor de Xosé Filgueira Valverde n' *O Gaiteiro de Lugo*, unha obra aínda merecente de estudo e digna de recuperación, polo menos de 1937 a 1962, xa que non dende o comezo (Rielo Carballo, 1982: 111):

Si se lograra recuperar y reunir todo el verso y toda la prosa incluidos durante sus ciento dieciséis años de vida (...) nos hallaríamos ante una interesante antología gallega, en la que junto al vate de renombre (...) se sienta el aprendiz, ese amante

²⁴ Esperamos que no futuro poidamos profundar en aspectos –para nós– aínda escuros: o Filgueira Valverde tradutor para *O Gaiteiro de Lugo* ou o intento de introducir textos de Castelao (tan abundantes entre o material inédito para *O Gaiteiro*).

del país, quien sabe si el mismísimo editor, y junto a ellos, la musa popular dictando sus sentimientos a través del troquel de las cantigas y de los refranes.

A.A.
(Universidade de Vigo)

Bibliografía consultada²⁵

- Acuña, Ana** (2012): “A revista *Litoral* e a autonomía do campo literario galego”, en *Madrygal. Revista de Estudos Gallegos*, nº 15, pp. 13-22.
- Alonso Montero, Xesús/Miro Villar** (1999): *Guerra Civil (1936-1939) e literatura galega. (Textos e documentos para unhas xornadas de estudio e debate)*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.
- Cancela Outeda, Celso** (2009): “Tres olladas sobre a figura de Xosé F. Filgueira Valverde”, en *Cátedra Filgueira Valverde. Estudos de Investigación. Convocatorias 2005-2007*. Ourense: Difusora de letras, artes e ideas, pp. 31-46.
- Filgueira Valverde, Xosé** (1984): *Terceiro Adral*. Sada: Edicións do Castro.
- Fortes, María Xesús (ed.)** (1996): *Ó Dr. Filgueira Valverde nos seus noventa anos (1906-1996)*. Pontevedra: Caixa de Pontevedra.
- Freixeiro Mato, Xosé Ramón** (1992): *A cara oculta de Noriega Varela (biografía e textos esquecidos)*. Santiago de Compostela: Laivento.
- _____ (1994): *Antonio Noriega Varela. Estudio e edición da obra completa*. 2 vols. Lugo: Deputación de Lugo.
- Gozalo de Andrés, Carmen** (2004): “Hablando de almanaques”, en *Revista del Aficionado a la Meteorología*, nº 22, 17 pp.
- Rielo Carballo, Nicanor** (1982): *El libro lucense (1495-1936)*. Sada: Edicións do Castro
- _____ (1998): “O Gaiteiro de Lugo. Un calendario único en Galicia”, en *Lucensia. Miscelánea de cultura e investigación*, nº 16, pp. 9-17.
- Rodríguez Fer, Claudio** (1990): “O Gaiteiro vai á guerra”, en *A Nosa Terra*, nº 432, pp. 21 e 23.

²⁵ O noso agradecemento ao persoal da Biblioteca da Universidade de Vigo no campus de Pontevedra (especialmente a Héctor que atendeu a nosa petición bibliográfica durante o seu tempo persoal). Beizón tamén ao profesor Celso Cancela que nos agasallou coas olladas sobre Filgueira Valverde.

_____ (1994a): *Comentarios de textos populares e de masas*.
Vigo: Xerais

_____ (1994b): *A literatura galega durante a Guerra Civil (1936-1939)*. Vigo: Xerais.

Valle Pérez, Xosé Carlos (2007): “Cronobiografía”, en *Xosé Filgueira Valverde. 1906-1996 Un século de Galicia*. Pontevedra: Museo de Pontevedra/Sociedad Estatal de Conmemoraciones Culturales, pp. 20-97.

Vilavedra, Dolores (coord.) (1997): *Diccionario da Literatura Galega II Publicacións periódicas*. Vigo: Galaxia.

A MIÑA RELACIÓN PERSOAL E LITERARIA CON XOSÉ FILGUEIRA VALVERDE

XESÚS ALONSO MONTERO

O meu primeiro encontro con don José Filgueira Valverde

Foi en abril de 1948 cando a profesora Consuelo Burell, catedrática de Lingua e Literatura Españolas no Instituto “Santa Irene” (Vigo), anunciou na clase ós alumnos de 7º curso, que o 23 de abril (Festa do Libro, efeméride cervantina) pronunciaría unha conferencia, no paraninfo do centro, “don José Filgueira Valverde, catedrático y director del Instituto de Pontevedra”. Dixo algo máis: que era un profesional moi relevante e que non se comprendía por que, naquela altura, non desempeñaba unha cátedra universitaria. Días despois, asistín, moi interesado, á conferencia, que se titulou “Cervantes y los niños”. O meu interese debíase, esencialmente, ó feito de que eu, daquela, xa era un cervantófilo, tanto que o ano anterior, 1947, centenario do nacemento de Cervantes, fora galardoado, no Instituto, por un “ensaio” inspirado, en boa parte, no libro de Unamuno *Vida de don Quijote y Sancho*. Debo aclarar que a miña lectura da gran obra de Cervantes era anterior: eu lin o Quixote, **á luz do candil**, na miña aldea do Ribeiro, en 1942.

Non hai moitos días fun *ex professo* ó Museo de Pontevedra coa esperanza de que Filgueira Valverde, sempre tan coidadoso, deixase no seu Arquivo as páxinas da súa disertación viguesa (ou un guión), pero non foi así. Só figura nunha ficha o título da súa conferencia. O contido, hoxe, para min, case sete décadas despois, é unha nebulosa.

Lector de Filgueira Valverde desde 1949 ou 1950

A primeira vez que nun libro de estudo batín co nome do ilustre erudito foi, no curso 1948-1949, na *Historia de la Literatura Española* de Ángel Valbuena y Prat, o manual sobre a materia máis sensible e lexible, sobre todo se se compara coa *Historia de la Literatura* de Juan Hurtado e Ángel González Palencia, pedestre onde os haxa. Cursaba eu neses datas primeiro na Facultade de Filosofía e Letras da Universidade Central (Madrid). Pois ben, nas páxinas dedicadas ás *Cantigas de Santa María*, de Afonso X, o señor Valbuena cita, entre gabanzas, a tese de doutoramento do profesor Filgueira, aquela tese (1935) que impresionou a lectores tan distintos como

Américo Castro e Eugenio D'Ors: *La Cantiga CIII: Noción del tiempo y gozo eterno en la narrativa medieval*. Debo recoñecer que tardei bastantes anos en lela (só existía, antes de 1982, a primeira edición, de 1936, presente en poucas bibliotecas).

O primeiro traballo que lin de Filgueira Valverde foi un estudo de Lingüística galega publicado, no ano 1947, na revista *Cuadernos de Estudios Gallegos*: “El primer vocabulario gallego y su colector el bachiller Olea (c. 1536)”. Daquela, arredor de 1950, eu lía case todo o que se publicaba sobre Lingüística galega, que era ben pouco. O traballo este suscitaba en min, xa desde o título, un interese moi grande.

Foi en 1955 cando non só lin senón que estudei a fondo un traballo, moi extenso, do profesor Filgueira. Refírome ó titulado “Lírica medieval gallega y portuguesa”, aparecido en 1949, no volume I da *Historia general de las literaturas hispánicas* (Barcelona), dirixida por Guillermo Díaz Plaja. Aínda conservo os apuntamentos –o resumo– que fixen a fins de 1955 cando preparaba a oposición á miña primeira cátedra, a de “Lengua y Literatura Españolas” de Escolas de Maxisterio, oposición que gañei o 12 de decembro de 1956. Cóntame que outros opositores prepararon o tema da nosa lírica medieval polo traballo de Filgueira, un traballo que naquela altura, consolidouno como autoridade na materia.

Encontro persoal en Lugo. Outros encontros.

Foi o 11 de outubro de 1960, día no que se entregaban os premios do “I Certamen Literario del Miño”, do que Filgueira era o mantedor e eu o secretario do xurado, composto por Sebastián Martínez Risco, Carballo Calero, Gamallo Fierros e María Luísa Fraga. Algo antes do acto entrecruzamos as nosas primeiras palabras, que versaron, basicamente, sobre o poeta Luís Pimentel pois dábase a circunstancia de que acababa de entregarnos Ánxel Johán senllos exemplares de *Barco sin luces*. O pintor e poeta Ánxel Johán era quen coidara a pulquérrika edición deste libro na editorial Celta de Lugo. Acontecía este breve diálogo no vestíbulo do Instituto Masculino onde eu era catedrático desde o comezo de curso. Fórao, da mesma asignatura, Filgueira Valverde de 1935 a 1939. En Lugo, cidade na que casara en 1938, tiña moitos amigos e deixara un ronsel de admiración intelectual. Era moi amigo de don Celestino Alonso, propietario na Praza do Campo, da case centenaria librería Alonso, establecemento no que eu, non moito despois,

adquirín un exemplar dunha peza rara da nosa bibliografía teatral: *Agromar*, farsa escolar escrita por J. Acuña e prologada por Filgueira Valverde. Eu non ignoraba que o tal Acuña era un pseudónimo seu. Fora editada en Lugo, na imprenta Palacios, o 30 de maio de 1936. Supoño que circularon poucos exemplares por Galicia, pois, mes e medio despois, produciuse o golpe de Estado do dezaioito de xullo.

Fillo de don Celestino, o libreiro, era Germán Alonso, sacerdote e profesor de Relixión no meu Instituto. El e mais eu fixemos, cun grupo de alumnos, en 1961, unha excursión ó norte de Portugal, excursión na que era obrigatorio, por ir alguén da familia do vello libreiro, facer unha parada en Pontevedra “para saludar a don José Filgueira”. Germán Alonso e mais eu fómolo saudar ó seu domicilio, sito na rúa Arzobispo Malvar, nº 49, edificio que eu non sabía que pertencera a Paio Gómez Charriño, o poeta e almirante do século XIII. Eles dous faláron das respectivas familias e, logo, o señor Filgueira e mais eu parolamos das nosas erudicións. Interesouse polo que eu preparaba –un artigo sobre o príncipe Luís Luciano Bonaparte na Lingüística galega–, que, bastantes anos despois, citou e gabou nun dos seus escritos. Ó despedírmonos, agasalloume cun exemplar dunha separata súa cuxo título, neste momento, non recordo e ben que o sinto.

Teño a impresión de que, a partir deste encontro pontevedrés, a nosa relación foi, fundamentalmente, erudita. Eu, de vez en cando, enviáballe algún traballo publicado ou recibía algún dos del. Cando, arredor de 1970, tivemos máis relación persoal, lembro que non o aseñoraba, algo que, aínda hoxe, me sorprende. Eu non son –nin era– moi proclive a atuar a determinado tipo de persoas. Foi, en efecto, no curso 1969-1970 cando coincidimos no Instituto P. Sarmiento (Santiago), con outros membros dunha comisión, para falarmos do bilingüismo en certos niveis do ensino. Eran as datas nas que el e outro procurador galego nas Cortes, Antonio Rosón Pérez, lograron, pese ás coordenadas políticas e pedagóxicas daquel tempo, introducir na “Ley General de Educación” estes logros, considerados polo mesmo Ramón Piñeiro como moi importantes. Eu tamén estaba sorprendido polas eficaces e brillantes intervencións “parlamentarias” de Filgueira Valverde, moi sagaz

á hora de citar os postulados pedagóxicos do P. Sarmiento a favor dos nenos galegos galegofalantes.

A primeira carta que recibín de Filgueira Valverde data do 4 de marzo de 1976, días despois de que eu regresara a Lugo, á miña cátedra do Instituto de Lugo. Como consecuencia dun expediente “franquista” (outubro de 1975), estivera desterrado (desterro administrativo) cinco meses no Instituto de Montilla (Córdoba). A carta de Filgueira ábrese con estas palabras:

Benquerido Alonso Montero:

Vaia por diante a embora pola felís resolución do recurso e polo teu retorno oficial a Lugo.

Logo, dedicaba varias liñas a desculpase por non teren –nin el nin o Museo– o número do *Nós* coruñés polo que eu me interesaba. Nas catro liñas finais, esta sorprendente revelación:

Hoxe falei cos señores da mesa da Academia Galega das vacantes e ofrecín a miña firma para a túa candidatura pra o posto de Carré. Ao devandeirol vai Carlos Casares.

Unha aperta cordial de

*El Director
del
Museo de Pontevedra*

4
marzo
1976

Sr. Don Xesus Alonso Montero
LUGO

Benquerido Alonso Montero:

Vaia por diante a embora pola felís resolución do recurso e polo teu retorno oficial a Lugo.

Sinto que soio teñamos o número do “Nós” coruñés de que falo e que reproduzo en parte no meu artigo. En canto aos que o animaron, compre ter moi en conta a data i o ano das eleccións con candidatos rexionalistas e da Asambrea de Lugo. Nembargantes, entre a nómina dos firmantes do xuntoiro lugués coído que faltan algúns dos animadores do primeiro “Nós”. Dos que rexiron o “Noroeste” firmán Antón Villar Ponte, e non García Acuña nin Rodríguez González. Coído que o pule debeuse, en moito ao primeiro e a realización a Don Eladio. Andivo moito, no coído como e sabido, Castela, e posiblemente Cabanillas. Non sei se Risco.

Hoxe falei cos señores da mesa da Academia Galega das vacantes e ofrecín a miña firma pra a túa candidatura pra o posto de Carré. Ao devandeirol vai Carlos Casares.

Unha aperta cordial de

Estamos no 4 de marzo de 1976, recién chegado eu do “desterro” andaluz, circunstancia que, sen dúbida, ten moi presente o meu colega don Xosé Filgueira Valverde para facerme ese recoñecemento. Terían que pasar oito anos (29-1-1984) para que tres académicos, entre eles o señor Filgueira, propuxeran o meu nome para cubrir unha vacante, a de Rafael Dieste.

No ano 1980 en Tréveris (Trier) con Mendiño e Afonso X, non con Prisciliano nin con Carlos Marx

En novembro dese ano, celebrouse nesta ilustre universidade alemá o coloquio “Tradición, actualidade e futuro da lingua galega” ó que asistiron, con Filgueira Valverde, Xesús Alonso Montero, Constantino García, Xosé Ramón Barreiro Fernández, Ramón Lorenzo, Ramón Piñeiro e Antón Santamarina. De fóra, compareceron nomes ilustres, algúns moi ilustres: Luciana Stegagno Picchio, Anna Ferrari, J. M. Piel, M. Paiva Boleo, Elsa Gonçalves e Celso F. Da Cunha. Nunca esquecerei o “impacto” que causou, entre os especialistas na nosa lírica medieval, a presenza, a mera presenza do douto Filgueira Valverde. Todos ou case todos iniciáronse no estudo da lírica galego-portuguesa pola monografía de Filgueira de 1949. Filgueira, nas súas intervencións, agás nos coloquios, non falou dese tema; disertou sobre “O Museo de Pontevedra na cultura galega” e sobre “A lingua galega antre o latín e o castelán”. Finalizada a primeira conferencia, eu, despois de intervir no correspondente coloquio, redactei, á man, tres ou catro folios nos que expuña a miña impresión –asombrada e agradecida– do Museo, feita, en moi boa parte, de Filgueira. (Ignoro se se publicou aquel texto).

A primeira carta (que conservo ou teño á man) é de fins de 1980, na que fai referencia ás xornadas alemás, onde, por certo, ninguén, que eu recorde, mencionou a Prisciliano, o noso heresiarca executado en Tréveris no ano 385. Que eu lembre, ninguén citou a Marx alí, a súa cidade natal, nin sequera os que falaron (falamos) de Sociolingüística.

A misiva, no díptico dun nadal, tamén asinada por María Teresa, a súa muller, que fora a Trier, dicía:

Boas festas e que o ano 1981 sexa ledo pra vós e vizoso pra os teus traballos, en ben de todos.

Graciñas pola túa [ilexible]

Lembramos con emoción as xornadas de Trier. Pasámolo moi ben e moi unidos.

Apertas

Daquela eu estaba a organizar un encontro sobre Mendiño, que se materializou ano e medio despois. Publicamos, no Colexio Universitario de Vigo, o opúsculo *Homenaxe a Mendiño*, coa edición en vinte idiomas da súa inmortal cantiga, e fixemos, o 29 de maio de 1982, unha “peregrinatio” a San Simón, escenario da peripecia amorosa e dramática da “amiga” que protagoniza o poema. Fomos profesores, alumnos, poetas, recitadores e Amancio Prada, que interpretou, case misticamente a cantiga. Nunca a illa de San Simón –prisión franquista non había moito– fora visitada por razóns literarias por ningún colectivo. De 1981 é o breve texto, sobre Mendiño, que Filgueira me enviou, inédito ata o de agora:

[Mendiño]

Pra que un escritor acade postos de honra na grande e xeral historia das Letras, pode abondarlle un soio verso de tres verbas, ben dispostas. É o caso de Gutierre de Cetina: “Ojos claros, serenos...” Se maxinamos que non houberan sido atopados os códices da nosa poesía mdieval e que tivéramos unha cantiga, a de Mendiño, como testemuña única e illada, abondaría para soste que a lingua galega chegara daquela a unha desas cumes expresivas que poucas veces se remontan. Tense dito que ese cantar de amigo é a “perla negra” da nosa lírica. Somella imposible refrexar mellor o sentimento de afogo na soedade crecente, como un ameazador “mar levado”; cicais que nunca os recursos da “forma inmóvil” –leixaprén, concatenacións, paralelística, refrán “obstinato” duplicado...– obedeceron mellor a unha idea nin a condensaron con meirande forza.










Polo que di á “Illa dos Poetas” no “Mar dos Cancioneiros”, eu propuxera no 1941 a de San Cremenzo do Mar, que cantou Nuno Treez; a de San Simón leva as de gañar.²⁶

Os meus primeiros artigos sobre Filgueira Valverde

Como non fun tan coidadoso da obra hemerográfica propia como o foi Filgueira Valverde da súa, xuraría que publiquei algúns artigos sobre Filgueira antes de 1981. Pero o primeiro que recupero é, no *Faro de Vigo*,

²⁶ É o ano que publica o poemario neotrobadoresco *6 canciones “in modo antico”* (Pamplona, Colección Albor). Os seis poemas non son alleos ás cantigas de Nuno Treez.

do 26 de xuño dese ano. É unha breve reseña do seu discurso na Real Academia de la Historia (14-6-1981), oración académica que versaba sobre a concepción que da Historia tiña o P. Sarmiento, erudito no que Filgueira, desde había tempo, era unha autoridade non discutida. O resto dos artigos dese ano e algún posterior versan sobre o labor de Filgueira como estudoso das *Cantigas de Santa María*. En 1996 publiquéi un artigo necrolóxico. En 1983, o 11 de novembro, publiquéi no *Faro de Vigo*, no suplemento *Artes e Letras*, un discurso que, no xornal, se presentaba nestes termos: Discurso de ingreso do profesor Xesús Alonso Montero na Academia de Armenteira, o 27 de maio, á tardiña, de 1983. Coa resposta (non sen controversia) do membro numerario Pietro Molteni. Edicións da Academia de Armenteira. Colección “Cantiga Cento Tres”, 1983²⁷.

**DA POESIA GALEGA MEDIE-
VAL**  Discurso de ingreso,
do profesor XESUS ALONSO M
ONTERO, na Academia de Arme-
nteira o 27 de maio, á tardiña,
de 1983.  Coa Resposta (non
sen controversia) do membro nu-
merario Pietro Molteni.  
Edicións da Academia de Arme-
nteira. Colección “Cantiga Cento
Tres”. 1983     

Nunha nota preliminar aclárase que tal discurso foi impreso nun opúsculo aínda non distribuído; por tanto, o texto que ofrece o *Faro de Vigo* é, en realidade, a primeira edición. O certo é que nunca existiu tal opúsculo, nin a colección “Cantiga Cento Tres”, nin sequera a Academia de Armenteira: todo invención miña, pero todo ó servizo dun obxectivo: o de

²⁷ Reprodución do facsímile coa tipografía deseñada “ad hoc” por Xesús Campos, o chamado Chichi Campos.

homenaxear ó profesor Filgueira Valverde. No exordio do discurso (postos xa na ficción), despois de invocar a San Ero, explico a miña gratitude a dous académicos numerarios:

De tódolos xeitos quixera agradecer dunha maneira especial a presenza nesta sesión académica, de dous vellos amigos. Trátase de Xosé María Álvarez Blázquez, estudioso de Martín Codax, unha das miñas devocións poéticas, e de Xosé Filgueira Valverde, a quen debe tantos escolios e esclarecementos a Cantiga CIII, ese poema que é o noso libro de texto, como xa dixen, e a razón de que Armenteira sexa dende hai anos alta cátedra de “gaya ciencia”, templo, o máis ilustrado, en poesía galega medieval.

O suplemento semanal de *Artes e Letras* desa data (11-11-1983) constituía un monográfico sobre a nosa poesía medieval de seis páxinas na primeira das cales figura un artigo de Filgueira titulado “Altas ondas” e “Ondas do mar de Vigo”, que contén, como apéndice, o poema provenzal de Raimbaut de Vaqueiras (“Altas undas que venez suz la mar”) e a tradución galega (de Filgueira).

Primeiras páxinas de X.F. sobre X.A.M. (1982-1989)

Polo que teño á man. O primeiro artigo no que ten en conta un traballo meu titúlase “Do ‘Folklore gallego’ á ‘Real Academia’” (*La Voz de Galicia*, 30-12-1982). Refírese a “un xurdio artigo de Xesús Alonso Montero publicado en *Senara* [onde] atoparedes unha boa semblanza de “Demófilo” e unha refenda moi comprida da súa aportación ó “Folklore Gallego”²⁸.

Quizais a primeira vez que fixo en público, unha síntese –moi esquemática– da miña “vida e obra”, foi no Museo de Pontevedra o 14 de outubro de 1983. Había un ciclo, por el dirixido, sobre a gaita en Galicia, ciclo no que eu, nesa data, pronunciei unha conferencia titulada “A gaita e o gaitero na poesía galega”, tema que eu xa abordara, anos antes, na *Gran Enciclopedia Gallega*. Quizais non deba omitir, entre os varios artigos nos que fun citado polo xeneroso profesor pontevedrés, o titulado “Federico García Lorca”, aparecido no *Adral V* (1989). Creo que é o único dese volume do que o autor non indica a procedencia. En realidade, tratábase

²⁸ Refírese a “Antonio Machado y Álvarez (“Demófilo”) e a cultura popular galega”, *Senara*, Colexio Universitario de Vigo, I, 1949, pp. 127-150.

dunha resposta a un Inquérito que eu enviara a intelectuais galegos que tiveran algunha relación con Lorca, fose en Galicia ou noutra parte. Eu preparaba, en 1985, unha edición dos *Seis poemas galegos* (1935), co gallo do seu cincuentenario, e solicitaba de Filgueira Valverde e doutros canta noticia enriquecese a biografía “galega” de Federico. Era un proxecto para a editorial Sálvora, de Santiago, que non se concluíu. Filgueira, vendo que pasaba o tempo sen que se editase a súa Resposta, decidiu incorporala ó *Adral* de 1989.

Que conste que Filgueira Valverde respondeu axiña ó meu Inquérito. En carta do 15 de novembro de 1985, comunicame:

Envíoches, querido Xesús, sen perda de correo eses folios para a homenaxe a García Lorca. Non levan nada novo. Do paso por Pontevedra, o mellor é [o] que publicou Luciano del Río. Reitero a gratitude pola recensión das “Cantigas”. Unha forte aperta.

José Filgueira Valverde

Arzobispo Malvar, 29.º

Teléfono 85 21 40

36002 Pontevedra

15-11-1985

*Envíoches, querido Xesús, sen
perda de correo eses folios
para a homenaxe a García Lorca.
Non levan nada novo. Do paso
por Pontevedra, o mellor é
que publicou Luciano del Río.
Reitero a gratitude pola re-
censión das “Cantigas”.
Unha forte - ~~aperta~~ ~~aperta~~*

O primeiro texto de certa extensión (2 folios), que escribiu sobre min aínda está inédito. Foi o seu discurso no paraninfo do vello instituto de Ourense no acto de entrega dos Premios “Otero Pedrayo” o 3 de marzo de 1989. Eu fora galardoado nunha das tres modalidades daquela edición, “a un persoeiro que se teña distinguido polo seu traballo sobranceiro en

defensa da identidade, lingua e cultura de Galicia". No mesmo acto, Filgueira Valverde fixo a gabanza de Darío Xohán Cabana, premiado pola tradución da *Divina Comedia*, e de Emilio Duro Peña, premiado por *La música en la catedral de Orense*.

Filgueira Valverde e mais eu na Real Academia Galega

Eu fun nomeado académico numerario (electo) por unanimidade, na cadeira de Rafael Dieste, o 29 de xaneiro de 1984. A proposta foi asinada por D. Xosé Filgueira Valverde, D. Carlos Casares Mouriño e D. Ramón Piñeiro López. Esta é a orde que consta no oficio que recibín da Institución, datado o 30 dese mes e ano.


REAL ACADEMIA GALEGA
A CORUÑA

Proposta dos Sees.

○ Xosé Filgueira Valverde
○ Carlos Casares Mouriño
○ Ramón Piñeiro López

v.
O Presidente,

J. Parreira



v.
O Secretario,

Alfonso Montero

S. D. XESÚS ALONSO MONTERO

V I G O.

En sesión do día 29 do mes corrente e cumprindo os formalidades determinadas nos nosos Estatutos, foi V. S. nomeado membro desta Corporación na clase de
NUMERARIO
Ó participallo a V. S. para a súa satisfacción, tena moi cumprida a Xunta de Goberno, agardando que poderá contar coa cooperación de persoa tan ilustre.
Espero teña a ben V. S. acusar recibo da presente, para enviadle ó seu tempo o diploma, Estatutos e Regulamento.
Deus garde a V. S. moitos anos.
A Coruña, 30 de xaneiro 1984

Por circunstancias que non veñen ó caso, tardei dez anos en ingresar, acto no que constestou ó meu discurso, en nome da Academia, Xosé Filgueira Valverde. Sabido é que quen escolle o académico que apadríne o acto é o propio recipiendario. Celebrouse no paraninfo do Instituto “Ramón Otero Pedrayo” (Ourense), onde eu fixera o exame de ingreso do bacharelato, o 30 de outubro de 1993. Filgueira contestou ó discurso “*Manifestos*” en verso a favor da poesía civil nos primeiros anos da Posguerra na Galicia da Terra e na Galicia Emigrante. Releu a Resposta de don Xosé e comprendo que, gabanzas á parte (tamén obrigadas pola preceptiva do xénero), o autor era un lector moi sagaz.

**“MANIFESTOS” EN VERSO EN
FAVOR DA POESÍA CIVIL NOS
PRIMEIROS TEMPOS DA POSGUERRA
NA GALICIA DA TERRA E NA
GALICIA EMIGRANTE
(1939-1962)**

DISCURSO LIDO O DÍA 30 DE OUTUBRO DE 1993,
NO ACTO DA SÚA RECEPCIÓN, POR
DON XESÚS ALONSO MONTERO
E CONTESTACIÓN DO
EXCMO. SR. DON XOSÉ FILGUEIRA VALVERDE

A CORUÑA
1993



Pasaron os anos, faleceu don Xosé en 1996, e no ano 2006, transcorridos os dez do seu pasamento, eu redactei o informe preceptivo para que se lle dedicase o Día das Letras Galegas dese ano ó polígrafo pontevedrés. Non se conseguiu por poucos votos. A partir desta data, houbo un académico, Xesús Ferro Ruibal, que redactou informes máis eruditos e

entusiastas cun éxito semellante. Don Xosé Filgueira, protagonista do Día das Letras Galegas de 2015, foi proposto, para a presente edición, por Xosé Ramón Barreiro Fernández, Francisco Díaz Fierros e Ramón Villares Paz.

Un importante inédico de F.V. sobre sonetística galega

O 10 de novembro de 1995 (hai xa vinte anos!) enviei a poetas, eruditos, profesores e críticos de Galicia un “Inquérito sobre o soneto galego” que constaba de vinte e unha epígrafes. Contestaron a todas (ou a parte delas) nomes moi significativos das nosas Letras: Darío Xohán Cabana, Víctor Campio, Arturo Casas, Francisco Fernández del Riego, Ramiro Fonte, Xosé Carlos Gómez Alfaro, Xesús González Gómez, Manuel María, María Victoria Moreno, Ramón Nicolás, María Xesús Nogueira, Millán Picouto, Luz Pozo, Xavier Rodríguez-Baixeiras, Luciano Rodríguez, Gregorio San Juan, Lois Tobío, Pura Vázquez, Fiz Vergara Vilariño, Miro Villar...

Don Xosé Filgueira Valverde, que sempre acudía a estas chamadas, respondeu ás 21 cuestións, se ben a algunhas con certo laconismo. Sáibase que, nesa altura, a súa saúde era precaria. Como mostra, ofrezco ós lectores seis respostas:

2. Hai un sonetista galego especialmente importante?

O máis garrido soneto galego formaríase escollendo os mellores hendecasílabos de Otero Pedrayo.

11. Hai poetas importantes negados para o soneto?

Si. É raro, sobre todo en poetas tan clasicistas como Pondal, tan dado á octava, irmá do soneto.

16. Noticia de sonetólogos, e antólogos.

Carlos Villar, ben lembrado adxunto meu, deume, denantes de morrer, un traballo sobre as formas do soneto, variantes e anomalías. Debera publicarse. Coido que o gardei no Museo.

18. Sonetística clandestina e/ou apócrifa.

Lembro un, moi acedo, contra un cóengo de Santiago. E o escaño de Celso Emilio contra o xefe da súa oficina.

(O soneto de Celso Emilio tiña como destinatario a Ramón Rivero de Aguilar, de infausta memoria: fora o fiscal no xuízo contra Alexandre Bóveda, e noutros)

19. Se é sonetista, sinala as características dos seus sonetos.

Publiquei versións de Camoens, traducións de Petrarca, Ronsard... ; non sei por onde andan.

Nas clases, para explica-lo soneto, pedía ós alumnos pés forzados e facíamolo no encerado. Algúns deben lembralo.

20. Compuxo vostede algún “soneto do soneto”. Comporíao?

E compúxoo co título “Soneto sonetil e didáctico”:

“Este neto de “estrofa máis refrán”, / este fillo das “laudi”, Don Soneto, / quer manter o seu folgo e aquel creto/ cando foi, con Petrarca, tan galán. // Aínda queda loita con afán / por luír a fondura do cuarteto / e quixera atopar para o terceto / un agudo remate camonián. // Pero os vates de agora, no lirismo, / fuxen da rima e sílabas contadas, / como noxos dun vello preceptismo, / e nestes tempos de estruturalismo / prefiren para as súas cabalgadas / os ceibes campos do versal librisimo.”

Existen tantos sonetos ó soneto que é moi difícil compor un que teña algunha orixinalidade. Este de Filgueira tena, ademais, de soltura e graza e un pouco de erudición propia dun sonetólogo (Petrarca, Camoens...)

Na morte de Filgueira Valverde (13 de setembro de 1996)

Moi poucos días despois, publiquei na miña sección de *La Voz de Galicia* (“Beatus qui legit”) o artigo “Do meu Filgueira Valverde”, do que reproduzo os dous parágrafos finais:

Hai tres anos, cando eu ingresei na Real Academia Galega, quen contestou ó meu preceptivo discurso foi, cunhas páxinas moi xenerosas, don Xosé Filgueira Valverde, feito que sorprendeu a varias persoas. Eu, nesa ocasión, na que citei a Federico Engels, vello mestre meu, entraba na Academia da man cordial de quen estaba moi lonxe de Engels e de Marx, pero había tempo que me brindara a súa amizade. Eu, desde moi novo, fun admirador da obra poligráfica de Filgueira Valverde e agradecido alumno en non poucos dos seus saberes.

Cando, o día 13 deste mes, recibín a noticia de que ó profesor Filgueira “chegáralle a hora de durmir fóra”, souben canto o estimaba e canto o quería. Hoxe, días despois da nosa despedida no camposanto de Mourente, penso na perda, na inmensa perda que experimenta a cultura deste país.

No parágrafo anterior, eu ofrecía esta información:

Hai varios meses, aínda no leito o sabio profesor como consecuencia da súa enfermidade, redactou un prólogo para un librío de versos meus, de versos, escrito por min, ó xeito medieval: cantigas de protesta e maldicir. Díxose, nestes días, que horas antes do seu falecemento estaba preocupado polo feito de non ter escrito algúns prólogos comprometidos desde había algún tempo. Tamén nisto Filgueira Valverde foi gasalleiro, unha vez máis, comigo.

O libro xa non chegou a ver o insigne prologuista. Publicouse, en 1998, pola Editorial Nigra (Vigo), na Colección Rara Avis, co título *Versos satíricos (para hoxe) ó xeito medieval*. Eran dous poemarios meus, que foran premiados anos antes naquel Certame Xacobeo concibido para galardoar composicións escritas no ronsel formal e métrico dos nosos vellos trobadores e xograres. Os meus *Versos satíricos...* contiñan dous prólogos, o de Filgueira, e outro de Elsa Gonçalves, e un epílogo, de Pietro Molteni.

Eu petei á porta de don Xosé Filgueira non só polo seu prestixio como home de Letras senón tamén porque era neotrobador, coma min (eu coma el). En 1941, publicara nunha colección poética de Pamplona *6 canciones "in modo antico"*, hoxe ben coñecidas desde que as musicou Roxelio Groba. Anos despois, faría outras incursións no eido do neotrobadorismo.

Foi en abril de 1996, cinco meses antes do seu pasamento, cando me enviou o "Limiar", con esta breve carta:

Querido e admirado Xesús:
Envíoches eses folios escritos no leito; non respondo de que respondan á valía das túas cantigas. Corrixe, engade, talla, con toda liberdade.
Ben vido e apertas cordias de
Xosé Filgueira Valverde.

Relendo esta misiva, escrita "in lecto doloris", aínda me emociona hoxe ese "ben vido": benvido ó clube dos neotrobadores.

Moi pouco despois do falecemento do profesor Filgueira, *El Museo de Pontevedra* (revista que el fundara e dirixira) organizou un volume de homenaxe, o LI, correspondente a 1997. Titúlase a miña colaboración "A poesía de Roberto Blanco Torres", que, nunha Nota preliminar refírese a Filgueira nestes termos:

Nesta Homenaxe ó eminente polígrafo don Xosé Filgueira Valverde, o traballiño que eu lle ofrezco encaixa de cheo, creo, nunha das liñas das súas investigacións: o estudio da poesía galega nos anos inmediatamente anteriores á Guerra Civil. Como moitos saben, o profesor Filgueira enviou, nos anos 1935 e 1936, unha enquisa ós poetas galegos para que contestaran a estas cuestións: biografía. Formación. Lecturas. Referencias. Xeito de traballo. Obra. Autopoética. Outras cousas. [Valoración da] poesía galega. ¿Quen debe figurar na Antoloxía? ¿Ó lado de quen quixera ir? Publicado. Inédito. Coas respostas ós epígrafes deste intelixente inquérito propúñase compoñe-la Antoloxía consultada da lírica galega, obra que nunca chegou a publicar nun volume que recollese a totalidade das respostas; publicou, si, os cuestionarios devoltos por algúns poetas (Otero Pedrayo, Cunqueiro, Aquilino...), suficientes para que lle “reprochemos”, unha vez máis, que non publicase hai tempo esa magna Antoloxía, a primeira no seu xénero entre nós. Non é a primeira vez que expoño o meu pesar por esta lagoa na bibliografía édita do ilustre polígrafo.

Insisto neste punto –non tanto como quixera– porque creo que os que temos unha certa idea da magnitude, orixinalidade e riqueza da susodita Antoloxía consultada da lírica galega témo-la obriga moral –e profesional– de apelar, a quen corresponda, para que o material literario solicitado e recolleito polo profesor Filgueira Valverde aqueles dous anos se publique, na súa totalidade, en volume, canto antes. Non sei de ningún inédito de don Xosé que poida ter máis interese. Teño o convencemento de que nas carpetas correspondentes hai, ademais de datos e proxectos, dos nosos poetas, descoñecidos, un número elevado de poemas inéditos de non poucos escritores. Por conversas con don Xosé sei que algúns dos poetas non lle contestaran o inquérito (ou aínda non lle contestaron): pero, así e todo, cónstame qe foron moitos os que o fixeron antes do 18 de xullo de 1936. Non sei se Roberto Blanco Torres respondeu ó correspondente inquérito.

Dous estudos e unha edición de X.A.M.

O 28 de outubro de 2005 pronunciei no Museo de Pontevedra a conferencia “Un inédito de valor extraordinario do profesor Filgueira Valverde: a *Escolma da lírica galega contemporánea (1936)*. *Unha antoloxía*

consultada". Dita, non lida, escribina pouco despois, e ese foi o texto que se publicou no volume *V Memorial Filgueira Valverde*, Pontevedra, Publicacións da Cátedra Filgueira Valverde, 2006, pp. 9-43.

En 2007, publicouse un groso e fundamental volume colectivo co título *Xosé Filgueira Valverde (1906-1996). Un século de Galicia*, editado pola Deputación de Pontevedra e outras institucións. Coidou a edición, coa axuda de Xosé Fuentes Alende, Xosé Carlos Valle Pérez. A miña colaboración titúlase: "Filgueira Valverde e as Letras: notas para entender o seu discurso erudito e crítico" (pp. 242-265). Os textos dos colaboradores amósanse en dúas columnas, a primeira en galego e a segunda en castelán.

De 2008 é a edición dun importantísimo inédito, tema do que xa falara na conferencia de 2005, un ano despois publicada. Co señor Filgueira tiña falado en varios ocasións da necesidade de exhumar o valiosísimo material poético e crítico que el fora recadando, con intelixencia e paciencia, a fins de 1935 e nos primeiros meses de 1936. Tratábase da primeira antoloxía consultada da nosa poesía. Para a súa elaboración, redactouse un Inquérito máis minucioso có de Gerardo Diego (1932). Recibiu o antólogo trinta e dúas respostas, aínda que el enviara o Inquérito a un número máis elevado de poetas. Todo facía supoñer que non poucos pensaban contestar sen moita présa, pero o inicio da Guerra Civil, en xullo de 1936, tronzou esa posibilidade. Aínda así, temos as respostas de poetas, por varios motivos, moi interesantes. Eladio Rodríguez González, Gonzalo López Abente, Victoriano Taibo, Antón Zapata, Ramón Otero Pedrayo, Avelino Gómez Ledo, José Crecente Vega, Avelino Díaz, Evaristo Correo Calderón, Fermín Brouza Brey, Florencio Delgado Gurriarán, Ángel Sevillano, Aquilino Iglesia Alvariño, Emilio Pita, Ricardo Carballo Calero, Álvaro Cunqueiro, Celso E. Ferreiro, Xosé María Álvarez Blázquez, etc.

Cando faleceu don Xosé Filgueira, eu entendín que tiña a obriga moral de editar ou promover a edición de tan valioso inédito. Despois da miña conferencia de 2005, os responsables do Museo e da Cátedra Filgueira Valverde concordaron, de cheo, coa miña idea, momento no que a profesora Ana Acuña e mais eu acometemos a edición dos poemas e das respostas (biografía, criterios lingüísticos, auto-poética...). Traballamos cunha morea de material (borradores, manuscritos de difícil lectura...), especialmente Ana Acuña, laboriosa e meticulosa onde as haxa. Eu redactei un extenso estudo preliminar, en parte esbozado nos meus dous traballos anteriores.

Así compuxemos o volume que titulamos *Os poetas galegos (1936). Antoloxía consultada*, Fundación Filgueira Valverde et alii, 2008.

Cartas e dedicatorias

Nove son as cartas que gardo no arquivo correspondente, dúas delas xa citadas. As outras, breves en xeral, son “cartas eruditas” case sempre. Nunha delas, sen data –era Conselleiro de Cultura– recórdame:

Non deixes de enviarme unha nota-resumo do que teñas dos grupos e compañías de teatro.

En efecto, sendo el Conselleiro de Cultura, creáronse varias Comisións, unha delas a de teatro, da que eu era o coordinador ou o responsable. Duraron –polo que lembro– pouco.

Noutra –sempre tan xeneroso– anúnciame o envío dunhas páxinas do libro de Karl Vossler sobre *La soledad en la poesía española*. Aclarábame:

Non atopei a edición española. Esta ten a ventaxa da versión alemá de Mendiño.

Eu preparaba, daquela, un artigo sobre a fortuna literaria da cantiga –única– do poeta da illa de San Simón, artigo que, co título “Fortuna literaria de Mendiño”, publiquei en *Estudos Portugueses homenagem a Luciana Stegagno Picchio*, Lisboa, 1991. O sabio mestre sempre botaba unha man.

Tamén era xeneroso e gasalleiro. Na dedicatoria do *Adral II*, estampou: “Pra Xesús Alonso Montero, lector e comentador destas [ilexible] de vello erudito, con fonda amizade. Anivonovo, 1982”.

Na primeira das dedicatorias de 1980, no seu volume da Real Academia Galega, *Afonso X e Galicia*, escribiu: “Pra Xesús Alonso Montero, compañeiro e amigo de sempre, moi cordialmente” (24-VII-1980)

Unha incursión na Sociolingüística de F.V.

É moi pouco coñecido o seu extenso ensaio “La resurrección d’une langue: le Galicien d’hier à aujourd’hui”, publicado nos *Arquivos do Centro Cultural Português* (Lisboa/París, 1990, pl. 110-136). En nota aclárasenos que o traballo fora destinado, nun principio “á être publié dans le *Bulletin des Etudes Portugaises et Brésiliennes*” e que foi o profesor Paul Teyssier (o tradutor francés do texto) quen “l’a confié pour les *Arquives*” (p. 111).

Existe unha edición galega do traballo co título *A lingua galega* (Lección nos “Estudios sobre o Estatuto Galego”, Escola Galega de Administración Pública, 4 abril, 1991, pp. 125-139). É un traballo menos extenso pois carece de notas (trinta e nove) e dun índice nomes de “crivains et intellectueis galiciens cités (à partir du XVIII e siècle”); tamén se omite algún capítulo.

Estamos, dito en moi poucas palabras, ante unha magnífica síntese da historia sociocultural do idioma galego. Reparemos nalgúns títulos de capítulos: “V. O cultivo fóra das fronteiras lingüísticas”. “VI. Longa noite de pedra”. “IV. A defensa e salvación da lingua”. “X. A aspiración e o recoñecemento da oficialidade”. “XII. O galego e a Igrexa”. “XIII. A deturpación dos topónimos”. “XIV. A lingua galega no ensino”. No capítulo “O galego hoxe” (“Le galicien aujourd’hui”) apela a este texto meu tomado de *Realismo y conciencia crítica en la literatura gallega*, 1968:

Alonso Montero fixo —á marxe do concepto sociolingüístico de diglosia— unha matización que ilustra con claridade a situación no “rexurdimento”: “Es bilingüe quien maneja dos idiomas. En el vocablo yo no encuentro —di— más riqueza semántica. Pero ¿cómo llamar a la persona que, sabiendo dos idiomas, posee uno para ciertas motivaciones y otro para otras? Yo prolongo, mientras no aparezca otro, el término ‘dilingüe’”.

No capítulo “A defensa e salvación da lingua” reproduce unha páxina do meu *Informe —dramático— sobre la lengua gallega*, 1973, páxina na que eu, naquel ano, propuña medidas “salvadoras” que Filgueira, case vinte anos despois, considera, non sen razón, postas en práctica. Esta é a páxina:

No seu trascendental *Informe —dramático— sobre la lengua gallega* (1973), Alonso Montero sinalaba os camiños que se terían que seguir “para salvar a nuestra lengua de una muerte inmediata”. A comparación do estado actual co daquel momento e o logrado, en cada un dos puntos do seu índice de urxencias, permítenos comparamos os avances realizados e ve-lo futuro cun optimismo que, daquela, non cabía ter:

1. Educación Preescolar e Educación Xeral Básica no noso idioma (Ligada a presenza, sen exclusividade).
2. Presencia, dun xeito ou doutro, nos restantes niveis do ensino (Acadada).

3. Radio, Prensa diaria e Televisión total ou case totalmente na lingua do país. (Logrado, non sendo no que se refire á prensa diaria aínda que xa existe unha empresa constituída con tal fin).
4. Teatro en cidades, vilas e aldeas. (En parte).
5. Abondante literatura de quisco: tebeos, fotonovelas, etc. (Iniciado).
6. Multiplicar por 100 o número de libros e por 10 o das tiradas. Entre eles: enciclopedias, manuais, resumes, folletos de divulgación. (Acrecentado o número, sen acada-las porcentaxes desexadas).

Non son desaxeitadas as apostilas do profesor Filgueira.

Varia e final (polo de agora)

Hai un proxecto, que non chegou a materializarse, que non debo omitir neste artigo memorialístico. No curso 1990-1991, profesor eu en Santiago, Luís Cochón Touriño e mais viámonos con moita frecuencia. Conversamos moito: de Literatura, da nosa militancia (no Partido) nos seus anos de estudante compostelán, e do seu futuro “académico”. Luís Cochón, que fora alumno no Instituto de Pontevedra do profesor Filgueira, quería facer –estaba disposto– a tese de doutoramento sobre a obra do seu vello e admirado profesor.

Algo despois, quizais en 1993, eu propuxen, no Departamento de Filoloxía Galega, o nome de don Xosé Filgueira Valverde para que recibise na Universidade de Compostela, a súa universidade, o nomeamento de “Doutor honoris causa”. Contábase, en principio, coa adhesión de bastantes colegas (nalgúns, adhesión entusiasta), pero na votación final, aínda que por poucos votos, a proposta foi desestimada. Poucas veces me sentín tan atribulado, non por ningún tipo de orgullo meu senón porque pensaba, en todo momento, na situación espiritual do mestre pontevedrés que, certo día, ó ler os xornais galegos, almorzou coa noticia do seu rexeitamento.

Desde que en xullo de 2014 a Academia o designou como titular do Día das Letras Galegas do presente ano, teño publicado varios artigos na prensa sobre el e pronunciei unha conferencia, no “seu” Museo, co título “Ciencia e conciencia na biografía intelectual de Filgueira Valverde” (5-11-2014). Nese ciclo, “XIII Memorial Filgueira Valverde”, participaron Ramón Villares, Xosé Carlos Valle e Xosé Ramón Barreiro Fernández. De

novembro de 2014 a hoxe, o profesor Filgueira estivo moi presente en varias entrevistas da radio e da televisión.

No día en que trazo estas liñas (5-2-2015) acabo de corrixir as probas dun libro meu, que edita Xerais, de 300 páxinas. Titúlase *Xosé Filgueira Valverde. Biografía intelectual*.

Antes de finalizar o ano 2014, publiquei un opúsculo titulado *Dúas versións da Cantiga CIII de Afonso X o Sabio (Homenaxe a Xosé Filgueira Valverde, o seu sabio comentarista e divulgador)*, A Estrada, Edicións Fervenza. A primeira das versións finalízoa con estes doce versos:

Miñas donas, meus señores,
esta historia verdadeira
sucedeu hai moi tempo
no mosteiro de Armenteira.
Tal milagre foi contado
por un Rei que foi poeta
nunha cantiga que honra
a poesía galega.
Hai agora oitenta anos
que a cantiga sobranceira
comentouna con talento
o sabio doutor Filgueira.

X.A.M.

(Vigo, 7 de febreiro de 2015)

A ROSALÍA DE FILGUEIRA VALVERDE

ANXO ANGUEIRA

Un rosalianista precoz

Xosé Filgueira Valverde pode considerarse un dos rosalianistas máis importantes do século XX e, se lle facemos caso ás palabras con que inicia o seu discurso de ingreso na Real Academia de la Historia, un dos máis precoces:

Señores Académicos:

Hace sesenta y cinco años cayó en mis manos, por primera vez, un discurso académico. Lo leí, lo releí y declamé algunos de sus párrafos. Era el de González Besada, en la Española, y tenía por tema la poesía de Rosalía de Castro”.

Este discurso levaba por título *Ideas y sistema de la Historia en Martín Sarmiento* (Filgueira, 1981a, 5) e foi lido o 14 de xuño de 1981. Os sesenta e cinco anos pasados cadran exactamente co de 1916 (7 de maio), en que efectivamente viu luz o discurso de ingreso de González Besada na Real Academia Española, que levaba por título *La mujer gallega y Rosalía Castro*, aínda que a publicación se chamase *Discursos leídos ante la Real Academia Española en la recepción pública del Excmo. Sr. D Augusto González Besada el día 7 de mayo de 1916* (González Besada, 1916). Daquela, pois, Filgueira Valverde tiña dez anos.

Esta precocidade no estudo e na paixón rosalianas pode estenderse do ler, reler e declamar dos dez anos ó visitar, pisar e evocar os espazos rosalianos. Filgueira participa na andaina ó Castro de Ortoño, á casa onde supostamente Rosalía pasara parte da súa infancia. Esa xornada do 12 de outubro de 1923 foi a fundacional como se sabe do Seminario de Estudos Galegos. Polo tanto o pontevedrés era naquel transcendental día un mozo universitario que aínda non cumprira os dezasete anos. Moitos anos despois a memorábel xornada sería evocada nun artigo (Filgueira, 1993): “Cara Ortoño, pola Amaía. A primeira ‘xeira’ do Seminario de Estudos”. Ó ano seguinte (1924) o grupo fai a andaina a Padrón, da que dá conta no que talvez sexa o seu primeiro artigo rosaliano nas páxinas do *Galicia* de Paz Andrade, que viu luz o 31 de maio de 1925, polo tanto cando Filgueira

tiña dezaioito anos. O artigo, que levaba por título “Polas terras de Padrón”, aparece recollido con modificacións no *Adral VIII* (Filgueira, 1994b: 165-168) e nel pode lerse xa unha das grandes teimas rosalianas do autor: a casa. “Cal antigos romeiros”, vainos explicando como este grupo de mozos, guiados e “escoitando as verbas do noso mestre” (supomos que Bouza Brey, a quen vai dedicado o artigo), “kodaks na man e ollar pescudador”, van visitando Padrón, Iria, Laíño, Lestrobe, o Santiaguíño do Monte... Mais o central do artigo son os apartados dedicados a Rosalía, ós espazos de Rosalía, que nesta altura aínda era a “rula do Sar”: “As lembranzas de Rosalía”, terras de Padrón; “Miña casiña, meu lar!”, a casa da Matanza; e “O cimiterio de Adina”, Iria. Nas palabras que con dezaioito anos (1925) lle dedica á casa na que morreu a nosa autora está practicamente o embrión ideolóxico do proxecto marcado pola fusión, aínda que sexa anacrónica, da biografía coa obra, da Casa da Matanza coas casas e lares e fogares que aparecen nos textos rosalianos, proxecto que despois desenvolvería en 1972 como primeiro Director da Casa Museo de Rosalía de Castro:

Velaquí “a casiña do seo contento”, “as sombrisas paredes solitarias” que a viron “chorare sola e desventurada”, as que lle valeron “media vida”, as que espertaron na súa alma, “dozuras infinidas”. Cabo desta lareira tiña escondidos os recordos ben amados que faría saír a parolar con ela nas dores do solpor; tamén aquí caíron as cinzas dos traballos que fixo queimar denantes do seu pasamento. Só ela sabe qué dores segredos, qué fondas ledicias, qué tristeiros misterios, tivo a vida da rula do Sar.

Sobre o tema, con similares palabras, citas e ideas, volve meses máis tarde, nun “Vieiros” que publicaba en *El Pueblo Gallego* co emblemático título de “A casa de Rosalía” o 23 de novembro de 1925. Diante da casa estragada, dinos o mozo de dezaioito anos estas palabras, que agora lemos no *Adral VIII* (Filgueira, 1994a, 25)

No “Adiós ríos, adiós fontes”, chora pola “casiña do meu contento” e pón no salouco derradeiro a máis fonda queixa escrita na nosa lingua. Ó deixar Compostela salaia tamén polas “sombrisas paredes solitarias” que a ollaron chorare “soia e desventurada”. Cando sae da aldea, magóase de ve-la casa que deixou. O fogar será o seu refuxio, á procura de abrigo, cando foxe das xentes que “ladran” en contra dela. Escolmou nos ditos do pobo as dúas

gabanzas máis axeitadas nas glosas “miña casaña meu lar, cantas onciñas de ouro me vals” e “Quen ten casa de seu ten media vida”. “Con sons vagos e dozuras” a casa esperta na alma “tenruras que xamais podrán ser vanas”. No fogar escondía os “pensamentos tolos” que se alcendían, en labaradas, nos *Cantares* e nas *Follas novas*, ó conxuro de “Vinde, meus queridiños!”.

Polo tanto en Filgueira, desde moi noviño xa, hai unha paixón rosaliana evidente e unha teima central: o tema da casa, do lar, do fogar, que sempre se asocia á casa da Matanza. Esta paixón rosaliana desenvolveuse en numerosos estudos e investigacións, como veremos. Non é neste sentido Filgueira un rosaliólogo das dimensións do “mestre” Bouza Brey, claro que non, pero a teima pola casa, polo fogar de Rosalía, co tempo, habería ter un impacto extraordinario na percepción popular e xeral da nosa autora ó ser Filgueira o principal ideólogo e responsábel museográfico, e polo tanto “autor”, do que foi a Casa-Museo de Rosalía desde a súa apertura en 1972 e durante máis de corenta anos, ata as actuais obras de modernización e actualización.

Arredor do centenario de *Cantares gallegos*.

A paixón rosaliana de Filgueira reactivouse moito despois, con motivo especialmente da celebración do centenario da publicación de *Cantares gallegos*, cuxo impacto, como se sabe, rebordou o que é o campo literario e mesmo cultural. E foi así especialmente porque, ademais das edicións da obra realizadas por Bouza Brey e Carballo Calero, dos múltiples actos realizados dentro e fóra de Galicia, púxose a andar a celebración do 17 de maio como Día das Letras Galegas. Non participara, nin el nin o seu mestre do Seminario Bouza Brey, no remuíño rosaliano de Galaxia e os seus *7 ensayos sobre Rosalía* (1952), onde estaban Ramón Piñeiro, Teixeira de Pascoaes, Carballo Calero, Rof Carballo, García Sabell, Jacinto do Prado Coelho... Foi pois arredor do 1963, do centenario de *Cantares*, cando se reinicia a súa actividade investigadora sobre Rosalía. En concreto, en 1962 ve luz en *El Museo de Pontevedra* “Sobre la ‘Alborada’ y la aptitud musical de Rosalía” (Filgueira 1962), tema sobre o que volvería máis tarde, no Congreso Internacional de 1885, como veremos. No propio 1963 publica “Rosalía en el centenario de sus Cantares gallegos” na revista *Atlántida* de Madrid. Trátase dun longo artigo no que despois dun limiar contextualizador o autor

divide os contidos arredor destes catro apartados: “Perfil humano”, “La obra narrativa”, “La obra poética” e “Los temas conductores”. En xeral Filgueira Valverde sintetiza aquí o discurso vixente sobre a figura e a obra da autora, incorporando precisamente o que canonizan os autores antes citados dos *7 ensayos*. A “rula do Sar”, ademais de nai e santa (Cabanillas), agora tamén é padroeira da saudade, “Alma, só alma, apenas alma en flor” (Teixeira de Pascoaes) ou “Ánima galaica” (Rof Carballo) e polo tanto encarnación de Galicia e do seu pobo, un pobo lírico (Filgueira, 1963, 202). Na vida a cita de Bouza Brey e na obra as de Carballo Calero, Ramón Piñeiro, García Sabell, Jacinto do Prado Coelho... Os perfís de Rosalía presentados por Filgueira en temas posibelmente máis comprometidos aparecen limados. Así, a Rosalía social ou política é unha Rosalía tenra (Filgueira, 1963, 202):

Rosalía profesa, a lo largo de toda su obra, esta exaltación del pobre, del campesino, del emigrante, del desgraciado, del caído... y de los pequeños temas inadvertidos o despreciados. El habla de Rosalía nos descubre mejor que ningún otro medio su personalidad, profunda, de desbordante ternura.

E así é retratada a respecto do tema relixioso (Filgueira, 1963, 203):

Era profundamente piadosa. Cultivaba las devociones, las grandes devociones gallegas (el Nazareno, Nosa Señora, las Ánimas...). Vibraba su sensibilidad en el ambiente religioso (ante el Pórtico de la Gloria, ante la Santa Escolástica de Ferreiro, en los cementerios aldeanos, cuando tocaban las campanas...). Necesitaba a Dios y lo buscaba en todas partes.

Aínda que tamén se di a continuación: “Tenía una fe hecha de dudas. Luchaba consigo misma por su fe”.

Particularmente a nós interésannos outros aspectos, como a atención prestada á narrativa e particularmente aquí a lectura que Filgueira fai de *El caballero de las botas azules*, sobre a que volverá máis tarde (tamén nós). Parécennos igualmente interesantes os vínculos que se intentan establecer no artigo entre a obra poética de Rosalía e as cantigas medievais, onde se pon a proba a outra das súas grandes paixóns literarias. E, como non?, Filgueira (1963, 202-203) volve coa súa teima sobre Rosalía e o fogar:

Compensación del inicial desamparo, exaltación del regazo materno y símbolo de una felicidad perdida, el hogar está situado en el “foco” de la poética de Rosalía. Lo invoca, lo valora, lo deja con lágrimas, lo añora, recoge dictados y paremias que lo exaltan, esconde en él sus “pensamientos todos” [sic], invoca en él a sus recuerdos... Hizo del hogar y de lo hogareño un símbolo, hizo de Galicia un hogar. Cuando hoy los gallegos llaman a su tierra “meu lar”, citan sin querer a Rosalía.

De 1964 é unha nova e importante achega, que tamén está no remuíño do centenario de *Cantares gallegos* e que resulta o primeiro libro da literatura galega publicado en inglés, como nos di Jonathan Dunne (2014): *Poems of Rosalía de Castro*. Filgueira aquí é o responsábel de facer a escolma destes corenta poemas e do seu limiar, con loado traballo tradutor de Charles David Ley. O limiar é tradución do artigo publicado o ano anterior na revista *Atlántida*, aínda que dividido en distintos e máis abundantes capítulos. A escolma de poemas está organizada en tres apartados: “Her view of herself”, “The singer of her land” e “The singer and her people”. Pola súa banda, o apartado “The singer of her land” está subdividido en tres seccións (“The countryside”, “The “Country House” of her ancestors” e “The shadow of the cathedral”) e “The singer and her people” noutras tres: “Her destiny as a poet”, “Peasant humour” e “Emigration”. Os poemas pertencen a *Cantares gallegos* (trece) e a *Follas novas* (vinte e sete) e a escolla penso que é moi axeitada e representativa, mesmo con arriscadas propostas, como é o caso da “Alborada” (“Dawn Serenade”), aínda que tamén se poida botar en falta o esperábel “Na tomba do xeneral inglés Sir John Moore”. Ademais dunha breve cronoloxía que antecede a escolma, Filgueira proporciona ó final unha variada e rica bibliografía.

Como grande erudito e investigador que era, Filgueira tamén achega, pola canle rosalióloga que os *Cadernos de Estudios Gallegos* foron, unha interesante descuberta: “Escritos no seleccionados de Rosalía de Castro. Unha boda n’aldea” (Filgueira, 1967a). Nela dáse a coñecer a versión completa do texto “De Galicia os cimiterios”, que dalgún xeito coñecera uns anos antes e na mesma canle bibliográfica a suposta versión definitiva con Bouza Brey (1948), indicando que formaba parte dun conxunto moito máis longo que Filgueira descobre nunha publicación artesanal de Peinador (*La Temporada en Mondariz*) de 1917, conmemorativa do monumento a Rosalía na Alameda

de Compostela. O conxunto que o investigador edita contén oito partes, das que a quinta se corresponde, agora en versión completa, co poema que se viña incluíndo en *Follas novas* co citado título “De Galicia os cimiterios”. Filgueira destaca os valores da lingua coloquial empregados no texto por Rosalía e tamén o seu carácter dialóxico, que o aproxima ó teatro, aspecto sobre o que o noso autor volvería en dous interesantes artigos posteriores “A habelencia teatral de Rosalía” e “Teatro y antiteatro en Rosalía”, publicado nun especial da revista cántabra *Peña Labra* dedicado á nosa autora.

Nese mesmo ano e nos mesmos *Cadernos de Estudios Gallegos* exhuma Filgueira (1967b), tamén extraídos de *La Temporada en Mondariz* e arredor da homenaxe rosaliana de 1917, “Dos poemas rosalianos de Ramón Cabanillas”. O que leva por título “A Rosalía de Castro” móvese desde o comezo (“¡Miña virxe do consolo, / Rosalía, doce nai...”) na mesma tópica, como nos indica Filgueira, ca aquel “Dúas nais me bican e me dan arrollo” de *Vento mareiro*. O outro, “Ofrenda”, céntrase en *Follas novas*, que se utiliza como *leit motiv* dunha especie de épica asociada ó renacer de Galicia.

Un fito histórico: a Casa de Rosalía.

E ben, esta cremos que foi a gran obra de Filgueira. Despois de tódalas peripecias históricas xeradas arredor da casa en que morreu Rosalía de Castro ata a súa adquisición por Xosé Mosquera e Villar Granjel, o que posibilita a creación do Padroado (1947), despois de tódalas vicisitudes polas que pasou este e os diferentes estados, a maioría ruinosos, incluíndo unha primeira intervención restauradora dirixida por Gómez Román en 1951, chegou o momento decisivo. En 1970, durante a entrega do premio Pedrón de Ouro a Victoria Armesto, o coreógrafo Rey de Viana encabeza unha colecta popular na que se implica a prensa, na que se implican persoas e institucións, de Galicia e da emigración. Grazas ó éxito da campaña restáurase a casa cun proxecto de Fernández Albalat e inaugúrase nun emblemático acto o 15 de xullo de 1971. Para convertela en Casa-Museo o padroado pensou en Filgueira. E Filgueira, retomando aquela precoz paixón pola casa e o fogar a propósito de Rosalía, asume a dirección do proxecto, idea un perfil museográfico ben claro e leva ó conxunto e a cada un dos seus espazos interiores, á súa distribución e ó seu enfeite, unha visión que o acompañou toda a súa vida. Neste sentido, desde o meu punto de vista, cómpre partir de dous grandes eixos que conforman a este respecto o discurso de Filgueira.

Por un lado a mitificación da autora da que el participa e que el mesmo recoñece e xustifica. Así se explica diante de Eugenia Montero (1985, 189):

Rosalía de Castro ha sido la precursora del resurgimiento de Galicia, pero es mucho más, es el símbolo de un pueblo, de una manera de pensar y de sentir. Es lógica su mitificación. La mitificación crea, inventa, rodea y envuelve a las figuras con tal fuerza que en ocasiones resulta difícil atravesar esa muralla intocable levantada en torno al mito. Pero se saben cosas, se intuyen otras y en Rosalía, la mejor forma de conocerla, como ocurre con todos o casi todos los poetas, es leerla. Ahí, entre claves y símbolos, se descubre, además de su inmensa sensibilidad, muchos instantes de su vida.

E por outro a súa permanente atención, desde que era un moción, á poética da casa, á casa en Rosalía, na que fai unha fusión desde os primeiros textos, como vimos, aínda que sexa anacrónica, entre por un lado a casa da Matanza en que morreu a nosa autora e por outro a súa vital “ausencia de casa” xunto coas alusións á casa, ó fogar, ó lar que hai en toda a súa obra: “Míña casiña, meu lar!”. Polo tanto Filgueira constrúe unha casa para devolverlla a Rosalía, para nela acubillar definitivamente a escritora que andou “sen lar nin arrimo”, para entregarlla á poeta muller, para a “grande alma de muller que fixo da súa obra unha xurdia cantiga do lar”. Pero tamén, naturalmente, para que nela habite o mito, a alma de Galicia, a nai e santiña, aquela “rula do Sar” da súa mocidade. De aí que Filgueira fomenta no seu proxecto a idea de casa-santuario, como el mesmo recoñece nas palabras finais do acto de inauguración do 19 de agosto de 1972 (Filgueira, 1974a, 36):

Benia aos que agora, pasados os anos, fixeron que esta casa torne a ser súa, cando xa ela é gloria de todos, cando Galicia enteira pode vir deica ao seu fogar nunha piadosa romaxe que nos xunte no prego, de que as súas cantigas fagan froreecer o amor á terra.

Este discurso e todo o seu discurso teórico sobre o tema pode consultarse en *Con Rosalía de Castro no seu fogar / Con Rosalía de Castro e su hogar* (1974a). Inclúe aquí, en galego e castelán, “Introducción a Rosalía”, que é o limiar a *Poems of Rosalía de Castro*, que á súa vez era revisión editorial de “Rosalía en el centenario de sus *Cantares gallegos*”; as “Verbas como Director da Casa Museo Rosalía de Castro na xornada da súa apertura”; un

“Guieiro da visita”, especialmente interesante para o que estamos dicindo; e unha “Escolma de poemas galegos” na que non faltan nin a “Alborada” nin a sección “Meu lar, meu fogar”. O “Guieiro da visita” condensa en palabras do propio autor o proxecto co que se inaugurou a Casa Museo, que despois foi levemente modificado, aínda que sen importantes alteracións estruturais. Para a “Entrada” é de destacar a conciencia que tiña da importancia histórica dos esforzos e traballos para recuperar a Casa de Rosalía, significando aí non só a Villar Granjel ou a Xosé Mosquera e ós distintos presidentes do Padroado, senón que tamén, pomos por caso, ós obreiros da Picusa, fábrica veciña na Matanza. Para “A vida de Rosalía” dispuxo Filgueira os poucos recursos expositivos do padroado e incorporou paneis didácticos sobre a vida e tamén sobre a obra. A “Saliña de ofrendas” constitúe todo un retrato da intención mitificadora de Rosalía e da santificación da casa como lugar de peregrinación. Era tamén interesante a primitiva sección “A terra e a xente”, instalación dunha mostra temporal de gravados e debuxos para ver con realismo “as xentes da Galicia do tempo de Rosalía” (Filgueira, 1974a, 41). Despois “A cociña”, “O comedor”, “O cabán dos nenos”, “Eiquí morreu Rosalía”, “A saliña de recibo”, “O despacho de Murguía” e finalmente “A hortiña”. No sobrado da casa é onde o resultado do proxecto de Filgueira é unha recreación imposible, un amábel simulacro, como non podía ser doutro xeito, onde se volven reiterar os aspectos sagrados da vivenda, neste caso co cuarto onde morreu Rosalía. A propósito deste singular espazo, presidido pola cama que gardaba Gala, dinos expresamente Filgueira (1974a, 43): “Entrade coma nunha Capela”. Para levar adiante o proceso de devolverlle o fogar a Rosalía (ó mito, á escritora, á muller) seguindo nisto coma un novo “aposentador de sombras” ao seu mestre Sánchez Cantón (casas de Lope de Vega, do Greco, de Cervantes...), Filgueira contou cun escaso mobiliario pertencente á familia, incluída a citada cama, que pasou a ser pouco menos ca venerada, e axudouse de doazóns privadas (entre elas a de Camilo Agrasar, sempre detrás de tódolos proxectos de restauración e recuperación da casa) e especialmente dos fondos artísticos (sobre todo de Ovidio Murguía) e mobiliarios, todos procedentes doutra obra de Filgueira: o Museo de Pontevedra, institución que alimentou e sostivo a Casa de Rosalía mentres Filgueira estivo ó cargo das respectivas direccións. Esta é, desde o noso punto de vista, a súa magna obra, con tódolos defectos, eivas ou críticas que se queiran ou poidan facer: el mesmo aludiu á célebre cita de

Castelao sobre chatas á obra no seu discurso de inauguración. E este é o seu discurso, tamén museográfico, arredor de Rosalía e a súa casa nesta altura de 1972. Axiña asumido e prolongado por Maruxa Villanueva, “mestresa” da casa, este discurso de Filgueira Valverde foi tamén e dun xeito moi xeral ben aceptado e asumido durante moito tempo pola comunidade, incluída a académica. E mesmo podemos dicir que foi un discurso de notábel impacto no campo cultural galego durante varias xeracións.

Mais o esforzo de Filgueira neste tema non ficou aí. O 24 de xuño de 1974 defendía con éxito, diante da Real Academia de Belas Artes, a concesión para a Casa-Museo da prezada declaración de Monumento histórico-artístico. Iniciaba o seu relatorio con estas palabras, nas que regresa á poética da casa en Rosalía (Filgueira, 1974b):

Ante todo conviene señalar el valor emotivo que tiene para los gallegos y para cuantos conocen la obra de Rosalía de Castro la casa donde pasó los últimos años de su vida y donde falleció el 15 de julio de 1885. La cantora de Galicia se ha convertido en un símbolo de su tierra, del retorno de la poesía íntima y de meditación. Pero son tan abundantes en su obra las referencias a la «casiña», al «lar» y a los paisajes familiares que esta casa domina, que, más que en otros casos, el hogar es aquí el monumento vivo a la memoria de la personalidad evocada.

El carácter intermedio entre el pazo señorial con su viejo jardín y la casa de labor aldeana conviene también a la evocación de Rosalía, poeta con «cancionero», pero también con «parnaso», que mantiene el doblete tan remoto arraigo hispánico entre la glosa de las formas tradicionales y el dominio de las más afinadas técnicas de la métrica culta. Así la casa es como un reflejo de la posición de Rosalía, descendiente por su madre de una de las más ilustres familias gallegas y tan identificada con su pueblo y con los dolores y las ansias de los humildes.

En definitiva, a paixón rosaliana de Filgueira, a través da poética da casa, viu realizadas todas as súas expectativas, formuladas como vimos cincuenta anos antes, en 1924. E aínda volveu sobre o tema pouco antes de morrer. Así acababa un artigo de 1992 titulado “Rosalía, sen casiña nin lar”, logo recollido no *Adral VIII* (Filgueira, 1994a, 26): “E o mellor moimento a Rosalía foi refacerlle para sempre a “Casa-Museo”.

O remuíño do centenario en 1985

A celebración de centenario da morte de Rosalía supuxo un importante fervedoiro de conmemoracións de todo tipo, lonxe e fóra de Galicia. Desde o punto de vista académico cómpre resaltar a celebración do Congreso Internacional de Estudos sobre Rosalía de Castro e o seu tempo, no que Filgueira participa con certo protagonismo. Xa antes publica “Pintos e Rosalía. A colaboración no glosario dos Cantares” (Filgueira, 1975), un breve artigo no que Filgueira exhuma unha carta, sen indicación de data, na que Juan Compañel lle pide a Pintos que revise as definicións feitas por Murguía no “Glosario” de *Cantares gallegos*. Agora ben, de moita maior envergadura é o seu artigo para o Congreso de 1985, de cuxos Comité de Honra e Comisión Organizadora, polo Consello da Cultura Galega, formaba parte, e varios traballos máis publicados nese mesmo ano. O seu relatorio no Congreso, situado en segunda posición, entre o de García Sabell como Presidente da Academia e o de Sixto Seco como Presidente do Padroado, titúlase “Rosalía de Castro e a música” (Filgueira, 1986). Trátase dun moi documentado estudo sobre a presenza da música na vida e especialmente na obra de Rosalía. O autor fai un orixinal e erudito percorrido pola sensibilidade auditiva e o silencio, a música da natureza e a omnianimación, o canto e os cantares, a danza, os instrumentos e remata nunhas notas de erudición e documentación impagábeis sobre a “Alborada”, sobre a súa orixe, sobras as súas características, sobre a máis que interesante novela da reconstrución da súa *vera* partitura, protagonizada por Casto Sampedro e Perfecto Feijoo.

É o ano de 1985 especialmente fértil para o rosalianismo, tamén para o de Filgueira, que aborda a figura da padronesa desde diferentes ópticas. A música e maila literatura, os seus vencellos de estreita reciprocidade, son unha das súas paixóns, como demostra a tese de doutoramento defendida en 1935: *La Cantiga CIII: noción del tiempo y gozo eterno en la narrativa medieval* (Filgueira, 1936). E sobre a música e “O silencio en Rosalía” volverá Filgueira (1989a), refacendo o apartado correspondente do citado artigo para o congreso. Pero tamén desde a súa paixón por Camões, ó que se achegara con estudos de envergadura, algúns deles con versión portuguesa (Filgueira, 1981b), co artigo “Camoens en Rosalía”, recollido posteriormente no *Adral V* (Filgueira, 1989b), no que se explica a pegada do autor portugués, non só en *Cantares gallegos*, como testemuñaran Prado Coelho e despois Carballo Calero, senón que mesmo desde *La flor*, para rematar co coñecido

“Desde as fartas orelas do Mondego”. E en relacións, aínda que non sexan tan literarias, fala “Para un estudo dos caracteres de Rosalía e de Losada Diéguez”. A Rosalía do teatro que xa aparecera a propósito de “Unha boda n’aldea” volve tamén neste ano con dous artigos: “A habelencia teatral de Rosalía”, recollido no *Adral V* (Filgueira, 1989c) e “Teatro y antiteatro en Rosalía” (1985a). Aínda tivo tempo ese mesmo ano de facer unha escolma comentada que abría unha liña de achegamento de Rosalía ó público infantil, despois varias veces explorada: *Rosalía cos rapaces* (Filgueira, 1985b). Mais, para nós, a outra grande achega de Filgueira a propósito do centenario é “Liérmentov en Rosalía”, logo recollida no *Adral V* (Filgueira, 1989d). O inicio do seu texto non pode ser máis elocuente dunha nova perspectiva coa que Filgueira entende nesta altura a figura literaria e intelectual de Rosalía:

Neste Centenario de Rosalía sería moi de aconsellar que se fixesen moitas lecturas “dende as fontes”. Axudarían ó mellor goce das obras e desterrarían, por sempre, esa imaxe da cantora “ventureira”, aldeá, localista e chorona que xurdíu do mal coñecemento, do desexo de suliñar o seu afincamento na Terra e tamén polo de presentar a Murguía como modelador do seu ánimo.

Filgueira, que xa reparara como dixemos no interese de *El caballero de las botas azules*, esa “novelesca fraga” na que se interna de novo, volve agora a ela coa axuda da luz do escritor ruso Liérmontov ou Lérmontov, cuxo título máis coñecido aparece explícito na obra: un heroe do noso tempo. Comenta a pasaxe en que o autor aparece citado na novela, na que a Condesa cre ver no Duque de la Gloria unha reencarnación de Lérmontov. Non nos estraña que no recente congreso sobre Rosalía, celebrado a propósito dos 150 anos de *Cantares gallegos*, Fernando Cabo Aseguinolaza (2014) indague de xeito especialmente luminoso xa non só na presenza explícita e reiterada de Lérmontov en *El caballero de las botas azules*, senón que tamén en *El primer loco*: “Entre Lérmontov e o gótico de fin de século: as dúas novelas últimas de Rosalía”. O traballo, aínda que dunha envergadura moi superior, como investigación que nos revela os xeitos especiais e difíciles de asimilar estas e outras narracións rosalianas desde patróns pechados, está na mesma liña dos apuntamentos do artigo de Filgueira, para quen Rosalía “fixera seu” a Lérmontov, creando mesmo en *El caballero* e noutras obras –non nos dixo

cales, un “clima Lérmonov”. En definitiva, sobre o carácter pioneiro de Rosalía como escritora e intelectual xa Filgueira nos deixara dito daquela:

O sorprendente é que Rosalía “descubría” a Mijaíl Yurevic Liérmonov cando estaba recién traducido ó francés e vinte anos denantes de que Doña Emilia Pardo Bazán fixese a súa louvanza nas “Lecturas” do “Ateneo”, recollidas no 1887 no libríño “La revolución y la novela en Rusia”.

Nas páxinas deste artigo está toda a evolución, todo o brinco que Filgueira e con el o campo cultural galego, incluído o académico, deu a propósito de Rosalía arredor dese remuíño que resultou ser a celebración en 1985 do centenario de Rosalía. É o principio, pero tamén a fin. Da “rula do Sar” ó “clima Lérmonov”: a viaxe de Filgueira estaba cumprida.

A.A.

Bibliografía

Bouza Brey, F. (1948) “Escritos no coleccionados de Rosalía de Castro (X). Complemento de la poesía «De Galicia os cimiterios»”, *Cuadernos de Estudios Gallegos*, 10, 307-310.

Cabo Aseguinolaza, F. (2014) “Entre Lérmonov e o gótico de fin de século: as dúas novelas últimas de Rosalía”, en Álvarez, R. / A. Angueira / M. C. Rábade / D. Vilavedra (coords.) (2014): *Rosalía de Castro no século XXI. Unha nova ollada*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, 603-620

Castro, Rosalía de (1964) Castro, Rosalía de: *Poems*. Trad. Charles David Ley. Introducción e selección de X. Filgueira Valverde. Ministerio de Asuntos Exteriores. Madrid.

Dunne, Jonathan (2014): “As edicións inglesas da poesía de Rosalía de Castro, 1964-2013”, en Alvarez, R. / A. Angueira / M. C. Rabade / D. Vilavedra (coords.) (2014): *Rosalía de Castro no século XXI. Unha nova ollada*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, 667-686

Filgueira Valverde, X. F. (1936) *La Cantiga CIII: noción del tiempo y gozo eterno en la narrativa medieval*. Santiago de Compostela, Instituto de Estudios Regionales, USC.

_____ (1962) “ Sobre la ‘Alborada’ y la aptitud musical de Rosalía”. *El Museo de Pontevedra*, 16, 55-62.

- _____ (1963) “Rosalía en el centenario de sus *Cantares gallegos*”. *Atlántida*, 2, 195-203.
- _____ (1967a) “Escritos no seleccionados de Rosalía de Castro. Unha boda n’aldea”, *Cuadernos de Estudios Gallegos*, 68, 257-263.
- _____ (1967b) “Dos poemas rosalianos de Ramón Cabanillas”. *Cuadernos de Estudios Gallegos*, 68, 345-346.
- _____ (1974a) *Con Rosalía de Castro no seu fogar / Con Rosalía de Castro en su hogar*. Vigo, Patronato Rosalía de Castro.
- _____ (1974b) “La Casa-Museo de Rosalía de Castro, en Padrón (La Coruña)”, *Boletín de la Real Academia de Bellas Artes de San Fernando*, 39, 104-105.
- _____ (1975) “Pintos e Rosalía. A colaboración no glosario dos *Cantares*”, *Presencia de Rosalía*. Vigo, Galaxia, 23-24.
- _____ (1981a) *Ideas y sistema de la Historia en Martín Sarmiento*. Madrid, Real Academia da Historia.
- _____ (1981b) *Camoens*. Coimbra, Almedina.
- _____ (1985a) “Teatro y antiteatro en Rosalía”. *Peña Labra*, 55.
- _____ (1985b) *Rosalía cos rapaces. Escolma comentada*. Santiago de Compostela. Xunta de Galicia.
- _____ (1986) “Rosalía de Castro e a música”, en *Actas do Congreso Internacional de Estudos sobre Rosalía de Castro* (I). Consello da Cultura Galega. Santiago de Compostela.
- _____ (1989a) “O silencio en Rosalía”, *Adral V*, Ediciós do Castro, Sada, 49-51.
- _____ (1989d) “Liérmentov en Rosalía”, *Adral V*, Ediciós do Castro, Sada, 58-60.
- _____ (1989b) “Camoens en Rosalía”, *Adral V*, Sada, Ediciós do Castro, Sada, 54-57.
- _____ (1989c) “A habelencia teatral de Rosalía”, *Adral V*, Ediciós do Castro, Sada, 52-53.
- _____ (1993) “Cara Ortoño, pola Amaía. A primeira ‘xeira’ do Seminario de Estudos”. *El correo gallego*, 9 de outubro.
- _____ (1994a) “Rosalía, sen casiña nin lar”. *Adral VIII*, Ediciós do Castro, Sada, 24-26.

_____ (1994b) “Os mozos do Seminario de Estudos en Padrón, no 1924”. *Adral VIII*, Ediciós do Castro, Sada, 165-168.

González Besada, A. (1916) *La mujer gallega y Rosalía Castro. Discursos leídos ante la Real Academia Española en la recepción pública del Exmo. Sr. D Augusto González Besada el día 7 de mayo de 1916*. Madrid, Imprenta Clásica Española.

Montero, Eugenia (1985): *Rosalía de Castro. La luz de la negra sombra*. Madrid, Sílex.

FILGUEIRA VALVERDE E A REFORMULACIÓN DA IDENTIDADE GALEGA

XOSÉ RAMÓN BARREIRO FERNÁNDEZ

Introdución

Estraña que ninguén reparara na reformulación que Filgueira fai do concepto de identidade galega, un dos temas centrais da tradición galeguista. En descargo dos investigadores e estudosos da obra de Filgueira débese ter en conta que as súas opinións aparecen nunha carta que lle escribe o 23 de abril de 1935 ao Secretario Xeral do Partido Galeguista, Gómez Román, dándose de baixa no partido²⁹, documento que, como é natural, era reservado.

Tampouco o “Programa da Dereita Galeguista de Pontevedra”³⁰ recolle esta reformulación de Filgueira, nin a Dereita galeguista de Ourense e de Santiago, e iso pode explicar o descoñecemento da postura do noso autor.

Finalmente, debemos recoñecer que a revista *Logos*, taller ideolóxico da Dereita galeguista na II República, na que se espallaron e divulgaron as ideas deste sector, apenas mereceu nin merece a atención dos historiadores e dos politólogos.

O obxectivo da identidade galega

O galeguismo “aplicou[se] a conquistar que os habitantes de Galicia se recoñecesen a sí mesmos como tales, cobrando conciencia da singularidade da súa terra de xeito que o ‘solar galego’ se transformase ‘nunha patria’ [...]. Esta é a proxección intragalega da vontade galeguista, pero vérguese tamén cara o exterior, en dirección o Estado central fundamentalmente [...]. Cumpría, en efecto, que Galicia tivese previamente conciencia do seu ser diferencial, como provincia, rexión ou nación –segundo a terminoloxía sucesivamente empregada– para que fose logo recoñecida a súa idiosincrasia polo poder central, admitido o cal debérase seguir, como corolario lóxico, a concesión do autogoberno”³¹.

²⁹ Castro, X., *O galeguismo na encrucillada republicana*, T. II, Ourense, Servizo de Publicacións da Deputación Provincial de Ourense, 1985, pp. 899-902 transcribindo este documento.

³⁰ *Ibidem*, T. II, pp. 780-792.

³¹ *Ibidem*, T. I, p. 31.

Esta foi a base dos distintos pronunciamentos ideolóxicos que se encadran no concepto de identidade galega. É probable que o da identidade fose o concepto máis repetido na literatura política do galeguismo: dende Faraldo, pasando por Murguía, Brañas, Risco, Otero Pedrayo, por citar os que nos deixaron unha obra sólida sobre esta temática; e mais a serie de pronunciamentos políticos, especialmente no período das Irmandades. O tema da identidade foi tan prioritario e tan común a súa aceptación polos provincialistas, rexionalistas, nacionalistas, que os seus contidos merecían o acatamento de todos os que profesaban os principios da galegitude.

Pero no resto do Estado, agás nas culturas políticas periféricas, sempre se estimou que este movemento poñía en perigo as estratexias centralistas dos grandes partidos. Se nun principio toleraron estas ideas por entender o escaso caudal do voto popular en favor destas opcións, xa na Restauración, cando se organizan o rexionalismo galego, catalán e vasco, a oposición foi radical.

Cómpre que ampliemos estas ideas para recrear o contexto político e sociolóxico tan desfavorable ás opcións rexionalistas.

1. A construción do Estado liberal español

Liquidado o Antigo Réxime, os liberais españois crearon un modelo de Estado centralista, concentrado e uniforme que acabase co que eles chamaban “feudalismo” da época anterior³². Desapareceron os antigos reinos e as chamadas provincias históricas, as xurisdicións e as tradicións administrativas. En troques, impúxose un sistema administrativo hipercentralizado. Coa euforia propia dun acto tan solemne como a promulgación da Constitución de Cádiz (1812), tan centralizadora e liberal, o deputado F. López Pelengrín, que representaba a Molina de Aragón, dixo nas Cortes que “sancionada la Constitución, había llegado el caso de olvidar los nombres de los reinos y señoríos que componen la Monarquía Española y de que no se volvieran a oír las denominaciones de catalanes, aragoneses, castellanos [...]”³³.

³² López Morán, B. *A comarcalización histórica de Galicia no século XIX*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, EGAP, 1995, pp. 30-46, onde se estuda a evolución do primeiro centralismo administrativo en España.

³³ Sesión de Cortes, *Diario*, 23 de maio de 1812.

Os liberais non só foron centralistas na política³⁴ e na concepción administrativa do Estado, senón que desconfiaban tamén das culturas periféricas a pesar de contar tanto en Cataluña como en Galicia co apoio da intelectualidade provincialista. Por iso a oposición foi tibia e circunscrita ao sector progresista, mentres que os moderados apenas molestaron e ás veces colaboraron cos provincialistas³⁵.

2. A Restauración e a esencialidade da cultura española

A Restauración da monarquía borbónica alterou fondamente as estratexias políticas. A marxinación dos partidos desconformes co novo sistema mediante a aplicación do caciquismo electoral, e a redución da representación a só dous partidos (conservador e liberal) que se sucedían no poder, produciu dous efectos: a reviviscencia dos rexionalismos, que vendo coutadas as súas posibilidades electorais apostan pola lingua e a cultura propias, e a estratexia compartida por liberais e conservadores de estorbar, impedir e, se fose preciso, prohibir estas culturas periféricas.

Para iso fomentan e defenden a esencialidade da cultura española e despregan unha política na que as minorías étnicas non teñen un espazo propio.

Recórrese a todos os medios: os doutoramentos só se cursan na Universidade Central de Madrid, de maneira que todos os alumnos con lexítimas pretensións de exercer a investigación e a docencia nunha universidade forzosamente teñen que matricularse na Central, onde os agarda un profesorado afín aos proxectos culturais e políticos do goberno de quenda, quen fai un seguimento da evolución intelectual pero tamén ideolóxica do alumno.

³⁴ Colmeiro, M., *Derecho Administrativo Español*, T. I, Madrid-Santiago, 1850, pp. 17-18. Esta obra foi decisiva na concepción centralista da administración española.

³⁵ Os moderados foron máis respectuosos coa tradición administrativa de España, sen dúbida polo peso que no partido tiveron os carlistas que pasaron a militar neste partido concluída a primeira guerra carlista (1833-1839). En troques, os progresistas, afastados do poder ao que só podían acceder mediante un golpe de Estado, foron moito máis radicais no seu centralismo que aplican en 1940 e en 1854. No Bienio 1854-1856 promulgaron tres leis fundamentais: a lei de desamortización, a lei de banca e a lei de ferrocarrís, pero todo dentro dun contexto hipercentralista.

Unha ampla rede de institucións subalternas (a Escola Superior de Arquivos e Bibliotecas, as Escolas de Belas Artes, as Reais Academias da Lingua, da Historia, de Xurisprudencia, de Arqueoloxía etc.³⁶), as “Bolsas” para a ampliación de estudos no estranxeiro, especialmente en favor dos artistas, poden converterse en mecanismos de presión social en favor de determinados candidatos cuxa traxectoria ideolóxica era coñecida.

Unha serie de investigacións³⁷ puxeron de manifesto os distintos mecanismos empregados polo Estado, a través dos gobernos aquendados, para garantir algúns deses “dogmas” como o da continuidade da monarquía española dende os visigodos ata hoxe, a permanencia do concepto de España ao longo dos séculos e sen interferencia ningunha dos reinos non casteláns, a función de exemplaridade social e histórica dunha serie de personaxes teoricamente representantes desta idea da españolidade como El Cid³⁸, Guzmán el Bueno, etc.

Esta concepción da españolidade era a que se explicaba nas escolas de ensino primario e xa acompañaba o estudante durante todo seu currículo de estudos.

Representación deste tipo de historia ideolóxica é a obra de Modesto Lafuente³⁹, que gozou de todos os apoios institucionais e políticos, o que explica a serie de edicións desta obra.

Pero así como o sistema promocionaba os elixidos pola súa ortodoxia ideolóxica, era implacable contra os que non se sometían ou contra os que lideraban alternativas especialmente de tipo rexionalista. Foi Murguía un

³⁶ Peiró Martín, I., “Los académicos de la Historia o la imagen ideal del historiador dédmonónico”, *Studium* 4 (1992), p. 84.

³⁷ Pérez Garzón, J. Sisinio, “La creación de la Historia de España, en Pérez Garzón (coord.) *La gestión de la memoria*, Barcelona, Ed. Crítica, 2000; Morales Moya, A., “Historia de la historiografía española”, en *Enciclopedia de Historia de España*, VII, Madrid, Alianza Ed., 1993; del mesmo “La interpretación castellanista de la Historia de España”, en Morales Moya y Mariano Esteban de Vega (coord.), *¿Alma de España? Castilla en las intepretaciones del pasado español*, Madrid, Ed. Marcial Pons, 2005, pp. 271-296.

³⁸ En 1857, Murguía publicou en *La Iberia* (24 de outubro de 1857) un comentario crítico da obra de Malo de Molina, “Rodrigo, el Campeador”, que é un xuízo demoledor porque entende que o Cid desta obra é unha construción simbólica que nada ten que ver coa historia real.

³⁹ Lafuente y Zamalloa, M., *Historia General de España desde los tiempos más remotos hasta nuestros días*, Madrid, 1850-1867.

dos símbolos deste desigual comportamento. Como demostramos no noso libro sobre Murguía⁴⁰, nunca gozou do apoio do sistema porque foi o autor dunha *Historia de Galicia* que se opuña á historia oficial de España e, máis adiante, por atreverse a liderar un movemento rexionalista.

Sabía moi ben Murguía, porque tiña información, que Pascual Gayangos, académico e voto decisivo na selección do persoal de arquivos e bibliotecas, lle tiña posta a proa e que se opuxera sistematicamente á súa promoción neste ramo da administración⁴¹. Tamén sabía que tanto M. Colmeiro como Pedro Madrazo, os dous da Real Academia de Historia⁴², emitiran un xuízo negativo do tomo III da súa *Historia de Galicia*, xuízo sen apelación posible. E todo isto por defender a existencia dun reino suevo galego que antecedía en varios séculos ao reino de Castela.

Ante o acoso da intelectualidade orgánica española, os provincialistas e máis tarde os rexionalistas construíron unha interpretación mítica das orixes de Galicia que, de inmediato, foi utilizada como a base dunha identidade histórica do noso pobo. Este é un tema que merece unha atención máis demorada.

3. Faraldo e a primeira resistencia ao centralismo

Non é casual que a primeira resistencia ao centralismo coincida coa instauración do partido progresista, que alcanza o poder en setembro de 1840. O estudantado universitario de Santiago celebra a vitoria dos progresistas⁴³ e, aínda que mantén as súas reservas sobre unha serie de cuestións do seu ideario, valora moi positivamente a liberdade de asociación e prensa que Espartero, líder do progresismo, di garantir.

Aínda que a bandeira do levantamento contra os moderados foi o proxecto da lei de concellos, os progresistas, unha vez xa no poder, mantéñena porque favorecía o centralismo administrativo.

⁴⁰ Barreiro Fernández, X.R., *Murguía*, Vigo, Ed. Galaxia, 2012.

⁴¹ Barreiro Fernández, X. R., *Op. cit.*, pp. 336-337, 366, 424 e 554.

⁴² O texto do xuízo en X. R. Barreiro Fernández, *Op. cit.*, pp. 594-599.

⁴³ Remitimos ao noso libro, *El Levantamiento de 1846 y el nacimiento del galleguismo*, Santiago de Compostela, Pico Sacro, 1977, especialmente pp. 45-70.

Pouco a pouco os estudantes progresistas da Universidade de Santiago comezaron a mostrar o seu desencanto co novo Réxime, especialmente cando Espartero suprimiu a Xunta Superior Central de Galicia⁴⁴.

Nese contexto no que o Goberno foi limitando os dereitos do pobo soberano e impoñendo unha clara política centralista foi cando se constituíu o provincialismo, liderado por Antolín Faraldo e apoiado pola xuventude universitaria de Santiago⁴⁵.

Aparece, pois, a primeira resistencia ao programa centralista do partido progresista, que se expresa a través de propostas alternativas, ata configurar o primeiro proxecto de Galicia sobre a nosa identidade.

Para situar correctamente a crítica feita pola xuventude universitaria contra o centralismo do Goberno progresista, debemos ter presente que esta xuventude (como o propio Faraldo) pertencía na súa maior parte á clase fidalga, coma os seus pais, fidalguía que acababa de ser derrotada na primeira guerra carlista (1833-1839). Sabían que era imposible o retorno ao Antigo Réxime, pero non renunciaban a seguir dirixindo e gobernando o seu país como o fixeran os seus pais, avós e antepasados. Un réxime centralista, apoiado por unha burocracia allea por orixe ou sangue, ameazaba o que entendían que lles era propio: o control e goberno de Galicia. A división provincial, a creación dos concellos e a dependencia da nova burocracia do poder central poñía en perigo os seus proxectos⁴⁶. Por iso esta xeración se opuxo sistematicamente á fragmentación provincial de Galicia, defendendo a súa unidade administrativa⁴⁷.

⁴⁴ Constituían esta Xunta representantes das catro provincias galegas.

⁴⁵ Faraldo precisa dunha biografía política que poña de relevo a súa ideoloxía, o seu proxecto para Galicia e tamén as contradicións nas que incorre probablemente a causa de súa inmadurez filosófica. As biografías xa publicadas son practicamente inservibles.

⁴⁶ Expuxemos con amplitude estas ideas no *Colloque International organisé du 28 au 31 mars 1984*, X. R. Barreiro Fernández, “El desarrollo ideológico del galleguismo”, *Nation et Nationalités en Espagne*, París, Fondation Singer Polignac, 1985, pp. 191-212.

⁴⁷ “Centralizar es traer toda la acción, todo el gobierno a un solo centro, por manera que bien pudiera compararse el poder central al gran centro sensitivo en la especie humana y cuando uno solo es el centro de acción, de dirección y de gobierno, este centro se forma de las fuerzas que destruye y viene a establecer una sola fuerza”, Faraldo, *La Situación de Galicia*, n. 5.

Faraldo non só lidera a resistencia cunha serie de artigos publicados nos xornais *El Idólatra de Galicia*, *La Situación de Galicia*, *El Recreo Compostelano*, *El Porvenir*⁴⁸ senón que ademais articula ideoloxicamente esta resistencia ofrecendo o primeiro discurso da identidade galega, seguindo de preto as teses de Vereá y Aguiar⁴⁹.

Aínda que en Faraldo, coma noutros autores desta xeración, hai unha polisemia sobre diversos conceptos históricos e políticos, co tempo determinadas expresións ou conceptos foron depurándose ata entrar na linguaxe intelectual común. Tal sucede cos termos “nación”, “patria”, “independencia” etc. En “Estudios sobre Galicia” que publica na revista *El Recreo Compostelano*⁵⁰, chámalle a Galicia “madre y patria” e sente a nostalxia daquelas épocas “en que las palabras de patria e independencia se asociaban al nombre gallego”⁵¹. Non dubida en aceptar “la nación céltica o gallega” que gozaba de “independencia y nacionalidad”⁵². Os celtas foron o primeiro pobo “que gozó de las dulzuras de nuestro clima y de su ventajosa situación para el comercio”⁵³.

Unha vez creada a nación céltico-galega fomos obxecto do afán imperialista de Roma que derruba o harmonioso sistema de vida e depreda o noso chan. Máis tarde é ben recibida a achega sueva porque significaba a destrución “del monstruo del Tíber”. Xorde desta maneira unha Galicia sueva, “libre e independiente”. Máis adiante fomos de novo dominados, nesta ocasión polos godos” a los que posteriormente seguirían los monarcas castellanos”⁵⁴.

Este itinerario mítico-histórico que constitúe o que podemos considerar a primitiva historia de Galicia non parece ter outro obxectivo que resituár Castela como centro decisorio da política española. É dicir, reafirmar o centralismo como unha constante na historia de España.

⁴⁸ Para a prensa do momento, cfr. X. R. Barreiro Fernández, *El Levantamiento de 1846 y el nacimiento del galleguismo*, Santiago de Compostela, Pico Sacro, 1977, pp. 79-83.

⁴⁹ Vereá y Aguiar, J., *Historia de Galicia*, Ferrol, 1838.

⁵⁰ *El Recreo Compostelano*, p. 276.

⁵¹ *Ibidem*, p. 71.

⁵² *El Recreo Compostelano*, p. 373.

⁵³ *El Recreo Compostelano*, pp. 68-72.

⁵⁴ *Ibidem*, p. 341.

Parécenos moi clara a intención de Antolín Faraldo. A recreación da historia de Galicia indica que a independencia de Galicia foi dende sempre atacada polo centralismo: primeiro foi Roma, posteriormente a monarquía castelá e hoxe por un goberno progresista. Sen dicilo, porque a liberdade da prensa non daba para máis, está advertindo o Goberno de que todos os que atacaron a liberdade dos pobos ao final sucumbiron ante a resistencia.

Estamos, pois, ante a primeira construción mítica da nosa identidade, que recollería ao pouco tempo Murguía e tamén desenvolvería.

4. O paradigma murguiano da identidade galega

Novamente os progresistas acceden ao poder no ano 1854 mediante un golpe de Estado e executan os seus proxectos centralistas. A resistencia en Galicia, logo da derrota provincialista de 1846, é tímida e circunscrita a algunhas personalidades. Foi entón cando apareceu como unha esperanza a personalidade de Murguía, capaz de aglutinar nunha causa común os esforzos singularizados de moitos galegos opostos á hipercentralización.

Residía Murguía en Madrid teoricamente cursando Farmacia, pero sobre todo colaborando na prensa, no xornal progresista *La Iberia*, dirixido por Calvo Asensio e no xornal *La Oliva*, de Vigo, do que era unha especie de director literario. Por razóns obvias, utilizou as páxinas de *La Oliva* máis que as de *La Iberia* para denunciar o centralismo do réxime progresista. As súas crónicas revelan a preocupación que lle causaba ver a Galicia sen pulso, como somnámbula, incapaz de responder aos supostos agravios que recibía acotío dun réxime que presumía de defender a liberdade das persoas e dos pobos, pero que na práctica os aferrollaba aínda máis.

É o propio Murguía quen nos dá conta dos longos paseos con Rosalía polas rúas da capital, e os dous coincidían na situación de Galicia e na necesidade de erguela e se fose preciso abandonando Madrid, onde xa tiñan unha importante presenza, e traballando na Terra.

Nos seus artigos reivindicativos aparecidos en *La Oliva* culpaba os intelectuais galegos desta prostración e marxinação. Incapaces de escribir unha historia propia de Galicia, de componden un himno patrio, pretenderon imitar o estilo dos escritores casteláns. Os nosos poetas non bebían da musa do pobo, os pintores non captaban a nosa paisaxe e os nosos músicos descoñecían a harmonía do secular cantar do país. Galicia precisaba con urxencia dun Ossian e un Walter Scott que dende a terra, dende as nosas

mulleres e homes, dende o chan galego foran capaces de cumprir unha misión redentora.

Ofrécese Murguía a colaborar cos artistas e intelectuais dispostos a realizar esta función “redentora”, ata que se decata de que ninguén estaba disposto a seguilo e foi entón cando nunha súbita decisión o matrimonio decidiu abandonar Madrid, onde deixaban o piso e a biblioteca, e retornar a Galicia para loitar na propia terra polos seus ideais. Nin se despediron dos amigos, que mostraron a súa estrañeza por aquela viaxe inesperada. O matrimonio estaba disposto a loitar entre a súa xente pola reivindicación de Galicia.

Cando os intelectuais percibiron a súa paixón galega, a fondura da súa crítica e os seus obxectivos redencionistas, convertérono no líder indiscutible, e só tiña 26 anos.

Publica en Galicia unha serie de obras reivindicativas do protagonismo histórico galego coma o *Diccionario de Escritores Gallegos*, iniciado no ano 1862 e nunca concluído, no que o autor daba a coñecer a contribución dos escritores galegos á ciencia e ás letras españolas. Con anterioridade, xa publicara *La Primera Luz* (1859), que foi o primeiro intento serio de levar a cultura galega ás escolas de Galicia e finalmente no ano 1865 saen os primeiros fascículos de súa *Historia de Galicia*, obra escrita e posta ao servizo da galegüidade.

“O rasgo máis sobranceiro do pensamento murguiano, vén dado pola radical superación da tradicional ambigüidade e polisemia na designación de Galiza (provincia, rexión, nación, país...) no galeguismo precedente [...] para se decantar nidiamente cara a consideración fundamentalmente da súa natureza nacional”⁵⁵. A partir deste momento, o uso dos termos nación ou nacionalidade sitúase na centralidade do discurso murguiano e constitúe no futuro o eixe da súa interpretación de Galicia.

Foi no discurso Preliminar ao tomo I da *Historia de Galicia* onde apareceu a expresión dunha maneira clara e rotunda:

Fue Galicia una de las primeras nacionalidades que lograron constituirse en España.⁵⁶

Situados a una extremidad de Europa, separada de los pueblos hermanos por cadenas de montañas, con idioma propio, este

⁵⁵ Maiz, R., *O Rexionalismo galego*, Sada, Edición do Castro 1984, p. 216.

⁵⁶ Murguía, *Historia de Galicia*, I, p. 89.

antiguo reino tiene todas las condiciones que se necesitan para formar una completa nacionalidad.⁵⁷

É moi posible que Murguía aproveitara a ocasión para expoñer esta idea a causa da polémica desatada en Madrid polo discurso pronunciado no Senado por Pedro Egaña, senador vasco, o 15 de xuño de 1864 ao cualificar o País Vasco de “nacionalidade”.

Por el territorio, por la raza que lo poblabo, por las antiguas divisiones conservadas a través del período romano [...] nuestro pueblo era uno y distinto de los que le limitaban. Sólo una cosa le faltaba, poseerse [...]. Los suevos le infundieron su sangre y con ella, ya que no la idea, el hecho de la nacionalidad [...] nuestra Galicia sale de sus tinieblas y constituye una nación.

Murguía marca o roteiro da nosa historia. Arranca dos celtas “padres y generadores de una población que lleva todavía impreso en el rostro las señales inequívocas de la raza a que pertenecen”. O feito de que Galicia estivese marxinada pola súa situación das grandes correntes poboacionais permitiulle “conservar nuestra raza al abrigo de toda irrupción”, pero mantendo contactos con fenicios, gregos e cartaxineses.

Roma marca un novo tempo histórico. Os céltico-galegos derrotados no Medulio “enseñaron al mundo como pueden conquistar la libertad los que no saben ni quieren morir esclavos”, porque non esqueceron os seus deuses nin a súa cultura a pesar da imposición de Roma.

A dominación bárbara, que provocou a definitiva derrota de Roma, devolveulle a Galicia “días de prosperidad” e posibilitou a romanización dos pobos xermánicos a través dos celtas romanizados. Suevos e galegos loitaron xuntos, pero sen fortuna, fronte ao invasor godo. A invasión árabe foi “providencial en cuanto vino a sancionar [...] el hecho de la separación efectiva en la que la provincia gallega se mantenía dentro del estado godo haciendo del todo positiva esta separación y dando vida segura y especial a la nacionalidad creada por la raza, el tiempo, la conveniencia y la realidad de la manifestación de una nacionalidad [...] que se mantuvo incólume”.

Resumindo: un pobo diferenciado, o celta, que chegou ata nós atravesando as etapas de dominación. Unha cultura propia produto da raza

⁵⁷ Murguía, *Historia de Galicia*, II, 1866, p. 222.

orixinaria e as achegas que foi recibindo. Un conxunto de usos e costumes afincados na poboación. Máis adiante engadirá Murguía, tomado do pensamento máis moderno, un elemento subxectivo: a vontade de querer ser distintos.

Péchase así a construción mítica que Murguía e os rexionalistas fan de Galicia, como a base teórica dunha actividade rexeneradora, de recuperar o senso de nación e patria.

Esta tese causou escándalo entre os intelectuais orgánicos da Restauración que pasaron ao contraataque. Nel estiveron Núñez de Arce, o antigo compañeiro de Murguía na redacción de *La Iberia*; Juan Valera; o catedrático da Central, Sánchez Moguel; Emilia Pardo Bazán. Madrazo e Colmeiro non perderon o tempo en contradicilo, sinxelamente borrárono coma se se tratase dun perigo público.

Entramos no século XX cunha doutrina identitaria asumida pola intelectualidade galeguista. Se nos fixamos, esta versión identitaria é absolutamente laica. Non hai referencia ningunha a Deus, a Igrexa ou a Providencia. Este é un tema que deixaron aberto para non espantar a ninguén por razón do dogma ou da disciplina eclesiástica. Así o entenderon os diversos grupos, mesmo o carlista; que logo de asumir os principios murguianos engade “lo que Dios y la naturaleza hacen vario y distinto (refírese á distinción entre Estado e nación) es locura insensata y crimen horrendo querer convertirlo en unidad, sin variedad ni distinción; es violentar la naturaleza y, en cierto modo, enmendar la plana a Dios”⁵⁸. Queda claro que todos os sectores ideolóxicos e políticos podían asumir esta doutrina murguiana pensada para non ferir a ninguén.

5. Catolicismo e identidade

Durante moitos anos os católicos non percibiron contradición ningunha entre as súas crenzas e a explicación identitaria dada por Murguía, ata que se impuxo unha visión totalizadora na que todo (crenzas, actitudes, condutas e militancias ideolóxicas e políticas) debería pasar polo estreito filtro da ortodoxia.

Ata Brañas, os católicos (rexionalistas ou non) non adoptaran unha postura colectiva. Brañas, ao entrar no galeguismo rexionalista, liderou un

⁵⁸ Tomado de *La España Regional* (Barcelona, 11 de outubro de 1886).

movemento que se aproximou ao rexionalismo. Brañas acepta os principios identitarios de Murguía aínda que os matiza para introducir unha concepción católica que Murguía, sen rexeitala totalmente, nunca asumiu.

Morto Brañas no ano 1900 foi Vázquez de Mella quen, consciente da crise do carlismo, se achega ao rexionalismo no que percibía a posibilidade de recuperar o neoforalismo e mesmo unha concepción monárquica de tipo corporativo.

A Asemblea de Lugo, celebrada no ano 1918, amosou o escaso apoio que no nacionalismo tiña unha solución tradicionalista, e iso explica que varios sectores carlistas decidiran distanciarse do nacionalismo. Polo contrario, Losada Diéguez permanece nas filas do nacionalismo⁵⁹ confiando, con fundamento, que Risco, nomeado en Lugo o líder das Irmandades, mantería os principios católicos, como así foi⁶⁰.

Tanto Vázquez de Mella, como Risco e Otero Pedrayo inician unha especie de demolición do principio identitario de Murguía.

Una nación no es, como se ha creído, una demarcación geográfica [...], el marco no es el cuadro, y ni el suelo ni las fronteras naturales solas han hecho nunca las naciones. Una nación no es una raza, porque no existe ninguna nación moderna que lo sea pura [...]. Las lenguas no se identifican con las razas [...], la lengua es un elemento de nacionalidad, como lo es la raza, pero no el único ni el principal. Es necesario que sobre todo factor geográfico, topográfico, filológico e histórico haya una unidad moral que los unifique; ellos son causas parciales diversas; pero si no hay unidad que sirva de abrazadera y los junte para que se produzca un efecto común, no existirá la nación. Por eso [...] el mundo pagano no conoció naciones; conoció Estados y federaciones de Estados, pero no conoció naciones. La nación es una creación del cristianismo.⁶¹

⁵⁹ Losada Diéguez, *Obra completa*. Ed. Justo Beramendi, Vigo, Xerais, 1985.

⁶⁰ Sobre a mentalidade relixiosa de Risco, cfr. Joaquim Ventura, “O Heterodoxo”, en *Vicente Risco. O mestre sempre vivo*, A Coruña, La Voz de Galicia, 2003, pp. 229-237.

⁶¹ Tomado de Justo Beramendi, “Incidencia ideológica del neocarlismo”, en *Jubilatio. Homenaje de la Facultad de Geografía e Historia a los profesores Manuel Lucas Álvarez y Angel Rodríguez*, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela. Servizo de Publicacións, 1987, pp. 442.

Inicia así unha visión católica do nacionalismo que terá en Risco e Otero Pedrayo a súa continuidade.

La religiosidad risquiana, teosófica en un estado y católica y, en general, judeo-cristiana en el resto de su vida impregna también su concepción nacionalista. La nación es una teofanía y, dentro de ella, aparece por doquier la presencia de lo sagrado. Sagrada es la tradición, la lengua y buena parte de los mores y sagrados serán también los árboles, ríos y en general la Tierra [...]. La constante hierofanía del lenguaje y las formulaciones risquianas, la sacralización de la naturaleza [...] es, al propio tiempo que influencia taoista y sensibilidad romántica, una constante del misticismo magicista de signo tradicional.⁶²

Esta confesionalidade, que produciu unha dura resistencia por parte do sector máis laico do nacionalismo, fundamentábase nunha nova concepción do pobo. Negada a racionalidade como instrumento gnoseolóxico⁶³ pola crise da civilización greco-romana e carecendo dunha alternativa ideolóxica, tanto Risco como Otero Pedrayo⁶⁴ constrúen unha nova teorización que lle recoñece ao pobo a súa orixe céltica pero sobre todo o instinto de ver máis aló do “alén [da] aparencia” para captar ou ler en profundidade os designios providenciais que Deus trazou para o pobo galego. O providencialismo é a lei básica e xustifica a existencia desta nacionalidade e só aquelas clases sociais non contaminadas (dende logo nin a burguesía nin o proletariado) se manteñen firmes no cumprimento do seu deber transcendente.

Non debe estrañar por iso que moitas das páxinas que Risco e Otero publican na revista *Logos* sexan clamorosamente apostólicas, sen se albiscar a mínima autocrítica e que poderían, por iso, ser asinadas por un bispo. Ecumenismo e catolicidade son os argumentos empregados para lexitimar o sometemento da Igrexa galega ao Romano Pontífice e a liberdade da Igrexa

⁶² Bobillo, F., *Nacionalismo gallego. La ideología de Vicente Risco*, Madrid, Ed. Akal, 1981, pp. 149-150.

⁶³ Posicionamento común en Risco e Otero Pedrayo aínda que discrepan na elección dos instrumentos alternativos ideados para coñecer a realidade, unha vez que negan a racionalidade tradicional.

⁶⁴ Barreiro Fernández, X. R., “Otero Pedrayo y el galleguismo. Una aproximación a sus condicionales doctrinales”, en *Los Nacionalismos en la España de la II República*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega / Madrid, Siglo XXI, 1991, pp. 113.

é o máximo argumento para oporse sistematicamente á nova constitución republicana, reclamando en todo momento a súa corrección e reforma⁶⁵.

Con emoción non contida Risco expón o pensamento do poeta da Bretaña Jean-Pierre Callo'ch. Para o poeta “os celtas son o pobo de Cristo [...], Cristo tróuxolles aos celtas o cumprimento de total-as súas esanzas sobrenaturás. O Evanxeo concruie as Triadas druidicas: o cristianismo cumpre o druidismo”.

“O celta, di Calloc'h, é a semente de Xesús. O Antigo Testamento foi cumprido po-los xudeos; o Novo Testamento pol-os Celtas” e conclúe o escritor ourensán: “Non compre mais ensarilladas pantesías: somol- o Pobo de Cristo escolleito do Novo Testamento. Nos comenzos da cultura occidental, os celtas impuñéronlle o signo de Cruz; hoxe a cultura occidental remata o seu ciclo e no futuro aínda han ser os celtas os que impoñan o signo de Cristo á nova cultura que veña”⁶⁶. Se por dúas veces o sino histórico da cultura celta foi cortado a rentes pola espada inimiga (polos romanos e pola expansión xermánica), Deus tenlle reservada á nosa raza unha gran misión futura cuxo tempo aínda non chegou.

Con parecidos vimbios Otero Pedrayo reclama no futuro un posto na historia para o pobo celta, por ser fiel e manterse sempre na órbita do catolicismo. A súa obra *Ensaio histórico sobre a cultura galega* é un intento de explicar todo o noso pasado (pensamento, mores, arte) en función da nosa fidelidade ao proxecto providencial de Deus⁶⁷.

6. A reformulación da identidade en Filgueira Valverde

Na carta que Filgueira escribe e Gómez Román, Secretario Xeral do Partido Galeguista, o 23 de abril de 1935 na que lle anuncia que se dá de baixa no partido⁶⁸ presenta dúas razóns que o levan a tomar esta decisión: en primeiro lugar, a perda de independencia do Partido Galeguista que

⁶⁵ A revista *Logos* encomendou ao clérigo Manuel García a crítica da Constitución española.

⁶⁶ V. Risco, “Pensamentos en col da fe e mais da cultura”, *Logos* 19 (1932), pp. 309-312.

⁶⁷ O tan prezado libro de Otero Pedrayo, fermosamente escrito, ao carecer de apoio filosófico e histórico, convértese nunha obra literaria sen outra transcendencia.

⁶⁸ Vid. nota 1 deste artigo.

* Mat. 26, 52

pasa a estar mediatizado polos partidos da esquerda cos que se pechan uns acordos que están en contra da autonomía do P.G.:

Son nazionalista, como vos o sodes [...], soñei un partido que fose a encarnación política autóctona do pobo galego, un partido totalitario, non escindido pol-as diferencias de credos sociaes, non quebrantado pol-os partidismos que de fora nos veñen. De xeito que nos apreixados por este partido puideramos berrar –a frase é miña– “Galicia somos nos”. Eu sosteño que un partido integralista, nacionalitario, non pode deixarse dirixir por movementos alleos.

E comproba esta acusación vendo como dende o momento no que se pactou cos partidos de fóra, se renunciou ao revisionismo constitucional, como proclamaron sempre dende a aprobación da constitución republicana os católicos do Partido Galeguista.

En segundo lugar argúe Filgueira que por razóns de conciencia non pode militar nun partido que se alía con forzas políticas que van contra o espírito e que ten como obxectivo a destrución da propia Igrexa.

Castelao e Víctor Casas, quizais por ser antes que nada políticos, que tenden a relativizar as cláusulas de conciencia, acusaron a Filgueira de inoportunidade, non así Bóveda que ben coñecía a Filgueira e que el mesmo era fondamente respectuoso coa soberanía de conciencia esgrimida por Filgueira.

Nos breves parágrafos desta carta hai toda unha revelación sobre os fundamentos da identidade galega que non viramos en ningún autor precedente e que para nós é un novo punto de partida ou, se se quere mellor, unha reformulación da identidade histórica. O texto de Filgueira di así:

Todos me coñecedes como católico; máis, como católico román. Sabedes que como católico, por gracia da miña propia fé, refusei sempre a táctica política dos que sendo discípulos de Cristo apelais á espada nos hortos das Oliveiras pra combatir ca forza aos que opoñen a forza ao espírito. De Cristo mesmo ven a condeación desta actitude: “omnes enim qui acceperint gladium, gladio peribunt”.*

A continuación marca a reformulación da identidade galega:

Sabedes tamén que, por gracia da nosa propia hestoria teño exaltado sempre a romanidade da nosa lingua, da nosa arte, da

nosa eirexa. Galicia punta da Romanía, terra papal, tivo o seu esplendor baixo a soma de San Dámaso ou de Calixto II. De tal xeito que o mesmo Priscilián foi herexe, mais non cismático.

Para Filgueira a romanidade constitúe un elemento definitorio do pobo galego xunto coa raza, os costumes e a vontade de querer ser distintos. Por vez primeira alguén introduce a romanidade na definición de Galicia, o que significa que de Roma procedeu a lingua, o cristianismo, e a cabeza da cristiandade representada polo Papa.

Incrustar a romanidade na definición de Galicia significaba completar a concepción identitaria, situando ao mesmo tempo a Galicia no contexto universal. A catolicidade permitía manter o equilibrio entre dúas forzas distantes: por un lado manter unha autonomía como pobo diferenciado e, por outro, asumir unha orde de xerarquía que chegaba ata o Papa, símbolo desta catolicidade.

Con esta fórmula, Filgueira despexaba as dúbidas que tiñan os católicos sobre a militancia galeguista. Se Galicia formaba parte da xerarquía do espírito, situábase noutro plano entre os pobos non plenamente liberados. Aínda máis, Galicia non pode entenderse sen a protección especial de Deus na historia, que nos dotou de lingua propia, que envía un dos seus discípulos para evanxelizarnos, que abre un camiño de peregrinación sobre o lombo de Europa, que nos fai intervir nos grandes acontecementos europeos (coma o ciclo carolinxo ao que Filgueira dedica importante espazo) e que decide que desfrute do corpo do apóstolo evanxelizador.

Está claro que a maior parte destas afirmacións carecen de comprobación histórica e non son máis que lendas, pero Filgueira cando escribe isto non pretende resolver os problemas de autenticidade histórica nin proceder a unha desmitoloxización, senón sentar as bases dunha definición do que era Galicia e para el esta definición era inseparable da romanidade, que é o obxectivo que se propón destacar agora.

Que o tema de enxergar na catolicidade o nacionalismo galego preocupaba, sabémolo porque nos mesmos anos coñecemos tres versións do mesmo: a de Vicente Risco en 1932⁶⁹, a de Otero Pedrayo, no mesmo ano 1932, e a de Filgueira en 1935.

⁶⁹ *Logos*, n.23 (1932), pp. 373-378.

Vicente Risco estuda o “Catolicismo e latinismo”. Distingue tres posibles interpretacións desta expresión (a cultura greco-romana, a cultura xermano- cristiá ou as formas puramente exteriores que a cultura conservou no Renacemento) para negarlle validez: “De calquera xeito, no fondo todo ven ser igual, porque unha identificación, o que se diz unha identificación rigurosa do catolicismo con calquera das tres [...] coido eu que non é nin poder ser lexítima ‘porque a nosa relixión’ si é católica, ou seña universal [...] se non debe facer solidaria con ningunha forma escrusiva de cultura”.

Otero Pedrayo, que lembra o acerto de Risco na caracterización histórica (mellor habería que dicir xeográfica) de Galicia, coma Occidente da Romanía e Sur da Celtia, e coa significación da orixe eclesiástica da lingua⁷⁰, lamenta a comparación con Irlanda, Escocia, Gales e Cornualles, terras nas que non lexislou o tribunal do Pretor, nin foron articuladas polo nervio das vías romanas e por iso “puideron colle-la verdade do Evanxeo nun relicario integralmente celta” e xamais se afastaron da súa orixe e nelas segue brillando un rastro vivo da prístina conciencia histórica expresada na súa lingua primeira. Cun sobrado espírito romántico, Otero di que o latín foi en Irlanda “floración culta, delicada, de invernadeiro, baixo os arcos desas abadías cubertos de inscricións célticas”, expresións que pese á súa boa intención non casan co que historicamente xa está comprobado.

Filgueira sitúase noutro marco moito máis críble. Sen os reparos filosóficos de Risco e Otero, tan opostos ao coñecemento racional aínda que moi confusos sobre as alternativas gnoseolóxicas, Filgueira mantense firme na defensa do pensamento científico tradicional e procura na definición da identidade marcar os, para el, fitos fundamentais. Como a súa pretensión, *hic et nunc*, é a defensa da integridade doutrinal do corpus católico aceptando a súa fundamental xerarquización que arranca do Romano Pontífice e se compendia no ensino dos bispos, guieiros pastorais pero tamén políticos da conxuntura española, vese na obriga de fundamentar a responsabilidade da xerarquía eclesiástica. Por iso reformula a definición da nosa identidade introducindo entre os caracteres fundamentais a catolicidade. Atentar contra a catolicidade é atacar na súa propia entraña a Galicia negándolle un dos seus caracteres fundacionais.

⁷⁰ Otero Pedrayo, R., *Ensaio histórico sobre a cultura galega*, Vigo, Galaxia, 1982, pp. 37-42.

Aínda que nos pareza artificiosa, e sen dúbida o é, esta construción da identidade galega, estamos ante un discurso novo, orixinal, que casaba coas demandas dos nacionalistas católicos, non dispostos a acatar a estratexia dun Partido Galeguista e que foi o que determinou a constitución da efémera Dereita Galeguista, reveladora de moi escasa incidencia deste sector no nacionalismo galego.

X.R.F
(Catedrático emérito de Universidade de Santiago de
Compostela)

A XEIRA NACIONALISTA DE FILGUEIRA VALVERDE (1920-1936)

JUSTO BERAMENDI

Como confesa el mesmo en canta ocasión lembra publicamente ao seu mestre tanto de novo (Filgueira, 1929) como de vello (Filgueira, 1983: VII-VIII, 1985), Xosé Fernando Filgueira Valverde (1906-1996) entrou en contacto co nacente nacionalismo galego principalmente a través do maxisterio de Antón Losada Diéguez, que chegou en outubro de 1919 ao Instituto de Pontevedra, procedente do de Ourense. Ademais de absorber íntegro o nacionalismo tradicionalista e socialcatólico de Losada e de relacionarse cos poucos *seniors* das Irmandades da Fala que residían na cidade, como Castelao, aquel Filgueira adolescente tamén colaborou en moitas das empresas que naceron da mente inqueda do seu mentor neses anos e nos seguintes: as revistas *Nós* e *Alborada*, a Sociedade Coral e Polifónica, o Museo de Pontevedra, o Apostolado Social e Litúrxico destinado a galeguizar a Igrexa e semente da revista *Logos*, etc. Especial interés ten para nós a “Xuntanza de Estudos e Investigacións Históricas e Arqueolóxicas”, que varios membros do clube Karepas, un cenáculo que se reunía na rebotica de Xaquín Maqueira, decidiron crear en 1922. Amén do propio Losada, formaron parte desa xuntanza Castelao, Iglesias Vilarelle e algúns mozos, entre eles Filgueira. Non fixeron moito pero polo menos lanzaron unha iniciativa que foi precedente inmediato da fundación un ano despois do Seminario de Estudos Galegos, no que se integrou o grupo pontevedrés (Filgueira, 1987: 104-105). Antes de describir a relación política daquel mozo co nacionalismo galego, vou facer unha breve caracterización da súa ideoloxía de base porque a primeira sería inexplicable sen coñecer a segunda.

***A imago mundi* católico-tradicionalista**

En indiscutible continuidade cos seus precedentes inmediatos da fase rexionalista, a tendencia tradicionalista das Irmandades da Fala mantén a “concepción católica do mundo” como núcleo central da súas ideas e actitudes políticas. É certo que nalgúns, nomeadamente en Risco, soan de cando en vez ecos do seu irracionalismo xuvenil, pero son un compoñente claramente secundario que, ademais, pouco ten que ver con Filgueira. En

todo caso, para todos eles o catolicismo é o legado maior da tradición. Pero é algo máis. É tamén a forma ideal de civilización futura, a mellor matriz cultural e social de entre todas as posibles. Por iso os dez asinantes da *Afirmación católica dun grupo de nacionalistas* (entre eles Filgueira, Risco, Otero Pedrayo e Ramón Cabanillas), perante a “loita que se está rifando no curazón mesmo da vella Cristiandade antre a conceición católica do mundo e da sociedade e a conceición laica e materialista”, prometían o 25 de outubro de 1931 loitar ata o final polo triunfo da primeira “e do sistema de valores éticos, estéticos e científicos que o catolicismo cría e representa”, pois, entre outras cousas, ese sistema constituía o auténtico fundamento “do ser íntimo e tradizoal da nosa Terra”, o que neles era como decir de todo o seu ser.

Deste convencemento de base derivan, por un lado, unha determinada visión do nacionalismo galego e, polo outro, un conxunto de diagnoses e remedios dos males da sociedade presente. No que atinxe á primeira, entendían que “para a creación nacional é indispensable a base social cristiana, católica, sin a que non poderemos facer nada” (Iglesia Alvariño, 1934). Verdade que para eles era aínda máis evidente no caso de Galicia, como aseguraba o manifesto fundacional da Dereita Galeguista (1936a) de Risco, asumido tamén pola Dereita Galeguista de Pontevedra que encabezaba Filgueira: “Nós afirmamos a consubstancialidade da nosa cultura enxebre, da nosa estrutura social autóctona e dos intreses morales e materiaes do noso pobo labrego e mariñeiro coa concepción católica do mundo e da sociedade humán”. Polo tanto, o nacionalismo galego, instrumento maior da defensa e realización da nación, debía inspirarse nesa *imago mundi*, o que non impedía asumir plenamente tamén a idea dunha Galicia-nación obxectiva e de base étnica e o programa reivindicativo deseñado na Asemblea Nacionalista de 1918 para a consecución dun Estado galego federado e con altos niveis de soberanía non cedida.

En efecto, a *Teoría do nacionalismo galego* de Risco (1920) deixaba sentada a obxectividade da nación galega, a súa independencia ontolóxica respecto da vontade humana e, por ende, das continxencias políticas. Filgueira Valverde (1932b) exprésao máis claramente se cabe:

A unidade nacional de Galicia subsiste por riba da vontade e da concencia dos individuos que forman a súa poboación. Pode sentirse ou pode esquecerse. Pode confesarse ou pode negarse [...] Pero se mantén no devalar dos séculos, como un ser vivo,

como unha nota distinta no acorde da creación. Galicia é unha nación sin nós; mais non será endexamais unha Patria sin o noso esforzo, sin un grande esforzo de todos nós.

Por outro lado, o seu idealismo católico lévaos a pensar que a raíz última de todos os problemas é moral e, no que respecta ao mundo contemporáneo, que a causa dos seus moitos e graves males está en que, como decía Losada en 1923, “o perfeccionamento da técnica non vai paralelo ó perfeccionamento moral do home”. Esta situación podía verse tamén como unha pugna entre tradición e modernidade, entre conservación e transformación. E eles, naturalmente, apostaban pola primeira. Porén, a negación dos beneficios do cambio histórico non lles impedía aceptaren, cun realismo lúcido de abondo, a irreversibilidade dese cambio en moitos aspectos, o inevitable desguace dun mundo vello que en Galicia aínda alentaba pero tamén se esfarelaba día a día. Mais unha cousa era aceptaren a inevitabilidade do cambio e outra a súa univocidade. A adaptación do seu tradicionalismo ás novas realidades procuraba xustamente facelo máis eficaz para alcanzaren o seu grande obxectivo: condicionar as transformacións en curso de modo que estas deixasen en pé o máis posible de todo aquilo que, na súa opinión, debía ser conservado ou restaurado. E neste sentido, Filgueira, que para algo era dunha xeración posterior, será dos que adopten posturas máis flexibles e adaptativas, como teremos ocasión de comprobar tanto pola súa traxectoria política como polos escasos textos programáticos que produciu neses anos. Adaptabilidade que o situará nos lindeiros da democracia cristiana, a forma evolutiva máis avanzada do socialcatolicismo na Europa do momento.

Isto é moi claro no *Manifesto* co que pretende xustificar a súa escisión do Partido Galeguista (Dereita Galeguista, 1935) cando entra en dúas das cuestións máis candentes da España da II República: o modelo de sociedade e o modelo de democracia. E así, logo de afirmar que se pode “concebir unha socialización sin marxismo” e de criticar o capitalismo pola súa tendencia á concentración e por ser responsable da “inxusticia anticristián da vida económica do noso tempo”, oferta a alternativa: “NIN SOCIALISMO NIN CAPITALISMO: COOPERATIVISMO [...] Nin capitalismo nin socialismo: democracia de pequenos propietarios e de produtores orgaizados cooperativamente que teñan da actividade económica

un concepto subordinado ao senso moral dos fins humanos”. En realidade, está a aceptar o capitalismo como algo irreversible e como mal menor fronte ao colectivismo, pero procurando frear a súa expansión e a súa tendencia á concentración para retrotraelo gradualmente a unha situación de predominio dos capitais privados pequenos e medios. Para conseguilo mesmo poderían nacionalizarse as grandes empresas da industria e dos servicios, o que, unido á creación masiva de cooperativas tanto na agricultura coma na industria e ao fomento dos pequenos produtores independentes, xeraría finalmente unha estrutura social na que os sectores maioritarios serían o pequeno campesiño propietario, o artesanado reciclado e a pequena burguesía. O auténtico proletariado e os grandes empresarios serían secundarios. E todo o conxunto estaría outra volta baixo a tutela ideolóxica da Igrexa católica. Neste escenario sería viable que unha elite nacionalcatólica e neofidalga exercese o seu maxisterio e, por que non, tamén o poder político.

Como se organizaría politicamente esa sociedade ideal? Nisto son moito menos claros e, dende logo, as negacións predominan sobre as afirmacións. Por un lado, é evidente a renuncia ao anacrónico neocarlismo dos seus predecesores. Igualmente clara é a repulsa da auténtica democracia liberal, e máis aínda se é laica, así como das ditaduras do momento, fosen comunistas ou fascistas (por certo, estas últimas son calificadas de “burguesas”), de onde se deduce a alternativa dunha democracia diferente, que se deixa nunha nebulosa envolta en boas palabras (Dereita Galeguista, 1935):

A conceición cristián do home, o respecto á súa personalidade moral e o cumprimento dos fins individuais, a subordinación da organización política á liberdade, opóñense á concepción do Estado fascista que absorbe o cidadán e descoñece os seus dereitos naturais.

Nin marxismo nin fascismo; nin ditadura proletaria, nin ditadura burguesa. Democracia política como expresión axeitada a un estado social de respecto á personalidade humana[...]

Nas Irmandades da Fala

Coa maior parte destas ideas xa na cabeza, Filgueira chega a Santiago no outono de 1922 para iniciar os seus estudos de Filosofía e Letras. Uns meses antes, en febreiro, as Irmandades da Fala saíran partidadas

en dúas da súa IV Asemblea, celebrada en Monforte. Dun lado, case toda a IF da Coruña, a máis numerosa e mellor organizada con moito, e algunhas agrupacións menores dos arredores, nas que predominaban os demócratas partidarios de competir nas eleccións e, se era necesario, aliarse cos republicanos. Do outro lado, as restantes IF de Galicia, nas que convivían demócratas e tradicionalistas pero todos seducidos de momento polas teses abstencionistas e illacionistas de Risco e Losada que, en nome da pureza do nacionalismo, pretendían sobre todo bloquear calquera entendemento coa esquerda liberal española. Estas últimas acordaron ademais reestruturarse nunha nova organización, a Irmandade Nazionalista Galega, presidida polo primeiro. Ninguén pode sorprenderse ao ver o nome de Filgueira na lista de afiliados á Delegación da ING de Santiago, relativamente numerosa para o que eran as IF.⁷¹ Nun principio Filgueira non salienta pola súa actividade política que, en todo caso, queda interrompida para todos coa chegada da Ditadura de Primo de Rivera en setembro de 1923. A partir desta data o único campo posible de acción é o cultural, un campo que será intensamente cultivado polos irmandiños. Xusto un mes despois do golpe de Estado, o 12 de outubro, Filgueira protagoniza con outros oito compañeiros unha das iniciativas máis fecundas do nacionalismo deses anos: a fundación do Seminario de Estudos Galegos no Castro de Ortoño, a carón da casa onde Rosalía viviu de nena.⁷² Aqueles mozos, case que todos con menos de vinte anos, conscientes de que eles non podían dirixir tamaña empresa, ofreceron de contado a presidencia ao catedrático Armando Cotarelo Valledor, a quen sucedería o vello rexionalista Salvador Cabeza de León. En pouco

⁷¹ Contaba con 68 afiliados, dos que 33 eran estudantes universitarios, a maioría das facultades de Dereito e Filosofía e Letras máis algúns de Medicina. Entre eses estudantes, á parte dos fundadores do SEG que mencionamos despois, non eran poucos os que despois acadarían certa sona, como Xesús Ferro Couselo, Antonio Fraguas, Salvador García-Fernández de Bodaño, Urbano Lugrís o Juan Rof Carballo. Había ademais nove comerciantes ou pequenos empresarios, oito artistas (Asorey, Eiroa, Ángel Brage, Camilo Díaz, Rodríguez Bonome), cinco empregados, tres profesores, tres autónomos e diferentes profesionais.

⁷² Os nove eran: Xosé Filgueira Valverde, Fermín Bouza Brey, Wenceslao Requejo, Xosé Pena, Luis Tobío, Ramón Martínez López, Xulián Magariños Negreira, Francisco Romero de Lema e Alberto Vidán Freiría. Para un estudio polo míudo da estrutura, acción e evolución do SEG, vid. Alfonso Mato (2001).

tempo o SEG agrupou a todos os estudosos galeguistas ou afíns. Malia a súa falta de sintonía co novo réxime, que mesmo provocou no outono de 1926 que algúns primorriveristas pedisen ao Rector da Universidade que fose disolto, conseguiu sobrevivir á ditadura e consolidarse. A ausencia de apoios oficiais e a escasez de medios no lle impediron crear seccións de Ciencias Naturais, Ciencias Aplicadas, Xeografía, Etnografía e Folklore, Historia, Prehistoria, Arqueoloxía, Filoloxía, Historia da Literatura (que dirixiría Filgueira), Arte e Letras, e Ciencias Sociaes, Xurídicas y-Económicas.

Os anos 1924-1929 foron de eclipse político forzado e ademais Filgueira marchou a Zaragoza rematar a súa carreira de Filosofía e Letras, cousa que fixo en 1927, con 21 anos. Pero non se desvinculou dos seus como demostran as súas colaboracións n' *A Nosa Terra* e *El Pueblo Gallego*.⁷³ En 1928 retornou a Pontevedra como profesor axudante de literatura no Instituto. Estaba no lugar adecuado para participar no reagromar do nacionalismo que tivo lugar durante a “Ditablanda” incorporándose ao grupo de mozos que protagonizaron unha fonda renovación xeracional dos cargos directivos e dos cadros medios do nacionalismo no período republicano. E tamén participou noutro fenómeno que se produciu neses anos de transición no seo das IF: certa reactivación do catolicismo militantemente galeguista, encarnada nun pequeno número de cregos que se achegaron ao galeguismo nos últimos anos vinte e que, logo da morte de Losada en 1929, teñen en Otero Pedrayo e Filgueira os seus mellores interlocutores seglares. Neste grupo salienta o crego compostelán Paulino Pedret Casado, quen en decembro de 1928 publica n' *A Nosa Terra* un artigo titulado “As dereitas e o galeguismo”. A redacción da revista acolleu ben este achegamento clerical pois “dende agora xa non será unha cousa vagorosa a eistencia do elemento católico –actuando como tal– no noso movemento”. Non sabían eles os disgustos que o tal elemento ía dar ao Partido Galeguista anos despois. Mais de momento, Pedret e afíns facían patria cos seus pronunciamentos públicos, como a conferencia sobre galeguismo que pronunciou en 1929 María Pura Lorenzana na Casa Social Católica Femenina de Santiago. Ou coa fundación de *Logos*.

⁷³ Ademais publicou en *Nós* trece colaboracións sobre cántigas, lendas, arte e historia entre o nº 21 de 15-IX-1925 e o nº 104 de 15-VIII-1932.

“Boletín católico mensual”, codirixida dende Pontevedra por Filgueira e Iglesias Vilarelle e destinada a promover a conciencia galeguista entre o clero e os fieles de Galicia.⁷⁴

No abreinte da República

O nacionalismo galego reagromou con forza a partir do verán de 1930 nas provincias de Pontevedra e Ourense, onde os irmandiños rexeitaron maioritariamente a vía adoptada pola IF de Coruña de converxencia cos republicanos de Casares Quiroga para formar a ORGA, un partido híbrido, máis autonomista que nacionalista, que debilitou moito a reactivación propiamente nacionalista nas provincias da Coruña e Lugo. Pero en Pontevedra capital os labores de reorganización foron demorándose, malia a existencia dun nutrido grupo de galeguistas, algúns de moito peso. Será necesario o estímulo decisivo da proclamación da República para que aparezan as primeiras siglas pontevedresas deste período de transición. A primeira iniciativa, na que Filgueira tivo moito que ver, creou unha entidade, Labor Galeguista, a medio camiño entre a política e a cultura, que en todo caso presentábase como non partidaria, como se os vellos medos a espantar a xente cunha opción política abertamente nacionalista seguisen aínda moi vivos nalgúns. Na Asemblea celebrada o mesmo 14 de abril foron aprobados os estatutos e o regulamento. Neste último indicábase que LG non era un partido político senón unha agrupación que pretendía “reunir hombres de tendencias opuestas e influír en el sentido gallego de cuantos partidos se formen en nuestra tierra”. Con tal fin prevía realizar e difundir estudos sobre a lingua, a cultura e a economía de Galicia, así como a organización de conferencias, debates, exposicións e outras actividades de teor similar. En realidade estaba concebida como unha sorte de filial do Seminario de Estudos Galegos pero cunha vontade algo maior de proxección pública. A composición da Xunta Directiva elixida

⁷⁴ Publicou 49 números, redactados íntegramente en galego, entre xaneiro de 1931 e abril de 1936. Ademais dos artigos asinados co seu nome, Filgueira publicou baixo o pseudónimo de J.[uan] Acuña a sección de bibliografía, unha serie sobre mosteiros galegos e algún noticioso cultural. A revista acolleu nas súas páxinas a todos os católicos galeguistas que tiñan algo que decir. Vid. o índice de autores na edición facsímile feita por Ed. Sotelo Blanco, Barcelona, 1983, 2 vols.

nesa asemblea constituínte demostra que participaban deste afán todas as tendencias ideolóxicas dos nacionalistas da cidade.⁷⁵

Non obstante, nos seus pronunciamentos públicos máis importantes, por exemplo nas Bases que elaborou para a asemblea pro-Estatuto de 4 de xuño na Coruña, o peso do sector conservador resulta dominante. A esta asemblea, promovida polo sector ex-nacionalista da ORGA, LG acudiu representada por Filgueira e Alexandre Bóveda, aínda que este último, un dos máis activos no debate xunto co orguista Lois Peña Novo, actuou na práctica exclusivamente como voceiro do texto do Seminario de Estudos Galegos (do que era co-autor). Estaba claro que as Bases de LG respastaban máis ao pensamento de Filgueira e se ben en moitas cousas coincidían co proxecto do SEG, noutras deixaban traslucir posturas propias do tradicionalismo. Por exemplo, ao contrario que o texto do SEG e que o programa de Lugo, non falaban para nada da igualdade política da muller, nin do tipo de sufraxio, nin do sistema electoral.⁷⁶ En todo caso, estas diferencias non tiveron consecuencias prácticas porque o texto aprobado na asemblea foi o presentado pola ORGA, que tampouco serviu para moito pois estaba redactado sobre o suposto dunha República Federal que non sería tal.

Pero, por moito que Labor Galeguista cubrixe ben a “fronte cultural”, era evidente que a situación esixía organizacións plenamente políticas. Máxime perante as inminentes eleccións a Cortes Constituíntes, convocadas para o 28 de xuño. E dado que a circunscrición electoral pasaba a ser provincial, resultaba preciso unificar os diversos grupos locais da provincia. Con tal fin, seguindo o exemplo do que xa fixeran os ourensáns, celebrouse o 20 de maio na capital a asemblea constituínte do Partido Galeguista de Pontevedra con asistencia de delegacións de Arbo, Barro, Bueu, Cangas, Catoira, A Estrada, O Grove, Marín, Mondariz, As Neves, Portas, Pontevedra, Vigo e Vilagarcía. O programa centrabase na consecución da autonomía para Galicia dentro dunha República federal española e no demáis repetía os contidos básicos do Manifesto de 1918. Presidido por Pedro Basanta del Río, enxeñeiro de

⁷⁵ Presidente: José García Vidal, funcionario da Deputación e avogado; Secretario: Xosé Filgueira, profesor de Instituto; Tesoureiro: Claudio Losada, médico; Conselleiros, Xerardo Álvarez Limeses, inspector de ensino primario; Alfonso R. Castelao, funcionario de Facenda; e Cruz Gallástegui, enxeñeiro agrónomo.

⁷⁶ Unha descripción máis detallada desta asemblea e dos contidos dos seus debates en Justo Beramendi (2007: 811-818).

montes da Deputación, na Secretaría Xeral aparecía a figura emerxente de Alexandre Bóveda, probable redactor duns estatutos moi similares aos do Grupo Autonomista Galego de Vigo, que presidía Valentín Paz Andrade.⁷⁷

Nun movemento paralelo, o 1º de xuño formouse o Grupo Nazonalista Galego de Pontevedra, expresión local do PGP, promovido por unhas 20 persoas, a maioría coincidente cos socios de Labor Galeguista e no que, polo tanto, estaban presentes tamén a esquerda e a dereita do nacionalismo da vila. Por primeira vez, Castelao aparece encabezando unha dirección política.⁷⁸ Obviamente, as actividades principais tanto do PGP como do GNGP nas semanas seguintes foron a campaña electoral e a organización do nacionalismo na provincia, en ambos casos en estreita colaboración co GAG de Vigo que, dada a súa maior entidade, conservou unha notable autonomía de acción dentro do PGP.

Como sabemos, estes esforzos tiveron a súa recompensa o 28 de xuño. Castelao foi elixido deputado a Cortes pola provincia de Pontevedra dentro da Candidatura Galeguista e Ramón Otero Pedrayo pola de Ourense en nome do PNRO (Partido Nazonalista Republicán de Ourense). Por primeira vez na súa historia o nacionalismo galego obtiña como tal representación en Madrid. E a estes dous había que sumar outros dous persoeiros das IF que ían nas listas da ORGA, Antón Villar Ponte e Ramón Suárez Picallo, dispostos tamén a loitar polo Estado galego na Federación española.

É de salientar que Filgueira non asume de momento cargo directivo ningún, pero iso non lle impide “mollarse” publicamente cando o considera necesario. E naqueles meses primeiros da República non se podían aforrar esforzos para incidir no proceso constituínte en marcha. E así, o 25 de xullo 1931, mentres no mítin do GAG de Vigo na Barxa, Paz Andrade reclamaba unha autonomía maior que a contemplada no documento aprobado na Coruña, Filgueira avogaba en Pontevedra polo despertar da conciencia nacional nos galegos.

⁷⁷ Formaban tamén parte da directiva do PGP, entre outros, o mestre e avogado Xosé Núñez Búa, director do colexio León XIII de Vilagarcía, e o poeta Ramón Cabanillas.

⁷⁸ O resto do Consello Executivo estaba integrado polo funcionario de Facenda Antonio Iglesias Vilarelle (Vicepresidente), o mestre Xan Vidal Martínez (Secretario), o empregado Sergio Sánchez Puga (Depositario), Eduardo A. Ferrín (Contador), Lois Pintos Fonseca (Bibliotecario) e como conselleiros o profesor universitario Sebastián González García-Paz e o médico Carlos García Cabezas.

Filgueira e o Partido Galeguista

Pero a República deseñada por esas Cortes non foi nin federal nin totalmente centralista, senón un híbrido, chamado Estado Integral, que permitía unha autonomía política limitada a aquelas “rexións” que demostrasen unha moi maioritaria vontade autonomista en tres pasos. No primeiro, máis da metade dos concellos nos que residise unha maioría cualificada da poboación deberían aprobar en asemblea un proxecto de Estatuto de Autonomía. No segundo, polo menos dous tercios do censo electoral debería dar o si a ese proxecto nun referéndum convocado polo goberno central. Por último, o Congreso dos Deputados aprobaría, rexeitaría ou modificaría o Estatuto antes de que entrase en vigor.

Este tipo de descentralización quedaba moi por baixo do reivindicado nos programas nacionalistas, pero menos daba unha pedra. Galicia nunca tivera autonomía, así que mellor isto que nada, pensou a maioría dos galeguistas. Un mal menor que tampouco non era doado conseguir porque as arelas de autonomía non eran precisamente acuciantes nin nos partidos nin na sociedade galega. De aquí a urxencia de que o nacionalismo, moi fragmentado a esa altura, se dotase dun instrumento organizativo eficaz que actuase de motor do proceso autonómico. Por fortuna esta vez os intereses nacionais prevaleceron sobre diferencias ideolóxicas, retesías e vellas feridas, que non eran poucas. A iniciativa para a unificación partiu do Partido Galeguista de Pontevedra, que convocou a todas as organizacións nacionalistas existentes a unha asemblea a celebrar os días 5 e 6 de decembro –1931– nesa cidade. Asistiron case todos os grupos e tamén boa parte dos que se embarcaran na ORGA e a foran abandonando nos meses anteriores (por exemplo, Suárez Picallo, Víctor Casas e Ánxel Casal) en vista de que os republicanos de Casares Quiroga non cumprían os seus compromisos fundacionais respecto do autogoberno de Galicia. E como sabemos nesa reunión naceu o Partido Galeguista.

Agora si que Filgueira actuou en primeira liña. Foi Labor Galeguista a encargada de redactar o proxecto de programa (Partido Galeguista, 1931a) e foron Filgueira e Xosé García Vidal quen o defenderon na asemblea. As delegacións máis activas na presentación de emendas foron as da Coruña (Suárez Picallo e Víctor Casas), Vigo (Paz Andrade), Santiago (Luis Tobío) e Pontevedra (Alexandre Bóveda e Castelao). Se comparamos o proxecto co texto finalmente aprobado

pola asamblea (PG 1931b) atoparemos poucas diferencias, aínda que algunhas son significativas:

– No principio segundo, “Galicia pobo autónomo”, substitúese a vaga formulación do proxecto (“Libre gobernación dos intereses galegos pol-o pobo de Galicia”) pola máis contundente de “Autodeterminación política de Galicia dentro da forma de goberno republicana”.

– Introdúcese o principio cuarto, “Galicia, democracia política.- Democracia política contra individualismo; liberdades individuais contra as dictaduras”, que non figuraba no proxecto. Trátase obviamente dunha corrección que os demócratas maioritarios fan ao texto escrito por dous tradicionalistas, que era deliberadamente elusivo neste asunto fundamental.

– Modifícase a definición do principio quinto e último, “Galicia, célula de universalidade”, mantendo o anti-imperialismo e o pacifismo, pero substituíndo “super-estatismo” por “federalismo internacional”, horizonte este moi querido por algúns membros da xeración máis nova, como Tobío e Fernández del Riego.

– Na cuestión dos foros introdúcese, a proposta de Luis Tobío, “a extinción forzosa das rendas sen que se faga a costa do pequeno propietario rural”. É tamén a primeira vez que un programa nacionalista sae da tradicional ambigüidade perante as diferentes fórmulas de redención e o fai en sentido moi favorable ao labrego.

– Engádese o punto: “Incorporación a Galicia das terras colindantes que teñan comunidade étnica, histórica e lingüística con ela, sempre que se determinen a elo por medio de plebiscito”.

– No punto 2º do capítulo de Cultura, substitúese “gratuidade, obrigatoriedade e liberdade do ensino en Galicia” por “Soberanía de Galicia para determinar a orientación das súas institucións pedagóxicas”.

No seu conxunto, o programa aprobado amosa unha continuidade básica co que xa coñecemos do nacionalismo anterior. E así volvemos atopar o núcleo central das súas reivindicacións clásicas, algunhas adaptadas na súa formulación á nova situación política: autonomía “integral” dotada das máximas competencias posibles dentro da Constitución “como aspiración mínima e inmediata”, supresión das Deputacións, autonomía municipal, recoñecemento da parroquia como entidade administrativa básica, democracia política plena, sistema financeiro de concerto co Estado, reforma

tributaria progresiva, fomento do cooperativismo, oficialidade do galego e regaleguización educativa e cultural.

Pero xunto a estes temas vellos aparecen outros novos. Por primeira vez, o traballador urbano está presente cun capítulo no que se pide o recoñecemento dos dereitos sindicais, un réxime “integral” de seguridade social e a participación dos obreiros nos beneficios das empresas. O mesmo espírito reformista inspira as medidas en favor de arrendatarios agrícolas e foreiros, así como unha ampliación do dereito de expropiación “que faga posible a socializacións das riquezas naturais i-empresas económicas e unha extensa municipalización de servizos públicos”.

Este era o proxecto político polo que Filgueira, malia as reservas ideolóxicas que puidese ter nalgúns puntos, traballou nun principio con total lealdade e asumindo responsabilidades de dirección con eficaz dedicación. En efecto, na asemblea fundacional non houbo tempo de aprobar os Estatutos nin o organigrama dos que só se discutiron os criterios, pero si foi elixido un Consello Executivo, con mandato até a asemblea seguinte e ao que se encomendou a redacción dos estatutos de acordo cos principios alí establecidos. A composición do CE⁷⁹ era integradora en todos os sentidos, pois procuraba o triple equilibrio xeracional, territorial e ideolóxico. Pertencían tamén ao CE, con voz pero sen voto, os deputados Castelao, Otero Pedrayo e Suárez Picallo. Non así Antón Villar Ponte, que se mantería fiel durante toda a lexislatura ao seu compromiso coa ORGA-FRG.

Por último, o CE elixía de entre os seus membros unha Secretaría Executiva formada por catro secretarios: o Xeral (Pedro Basanta), o de Organización (Alexandre Bóveda), o de Propaganda (Xosé Núñez Búa) e o Técnico, que recaeu en Filgueira coa encomenda de redactar, axudado por asesores, informes, declaracións e proxectos de lei. O poder interno concentrábase, como vemos, no grupo pontevedrés que protagonizara a fundación e máis concretamente no binomio formado por un demócrata (Bóveda) e un católico-tradicionalista (Filgueira), pois os outros dous tiñan un perfil político moito máis baixo.

⁷⁹ Manuel Banet Fontenla, que actuara como presidente da asemblea, Manuel Lugo Freire, Plácido R. Castro, Luis Tobío, Ricardo Carballo Calero, Ramón Martínez López, C. Alonso Ríos, Vicente Risco, Valentín Paz Andrade, Pedro Basanta, Xosé Filgueira Valverde, Xosé Núñez Búa, Víctor Casas, Álvaro das Casas e Alexandre Bóveda.

A vida interna do partido transcorreu durante 1932 cunha excepcional placidez, á que contribuíu poderosamente a gran ilusión común de facer avanzar a autonomía até a gran vitoria da Asemblea de Municipios que o 17 de decembro aprobou en Compostela o proxecto de Estatuto a someter a referéndum. Días antes celebrouse a II Asemblea do PG (Santiago, 10-11 de decembro) na que aparentemente todo foi como a seda. Nos doce meses anteriores a segunda gran tarefa, despois da de impulsar a autonomía, fora a construción do partido. E non dun partido calquera. A dirección esforzouse en todo momento en crear un tipo especial de militante. Son moi ilustrativas neste sentido as minuciosas instrucións que Filgueira, na súa condición de Secretario Técnico, dá a tódolos grupos co gallo da II Asemblea (PG, 1933a: 11). Lembra en primeiro lugar a obriga de asumir un ideal patriótico que faga do PG o embrión dunha identidade galega alternativa á española. Con tal fin

Os Grupos manterán a súa tensión máxima opoñéndose á dirección espiritual de Galicia pol-os homes, pol-as publicacións ou pol-os orgaismos alleos [...] O desprecio sistemático dos falsos valores cosmopolitas, a crítica das modas de intelectualismo “local”, a resistencia ás direccións domiñantes na sede do Poder central serán imperativos da nosa actuación. Frente a esta dominación do alleo temos que erguer a exaltación da nosa dinidade colectiva, o afinamento ó chan, o agarimo do noso: o orgulo da galeguidade. [...] Conservado nos medios rurales, mantendo no paisano a concencia da súa superioridade sobre os señoritos alleeiros e a gabanza de usar a súa fala, de vivir no seu casal, de dar continuidade á tradición dos seus costumes, facendo compatibre cos meirandes avances técnicos e sociais o apego aos valores enxebres da vida galega.

En segundo lugar, había que situar a unidade dos nacionalistas por riba de calquera motivo de división, cultivando o espírito de agarimo e respecto para con todos os que asumían a nación galega por moito que se puidese discrepar noutras cuestións:

Ningunha virtude racial ha sere tan estimulada pol-o Grupo como a da toleranza. Porque toda a nosa historia é trunfo da mutua comprensión, craro siño diferencial do noso pobo. A eficacia dos mesmos Grupos é froito da compenetración de

homes de diversas tendencias que sin afogar as suas creencias relixiosas, nin abdicar dos principios sociais, calquera que sexan unhas e outros, axúntanse diante da obriga comun de un ideal patriótico. Fuxindo, pois, de todo afondamento das divisións espirituales de Galicia, que poidan amingoar a unidade do noso pobo, compre cos Grupos, i-os mesmos afiliados, refusen sempre calquer actuación que poida impricar persecución ou violencia nos eidos do esprito.

E en terceiro lugar, a acción política debía ir orientada á “Sustitución da *política vella* pol-a *política de ideal*” e, en consecuencia, os afiliados debían asumir que formaban parte da

minoría directora da política de galeguización, cuia forza estribará sempre non no número dos afiliados senón na súa compenetración e na súa disciplina, na outura dos seus valores e na fe galega dos seus “oners”. Pol-o contrario do que soen facer as clientelas políticas, os Grupos do Partido non encamiñarán o seu proselitismo de afiliación na masa de xentes non formadas no galeguismo, ou de deformada concencia política, senón especialmente nos medios políticamente vírxes, na mocidade sobre todo, i-entre aqueles mozos que veñan a nós mais limpos de cobizas e mais preparados pra seren dirixentes da nova política [...] Porcurarase nas masas populares unha adhesión á idea galeguista i-un sentimento de simpatía cara o Partido, que faga froitosas as nosas propagandas, pero debe cuidarse que as xentes distinguan nidiamente as diferencias que arredan as nosas organizacións das clientelas políticas, para que ninguén veña a nos en percura de protección, de sona ou de medro, sinón disposto a todo sacrificio. Pra o galeguista non existe o degoiro do poder i-a realización do ideal é obra de xeneracións, que non outorga o trunfo fácil.

Latexa aquí con forza a visión elitista da acción nacionalista, que xa coñecemos e que nunca abandonou totalmente a mentalidade dos dirixentes do PG. Unha visión, por un lado, concordante co tipo de militancia que querían, pero por outro lado contraditoria coa necesidade de construír un partido de masas, único modo de competir con éxito no escenario da República. A propia dinámica de crecemento encargárase de crear nas bases do PG, como noutras forzas políticas, unha dualidade entre os auténticos militantes e os simples afiliados. No mesmo documento Filgueira marca

ademais as principais liñas de acción das agrupacións locais: defensa da democracia republicana, loita pola autonomía e mellora das condicións de vida do pobo, nomeadamente dos labregos.

Nesa II Asemblea producíronse cambios relevantes na composición da dirección. Pedro Basanta deixou a Secretaría Xeral, á que accedeu Bóveda. Plácido R. Castro substituíu a Bóveda na Secretaría de Organización. Xosé Núñez Búa pasou da de Propaganda á nova Secretaría Política e un afiliado de perfil político baixo, Miguel Rodríguez, foi elixido para a de Propaganda. E aínda que Filgueira continuou na Secretaría Técnica, esta recomposición, sumada aos cambios no Consello Executivo fixéronlle perder peso político.

Pero isto non pareceu afectar á unidade que a dirección do partido amosaba cara ao exterior, como se puxo de manifesto días despois na Asemblea de Concellos. Concretamente Filgueira, na discusión das atribucións da Rexión, para deixar claro que as cesións do PG nas negociacións do Estatuto eran puramente tácticas, fixo constar en acta que o PG presentara emendas de máximos en todos os artigos dese Título que foran rexeitadas por incompatibles coa Constitución. Esta unidade da secretaría colexiada tamén se manifestaba cara adentro, como demostran dous episodios. O 29 de maio de 1933, na época de máxima confrontación do PG cos de Casares Quiroga polas dilacións indebidas do goberno central na convocatoria do referéndum do Estatuto, Bóveda anotou no seu diario que ese día recibira a visita dun afiliado de Lugo, o viaxante Reinaldo Gómez Neira, quen lle informou do achegamento “das forzas autonomistas”, coas que se fixo un escrito de censura ao gobernador civil. Era probable que dimitisen varios concelleiros por mor de incompatibilidades, que serían suplidos por nomeamento gubernativo, e que se lles ofrecese algúns ós galeguistas. Preguntou se debían aceptar e Víctor Casas, Filgueira e Bóveda dixéronlle que non.

O segundo episodio ten que ver co crecente descontento de parte dos nacionalistas católicos coa evolución da República e coa fidelidade republicana do PG. En realidade, o pleito esquerdas-dereitas no seo do partido, aparentemente expulsado pola porta en 1931, volvía a entrar pola fiestra. O 20 de maio de 1933, Bóveda anotaba no seu diario que, despois de falar con Risco por teléfono, este deixaba sen efecto unha carta dirixida ao Consello Executivo, da que descoñecemos o contido pero que, polo contexto, so podía conter a súa dimisión dese órgano. Dous días despois Johan Carballeira publicaba en *El Pueblo Gallego* o artigo “Nosotros solos.

Pero en dos frentes”, no que insistía na tese da superación do dilema esquerdas-dereitas, insistencia que demostraba que iso da superación só era un bo desexo. Polo visto, o artigo foi moi comentado entre os afiliados. E o día 29, no local do partido, Bóveda tivo unha longa conversa sobre esta mesma cuestión con Víctor Casas, Filgueira Valverde e outros “e tódolos mozos presentes entenden que hoxe, máis que nunca, compre camiñarmos xuntos, co noso Programa, e que os descontentos se vaian”. A disciplina de Filgueira e a súa sintonía con Bóveda seguían intactas de momento.

Pero a vitoria en toda España e en Galicia das forzas antiautonomistas de centro (Partido Republicano Radical de Lerroux) e de dereita (a CEDA de Gil Robles) nas eleccións xerais de novembro de 1933 repercutiron no PG erosionando a unidade previa. Co novo goberno non había nin que pensar en que se celebrase o referéndum do Estatuto. A consecución da autonomía alonxabase *ad calendas graecas* e isto destruíu o principal motivo dos tradicionalistas para contemporizar con demócratas e laicos no partido. E estes empezaron a comprender que non habería autonomía para Galicia mentres continuasen as dereitas no poder, o que implicaba que o PG debería renunciar á súa equidistancia e achegarse ás esquerdas españolas para negociar con elas a culminación do proceso autonómico unha vez recuperado o goberno. Había que elixir entre a paz interna do partido e a autonomía de Galicia.

A manifestación pública destas diferencias non foi inmediata, pero os primeiros sinais chegaron cando non pasaran nin dous meses da desfeita de novembro que deixara ao PG sen un só deputado en Madrid. Foi na III Asemblea (Ourense, 13-14 de xaneiro de 1934), na que se debatiu a “posición política” do partido. Suárez Picallo e a agrupación de Pontevedra propuxeron que o PG, amén de recabar para Galicia “a súa máis plena autodeterminación política”, adoptase unha postura de inequívoca defensa da democracia republicana, o que implicaba unha oposición sen concesións ao actual goberno dereitista e centralista e a procura de entendementos coas forzas da esquerda española. Vicente Risco dixo que, dadas as circunstancias, estaba disposto a aceptar ese plantexamento sempre e cando non significase modificación algunha no programa ou na táctica do partido nin “estado de violencia pros que teñen puntos de vista diferentes”. En todo caso, o fundamental para el era manter a unidade do partido. Segundo o cronista, a asemblea premiou estas “xenerosas concesións de táctica” do “mestre” cunha

“férvida salva de aplausos”. Defenderon, en cambio, o puro continuismo algúns dos seus seguidores da agrupación de Santiago e outros militantes, como Iglesia Alvariño, que recuperou a retórica de 1922 afirmando a primacía do nacionalismo puro e a conveniencia de que o PG non se aliase con ninguén até resolver o problema nacional de Galicia. A necesidade de unirse a quen combatían ás dereitas españolistas para poder vencelas foi argumentada por Víctor Casas e Xerardo Álvarez Gallego. Finalmente Bóveda resolveu o enfrontamento proponendo que os interviñentes se reunisen en ponencia para redactar unha declaración de común acordo. E así foi feito. Pola tarde aprobouse por unanimidade o texto da declaración, que contentaba aos discrepantes no primeiro apartado (ratificación de todos e cada un dos puntos do programa) pero no segundo daba vía libre ao cambio que preconizaba a dirección pois afirmaba que o PG “estima urxente a súa colaboración táctica co aquiles partidos actuantes en Galicia, republicanos e autonomistas, que, como nós, consideren necesario combatir as forzas que se opoñen ao conqwerimento da nosa autodeterminación, da republicanización indispensable de Galicia e da precisa diñificación da súa vida política”.

Malia este inestable acordo sobre o papel, quen realmente saíron gañadores da asemblea foron os demócratas, que nas eleccións dos órganos de dirección se fixeron co control total do Partido. O retroceso da dereita foi rotundo. Coa Secretaría ampliada a sete membros, nin Filgueira nin Núñez Búa foron reelixidos, e entraron tres persoas da corda de Bóveda, que pasou á Secretaría de Organización: o seu cuñado Xerardo Álvarez Gallego, Sebastián González e nada menos que Castelao na Secretaría Política. A elección de Aquilino Iglesia para o posto menor de delegado nas Mocedades e a do moderado Manuel Gómez Román para a secretaría xeral non compensaron o abrumador peso que a esquerda do partido tería na dirección a partir dese momento, máxime tendo en conta que na IV Asemblea, en atención a gravidade da situación política, esta directiva sería reelixida en bloque, coa única excepción precisamente de Aquilino Iglesia, pois o seu posto deixou de existir pola independencia orgánica que quixeron asumir as Mocedades. E por se isto fose pouco, Risco renunciou ao seu posto no CE e Otero Pedrayo non se incorporou á dirección, pese que xa non era deputado e podía facelo. O temón da nave quedou nas mans do tándem que formarían no sucesivo Bóveda e Castelao.

A fenda aberta en Ourense foi ancheándose ao longo de 1934. A política represiva do goberno, que culminou co desterro de Castelao e Bóveda so pretexto dos sucesos de outubro de 1934 nos que o PG non tivera participación algunha, alimentaba a deriva cara a esquerda da nova dirección, deriva que á súa vez agravaba o descontento dos católicos. En novembro, nas súas cartas de apoio persoal a Castelao e Bóveda polo seu desterro, Risco vía todo negro e manifestabase desmoralizado e anoxado: “cada día me sinto máis arredado de canto sinifique políteca”.⁸⁰ Pero non tan arredado como para non seguir bombardeando a Castelao, agora en Badajoz, contra a deriva á esquerda, polo que este tivo que xustificala unha vez máis en razón de que o PG recibira os golpes dende a dereita. Se os recibise dende a esquerda, a cousa sería ao revés. “Galiza é un país de centro, no social e no económico, e o galeguismo non poderá ser outra cousa”.⁸¹

Pero Risco non se limitaba a laiarse por carta. As acochadas fixo en febreiro o primeiro amago de organizar unha escisión, pero fallou porque ninguén quixo seguilo. E algún incluso foille co conto a Castelao, quen reaccionou indignado usando por primeira vez co seu antigo mentor un tono desabrido e desafiante, acusándoo de sectarismo (“tua nova manía de escomungar do galeguismo a quen non pense coma ti”) e de divismo (“a ti o que che gusta é esto que estás facendo”) e guindándolle ao final todo un órdago: “Desfai o Partido dunha vez. Déixate de Lerias e ponte ó frente de quen che siga. Léivate contigo o mellor que temos e esterilízalle as enerxías que teñen”.⁸²

En Pontevedra, as augas tamén andaban revoltas, aínda que Filgueira Valverde se mantiña caladiño de momento. Unha carta do vello Xerardo Álvarez Limeses ao seu xenro Alexandre Bóveda, escrita na estela da xornada de afirmación democrática do 14 de abril de 1935, permítenos facernos unha idea dos sentimentos dalgúns galeguistas.⁸³ Decía que os mítins e manifestacións conxuntas estaban a ser protagonizadas polos comunistas e

⁸⁰ Carta manuscrita a Alexandre Bóveda. Ourense, s.d. (ca. 14-XI-1934). Fundación Penzol-Colección A. Carta manuscrita a Castelao, s.l., s.d. (Ourense, ca. 14-XI-1934) Fundación Alexandre Bóveda.

⁸¹ Carta a Ramón Otero Pedrayo, Badajoz 10-I-1935 (Castelao, 2000: VI, 238-241).

⁸² Carta a Vicente Risco (Badajoz), 1-III-35. (Castelao, 2000: VI, 245).

⁸³ Datada en Poio o 19 de abril. Fundación Alexandre Bóveda.

que o seu fillo, Xerardo Álvarez Gallego, andaba moi disgustado con esas cousas. “Eiquí estamos resoltos a irnos do partido Filgueira, meu hirman Xosé, meu fillo Xosé M^a, os dous Caramés, Sesto e outros xovenes que non podemos ver con bos ollos a entrega do galeguismo ós enemigos da Relixión. Coidamos que isto retrasará a Autonomía mais inda que a traxese non a queremos a conta de descatolizar máis do que xa descatolizaron aos nosos labregos que non han ter compesazón cos bens materiais que de ela veñan cos espirituais que perden, que é perdelo todo”. El deixaba de pagar as cotas, pero seguía coa subscrición d’*A Nosa Terra* e si “fai falla axudar a soste a Víctor Casas o farei tamén gostoso pero outra cousa non”. Non lle gustaba a idea de crear un partido de dereitas, porque el considerábase de esquerda agás na cuestión relixiosa mais cría que era inevitable.

O choque frontal chegou só un día despois, na IV Asemblea (Santiago, 20-21 abril 1935), en ausencia dos desterrados Bóveda e Castelao. A dereita, encabezada por Otero Pedrayo, plantou batalla aberta contra a alianza con Izquierda Republicana que estaba negociando a dirección e declarou que marxismo e galeguismo eran incompatibles. Con todo, o propio Otero prometeu que acataría disciplinadamente a vontade da maioría. E a maioría, logo de escoitar os argumentos de todos, decantouse claramente por esa alianza, por entender que, dada a viraxe autonomista de IR, era a única vía para chegar á aprobación definitiva do Estatuto para Galicia. Aparentemente o perigo de escisión estaba conxurado, pois na asemblea ninguén falou de marchar. Pero a escisión, aínda que minúscula, só tardou tres días en producirse, e chegou encabezada por alguén que permanecera en silencio durante todos os debates: Xosé Filgueira Valverde, quen xustificou astutamente a decisión de escindir⁸⁴ non tanto pola deriva esquerdizante senón polo suposto sucursalismo en que estaba caendo o PG respecto da esquerda española. Segundo el, o partido tiña dous camiños: “o de se manter neutral nas loitas da política española, insistindo na creación de unha nova política galega, fóra das clasificacións ao uso en Madrid, en cuio caso contaría sempre con todos nós, ou o de se inclinar a un dos dous bandos na loita civil entabrada en Hespaña”. Tomada a segunda opción, era imprescindible, segundo el, que dentro do galeguismo xurdise un polo de dereitas para

⁸⁴ Carta mecanografada ao Secretario Xeral, Manuel Gómez Román. Pontevedra, 24-IV-1935. Fundación Alexandre Bóveda.

mantelo equilibrado e con posibilidades de futuro. Confesábase católico pero nunca dos que combatían coa forza a quen pensaba doutro modo. Tamén era nacionalista, tanto que o Programa de Acción do PG fora obra súa. E como nacionalista quería que o PG se mantivese independente da política madrileña. Segundo el, n' *A Nosa Terra* aparecían agora “moitas frases [que] son un desteñado calco da ideoloxía de *Heraldo de Madrid*”. O mesmo acontecía coa adhesión da última asemblea do PG ao manifesto das esquerdas do 14 de abril. E isto implicaba entre outras cousas opoñerse á revisión da constitución, cousa que era contraria ao programa do PG, que só aceptaba o Estado integral como mal menor e como etapa intermedia cara un maior autogoberno. Anunciaba a aparición dun partido galeguista de dereitas, que sempre colaboraría co PG nos obxectivos comúns a prol de Galicia.

Gómez Román enviou de contado esta carta a Cádiz, e Bóveda concedeu algúns días para redactar unha contundente resposta ao propio Filgueira⁸⁵ na que procuraba desmontar punto por punto a argumentación xustificativa da escisión e rexeitaba de plano as acusacións de desviacionismo e sucursalismo. Bóveda confesaba que el tamén pensara ata 1933 que a opción da neutralidade respecto da política española era a mellor para o nacionalismo pero, á vista dos resultados, acabou comprendendo que, como as loitas políticas de España tamén se libraban, e con moita forza, en terra galega, nada en Galicia podía ser alleo a elas, nin sequera o nacionalismo. “O malo foi que nos decatamos d-ista gran verdade demasiado tarde”.

A organización dunha escisión de certa entidade non lle foi doada a Filgueira. Malia as fondas discrepancias, a convicción de que a unidade do nacionalismo era esencial para dar cabo á consecución da autonomía era moi forte. Tamén o sentimento de irmandade que facía moi dolorosa calquera separación. O propio Otero, que coa súa actitude retivo de momento dentro do partido a moitos, confesáballo a Ramón Villar Ponte na súa longa descrición do que acontecera na IV Asemblea.⁸⁶

⁸⁵ Carta de A. Bóveda a Filgueira Valverde. Cádiz, 10-V-1935. Fundación Alexandre Bóveda.

⁸⁶ Carta manuscrita a Ramón Villar Ponte. Ourense, 28 de abril (1935). Fundación Penzol-Fondo Villar Ponte.

Eu, meu vello, non me atrevín a separarme como moitos pensaban. Sin embarcar ao grupo minoritario cuia renda levaba, eu decretei que ficaba no P. Disposto a loitar e predicar dentro de il para levalo co tempo a millor camiño. Comprendo ser unha postura un pouco rara, mais rachábaseme o curazón e endemais Castelao no Porto ao sair pr'o desterro tíñamo pedido. Por outra parte, as dereitas de Ourense agardaban, sorrindo, que eu me fose, e non quixen darlles esa legría aos que me insultaron e caluñaron nas eleccións derradeiras.

Parés que algúns de Pontevedra vánse, ou xa se foron. D'eiquí o Risco pol'o de agora se non vai e parece que ningún outro. Anímaos a esperanza de un troque no rumbo do Consello.

Eu penso que hoxe aínda non é posibele formar outro Partido. De irmos moitos o efecto sería terríbele, ninguén pol'o de agora gañaría. Teño fundamentos para creer que iste ano o P. se non embarcará tan Por outra parte tamén os esquerdistas fan os seus sacrificios.

Eu fico na oposición dentro do Partido disposto a lle bater como pense que se arreda do bo galeguismo, e xa verei dentro d'un ano. Non irei a postos, nin candidaturas, nin mítins. Pro traballarei o que poida. Mais para me afastare agora de Antón, de Castelao, do mesmo Picallo con seus erros –Picallo é curazón xeneroso– non teño peito.

O desengano dos P. de Esquerda non tardará. Ogallá veña longo. E voltaremos a estar sós e co bon que veña.

Esquecíame decirche que Banet, Aquilino e o “vello dos contos” [Xosé Mosquera] non se van.

Con estas contencións, a escisión pontevedresa quedou en case nada. Nunha entrevista que lle fixen hai moitos anos, Daría González García-Paz, irmá de Sebastián e daquela afiliada ás Mocidades Galeguistas, díxome que foi coñecida burlonamente entre os galeguistas demócratas como “os seis Pepes”. En efecto, ese era exactamente o número dos que o 25 de maio asinaron o *Manifesto da Dereita Galeguista de Pontevedra* e deles cinco chamábanse Xosé.⁸⁷ A actividade política deste grupúsculo foi practicamente nula ata febreiro de 1936, entre outras cousas porque Filgueira gañou nese

⁸⁷ Os asinantes eran José García Vidal, Darío Caramés, José Sesto López, José Lino Sánchez, José Filgueira Valverde e José Martínez Tiscar.

ano a oposición á cátedra de Lingua e Literatura Española do Instituto Jaime Balmes de Barcelona, do que logo pasou ao de Melilla, e tivo que andar a cabalo entre Galicia e eses destinos.

Con todo, o nacemento da DGP contribuíu a manter vivo o lume da disidencia de dereitas no seo do PG. O 10 de xuño, *Heraldo de Galicia*, voceiro do grupo de Ourense, saudaba con agarimo o manifesto e no seu editorial de 19 de agosto o semanario amosaba explicitamente a súa afinidade ideolóxica coa nova formación afirmando que o galeguismo “integral” incluía “naturalmente, necesariamente” a intanxibilidade da tradición católica de Galicia e a da súa “peculiar constitución social y económica”. Pola súa parte, *La Región*, que actuaba como voceiro oficioso da CEDA en Ourense, adicáballe o 9 de xuño unha páxina enteira, incluída unha reprodución do manifesto en galego. Meses despois, o 27 de outubro, manifestará a total coincidencia entre a CEDA en Galicia e a Dereita Galeguista, agás na cuestión autonómica, e aproveitará a ocasión para arremeter contra o PG, “caricatura de cualquier partidito subversivo”.

Pero o que eran piropos nas dereitas tornábanse dardos noutras latitudes políticas. Os ataques a Filgueira chovían dende *Ser* e mesmo dende *El Pueblo Gallego*. Nun alarde de *fair play*, Alexandre Bóveda, que rebatira días antes no propio *Heraldo de Galicia* a falacia de que o catolicismo como relixión obrigase a atacar a constitución republicana (1935a), saíu n’*A Nosa Terra* (1935b) na súa defensa lembrando que o escindido fora un dos fundadores do PG e atribuíndolle unha limpa traxectoria galeguista, polo que non cabía apoñer a motivos ruíns a súa posición actual. E dúas semanas despois, o 15 de xuño, *A Nosa Terra* publicaba íntegro o manifesto da Dereita Galeguista, facía un cortés comentario discrepante e incluso desexaba boa sorte ao novo grupo. Mais tamén tiña que parar os tronos externos que a existencia desa DG estimulaba, neste caso decindo nun solto que Isidoro Millán mentía cando afirmaba en *Faro de Vigo* que o PG era un partido marxista, separatista e ateo. Menos amable que a de Bóveda foi a reacción de Castelao (1935) contra o grupo de Filgueira, en forma de undécima entrega da súa serie “Verbas de Chumbo”.

Ao cabo, a diminuta escisión foi un mal moi menor en proporción ao que temía a dirección do PG antes da IV Asemblea e dende logo non estivo entre as súas grandes preocupacións dos meses seguintes. Estas eran basicamente dúas: pechar o pacto coas esquerdas e fortalecer a organización

para que puidese asumir ben os retos que se albiscaban no horizonte. O do pacto non foi doado porque a formación da Fronte Popular (na que entrou Izquierda Republicana) ampliaba aos partidos marxistas os interlocutores cos que negociar e cos que repartir os postos nas candidaturas para as eleccións de febreiro de 1936. Os que lle ofertaron ao PG eran menos dos que correspondían a forza electoral demostrada nas eleccións anteriores pero a alternativa (acudir en solitario) era peor, porque probablemente o nacionalismo non obtería nada e perdería a ocasión de comprometer a republicanos de esquerda, socialistas e comunistas coa autonomía de Galicia. En todo caso, no PG as decisións importantes non as tomaba a dirección, polo que foi convocada unha asemblea extraordinaria para o 25 de xaneiro en Santiago. E alí aprobáronse as condicións para entrada do PG na Fronte Popular e elixíronse os candidatos nacionalistas para a coalición.

Agora si que a alianza cos marxistas era unha realidade e non unha difamación dos inimigos do nacionalismo. Demasiado para algúns. Otero Pedrayo, fiel ao seu compromiso, aturou este novo golpe. Risco, non. Á cabeza dun reducido número de afiliados de Ourense publicou o 8 de febreiro un manifesto (Dereita Galeguista, 1936a), encabezado polas mesmas siglas que adoptaran os escindidos de Pontevedra, no que anunciaba a súa marcha do partido para que o seu nome non figurase na compañía de tan odiados socios. Esta segunda escisión, tamén moi pequena de momento, apenas tivo efecto neses días sobre un PG demasiado ocupado na campaña electoral e quedou máis eclipsada aínda coa vitoria das esquerdas o 16 de febreiro, que devolveu ao nacionalismo os seus tres deputados e reabriu o camiño da autonomía.

E mentres o PG andaba ocupado nas súas cousas, os escindidos tampouco non estaban quedos. Despois do manifesto de 8 de febreiro, e pasado o rebumbio das eleccións, Risco e Filgueira empezaron a organizar amodiño a reducida minoría de galeguistas que decidiu seguir os seus pasos mentres procuraban ampliala mallando cos seus argumentos de sempre sobre o descontento dos católicos de dereita que aínda seguían no partido. Tal facía, por exemplo, Filgueira (1936) dende *Logos* falando da “xusticia enmascarada” das esquerdas e animando aos católicos a non deixarse arrebatado a bandeira da defensa das esencias de Galicia e da mellora do seu pobo traballador, nunha actitude, por certo, moito máis moderna e moderada

dentro do catolicismo político que a belixerancia reaccionaria que daquela animaba a Risco:

Diante das masas que apostatan aldráxase o catolicismo en nome da xusticia social, do pacifismo e da liberdade dos pobos. Cando a xusticia social, o pacifismo i-a liberdade dos pobos son tres postulados criados pol-o catolicismo, que soio baixo a doutrína de Cristo poderán ter de cheo a súa realización.

É tristeiro que as masas coiden que os homes de Cristo son por doutrína e por conducta adversarios dos homildes, partidarios das guerras imperialistas, anciosas de afogar baixo a pouta das forzas cosmopolitas a vida enxebre das culturas vivas. Mais aínda é mais dooroso que o cristiano para oporse ás forzas anticristianas non vexa mellor camiño que o de asumir o rol que esas forzas queiran sinalarlle []

A persoalidade de Galicia que foi unha realidade católica pode trocarse no sulco da loita contra a Eirexa. A defensa das liberdades tradicionais, amparada en todol-os pobos pol-a poboación católica, déixase eiquí en mans dos enemigos da tradición [] Imos deixar que a xusticia sexa patrimonio dos nosos adversarios? Pode perdurar a posición anti-tradicionalista dos católicos galegos? [] Pois Galicia, na súa unidade, na súa lingua e no seu arte é unha criación do cristianismo. E si nesta obra coincidimos cos adversarios do catolicismo, mellor. Si, mellor, mellor, amigos, non vos escandalicedes xa. Que un punto de coincidencia é un precioso punto de apoio para o apostolado. E a nós non nos interesa esfachicar aos enemigos de Cristo, senón convertilos.

O 19 de abril Risco e Filgueira reuniron aos seus partidarios en Ourense, baixo a presidencia do primeiro, para definir a nova organización mediante a aprobación dunhas bases programáticas (Dereita Galeguista, 1936b), que *Heraldo de Galicia* publicou ao día seguinte, e para ir federando a tódolos grupos afíns. Esas Bases, probablemente redactadas por Risco, recuperan a rotundidade nacionalista, algo esvaída no Manifesto pontevedrés do ano anterior, pero, eso si, poñendo claramente de manifesto que a regaleguización do pobo debía estar ao servizo da súa recondución ideolóxica cara o vetusto redil, parcialmente abandonado. E así, logo de reclamar a igualdade lingüística e o ensino do galego en todos os niveis educativos, así

como a protección de todas as manifestacións da cultura galega por parte dos poderes públicos, engaden:

10. Consideramos a Relixión Católica como fundamental da tradición galega enxebre, coa que é consustancial e inseparable. Declaramos que unha auténtica cultura galega ten que estar de cote inspirada na concepción católica do mundo e da vida humán, e no sistema de valores éticos, estéticos e científicos que o catolicismo representa.

E non se conforman con pedir “a sustantividade do dereito civil galego consuetudinario”, senón que ademais esixen “o recoñecimento do costume antergo como fonte de dereito”. Respecto da natureza do sistema político, abandonan as crípticas ambigüidades do Manifesto de 1935 para avogar abertamente pola introdución do voto corporativo como remedio dos supostos males da democracia inorgánica:

Tamén sostemos que, debendo ter Galiza no seu réxime autonómico, un órgano legislativo deliberante, compre evitar que a súa composición sexa escrusivamente de representantes do voto popular inorgánico, senon que nil deben ter unha representación as corporacións que representan intereses económicos e espirituales, pra evitar que Galiza sexa gobernada ao seu xeito polos partidos e fraccións políticas.

Pero non van alén. Dá a impresión de que neste aspecto están sempre á defensiva, conscientes de que os tempos non eran propicios para propor abertamente o sistema político autoritario que concordaba co conxunto das súas posturas ideolóxicas. Proba disto é o contido totalmente decepcionante do apartado “Táctica”:

Condenamos a violencia como procedimento político.

Condenamos a retórica, a sensiblería e a hipérbole.

Condenamos o estilo e o tecnicismo da política hespañola.

Tamaño parto dos montes, vindo de persoas de tan probada intelixencia e experiencia política como Risco e Filgueira, pode indicar ou que non sabían moi ben como atopar unha posición claramente diferenciada do PG naquel difícil escenario político, á parte da cuestión relixiosa e da discrepancia táctica, ou ben que ningún dos dous, e especialmente Risco,

non se tomaban moi en serio aquel invento, logo de comprobaren que non conseguiran provocar unha escisión suficiente para montar unha alternativa sería dentro do nacionalismo galego. Pero polo menos o seu paso serviu para lavar a súa imaxe persoal diante das dereitas españolas. Algo que lles resultará providencial aos dous para salvarse da represión despois do 18 de xullo.

Aprobaron tamén un simulacro de organización elixindo unha directiva presidida, non por Risco, senón polo avogado José Fernández Borrajo, o que resulta significativo de abondo. A nova organización non se amosou moi activa no pouco tempo que mediou entre o seu nacemento e a Guerra Civil. Aínda que non coñecemos con precisión os seus efectivos por falta de fontes, todos os indicios apuntan a que o seu crecemento debeu ser moi escaso, algo por outra parte concordante cunha oferta programática da que os únicos puntos claros tiñan mellores xestores, ora nas dereitas españolas, ora no PG. Ademais dos grupos xa mencionados de Pontevedra e Ourense, só temos constancia da existencia dun terceiro en Santiago, do que coñecemos seis afiliados, dous deles ben veteranos: Manuel Banet Fontenla e Manuel Beiras García.⁸⁸

Como sabemos todos, a relación de Filgueira co nacionalismo galego acabou abruptamente o 18 de xullo de 1936, e sen consecuencias negativas para el. Máis ben o contrario. O que fixo ou non fixo a partir dese día non é obxecto do presente traballo.

X.B.

Referencias

Beramendi, Justo (2007): *De provincia a nación. Historia do galeguismo político*, Vigo, Ed. Xerais.

Bóveda, Alexandre (1935a): “A revisión constitucional e a posición católica de un galeguista”, *Heraldo de Galicia*, nº 232, 20-V, p. 1.

_____ (1935b): “Filgueira Valverde e nós”, *A Nosa Terra*, nº 368, 1-VI, p. 1.

Castelao, Alfonso R. (1935): “Verbas de Chumbo – XI”, *A Nosa Terra*, nº 372, 29-VI, p. 1.

⁸⁸ *Boletín de adhesión a “Dereita Galeguista”*, Santiago 1º abril 1936. Imp. La Ibérica, Franco, 13. AMS-FPI. Os outros catro asinantes eran o mestre Xosé Mosquera Pérez (“o vello dos contos”), Daniel Louzao, Carlos Seijas e Manuel Giménez Puente.

_____ (2000): *Obras*, Vigo, Galaxia, 6 vols + 2 vol. de estudos sobre a obra escrita.

Dereita Galeguista (1935): *Manifesto da Dereita Galeguista de Pontevedra*. Pontevedra, 25 de maio. *A Nosa Terra*, nº 370, 15-VI, p.4.

_____ (1936a): *Dereita Galeguista à opinión galega*. Ourense, 8 de febreiro. Asdo: Vicente Risco et alii, *Heraldo de Galicia*, nº 241, 10-II, p. 1.

_____ (1936b): *Bases para o programa da federación de forzas nacionalistas e galeguistas de dereita, aprobadas na xuntanza de 19 de abril de 1936 en Ourense*, *Heraldo de Galicia*, nº 248, 20-IV, p. 4.

Filgueira Valverde, Xosé (1926a): “Os eidos do galeguismo”, *El Pueblo Gallego*, 9-VI, p. 1.

_____ (1926b): “O P. Sarmiento e a fala galega”, *El Pueblo Gallego*, 20-VII, p. 1.

_____ (1926c): “A laboura do Seminario de Estudos”, *A Nosa Terra*, nº 227, 25-VII, pp. 12-13.

_____ (1927): “A morte branca” [conto], *A Nosa Terra*, nº 238, 1-VII, p. 4.

_____ (1928): “Don Diego Xohan de Ulloa”, *A Nosa Terra*, nº 255, 1-XII, pp. 3-5.

_____ (1929): “Unha lección de Losada Diéguez”, *Nós*, nº 71, 15-XI, p. 204.

_____ (1931): “In festo Bti. Jacobi”, *Logos*, nº 7, xullo, pp. 7-9.

_____ (1932a): “As pelerinaxes a Santiago”, *Logos*, nº 19, xullo, pp. 106-109.

_____ (1932b): “Chamamento aos mozos”, *A Nosa Terra*, nº 297, setembro, p. 1.

_____ (1933): “A nación galega”, *A Nosa Terra*, nº 298, 24-VI, pp. 1-2.

_____ (1933b): “Henri Bremond”, *Logos*, nº 34, outono, pp. 167-169.

_____ (1934): “Lembranza de Lago González, Arcebispo galego”, *Logos*, nº 39-41, marzal-maio, pp. 33-56.

_____ (1935a): “Da vella roseira. Unha cántiga de Alfonso X”, *Logos*, nº 47, outono-Nadal, pp. 94-95.

- _____ (1935b): “Vieiros”, *Ibidem*, pp. 105-107.
- _____ (1936): “Vieiros”, *Logos*, nº 49, marzal-abril, pp. 51-54.
- _____ (1983): “Limiar”, *Logos. Revista de Cultura Relixiosa* [1931-1936], ed. facsímile, Barcelona, Sotelo Blanco, Tomo I, pp. VII-XV.
- _____ (1985): “A miña lembranza de Losada Diéguez”, in Justo G. Beramendi, ed., *Losada Diéguez. Obra completa*, Vigo, Ed. Xerais, pp. 57-66.
- _____ (1987): *Cuarto Adral. Castelao na lembranza*, Sada, Ed. do Castro.
- Iglesia Alvariño, Aquilino** (1934): “Os camiños dos homes e os camiños de Deus”, *Alento*, nº 6, Nadal, pp. 127-140.
- Irmidades da Fala** (1931): *Afirmación católica dun grupo de nacionalistas*, Galiza, 15 de outono. Asinado por: Vicente Risco, Pauliños Pedret Casado, R. Otero Pedrayo, Manuel García, Ramón Cabanillas, X. Filgueira Valverde, Cabada Vázquez, Claudio Losada, A. Taboada Roca, A. Iglesias Vilarelle. En *La Región*, 3-XI, p. 1; e *Logos*, nº 10, outubro, pp. 2-3.
- Mato Domínguez, Alfonso** (2001): *O Seminario de Estudos Galegos*, Sada, Ed. do Castro.
- Lorenzana, Mª Pura** (1931): “Conferencia pronunciada en Santiago en la Juventud Católica Femenina”, *Suplemento de Nós*, nº 30, maio, pp. 1-12; nº 31, xuño, pp. 1-11.
- PG [Partido Galeguista]** (1931a): *Asamblea de Pontevedra. Proyeito de programa que presenta o COMITÉ XERAL DO PARTIDO GALEGUISTA, 5 e 6 de Nadal de 1931*, Pontevedra, s.i., novembro de 1931, 4 pp.
- _____ (1931b): *Partido Galeguista. Declaración de principios. Programa de acción 1931-1932*. Galicia, Nadal de 1931, s.i. 4 pp. Fundación Penzol-Fondo Villar Ponte.
- _____ (1933a): *Partido Galeguista. Documentos I e II Asamblea. 1931-1932*. Santiago, Imp. Nós, s.d. [c. xaneiro], 34 pp. FP-FVP.
- Pedret Casado, Paulino** (1928): “As dereitas e o galeguismo”, *A Nosa Terra*, nº 255, 1-XII, pp. 8-9.
- Risco, Vicente** (1920): *Teoría do nacionalismo galego*, Ourense, Imp. La Región.

O BRUAR DO MAR DA LANZADA

ANTONIO BLANCO FREIJEIRO

No confín occidental da Terra do Salnés, onde a península bañada polas rías de Arousa e Pontevedra fai fronte ao Atlántico, esténdese o areal da Lanzada.

Boa parte do areal cabalga sobre o istmo que leva ao promontorio do Grove. A paisaxe ten alí singular magnificencia; antes de acougar nas rías, o océano fai espectacular alarde do seu poder, e as ondas e os ventos desencadean todas as súas enerxías sobre a terra. O rouco son dos temporais de inverno –“o bruar do mar da Lanzada”– déixase oír a miúdo con ton ameazador nos ámbitos recollidos das rías.

Vindo de Pontevedra a última viliña de pescadores é Portonovo; tras ela, a estrada que bordea o litoral atravesa paraxes escasamente poboadas, onde o labrador ten que defender as súas terras contra o avance das dunas e amparar a súa casa con altas sebes de loureiro contra o vento salobre. A estampa idílica das rías transfigúrase a poucos: os piñeiros vanse facendo máis raros, para acabar por desaparecer; con eles acaban tamén os vilares. O horizonte, sen cimas, ensánchase en amplas e suaves lombas, en praias de crebrante area cristalina e rochas festonadas de espuma. Á volta dun cerro, a paisaxe despréndese dos últimos adobíos e ofrece á vista o panorama despexado da Lanzada e do mar aberto, coas illas de Ons a un lado e, máis distante, a de Sálvora do outro.

A dinámica acción do mar labrou nesta costa unha liña de praias separadas por promontorios que tercamente se manteñen tras o muro de escollos arrincados pola auga da súa entraña granítica. Sobre unha destas rochas érguese a ermida da Nosa Señora da Lanzada; outro acolle unha pequena enseada, onde os pescadores de Noalla resgardan as súas dornas, varándoa na area; a partir de aquí, a concavidade das praias dilátase sen pausa ata o límite da península do Grove.

A.B.F.
(1923-1991)

FILGUEIRA INVESTIGADOR E DIVULGADOR DO FEITO TROBADORESSCO

MERCEDES BREA
ANTONIO GUIADANES
XABIER RON

Introdución

O nome de Xosé Filgueira Valverde vén asociado con frecuencia a unha clara preocupación por definir e dar a coñecer aspectos fundamentais da lírica dos trobadores e xograres galegos e portugueses, tales como principios literarios, configuración tipolóxica ou estruturación temática, así como descrición da trabazón retórica e conceptual.

Nunha contribución deste tipo non é posible afondar en todas as vertentes do método empregado por Filgueira á hora de estudar o corpus lírico e os seus axentes, polo que se pretenderá unicamente achegar un bosquexo esencial para determinar se ese método tiña rigor científico, isto é, se estaba apoiado nas achegas máis determinantes do método científico do momento. Tratarase, pois, de comprobar como dialogaba o filólogo cos estudosos contemporáneos e de analizar como evolucionaba a súa propia configuración metodolóxica ao longo das décadas en que Filgueira Valverde desenvolveu a súa tarefa divulgadora; e, máis en concreto, tentarase ver cales foron os seus fundamentos teóricos á hora de establecer as biografías de trobadores e xograres e tantas outras condicionantes históricas da nosa lírica⁸⁹.

Para realizar este bosquexo tivéronse en conta os diferentes artigos reunidos en dous volumes que recollen traballos seus espallados en revistas, homenaxes e obras de diferente tipo: *Sobre Lírica medieval gallega y sus perduraciones*, editada en 1977 pola Editorial Bello e *Estudios sobre lírica*

⁸⁹ Pódese completar esta perspectiva coas ofrecidas por M. Brea, “D. Xosé Filgueira Valverde e a lírica galego-portuguesa”, en *Xosé Filgueira Valverde, 1906-1996. Un século de Galicia*, Pontevedra, Museo de Pontevedra, 2007, pp. 212-241; e Elsa Gonçalves, “D. Xosé Filgueira Valverde e a lírica trovadoresca galego-portuguesa”, en *Memorial Filgueira Valverde. Lírica medieval galego-portuguesa*, Pontevedra, Universidade de Vigo, 2002, pp. 25-40.

medieval. Traballos dispersos (1925-1987), editado por Galaxia no ano 1992⁹⁰. Como manifesta Basilio Losada no prólogo desta segunda obra, “recolle este volume un feixe de traballos dispersos, aparecidos ao longo de máis de cincuenta anos, toda unha vida. Estes dispersos veñen vertebrados nunha liña temática fundamental: a lírica galego-portuguesa do Medievo”. Sinala este mesmo autor que “a súa contribución fundamental na *Historia General de las Literaturas Hispánicas* orientou moitas vocacións docentes e curiosidades de lector” (p. 11).

1. Filgueira e os textos trobadorescos

Nun artigo de 2000 en que a profesora Elsa Gonçalves analizaba o concepto e a práctica da antoloxía, destacaba a importancia de observar a práctica filolóxica dos antólogos e de poñer en relevo as tendencias destes, especialmente aquelas que “têm a ver com a exactidão do texto das cantigas (respeito ou, pelo contrário, indiferença relativamente aos problemas de edición)”⁹¹. Do mesmo xeito que a investigadora portuguesa promulgaba que, para que unha antoloxía poida cumprir as súas finalidades didácticas, esta “deve ter como base uma boa edição crítica de cada texto escolhido. Aliás, uma edição crítica bem feita deve e pode ser a fonte, não só de todas as antologias, mas também de todas as edições comerciais e traduções” (p. 104), este precepto pode ser aplicado a calquera traballo, xa sexa de corte temático, xenérico, histórico, etc., en que se cite textos medievais.

Agora ben, nos comezos do século XX eran contados os autores e os textos para os que os investigadores dispoñían dunha boa edición crítica individual; apenas tiñan fixado con rigor filolóxico o texto crítico das cantigas de amor establecidos por Michaëlis⁹² (1904), ás que tivo acceso Filgueira, e a edición en alemán das cantigas de Don Denís,

⁹⁰ A relación completa das achegas de Filgueira pode verse en M^a Jesús Fortes Alén (ed.), *Ó Dr. Filgueira Valverde nos seus noventa anos (1906-1996). Bibliografía. Traballos. Eloxios*, Pontevedra, Caixa de Aforros de Pontevedra, 1996.

⁹¹ E. Gonçalves, “O conceito e a prática da antologia”, en *Filologia, Literatura e Linguística. Colóquio Internacional. Curia, 1997. Comemorações do Centenário do Nascimento do Professor Doutor Manuel Rodrigues Lapa*, Porto, Fundação Engenheiro António de Almeida, 200, pp. 95-108.

⁹² C. Michaëlis de Vasconcelos, *Cancioneiro da Ajuda*, Halle: Max Niemeyer, 2 vols. [reprint, 1990, Lisboa: Imprensa Nacional-Casa da Moeda].

levada a cabo por Lang⁹³ (1894), ou a de Joán García de Guillade, da autoría de Nobiling⁹⁴ (1908). Pasados os vinte primeiros anos dese século, aparece a edición das cantigas de amigo de Nunes⁹⁵ (1926-1928) e das de amor, do mesmo autor⁹⁶ (1932), que non editara Michaëlis. Como sinala Gonçalves (1997: 104), despois de 1965, trala publicación da edición das cantigas de escarnio levada a cabo por Lapa, os investigadores teñen á súa disposición “além das edições colectivas por géneros, um certo número de boas edições críticas individuais e de estudos sobre textos isolados que permitem aperfeiçoar as leituras oferecidas pelas preciosas edições de Carolina Michaëlis, de Nunes e de Lapa”.

A un investigador que trate sobre un aspecto calquera das cantigas medievas, como a un organizador dunha antoloxía (Gonçalves 2000: 107-108), presupónselle que “seja capaz de interpretar os textos que escolheu, isto é, capaz de entender, não apenas o sentido global da mensagem, mas também as suas componentes semânticas, linguísticas, métricas e retóricas. Por isso, não raro, ver-se-á obrigado a sujeitar a leitura proposta pelo editor crítico escolhido a um novo esforço ecdótico, ou então a declarar honestamente as suas dúvidas”. Temos, pois, nestas palabras da estudosa portuguesa as claves e os preceptos que deben guiar calquera estudo de investigación.

Con este punto de partida cómpre analizar cál foi o comportamento de Filgueira nalgún dos seus estudos: recorría ás fontes manuscritas?, citaría polas obras ás que tiña acceso en cada período vital?, dialogaba coas lecturas propostas por outros editores?, seguíaas fielmente?, etc.

Cando Filgueira, alá polos anos vinte do século pasado, comeza as súas publicacións sobre o trovadorismo galego-portugués, os textos fiables aos que podía ter acceso eran, efectivamente, moi poucos, e este é un feito que non se debe obviar: cada editor ou cada estudoso debe ser avaliado dentro das coordenadas espazo-temporais en que levou a cabo a súa investigación.

⁹³ , H. R., Lang, *Das Liederbuch des Königs Denis von Portugal*, Halle: Max Niemeyer.

⁹⁴ O. Nobiling, “As cantigas de D. Joan García de Guilhade, trovador do século XIII”, *Romanische Forschungen*, 25, pp. 641-719.

⁹⁵ J. J. Nunes, *Cantigas d'Amigo dos trovadores galego-portugueses*. Edición crítica acompañada de introdución, comentáριο, variantes, e glossáριο, Lisboa: Centro do Livro Brasileiro, 3 vols.

⁹⁶ J. J. Nunes, *Cantigas d'Amor dos trovadores galego-portugueses*. Edición crítica acompañada de introdución, comentáριο, variantes, e glossáριο, New York: Kraus Reprint C.O.

Desde os primeiros artigos que publica, Filgueira reconece o maxisterio de Carolina Michaëlis, “cuyo nombre tiene que consagrar siempre la apertura de nuestros trabajos” (1977: 10), cando trata de temas do noso cancionero medieval. Ademais de Michaëlis, nos seus primeiros traballos debían de ser contadas as edicións ás que pode recorrer. A darlle validez a esta afirmación pode axudar que no extracto do traballo que presentara ao *Seminario de Estudos galegos* no curso 1925-1926, e publicado no nº 37-38 da revista *Nós*, titulado “A paisaxe no Cancioneiro da Vaticana”, o estudoso afirme que non cita as pasaxes textuais coa grafía do códice tal e como se atopan na edición paleográfica de Monaci nin coa “restitución portuguesa” que fixera Theophilo Braga⁹⁷ (1878) na súa edición, “senón coa [grafía] galega vulgar actual”. Así, os vv. 1-2III de V464 “Por deus ay mha filha fazeda baylada / anto uossa migo de so amil granada” transfórmaos, máis ou menos acertadamente, en *Por Deus, ai, miña filla, faced’a bailada / ante o voso amigo so la flor granada*. Nesta cita parece seguir con fidelidade o establecemento textual errado de Braga, que transforma a lección manuscrita *milgranada*⁹⁸ en *flor granada*.

No artigo de 1944 publicado en *Cuadernos de Estudos Galegos documentais* titulado “Novos rastros documentais de xograres galegos” percíbese que os criterios de cita sofren certos cambios que tenden a conservar grafías con valor fonolóxico como a grafía <ss> intervocálica co valor de fricativa apical xorda fronte a súa sonora correspondente, en *passastes, assí, vossa*, etc.; ou <ç> fronte <z> en *coraçon*, xa non a representar a grafía corrente na época en que Filgueira escribe.

En 1958 sae do prelo en *Compostellanum* o artigo “Poesía de Santuarios”, onde continúa utilizando estes mesmos criterios de citación. Seguindo de novo a Braga, comete certos erros, como o da substitución da expresión *ben leu* en rima por *ben oll’eu*, feito que deixa o verso hipémetro e sen o sentido que lle ofrece o provenzalismo. A cantiga é atribuída polo mestre a Pedro d’Ardía⁹⁹; a lección do v. 2IV de V709 reza *benlheu*. Noutras

⁹⁷ T. Braga, *Cancioneiro Portuguez da Vaticana*. Edição crítica restituída sobre o texto diplomático de Halle, acompañada de um glossario e de uma introdução sobre os trovadores e cancioneros portugueses, Lisboa, Imprensa Nacional.

⁹⁸ Segundo Nunes, no *Glossário ás Cantigas d’amigo dos trovadores galego-portugueses*, o seu significado é ‘romanzeira ou romeira’.

⁹⁹ O nome do trobador estableceuse como Pero de Berdía.

ocasións parece cometer os erros típicos dun copista, como os dunha simple *transmutatio* en *ca sigo levou* no canto de *ca levou sigo* no v. 31 de V854, ou por *subtractio* en *Se o el-Rey non o levase* en lugar de *Se o el-Rey sigo non levase*, no v. 4 da mesma peza, que produce un verso hipómetro; no primeiro verso da finda de V597 realiza unha *transmutatio* nas dúas palabras finais do verso polo que a palabra en rima e, consecuentemente, a rima do verso desaparecen: “Ca o viron cuidar, e sei eu ben / que non cuidava já en outra ren” pasa na súa cita a “Ca o viron cuidar, e sey ben eu / que non cuidaba ja en outra ren”. Todos estes problemas poden ser atribuídos a pequenos despistes facilmente explicables, unha vez que o seu propósito non é o de editar ou establecer un texto crítico, senón o de facer un artigo de corte temático.

De 1978 é “As festas do tempo nos cancioneros galego-potugueses”, Lección inaugural do curso académico da Universidade a Distancia, no que, falando das festas, afirma o mestre que nelas non faltaba o amor. Cita para facer tal afirmación a peza tardía interpolada entre as de Roí Martinz do Casal transmitida en B1164quinquies e V770. O verso en cuestión é segundo el “Ben oxo amei, ben jantei eu”. A peza epigramática foi editada por Braga (770), os Machado¹⁰⁰ (1113) e por Macchi¹⁰¹ (10). Filgueira ofrece en nota as referencias dos dous manuscritos e dos Machado, polo que se pode confrontar o establecemento que do texto fixeran Braga e os Machado (a edición de Macchi é posterior): “hoy já m’ey, hoy ja m’ey eu” (Braga) e “Ben a j amey, ben jantey eu”. Como se pode apreciar, nesta ocasión Filgueira parece interpretar directamente a lección dos manuscritos, aínda que tendo en conta tamén a lectura dos Machado. Macchi establecería en 1966 o texto do verso como “Beyja-me y, bejar-t’ey eu”, advertindo que a lectura que propón con todas as reservas está baseada sobre todo no cancionero vaticano; a día de hoxe, tanto este verso como outros desta cantiga aínda non posúen unha edición crítica completamente satisfactoria. Neste mesmo artigo dá conta tamén Filgueira de que coñece –e suponse que emprega– a edición de Lapa das cantigas de escarnio, pois ofrece a referencia da obra do mestre portugués en nota, malia que cambie e interprete a edición de acordo aos criterios que el emprega cando cita as cantigas.

¹⁰⁰ E. Machado e J. P. Paxeco-Machado, *Cancioneiro da Biblioteca Nacional (Antigo Colocci-Brancuti)*, Lisboa, Edição da Revista de Portugal, 1949-1964, 8 vols.

¹⁰¹ J. Macchi, “Le poesie de Roi Martins do casal”, *Cultura Neolatina*, 26, 1966, pp. 1-29.

En 1991 publicábase a *Obra en galego de Francisco Xavier Sánchez Cantón*, e o encargado da introdución da obra foi Filgueira. Nestas páxinas preliminares recolle o autor unha anécdota que será ben traer a colación porque poderá proporcionar algo de luz sobre o seu método de traballo. O mestre recorda unha mañá que traballa “frente por frente [con Sánchez Cantón (1891-1971)] no Museo, el nun artigo sobre pintura do XVII; eu, na transcripción dunha cantiga de Roi Paes de Ribela”. Advirte entón que xirou cara a el “a fotocopia” e que lle dixo:

– Perdoa, ¿Que lerías: “De Vil’Hanrique”, “Sevill’Anrique”, “sevillán hi fique”, “Sibila...”?

Voltou a folia dicindo:


– “Cala, cala que por esas e outras cousas, adiqueime eu a Velázquez”.

Non sabemos que ano sería este en que ambos os colegas traballaban xuntos no Museo de Pontevedra; podemos saber, porque el nolo di, que a fotocopia contiña polo menos unha cantiga de Roí Páez de Ribela pero non sabemos cál era a fonte da que se sacou a fotocopia que menciona Filgueira; e tampouco sabemos cál será o significado que para el tería o termo *transcribir*. Empezando pola última cuestión, *transcribir* pode significar, segundo a RAG, ‘Copiar [un texto] co mesmo sistema de escritura ou con outro distinto’.

A peza á que fai referencia de Roí Páez de Ribela¹⁰² é *Mala ventura mi venha*, transmitida só no Cancioneiro da Biblioteca Vaticana (na col. a do fol. 166r), que na edición de Monaci reza baixo o número 1026. A cantiga é a primeira que das deste trobador se copia trala rúbrica atributiva de man de Colocci: *Roy Paez de rribela*. Se temos en conta que a edición facsimilar deste cancionero data de 1973, e dado que Sánchez Cantón morreu en 1971, deberemos supoñer que a fotocopia da que dispuña Filgueira era unha copia dun orixinal ou unha reprodución dun microfilme? Podería ser. Agora ben, quizais sexa máis fácil pensar que de onde transcribe é da edición paleográfica que deste cancionero fixera Ernesto Monaci en 1875.

A lección manuscrita do códice vaticano é máis ou menos clara:

¹⁰² A edición do trobador levouna a cabo Mario Barbieri en 1980, “Le poesie di Roy Paez de Ribela” no nº XXVII de *Studi Mediolatini e Volgari*, pp. 7-104. O autor tamén foi o encargado de realizar a voz para o *Dicionário da Literatura Medieval Galega e Portuguesa*. G. Lanciani e G.Tavani (org.), Lisboa, Editorial Caminho, 1993.



Ferna descalho me p'ra
se eu p' seuyllhani riq'
damores ey mal.

A transcrición que deste verso fai Monaci na súa edición paleográfica do códice é: *se eu pr seuyllhani riq seuyllhani riq*. Tendo en conta que a secuencia <nr> na época medieval se escribe <nrr> e tendo en conta tamén que o erro de <i> por <r> é habitual non será estraño que nunha lección *seuyllhanrriq̃*, presente no antecedente do códice vaticano, o copista deste teña errado e copie *seuyllhani riq̃*, como transcribiu Monaci, ou un *seuyllharariq̃*, como cremos que tamén se podería interpretar o paso do códice colocciano, lección en que teriamos un erro de <ra> por <nr>, posibilidade que tampouco sería estraña ao proceso de copia.

As variantes que da lección ofrece Filgueira ao seu colega (“de Vil’Hanrique”, “Sevill’Anrique”, “sevillán hi fique”, “Sibila...”) non deixan de ser posibles interpretacións da lección manuscrita, isto é, posibles lecturas dunha lección que para Filgueira viría deturpada no códice; a primeira delas coincide coa que ofrece Braga na súa edición. Agora ben, con simples erros de copia cabe deducir que debaixo do paso do códice estaría a lección do orixinal *seuyllhanrriq̃*, que se pode establecer como Sevill’Anrique. En efecto, esta constitúe a lectura presente nas edicións críticas máis fiables que do texto se teñen feito (Lapa¹⁰³ e Barbieri). O investigador italiano considera que a persoa que se podería agochar debaixo deste antropónimo sería *Sevilha Anrique*, unha muller que documenta en Burgos en 1258, 1280 e 1282, recibindo doazóns de Afonso X. A “fotocopia” á que se refire Filgueira debía de conter

¹⁰³ M. Rodrigues Lapa, *Cantigas d’escarnho e de mal dizer dos cancioneiros medievais galego-portugueses*, Lisboa, Edicións-Edições João Sa da Costa, 1965

a edición paleográfica de Monaci, pero é máis que probable que outra das fontes ás que tiña acceso fose a edición de Braga.

A maior parte dos comentarios de Filgueira son útiles e case sempre fiables, como se ten demostrado en estudos posteriores que parten dos seus para darlle un novo pulo ao tema investigado polo erudito; as súas ideas son en moitas ocasións unha fonte de estímulo que retoman os investigadores para afondar nun determinado tema. Nalgunhas ocasións declara o seu propósito e manifesta que “este traballíño valla para vezar aos nosos investigadores e editores a unha das xeiras máis proveitosas. A par dos clásicos, o maxisterio da fala acouga no *verbo antigo*. Vímolos ben claro nunha lixeira ollada aos Cancioneiros do medioevo” (1992: 182). E quizais radique nestas palabras do mestre o cerne das súas publicacións: abrir camiño para investigacións futuras, que percibía como moi necesarias. Filgueira non analiza en profundidade; tende máis ben a ollar por riba (normalmente, con gran perspicacia e unha boa dose de intuición baseada na súa erudición) a materia sobre a que vai tratar, para ofrecer unhas pinceladas sobre o que el considera máis importante, sen entrar en maiores afondamentos que os que a súa bagaxe lectora e intelectual lle consenten; aínda así, as súas achagas –incluso as de mocidade– seguen a ser, en xeral, válidas e hai que recorrer a elas moitas veces como punto de arranque para achegarse a certas parcelas dos temas que trata, pois non son, en ningún caso, traballos baleiros de contidos.

Traballar na actualidade no establecemento textual da lírica trobadoresca galego-portuguesa non deixa de ser un labor de precisión; poderíase dicir que o 99,9% de calquera cantiga trobadoresca posúe un texto completamente fiable e que só esa pequenísima porcentaxe restante responde á minucia, ao afinamento que o filólogo debe introducir na lección manuscrita na busca do *locusi criticus* que lle permita xustificar a súa intervención, pois resulta evidente que realizar unha intervención polo mero feito de intervir non debe ser o principio que guíe a man do que manexa os preceptos da crítica textual. Como sinalou Gonçalves¹⁰⁴, se de algo non se ocupou Filgueira foi de editar a produción trobadoresca, e no mesmo sentido maniféstase Brea¹⁰⁵, que afirma que este feito débese a que sus intereses eran muy variados y (aunque no fue en absoluto indiferente a los problemas

¹⁰⁴ D. Xosé Filgueira Valverde e a lírica galego-portuguesa, p. 214

¹⁰⁵ D. Xosé Filgueira Valverde e a lírica galego-portuguesa, p. 214.

inherentes a la tradición manuscrita) lo condujeron preferentemente a ocuparse de cuestiones relativas a las formas métricas, a los géneros o al contenido. Nos ha legado brillantes pinceladas sobre los aspectos más diversos (incluso, en ocasiones, insospechados), que han contribuido enormemente a mejorar nuestros conocimientos sobre la lírica gallegoportuguesa, gracias a esa fina intuición que poseía y que combinaba armoniosamente con una cultura exquisita y una curiosidad atenta a los más pequeños detalles, lo que le permitía hallar interpretaciones atinadas a pasajes difíciles, como esa cantiga de Fernan Soarez de Quinhones.

2. Filgueira e as biografías trobadorescas

Neste apartado atenderase á forma como emprega Filgueira os datos históricos e prosopográficos nos artigos “El planto en la historia y en la literatura gallega”, (1977:9-115), “Novos rastros documentais de xogrades gallegos” (1992: 45-51)¹⁰⁶, “Poesía de santuarios” (1992: 53-69)¹⁰⁷ e “Joan de Gaia, ‘seguida de escarnio’” (1992: 209-226)¹⁰⁸.

No primeiro destes artigos (“El planto en la historia y en la literatura gallega”), publicado en 1944, o filólogo reúne diversas mencións documentais ao redor das seguintes figuras: Palla, Airas Nunes, Lopo, Per Amigo de Sevilla, Pero Moogo, Mestre Joan e “varios cantores”¹⁰⁹. Para a súa confección, o estudioso galego atendeu tanto a rexistros documentais inéditos coma a rexistros bibliográficos publicados. Así, no rango da primeira categoría é posible advertir como Filgueira Valverde recolleu datos procedentes de tres fondos:

Arquivo da Catedral de Lugo: a través do *Rexistro de Piñeiro* (notas 4, 5, 7, 11, 32, 34 e 35) e do *Tumbo Novo* (notas 9, 10 e 30), que emprega para suxerir hipóteses identificativas sobre Palla (notas 4, 5 e 7), sobre Lopo (notas 9, 10 e 11), sobre personaxes definidos na documentación como cantor (notas 30, 32, 34, 35).

¹⁰⁶ Publicado inicialmente en *Cuadernos de Estudios Gallegos*, fascículo 1, ano 1944.

¹⁰⁷ .Viu a súa primeira publicación na revista *Compostellanum*, VIII, 4º, 1958, pp. 271-ss.

¹⁰⁸ Figura por primeira vez na obra *El comentario de Textos*, IV, Castalia, 1983, pp. 33-ss.

¹⁰⁹ Por evidentes razóns de respecto e comodidade, mantemos a grafía dos autores tal como as referencia Filgueira Valverde.

Arquivo de San Paio de Antealtares: empregando o *Arquivo abreviado de Martiño Pinario* (nota 8), que lle serve para achegar unha hipótese sobre Airas Nunes da que falaremos máis adiante.

Arquivo Histórico Nacional de Madrid, de onde recolle os datos que lle ofrece o *Tombo de Sobrado dos Monxes* (notas 19, 20, 21, 24, 26 e 31) para debuxar posibilidades ao redor de Per Amigo de Sevilla e Pero Meogo e sobre un dos personaxes que vén denominado polo seu oficio de cantor.

En canto aos rexistros bibliográficos publicados, Filgueira Valverde demostra coñecer a calidade das pescudas documentais realizadas por Carolina Michaëlis de Vasconcelos á hora de confeccionar a súa imprescindible obra: a edición do *Cancioneiro da Ajuda (1904)*¹¹⁰. Da investigadora lusa acolle neste artigo as consideracións sobre Lopo (nota 13) e Per Amigo de Sevilla (notas 17 e 18).

O manual de *Paleografía Española* de Terreros (nota 1) e o coñecido estudo *Poesía juglaresca y juglares* de Menéndez Pidal (notas 3 e 6) serven a Filgueira para achegar os datos coñecidos sobre a sempre recorrente figura de Palla, a quen se considera como o primeiro dos xograres recoñecidos. A investigación pidaliá é empregada de novo para contrastar datos sobre Lopo (nota 13).

No que se refire a rexistros bibliográficos propios de Galicia, o filólogo demostra estar atento ás principais achegas documentais de autores coma López Ferreiro (sobre a figura de Palla), Martínez Salazar (Per Amigo de Sevilla, nota 15), Murguía (Per Amigo de Sevilla, nota 16; Pero Moogo, notas 22, 25), García Blanco (Per Amigo de Sevilla, nota 14), Fernández Villamil (Pero Moogo, nota 27), Vaamonde Lores (Pero Moogo, nota 23; sobre un personaxe definido como cantor, nota 33).

O *modus operandi* de Filgueira Valverde á hora de escribir o bosquexo de Palla (pp. 45-46) é o seguinte:

¹¹⁰ Para unha ollada de síntese, recomendamos a lectura do artigo de Yara Frastechi Vieira, “Carolina Michaëlis de Vasconcelos e os Cancioneiros Galego-Portugueses”, *Verba*, 2011, vol. 38: 317-323, onde a estudosa brasileira recolle as principais referencias bibliográficas obra de Michaëlis sobre os distintos cancioneros da nosa lírica.

“Daquel Pallea¹¹¹, domini imperatoris jocularor, que na corte de Afonso VII representaba as tendencias líricas da xografía galega, só coñecemos-la subscripción no Fuero de los Francos [nota 1] de Toledo (1136), e as mencións compostelanas (1149, 2254) exhumadas por López Ferreiro [nota 2] e habilmente interpretadas polo mestre Menéndez Pidal na súa Poesía Juglaresca [nota 3]. Rexistremos agora que un Fernandus Palea canonicus aparece como testemuña en documentos da catedral de Lugo de 1174 e 1177 [nota 4] e que hai unha referencia de 1242 ás casas que lle pertenceron”.

Este fragmento permite confirmar que Filgueira é un divulgador, mais non un investigador do feito medieval. En primeiro lugar, porque, tal como acontece coas “mencións compostelanas” achegadas por López Ferreiro, ignórase a súa natureza exacta, o que obriga ao lector a acudir á referencia citada para comprobar cales son esas mencións e cal é o seu contexto. O mesmo acontece coa habilidade enfatizada de Menéndez Pidal: non precisa con exactitude a que se refire. E no tocante á última referencia, a de 1242, omite incluso a fonte de onde a obtén.

Un segundo feito metodolóxico problemático vén dado pola tendencia a non reparar no perigo que leva asociada a elevada homonimia que obriga a poñer en suspensión a mera coincidencia ortográfica, xa que cómpre someter a crítica relacional ao contexto en que xorde esa referencia. Certo é que nesa época non se tiña consciencia da importancia que tiña a colocación dos trobadores na tradición manuscrita, mais, aínda así, a simple aparición dun homónimo non ofrece ningunha garantía de que esa sexa a referencia que agoche a identidade dun trobador, como acontece co bosquejo que fai de Airas Nunes, para o cal se serve dunha referencia que figura no *Arquivo Abreviado de Martiño Pinario* a un Airas Nunes que en 1179 compra a oitava parte da vila do Ulla por “*C sueldos y por un tarreo en Francellos para en él hacer una viña*” [nota 8].

De todos modos, e se ben non se activou no tocante a Airas Nunes, a prudencia que debe provocar a homonimia está presente no caso da biografía

¹¹¹ A este respecto desexamos facer constar a súa presenza no primeiro volume do Tumbo C da Catedral de Santiago de Compostela, en concreto nos folios 14v-15r onde se transcribe o testamento de Pelagius dei gratia Compostellane sedis archiepiscopus, e que rexistra como confirmante do documento a Palee domini Imperatoris jocularioris.

de Lopo, onde [notas 9-13] recolle as mencións que lle ofrece o Arquivo da Catedral de Lugo a través do *Tumbo Novo* e do *Rexistro de Piñeiro*, así como as valoracións de Michaëlis e Menéndez Pidal, e remata por admitir que “as subscricións citadas poderían razoablemente atribuírse, non ao escarnecido xogar, senón simplemente a un homónimo chantre catedralicio” (p. 48).

Mais procede de novo a sumar tan só as referencias, sen someter a análise crítica o feito de que a primeira delas sexa do ano 1191 e a última das que cita do ano 1251: “as datas poden coincidir coas da vida daquel xogar que dizían Lopo e citolava mal e cantaba peor, que foi obxecto de tantas mofas na corte de San Fernando” (p. 48).

A tentación de relacionar a simple coincidencia é a que o leva a conectar os datos achegados por García Blanco, Martínez Salazar e Murguía sobre un homónimo que sería cóengo de Oviedo e compañeiro da igrexa de Salamanca –en cuxa cidade residiría desde 1288 ate 1302, data en que testa– coas referencias contidas no *Tumbo de Sobrado dos Monxes* a unha familia *Amiguit*, descendentes de *Amigo Trasulfit* do ano 1224.

En xeral, o procedemento é o mesmo en todos os bosquexos biográficos do artigo: cita das diferentes referencias documentais máis determinantes, uso da referencia documental inédita que achega un homónimo e conectividade con algunha mención do cancionero da lírica galego-portuguesa.

No tocante aos outros artigos mencionados e recollidos en *Estudios sobre lírica medieval*, o procedemento non varía de maneira substancial. Existe unha preocupación obvia, sen que sexa posible prexulgar que se deba a razóns ideolóxicas, de relacionar os santuarios mencionados nas diferentes cantigas de santuario con espazos residenciados en Galicia. As posteriores investigacións levadas a cabo a este respecto por Resende de Oliveira (1994) demostrarían que Filgueira Valverde obrara con acerto, xa que esas cantigas están situadas no interior, discernible na estrutura codicolóxica do Cancioneiro da Biblioteca Nacional de Lisboa e no Cancioneiro da Biblioteca Vaticana, dun hipotético Cancioneiro de Xograres Galegos. A coincidencia toponómica nesta beira do Miño e na outra dunha localidade susceptible de ser espazo relacionable cun santuario non impedía a Filgueira decantarse pola opción galega; así acontece, por exemplo, con Santa María do Lago, santuario cantado por Fernán do Lago e que Filgueira Valverde sitúa, seguindo a Nunes (que, á súa vez, seguía a Martínez Morás) a este

santuário na localidade de Rubiáns, no concello pontevedrés de Vilagarcía de Arousa¹¹².

O risco evidente, mais non aclarado, nin comentado, é relacionar de forma directa dito santuario co lugar de nacemento do trobador ou xograr. Isto ocorre co santuario de San Cremenço do Mar, que se situaría na abra de Ardán, no sur do actual concello de Marín, comarca do Morrazo, santuario cantado por Nuno Treez (do que manifesta a súa dúbida sobre a orixe verdadeira do apelido, sinalando se non será Perez..., á súa vez identificable con Nuno Perez Sandeu)¹¹³.

Cómpre advertir que a mobilidade dos axentes sociais e culturais da lírica galega e portuguesa era máis que evidente, como o manifesta o carácter itinerante da propia curia rexia. De feito, o apelido *Treez* e moi probable que represente o topónimo ourensán *Trez*¹¹⁴, polo que, segundo a nosa hipótese, Nuno Treez sería natural desta localidade¹¹⁵, e o feito de que cante a un santuario costeiro pode deberse á propia necesidade económica, que o faría dependente do séquito dalgún nobre con intereses na zona de

¹¹² “Nunes, Cantigas d’Amigo, II, 642, cita, segundo nota de Martínez Morás, o lugar de Lago, en Santa María de Rubiáns, Pontevedra, e algunha freguesía portuguesa “do Lago”, en Amares, Braga. Outra localidade do mesmo nome en Bueu, Maside, O Carballiño, Ourense, Lugo...”. (“Poesía de santuarios”, p. 67, n. 9). Repárese na sensación de desorde, mesturando rangos sen xerarquizar: lugar, parroquia, concello, provincia. Por outra banda, non se recollen datos biográficos específicos dos dicionarios de nomes de lugar dispoñibles en 1958. Tampouco, ao ser un divulgador, existe intención de exactitude numérica dos datos.

¹¹³ “Poesía de santuarios”, p. 67, n. 11. Repárese en que nos tempos en que nos movemos, séculos XII-XIV, Marín era coñecido como san Xiao de Ancoirados, e que o dominio sobre a zona era exercido pola xurisdición de Cangas, dominante de case toda a Península do Morrazo.

¹¹⁴ De feito, Santiago de Trez é unha das parroquias en que se estrutura o concello de Laza, ao igual que Cerdedelo (baixo a advocación de Santa María).

¹¹⁵ A.H.N., Montederramo, carp. 1487, nº 14 (1290-xan.-21). **Trez**. Testamento de Lope Rodríguez de Nocado, cítanse as súas irmás Maior Rodríguez, María Rodríguez. Lope manda o seu casar de Cerdedelo ou o de **Trez** ao mosteiro de Montederramo. Trátase dun documento ben interesante pola terminoloxía que se emprega e pola pertenza do testador á Orde de Alcántara e como as diferentes pezas dunha armadura eran un ben cobizado: ‘Mando a a **Orde de Alcántara** o meu perponto e o meu lorigón e a mia gorgeira... e o meu capelo de ferro’; ‘loriga e galeiras’, a Martín Eanes sobriño. No documento, ademais, cítanse outros familiares: os seus fillos, **Joán Lopes** e **Sancha Lopes**, a súa muller, **Orraca Pelaes** e **Gonzalvo**, meu sobriño, fillo de **Rodrigo Rodríguez**, irmán.

Cangas do Morrazo, unha zona estratéxica en liña de costa que o arcebispado compostelán desexaba manter ben preparada. E, como se trata de verter hipóteses que só a documentación poderá alumear, ben puidera ser que se tratase dun crego ou monxe nado na afastada localidade de Trez, en Laza e que profesou nalgún mosteiro veciño ao santuario cantado, que ben puideran ser o de Armenteira ou o de San Xoán de Poio, cuxos fondos documentais demostran unha importante presenza de topónimos pertencentes á península de Cangas do Morrazo, así como a unha relevante rede de nobres emparentados entre si, e que nos falan das orixes dos *Male dolatus* (Maldoados), dos *Suarri de Romayn* (Suarez de Romai), dos *Meira*, dos *Charinho*,...

Este breve bosquejo proba que Filgueira Valverde foi un bo divulgador, que estaba ao corrente das achegas máis recentes da investigación filolóxica, mais, precisamente por iso, non se preocupaba de contrastar con rigor as diferentes hipóteses que os seus devanceiros ou contemporáneos deran a coñecer. Así, non atendeu de forma rigorosa aos riscos que presenta a enorme proliferación de homónimos, incluso e sobre todo dentro das propias familias, o que dificulta a adscrición xeracional. No entanto, para a función que pretendía, cumpría con suficiencia: difundir, dar a coñecer e estudar o feito máis relevante dos inicios do sistema literario e cultural, como é a lírica galega e portuguesa, e manter vivo en Galicia o interese por ela.

3. Formas, temas e motivos da lírica trobadoresca

Nos apartados anteriores foron mencionados tanxencialmente algúns dos aspectos que chamaban a atención de Filgueira, ademais da posible identificación dos axentes líricos e da escasa atención prestada aos problemas ecdóticos. Esta visión panorámica sobre as súas achegas ao coñecemento da produción lírica galega da Idade Media resultaría parcial se deixan de ser mencionadas algunhas características que é posible extraer cando se contempla o seu traballo neste eido dun xeito global. Xa foi posto de manifesto que estaba ao día do que se publicara e ía publicando sobre a materia e que, aínda que non fose estrito na indicación precisa das fontes que manexaba, resulta evidente que as súas observacións estaban sempre ben documentadas; pero, ademais, estaba dotado dun grande olfacto para interpretar atinadamente (e con unha enorme naturalidade) pasaxes complexas das cantigas de escarnio, ou para apreciar a importancia do emprego de proverbios en lugares destacados (*incipit*, refrán, *fiinda*...) das cantigas.

Algúns dos seus artigos, como o citado sobre a poesía de santuarios ou aquel outro sobre a presenza de elementos popularizantes, foron estudados atentamente por todos os investigadores que se ocuparon con posterioridade do tema, para acabar coincidindo no esencial con el nas súas conclusións. Tivo o mérito indubidable de ser dos primeiros en ocuparse de explicar os procedementos formais (por exemplo, a “cantiga de seguir”) empregados polos trobadores, ou en prestar atención aos considerados “xéneros menores”, como é o caso do pranto, e a cuestións tan pouco estudadas como a remuneración do axente lírico ou a presenza dos xantares nas cantigas... Na maior parte dos casos, cabe matizar algunha das súas consideracións, ou corrixir algunha das súas lecturas (nas que propoñía un sistema gráfico asequible a un lector contemporáneo), pero calquera das súas aportacións merece ser tomada en consideración, porque, incluso no peor dos casos, pode estar abrindo unha nova vía de aproximación ao coñecemento da nosa tradición.

Cómpre destacar o seu interese por centrar o papel desempeñado por Galicia en xeral, e por Santiago de Compostela en particular, na fixación e florecemento da lírica trobadoresca, unha preocupación patente ao longo da súa prolongada actividade. Pero tampouco se pode esquecer o papel fundamental que desempeñou como divulgador científico nesa completa panorámica sobre “La primitiva lírica gallega” publicada no tomo I da *Historia General de las Literaturas Hispánicas* dirixida por Guillermo Díaz-Plaja e publicada en 1949 con unha introdución de Ramón Menéndez Pidal, na que demostra un fondo coñecemento da bibliografía existente sobre o tema á vez que intenta organizar todos os datos contrastados para expoñer as súas consideracións sobre a cronoloxía trobadoresca, sobre as diferentes hipóteses que se barallaban para explicar as orixes da lírica galego-portuguesa, sobre os cancioneros e a súa transmisión (reproducindo o *stemma* proposto por C. Michaëlis), sobre a influencia occitana e a posible presenza en Galicia de trobadores transpirenaicos, e, como non podía ser doutro xeito, sobre o papel fundamental de Santiago de Compostela como lugar de contacto coa cultura galorrománica. Pasa revista aos tres grandes xéneros que configuran a nosa tradición e aos seus trazos característicos, e completa o estudio cos “otros géneros de adaptación”, entre os que inclúe os lais de Bretaña copiados na parte inicial de *B*, o descordo, o pranto, o sirventés, a pastorela e as *tensós*. Interésanlle de maneira particular o “cancioneiro de burlas” e as “parodias épicas”, polo que lles dedica saborosos comentarios, pero non desatende

problemas como o da posible distinción entre xogares e segreis. Chama a atención a clasificación que establece en distintos grupos ou etapas de trobadores, que non coincide estritamente coa que logo propoñería Resende de Oliveira, pero que pode ser aceptada en liñas xerais. Completa, ademais, o seu estudo coas derivacións tardías da escola, analizando as posibles causas de que non apareza unha lírica castelá ata o s. XV e revisando as manifestacións dese período de transición que coñecemos como poesía galego-castelá¹¹⁶.

M.B. / A.G. / X.R.

¹¹⁶ Moitas das ideas expresadas nesta visión panorámica reaparecen anos despois nunha conferencia pronunciada en 1980 na Caja de Ahorro Municipal de Vigo co título “A poesía medieval galego-portuguesa fóra dos seus lindeiros”, na que lembra dende a posible relación das cantigas de amigo coas kharxas mozárabes ata a pervivencia dalgunhas formas na panxoliña de Nadal e o uso do galego por escritores foráneos en tempos máis recentes.

**AGROMAR. FARSA PRA RAPACES (1936),
A TENTATIVA TEATRAL DE FILGUEIRA VALVERDE**

ARTURO CASAS

Deixando polo de agora á marxe consideracións de carácter histórico, teatral e estético, non hai dúbida sobre o feito de que *Agromar. Farsa pra rapaces*, a obra que Xosé Filgueira Valverde publicou baixo o pseudónimo de J. Acuña a finais da primavera de 1936, estivo marcada desde a súa aparición por unha persistente mala sorte¹¹⁷. Concretouse esta, en primeiro lugar, no feito de o libro saír do prelo apenas mes e medio antes do alzamento do 18 de xullo contra a República, acontecemento que eclipsou os méritos que esta ou calquera outra obra artística ou literaria puidese atesourar na altura¹¹⁸ e que frustrou xa non só unha recepción en tempo senón antes diso

¹¹⁷ Debo a Luís Cochón a iniciativa de publicar estas notas e tamén o acceso a unha copia do exemplar de *Agromar* existente na Biblioteca do Instituto de Estudios Gallegos Padre Sarmiento (Acuña, 1936; número de rexistro: 944; signatura: ANT-2897). Consta de 92 páxinas e pertence á colección Teatro Escolar Galego da Editorial “Palacios” (sic). En cuberta aparece unha viñeta da autoría de Manuel Torres. So o nome do autor figurado –J. Acuña– indícase “Escolante”. Na portada lese, logo do título, “Prólogo de Filgueira Valverde”. Ocupa este as páxinas 7 a 13 baixo unha cabeceira rotulada “Verbas limiares”. A farsa ten dous “Lances” e un “Remate”. O primeiro lance conta con dous cadros de dúas e tres escenas respectivamente (19-45). O segundo lance ten tamén cinco escenas, neste caso pertencentes a un único cadro (47-75). O “Remate” (78-92), descrito como “paso de burlas con algunhas sentencias” (77), comprende unha única escena. Ademais, entre o limiar e o primeiro lance figuran a longa didascalia inicial (17), orientada a permitir e mesmo a alentar a máxima liberdade na montaxe da obra, e as dramatis personæ (18). O colofón do libro indica que saíu de prelo o 30 de maio de 1936. Doravante, todas as referencias á obra fanse por esta edición, a única existente no momento de redactar o presente artigo

¹¹⁸ No que respecta á produción dramática galega de preguerra, *Agromar* non está soa nestas circunstancias desfavorábeis. Véxase sobre este punto o completo panorama ofrecido por Ínsua López (2003-2004).

a distribución efectiva polas librarías, salóns e bibliotecas do país¹¹⁹. Persistiu o fado despois pola desatención case xeneralizada coa que os historiadores da literatura e do teatro a trataron até hai ben pouco. De feito, son excepción quen a mencionan e escasísimos quen entran a analizala con algún detalle e atención crítica. Carvalho Calero, por exemplo, coa enorme influencia que as súas decisións sobre o canon tiveron sempre para a nosa historiografía literaria, dedicou á obra só un parágrafo da súa *Historia da literatura galega contemporánea* (1981: 740). Secasí, en simultaneidade con esta decisión, por comparación co espazo asignado ao resto da produción do escritor pontevedrés, trasladou a idea de que *Agromar* foi entre os seus títulos literarios o máis destacábel de todos.

As ausencias de *Agromar*

Cales puideron ser as bases deste segundo feito, o da obliteración crítica de *Agromar*? Serei concluínte, pois penso que non deben quedar dúbidas. Foron principal e case exclusivamente ideolóxicas, aínda que tamén de oportunidade. De todos modos, para non confundir a ninguén, haberá que deixar claro o seguinte: con toda probabilidade, o primeiro interesado en que o silencio político se proxectase sobre *Agromar*, até volatilizar o texto e facelo inaudíbel, foi o propio Filgueira Valverde.

Ás motivacións de fondo pode chegar calquera que se tome a molestia de ler a obra e trate de situala nas coordenadas da represión fascista durante a guerra e tras esta rematar; pero tamén nas coordenadas propias da etapa aberta en 1959, na que Filgueira foi alcalde e procurador en Cortes;

¹¹⁹ Consultado o seu catálogo, obsérvase a existencia de só tres exemplares na Rede de Bibliotecas de Galicia (<http://rbgalicia.xunta.es>, acceso: 22/03/2015), un deles na Biblioteca Pública de Pontevedra e outros dous na Biblioteca de Galicia, procedentes estes das coleccións Alonso Montero e Basilio Losada. Na Red de Bibliotecas Universitarias Españolas (REBIUN), da que forman parte as universidades públicas e privadas do Estado así como o Consejo Superior de Investigaciones Científicas, cóntanse outros catro exemplares: un é o xa citado, pertencente ao Instituto Padre Sarmiento, do CSIC; outros dous están na Universidade de Santiago de Compostela, un na Biblioteca Xeral e outro na Biblioteca da Facultade de Xeografía e Historia, este proveniente da colección Paulino Pedret; o cuarto encóntrase na Biblioteca da Facultade de Filoloxía da Universidade da Coruña e procede da colección Francisco Pillado (www.rebiun.org, acceso: 22/03/2015). Resulta estraño, e acaso significativo, o feito de que o libro non figurase antes de 2005 nos fondos da Biblioteca Nacional de Madrid (www.bne.es, acceso: 22/03/2015).

ou, aínda, nas que, morto Franco, configuraron o pacto da transición, o cal alcanza con toda evidencia a etapa na que o erudito e político pontevedrés exerceu como conselleiro (1982-1983) no primeiro goberno de Fernández Albor á fronte da Xunta e mesmo como presidente do Consello da Cultura Galega desde 1990 até o seu falecemento en 1996.

Vista a barbarie que caeu sobre o país en poucas semanas e por moitos anos, *Agromar* constituíu en 1936 un paso perigoso e inoportuno para o autor en tanto toma de posición e discurso ideolóxico¹²⁰. Certo que *a priori*, en canto elemento nivelador do que cabería catalogar como excesos galeguistas e incluso políticos da obra (toda farsa é crítica e actívase contra algo), Filgueira estaba a cuberto polo seu compromiso confesional público, enraizado ademais nunha familia acomodada de Pontevedra, e pola súa ruptura en 1935 co Partido Galeguista para pasar a militar nunha formación de marcado carácter tradicionalista, católico, elitista e antifrntepopulista. Fálase, claro está, da Dereita Galeguista, por el mesmo fundada xunto con Xosé Sesto e algúns pontevedreses máis cos que tempo andado acabarían por converxer Vicente Risco e Manuel Beiras entre outros intelectuais¹²¹. Falamos pois, en xeral, de datos converxentes cos valores identificadores de dous dos tres suxeitos históricos coadxuvantes, e mesmo promotores, da sublevación de xullo de 1936 ao pé dos militares antirrepublicanos e do nacionalsindicalismo español: a xerarquía episcopal e en xeral a Igrexa católica, dunha parte, e o conglomerado formado por burguesía e terratenentes doutra.

En todo caso, xulgo relevante situar con exactitude histórica a aparición pública de *Agromar* no contexto que se vén de esquematizar. Dese contexto formaron parte tamén polémicas igualmente públicas centradas no xiro ideolóxico e táctico emprendido por Filgueira Valverde desde 1935. Nelas participaron con distinta intensidade Alexandre Bóveda e outros significados nacionalistas da hora (Barreiro Fernández, 2007:

¹²⁰ Non é esta exactamente a análise que da peza ofrecen Vieites (1998: 207-209) ou Roig Rechou (2004: 44-45).

¹²¹ Para Beramendi (2007: 1033), a Dereita Galeguista foi unha “diminuta escisión” do Partido Galeguista. No seu manifesto de presentación, feito público o 25 de maio de 1935, proclamou non sen altisonancia a lenda “Nin socialismo nin capitalismo: cooperativismo” (Beramendi, 2007: 534), palabras non maniñas para exercitar desde elas unha hermenéutica acaída de *Agromar*, segundo máis adiante se comprobará.

160-168; Beramendi, 2007: 1033). Castelaio, por exemplo, escribiu unha durísima columna¹²²—a undécima da serie “Verbas de chumbo” d’*A Nosa Terra* (Castelaio, 2000: 24-26)— contra aquela secesión sufrida polo Partido Galeguista en tan delicada conxuntura. A falta de datos sobre o proceso da escrita de *Agromar*, a intuición crítica conduce a pensar que algúns dos diálogos desta peza, nomeadamente os sostidos por Nito e os seus camaradas na escena segunda do segundo lance, poderían terse reformulado en clave balsámica para, no medio prazo, tratar de aliviar as diferenzas de fondo coa ortodoxia galeguista e principalmente co propio Castelaio.

Alén do observado sobre esas datas, con posterioridade á fase máis agresiva de represión social e política do franquismo tampouco atopou Filgueira razón ningunha para reeditar a peza nin para promover a súa circulación pública. Con seguridade porque nunca volveu pensar do xeito no que pensaba cando comezou a pensala, nos primeiros anos trinta, en torno a aspectos tan relevantes como o encaixe nacional de Galiza en España¹²³ ou as responsabilidades históricas do que el mesmo chamaba —ignoro se xa antes da contenda— *a miniburguesía minigalega*, rexente para mal do destino socioeconómico e cultural do país¹²⁴ (Filgueira Valverde, 1991: 124). Véxase

¹²² Algunhas frases: “Quixera demostrar cómo a fuxida d’algúns galeguistas obedece, máis que a diferencias políticas, a comodidades persoas. Quixera demostrar que a teima secesionista foi provocada pol-a ferverza reaccionaria que baixou da meseta castelán. Quixera demostrar que os galeguistas que se arredan de nós, coa intención de amingoaren a nosa forza, poñen a Galiza por debaixo d’outros intreses, que nin tansiquera son esprituas” (Castelaio, 2000: 235).

¹²³ O mesmo que en 1925 o levara a asumir os principios emancipadores do nacionalismo irlandés e a dedicar de modo inequívoco a plaquette de Lar *Os nenos* “Á sagra lembranza dos irmanciños mártires nas terras de Eir-Einn. [] Dos que morreron baixo o ferro alleo. Dos que viviron baixo do alleiro trebon. [] Dos que ollaron morrer os pais i-os irmans na loita po-la Patrea e depararon morrer eles” (Filgueira Valverde, 1925). Evidentemente, o autor prescindiu desta dedicatoria cando en 1971 publicou *Quintana viva* (Filgueira Valverde, 1971).

¹²⁴ No prólogo á farsa (pp. 11-12) tematízase con claridade a oposición entre esa miniburguesía de Casino e a xuventude implicada activamente no cambio político, económico e social que o país precisaba. Porén, segundo logo se verá, esa polarización en ningún momento é dialéctica. A comprensión de Filgueira non é plenamente política senón máis ben nacional-comunitaria.

este xuízo na versión galega da publicación barcelonesa que se acaba de citar (Filgueira Valverde, 1992: 109):

Entre os *topoi* preferidos da nosa xeración, foi un dos máis fecundos o da oposición entre o pobo depositario da tradición e a que chamei miniburguesía minigallega (*sic*) que renegaba dela.

Regresemos agora ao apuntamento sobre a (in)oportunidade de *Agromar* para lembrarmos que segundo se informa no seu limiar, asinado este si por Filgueira Valverde, a obra estaba escrita xa en 1932, ignoramos se nos termos exactos nos que se publicou catro anos despois. A pregunta é ineludíbel: tería mudado a fortuna ulterior da peza de publicala Filgueira antes do bienio negro? Resulta arriscado pronunciarse pero o meu convencemento, situados en tal hipótese, é absoluto. Catro anos antes da guerra a significación política e estética de *Agromar* tería sido moi outra e, con certeza, tería perdurado de forma diferente á que hoxe é común na historiografía literaria galega. Direi máis: illado da traxectoria política de Filgueira para o que de seguido pasarei a conxectar, *Agromar* non tería suposto para o seu autor, en tanto signo e discurso ideolóxico, perigo ningún de se publicar no verán ou no outono do 36 en zona republicana. Resultan patentes neste sentido a súa descrición da desigualdade social e dos privilexios das clases acomodadas no país, a súa discrepancia coa hexemonía política e cultural da burguesía vilega e urbana, a súa interpretación da incidencia lesiva do que entón representaba Madrid para os intereses galegos en vertentes como a educativa e en actividades económicas como a agrícola e a pesqueira e algunhas marcas máis.

A crítica e o debate das Letras

As páxinas que entrego aos *Cadernos Ramón Piñeiro* asumen por descontado o cometido de contribuír a trazar un inicial e sucinto perfil estético e semiótico da primeira e única obra teatral de Filgueira Valverde. Porén isto é algo que aínda haberá de adiarse un pouco máis. Con sentido socioanalítico, paréceme importante reflexionar sobre por que é preciso escribir todo o até aquí sinalado. A tal fin, paso a introducir un par de aclaracións. Afectan a un asunto que está vivo na esfera pública galega no momento actual: o da inconveniencia ou acerto da escolla do polígrafo por

parte da Real Academia Galega como autor de referencia nas letras durante o ano 2015.

En primeiro termo, e talvez non sería preciso explicitalo, o que escribín nos parágrafos anteriores dista de ser unha lexitimación política de Filgueira no contexto do debate ao que se acaba de facer alusión. O certo é que nin me interesaría facelo nin creo que iso importe en exceso ás lectoras; quen, en todo caso, de experimentaren atracción intelectual ou política polo asunto, terían que comezar por preguntarse desde que posición exacta procede o lexitimador (calquera) a lexitimar. Aliás, teremos aínda de regresar ao plano da toma de posición política efectuada en *Agromar* a fin de complementalo con matices nada irrelevantes.

Ao tempo que introduzo estas precisións, desexaría recuperar algunhas ideas que veño desenvolvendo en público desde hai tempo sobre a celebración do Día das Letras e máis en xeral sobre a investigación literaria no noso país. En particular, sobre o carácter celebratorio e de homenaxe que a crítica académica, como tamén a xornalística, asume a miúdo implicitamente como connatural e indelegábel, moi en especial respecto do autor escollido cada ano pola Academia¹²⁵, talvez movida –a crítica– por algo non desemeillante a un por completo desaxeitado mimetismo institucional. Isto conduce, mediante unha especie de sorites, á ideación de que só debería estudarse e analizarse o que é merecente de eloxio (estético, cultural, mais tamén político e moral) e, en consecuencia, a de que aquilo que congrega a atención investigadora no campo cultural é por definición (debe selo e así se postula nun ou varios niveis) exemplar. Alén de que o bosquexo desta situación demande maior rigor e máis espazo¹²⁶, sería difícil negar que cando menos esa é a proxección mediática e institucional que chega ás lectoras e en xeral á cidadanía. Os nosos escritores e escritoras perfilanse frecuentemente nos medios, nas escolas e nos discursos de alcaldes e conselleiros como entes impecábeis. E non deixa de sorprenden este absurdo con independencia da clase de nacionalismo (español ou galego) actuante nos transmisores daquel ideoloxema da pulcritude cívica e da exemplaridade moral do escritor

¹²⁵ Non é só respecto a autores pero si que é sobre todo no que e estes afecta onde se detecta o que trato de describir. Un exemplo: para determinados estudosos literarios podería ser oportuno publicar traballos sobre Filgueira en 1996, 2014 ou 2022 e non selo en 2015.

¹²⁶ Para un desenvolvemento máis detallado pode verse Casas (2008).

elixido cada ano ou dos nunca elixidos¹²⁷. A confusión é tan grande como a inercia, e esta susténtase adoito na ignorancia dos encargados de promover máis confusión.

Por concluír con isto: créase que estou tan lonxe de pensar que Xosé Filgueira Valverde fose un cidadán exemplar no tempo histórico que lle tocou vivir como de considerar aceptábel que a crítica literaria renunciase á súa autonomía e se someta a un estatuto de vicariato que a conduza a reproducir discursos alleos aos que de certo lle corresponden. O discurso que cómpre á crítica non é outro que o crítico, sendo por suposto múltiples as variantes que este poida adoptar (entre elas, a sistémica, a sociolóxica de raíz marxista, a abeirada a unha teoría crítica son aquelas nas que me recoñezo). Pero hai máis: aquel estatuto de heteronomía da crítica orixina entre outras cousas un efecto indesexado pero non sempre detectado desde a crítica nacionalista: o da negación, por incomparecencia da contraparte, do conflito político-cultural (repertorios, lexitimidades, proxección cultural exterior, comercio do libro, institucionalización, interacción co campo do poder, distribución de capitais simbólicos, canonicidades e canonizacións... en loita, en concorrencia) no que como toda sociedade moderna, e en particular como toda nación sen estado, Galiza está sen dúbida inmersa.

¹²⁷ Os artistas e escritores irreprochábeis, puros no sentido aquí descrito, atreveime a dicir que bos e xenerosos, só desenvolven funcións sociais razoábeis e eficaces en termos políticos en sistemas culturais subdesenvolvidos e con forte autoconciencia de dependencia, heteronomía e subalternidade. De aí que deba lerse o até aquí mostrado como unha crítica da alienación e como unha advertencia sobre as tácticas contrarias aos intereses dunha auténtica emancipación política e estética. Moi en concreto: os retratos que os poderes mediáticos e políticos lanzan sobre os nosos escritores constitúen a miúdo auténticas cargas de profundidade contra a autonomía do campo literario galego. Trátase dun procedemento estratéxico e relativamente sutil que, por exemplo, vén marcando todos os discursos públicos do presidente Núñez Feijóo sobre materia cultural no tempo que leva no cargo. A aparente sutileza deriva, como teño estudado, de procedementos terxiversadores non só da historia e da realidade inmediata, senón xa antes da retórica e en xeral da linguaxe. Respecto do asunto arriba introducido, o caso Filgueira Valverde presenta matices específicos polo feito de non se tratar, no básico, dun escritor de ficcións senón dun intelectual e un planificador cultural e político con importantes responsabilidades públicas durante a ditadura e durante as etapas preautonómica e autonómica posteriores ao réxime franquista.

O interese dunha *œuvre manquée*

Avanzaremos agora noutra dirección. *Agromar* é a todas luces unha obra en tentativa, un produto estético, dramático e teatral en boa medida anómalo, mesmo inacabado¹²⁸ e tamén frustrado. Nela aplícase un coñecemento técnico experto sobre numerosos aspectos literarios, dialogais/ conversacionais e teatrais (non puramente escénicos) que Filgueira coñecía no fundamental desde as abas crítica e historiográfica. Tamén como o gran lector que sempre foi e por tanto como intérprete das opcións que os modelos dramatúrxicos europeos do momento fornecían. Percíbese asemade unha notábel solvencia no tratamento funcional dos signos acústicos, no do espazo e nas indicacións sobre movemento escénico introducidas polas didascalias. O mesmo pode dicirse encol da configuración coral dos grupos de rapaces contrapostos e da dialéctica que dentro deles vai xurdindo con trazos específicos en cada caso, entre os que destacan as diferenzas que individualizan por unha parte a Goros (da parte de Xelo) e a Antón (da parte de Nito/Xanciño)¹²⁹. Desde o punto de vista da historia cultural do país a peza achega igualmente proficuas perspectivas antropolóxicas, sociolingüísticas, económicas, artísticas e históricas.

Porén, na peza son perceptíbeis algúns problemas de ritmo¹³⁰, certas rixideces academicistas e lingüísticas e, en fin, un maniqueísmo e unha caricaturización dos personaxes e das situacións posta ao servizo

¹²⁸ Así se indica no limiar, onde Filgueira Valverde introduce comentarios sobre os seus consellos a Acuña para que este traballase máis a fondo algúns aspectos da obra. Ao que engade: “Non quixo, i-adios: El non era poeta, nin tan xiquer literato, fixera «Agromar» nun lecer, pra abrir unha laboría onde outros viñesen traxeitar. «Eu labro, díxome; que sementen outros»” (10).

¹²⁹ O primeiro é máis perceptíbel porque destaca polo que di, mentres que o segundo destaca máis ben polo que cala, no medio do rebumbio habitual dos pitos da vila, o seu grupo natural. Véxase un exemplo tomado das reflexións de Goros na escena cuarta do segundo lance, unha vez formulada por Nito a posibilidade de que Xelo acepte a oferta do pai do primeiro para se formar como estudante: “(Con siso labrego). Pois eu digo que de calquer banda que colla [Xelo] mallarán nel. Si tira para a Braña, dará contra os da Cima da Vila; si vai cara a Cima da Vila baterá nos da Braña. Que non soñe en traballar por nós, que botaremos contra él. E que no mundo, compre andar pol-o pau, como os cegos” (69).

¹³⁰ Fandiño Veiga (2007: 276) anotou, estimo que con acerto, que o segundo lance da obra é en termos dramáticos “menos áxil e movido có primeiro”.

dun didactismo algo esaxerado que en conxunto fana o resultado final e complica calquera posíbel dramaturxia ulterior. Malia todo o cal, a obra posúe condicións abundas para reclamar a atención crítica, en particular da especializada no campo literario e cultural de noso. Isto é así por unha serie de causas en realidade bastante diversas. Entre elas paso a mencionar en esquema só as que parecen principais.

En primeiro lugar, *Agromar* ofrece o atractivo do xogo metaliterario e autoficcional que o autor establece dentro do prólogo (“Verbas limiares”) e entre este e o texto dramático, coa agora máis vixente que entón distribución de papeis figurativos entre dous antigos compañeiros de cursos escolares que se reencontran tras o paso do tempo, pero que en realidade son presentados aos lectores como se un fose o dobre do outro, como se o autor se desdobrease en dous individuos complementarios, cada un deles co seu propio perfil ideolóxico, as súas lecturas e amizades, os seus medios preferidos para a publicación das respectivas primeiras producións xornalísticas. Trátase en definitiva do prologuista –nomeado Filgueira Valverde, sen nome de pía– e dun dramaturgo chamado J. Acuña, sen que en ningún momento se aclare tampouco a que nome corresponde ese J inicial¹³¹. Todo canto trato de referir alcanza o grao máximo de reflexividade no momento no que se nos informa de que Acuña estudou Dereito en Compostela e de que Filgueira fixo Letras en Zaragoza (9), datos ambos que como é ben sabido se corresponden coa biografía real de Xosé Filgueira Valverde. Tamén é de interese a inicial bifurcación ideolóxica –Acuña alumaba a Filgueira de *separatista*, mentres que este afeaba a aquel a súa conduta *alleeira*, pp. 8-9–, rematada nunha especie de solución sintética no momento en que Acuña se fai galeguista e entra a exercer como *político técnico*. Unha tenue autoironía faise palmaria aquí.

As “Verbas limiares” (páxinas 7-13, como xa se dixo) teñen carácter metaliterario de entrada porque arrincan e culminan cunha especie de poética do prólogo, bastante irónica de seu¹³², e amais diso porque introducen o debate sobre o teatro galego daquela altura e sobre as súas posibilidades

¹³¹ Por aqueles mesmos anos Filgueira Valverde utilizara, en particular para algunhas colaboracións na revista católica pontevedresa *Logos*, o pseudónimo Juan de Acuña.

¹³² Xa a partir da primeira frase do limiar, onde o prologuista Filgueira confesa: “Fixeramente de lle non pór limiar a mais libros que aos meus” (7).

etnográficas, dramaturxicas, escenográficas e propagandísticas. Isto último conxúgase polo prologuista noutros termos, pois a propósito do que valora como fracaso histórico da dramaturxia galega (“Galicia non é terra de dramáticas”, 9), enxalza un tipo de teatro non espectacular senón “íntimo e lírico” capaz de combinar con eficacia a maxia do paralelismo das cantigas medievais e o que anota como “trascender apoloxético do enxemplo” (9). O problema inmediato sería, daquela, o da representación, pois ese tipo de teatro demandaría outro entendemento da educación e das artes. De aí o revés vivido de maneira conxunta por Acuña e por Filgueira cando en 1932 aquel quixo montar a obra cos rapaces da súa escola e este asistiu a uns desalentadores ensaios.

Pero hai aínda moito máis ca isto. O limiar, sen desperdicio no plano discursivo e ideolóxico, segundo soubo ver Goretti Sanmartín Rei (2002), fixa ademais como arela xeracional do grupo de idade de Filgueira e Acuña alcanzar un tempo novo, uns seres humanos novos para un país novo (“Seremos nós os homes novos¹³³ que quere o chan galego?”, 12). O elo lúdico metaliterario comparece de novo no momento no que o texto prologal fixa unha correspondencia máis co asunto central representado na farsa, non outro que a recuperación física e moral dun *pito da vila* (Nito) tras recibir, logo dun accidente de tráfico, unha transfusión de sangue, doado este por un dos *mociños da aldeia* (Xelo). A correspondencia mencionada transluce nestas liñas do limiar (12):

Que o sangue mozo do vivir paisano fecunde o corpo feble da Galicia allea. Imos gañar a nosa vida. A nosa i-a dos outros; esta i-a outra: a nosa propia vida. Imos espertar a Terra, a inzar no corpo valorento dos mozos revellidos o pulo dunha concencia e dunha fé¹³⁴.

Aínda sen abandonarmos o limiar pero proxectando xa a análise sobre a obra dramática, hai un aspecto que non pasará inadvertido no

¹³³ O texto prologal obvia calquera responsabilidade feminina para esa tarefa colectiva. As mulleres, sinalouno Carvalho Calero, están ausentes de *Agromar*. Fóra de plano e ostentamente ausentes, diríase.

¹³⁴ O xogo de correspondencias amplíase no núcleo da farsa de Filgueira cando a conceptualización da transfusión se reformula por Xelo baixo a alegoría do enxerto de maceiras (segundo lance, escena primeira, 50).

momento da lectura. Filgueira, o prologuista, di que a obra do seu amigo dista de ser “unha obra feita e chea” (9) como si o era en cambio *A fiestra valdeira*, a comedia que Rafael Dieste publicara uns anos antes, en 1927. As alusións a Dieste esténdense de xeito non sempre expreso a outros lugares do paratexto que estamos a comentar pero sobre todo son perceptíbeis nos planos (auto-) referencial e construtivo do texto dramático. E máis aínda, se callar, na configuración escénica, na fundamentación teatral que todo drama presupón, e na dimensión estética asumida.

Esta última, en *Agromar* e n’*A fiestra valdeira* amósase moi próxima a un simbolismo humanizado case como gramática da comunidade. Un simbolismo, que, como pedía Filgueira a Acuña, tivese por riba de todo a capacidade de facer dialogar o lúdico do teatro nas súas esferas íntimo-lírica e social. En realidade, a isto mesmo é ao que me quixen referir nunha nota anterior cando mencionei a prevalencia do comunitario sobre o social e o político na referencialidade e na estética de base abrazadas en *Agromar*, moi semellantes ás que Dieste fixera propias para postular o que el mesmo catalogaba como o *método de simbolización* do teatro. Consistiría este en algo tan sinxelo, e á vez tan complicado, como a localización polo poeta dramático dun xeito acaído de converxencia entre o seu pensamento e unha trama. Xusto acabamos de falar disto a propósito da alegorización complexa que correlaciona a construción dun país novo, a recuperación da saúde por vía dunha transfusión de sangue e a consecución de mellores árbores froiteiras mediante unha adecuada técnica de enxertos.

Na seguinte intervención de Xelo, coa súa insistencia no “ser de seu” e cos círculos concéntricos de correspondencias trazadas, é moi obvia a pegada deixada por Dieste en Filgueira. Tanto que cabería defender a idea de que o pontevedrés foi o mellor continuador do rianxeiro no teatro galego de preguerra. Leamos as palabras que Xelo dirixe a Nito, o receptor do seu sangue, na escena primeira do segundo lance (50):

Pois nas mazáns éche como na xente. Cada unha ten a súa fasquía pero háinas de moitas castes, cun sabor e un ser de seu. [...] (*More virgiliano*). A total-as cousas compre render o seu traballo. E para arrombal-as prantas e poñelas cara ún é mester moito choio. Enxértase de moitos xeitos, en

moitos árbores e tempos. Para que den froito de mantenza árbores que non o dan, e para trocalle o ser, según o lecer noso. Fírese o patrón e chántaselle, no cerne, a puga viva de outro árbore escolleito. E cando o árbore vello colle a forza do tempo bó e puxa a medrar regando co seu celme a puga enxertada, espántase de sí, estrano a frolecer i-en froitos novos.

Outra vertente relevante dos paratextos que comentamos consiste na propia clasificación que o subtítulo da obra formula. O autor clasificou *Agromar* como farsa para rapaces, e tan problemática semella a primeira parte desa proposta como a segunda. Comecemos por esta última. En distintas publicacións, algunhas en coautoría, Blanca-Ana Roig Rechou presentou panoramas moi completos sobre a literatura infanto-xuvenil galega da primeira parte do século XX e sobre a súa evolución. E como é lóxico observou en consecuencia o lugar que nela ocupa a obra non só dramática senón tamén a narrativa de Xosé Filgueira Valverde¹³⁵. Aquí non incidiremos de novo neses planos nin tampouco no da constitución dunha tradición propia. A pregunta é previa. Consiste en examinar en que modo pode promoverse que *Agromar* sexa realmente obra para rapaces.

Debe entenderse que con ese substantivo Filgueira estaba a pensar en mozos na raia do que hoxe sería a maioría de idade, próximos aos dezaoitos anos, por tanto¹³⁶. Ademais, hai que advertir que o interese primario de Filgueira podería ser non tanto o de crear unha literatura dramática específica para esa idade como o de activar na xuventude rural e vilega (como anos antes antes acontecera coa urbana da man das Irmandades da Fala) o interese polo teatro, pola representación teatral por eles mesmos organizada e conducida sempre sobre textos propicios ao ideal galeguista. Disto mesmo fala o prólogo na súa parte conclusiva (13):

“Agromar” está moi lonxe do “Teatro Infantil” con que agora xentes turdías queren embrullar aos nenos no levan vivir dos homes; “Agromar” quer que os homes reparen na fondura do

¹³⁵ Véxanse Roig Rechou (1996 e 2004) e Roig Rechou e López (2007). Consúltese así mesmo Vieites (1998).

¹³⁶ Sanmartín Rei (2002: 200) contempla este aspecto de modo non plenamente concordante co que acabo de sinalar.

vir dos nenos. Si os cativos precisan ur arte seu –e pois un teatro– é porque, máis achegados á fonte da vida, sinten máis fonda a chamada do ben i-a magoa da falsía. Os nenos piden que agarimemos a súa enxebreza e que lles demos un ideal. E compre facelo, mesmo en xogos de bandos e símbolos, como llo dá “Agromar”.

A segunda parte do problema radica na clasificación da peza como farsa. Que modelos puido ter Filgueira en mente para facelo? É verdadeiramente *Agromar* unha farsa? Sobre a segunda cuestión sinalarei que na miña lectura non o é. Ora ben, esa pregunta conecta sen dúbida coa inicial, pois é evidente que Filgueira tivo que pensar nalgún modelo no momento de optar por tal etiqueta. Isto se non optou por empregar o termo nun sentido xenérico ou non marcado, similar ao que entre 1927 e 1936 adoptou xustamente a colección madrileña de periodicidade semanal *La Farsa*, onde, alén de sainetes, disparates cómicos, comedias costumistas, astracáns e unha amplísima serie de pezas de condición comercial e popular, foron saíndo durante dez anos toda clase de textos teatrais coa única condición de que tivesen pasado previamente polos escenarios da capital (Kronik, 1971).

Pensem de todos os xeitos que non se tratou diso. Que en realidade Filgueira tiña unha idea concreta do que desexaba propoñer mediante a activación do rótulo *farsa*. O modelo non podía ser o propio das derivacións da pantomima improvisada de raíz simbolista e alicerces ancorados na relectura da *commedia dell'arte*, a que chegaría a influir no Valle-Inclán de *La marquesa Rosalinda* e no Benavente do *Teatro fantástico*; nin tampouco o de Alfred Jarry e a posterior farsa europea de entreguerras, de inspiración expresionista ou surrealista, notabelmente máis acedos e duros na crítica social, familiar, sexual e política do que o autor pontevedrés podería nunca chegar a ser sen perder nese camiño a súa identidade autorial. Doutra banda, tampouco parece que Filgueira situase a súa peza en paralelo coas farsas para títeres que algúns membros da xeración do 27 española ou das Misiones Pedagógicas republicanas espallaron polas máis afastadas serras e ribeiras peninsulares.

A combinación do farsesco co infantil conduce por outra vía ao citado Jacinto Benavente e ao seu proxecto dun “Teatro para

niños”, activo aínda nos anos nos que o autor galego traballaba a súa peza¹³⁷, pero tampouco nese terreo resulta doado atopar paralelismos ou converxencias convincentes.

Relativamente á tradición recente do teatro galego é clarísimo que o autor ten presentes as propostas dos dramaturgos da súa propia xeración –Dieste sobre todo– e de forma substantiva tamén algunhas das asinadas polos autores do grupo Nós, que en ningún caso se pode considerar que servisen de modelos directos para *Agromar*. Penso nalgún sentido na asimilación do simbolismo por Vicente Risco en *O bufón d’El Rei* (1928) ou nas incesantes indagacións teatrais de Castelao a partir do momento no que entra en contacto co teatro de arte ruso, xa como escenógrafo xa como investigador dun novo teatro popular para o país¹³⁸, algo sobre o que Filgueira estivo moi ben informado, e de maneira directa, nos anos da República (Filgueira, 1987: 85-92). E penso así mesmo na obra de Otero Pedrayo *A lagarada* (1928), de forma significativa para nós subtitulada *Farsada tráxica pra lèr*.

Con todo, a cuestión dos modelos útiles a Filgueira para a súa comprensión da farsa queda no aire, aberta. A pista fundamental que se me ocorre apuntar é a derivada dunha pregunta implícita que quedou formulada páxinas atrás ao escribir que toda farsa é funcionalmente crítica e actívase contra algo concreto. Segundo houbo ocasión de comentar, en primeira instancia o obxectivo directo de Filgueira non parece ser outro que o de impugnar os modos de vida e a ausencia de compromiso político nacional da (mini)burguesía (mini)galega. En tanto farsa, *Agromar*

¹³⁷ *La novia de nieve* estreouse en Madrid a finais de 1934 nada menos que a cargo da Compañía de Margarita Xirgu e Enric Borràs. En Galiza, habería que contar así mesmo coa intensa produción dramática, no mesmo ano de 1936, debida a Álvaro de las Casas. Refírome aos monólogos en verso do seu Teatro para nenos e ás pezas tamén breves Mitin e Rechouchío. Nalgunha delas é perceptíbel a atención aos ambientes máxicos das opcións benaventinas e por suposto tamén o protagonismo da xente nova. Noutras, a clase de problemas enfocados gardan certa proximidade cos trazados en *Agromar*, malia o cal non creo que en sentido estrito se deba falar dunha converxencia estética nin teatral entre Filgueira e o autor de Pancho de Rábade.

¹³⁸ Esas exploracións conducirían a Castelao a optar pola farsa no momento de compoñer *Os vellos non deben de namorarse*, estreada en Buenos Aires en 1941 e non publicada até doce anos despois.

funciona máis ou menos ben nese sentido. Deixa en evidencia a suficiencia, a nugalla¹³⁹ e a vida irresponsábel dos mozos da vila e da cidade, causa do accidente de automóbil que, por exceso de velocidade, ocasionara a morte dun veciño; cuestiona a maiores as súas prácticas culturais e de ocio; desvela, con oficio no diálogo e nas réplicas, a ruptura xeracional e de valores entre eles mesmos e os seus pais; e, sobre todo, caricaturiza sen compaixón –e estimo que, de certo, sen medida poética– a súa forma de falar. Para isto, Filgueira habilitou unha solución sempre cuestionábel e delicada, a de facer que os seus personaxes falasen na obra dúas linguas diferentes. Por unha banda un galego sobrio e enxebre, por outra un castelán artificioso, *snob* e repleto de galeguismos sintácticos e léxicos que Sanmartín Rei (2002) analizou con precisión¹⁴⁰. A súa conclusión ao respecto ten interese para o debate que deixamos aberto, polo de agora, sobre a dubidosa condición farsesca de *Agromar*:

A interacción de dous códigos lingüísticos responde en todo o momento a unha intencionalidade exemplificadora de comportamentos e actitudes que se pretenden mudar, e, nese sentido, a mensaxe que se transmite é claramente rupturista da diglosia habitual na sociedade que se describe. O discurso da peza está dominado por unha alternancia de linguas e variedades perfectamente deseñada e dirixida polo seu autor, e non pode, por tanto, ser incluída sen máis, no caixón de obras bilingües ou diglósicas, ao se sustentar xustamente na idea de facer evidente esa situación para rematar con ela. (Sanmartín Rei, 2002: 219)

Farsa, linguaxe, espírito

Hai algúns asuntos interconectados que foron saíndo en páxinas anteriores e que agora é conveniente recadar para concluír estas notas de aproximación ao teatro de Filgueira. O fundamental xira arredor da interpretación social e política da farsa. Como foi suxerido antes, son maioritarias as análises que sosteñen que a peza responde en todo momento á condición tradicionalista, católica e elitista do seu autor. A lectura de Vieites

¹³⁹ Goros, compañeiro de Xelo, sentencia xa na primeira escena da obra en referencia ao grupo do señorito Juan (Nito e posteriormente Xanciño): “Levan a vagancia no sangue” (25).

¹⁴⁰ Véxase sobre isto mesmo, nun plano histórico ampliado, tamén Vieites (2005: 283-304).

(2005: 40) é representativa dese punto de vista, do que só se pode disentir en termos relativos ou de matiz, segundo axiña se verá. Sinala Vieites:

Ese mesmo esquema de valores e de comportamento, manter a dominación pero con novos parámetros, ponse de manifesto no espírito e na letra de *Agromar* (1936), que o seu prologuista, Xosé Filgueira Valverde, consideraba moi oportuna para a educación dos máis cativos; unha obra na que os nenos labregos acaban por aceptar o seu destino histórico: ser os caseiros dos nenos fidalgos. Señoritos que certamente melloraban a súa conduta logo da súa conversión ao galeguismo, co que deixaban de ser caciques e se convertían en rendeiros, unha vella clase galega representada nas filas do galeguismo por Ramón Otero Pedrayo e tantos outros señores e donos de *casas grandes*.

Fóra da conexión que Vieites traza coa fidalguía, que no meu criterio non é exacta se falamos do mundo representado en *Agromar*, moito máis centrado na nova burguesía emerxente de comerciantes, industriais e contratistas (55), por moito que Nito sexa en efecto un rapaz de casa grande, o comentario insisto en que me parece acertado. Un dos lugares onde con maior claridade se substancia esa perspectiva é no final do segundo lance, cando en presenza de Xelo conversan Nito, xa restablecido, e don Enrique, o médico galeguista que o atendeu tras o accidente automobilístico, a posterior transfusión salvífica e en fin a non doada convalecencia. Desde algunhas ópticas, don Enrique podería ser visto, especialmente aquí e na escena final, como un trasunto do propio Filgueira.

Pois ben, reitero que sen discrepar do fondo desta interpretación, entendo que resulta incompleta. No básico, precisamente, porque arromba esa problemática condición de farsa que Filgueira quixo imprimir á súa única obra dramática e que estrala de xeito poderoso, incluso efectista, nalgúns treitos e escenas. Por riba de todas elas na xa mencionada do segundo lance, a segunda (53-58), cuxa acoutación inicial fixa con precisión a tonalidade xeral dese sector do texto: “Anúnciase a chegada dos pitos cairos por un zoar de cuplés e un rebolecio de risadas chocas. Hai unha entrada con tumulto de falsa ledicia” (53). O instante culminante desta escena é aquel no que con profunda indignación, e por primeira vez facendo uso do galego para se dirixir a eles, Nito espeta aos seus camaradas, descritos entón como “coro dos pitos”, unha idea durísima. Dilles, nada menos, que o que lles viría ben é unha guerra, iren á guerra (54). Non se

esqueza este detalle porque dentro de nada reutilizarase na argumentación conclusiva que pechará o artigo.

Pero regresemos antes ao diálogo co que finaliza o segundo lance. Unha vez que Xelo, en concordancia con don Enrique, estimula a Nito para que se decida polo estudo e se asemelle logo o máis posíbel á condición política e humana do propio doutor, a conversa transcorre nos seguintes termos:

DON ENRIQUE.- Xa o ouces. A aldeia pide que estudiedes o que os probes non poden estudar. A nosa Terra pide inxenieros que sepan do millo e das patacas, das doenzas das prantas e da mellora do gando, do mel, do viño, dos piñeiros... de total-as cousas que a nosa grande irmán, a Terra, cría.

NITO.- É Xelo?

XELO.- Xelo sementará o teu millo i-as tuas patacas, e ollará pol-as prantas, e pol-os piñeiros, e pol-o gando que ti traías para nós; Xelo non deixa o sacho.

NITO.- Pero terei que ir a Madrid. Con Lolo, con Perico, con todol-os miñocas.

DON ENRIQUE.- Non, a Madrid non. Mais lonxe. Que saben en Madrid das nosas cousas? A Dinamarca, a Bélxica, ás terras ceibes en que non hai señoritos nin mendiños, onde se vive pra o traballo e pra o ben.

Esta situación dá paso inmediato ao “Remate”, unha única escena de carácter epilodal na que o autor resolve con bo tino literario, e quizais non tan bo rendemento teatral, unha elipse temporal de alcance indeterminado que presenta a Nito –xa como Xanciño, e de regreso da súa formación técnica no estranxeiro– traballando unhas liñas da Misión Biolóxica de Galicia¹⁴¹ próximas ao pazo da Reigada, a súa casa familiar.

Alí, na leira, experimenta un difícil reencontro cun representante, nesta ocasión plenamente urbano, da súa antiga forma de ser e de estar no

¹⁴¹ Sobre a súa vinculación coa Misión Biolóxica de Galicia escribiu Filgueira unhas páxinas en 1987 para o Simposio Internacional 1907-1987. *La Junta para Ampliación de Estudios*, celebrado en Madrid. Esas páxinas están recollidas en versión galega no seu *Sexto adral* (Filgueira Valverde, 1990: 140-152).

mundo, a propia dos señoritos. O mozo coruñés confunde a Xanciño cun labrego e detense de xeito algo ofensivo a contemplar como labra a terra. A partir dese momento asistimos de novo a un diálogo en dúas linguas (galego e un pintoresco castelán) con forte polarización na caracterización dos dous mozos, que se estende a todo canto define as respectivas prosopografías e etopeas: vestuario, utilaría, cantos e bailes habituais, referencias culturais, familias, criterio político... O diálogo é áxil, moi dinámico e teatral (isto nun dobre sentido, pois Xanciño simula ser o que non é), cunha opción preferente polas intervencións abeiradas á esticomitia. A tensión deste encontro resultará reconducida só pola chegada de don Enrique na procura de seu antigo paciente. A intervención final do médico constitúe tamén o remate da farsa.

As súas palabras recuperan en forma de epítome didáctico, en definitiva de *lección*, as ensinanzas básicas dos acontecementos vividos polo protagonista da obra, os mesmos que o converteron nun home novo cun nome tamén novo e que o afastaron de vez do retrato que o propio don Enrique traza do insolente señorito coruñés que se detivo a ver traballar a Nito sen se decatar de quen era en realidade. Dille (92):

Mira rapás: ti erel-o señorito da vila, nonsí?, xogador de tennis, bailarín de shotis, fillo de un señor de moito porqué, irmán dunhas rapazas á moda, que non saben facer o caldo –non, non te arrufes, que é certo–, veraneante, socio da aburrida vagancia da mocedad das vilas, mais ten a nosa Terra unha caste de mozos, xente aldeán, xogadores de chave, bailadores de muíñeira, fillos de labradores ou de mariñeiros, irmáns de rapazas que saen ao fío da media noite a tornal-os regos, unha caste leial ao seu sangue...

Trátase sen dúbida dun didactismo fatigante, máis aínda para os ollos e a sensibilidade actuais. Pero, reitéroo, en lugares como este é onde a farsa se ausenta.

En realidade, a condición farsesca e mesmo burlesca de *Agromar* flúe como un regato inseguro que aparece e desaparece na lectura (no escenario) de forma intermitente. O intervalo constituído pola escena segunda do segundo lance é no meu criterio o contrapunto exacto de situacións como esa do remate da obra. É xusto alí, neses intervalos, onde reside o menos obsoleto desta singular peza dramática que por

persoa interposta asinou Filgueira Valverde en 1936, moi pouco antes do comezo da guerra.

Relermos a escena epilodal de *Agromar* conducirá a rememorar no conxunto da obra esa distribución de linguas que a converte nun produto estético e literario tan singular. A contraposición das linguas éo tamén, noutro nivel, das falas, dos idiolectos, das xergas que mostran o mundo de cada quen nos planos individual e grupal. Pero ante todo –e esta é xa a conclusión que ofrezoo– éo ademais de linguaxes. A linguaxe revélase neste punto o verdadeiro albo da farsa, o seu obxecto crítico de atención fundamentadora, a base do seu sistema de simbolización. O filólogo Filgueira Valverde, coñecedor do pensamento idealista alemán e das formulacións que sobre estilo e individuación formulara Benedetto Croce, asume que a linguaxe é tradución do espírito, suposta correspondencia non mediada con este. E isto vale tanto para a linguaxe-mundo dos pitos da vila e do personaxe urbano como para os rapaces da aldea.

Creo que Filgueira Valverde quixo que *Agromar* fose unha sorte de manifesto contra a deturpación dunha forma de espírito e de mundo e contra a deturpación da súa linguaxe asociada. Esta, de por parte, seguramente non diferiría moito da empregada por algúns dos falanxistas máis novos que buscaron, despois do 18 de xullo, algúns dos camaradas galeguistas do propio autor da farsa.

A.C.

(Universidade de Santiago de Compostela)

Referencias bibliográficas

Acuña, J. (1936). *Agromar. Farsa pra rapaces*. “Verbas limiares” de Filgueira Valverde. Lugo: Editorial “Palacios”.

Barreiro Fernández, Xosé R. (2007). “Filgueira Valverde e o Partido Galeguista”. En X. C. Valle Pérez (ed.), *Xosé Filgueira Valverde 1906-1996. Un século de Galicia*. Pontevedra: Museo de Pontevedra e Sociedad Estatal de Conmemoraciones Culturales, 134-171.

Beramendi, Justo (2007). *De provincia a nación. Historia do galeguismo político*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.

Carballo Calero, Ricardo (1981). *Historia da literatura galega contemporánea 1808-1936*. 3ª ed. Vigo: Galaxia.

Casas, Arturo (2008). “A crítica académica da literatura galega: perspectiva e propostas”. En X. M. Eyré, M. X. Nogueira e O. Rodríguez (eds.), *A crítica literaria galega*. Monográfico de *Escrita Contemporánea*: L, 29-40. Accesíbel en <http://www.poesiagalega.org/nc/arquivo/ficha/f/188>. Acceso: 22/03/2015.

Castelao (2000). *Sempre en Galiza*. Edición crítica coordinada por R. Máiz. 2ª ed. Santiago de Compostela: Parlamento de Galicia e Universidade de Santiago de Compostela.

Fandiño Veiga, Xosé Ramón (2007). “Contribución de Filgueira Valverde ao ámbito da creación literaria”. En X. C. Valle Pérez (ed.), *Xosé Filgueira Valverde 1906-1996. Un século de Galicia*. Pontevedra: Museo de Pontevedra e Sociedad Estatal de Conmemoraciones Culturales, 266-283.

Filgueira Valverde, Xosé (1925). *Os nenos*. Pontevedra: Lar.

_____ (1971). *Quintana viva. Prosas*. Vigo: Galaxia.

_____ (1987). *Cuarto adral: Castelao na lembranza*. Sada: Ediciós do castro.

_____ (1990). *Sexto adral*. Sada: Ediciós do Castro.

_____ (1991). “Sobre *A fiestra valdeira* de Rafael Dieste”. *Documentos A. Genealogía científica de la cultura*: 1, 121-124. Reproducido en versión galega, co mesmo título, en *Sétimo adral*, Sada: Ediciós do Castro, 1992, 101-110.

_____ (1992). *Sétimo adral*. Sada: Ediciós do Castro.

Ínsua López, Emilio Xosé (2003-2004). “Panorama da literatura dramática galega arredor do 36”. *Anuario Galego de Estudos Teatrais 2003/4*: 225-284.

Kronik, John W. (1971). *La Farsa (1927-1936) y el teatro español de preguerra*. S.l.: University of North Carolina.

Roig Rechou, Blanca-Ana (1996). “A Literatura infantil e xuvenil en galego dende 1900 a 1950”. *Boletín Galego de Literatura*: 15/16, 77-105.

Roig Rechou, Blanca-Ana (2004). “Carlos Casares e a configuración do teatro infantil e xuvenil galego”. En Carlos Casares, *As laranxas máis laranxas de todas as laranxas*. Santiago de Compostela: Centro Dramático Galego – Xunta de Galicia, 41-105.

Roig Rechou, Blanca-Ana, e María del Pilar López (2007). “Panorama histórico do teatro infantil en galego”. En B.-A. Roig Rechou, P. Lucas Domínguez e I. Soto López (coords.), *Teatro infantil. Do texto á representación*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 99-120.

- Sanmartín Rei, Goretti** (2002). “*Agromar* [1936] e a(s) lingua(s): un discurso exemplificador do combate contra a diglosia”. *Revista Galega de Filoloxía*: 3, 199-224.
- Vieites, Manuel F.** (1998). “Literatura dramática e teatro para a infancia e a mocidade. Breve introducción para o seu estudio”. En M. F. Vieites (ed.), *Do novo teatro á nova dramaturxia (1965-1995)*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 193-234.
- Vieites, Manuel F.** (2005). *Creación dramática, educación popular e construcción nacional. Galicia (1882-1936)*. Lugo: Editorial TrisTram.

FILGUEIRA VALVERDE. LITERATURA E POLÍTICA

FRANCISCO CERVIÑO GONZÁLEZ

1. Política

“Hubo numerosos espacios culturales de ambigüedad,
de cápsulas de respirabilidad”
(José-Carlos Mainer)

O Profesor Filgueira Valverde foi alcalde de Pontevedra no franquismo. Tecnicamente iso é ser franquista. Non era ideoloxicamente falanxista; era un católico conservador, o que o levou, como é ben sabido, a abandonar o Partido Galeguista para fundar Dereita Galeguista, moito antes de que se decidira entrar no Frente Popular, en febreiro do 36.

Moitos católicos conservadores apoiaron o réxime saído do levantamento militar de xullo dese ano, que deveu xustamente nunha ditadura militar-clerical, máis que nun réxime propiamente fascista, aínda que isto é hoxe va discusión académica.

Un franquista vido a demócrata, como Laín, Tovar, Ruíz Giménez, Aranguren, non por oportunismo, ou non só, senón por convencemento. Todo o mundo ten dereito a cambiar de posición, e máis ao longo dos anos. Cita André Maurois na súa *Historia dos Estados Unidos*, unha frase do presidente Lincoln: “Como, señor presidente, cambiou de modo de pensar?” preguntáronlle. “Si –contestou– e non teño ningunha estima por un home que non sexa máis sabio hoxe ca onte”.

Unha parte do antifranquismo pontevedrés dos anos sesenta, intelectual, profesional, estudantil sobre todo, desprezaba a Filgueira, mesmo o odiaba. Estes sentimentos afloran, dende logo na miña lembranza, cando o seu compromiso co réxime faise de novo visible ao ser nomeado alcalde, teño para min que cando a súa proximidade ideolóxica co franquismo é xa escasa.

Asemade, nada menos que Castelao, en setembro do 39, escribe dende Nova York a Sebastián González García-Paz, exiliado en Puerto Rico, unha carta na que chama lambecús a Filgueira, –e de paso, escrupuloso a Cunqueiro, e estúpido, mentireiro e pederasta a Ramón Suárez Picallo–, e di: “eu soñei, cando tiña confianza no trunfo (...) no aceite de ricino que

tomaría Filgueira diante de min, a escoar a alma polas tripas” (Castelao. *Obras*. Tomo VI. Editorial Galaxia. 2000). Se ben esta carta non transcendeu ata a súa publicación xa neste século, a opinión de Castelao era ben coñecida nos círculos do antifranquismo, reforzada logo polo apaixonado libro de Xerardo Álvarez Gallego, *Vida, paixón e morte de Alexandre Bóveda*, publicado en 1972, no que se asevera a non concorrencia de Filgueira ao Consello de guerra contra Alexandre como testemuña da defensa; ruído presente de sempre en Pontevedra.

Mais non todo o galeguismo mantivo esta actitude cara a Filgueira. A relación co Grupo Galaxia foi de conlevancia, pero razoablemente boa ata onde sabemos con algún dos seus membros, como Fernández del Riego. Tamén con Isaac Díaz Pardo. O propio Sebastián González, amigo de Filgueira dende a nenez, continuou a súa amizade dende o exilio, acrecentada dende a súa primeira viaxe a Pontevedra en 1953. A súa irmá, Daría González, logo concelleira do Partido Galeguista nas primeiras eleccións democráticas, mantivo sempre unha relación de afectuosa amizade con Filgueira.

En relación con esta cuestión, que segue a ser fulcral na rexeita que unha parte do galeguismo e do nacionalismo acaba de manifestar co gallo da dedicación a Filgueira do Día das Letras Galegas deste ano 2015, fago dúas consideracións: a primeira, Bóveda está condenado de antemán na pantomima de xuízo. Todos os que estiveron no Goberno Civil os días 17, 18 e 19 de xullo tratando de organizar a defensa da República foron acusados de formar un Comité de Resistencia, á fronte do que, ademais, colocaban ao propio Bóveda, e foron asasinados nas seguintes semanas: a segunda, é indiscutible que Filgueira, irmán de Bóveda, non quería a morte do seu amigo. No caso de que, efectivamente, fose citado como testemuña, tivo un medo invencible? É posible cando hai ducias e ducias de asasinatos ao teu arredor.

Un dos espazos aos que fai referencia José-Carlos Mainer na cita que encabeza este ítem, foi o Instituto de Ensino Medio de Pontevedra, unha verdadeira cápsula de respirabilidade. O osíxeno desa cápsula foi Filgueira, actuando sobre unha gloriosa tradición, sobre a herdanza dos Said Armesto, Castelao, Losada Diéguez, Ramón Sobrino, Bibiano Fernández-Osorio Tafall, creou ese espazo de convivencia e liberdade no espírito, xa presente antes da guerra, da Institución Libre de Enseñanza, iso sí, catoliquizada; onde o deporte, as actividades ao aire libre –inesquecibles clases de Ciencias

Naturais recollendo cunchas en Lourido ou plantas en Monteporreiro–, o teatro –*Antígona, Conto de nadal*–, o coro, con música popular –sobre todo vilancicos, mais tamén alalás– e música culta –*O Codex Calixtinus*, os *Cancioneiros* de Palacio, da Colombina, de Upsala, as *Cantigas de Santa María*, Mozart, Haendel, Schumann...–, as viaxes –o Camiño francés, París (“quen puidera convosco voar”), Flandes, por suposto España e Portugal–, e tamén a confraría, cos emocionantes e fermosos viacrucis da coresma en Santa Clara, con sonetos do século de ouro ou poemas de Paul Claudel, e o pranto das beatas.

Un espazo de liberdade, onde convivían profesores recién incorporados despois de vinte anos de expulsión da cátedra e de pasar pola cadea ou polo exilio, con raros profesores falanxistas tolerantes que discutían *de tu a tu* na aula con mozos de dezaseis anos, incipientes marxistas e existencialistas. Unha verdadeira comunidade de mestres e estudantes, onde o fillo dun xefe da armada ou do delegado de Facenda non era máis que o fillo dun taberneiro da rúa Isabel II ou dun canteiro de Mourente, ou iso polo menos percibiamos.

Outro logro de Filgueira na política cultural é o Museo provincial, do que formou parte do seu padroado dende a súa fundación no 27, e do que é director máis de corenta anos.

Ese museo, en gran medida obra súa (e de Sánchez Cantón) é un dos tres ou catro cofres que conteñen a cultura galega, a nosa memoria antiga e moderna. Unha das xoias do cofre é a memoria de Castelao, a súa obra artística, a súa biblioteca, os seus documentos e obxectos persoais, que é un verdadeiro *legado Filgueira* (son consciente de que esta denominación causará polémica), porque foi obxecto do seu desvelo preferente dende o primeiro intre, cando todo foi incautado ao entrar as forzas do réxime na casa pechada e dramaticamente abandonada na rúa da Oliva (como non hai aínda unha placa aí?), reclamando –con Paz Andrade– e obtendo o seu depósito, evitando a dispersión e a almoeda, para o que a súa relación coas novas autoridades seguramente foi moi útil, aínda que mostrar interese en Castelao non estaría exento de risco para unha persoa que proviña do galeguismo; evitando logo, mesmo recorrendo ás instancias xudiciais no 50 e no 51, a súa poxa pola Comisión de Liquidación; e integrando despois a inmensa maioría da obra de Castelao ao repatriar a que estaba na Arxentina, obtendo a cesión dos dereitos por parte da viúva, Virxinia Pereira, e das

irmáns, Josefina e Teresa. Un modelo de arte museístico “moi poucas veces acadado en Europa”, en verbas do Marqués de Lozoya, feito con algo de estudo; bastante constancia; moito traballo e máis amor, palabras de Sánchez Cantón escritas pensando no propio Filgueira.

No seu haber político, a obra non sei si máis importante, pero sen dúbida si a máis perdurable, debe figurar sobre todo a conservación da Pontevedra creada polos mareantes no século XVI, e polos ilustrados, os románticos e os simpolistas nos seguintes. Esa Pontevedra non foi destruída porque nos momentos do desenvolvemento e mal gusto dos anos cincuenta e sesenta do pasado século, Filgueira e outro ilustre pontevedrés, F.J. Sánchez Cantón, dende a Comisión de Monumentos impediron que se tocara unha soa tella do amplo casco vello. A marabilla que é hoxe Pontevedra foi posible por esta política, sen restar relevancia, ao contrario, ao traballo do alcalde Lores e ós seus gobernos.

2. Literatura

“Temos lembrado un rumor
de augas baixo as páxinas de Filgueira Valverde”
(Otero Pedrayo)

O profesor Filgueira Valverde é sen dúbida un erudito e un polígrafo, que reúne centos de publicacións e conferencias sobre aspectos esenciais da nosa cultura e da cultura universal. Pero é tamén un escritor moi notable, con obras tan fermosas coma *Os nenos*, os *Cancioneiriños de Compostela*, as *Seis cantigas do mar “in modo antico”*. *Poemas galegos*, publicado en 1941. E sobre todo os ADRAIS, publicados por Díaz Pardo. Como di o académico Xosé Luis Axeitos, nos ADRAIS está todo. Están escritos nunha lingua que ten a difícil virtude, que só logran os grandes escritores, de culta e popular ao mesmo tempo.

3. Literatura y política

“La complejidad de esto pasa por la
singularidad de cada persona,
de cada obra, de cada circunstancia.
Echa uno de menos matices”.
(Andrés Trapiello)

A relación entre literatura e política é sempre pouco doada. O sectarismo aparece con frecuencia, e non todo o mundo comparte que deba prevalecer a boa literatura sobre a mala política, que é o que eu penso.

A literatura universal non pode prescindir dos *Cantos pisanos* de Ezra Pound, un dos cumes da poesía universal, por máis que apoiase dende a radio a Mussolini, mesmo no momento en que os mozos do seu país, Estados Unidos, morrían en Montecassino para liberar Europa.

A literatura en lingua castelá non pode arrombar a Torrente Ballester, autor de obras mestras que tanto nos toca aos galegos, e aos pontevedreses en particular, e que tanto nos fan disfrutar, pola súa militancia falanxista, logo abandonada dende a crítica, discreta iso si, por ter publicado en 1939 varios opúsculos nos *Cuadernos de Orientación Política de Falange*. “Sirvo a la revolución no como guerrero, sino como intelectual”. A revolución é a nacional-sindicalista, por suposto.

E paréceme acertada a dedicación do Día das Letras Galegas de 1981 a Risco, pese á súa deriva ideolóxica cara a extrema dereita, racista (“..... el demonio hizo a los mulatos... la limpieza de sangre es un bien, el mestizaje un regreso hacia el caos”. *Orden y caos*), e antisemita (o xudeo é a gran forza desorganizadora, o fermento da disolución social, que vai rillando os fundamentos de todas as cousas”. *Mitteleuropa*).

Eu, dende logo, non estou disposto a prescindir do disfrute, do gran pracer, de ler a Cunqueiro, para min o maior escritor na nosa lingua no século XX, gran escritor tamén en castelán, por ter escrito: “Necesitamos caudillo porque han de tener una sola punta las espadas en la batalla, por mor de la unión del golpe sobre la hueste enemiga. Para él, para su frente abierta, la corona, la palma, la alegría y el albor de las aves y las naves por la aventura” (*Arriba España*, 4-II-1938). Fermoso e noxento ao tempo, mais de ningún modo nos impide o máximo gozo e disfrute ao ler *Cantiga nova* ou *Escola de menciñeiros*.

Esta é a realidade da literatura e a política. Alén das posicións do profesor Filgueira nunha etapa da súa vida, a súa literatura, a súa obra cultural e educativa, o seu compromiso coa lingua galega, “teito, escudo, sino que non axunta, proba da nosa identidade”, merecen o noso recoñecemento.

F. C.G.

PONTEVEDRA E OS SEUS NOMES

RAFAEL CHACÓN

*Musa mihi Patriam memora cum gente revulso
Ponte ubi de Vetere assuRgit sibi nomen avitum.*

P. H. Amoedo: **Carmen patrium sive Pontevedra**

Non é infrecuente atopar, non só en textos divulgativos senón tamén en textos eruditos, a afirmación de que o nome de Pontevedra vén do latín *Pontis Veteris*, *Pontis Veteri* ou *Pontus Veteris*, e incluso dalgún outro latinazo máis da mesma caste. A moda chega á rúa e hai bares, industrias varias e comercios que levan eses nomes como título de enxebreza e pontevedresismo. Hoxe en día levan o nome de *Pontus Veteris*, entre outros, unha pasarela de moda, unha farmacia, un motoclub e unha clínica médica. *Pontis Veteris* dá nome a unha asesoría fiscal, a un comercio de náutica, a un criadeiro de cans, e mesmo, a uns premios que concede o Colexio de Arquitectos da localidade.

Desa vella manía de querer vir de canto máis antigo mellor, e mesmo querer proceder de deuses e heroes, non se librou Pontevedra. Desde finais do XVI figuran na pedra da Casa do Concello os versos que comezan por *Fundote Teucro valiente / daqueste río a la orilla* que todos sabemos de memoria. Outros falaron de que Pontevedra era a *Lambriaca* de Pomponio Mela ou a *Hellenes* de Estrabón. De todo iso quedan pegadas na Pontevedra de onte e na de hoxe, pois un lémbrese dunha famosa *Academia Helenes* dos anos cincuenta e sesenta, e non sei se máis, e dun excelente equipo de balomán chamado *Teucro*, vivo, por sorte, nos nosos días, e mesmo unha autoescola co mesmo rótulo. Supoño que haberá máis negocios que leven o nome do heroe troiano. Mesmo o *Ad Duos Pontes*, outro suposto nome de Pontevedra do Itinerario Antonino funciona como reclamo para un comercio da localidade. Con todo, Antonio de la Peña Santos, arqueólogo e conservador do Museo de Pontevedra, no seu traballo *Consideraciones sobre las vías romanas en la provincia de Pontevedra*. (Castrelos III-IV, 1990-91), feito despois do descubrimento dun miliario revelador perto da Ponte do Burgo, opina que Pontevedra se identifica coa mansión de *Turoqua* do mesmo *Itinerario Antonino*, non co *Ad duos Pontes* que tiñamos case por

seguro. Unha vez descuberto o nome de *Turoqua*, tamén serviu como reclamo comercial, xa que así se chama un negocio de informática e de produción audiovisual, e incluso unha Turoqua de Inversiones, SL.

Pontevedra non pode ser nin *Ad Duos Pontes* nin *Turoqua* nin cousa parecida, porque Pontevedra aínda non existía nese tempo e mal podía identificarse con nada preexistente. Non hai moito outro arqueólogo do CSIC, Manuel Santos, nun artigo na revista *Gallaecia*, 2013, “Arqueoloxía dun topónimo: o nome do Vigo romano”, opina que para Pontevedra non hai ningún topónimo no itinerario antes citado. Ao parecer non pode ser nin a *mansio* de *Ad Duos Pontes* nin *Turoqua* nin ningunha outra. Non hai nome para Pontevedra na antigüidade romana. Claro que mal podía ser Pontevedra algo que nunca foi. Comete este autor un dos pecados máis frecuentes nos arqueólogos ao uso como é o de crer iso de que houbo un Vigo romano e cousas así. Incluso presume de facer arqueoloxía dun topónimo. Se é un topónimo e se lle quere buscar a súa orixe o que se fai é filoloxía, concretamente etimoloxía, ciencia tamén curiosa dabondo.

Nin *Lambriaca* nin *Ad Duos Pontes* nin *Turoqua* poden ser antigos nomes de Pontevedra, só polo feito de que haxa xente que que así o crea. Tampouco *Pontis Veteris* ou *Pontis Veteri*, e menos iso de *Vetula Ponte*, poden ser os étimos ou antigos nomes de Pontevedra. Non hai dúbida ningunha de que esas referencias a Pontevedra están rexistradas tal cal nos documentos medievais, desde o século XII. Neles hai frases como *flumen Pontis Veteris* que podemos traducir como *río de Pontevedra* ou tamén *burgo Ponte Vetere*, que sería *o burgo de Pontevedra*. O que fan os notarios ou escribas medievais que escriben nun latín máis ou menos mal que ben aprendido é declinar un substantivo *pons*, *pontis* xunto cun adxectivo *vetus*, *-veteris*, que no caso xenitivo é *Pontis veteris* e no ablativo *Ponte veteri* ou *vetere*. E ningunha outra cousa se pode afirmar e menos que eses *Pontis Veteris* ou similares son nomes de Pontevedra ou os seus étimos. En todo caso, son construcións latinas referidas a Pontevedra. Que ninguén crea que houbo un tempo en que a xente do común lle chamaba *Pontis veteris* a Pontevedra. Nunca.

A ponte vedra

Non se conservou da época romana nome algún referido ao espacio que logo ocupará Pontevedra. Para que este espazo se chegue a chamar Pontevedra pasarán séculos. A explicación deste proceso non é doada porque

non temos, como xa dixemos, documentación na que aparezan referencias a Pontevedra ata o século XII. Antes, nada de nada. O colapso do imperio romano no século IV e as invasións xermánicas, suevos e visigodos, produciron unha quebra no comercio, nas comunicacións, na ordenación social e cultural que supuxo a desaparición de moitos dos antigos asentamentos humanos. Algúns nomes do *Itinerario Antonino* podemos atopalos en documentos posteriores como a *Crónica de Idacio* (445) ou o *Parochiale Suevorum*, de finais do século VI. Ese *Turoqua* antes citado talvez sexa un *Toruca*, que aparece como nome dunha parroquia na diócese de *Tude*. Do resto nada, absolutamente nada, sobre posibles asentamentos que logo serán cidades coma Vigo ou Pontevedra. A ausencia de referencias tal vez sexa sinal de que estes asentamentos aínda no existían. Se nada había, nada se podía dicir. Vigo ou Pontevedra como tales, aínda que neles hai restos romanos, máis en Vigo que en Pontevedra, nunca foron estritamente romanos, senón creación alto-medievais.

Isto parece restar antigüidade a estas cidades, pero proporciónalles máis verdade e supón, no caso de Pontevedra, algún problema filolóxico engadido. Acaso *Pontevedra* non é un nome de orixe latina? Si, mais con reparos. O nome de Pontevedra é de orixe latina, mais non vén tan directamente do latín. Vexamos como foi o proceso. *Ponte*, o primeiro elemento do noso topónimo, procede dun acusativo *pontem* que moi pronto, coma todos, perdeu ese *-m* final e quedou en *ponte*. En latín era masculino e polo tanto se aquí o atopamos asociado ao adxectivo *vetera*, é que xa non o é, senón que mudou para o xénero feminino. Ese é un cambio que se produce no latín vulgar, xa próximo ao romance. En galego actual *ponte* é feminino. En castelán vacilou entre feminino (*la puente*) e o actual masculino e maioritario (*el puente*). Xa que logo, esa construción *Ponte vetera* non é xa un sintagma estritamente latino, aínda que proveña do latín.

Vetera, o outro elemento do noso topónimo, ofrece aínda máis complicacións. En primeiro lugar hai que dicir que esta palabra non existía no latín clásico. O que si existía era unha forma común tanto para o substantivo e como para o adxectivo que era *vetus*, *veteris*, con significado de *anción*, *vello*, *antigo*. O plural neutro de *vetus* era *vetera* que, coa redución das declinacións latinas de cinco a tres e a desaparición do xénero neutro en latín vulgar, pasou a formar un grupo de substativos femininos en singular da primeira declinación polo seu parecido cos femininos da mesma. Así

vetera, xa en singular, significaría *cousa vella, antiga*. Exemplos si similares a *vetera* polo seu paso do plural neutro ao singular feminino son *pécora* ou *tempora*. Xa Sarmiento, a mediados do XVIII, no *Viaje a Galicia* de 1745, di que ese *vedra* de Pontevedra *no viene de vetus sino de vetera, plural*.

Unha vez creado *vetera*, o paso seguinte é a perda do segundo *e* átono e se quede en **vetra*, forma da que non temos testemuños, mais que temos que supoñer como claro antecedente de *vedra*. E todo isto tivo que ocorrer máis ou menos sobre o século IV e no latín vulgar, o falado pola xente da rúa, a xente corrente e sen unha instrución especial. Era o latín que os soldados e os colonos trouxeron á antiga Gallaecia, tan distinto do clásico. O *Appendix Probi* é un bo exemplo do que era ese latín. En realidade, non é máis que un listado de parellas de palabras que un mestre de gramática anónimo do século III ou IV anota nas últimas páxinas dun tratado escrito polo arquitecto Probo, a *Instructio Artium*. En cada unha desas parellas propuña un termo correcto, ou culto, o recomendado, fronte a outro incorrecto ou vulgar, rexeitable. E aí xa atopamos varios exemplos da perda desa vocal postónica como na parella: *Auricula, non oricla* ou en *Oculus, non oclus*. Está claro que o noso mestre rexeitaría *vetera* por vulgar e proporía o antigo e clásico *vetus, veteris*. Mais está tamén claro que a preocupación purista deste profesor fracasou con estrépito. Moitas das formas que rexeita por vulgares, son as que triunfaron nas linguas romances. *Oricla* é o que dá o galego *orella* ou o castelán *oreja*. *Oclus* é o que dá orixe ao galego *ollo* e ao castelán *ojo*. *Aurícula* ou *oculista* son hoxe en día só cultismos, palabras extraídas con pinzas do latín para constituírse en termos científicos, neste caso da medicina. Polo tanto, na Alta Idade Media *vetera* xa no era *vetera* senón *vetra*, ou mellor *vedra*, que sería a forma final. De aí que *Pontevedra* veña de *Ponte vetra* ou de *Ponte vedra*, non doutra cousa.

A vila e o nome de Pontevedra

Naquel tempo a palabra *vedra* é aínda palabra vixente para significar *vello,-a* referido a cousas. Moi logo perderá esa vixencia da que falamos porque outra, de similar procedencia, comezou a competir con ela e chegou a eliminala do léxico común. Esa palabra foi *vetulus,-a*, forma tanto para substantivo como adxectivo. Atopámola xa no mesmo *Appendix Probi* na parella: *Vetulus non veclus*. O noso mestre nin sequera escribe **vetlus*, forma intermedia, senón xa unha forma máis evolucionada, *veclus*, e de aí a *vello*

hai un bo treito mais é o camiño. Seguramente este *veclus,-a* era unha palabra con máis potencia e prestixio que *vetero,-a*, porque se podía usar para tanto para persoas ou cousas animadas como para cousas inanimadas, o que non podía facer *vetero,-a*.

Como testemuños de *vetero,-a* temos en galego *Saavedra* (Lugo), *Vedro* (Portomarín-Lugo). *Vedra* (Coruña). *Airavedra*, *Bouzas Vedras*, *Eiravedra*, *Pardavedra* (Ourense). *Vilavedra*, *Gándara Vedra* (Pontevedra) e tantos máis. En portugués *Torres Vedras* (Lisboa), *Alhos Vedros* (Setúbal), *Paço Vedro* (Ponte da Barca), *Pedra Vedra* (Vila Real)... En castelán temos *Monviedro* ou *Murviedro*. *Murvedre* en Valencia. En Asturias *Mirviedro*. En italiano, *Vignalevetere*, *Pianviedre*, *Vicovietro*, *Castelvetro*...

Que este *vedra* ou *vedro*, con significado de *vello*, *antigo*, *que xa estaba antes*, deixou de funcionar nalgún momento da Alta Idade Media, talvez nos séculos finais, queda demostrado pola existencia de novos topónimos xa non con *vedra* ou *vedro*, senón con *vello,-a* como *Vilavella*, *Aldeavella* ou *Portovello*.

Nalgúns dos topónimos citados máis arriba como *Bouzas Vedras* ou *Gándara Vedra* parece atoparse un significado algo distinto do de *vello* ou *antigo*. Ernout e Meillet no seu *Dictionnaire etymologique de la langue latine* (1932) din que *vetus* en latín arcaico non significaba literalmente *vello,-a*, senón que estaba referido á colleita (cereais, etc.) da anada anterior comparada coa colleita nova, a do ano. Onde se colleitaba un ano, non se facía, cando menos, ata pasado outro e quedaba o terreo en barbeito para que se recuperase. Con este sentido de *terreo que se deixa de cultivar un tempo* temos o provenzal *veire*, o veneciano *vegro*, o friulés *vieri*, o catalán *vedre* (*terra de muntaya en funció de devesa*) e o asturiano e galego *bedro* ou *vedro*: *terreo vello, deixado de cultivar durante un periodo tempo*. Isto é o que explicaría con claridade os topónimos galegos *Vedra* e *Vedro* talvez como elipses (*Terra Vedra* ou (*Terreo Vedro*).

Nos dicionarios e glosarios que *O Dicionarios de Dicionarios da Lingua Galega* recolle, aparecen algunhas definicións que abundan neste último significado de *vedro*. Así Eugenio Reguera na súa *Traducción de algunas voces, frases y locuciones gallegas, especialmente de agricultura al castellano* (1840-1850) di que *vedro* se refire a *Los vestigios de los valladares de tierra, de los cercados antiguos de los montes, rozas, estivadas, etc.* Carré Alvarellos no *Diccionario galego-castelán* (1926-1931) dá para *vedro*, ademais

de *viejo*, a definición de *Que tiene mucho tiempo*. O mesmo di Eladio Rodríguez no seu *Diccionario enciclopédico gallego-castellano* (1858-1961).

Vese que en galego *vedro* persiste nese significado non só de *vello* fronte ao novo, senón máis ben de *vello* en canto que é cousa antiga, que leva ou ten moito tempo, mesmo de cousa abandonada ou en ruínas, como son eses *valladares* de que nos fala Eugenio Reguera a mediados do XIX. Talvez sexa este o significado de ese *vedra* contido como segundo elemento en *Ponte-vedra*. En efecto, temos que preguntarnos a que ponte se refire ese primeiro elemento, *ponte*, do composto. Se a ponte de Pontevedra foi construída a comezos da Baixa Idade Media non podía ser *vedra*, xa que nese momento tería que ser nova, e non aparece un *Pontenova* por ningún lado. Polo tanto, a *vedra*, a antiga, a que estaba en ruínas, era outra ponte, o que quedaba da ponte romana.

Din os arqueólogos e historiadores que o miliario do século II, ano 134 de C., atopado augas abaixo da Ponte do Burgo, nas excavacións de 1988, estaba a un nivel inferior ao da marea chea. Isto supón dúas cousas. A primeira é que quedaba confirmado o paso dunha calzada romana polo territorio que máis tarde ocuparía Pontevedra pois o miliario sinalaba o lugar dalgunha *mansio* e a distancia en millas ata outra *mansio*. A segunda é que, se ese miliario quedaba por debaixo do nivel da preamar, o curso do río sufrira variacións importantes, coma a elevación do seu leito e o subseguinte rebordamento do río polas súas marxes. Máis claro, a antiga ponte, a que fose, co paso do tempo, quedou inutilizada por eses cambios. Habería que construír outra un pouco máis arriba, que foi a actual Ponte do Burgo, que chegou ata nós aínda que moi modificada. Se isto é así, esa Ponte do Burgo é do Burgo, non de Pontevedra. A de Pontevedra era a outra, a arruinada. Pontevedra toma o nome da ponte vella, a *vetera* ou *vedra*, non da ponte nova. De aí eses dous topónimos, *Pontevedra* (ponte vella, antiga) e *Ponte do Burgo* (ponte nova).

Pontevedra vén de Pontevedra

Nada atopamos na documentación referido a Pontevedra ata o século XII. Nun excelente traballo sobre o castelo de Cedofeita, en Tenorio, Xosé Abilleira Sanmartín, recolle algunhas referencias que hai na documentación sobre a abadía e mosteiro de Lárez, especialmente do apéndice do tomo XIX da *España Sagrada* do Padre Flórez. Alí se reproduce

un privilexio real que serve de base á fundación do convento de Léz no ano 916. Atopamos referencias a Alba, Gatomorto, Guixilde, Vilaverde... mais nada referido a Pontevedra. O mesmo sucede coa documentación da catedral de Santiago. No *Tumbo A*, un códice redactado ao longo do século XII, nun documento de Alfonso V, de 1019, no que se describe que territorios e vilas quedaban baixo a xurisdición e xiro de Cedofeita, atopamos topónimos como *Cedofeita*, *Sancta Maria de Elva* ou *Sancta Maria de Maurenti*, mais nada que fale de Pontevedra. Na *Crónica Compostelana*, escrita no mesmo século e *ad maiorem gloriam* do arcebispo Xelmírez, aparecen Poio, Alba, Léz, Cedofeita, Marín, Pontesampaio... e tampouco aparece Pontevedra.

As primeiras referencias atopámolas ben entrado o século XII. Nun documento de Fernando II de 1169, reproducido por J. Armas Castro en *Pontevedra en los siglos XII a XV*, de 1992, no que o rei outorga foro a Pontevedra, a forma para referirse á cidade é a *burgo de Ponte Veteri*. Noutro de 1175, de Fernando IV dise *ville Pontis Veteris*. En 1283 xa se escribe *Pontevedra*. A forma escrita representa, por fin, a forma falada.

Como xa dixemos ao comezo, estas formas son xenitivos ou ablativos, máis ou menos latinos, dun nomitativo *pons vetus*. *Ponte veteris* ou *veteri* ou *vetere* son traducións ou adaptacións ao latín da forma romance Pontevedra. O camiño que vai desde *Pontevetera* a *Pontevedra* dáse na lingua falada ao longo de séculos. Os escribas do século XII non tiñan nin memoria nin documentos con que testemuñar que *Pontevedra* viña de *Pontis Veteris*, *veteri* ou *vetere*. O que facían era darlle ao termo *Pontevedra* a súa forma latina e no caso correspondente.

Estas tendencias reautenticadoras, tan do tempo pasado e tan do noso tempo, poden chegar a extremos inesperados. Nunha carta de doazón de Fernando II, de 1165, na que se menciona a Paz do Léz entre Fernando II de León e Afonso Henriques de Portugal, dise que a paz foi asinada *super flumen Lerice in Vetula Ponte*. Xa nada de *veteris* ou *veteri*, o que aquí se recupera é un adxectivo latino, *vetula*, derivado de *vetus*, e tamén a anteposición do adxectivo ao substantivo, para reproducir a verdadeira orde latina das palabras dentro da frase. Non *Ponte Vetula* que calcaría *Ponte Vetera*, senón *Vetula Ponte*. O que escribe máis que saber latín, presume diso. Na súa crenza, e soberbia, *Vetula Ponte* é moito máis enxebre que *Ponte vedra*. Xa nese século había conciencia certa de que canto máis latín, máis

auténtico e de máis alcornia Hoxe en día *Vetula Ponte* chámase un bar de tapas na rúa Sierra. *Vetula Ponte*, por fin, serve para algo útil.

A cousa estaba desde un principio bastante clara, aínda que non se quería ver. Xa Sarmiento no seu *Onomástico de etimológico de la lengua gallega* (1758-69) dixo *de Ponte vetera se dijo Pontevedra*. Case mellor sería dicir que de *Ponte vedra* seguiuase a dicir Pontevedra.

Hai que engadir que en Galicia hai máis *pontevedras* cá nosa. Na Gudiña (Ourense) hai una *A Pontevedra*, con ese artigo conservado, que se refire a uns prados ou pasteiros. En Negreira (A Coruña) hai outra *Pontevedra*, referida a una aldea. Non coñecemos ningunha da dúas, mais teñen ou tiveron que ter unha ponte perto delas.

O Burgo de Pontevedra e o Burgo pequeno

A finais do século XIII en Pontevedra podían distinguirse tres entidades de poboación: *A vila*, *O Burgo* e *A Moureira*. *A vila* denominaba o núcleo máis importante, o que estaba dentro das recentes murallas, con capacidade xurídica, fiscal e comercial. *O Burgo* constituíuse ao pé dunha igrexa de peregrinación, a de Santiago, ao outro lado da tamén recente ponte medieval que leva o seu nome. Primitivamente *burgo* non era o que hoxe coñecemos como tal, senón que ese *burgo* facía referencia ao que logo sería *a vila* de Pontevedra. Así aparece un documento de 1180, reproducido no libro de J. Armas Castro, xa citado. Nel Fernando II dona ao arcebispo de Compostela...*o burgo de Ponte vetera cum omnibus terminis e pertinentiis suis*... Polo tanto, nesta época había dous burgos en Pontevedra, un, o de Pontevedra, e outro situado á outra banda do río chamado o *Burgo pequeno*. Nun documento de 1290, fálase dun ... *burgo parvo que stat prope ponte que vocatur de Ponteveteri*. É dicir, antes de chamarse Ponte do Burgo, tal como a coñecemos hoxe, chamouse primeiro a ponte de Pontevedra. Desde o momento en que a ponte vella ou *vedra* romana desaparece, se constrúe unha nova e tamén se levantan as murallas, cousas que suceden por un tempo, o *Burgo de Pontevedra* deixaría de chamarse tal para ser chamada a *Vila de Pontevedra*. *Vila* é una entidade de máis categoría que *burgo*, palabra con que na Baixa Idade media se comenzou a chamar a pequenas entidades de poboación nadas fóra das murallas dunha vila ou cidade, tal é o caso do actual *Burgo*, ao outro lado do río, enfronte á *Vila de Pontevedra*.

Polo tanto, as tres entidades quedaban así definidas como *A Vila*, o *Burgo pequeno* e unha terceira que era o *arrabaldo da Moureira*. *Arrabaldo* e *Burgo* parecen ser entidades distintas, cando menos nun principio.

Arrabaldo ou *arrabalde*, un arabismo, como *barrio* ou *aldea*, designaba una entidade de poboación nacida extramurallas, como *burgo*, mais sen planemento urbanístico ningún e sen rúas definidas. Talvez fose así como naceu a primitiva Moureira de Pontevedra.

R.C.

DON XOSÉ FILGUEIRA VALVERDE E OS ESTUDOS DA ÉPICA GALEGO-PORTUGUESA MEDIEVAL

ESTHER CORRAL DÍAZ

Anque non perduren “gestas” galegas, anque endexamáis as houbera habido, corresponderíalle a Galicia, “corazón palpitantísimo” do medievo, un posto impar no desenrolo da épica na Romania¹⁴²

Era aínda eu unha incipiente investigadora en Compostela cando me atopei coa erudición do mestre D. Xosé Filgueira Valverde, nun dos primeiros Congressos que se celebraron sobre a lírica galego-portuguesa no marco da Universidade de Santiago. Corría o ano 1993 e neses momentos ostentaba o posto de Presidente do “Consello da Cultura Galega”. Tratábase dun encontro de especialistas, que levaba por título “O Cantar dos Trobadores” e no que se poñía de relevo como o estudo da produción trobadoresca galego-portuguesa se podía facer desde o seu berce e non desde espazos foráneos, como viña sendo habitual ata o momento (fundamentalmente italianos)¹⁴³. D. Xosé Filgueira, en calidade de presidente da mesa na que participaba, apuntou unhas atinadas observacións que me descubriron como a disciplina da historia literaria debe ir ligada á historia do folclore, e como o universo dos refráns agachaba complexos significados a ter en conta nas pescudas literarias. A comunicación que eu presentaba no devandito Congreso achegábase á figura feminina da “velha” na lírica profana galego-portuguesa. Na miña andaina eu non tivera en conta o refrán de “Castanhas eixidas, e velhas per souto” que Garcia de Guilhade insería nunha breve cantiga de escarnio *Don Foan disse que partir queria*, 70,17), composta tan só por tres estrofas. Mediante este verso o trobador criticaba, retranqueiro, a un cabaleiro, chamado

¹⁴² *Discurso de ingreso de D. Xosé Filgueira Valverde na Real Academia Gallega e resposta de D. Ramón Otero Pedrayo*, Vigo, Artes Gráficas Galicia, S.A., 1973, p. 15.

¹⁴³ Trátase do Congreso “O Cantar dos Trobadores”, organizado por M. Brea, na Facultade de Filoloxía da Universidade de Santiago de Compostela e que se celebrou entre os días 26 e 29 de abril de 1993 contando coa presenza de destacados especialistas, ademais de D. Xosé Filgueira: A. Roncaglia, C. Alvar, V. Beltrán, G. Gouiran, V. Bertolucci Pizzorusso, A. Ferrari, L. Formisano, E. Gonçalves, M.L. Meneghetti, A.M. Mussons, A. Resende de Oliveira, A. Rieger, I. de Riquer, C. Segre e M. Tyssens, entre outros. Publicación das Actas en *O Cantar dos Trovadores. Actas do Congreso*, Xunta de Galicia, Santiago de Compostela, 1993, 571 páxs.

Don Foan, que dicía querer repartir os seus bens, pero que en realidade poucos recursos tiña para distribuír. O trobador dá a coñecer ironicamente a realidade da situación económica do protagonista do cantar a través do chamado “verbo antigo”, que neste caso fai referencia a esas mulleres vellas que rebuscaban no chan as castañas esquecidas despois de seren apañadas. Estas frases feitas ofrecen un fondo popular con pegadas valiosas que axudan a esclarecer e interpretar algunhas das intrincadas cantigas de escarnio¹⁴⁴. O estudo foi publicado no *Boletín Auriense*, en 1978, e trae pistas sucintas sobre proverbios que se documentan nos cancioneiros. Sobre ese mesmo tema o Profesor volverá co gallo do I Congreso da Asociación de Literatura Medieval (decembro de 1985), onde analiza os “Rasgos popularizantes nos cancioneiros galego-portugueses” e, noutras ocasións, como acontece en “As festas do tempo nos cancioneiros galego-portugueses”¹⁴⁵.

Esta anécdota foi o noso primeiro punto de contacto. O seu espírito ilustrado recorda certamente aos humanistas que se mergullaban no mundo da cultura da súa terra buscando as raíces e os alicerces da súa lingua e da súa cultura. Como eles, buscaba e buceaba todo. As súas inquiredanzas levárono a indagar nas facetas literarias que lle parecían máis relevantes ao seu redor. Para este traballo de homenaxe ao mestre D. Xosé Filgueira Valverde, queremos fixar a atención sobre un destes aspectos que considerou importantes, as achegas que sobre a épica medieval en territorio galego realiza en diferentes medios.

Nas investigacións que examinan o noso acervo medieval sinálase a cotío, como trazo diferenciador, que o Noroeste hispánico –entendido aquí tanto a produción galega como a portuguesa na Idade Media– non cultivou o xénero épico, que deu uns espléndidos froitos en Castela e máis alá dos Pirineos a causa fundamentalmente das diferentes condicións socio-

¹⁴⁴ Neste sentido, Elsa Gonçalves manifesta como un comentario breve de Filgueira a unha cantiga do trobador leonés Soarez Quinhones suxeriuulle unha interpretación nova e esclarecedora, relacionada co viño leonés, para un texto problemático e de difícil interpretación, que mencionaba “un amor tan saboroso e sen taponé” (“D. José Filgueira Valverde e a lírica trovadoresca galego-portuguesa”, en *Memorial Filgueira Valverde. Estudos sobre lírica medieval galego-portuguesa*, Cátedra Filgueira Valverde, Pontevedra, 2002, pp. 33-35).

¹⁴⁵ Lección inaugural do curso académico do ano 1978 (UNED, Pontevedra), publicado, igual que o traballo anterior, na compilatio *Estudios sobre lírica medieval. Traballos dispersos (1925-1987)*, Galaxia, Vigo, 1992, pp. 97-116.

políticas que caracterizaban neses momentos a Galiza e Portugal, ambos territorios xa consolidados nesa época nos seus límites fronteirizos e sen fortes ansias de expansión, como acontecía neses momentos ao Norte de Francia e en Castela, e, ademais, cun sistema feudal incipiente no que a defensa e o triunfo dos valores colectivamente recoñecidos carecían de forza motivadora¹⁴⁶. Os cantares de xesta relatan acontecementos históricos (reais ou considerados como reais) de extraordinarios personaxes que deben ser recordados para a posteridade, e desenvólvense case sempre en contextos nos que se necesitaban modelos colectivos para as conquistas que neses momentos certas áreas participaban para estender os seus dominios. A épica galega e portuguesa ao longo da Idade Media non tivo froitos literarios conservados, en contraste co esplendor do que goza a lírica recollida nos nosos cancioneros. A carencia de textos que canten grandes xestas foi –e é– posta de relevo desde sempre pola historia da literatura. Non obstante, o mestre non está de acordo nesta inexistencia e rastrea pegadas no patrimonio que confirmen que nós aquí tamén coñecemos este tipo de produción literaria ou que, polo menos, conservamos mostras que recollen o espírito épico propio do xénero en cuestión.

A importancia que lle concede a esta pesquisa non é nimia. Recordemos as palabras coas que iniciamos este traballo e nas que declara explicitamente que a Galiza lle correspondería un posto destacado no desenvolvemento da épica románica. A este tema dedica un dos seus principais actos na súa vida de recoñecido intelectual das letras galegas, o seu discurso de entrada na Real Academia Galega, celebrado o 27 do “mes de Santiago” –como dicía– do ano 1941, co tema “Da épica na Galicia medieval”. Aínda que confesa ao seu inicio que “de certo Galicia é un pobo lírico, de longa tradición, cun arte enxebre e singular nos seus motivos, na súa expresión e na súa rítmica”¹⁴⁷, mentres que Castela é un ‘pobo épico’ polas xestas e polo seu romanceiro, quere demostrar que é falsa a aseveración de “non puido existir ningunha mostra deste xénero” no noso territorio. A súa disertación académica está construída arredor de varios eixes buscando,

¹⁴⁶ Vid. sobre este particular, entre outros, C. di Girolamo, *La letteratura romanza medievale*, Il Mulino, Bologna, 1994, p. 19-26 (cap. “L’epica”); e C. Alvar- A. Gómez Moreno, *La poesía épica y de clerecía medievales*, Taurus, Madrid, 1988, p. 14 e ss.

¹⁴⁷ Filgueira Valverde, *Discurso*, p. 12

na súa *argumentatio*, pegadas na poesía narrativa próxima á épica, como é o caso do romanceiro, e noutras tipoloxías menos relacionadas, como a lírica profana e a relixiosa, que parten de parámetros literarios ben diferentes. O seu afán de investigación encontra restos no repertorio medieval máis variado, algúns destes certamente novidosos, descubriendo ao público –especialista e non especialista– como as manifestacións literarias non se manifestan de xeito illado, senón que conforman unha rede de relacións intertextuais que se estenden por modalidades xenéricas moi diversas e por ambientes literarios tamén dispares.

O Camiño de Santiago ocupa no *Discurso* un lugar especial como vía de penetración e de expansión da produción literaria francesa e, sobre todo, do seu principal xénero literario, os cantares de xesta. Intúe, con gran acerto, que esta travesía de peregrinación foi o principal acceso da obra épica máis antiga e máis importante, a *Chanson de Roland*, e do seu froito máis relevante no territorio peninsular, o *Pseudo-Turpin*. Di Filgueira neste sentido:

Deste xeito sen termos cantos heroicos na nosa fala, soupemos dar lentura aos que soergueron as fazañas do Imperante. Neles a visión do Apóstolo a sinalarlle nos ceos un camiño de estrelas para que libérase o que na terra levaba para o seu sartego, a tomada de Pamplona; a vinda do propio Carlomaño a cantar no noso mar a súa lanza; a dote da eirexa de Santiago co ouro dos ídolos antergos; Compostela, corte carolinxia; o retorno, a traición de Ganelón; a morte de Roldán; a do Emperador, e o seu xuício cando un galego descabezado pon na balanza todo o bon “obradoiro” das súas arquitecturas relixiosas...¹⁴⁸

O erudito Profesor dá probas da súa copiosa erudición sobre o xénero épico, pois coñece as máis importantes manifestacións do ciclo carolínxeo relacionadas con Santiago, non só a *Chanson de Roland* senón outros textos que derivan da batalla de Roncesvalles como o *Roncesvalles* navarro, a epopeia bufa sobre Carlos que leva por título a *Pelerinage de Charlemagne*¹⁴⁹, o cantar *Anseis de Cartage* (texto pouco coñecido que recrea

¹⁴⁸ Filgueira Valverde, *Discurso*, p. 15

¹⁴⁹ Filgueira fai referencia ás coincidencias co relato de Lucas de Tuy sobre a viaxe de Luis de Francia con motivo do seu casamento con Isabel, filla de Alfonso VII, en *Historias de Compostela*, Seminario Conciliar, Santiago de Compostela, 1970, p. 15.

a última campaña do emperador en España) e a obra moi tardía *Galien*, que ten como heroe o fillo de Oliveros¹⁵⁰.

Noutras ocasións volverá a referirse á importancia do Camiño de Santiago dentro da tradición épica, completando información e aportando novos datos sobre teorías formuladas por importantes investigadores no ámbito da épica, como son os ilustres Bédier, Burger ou mesmo Menéndez Pidal¹⁵¹.

En segundo lugar, no *Discurso*, á parte do Camiño, fixa a atención a través do estudo de “a outra xograría” sobre un principio fundamental e característico do xénero épico, a oralidade. No Noroeste peninsular sabemos da existencia de trobadores e xograres que cantaban as súas poesías, pero Filgueira dá a coñecer a existencia duns cantores bastante particulares en aquela época por terras de Galiza e que cobraban “dons” e esmolos por cantar as historias das vidas e milagres de santos; son os chamados “ichacorvos”. Hai testemuñas en época tardía (s. XV) en documentación da igrexa de Tui¹⁵² destes intérpretes, que poderían ser definidos como “profesionais” laicos que por encargo cantaban, entre outros textos, miragres de santos. O repertorio de obras que executaban estaría conformado, ademais de por relatos haxiográficos, por textos épicos e incluso pezas líricas que reproducirían nos diferentes lugares onde os acollían ou por onde pasaban. Non podemos olvidar que as vidas de santos e os poemas épicos medievais presentaban unha estreita relación tanto na forma como no contido¹⁵³.

Por outra parte, o extenso romanceiro que se conserva na Península Ibérica relaciónase coa actividade que desempeñaban estes histrións, pois eles eran os que executaban as súas pezas. Filgueira estudia máis de duascenas

¹⁵⁰ En *Historias de Compostela* volve a referirse a importancia á peregrinación xacobeá como vía de circulación de textos e amplía con detalle o estudo destas obras épicas e incluso doutras obras como Gui de Bourgogne o Renaut de Montauban (ibid., pp. 15-16).

¹⁵¹ Destacamos a este respecto como se fai eco da teoría de Burger sobre como un “perdido poema hagiográfico latino serviu de fonte común para la *Chanson de Roland* y para el *Liber Beati Jacobi*, donde aparece prosificado hacia el 1139, en la amplia *Historia Karoli Magni et Rotlandi* que se presenta como dirigida por el Arzobispo Turpin a Leotprando, Deán de Aquisgrán” (*Historias de Compostela*, p. 14).

¹⁵² Refírese concretamente ao libro de Pascual Galindo Romeo, *Tuy en la Baja Edad Media*, Santiago, 1923.

¹⁵³ Vid. Alvar, *La poesía épica*, p. 23.

mostras chegando a localizar romances con trazos “xeograficamente galegos” pola súa localización e heroes de impronta galega. Incluso o mestre apunta que “cicáis os primeiros romances que se recolleron nun códice, no século XV fosen galegos”¹⁵⁴. Este tipo de poesía narrativa, nalgunhas ocasións, adopta formas de composición tipicamente galegas como a fórmula fixa do *leixapren*, propia da lírica galego-portuguesa.

O romanceiro, ademais, tamén fornece pegadas valiosas sobre o posible contido épico das historias e temas épicos. Os cantares de xesta constrúense arredor de feitos heroicos acontecidos nun pasado que se quere recordar e, ao mesmo tempo, que se quere mostrar como modelo de valores colectivamente recoñecidos. Filgueira faise eco das alusións dalgúns autores que, a partir das citas no romanceiro, apuntan a que podería existir unha tradición épica arredor da figura de Afonso Henriques, a lenda do rei Ramiro, a xesta de Egas Moniz, o relato da toma de Santarem e o episodio da batalla de Salado¹⁵⁵. Esta última aconteceu o 30 de outubro de 1340 e constituíu un dos fitos máis destacados e decisivos na última parte da Reconquista. En Tarifa aliáronse o rei de Castela, Alfonso XI, e o rei de Portugal, Alfonso IV, contra os envites dos mouros que, despois de ser vencidos na batalla das Navas, se fixeran fortes de novo. Afonso Giraldez cantou en rimas os sucesos acontecidos na devandita batalla con gran “sentimiento patriótico”¹⁵⁶, así como outros poetas portugueses e casteláns que celebraron a victoria de Salado sobre os infieis. Filgueira destaca, sobre todo, a figura de Afonso Giraldez, contemporáneo da batalla e do que se conservan os seus poemas de modo incompleto.

¹⁵⁴ Ambas citas en Filgueira Valverde, *Discurso*, p. 22

¹⁵⁵ Vid. sobre estes temas A. J. Saraiva, *A épica medieval portuguesa*, Biblioteca Breve, Lisboa, 1979, pp. 6-7 (agora accesible en rede na Biblioteca Camoens cvc.instituto-camoes.pt/conhecer/.../23.../file.html, consulta 19/01/2015); e J. Paredes Núñez, “La épica medieval portuguesa y los orígenes del romancero peninsular”, *Actes du XI Congrès International de la Societé Rencesvals* (Barcelone, 22-27 août 1988), *Memorias de la Real Academia de Buenas Letras de Barcelona*, 22, 1990, pp. 120-145.

¹⁵⁶ M. de la Revilla - Pedro de Alcántara García, *Principios generales de literatura e historia de la literatura española*, Madrid, Librería de Francisco Iruvreda y Antonio Novo, 1877, p. 165; agora en Alicante: Biblioteca Virtual Miguel de Cervantes, 2000 (accesible en <http://www.cervantesvirtual.com/obra/principios-generales-de-literatura-e-historia-de-la-literatura-espanola--0/>, consulta 24/01/2015).

Pola súa banda, a lírica agacha nos seus versos indicios dunha épica románica ou dunha posible épica galega. A mostra máis fehaciente da influencia dos cantares de xesta nos cancioneros recóllese na cantiga *Sedia xi Don Bepelho en ua sa maisón* (reproducimos segundo a transcripción do propio Filgueira) de D. Afonso Lopez de Baian, destacada pola crítica desde a época de Carolina Michäelis polo ton épico que subxace ao longo da composición¹⁵⁷. Artellada cunha estrutura singular, de tres cobras en forma da estrofa épica, as *laissez*, anisosilábicas, que rematan cadansúa polo refrán famoso que aparece en certas ocasións na *Chanson de Roland*, “Eoi”, e, ademais, tendo como protagonistas a heroes épicos aos que se denigra de xeito burlesco. Filgueira sinala que “Bayam é un Valle Inclán do século XIII que degrada nada menos que a *Chanson de Roland* para escarño do infanzón e do seu pai”¹⁵⁸. A súa análise é sagaz comparando os personaxes que aparecen na cantiga cos nomes dos pares de Carlomagno que o acompañaban nas súas batallas¹⁵⁹ e fixándose, ademais, na cobra esparsa dunha única estrofa protagonizada tamén por D. Vepelho e que remata cun “verbo antigo”.

Así mesmo, outros restos de formas épicas que, segundo o mestre, se recollen na lírica e que mostran un escenario de traizón e loitas entre exércitos son a famosa e antiga cantiga de escarnio de J. Soarez de Pavha, *Ora faz ost'o senhor de Navarra*, na que se fai referencia as loitas entre o Rei Sancho de Navarra e os reis de Aragón e de Castela, despois da derrota de Alarcos en 1195; e *Meu senhor arcebispo, and'eu escomungado* de Diego Pezelho, pertencente ao ciclo de entrega dos castelos a Sancho II e de composición máis tardía. Tamén se citan dúas cantigas de Airas Nunes que relatan historias curiosas e que se compoñen con versos de doce sílabas, con cesuras moi

¹⁵⁷ Vid. sobre esta cantiga a edición de P. Lorenzo Gradín, D. Afonso Lopez de Baian, *Cantigas*, Ed. dell’Orso, Alessandria, 2008, p. 173 e ss., na que se estudan os trazos épicos do texto.

¹⁵⁸ Filgueira Valverde, *Discurso*, p.18. Sobre esta composición o homenaxeado volve a referirse en *Sobre a lírica*, p. 159 e ss.

¹⁵⁹ Analiza sagazmente e confronta os personaxes rolandianos cos que aparecen na cantiga de Baian: “Don Bepelho (Don Volpiño, Don Raposo) fai o papel de Imperante, asentado non nun verxel senón na eira da Casa da Orden e Longos e reciben aos vasallos que irá apresenter logo a Alfonso III. Por Roland, Olivier, o duque Sansón o bravo Anséis, o gonfaloneiro do Rei Geoffroy d’Anjou, e Gérin e Gérier... dánsenos eiquí Martin de Farazón, Joán Araña, co seu Alferes Joán de Froián, que somella un saión, Pedro Ferreira, que leva por lanza unha pola de cerdeira...” (Filgueira Valverde, *Discurso*, p. 18).

marcadas, ao xeito do verso épico. Trátase de *O meu senhor o Bispo na Redondela un día*, que conta como a ese personaxe eclesiástico lle roubaron a roupa e o deixaron espido, en cobras marcadas con cesura épica nos vv. 1-7, 9-10, 13-14 y 16-18¹⁶⁰, e de *Desfiar enviaron ora de Tudela*, onde tamén se atopan versos dodecasílabos nas tres primeiras cobras, acompañados dun último verso de trece sílabas que anticipa o refrán (igual que acontece nas *Cantigas de Santa María*) e con forte cesura na séptima sílaba¹⁶¹.

Sorprende a influencia épica que atopa nalgunhas composicións das *Cantigas de Santa María*. Seguramente o seu amor profundo por esta obra fixo que non se puidera subtraer á busca de trazos épicos nunha das obras máis queridas por Filgueira¹⁶². Recordemos que se inicia ao mundo da investigación coa tese de Doutoramento que leva por título *La Cantiga CIII: noción del tiempo y gozo eterno en la narrativa medieval*. Fíxase, sobre todo, nas semellanzas na forma de expresión. Así, marca o alexandrino narrativo empregado nalgunhas composicións, e en combinacións que semellan a cuaterna vía castelá, como as ternarias monorrimas. A cantiga X mostra setenta e catro versos “sen trocar consoante”, o que lle aporta un “ar de *laisse épica*”¹⁶³.

Por último, non se poden olvidar pola relación co tema deste traballo, aínda que se trate dunha obra que non se axusta ao marco da Idade Media, as investigacións levadas a cabo por Filgueira arredor da gran epopeia de Camoens, *Os Lusíadas*, reivindicándoa como a obra por antonomasia da épica peninsular: “es quien lleva a su culminación la épica” –sinala ao inicio da edición desta obra¹⁶⁴–.

¹⁶⁰ Comenta Giuseppe Tavani a este respecto que “a pausa interna cae despois dunha sílaba átona supranumeraria e divide por tanto o dodecasílabo en dous hexasílabos graves perfectamente equivalentes” (*Aíras Nunez*, Galaxia, Vigo, 1992, p. 66).

¹⁶¹ Aínda que de ambiente doméstico, Filgueira encontra tamén ecos épicos no ambiente que se desenvolve na cantiga Por en Tareixa López non quer Pero Mariño de Afonso Soares Sarrasa contra o casamento de Tareixa Lopez con Pedro Mariño.

¹⁶² “A nosa fala ten todo un tesouro lírico narrativo nas Cantigas alfonsíes. Coido que poucos moimentos da literatura europea medieval poden ofrecérmonos un meirande acervo de relatos unha fala máis viva, onde os recursos coloquiais axúntase a mestría trovadoresca e o dicir do pobo entra, a regos, polas abirtas da poética máis requintada” (*Discurso*, p. 21).

¹⁶³ Filgueira Valverde, *Discurso*, p. 21.

¹⁶⁴ J. Filgueira Valverde, *Camoens*, Xunta de Galicia, Santiago de Compostela, 1993 (1ª ed. Labor, 1958, 2ª ed. 1975, versión portuguesa, Coimbra, 3ª ed. 1981), p. 15.

Así pois, Filgueira, bo coñecedor e gran erudito da nosa literatura medieval, rastrexo ecos dunha posible épica galego-portuguesa nos textos ao seu alcance. Parecen evidentes as pegadas que pode atopar no Romanceiro por seren xéneros próximos; chama a atención, sen embargo, o labor concienzudo que levou a cabo co exame da lírica galego-portuguesa, da poesía castelá e portuguesa, ou mesmo das *Cantigas de Santa María* na procura de testemuños que apoien a posible existencia deses cantares de xesta en territorio galego. Cos seus medios e coñecementos presenta unha cuestión literaria que manexa cunha erudición sorprendente suxerindo perspectivas novas para estudar un capítulo, como a épica, baleiro de textos na literatura galega medieval.

Rematamos recollendo como propio un extracto da réplica deste *Discurso* que o gran amigo de Filgueira Valverde, D. Ramón Otero Pedrayo, espuxo e que resume acertadamente as investigacións que arredor da épica levou a cabo o insigne profesor nuns tempos nos que os estudos sobre a literatura galega empezaban aínda a aflorar:

Filgueira, ouvido educado na poesía das alboradas e as escarcas, tamén, sabe disfrutar co romance galego, no latín, belido e en orde, agromado como carballeira tallada da *Compostelana*, escuita ecoares de cantos e relatos épicos, con pular de remeiros e aira nas velas, como nas gestas mariñas portuguesas¹⁶⁵.

E.C.D

(Universidade de Santiago de Compostela)

¹⁶⁵ Filgueira Valverde, *Discurso*, p. 34.

A ACTIVIDADE DE FILGUEIRA VALVERDE COMO CAMONISTA

XOSÉ MANUEL DASILVA

É ben de salientar o feito de que sexan de orixe galega moitos dos estudosos que desde o Estado español dedicaron as súas angueiras a afondar na figura e a obra de Luís de Camões. A partir do Padre Sarmiento, o primeiro analista do autor d' *Os Lusíadas* que deu Galicia, nomes como os de José María Viqueira, José Ares Montes, Julio Martínez Almoyna ou Pilar Vázquez Cuesta, entre outros, pasaron a integrar a longa nómina de camonistas¹⁶⁶. No medio de todos, emporiso, sobresa de modo singular Filgueira Valverde, responsable dun conxunto apreciable de traballos consagrados a examinar aspectos da biografía así como das vertentes épica e lírica do grande escritor portugués¹⁶⁷. O presente artigo procura, como obxectivo primordial, levar a cabo un percorrido a través da extensa bibliografía de temática camoniana producida por Filgueira Valverde.

A devandita bibliografía ten principio en dous artigos, baixo o título “La oriundez pontevedresa de Camões”, publicados sucesivamente a finais de 1924 e comezos de 1925, con non pouca precocidade, en *Diario de Pontevedra*¹⁶⁸. Nestas contribucións, pertencentes á súa primeira xuventude, Filgueira Valverde describe o seu punto de vista primixenio sobre a xenealoxía do poeta luso, no ronsel doutros autores galegos que antes abordaran o asunto¹⁶⁹. Cómpre citar, alén do propio Padre

¹⁶⁶ Vid. Xosé Manuel Dasilva, “A recepción de Camões na Galiza”, *Colóquio-Letras*, 182, 2013, pp. 58-69.

¹⁶⁷ Vid. Xosé Manuel Dasilva, “Filgueira Valverde, Xosé”, en Vítor Aguiar e Silva, coord., *Dicionário de Luís de Camões*, Lisboa, Editorial Caminho, 2011, pp. 390-391.

¹⁶⁸ Xosé Filgueira Valverde, “La oriundez pontevedresa de Camões”, *Diario de Pontevedra*, 31-XII-1924; 3-I-1925.

¹⁶⁹ Vid. Xosé Manuel Dasilva, “Lugrís Freire e Camões”, en Antón Santamarina Fernández; Anxo Tarrío Varela, orgs., *Manuel Lugrís Freire. Día das Letras Galegas 2006*, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela, 2006, pp. 71-96.

Sarmiento¹⁷⁰, as pescudas de José López de la Vega¹⁷¹, Teodosio Vesteiro Torres¹⁷², Ramón del Valle¹⁷³, José Pardiñas¹⁷⁴, Justo Areal¹⁷⁵ e Manuel Lugrís Freire¹⁷⁶. Precisamente Filgueira Valverde se encargaría de editar de maneira fragmentaria o manuscrito *Sobre el monasterio de Samos y otros varios de Galicia*¹⁷⁷, un dos numerosos escritos do Padre Sarmiento nos que se presta atención a Camões.

O primeiro dos artigos en *Diario de Pontevedra* está encabezado por esta sucinta apostila que explica a xénese dos mesmos:

La Sociedad Arqueológica de Pontevedra, queriendo honrar la memoria de Camoens en su centenario, y al propio tiempo recordar su ascendencia pontevedresa, ha encargado al miembro de la misma don José Filgueira Valverde la publicación de las notas que a continuación insertamos.

Despois destes dous escritos, o seguinte traballo de Filgueira Valverde acerca de Camões ha ser “No solar galego dos Camões”, inserido n’*O Primeiro*

¹⁷⁰ Vid. Frei Martín Sarmiento, Estudio sobre el origen y formación de la lengua gallega, Buenos Aires, Editorial Nova, 1943; José Luis Pensado, ed., *Noticia de la verdadera patria (Alcalá) de el Miguel de Cervantes de Fray Martín Sarmiento*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, 1987. Cfr. Xosé Manuel Dasilva, “O padre Sarmiento e a estirpe galega do poeta lusíada Camões”, en *Actas do I Congreso Internacional de Onomástica Galega “Frei Martín Sarmiento”*, Santiago de Compostela, Asociación Galega de Onomástica - Instituto da Lingua Galega, 2007, pp. 69-86.

¹⁷¹ Vid. José López de la Vega, “Descendencia del ilustre poeta Luis de Camões”, *Galicia. Revista Universal de este Reino*, 2, 1862, pp. 171-173.

¹⁷² Vid. Teodosio Vesteiro Torres, “Vasco Perez de Camoens”, en *Galería de Gallegos Ilustres. Poetas de la Edad Media*, Madrid, Imprenta a cargo de Heliodoro Pérez, 1874, pp. 27-32.

¹⁷³ Vid. Ramón del Valle, “Villagarcía”, *La Ilustración Gallega y Asturiana*, II, 1, 8-I-1880, pp. 3-4.

¹⁷⁴ Vid. José Pardiñas, “Perez de Camoes ó Camaño”, en *Breve compendio de los varones ilustres de Galicia*, A Coruña, Andrés Martínez-Editor, 1887, pp. 142-143.

¹⁷⁵ Vid. Enrique Justo Areal, “Casas solariegas en Galicia. Apuntes para la genealogía de los Caamaño y Camoens”, *La Correspondencia Gallega*, 2752, 1899.

¹⁷⁶ Vid. Manuel Lugrís Freire, “Cervantes y Camoens”, en *El Centenario del “Quijote” en Galicia*, A Coruña, Talleres de fotograbado e Imprenta de Pedro Ferrer, 1905, pp. 26-28.

¹⁷⁷ Vid. Xosé Filgueira Valverde, “Un inédito de fray Martín Sarmiento sobre los ascendientes gallegos de Camoens”, en *La ascendencia pontevedresa de Camoens*, Pontevedra, Imp. Hogar Provincial, 1968, pp. XXIII-XXVII.

de *Janeiro*, xornal do Porto, o 10 de xuño de 1953¹⁷⁸. No exemplar desda data, conmemorativa do Día de Portugal, emerxen dúas follas extraordinarias con colaboracións de corte ensaístico onde o escritor luso se erixe en protagonista: “O génio de Camões e a glória do Brasil”, de Gustavo Barroso, intelectual brasileiro; “O lugar da conxunción na primeira estância de *Os Lusíadas*”, de José Bruno Carreiro, biógrafo de Antero de Quental; “Naquele día 10 de junho...”, do crítico literario Fidelino de Figueiredo; “Camões e Garrett”, do médico e etnógrafo Fernando de Castro Pires de Lima; e, finalmente, “Os retratos do poeta”, do escritor Jaime Brasil.

Tamén figuran un artigo de Ramón Otero Pedrayo, “No encanto da harmonia camoniana”, e o xa mencionado de Filgueira Valverde, de quen se di como carta de presentación que é director do Museo de Pontevedra¹⁷⁹. Unha anotación concisa, co título “Os colaboradores desta homenagem”, ofrece esta información sobre os dous participantes galegos:

A mais alta figura da intelectualidade da Galiza, o polígrafo Ramón Otero Pedrayo, pela primeira vez fala aos Portugueses no seu verbo sapiente e opulento para exaltar o génio e a universalidade do Poeta, que tanto é de Portugal como da Galiza, pois para ser mais estreita a irmandade dos dois povos até Luís de Camões nos é comum.

Outro grande intelectual galego, o erudito José Filgueira Valverde, investigador e historiador da literatura, que tem terminado uma obra sobre Luís de Camões, também pela primeira vez fala em Portugal para evocar o solar galego dos Camões e as memórias que lá se guardam do nome glorioso.

A achega que lle proporcionará a Filgueira Valverde máis proxección internacional como especialista no poeta portugués ha ser, sen dúbida, o volume *Camões*, que sae do prelo por primeira vez en 1958, co selo de Editorial Labor, e vai contar posteriormente con varias edicións. En castelán, a monografía aparece de novo en 1973, grazas a Editora Nacional, e tamén en 1993, nunha edición institucional da Xunta de Galicia. Por outra banda, o libro tradúcese en 1981 para o portugués, idioma en que o difunde a

¹⁷⁸ Xosé Filgueira Valverde, “No solar galego dos Camões”, *O Primeiro de Janeiro*, 10-VI-1953.

¹⁷⁹ Vid. Xosé Manuel Dasilva, “Camões interpretado por Otero Pedrayo: unha conferencia en galego (1940) e un artigo en portugués (1953)”, *Grial*, 150, 2001, pp. 165-203.

editorial Almedina. Nunha nota introdutoria, asinada en Pontevedra na altura de 1953, exprésase aquilo que animou o autor a concibir este ensaio:

Camoens parece ausente de las letras españolas de hoy: apenas se traduce, se lee poco, cada vez se le cita menos. Shakespeare o Goethe son más familiares a nuestros lectores, que lo clasifican, al lado de ellos, como a un extranjero. Y, sin embargo, Camoens no es un escritor ajeno a nuestras letras: es nada menos que un clásico español.¹⁸⁰

Filgueira Valverde defende que Camões é un “clásico español” fundamentalmente por tres motivos¹⁸¹. Primeiro, en virtude da súa liñaxe galega. En segundo lugar, pola súa obra creada directamente en castelán. Esta inclúe diálogos dos seus tres autos teatrais –*Auto dos Anfitriões*, *Auto d’El-Rei Seleuco* e *Auto do Filodemo*–, un fragmento da égloga I –o chamado monólogo de Aónia–, unha cantidade estimable de poemas de tipo tradicional e anacos dalgunhas cartas. O terceiro motivo que alicerza o concepto “clásico español” é a familiaridade patente coas letras españolas por parte de Camões. Así o pon de manifesto Filgueira Valverde de xeito elocuente:

Si alguna tesis se sostiene en mi libro, es esta, que, por igual, es motivo de ufanía para las gentes de los pueblos peninsulares, cuya sangre lleva y en cuyas dos lenguas ejerció su arte. Pero ni la oriundez gallega, ni el bilingüismo, ni siquiera el que se hubiese definido él mismo como *hespanhol*... bastarían para clasificarlo entre nuestros clásicos. La razón es mucho más honda. Camoens constituye un eslabón en la áurea cadena de la lírica peninsular, cuyo estudio no es posible fragmentar, y, sobre todo, es quien lleva a su culminación la épica.¹⁸²

Un dos capítulos máis importantes do volume responde xustamente ao título “Camoens, clásico castellano”¹⁸³. Intégranlo epígrafes heteroxéneas

¹⁸⁰ Xosé Filgueira Valverde, *Camoens*, Barcelona, Editorial Labor, 1958, p. 9.

¹⁸¹ Vid. Xosé Manuel Dasilva, “Camões en el canon de la literatura española”, en Maria do Céu Fraga et al., *Camões e os Contemporâneos*, Braga, Centro Interuniversitário de Estudos Camonianos-Universidade dos Açores-Universidade Católica Portuguesa, 2012, pp. 259-276.

¹⁸² Filgueira Valverde, *Camoens*, p. 9.

¹⁸³ Filgueira Valverde, *Camoens*, pp. 409-448.

como “Cantor da Hespánha”, “*Os Lusíadas*: epopeya ibérica” ou “Camoens, poeta castelano”, que tocan diferentes ángulos da mesma idea. Outras seccións do capítulo atenden aos vínculos de Camões con poetas españois sobranceiros, entre os que se encontran Juan Boscán, Garcilaso de la Vega, Diego Hurtado de Mendoza e Fernando de Herrera. Alén diso, Filgueira Valverde transcribe e comenta textos creados en castelán polo escritor: as redondillas “Vos tenéis mi corazón / Mi corazón me han robado”, “Amor loco, amor loco / Diome amor tormentos dos”, “Justa fue mi perdición / Después que Amor me formó” e “Irme quiero madre / Madre, si me fuere”; o monólogo de Aónia, da égloga I; e os sonetos “El vaso reluziente y cristalino” e “Pues lágrimas tratáis, mis ojos tristes”, estes, por certo, de autoría altamente discutible.

Na monografía adquire relevo a faceta de Filgueira Valverde en calidade de tradutor, neste caso do portugués para o castelán, un quefacer no que non se prodigaría ao longo da súa traxectoria. Na primeira edición do libro agroman as versións dunha escolma representativa de textos, as cales aínda se han incrementar na segunda edición. Isto é o que a editorial di ao respecto nesta entrega:

La Editora Nacional se suma a las conmemoraciones del Cuarto Centenario de la publicación de *Os Lusíadas* reeditando el único libro de conjunto sobre Camoens y su obra escrito por autor español, ya rareza bibliográfica, pese a lo cercano y copioso de su primera tirada.

Aunque se trata de una reimpresión, se ha revisado el texto, corrigiendo deficiencias, se puso al día el repertorio bibliográfico y se añadieron a la selección antológica páginas fundamentales, entre ellas el “Super Flumina” en versión que, como todas las que no llevan indicación de autor, ha sido expresamente realizada por el del libro, Dr. Filgueira Valverde.¹⁸⁴

De poemas de tipo tradicional están as traducións “Niña de ojos verdes” / “Ojos *verdes* son”, “Pastora serrana” / “En sus ojos bellos”, “Guárdate Dios, Vasco amigo” / “Pues, ¿dónde ten han de hablar”, “¡Ay, *saudade* mía” / “¡La vista ensanchando”, “Aquella cautiva”, “Campos bienaventurados” / “Campos llenos de placer”, “Descalza se va a la fuente” / “Lleva en la cabeza

¹⁸⁴ Xosé Filgueira Valverde, *Camoens*, Madrid, Editora Nacional, 1975, p. 9.

el pote”, “Descalza va por la nieve” / “Los privilegios que reyes”, “En la fuente está Leonor” / “Puesto el pensamiento en él” e “Cabe los ríos me hallé”.

Filgueira Valverde transplanta así mesmo algúns dos sonetos máis célebres de Camões: “Amor es fuego y no lo veo arder”, “El fuego que en la banda cera ardía”, “El que ama múdase en la cosa amada”, “Un mover de ojos blando y piadoso”, “Múdanse tiempos, mudan voluntades”, “Aquella alegre y triste madrugada”, “Alma mía gentil, que te partiste” e “Está el inquieto y dulce pajarillo”. Outras pezas líricas trasladadas son as cancións “Van las aguas serenas” e “Cabe este seco monte, duro erial”, e algúns fragmentos da égloga “La rústica contienda desusada”. Non se deixan de transvasar d’*Os Lusíadas* pasaxes famosas, como a Proposición (canto I, estrofas 1-18), e algúns episodios emblemáticos, así os de Inés de Castro (canto III, estrofas 118-135), o Vello do Restelo (canto IV, estrofas 94-104) e o mítico xigante Adamastor (canto V, estrofas 37-60). Por último, vértese no xénero teatral a escena VII do *Auto do Filodemo* e no xénero epistolar as cartas I, II e III.

No seu momento, este ambicioso libro habería recibir eloxios procedentes tanto de Portugal e de España como mesmo de Italia¹⁸⁵. En Galicia, Ramón Otero Pedrayo amosa co seu distintivo estilo unha acollida efusiva en carta a Filgueira Valverde do 28 de febreiro de 1958:

¡Ben fermoso e grave e ledó foi o presente! Co seu libro vostede soóu unha noble corda longo tempo calada. Hoxe responde dende a fondura, quente e viva, de curazón, de lareira, da nosa cultura. Un libro rexo e fino. Sabe disimular con eleganza o saber. Vai amodiño non trabando malenconías. Os temas e aitiús

¹⁸⁵ Pola contra, no eido local a recepción é ao parecer menos cálida. Desvélaos Antonio Blanco Freijeiro no discurso de contestación a propósito da entrada de Filgueira Valverde na Real Academia de la Historia: “De merecida fama se rodea también el extenso estudio de la persona y obra de Camões que hace años me dio pretexto para fustigar en el periódico a las aldeanas librerías y a la ciudad entera de Pontevedra por la apatía con que acogieron su primera edición. Me indignaba, en efecto, que la aparición de una obra tan ambiciosa y tan elaborada se viese rodeada de la más glacial indiferencia por parte de quienes debieran sentirse honrados de ser convecinos del autor. Por fortuna, otros supieron apreciarla y hoy se encuentra acreditada como el mejor estudio que sobre el tema se ha publicado en lengua española” (*Ideas y sistema de la historia en Fray Martín Sarmiento. Discurso leído en el acto de su recepción público por el Excmo. Sr. D. José Filgueira Valverde y contestación por el Excmo. Sr. D. Antonio Blanco Freijeiro el día 14 de junio de 1981*, Madrid, Real Academia de la Historia, 1981). Debo este testemuño a Luís Cochón.

clásicas agroman novas follatas que non truban a leución do bosque. Para min foi un libro como unha man amiga no canso homeiro. Voltarei ó novo con outra forza e confianza. Ademiro a capacidade de traballo de vostede. Estou certo que en poucas serán dominicales, como ben fai a volta dos eidos amados – arraxando unha pola, erguendo un portelo–, compuxo vostede o libro celmoso e bon. Ademais cheo de un emozoante respecto diante o camoenano “lucus” poético. Baudelaire e Rimbaud, poetas, mais ou menos do mar das Indias, houberan apoupado a Camões: ¿como o primeiro home da cultura oicidental meteu no vaso clásico a illa do Coral, o bosque de canelos, o quente curazón das illas de Soula? Tivéronse de crebar as porcelanas... Pro foi así e a Insulindia e África tiveron cidadanía poética. Agradezo, como fermosa doa literaria, o regalo e a lembranza xusta da adicatoria. Cecaíres logo nos imos falar en Pontevedra.¹⁸⁶

Aquilino Iglesia Alvariño exterioriza a súa gratitude noutra misiva do 4 de marzo de 1958:

Lleva ya una semana en mi mesilla de noche tu *Camoens* que vi nacer. No te lo agradecí inmediatamente porque esperaba escribir algunas líneas en *La Noche* con las que poder agradecer su obsequio. Las líneas saldrán.¹⁸⁷

Máis alá da nosa terra, Fernando de Castro Pires de Lima, político e profesor da Universidade de Coimbra, reflicte a súa opinión entusiasta nunha recensión no lisboeta *Diário Ilustrado*:

Acaba de sair em edição da benemérita Editorial Labor de Barcelona um novo e sensacional livro sobre Camões, o nosso imortal Poeta, do meu querido Amigo e sábio investigador o Prof. Dr. José Filgueira Valverde. Esta obra vem enriquecer a já vasta e magnífica bibliografía do insigne escritor galego.

¹⁸⁶ Xosé Filgueira Valverde; Ramón Otero Pedrayo, *Epistolario*, Pontevedra, Museo de Pontevedra - Sociedad Estatal de Conmemoraciones Culturales, 2009, p. 293.

¹⁸⁷ Todos os documentos non editados ou sen referencia bibliográfica que se citan están depositados no Museo de Pontevedra.

Ficam os portugueses a dever a Filgueira Valverde mais um alto e prestimoso serviço.

O ilustre cientista galego nunca se cansa de mostrar a sua amizade por Portugal, a Pátria irmã.

A sua sensibilidade apurada fê-lo escrever um *Camões* que é uma formosíssima obra-prima. Poeta e humanista pode conceber um livro que merece ser conhecido e amado por todos os portugueses.¹⁸⁸

Fernando de Castro Pires de Lima repara em detalle naquela parte onde Filgueira Valverde delinea o avoengo galego de *Camões*:

O insigne escritor galego faz considerações admiráveis e não se afasta nunca da verdade porque vê os homens e os factos com a maior objectividade e sempre com a maior serenidade crítica. Se toda a obra merece louvor incondicional, o capítulo segundo, intitulado “Os *Camões*”, é sem dúvida excepcional. Aí trata-se proficientemente do topónimo “Camos” que dá origem ao apelido “*Camões*”. O interesse deste capítulo é grande, pois que nos mostra duma forma convincente as raízes galegas do genial épico.¹⁸⁹

En carta privada, Álvaro Júlio da Costa Pimpão, catedrático da Universidade de Coimbra e editor das *Rimas* de *Camões*, a quen está dedicado o libro xunto a Hernâni Cidade, catedrático da Universidade de Lisboa, transmítelle a Filgueira Valverde unha avaliación non menos acesa:

Tenho há semanas, na minha secretária, o seu formoso livro *Camoens*. Ainda não lho agradei, por mais de um motivo, mas, principalmente, porque a emoção teimava em preferir o silêncio à expressão acanhada de um grato sentir. Durante estas semanas revivi de mim para mim, entre surpreso e deleitado, a grande aventura: o meu nome espalhado por todo o mundo de cultura literária na portada de um livro seu, a que já chamei “formoso”, para resumir numa palavra a sedução, a graça, o esmero da obra que escreveu! Não a escreveu em português;

¹⁸⁸ Fernando de Castro Pires de Lima, “Um belo livro sobre *Camões*”, *Diário Ilustrado*, 15-IV-1958.

¹⁸⁹ Lima, “Um belo livro...”.

mas escreveu-a um galego –o que é o mesmo, senão melhor, porque assim se espalhará no mundo espanhol e espanholizante a grande poética de Camões, que trazia dos avós da Galiza o jeito de cantar... em verso!

Louvo sem reservas o método escolhido: o de apresentar a obra do Poeta através de modelos escolhidos e analisados com perspicuidade. A erudição –que é vasta!– não empapou o texto e ficamos em contacto permanente com o Poeta, com o Poeta sem polémica, o Poeta vivo, o Poeta de sempre, o Poeta de que merece falar-se... [...]

O meu prezado Amigo poderá gabar-se de ter escrito a obra mais perfeita de iniciação no culto de Camões que até hoje se escreveu. Por ela lhe ficamos nós, professores portugueses, muito gratos. É preciso que ela seja conhecida entre nós.

Ramón Menéndez Pidal, daquela director da Real Academia Española, envíalle a Filgueira Valverde unha afectuosa carta acusando recibo do libro: “De vuelta de mis viajes de veraneo me encuentro con su libro *Camoens*, que según veo está muy bien concebido para acercar el gran poeta a la crítica nueva y al público en general”. O mesmo fai Gregorio Marañón:

A su tiempo recibí el *Camoens*, que he tardado en leer porque no hay como estar muy ocupado para llegar tarde a todas partes y especialmente al final de los libros y sobre todo de los libros excelentes, en los que no se puede perder una coma. De esta categoría es el suyo, tan vivido, tan erudito, tan graciosamente entretenido y tan profundo. Pocos libros he leído últimamente que me hayan seducido más.

Desde Lisboa, o lusitanista español Eugenio Asensio envíalle tamén gabanzas:

Gracias por tu precioso libro sobre Camões que, en lo condensado y noticioso, no tiene igual ni en español ni en portugués. Aun no lo he acabado de leer, pero los primeros capítulos y algunas catas al azar me bastan para formar el mejor juicio. Sitúa a Camoens en una perspectiva más amplia que las que aquí se acostumbran, resume lo sabido, tiene toques y tono personal, está escrito con buena pluma: te felicito.

José Manuel Blecua comunicalle noutra carta o valor substancial que a obra atesoura: “Tu *Camoens* es estupendo en todo y por todo. Desde la información a los comentarios de textos, tan finamente y sabiamente escogidos, todo es perfecto. Mi mejor enhorabuena”. E o acreditado lusitanista italiano Giuseppe Carlo Rossi, pola súa parte, emite este xuízo na revista romana *Idea*:

Quello che più forse interessa un lettore moderno, in questo libro, è la preoccupazione dell'autore di mostrare come si incontrino in Camões i vari mondi che si intersecano in lui medioevalismo, umanesimo ed esotismo, e di discernere, al di sotto delle forme tradizionali e nuove (italianeggianti) dell'espressione, i vari filoni ispiratori.

Publicaría Filgueira Valverde máis tarde varios traballos que gardan unha estreita relación con algúns dos contidos do volume *Camões*. Primeiramente, en orde temporal, o estudo de natureza xenealóxica *La ascendencia pontevedresa de Camoens*, editado en Pontevedra en 1968¹⁹⁰. Seguidamente, un magnífico prólogo para o vasto catálogo bibliográfico *IV Centenario de Os Lusíadas de Camões (1572-1592)*, organizado por António Coimbra Martins co gallo dunha grande exposición para honrar o escritor no cuarto centenario d'*Os Lusíadas*¹⁹¹. Dese período é “Bibliografía del IV centenario camoniano”, na revista *Colóquio-Letras*, promovida pola prestixiosa Fundação Calouste Gulbenkian¹⁹². Hai que lembrar, amais diso, a súa participación na *I Reunião Internacional de Camonistas*, en Lisboa, onde pronuncia a disertación “*Os Lusíadas em si mesmos como monumento*”¹⁹³.

¹⁹⁰ Xosé Filgueira Valverde, *La ascendencia pontevedresa de Camoens*, Pontevedra, Imp. Hogar Provincial, 1968.

¹⁹¹ Xosé Filgueira Valverde, “Prólogo”, en António Coimbra Martins, org., *IV Centenario de Os Lusíadas de Camões (1572-1592)*, Madrid, Biblioteca Nacional de Madrid-Fundación Calouste Gulbenkian, 1972, pp. VII-XVI.

¹⁹² Xosé Filgueira Valverde, “Bibliografía del IV centenario camoniano”, *Colóquio-Letras*, 20, 1974, pp. 74-78.

¹⁹³ Xosé Filgueira Valverde, “Os Lusíadas em si mesmos como monumento”, en *Actas da I Reunião Internacional de Camonistas*, Lisboa, Comissão Executiva do IV Centenário da Publicação de *Os Lusíadas*, 1973, pp. 95-113.

Filgueira Valverde dá, ademais, conferencias copiosas de materia camoniana en múltiples lugares¹⁹⁴. É forzoso traer á memoria, como mostras, as seguintes: “El legado de Camoens”, en Santiago de Compostela o 19 de xullo de 1952; “Camoens, clásico español”, nas *Jornadas de Literatura Hispánica* desenvolvidas na Coruña en xullo de 1954; “Camoens, clásico hispánico”, en Ourense o 22 de abril de 1972; “Proyección de Camoens en Galicia”, en Santiago de Compostela, novamente, o 6 de novembro de 1979; “Camoens en su ambiente histórico”, tamén na cidade compostelá o 17 de marzo de 1980; “Proyección de Camoens en las letras del Siglo de Oro español”, no *Coloquio de Hispanistas y Europeístas* celebrado en Madrid en novembro de 1983; ou, en fin, “Camoens nas letras galegas”, no *Coloquio Galaico-Minhoto* que a Universidade de Santiago de Compostela alberga en abril de 1984.

Ao cumprirse catro séculos da morte de Camões, ve a luz en 1980 o estudo “Camoens, clásico español”, orixinalmente unha conferencia impartida nun coloquio monográfico centrado no vate que o propio Filgueira Valverde organizara en Pontevedra con ilustres expertos españois e portugueses, como Alonso Zamora Vicente, Jacinto do Prado Coelho e Vítor Aguiar e Silva¹⁹⁵. O director do Museo de Pontevedra reivindica, unha vez máis, a transcendencia hispánica de Camões:

Es triste comprobar el desconocimiento que Camoens sigue sufriendo entre nosotros. Las cumbres de la poesía universal no son tantas como para que podamos renunciar al goce de las dilatadas *largacías* que el dominio de esta puede abrirnos. El hecho es menos explicable si se tiene en cuenta que no podemos considerar como ajena a la cultura portuguesa y que el autor de *Os Lusíadas* es, además, un clásico español, y no ya por su ascendencia gallega, en la que por cierto figuran otros dos poetas, sino por haber sido el más famoso de los muchos escritores

¹⁹⁴ Vid. José Fuentes Alende, org., *Bibliografía. Cursos, conferencias y curriculum de José Filgueira Valverde*, Vigo, Artes Gráficas Galicia, 1976; M^a Jesús Fortes Alén, org., *Ó Dr. Filgueira Valverde nos seus noventa anos (1906-1996)*, Pontevedra, Caixa de Aforros de Pontevedra, 1996.

¹⁹⁵ Xosé Filgueira Valverde, “Camoens, clásico español”, en VV.AA., *Cuatro lecciones sobre Camoens*, Madrid, Fundación Juan March - Cátedra, 1981, pp. 71-98.

lusitanos que cultivaron el castellano y que constituyen toda una escuela, [...].¹⁹⁶

A principios dos anos 80, Filgueira Valverde volve referirse aos devanceiros galegos do épico nos artigos “Ainda sobre o nome e a ascendência dos Camões”¹⁹⁷, “A ave dos Camoens”¹⁹⁸ e “Sobre os Camoens de Pontevedra”¹⁹⁹. Nesta época tírase do prelo o minucioso artigo “La proyección de Camões en las letras españolas”, incluído no tomo colectivo *Os Lusíadas: Estudos sobre a Projecção de Camões em Culturas e Literaturas Estrangeiras*, patrocinado pola Academia das Ciências de Lisboa²⁰⁰. A finalidade desta aproximación cífrase en facilitar unha visión ampla e abondo documentada verbo das nutridas pegadas de Camões en España. Sométense a análise as traducións da súa obra literaria, sobre todo d’*Os Lusíadas*, desde os derradeiros anos do século XVI ata a actualidade, e igualmente se esculcan resonancias dos seus versos nun bo feixe de escritores da literatura veciña.

Noutras publicacións, Filgueira Valverde dá conta de aspectos máis concretos da obra camoniana. Así acontece no artigo “Alma minha gentil que te partiste...”, que data de 1967, onde postula unha interpretación orixinal do celeberrimo soneto con este primeiro verso²⁰¹. Ao seu ver, en lugar dun canto á amada falecida consonte tradicionalmente se considera, o que fai Camões neste poema, de intenso ton elixiaco, é chorar a tráxica perda dunha criatura:

Prescindiendo de toda la historia de la moza china y de su improbable relación con Dinamene, el purísimo amor que

¹⁹⁶ Filgueira Valverde, “Camoens, clásico...”, p. 71.

¹⁹⁷ Xosé Filgueira Valverde, *Ainda sobre o nome e a ascendência dos Camões*, Separata de *Bracara Augusta*, XXXIV, 77, 1980.

¹⁹⁸ Xosé Filgueira Valverde, “A ave dos Camoens”, *Faro de Vigo*, 2-XII-1979; despois publicado en *Segundo Adral*, Sada - A Coruña, Edicións do Castro, 1981, pp. 48-51.

¹⁹⁹ Xosé Filgueira Valverde, “Sobre os Camoens de Pontevedra”, *La Voz de Galicia*, 12-I-1981.

²⁰⁰ Xosé Filgueira Valverde, “La proyección de Camões en las letras españolas”, en *Os Lusíadas: Estudos sobre a Projecção de Camões em Culturas e Literaturas Estrangeiras*, Lisboa Academia das Ciências de Lisboa, 1984, pp. 5-88.

²⁰¹ Xosé Filgueira Valverde, “Alma minha gentil que te partiste...”, en *Primera y Segunda Asambleas Lusitano-Gallega (Actas y Comunicaciones)*, Madrid, Real Academia Gallega, 1967, pp. 127-132.

aquí se reflicta parece muy cercano al de Lope en la elegía de su hijo. ¿No será un amor paternal ante el frágil despojo de una criaturilla muerta el que habrá hecho a Camoens adaptar así al Petrarca? ¿Ese “ver en los ojos” no tendrá maior relación con el “incipit, parue puer” de Virgilio, que con la gramática amorosa del Renacimiento? Y la insistencia en la temprana partida, ¿no parece referirse más bien a un ser infantil que a una mujer amada?²⁰²

O profesor pontevedrés indaga en máis artigos os ecos do escritor singularmente na literatura galega. É preciso lembrar en particular o titulado “Camoens en Rosalía”²⁰³, onde reflexiona sobre o poema de homenaxe ao autor luso “Dend’as fartas orelas do Mondego”, publicado pola escritora galega en 1881, con motivo do recente tricentenario da morte de Camões, nun número extraordinario do *Jornal de Viagens*. Outro traballo de índole semellante é “Camoens en los románticos gallegos”²⁰⁴, no que escruta a presenza do poeta en distintas personalidades do Rexurdimento.

Quen escribe estas liñas tivo o privilexio de vivir, en primeira persoa, o que foi probablemente o derradeiro servizo de Filgueira Valverde en condición de camonista. Formou parte do tribunal que xulgou a miña tese de doutoramento, que versaba sobre os sonetos de Camões, o 21 de decembro de 1994 na Facultade de Filoloxía da Universidade de Santiago de Compostela. Presidido con brillantez por Pilar Vázquez Cuesta, quen obtivo historicamente a primeira cátedra de Filoloxía Portuguesa en todo o Estado español, aquel tribunal tamén o compuña Leodegário A. de Azevedo Filho, catedrático da Universidade do Estado do Rio de Janeiro e da Universidade Federal do Rio de Janeiro, hoxe falecido, o maior especialista naqueles días en todo o relativo a Camões.

Recordo perfectamente a maxistral intervención de Filgueira Valverde, revelando con modestia a súa sabedoría camoniana. Ao final da cerimonia, e tras lle expresar persoalmente o meu agradecemento polas

²⁰² Filgueira Valverde, “Alma minha...”, p. 128.

²⁰³ Xosé Filgueira Valverde, “Camoens en Rosalía”, *La Voz de Galicia*, 9-XII-1985; despois publicado en *V-Adral*, Sada-A Coruña, Edicións do Castro, 1989, pp. 54-57; tamén reproducido en X. Amancio Liñares Giraut, ed., *Arredor do Centenario de Rosalía*. 1985, Santiago de Compostela, Patronato Rosalía de Castro, 1995, pp. 107-110..

²⁰⁴ Xosé Filgueira Valverde, “Camoens en los románticos gallegos”, *El Ideal Gallego*, 6-VII-1980.

xenerosas palabras de loanza coas que axuizara o meu labor, durante a agarimosa conversa que mantivemos mostroume a súa cordial disposición a falarmos máis devagar sobre o poeta portugués nunha futura ocasión. Por desgraza, primeiro unha grave doenza e algúns meses despois o seu pasamento impedirían de vez ese novo encontro xa concertado.

X.M.D.

Apéndice

Reproducimos debido á súa difícil accesibilidade os dous artigos arredor de Camões publicados na súa mocidade por Filgueira Valverde en *Diario de Pontevedra*.

Xosé Filgueira Valverde
“La oriundez pontevedresa de Camões”
Diario de Pontevedra, 31-XII-1924

Santarém, Alenquer, Lisboa y Coimbra se disputan, según Storck²⁰⁵, ser la patria de Camoens, pero lo que es indiscutible, aun para los tratadistas lusitanos, es que el gran épico de las gestas oceánicas descendió de gallegos. Pontevedra, íntimamente unida con su ascendencia, no puede permanecer indiferente ante su centenario y con la humildad de estas líneas se une a los homenajes que en su honor celebran hoy todos los pueblos a donde, con las estrofas de *Os Lusíadas*, llegaron “as memórias gloriosas” de

As armas e os barões assinalados
que da ocidental praia lusitana
por mares nunca d’antes navegados
passaram ainda além da Trapobana

Como afirma Faria, el linaje de los Camoens es muy moderno en Portugal y procede de los Caamaños de Galicia por corrupción del apellido. En la lucha entre los hijos de Alfonso XI muchos nobles gallegos siguieron el partido de don Pedro I, hijo de doña María de Portugal, y se pasaron a este

²⁰⁵ Storck, *Vida e obras de Luís de Camões*, trad. y anot. de Carolina Michaëlis de Vasconcelos, Lisboa, 1897.

reino, en el triunfo fratricida de don Enrique de Trastámara²⁰⁶. Entre ellos fueron Vasco Fernandes de Caamaño y su primo Ayras Peres de Caamaño²⁰⁷.

El primero, llamado en los documentos portugueses Vasco Pires de Camões, fue muy favorecido del rey don Fernando de Portugal, quien en sucesivas donaciones desde 1373 a 1383²⁰⁸ le otorgó la Quinta do Judeu, en términos de Santarém, los bienes de algún parcial de don Enrique, las heredades de Geslaço Évora, Monte Avis y Montemor-o-Novo, la Alcaidia Mayor de Portalegre, la de Óbidos y el señorío de Vila do Sardeal, Punhete, Marvão y Amêndoa, siendo también ayo del conde de Barcelos por nombramiento de doña Leonor Telles. Por esta causa fue contrario al Mestre de Avis y partidario del Conde Andeiro y, por el triunfo del primero, desposeído de la mayoría de los bienes exceptuando las heredades llamadas Camoeiras²⁰⁹, que siguieron siendo patrimonio de la familia.

Esta conducta suya respecto al Mestre de Avis valióle una malísima fama en las crónicas portuguesas²¹⁰ que han hecho proverbial su miedo, su carácter venal y hasta ciertos tratos para venderse al Condestable. Mejores referencias nos da de él el *Cancionero de Baena*²¹¹, donde aparece como trovador, *tensoando* sobre cuestiones científicas con Fray Diego de Valencia, de León, franciscano insigne, astrólogo, teólogo y legista²¹². Pregunta este

²⁰⁶ Vid. López Ferreiro, HISC., t. VI, pág. 176, 187 y sigs.; Catalina García, *Castilla y León durante los reinados de Pedro I, Enrique II, Juan I y Enrique III*.

²⁰⁷ Noticia de la familia de Caamaño, redactada en 1644, e impresa posteriormente, cap. 27, pág. 297, a quien sigue Gándara, *Armas y Triunfos del Reino de Galicia*, Madrid, 1662, págs. 584 y 307.

²⁰⁸ Chancillería del Rey D. Fernando de Portugal. Vid. *Alemquer e seu Concelho* por G. J. Carlos Henriques.

²⁰⁹ Vid. Fonseca, *Évora gloriosa*, p. 233.

²¹⁰ Véase la carta en redondillas que Manuel Machado de Azevedo dirigió a su cuñado Sa de Miranda, y las crónicas de don Juan I y el Condestable.

²¹¹ Ya se le conocía por la referencia que de él hace en la *Carta al Condestable de Portugal el Marqués de Santillana*.

²¹² El *Cancionero de Baena* le llama “Vasco Lopes de Camões gallego” y en otro lugar “caballero de Galisia”. Lo del Lopes se tiene por equivocación del copista, pues el Marqués de Santillana y los documentos de la época le apellidan Pérez (Ed. Pidal, t. II, págs. 160 y 176).

cómo es que se forma el rayo en la nube acuosa²¹³, y cómo hay veces que se da un quejido sin que nos duela nada, y contesta a otra pregunta suya sobre la creación del mundo. Por estos versos se conoce a Vasco Pires como médico, que de tal le trata Fr. Diego, versado en física, ciencias astrológicas y metafísicas²¹⁴, y dotado de una emotividad lírica y saudosa que, vibrando con un remoto influjo atávico, como dice T. Braga, en el alma de Luis de Camoens, había de hacer de él “um aventureiro em que a existência se despendeu pelo mundo em pedaços repartida”²¹⁵.

Xosé Filgueira Valverde
“La oriundez pontevedresa de Camões”
Diario de Pontevedra, 3-I-1925

De Vasco Pires de Camoens se deriva claramente el linaje de donde procede el autor de *Os Lusíadas*. Prescindiendo de todo detalle innecesario, su genealogía puede trazarse en esta forma²¹⁶:

1. Vasco Pires de Camoens – Maria Tenreira.
2. Juan Vaz de Camoens – Inés Gómez de Silva.
3. António Vaz de Camoens – Guiomar da Gama.
4. Simón Vaz de Camoens – Ana de Macedo.
5. Luis de Camoens.

Probada ya la oriundez gallega de esta familia, réstanos exponer las relaciones que tienen la ciudad y provincia de Pontevedra respecto a Vasco Pires de Camoens.

²¹³ De esta pregunta se conserva la respuesta de Vasco Lopes que es notabilísima.

²¹⁴ “En su tiempo no se halló hombre tan fundado en todas ciencias como él”, dice el *Cancionero*, y Fr. Diego le pregunta “como a sabio”. Por lo demás, basta para conocer sus cualidades la lectura de los decires que de él conocemos.

²¹⁵ *Camões. Época e Vida*, Chardron, Porto, 1907. Es la obra que seguimos especialmente para este resumen cuyo carácter simplemente divulgador no precisamos hacer notar. Aparte de ella, sobre la genealogía de Camoens pueden verse la ya citada obra de Storck y los trabajos de Agostinho.

²¹⁶ Braga, op. cit., pág. 137 y sig. Agostinho, *Os Lusíadas*, Porto, 1917, p. I, pag. 5 y sig.

Tiéndose a la villa de Noya²¹⁷ por el más antiguo solar de los Caamaños pero además existieron el de Rubianes²¹⁸ y el de Pontevedra aunque con fecha posterior.

En nuestra ciudad la casa de los Caamaños se halla todavía en la calle del Ingeniero César Boente, contigua a la casa de la Sierra, y muestra en el soberano de su escudo, sobre los blasones de Mariños, Figueroas, Sotomayores y Guzmanes, el pino de sinople grietado de oro, con cinco lanzas de plata con cuentos y hierros de oro a cada lado en campo de guías de los Caamaños.

Esta casa, que perteneció a la familia de los Henríquez Flórez²¹⁹, descendientes de Colón, procede del siglo XVI, pero debió existir otro solar más antiguo en Pontevedra pues el escudo de Caamaño que se halla en la rúa Cega, que hoy es patio interior de la casa que en la calle de Charino perteneció al hermano del P. Sarmiento, procedente al parecer de una obra anterior, demuestra mayor antigüedad²²⁰. Esta suposición aparece confirmada por los documentos, pues en el Libro de Concello aparece Gonzalo de Camões –y nótese que se apellida como los Caamaños de Portugal– testificando un acta de 1434²²¹.

²¹⁷ Tenemos por fantasía de nobiliario los Caamaños visigóticos. Los verdaderos Caamaños no aparecen hasta el 1002 testificando una escritura de Celanova y el 1129 en que fundan Toxosoutos, descendiente de Sobrado. Son por tanto más antiguos los de Noya.

²¹⁸ Vid. Antonio de la Iglesia, *El idioma gallego*, t. II, pág. 21. Una notable partición de los bienes del señorío de Rubianes entre Martín Becerra de Caamaño y García de Caamaño se verificó en 1472.

²¹⁹ A esta familia, sobre la cual no ha mucho publicó un interesante artículo el director del Instituto de esta ciudad, sr. Sobrino, perteneció la Aldanza.

²²⁰ Piferre, en su *Nobiliario de los Reinos y Señoríos de España...* (t. IV, pág. 83, número 1664) da como armas de la casa de Caamaño, tomadas del libro *Becerro de Castilla*, un escudo de oro y tres roeles de plata, con tres fajas de gules cada uno y estas cargadas de ocho aspas de oro, dos en la faja de arriba, cuatro en la del centro y dos en la de abajo. En Noya aparecen al lado de los corrientes –pino y lanzas– seis roeles de azul en campo de plata y en la manteladura un león rampante de oro en campo de gules con un escudo mitad, ondeado de aguas azules blancas, que son de Rubianes y Maceda, según un artículo recientemente publicado en *La Integridad de Tuy y Galicia Nueva* de Villagarcía, firmado por “Un correspondiente de la Geográfica de Lisboa”.

²²¹ C. D. H. de Pontevedra, publicada por la Sociedad Arqueológica, t. I, 1896, pág. 348.

La Capilla de la Virgen de la O, la antigua, existente en Santa María sobre la sepultura de Alfonso de Batuido, en la parte exterior del ábside de Santa María tuvo el patronato de los Caamaños a partir de 1652 en que la separó doña Antonia de Caamaño y Sotomayor, esposa del señor de Rubianes y Villagarcía D. Mauro Mendoza y Sotomayor, juez ordinario de la villa de Pontevedra y hermano de don Fernando de Andrade, arzobispo de Santiago²²².

Los Caamaños ocuparon puestos muy importantes en nuestra ciudad en todo este siglo, así en 1636 era justicia y alcalde ordinario de la villa don Mauro Caamaño y Mendoza, marqués de Villagarcía, vizconde de Barrantes y señor de la casa y estado de Rubianes²²³.

En las luchas entre don Pedro I y don Enrique, tomó parte el caballero Sueyro Eans de Parada, señor de la Guardia, del castillo y tierra de Parada y del coto de Salcedo, adelantado mayor de Galicia y dueño de muchos bienes en las cercanías de Pontevedra. Con él se hallaron en la batalla de Nájera numerosos hijosdalgo de casas pontevedresas, entre ellos los de Gondar, Chirino, Berducido, Correa, Barragáns, Tenorio, Godoy, Valladares, Romay, Borio, Saavedra, Cru, Aponte, Meira, Montenegro, Sarmiento, Sotomayor, Maldonado, Aldao, Sobeira, Cousiño, Barrantes, etc., al mando de Gaspar Pazos de Proben²²⁴.

Entre ellos debió de hallarse Vasco Pires de Camoens, y ser definitivamente destituido de sus bienes, señoríos y heredades, en las cortes de Toro (1411) donde Enrique II donó los de Suero Eans de Parada a la iglesia de Tuy²²⁵. Por tanto nada tendría de particular que procediera ya de Pontevedra, ya de Villagarcía, lo cual tiene muchas más probabilidades, que nosotros no nos paramos a examinar pues suponemos serán dilucidadas por nuestro compañero Bouza Brey, que

²²² Id., t. II, pág. 146.

²²³ Id., pág. 414. Sospechamos por la proximidad de las fechas que ambos sean una misma persona.

²²⁴ Id., pág. 391.

²²⁵ *Tuy en la Baja Edad Media*, suplemento al t. XXII de la C. S. de Flórez. Discurso inaugural del curso de 1913 a 24, leído por el Dr. Galindo en la Universidad de Santiago. Doc. XXIV de la Col. Dipl.

actualmente estudia con detenimiento todo lo referente a los Caamaños de Rubianes²²⁶.

Réstanos lamentar que de los homenajes dedicados a la memoria de Camoens no hayan quedado, por lo menos, un serio estudio sobre su ascendencia gallega y otro sobre la figura de Vasco Pires de Camoens, luchador, sabio y poeta, cuya intensa vida he pretendido esbozar.

Sirvan estas líneas de ofrenda a las tierras lusitanas, vividas por la misma raza saudosa y viajera que en la nuestra vive; bañadas por el mismo sol bretemoso que a la nuestra baña; arrulladas por el mismo mar sagrado e imponderable, que a las nuestras arrulla, el mismo que rasgaron las audaces proezas de unos y otros mareantes, que cantaron entrambos trovadores, el mar donde reina la figura atlántica e hispánica del gran Camoens²²⁷.

²²⁶ La feligresía de Santa Baya de Arealonga, donada por Alfonso VI al monasterio de San Martín Pinario, pasó luego al dominio episcopal, por el cual fue cedida a los Caamaños. La cesión más antigua de este género, aunque no la primera, data de 1318 y fue hecha por don Berenguel a Fernán Gómez de Caamaño, merced que también fue concedida a su hijo Rui Fernández por don Juan García Manrique. El primero era hermano de nuestro Vasco Pires, partidario de don Henrique. Fue sitiado por Fernández de Castro, de orden de don Pedro, primero en la fortaleza de Goyanes y luego al parecer en la de Rubianes. Ramón del Valle, "Villagarcía", artículo escrito en enero de 1880, publicado primero en *La Ilustración Gallega y Asturiana* que dirigía el ilustre Murguía, y reproducido por *Galicia Nueva* en 18 de agosto de 1917. Es también notable la inscripción de la actual entrada al parque de Rubianes, procedente de la antigua construcción, que dice "Esta casa fezo Garcia de Camaño era de mil CCCC e cuarenta e cinco ano", según copia que posee la Sociedad Arqueológica de esta ciudad. En el mismo lugar aparecen un escudo con Mariños y Sotomayores y otro de los Caamaños.

²²⁷ Creemos completamente anticientífico el hacer afirmaciones absolutas donde solo pueden existir conjeturas. Al pretender hacer historia, aun como diletantes, ha de llevarse una dosis de honradez y de imparcialidad que, cuando falta, no solo pone en ridículo al historiador, sino que llega a desprestigiar la tesis. Y ejemplos tenemos que más vale no mentar.

FILGUEIRA, TAMÉN NA CIENCIA GALEGA

FRANCISCO DÍAZ-FIERROS VIQUEIRA

Introdución

Hai un dito bastante extendido entre os investigadores da cultura galega que recoñece que cando un comeza a estudar un determinado tema atópase con que “por alí xa tiña pasado Filgueira” (Xesús Ferro Ruibal, *dixit*). Tal era o seu amplo saber e interese polas cousas de Galicia que era moi difícil atopar un eido da historia, do folclore, da literatura ou do pensamento, ou mesmo da xeografía galega, que non fora tratado xa polo ilustre polígrafo pontevedrés.

Pois tamén no eido da ciencia galega fixo as súas persoais achegas. Falou da vida e obra de importantes científicos galegos, maioritariamente pontevedreses, ou de feitos singulares de carácter técnico ou científico que tiveron fonda repercusión na vida do país. E sempre, con ese estilo directo e ameno que tiñan os seus escritos. Moitas foron colaboracións xornalísticas; outras, circunstanciais e nos máis variados formatos, para contribuír a determinadas conmemoracións. Outros, serviron como tema central desa persoal iniciativa de Filgueira para conmemorar o “Día da Hispanidade” que foron eses coidadísimos libríños nos que se glosaba, inicialmente, unha figura galega que tivera que ver coas achegas culturais hispanas no mundo americano pero que ao final derivou tamén cara ao recoñecemento de pontevedreses ilustres. Evidentemente, non eran tratados densos e prolixos porque Filgueira non era un investigador da ciencia galega. Pero si tiñan esa amenidade, así como ese don da oportunidade que distingue os bos divulgadores. Sabía como chegar á xente tocando aqueles aspectos que ofrecían unha pegada máis directa e permanente. E sabía dicilo. En galego, as máis das veces, e sempre cun estilo propio no que se mesturaban xiros e vivenzas moi persoais con detalles eruditos que podían sorprenden aos máis avezados investigadores. Do seu “fondo de armario” intelectual, podían saír os datos máis insospitados: un debuxo, unha anécdota, un escrito que só el (ou moi poucos máis) coñecían.

Neste traballo de homenaxe ao ilustre pontevedrés fíxose unha escolma dos temas relativos a ciencia ou a técnica, galegas, que aparecen reseñados no libro preparado por M^a Xesús Fortes Alén *Ó Dr. Filgueira*

Valverde. *Nos seus noventa anos (1906-1996). Bibliografía-Traballos-Eloxíos* (Pontevedra, 1996) completados co fondo existente na Biblioteca da USC e unhas achegas propias. En total, seleccionáronse 31 publicacións que foron reagrupadas nos seguintes epígrafes: a) Sanidade, b) Historia natural, c) Matemáticas, astronomía, cartografía e xeodesia, d) Navegantes e ultramarinos, e) Técnica e f) Escribir de ciencia en galego.

Sanidade

Hai un primeiro grupo de temas, de carácter histórico pontevedrés, recollidos nas publicacións do Museo de Pontevedra nas que fala dun documento notarial do século XVI, subscrito por “Maestre Anrique, fisyco, vecino de Ponferrada” para prestar servizos como médico para “facer curas y curar vecinos, e de vesytar espitales, cada semana una vez, y de curar los pobres de los dichos espitales, de gracia syn blanca y syn más nada”. (*El Museo de Pontevedra*, 1944). No mesmo número escribe sobre as prácticas de inspección sanitaria e da Confraría dos Santos Apóstolos, de cirurxáns, sangradores e barbeiros. No ano 1946, na mesma publicación, escribe dun médico, “Frey Pedro de Pontevedra” que exerceu na corte de Sancho IV de Castela, en 1294. Especula sobre a posibilidade de que fora frade do convento pontevedrés de Santa María a Nova, aproveitando o feito, para lembrar que cinco anos despois o capítulo dominicano destinaba a ese convento dez estudantes de Galicia e Portugal “*ad studium naturarum*”.

Nos xornais *Faro de Vigo* (1980) e *El Ideal Gallego* (1981) escribe, respectivamente, sobre o médico do XVIII, Pedro Gómez de Bedoya e sobre as farmacias galegas. No primeiro, co suxestivo título de “Guerra de Villancicos”, fala das liortas que existiron entre o médico ilustrado compostelán, acabado de chegar de Madrid, e o Cura de Fruíme como consecuencia das críticas que este lle dedicou aos seus métodos curativos, así como a seu carácter engreído e suficiente. Aproveitou que Bedoya escribira uns vilancicos para ser cantados na catedral de Santiago, posiblemente, segundo Filgueira, con música do Mestre de Capela. Cernadas contéstalle con outros vilancicos, que un a un van poñendo en solfa os gustos, métodos e costumes do médico madrileño e que nada menos que titula *Nuevas Dimisorias sobre las Reverendas Bedoyanas que despachó la M.N. Ciudad de Santiago al erudito, tan heroico como endecasílabo, cuyo numen estrámbotico*

hace cantar a un Título este romance pátufo. Filgueira aproveita, de paso, para lembrar que estas aparentemente inocentes composicións como son os vilancicos “han tomado, por veces, carácter bélico” e que, como é o caso, “suscitaron polémicas y desataron pugnas musicales ou literarias”.

O outro artigo, sobre a farmacia, incluído na serie dos ADRAL do xornal vigués, semella que foi escrito de corrido e servíndose só da súa inesgotable memoria. Collendo como pretexto de cal debería ser o tema do que tería que falar nunha conferencia que lle solicitara o Colexio de Farmaceuticos de Pontevedra, especula coa posibilidade de tratar das boticas dos mosteiros ou dos físicos e dos herbolarios de Compostela. Tamén fala da posibilidade de comentar a arte nas farmacias a partir do botame, do vidro, dos andeis e, de paso lembra (sempre o detalle erudito e único de Filgueira) que, como moitas boticas polos seus adornos semellaban capelas, alguén lle tiña contado que a xente se santiguaba “non soio a entrada, senón ao paso da Farmacia de Casares no Toural santiagués”. Segue falando da posibilidade de tratar dos farmaceuticos ilustres de Galicia (Casares, Carracido, Eleizegui, etc.), dos que fixeron compatible a profesión “ca laboría literaria, e camiñaron polos eidos da poesía, da erudición, do xornalismo, da política” (Castro Freyre, Donapetry, Neira Nuñez, etc.) da música, como o pontevedrés Perfecto Feijoo ou dos que “aforcaron a carreira” como Murguía, ou dos que a remataron e non a exerceron como Cuevillas, Eduardo Chao ou Estrada Catoyra. Tamén, da farmacia de Cunqueiro, en Mondoñedo, na que “se concertou a alquimia do arte dese grande narrador e poeta que é regalo de Deus para o noso tempo”. Finalmente, decídese por falar do seu sempre admirado Sarmiento porque “valía a pena chamar unha vez máis, a atención dos profesionais de hoxe cara o inmenso horizonte que a natureza e a sabencia do pobo abren, diante deles como os abriron no século XVIII para o noso monxe”.

No libro que Ramón Baltar Domínguez escribiu sobre *Castelao ante la medicina, la enfermedad y la muerte* (1979) para a editorial Bibliófilos Gallegos que dirixía Filgueira, aparece un prólogo seu. É un texto breve e de circunstancias, como adoitan ser –agás sonadas e criticadas excepcións– estas pezas, pero non deixa de amosar a súa fina sutileza e oportunidade. Señala que así como a anatomía, que Castelao estudou con entusiasmo, serviulle para debuxar con acerto e rigor os xestos e actitudes dos personaxes nos seus cadros e debuxos, a formación clínica valeulle para “conocer no sólo las

apariencias sino el transfondo de las gentes”. E se nos catro anos que exerceu a profesión tivo que diagnosticar e tratar doenzas físicas e espirituais, cando abandonou a medicina e tivo que afrontarse coas creacións artísticas, foron outras as doenzas que considerou: as doenzas e miserias sociais do seu pobo e, fronte a elas, o seu talante foi sempre o dun “sanador”, comprometido e cercano, máis co dun crítico obxectivo e distante. “Podréis comprender así este libro, que un gran médico gallego dedica al que quiso ser, ante todo, **un médico para Galicia**”.

Finalmente, temos o traballo de Filgueira de máis amplitude sobre temas médicos na colaboración que aparece no *Libro de los amigos* editado polo Castro, en 1990, en homenaxe ao Dr. Barros Malvar. Foi dedicado ao P. Sarmiento e nel presenta uns comentarios a unha selección dos temas médicos da *Noticia de varios códices manuscritos e impresos, y observaciones hechas por el P. Maestro Sarmiento en su lectura. 50 pliegos original*, da colección Medina Sidonia do Museo de Pontevedra. Pero antes, inclúe unha ampla introdución sobre o pensamento médico do P. Sarmiento con moi interesantes apuntamentos como foi, por exemplo, o dedicado á fundación da Academia de Medicina. É ben sabida a xenreira e pouco respecto que Sarmiento lle tiña, en xeral, ás academias. Rexeitou entrar na de Historia e deulles unha contestación pouco caritativa aos “labradores de salón” da Gallega de Agricultura. Por iso, semella sorprendente a colaboración que tivo coa Academia Médica Matritense. Ao parecer débesele a redacción do artigo 50, que tanto lle agradaba a Feijoo: “El fin primero e idea general de la Academia será manifestar las verdades y provechosas máximas de la Medicina y Cirugía por el camino de la observación y la experiencia”. Pero tamén, posiblemente polos seus coñecementos da emblemática, pedíronlle que ideara selos e alegorías para a nova institución. Un deles, o que utiliza o experimento de Arquímedes dun espello que concentra os raios solares segue a ser o emblema actual da Real Academia Nacional de Medicina (como sempre, as novas curiosas e descoñecidas que achega Filgueira).

Outros temas dos que trata neste traballo son xa máis coñecidos como os relativos á defensa que fai das ideas médicas de Feijoo ou o escrito que Sarmiento lle dedicou á carqueixa. Remata comentando traballos do mestre Estéphanos, Gutiérrez de Toledo, Fr. Bernardino de Laredo, Ruy Díaz de Isla, Velasco de Taranto e Alonso Chirino.

Ciencias naturais

Máis reducidas son as achegas a este campo da ciencia, pois limítanse a un prólogo, dous artigos de xornal, un relatorio e un traballo. O “Prólogo” aparece no libro de Xosé Curt *La fauna gallega y algo más* (1978) na colección de Bibliófilos Gallegos. Esta publicación foi a resposta a unha iniciativa da editoria de había bastante tempo, de solicitar a naturalistas novos como “Castroviejo ou Bárcenas” orixinais para a edición de “obradoiros” de divulgación. Neste limiar, Filgueira discorre sobre o interese pedagóxico do coñecemento da natureza e da inmensa perda que supón, por exemplo, a ignorancia dos nomes dos paxaros e das árbores. “Como nombrar es conocer, la reducción del léxico revela la alarmante restricción de los conocimientos; como el conocimiento es base del amor, las gentes han dejado de tenerlo hacia el entorno natural”. O libro será de proveito “para los aletófilos de hoy” e nel poderase atopar “ese espírito franciscano de diálogo con las criaturas de Dios, que nos viene a los gallegos de muy lejos y que, en nuestro tiempo vibra en las *Cousas* de Castelao y en las páginas de *El Bosque Animado* de Fernández Florez”.

Os traballos xornalísticos son do *Faro de Vigo*, un deles dedicado ao xeólogo Isidro Parga Pondal no ano 1978, con motivo da homenaxe que se lle tributara en Santiago, na Galería Sargadelos, por un grupo de amigos e compañeiros ao presentarse o libro *Geología de la parte norte del Macizo Hespérico* editado polo “Seminario de Estudios Cerámicos” e no que aparecían un conxunto de traballos de especialistas no tema. Á par dunha sucinta biografía do xeólogo galego lembra a súa “xenia” (os Pondal, Parga e Abente) así como os “ledos días de Mondariz con Peinador, Riestra, Cabanillas, Pericot...” engadindo, que “Ninguén sabe máis que Parga no que esconde nas entrañas cada un deses lugares con corónimos ben amados do bardo”. E “hai unha pura alegría na sebercia deste mozo de setenta e sete anos a quen tanto debe esta terra.”

O outro artigo do *Faro*, de 1988, con motivo da declaración dos Ancares como “Parque Nacional” lembra a xeira de investigación nesa zona promovida pola “Comisión de Estudios en Galicia” da J.A.E. en 1927 coa participación de Crespi, Iglesias, Rodríguez Bouzo, Nieto, Sampaio e Vavilov. E, sobre todo, como na publicación de Luis Iglesias *El Parque Regional Gallego*, editada pola devandita comisión, defende a declaración dos Ancares como unha reserva da xea, flora e fauna de Galicia, e que con todo dereito

cómpre acollelas, hoxe, nesa figura de protección. Filgueira comenta que a norma legal chega xa tarde, pero desexa, con M. Machado, “que cantos anden nestes camiños non den a esquecemento aqueles que souperon abrilos”. Tamén, no relatorio que Filgueira presentou no simposio, celebrado en Madrid en 1987, en conmemoración dos setenta anos da creación da JAE fai “reconto das labouras esquecidas” da “Comisión de Estudos de Galicia”.

O último traballo dedicado ás ciencias naturais, corresponde á colaboración que achegou a homenaxe que a *Revista de Economía de Galicia* dedicou a Cruz Gallástegui en 1962. Trata, nun moi interesante artigo, sobre “El P. Sarmiento, precursor de la Misión Biológica de Galicia” e, nel, fai un exhaustivo reconto dos traballos (a maioría inéditos) que o beneditino dedica á historia natural. De singular interese resulta a cita que fai das recomendacións de Sarmiento para situar a residencia do “Aletophilo” ou encarnación da persoa física ou moral encargada da investigación galega. Propoñía a cidade do Apóstolo como o lugar idóneo, pero engadía que “sería del caso, para mayor quietud de sus estudios, el que, aunque fuese morador de Santiago, viviese en las benignas estaciones, retirado y divertido en sus estudios, en una espaciosa quinta hacia la marina, en la cual pudiese criar todo género de vegetales”. Neste parágrafo Filgueira consideraba, con toda razón, que se podía atopar un suxestivo precedente da localización da Misión Biológica de Galicia, no pazo de Salcedo, en Pontevedra. Outro feito destacado do que chama a atención ten que ver coas experiencias que realizaba Sarmiento na súa cela madrileña coa terra e sementes galegas que lle enviaba o seu irmán Francisco Javier. Segundo Filgueira, nelas pódese atopar un moi temperán e “sensacional” precedente das experiencias de hibridación con vexetais que, séculos despois, terían tanta transcendencia nos traballos de Gallástegui. Sarmiento, despois de describir cun certo vagar os seus ensaios, fala de que cando se combinan entre si e de dous en dous, as innumerables flores que hai na natureza “aplicando las antenas o virtud seminal o masculina de una al pistilo o matriz femenina de la otra, y así recíprocamente, saldrán nuevos frutos”.

Matemáticas, xeodesia, cartografía e astronomía

Os traballos de Filgueira correspondentes a este apartado refírense exclusivamente a tres figuras maiores da ciencia galega: Xosé Rodríguez (1770-1824), Domingo Fontán (1788-1866) e Ramón Aller (1878-1966). Aos tres,

pontevedreses ilustres das terras de Portas e do Deza dedicoulles o Día da Hispanidade os consecutivos anos de 1987 (Fontán), 1988 (Rodríguez) e 1989 (Aller) alterando con eles a tradición de glosar só figuras que tiveran que ver co mundo ultramarino. Pero tamén tivo ocasión de volver sobre eles noutros momentos, como foi o caso de Ramón Aller, cando se editou o facsímile dos seus ensaios en galego recollidos na revista *Logos* ou, sobre todo, cando se conmemorou o centenario da publicación do mapa de Galicia de Fontán (1946) e o bicentenario do seu pasamento (1988).

Estes tres nomes fundamentais da ciencia feita desde Galicia teñen como fío común o de asentar seu coñecemento sobre unha disciplina básica como eran as matemáticas, pero difiren na súa aplicación, como foi o caso da xeodesia con Rodríguez, a cartografía con Fontán e a astronomía con Aller. Foron tamén os tres catedráticos da Universidade de Santiago e a ela dedicáronlle non só o seu saber senón tamén as súas preocupacións e intereses contribuíndo, en diferente medida ao seu goberno e desenvolvemento. Dun deles, Ramón Aller, Filgueira tiña unha experiencia persoal, pois fora o seu compañeiro desde os primeiros tempos do Seminario de Estudos Galegos e, posteriormente, mantivo unha fonda relación afectiva pola boa sintonía ideolóxica-confesional que existía entre os dous. Dos outros, foi o inmenso caudal erudito de Filgueira o que nutriu os seus traballos. En calquera caso, foron sempre escritos dunha fácil lectura, que recollían o fundamental das súas achegas científicas pero que tamén amosaban con criterio agudo e ameno, os trazos fundamentais da súa personalidade. E se algo os distingue dentro do conxunto de estudos relativos a historia da ciencia galega é a súa capacidade para descubrir o ser humano que había detrás das súas achegas e investigacións.

A publicación que lle dedicou o Día da Hispanidade a Rodríguez contén elementos que conviñan ser destacados. Por unha parte, a biografía canónica que publicou Ramón Aller no Seminario de Estudos Galegos e na que todos os posteriores biógrafos do matemático beberon con máis ou menos disimulo, non incluíu os datos da manuscrita realizada polo seu sobriño, que se custodiaba no Museo de Pontevedra. Filgueira si o fixo, e no seu traballo recolle parte destes datos, en xeral de carácter personal e con un interese desigual, agás o relativo á pouco coñecida estancia de Rodríguez en Roma e á publicación que deixou manuscrita sobre a historia do calendario romano. Por outra parte, e como ocorre sempre coas súas biografías de científicos, o máis interesante e orixinal reside no perfil humano

que describe, sobre todo no referente ao seu talento, amizades e discípulos. É así mesmo, son do máis suxerentes as lembranzas persoais que recolle da memoria popular que aínda se conservaba nas terras do Deza sobre as andanzas de Rodríguez. Sobre todo as relativas á súa obsesión por traballar con instrumentos que non se desnivelasen: “Metéronlle un papel de fumar debaixo dun pe do trípode e dixo *ou subiu a terra ou baixou o ceo*”.

Dos tres traballos que Filgueira lle dedica a Domingo Fontán, o do ano 1946, publicado polo Instituto “Padre Sarmiento” consiste nun relatorio dos importantes fondos (manuscritos, retratos e instrumental) que posúe o Museo de Pontevedra pois unha doenza ímpediulle contribuír cun “trabajo de mayor empeño”. O publicado con motivo do Día da Hispanidade no ano 1987, é xa unha achega ampla e orixinal, mentres que o incluído no volume editado polo Instituto Geográfico Nacional o ano seguinte co motivo do bicentenario do seu nacemento, é simplemente unha copia do anterior. A biografía recollida no segundo dos traballos, ao tempo que describe con amenidade e rigor os datos máis salientables da súa vida científica e política, sinala a localización actual de algún instrumental empregado por Fontán, na Universidade de Santiago, no Museo de Pontevedra, no Pazo de Fefiñanes e no do Marqués de San Martín de Ombreiro en Lugo. Con orixinalidade, fala do estilo literario e retórico de Fontán citando a Madoz que o describe como “el que más declama en el Congreso, el que más grita, el que más, al parecer, quiere arrancar la convicción a voces fuertes”. Remata coa evocación realizada por Otero Pedrayo en *Arredor de sí* sobre o mapa de Fontán, o verdadeiro “rostro de Galicia.

A relación de Filgueira con Ramón Aller tiña un carácter especial: iniciouse coa entrada deste no Seminario de Estudos Galegos en 1928, continuouse coa incorporación dos dous á Real Academia Galega, na quenda colectiva inmediatamente posterior á Guerra Civil do ano 1941, e non rematou ata o seu pasamento en 1966. Hai unha ampla correspondencia entre os dous que así o testifica. Filgueira tiña previsto dedicarlle o correspondente libríño do Día da Hispanidade do ano 1978 a Don Ramón, co motivo do centenario do seu nacemento, pero diferentes circunstancias fixeron que isto non puidera ser ata o ano 1989 ao cumprirse cincuenta anos da súa incorporación ao claustro compostelán. A biografía que se incluía tiña dúas singularidades: era a primeira que se facía nesa conmemoración dun persoeiro contemporáneo, e sobre todo era “un admirado amigo del que escribe”. E se xa nas outras biografías

de Filgueira primaba o perfil humano sobre outras cuestión de carácter máis obxectivo, nesta, vai preferir “a reiteración de datos, el entrañable recuerdo ligado, sobre todo a gratísimas coincidencias e colaboracións”. E, como sempre, cómpre subliñar como o máis destacable desta biografía o conxunto de pequenas anécdotas e relatos que nos achegan a fonda e íntima humanidade dunha persoa que antes que científico foi un home humilde e sinxelo, que poñía por diante dos grandes discursos da ciencia a cercanía da amizade e do agarimo. Teñen, sobre todo, interese as etapas relativas ao Seminario de Estudos Galegos, nomeadamente as correspondentes ás excursións de estudo polas terras do Deza, onde a recalada no Observatorio Astronómico de Ramón Aller, en Lalín, era visita obrigada: “nos turnábase para ocupar unos lugares en el angosto Observatorio, y allí gozar de la contemplación del cielo y escuchar las reflexiones, plenas de saber y de humor, de Don Ramón. Era un gozo oírlo dialogar con Otero, con Risco, con Cuevillas, con Castelao”. Destaca tamén a súa lendaria habilidade mecánica que lle permitía non só construír admirados reloxos eléctricos ou sidéreos nos que apoiaba as súas observacións astronómicas, senón tamén arranxar os xoguete dos nenos e das máquinas dos veciños (“Conmovía ver sobre la mesa un muñeco de cuerda “destripado” sobre el último número del *Astronomische Nachrichten* y al lado de los planos de un molino eléctrico para un vecino”).

Navegantes e ultramarinos

Pontevedra, aínda que hoxe perdeu o mar, foi terra de mariños e navegantes. Nos vintecinco primeiros anos (de 1956 a 1980) da conmemoración do Día da Hispanidade os temas tratados tiñan sempre que ver con efemérides náuticas ou ultramarinas. A partir de 1981, que foi dedicado ao P. Isla en Pontevedra, esta temática foi alternando coa biografía doutros pontevedreses ilustres, como os xa comentados. De todas maneiras o tema mariño seguiu dominando. Desta xeira predominantemente “náutica” dos libríños do Día da Hispanidade só hai tres casos nos que a ciencia fai a súa aparición: Con Pedro Sarmiento de Gamboa (ano 1980) e os irmáns Nodales (1979), navegantes científicos, e con Pedro Antonio Cerviño, educador, militar e científico en ultramar. Son biografías quizais menos “cercanas” que as comentadas ata agora, posiblemente porque o inmenso caudal de coñecementos de Filgueira non chegaba, co detalle a que nos tiña afeitos, ata estes persoeiros do século XVI ao XVIII. Algún

deles mesmo cos datos da súa biografía dispersos polos arquivos americanos.

Para Sarmiento de Gamboa, Filgueira resume, sobre todo, os datos das biografías de Markhan (1895), Fernandez Duro (1896), Guillen Tato (1944) e Landín (1945), polo que non existen achegas persoais neste caso. Aínda así, fiel ao seu personal estilo de concibir as biografías, non deixa de sinalar nun apartado “El estilo de Sarmiento” e do que di: “que escribe siempre con pulcra diafanidad. Construye la frase amplia y certeramente. Dice lo que quiere, como lo quiere, con pleno dominio de la expresión”, “deben distinguirse en él tres modalidades de prosa bien diferenciadas. La más íntima y sencilla, de las cartas, comunicaciones y diarios El estilo medio, en el que hace gala en las narraciones y en los cuadros descriptivos de la *Historia Índica*. La alta prosa, ennoblecida por las menciones clásicas, deliberadamente afectada, de la dedicatoria al Rey”. Con relación aos irmáns Nodales, nútrese igualmente de fontes alleas. De todas maneiras, non deixa de sinalar o carácter simbólico de que a súa expedición ao Estreito de Magallanes fora a última da etapa española dos descubrimentos, que se podía resumir certeiraamente coa expresión de Baltasar Porreño: “Cumpliéronse en estos dos famosos capitanes gallegos lo que había dicho Séneca destas remotas regiones en su tragedia llamada Medea *no ay ya tierra por saber – ni ay Reino por conquistar*”.

De Pedro Antonio Cerviño destaca sobre todo seu papel á fronte do Tercio de Gallegos en Buenos Aires. Aínda así, lembra a súa boa amizade e relacións co científico Felix de Azara e a súa obra á fronte da Escola de Náutica, acabada de crear e da que foi o seu primeiro director, e na que explicaba xeometría, trigonometría, hidrografía e debuxo. Tamén cita os seus traballos de enxeñería civil e urbanismo “traza calles en Buenos Aires, desvía arroyos de los terrenos, construye desagües, replantea las veredas y el ancho de las calzadas”, así como o levantamento do plano do porto e o proxecto da utilización da enseada de Barranquina.

A técnica

O século XIX estivo caracterizado, entre outras cousas, pola utopía do progreso, do que se agardaba a solución de case todos os males. Os avances da técnica foron a expresión máis evidente e directa deste progreso e na chegada do tren, da electricidade ou do telégrafo estaban postos os desexos de felicidade e fartura dos pobos. Galicia non foi allea a este movemento e

todos, en diferente medida, participaron del. Os xornais e revistas fixéronse eco destas arelas e mesmo os escritores e artistas non dubidaron en glosar as técnicas e o progreso, así como a ciencia e os científicos e, sobre todo, os enxeñeiros que se consideraban os primeiros protagonistas da empresa. Curros, foi un exemplo senlleiro destas esperanzas e, nos seus poemas, como o da “Chegada a Ourense da primeira locomotora”, brillan con especial relevo estes desexos.²²⁸

Filgueira non foi alleo á pegada que a chegada dos adiantos técnicos deixaba na vida das vilas e cidades galegas, principalmente en Pontevedra. E así, un traballo moi pouco coñecido (non aparece na exhaustiva recolleita bibliográfica de Belén Fortes) foi o que publicou, sobre a chegada do tren a Galicia, no libro *Cien años del ferrocarril en España* (1948). Nel amosa fundamentalmente como a prensa e revistas galegas expresan o desexo, tan longo tempo agardado, da chegada deste adianto técnico. Naceron xornais só con estes obxectivos, como *El Ferrocarril* (1853), *El Ferrocarril Gallego* (1861) ou *El Correo de Lugo* (1861) e as expresións deste entusiasmo podían chegar a extremos como os da revista *Galicia. Revista Universal de este Reino* (1860) cando eloxia os seus promotores e defensores que, “abrazando el pensamiento del ferrocarril con todo su corazón, puesto que es el áncoa salvadora de Galicia, puesto que es, después de Dios, como el ángel de su redención suspirada, abrazando este pensamiento, labran la felicidad de su patria”.

Á chegada da luz eléctrica, dedícalle un ADRAL (28.02.1982) que, segundo Filgueira, “debíallo aos veciños dunha aldea arredada que mo teñen pedido pola festa que van facer porque chega a luz eléctrica á súa parroquia”. Nel ademais lembra algunha das súas experiencias de neno en aldeas onde a única luz eran “Velas e candeas no sobrado; o fogo da lareira na cociña. Para sairen, o faroliño ou o fachuzo de palla, fedorento ao breu. Os labregos viñan ver o noso calimbornio do acetileno, con tanto tubiño e tanta barquela: *Calquera día pode haber unha desgracia*”. Describe as experiencias de Antonio Casares na Universidade Compostelana, “o lugar onde foi feita en Galicia a primeira proba do invento”, pero sobre todo será Pontevedra a primeira cidade galega que terá en 1888 “alumbrado público” eléctrico. Foi o seu promotor, o Marqués de Riestra, o que mercou a instalación por

²²⁸ Díaz-Fierros, F. 2014. Presenza do tren como símbolo do progreso na obra de Curros Enríquez. *Grial*, LII, 201: 128-135.

dez mil pesetas e a súa montaxe foi dirixida polo catedrático do Instituto de Pontevedra, Ernesto Caballero. Segundo relataba Álvarez Blázquez, “os de Vigo”, a onde chegou a luz eléctrica doce anos despois, viñan as noites a Pontevedra só para ver o “alumbrado”.

O ano 1978 cumpríanse os cen anos da patente por parte de Edinson do primeiro fonógrafo e para conmemoralo, o Museo de Pontevedra que dirixía Filgueira dedicoulle unha exposición: “Historia del Fonograma”. Na “Presentación” do Catálogo e nun ADRAL (24.09.1978) que publicou pouco despois, Filgueira recolle un conxunto de datos e, sobre todo, de experiencias persoais sobre os primeiros tempos do fonógrafo en Pontevedra. Na “Presentación”, sobre todo, fai unha pequena historia dos aparellos que imitan, reproducen ou conservan o son que ben puidera ser da autoría de Cunqueiro. Fala dos colosos parlantes de Tebas, das esponxas de sonido da Isla Cromática, da orquestra do Emperador Ham, as palabras conxeladas de Rabelais dálle un repaso aos autómatas dos séculos XVI e XVII que falan e, xa máis perto do invento de Edison, do reloxo parlante de Miller, do fonógrafo ou da máquina de Faber. E entre estes precursores, non dubida citar o mestre pontevedrés Severino Pérez, que na metade do XIX inventa o “tecnofón” ao que ninguén lle deu creto agás Francisco M. de la Iglesia e o Dr. Mata.

Os emigrados galegos foron dos primeiros en facerse cun dos aparellos inventados por Edison nos que gravaban música galega, pero que tamén, ben axiña, os enviaban aos seus familiares en Galicia para dar proba do seu contacto cun “mundo progresivo de increíbles talentos”. O poeta Labarta Posse, despois do *boom* fonográfico da Exposición de París de 1889 foi un dos seus maiores propagandistas. “Merco un e foise con él por vilas e aldeas asombrando a xente. As aventuras da súa xeira foron recollidas nas *Aventuras dun fonógrafo*”. E tamén houbo un pontevedrés, da Praza de San Xosé, que poñía polas tardes a soar no balcón un fonógrafo cunha grande bugina, e a xente mesmo sacaba as cadeiras ás beirarúas para escoitalo, aplaudindo cada cambio de peza.

Escribir de ciencia en galego

Filgueira, no limiar da reprodución facsimilar (1989) dos *Ensaio en galego* publicados por Ramón Aller na revista *Logos* (1931-1934) da Deputación de Pontevedra, sinalaba que a primeira publicación científica feita en galego fora

a curta descrición da *paralaxe* que fixera o Padre Sarmiento, no século XVIII no seu *Onomástico etimológico de la lengua gallega* (1757-1762). Despois, ata a chegada da xeración Nós o galego non fora utilizado como medio de expresión culta agás nos xéneros literarios no que se viña cultivando desde a metade do XIX (poesía, relato, etc.). O *Boletín* ourensán acolleu ensaios filosóficos de Risco, Viqueira, Losada Dieguez estes últimos, por certo, achegados á noción de tempo. O Seminario de Estudos Galegos foi o primeiro que promoveu o que hoxe podemos entender como publicación científica en galego na súa Sección de Ciencias Naturais ao recoller nos “Arquivos” o traballo de Parga Pondal “Sobre a presenza de Ilmenita nas areas de Galicia. Análisis da Ilmenita de Balarés” (1927). Outros traballos foron os de Luis Iglesias sobre aves de Galicia e, posiblemente os de Rof Carballo sobre “Bioloxía e espírito” (1925) e o de Xosé González, sobre ecuacións diferenciais (1933)²²⁹. Pero, en xeral, a maioría das publicacións estaban escritas en castelán.

Ramón Aller, a pesar de que dominaba perfectamente a expresión oral en galego e nela se comunicaba normalmente cos seus paisanos e compañeiros do SEG, realizou en castelán o seu discurso de ingreso nesta institución sobre o matemático do Bermés. Foi naquelas noites lalinenses nas que os membros do Seminario se xuntaban a cear na “Casa do Ferrador” despois das longas camiñadas de estudo polas terras do Deza, cando animaron a Don Ramón a que comezase a escribir de astronomía en galego. Primeiro suxeríronlle que publicase un libríño de divulgación que levaría por título *Astronomía a ollo ceibe*. Sábese que comezou a traballar nel e existen dúbidas sobre se o chegou a rematar, pois Filgueira non di nada sobre a súa conclusión, pero un xornal compostelán do 17 de xuño do 1936 falaba xa da súa presentación. En calquera caso o que si é case seguro é que foi o precedente do que publicou en castelán, en 1948, con título *Astronomía a simple vista*. Despois, cando Filgueira e Iglesias Vilarelle puxeron en marcha, en 1931, a revista *Logos*. “Boletín Católico Mensual”, escrita totalmente en galego, foi cando o primeiro pediulle, nesas noites de Lalín, que colaborase con algún artigo de divulgación. Inicialmente, Don Ramón, receba de que foran ben acollidos aqueles traballos relativos a unha ciencia afastada e difícil, pero despois da boa recepción que tiveron “gozouse moito en facelos”.

²²⁹ Díaz-Fierros, F. e Mariño, X. (eds.). *Escribir de ciencia en galego*. Consello da Cultura Galega. Santiago, 2012.

Filgueira, no libríño dedicado a Ramón Aller no Día da Hispanidade (1989) fai unha glosa dos oito ensaios publicados en *Logos*. O primeiro deles “Unha falla de honradés científica” (4.04.1931) ten un certo carácter apoloxético (daquela dubidaba en meterse directamente cos temas científicos) e refírese ás relacións entre a fe e a ciencia. Os restantes tiveron un carácter moi distinto, pois tentaron xa introducir o lector en cuestións de astronomía ou de filoxofía matemática, polo que se poden considerar de alta divulgación científica, e foron: “Perigos das extrapolacións” (11.11.1931), “A testemuña de autoridade” (14.02.1932), “As Cefeidas” (17.05.1932), “A función da felicidade” (26.02.1933), “O universo é un número” (30.06.1933), “O fin do mundo” (37.01.1934) e “Algo sobre imaxes do universo” (38.02.1934).

Nun deles, o dedicado ao universo amósase, un ano antes de que Schrödinger falara en Santiago no Congreso da Sociedad Española para el Avance de las Ciencias, como un defensor do novo indeterminismo físico: “As leis da natureza seméllanse máis ás dun músico que escribe unha fuga ou ás do poeta que compón un soneto que ás que rexen o movemento dunha máquina, e os movementos dos electróns e átomos parécense menos aos órganos dunha locomotora que aos bailaríns dun cotillón. O determinismo, última tendencia da soberbia científica do século XIX, foi substituído, na humilde sabedoría do século XX en que vivimos, por unha libertade asombrosa”.

Estes artigos están escritos pola man de Don Ramón, nun galego culto, pero con moitos xiros e modismos enxebres que lle dan unha certa gracia e frescura. Filgueira afirmaba deles que “son verdaderos ensayos, valiosos tanto por el saber y la capacidad didáctica, por ser piezas claves en la historia de las letras gallegas y porque le abren en ellas un puesto que hasta ahora no se le había concedido”. Con eles, evidentemente, inaugúrase a presenza do galego no eido das ciencias nun xénero, o da alta divulgación científica (ou do “ensaio”, segundo Filgueira) que non volverá a ser retomado ata a década dos oitenta do pasado século. Un xénero, mediante o cal as ciencias se fan lexibles para o gran público e que para o futuro da lingua galega, como idioma totalmente normalizado, debería chegar a ter unha importancia estratéxica fundamental.

Estes ensaios de *Logos*, aos que cada vez se lles dá maior importancia na historia da lingua galega, foron, sen dúbida, o froito dese labor de

promotor cultural que tan ben sabía levar adiante Filgueira. Eles non existirían, evidentemente, sen a mestría de Don Ramón Aller, pero tampouco verían a luz sen as xeiras de estudo do Seminario de Estudos Galegos, sen as “noites de Lalín” e, sobre todo, sen ese estímulo silandeiro, pero teimudo, dun home que entregou a súa vida á promoción da cultura galega en todas as fronteas posibles. No da ciencia tamén.

Conclusión

Filgueira, a quen nada do que tiña que ver con Galicia lle era alleo, tamén se preocupou pola ciencia galega. Non tiña formación científica, polo que aos seus traballos non se lles pode pedir o rigor e método que se lles supón a estes especialistas. Pero si estaba en posesión dun inmenso caudal cultural, polo que soubo entender que a ciencia tamén formaba parte da cultura galega (algo que moi poucos intelectuais galegos da súa xeración souberon manifestar con tanta claridade). Por iso, achegouse a ela coas armas nas que mellor sabía defenderse: coa erudición histórica e a divulgación culta. A maior parte das súas achegas, como demostramos neste traballo, foron dedicadas a biografías de científicos que se nutrían normalmente das fontes eruditas que tan ben dominaba Filgueira, pero tamén, nalgún caso achegaba datos inéditos, a maioría do inesgotable fondo do Museo de Pontevedra. O seu estilo era ameno e de fácil lectura, utilizando sempre formatos que fuxían do “tratado” clásico e procuraban a presenza grata e asequible, como os míticos ADRAL ou os elegantes libríños dos días da Hispanidade da Deputación de Pontevedra. Pero tamén amosaba un xeito propio de enfocar estas biografías: se tiña a man anécdotas ou datos íntimos e persoais do personaxe procuraba incluílos, explícita e oportunamente, para resaltar os seus aspectos máis humanos. E como home de letras que era, sempre se preocupou do estilo literario dos científicos e destacou, cando podía, as súas características máis sinaladas.

Finalmente, non se pode esquecer o seu importante labor de promotor cultural. Como editor, caso de Bibliófilos, non esqueceu o tema científico para seu fondo editorial e como creador de coleccións, como foi a que conmemoraba o Día da Hispanidade, a presenza da ciencia galega nela, foi algo máis que anecdótica. Á fronte do museo organizou exposicións como a do fonógrafo e no Seminario de Estudos Galegos, xa ficou ben clara a súa participación na obra en galego de Ramón Aller.

En definitiva, Xosé Filgueira Valverde foi un dos epígonos (xunto con Lois Tobío) daquela xeración máxica e providencial que fundou o Seminario de Estudos Galegos. Con eles aprendemos que para entender Galicia había que estudala e situala nun contexto máis universal. Non abundaba con amala. Había que coñecela tamén cunha mirada educada nunha cultura global que nos dese a dimensión exacta dos nosos valores. No diálogo do local co universal estaba a verdadeira e xusta vara de medir da nosa realidade. Algo que entendeu moi ben aquela xeración e que hoxe aínda hai moitos que lles costa traballo comprender.

F.D.-F. V.

A RELACIÓN EPISTOLAR DE FILGUEIRA CO ASTRÓNOMO E MATEMÁTICO RAMÓN MARÍA ALLER

CECILIA DOPORTO REGUEIRA
JOSÉ ÁNGEL DOCOBO DURÁNTEZ

Introdución

De entre as múltiples amizades cultivadas por Xosé Filgueira Valverde no eido da cultura galega, cómpre destacar aquela mantida durante décadas co insigne científico lalinense Ramón María Aller Ulloa. O presente artigo tenta ser unha achega á estreita relación epistolar que mantiveron durante décadas logo de que o novo Filgueira, xunto con outros membros do Seminario de Estudos Galegos, SEG, coñecera a D. Ramón no seu Observatorio no tempo en que estaban a desenvolver actividades na comarca do Deza.

En 1923, cando se creou o SEG, Aller investigaba practicamente illado da intelectualidade galega no seu Lalín natal pero aínda así foi dos primeiros protectores do Seminario e subscritor das súas publicacións. No verán de 1928 membros desta institución iniciaron unha xeira de traballos interdisciplinares na comarca do Deza e que continuaron até 1935. Deste xeito, diversos persoeiros entre os que estaba o propio Filgueira, achegábanse de noite, logo do duro traballo realizado, a disfrutar escrutando o ceo coa guía de luxo de D. Ramón no seu artesanal pero cientificamente ben preparado Observatorio. Non hai que esquecer que foi precisamente nestas dependencias dezanas onde comezou a investigación astronómica en Galicia hai agora pouco máis de cen anos.

Así comezou a fraguarse unha intensa relación co sabio lalinense. Como ten dito Filgueira (1989):

Os membros do vello Seminario temos que añorar sempre aqueles xuntoiros nos que tódalas seccións concurrían para as catalogacións e estudos dunha comarca: Monforte (1926), Carballiño e o Ribeiro (1927), Deza (reiterándoas desde 1928), Melide (1929), Fisterra (1936). Non eran só atraíntes andainas, a medir e fotografar campos de mámoas, igrexias e pazos, recollendo insectos, vexetais e minerais, inquirindo nos arquivos, falando cos paisanos sabedores de cantigas e refendas...

o importante era a conversa entre o arqueólogo e o psicotécnico, do antropólogo, o historiador das artes e os naturalistas. Maxinade que serían as ceas de Lalín, nunha mesa en que os estudantes e os mozos recién graduados podíamos conversar cos directores das Seccións: os inesquecibles persoeiros da xeración “Nós”, Castelao, Otero, Cuevillas, Risco; cos mestres universitarios, Cotarelo, Cabeza, Pedret, Iglesia, Parga Pondal; cos especialistas, Carro, Díez Rozas, Torner, Camps... Un diálogo valía por moitas clases e moitos libros. Achegábanse coñecementos, experiencias, sucesos, matinasións...O humor era agudeza. Por veces, pasábanse, de man en man uns folios para que cada quen escribise ou ilustrase o anaco dunha tirada de versos: o “Romance dunha fatal ocasión”, mecerería unha edición facsímile. Levantados panos da mesa, algúns poñían en limpo as notas do día, outros, cansos, íanse deitar... pero todos roldabámonos para iren a mira-lo ceo guiados por Don Ramón; de tres en tres, que non daba para máis a estreitura do Observatorio onde o espacio estaba aproveitado mesmo nas inxeniosas escadas. Xa na primeira das campañas, Aller incorporouse ó Seminario e axudounos, con toda a eficacia que lle daba o prestixio naquelas bisbarras. (Cumpre confesar que na escolleita de Lalín foi decisivo tanto o seu nome como a longa parentela de Taboada Roca). Don Ramón fixo o ingreso no Seminario de Estudos o cinco de novembro daquel mesmo ano 1928, e considerouse o Observatorio adscrito á Sección de Ciencias, que publicou as súas Coordenadas Xeográficas en 1929; o Programa de Traballo (1932), a mais das Constantes dun Instrumento Paraláctico (1932), e a importante Biografía do Matemático de Bermés (1929); senón que tamén daba o resume dos seus traballos nas Memorias anuais e incluíunos nas dos dez anos, en 1934. E mais, nunha daquelas xuntanzas lalinenses, suxerímoslle a publicación dun libríño de divulgación en galego. Coido que esa foi a orixe da *Astronomía a Simple Vista* editada en castelán en 1948.

En efecto, o que di Filgueira sobre este libríño pode ter relación coa nova publicada polo xornal *El Compostelano* o 20 de maio de 1936:

Un libro de D. Ramón Aller. —
Fue presentado al Seminario el original de un libro de D. Ramón Aller que contiese una bellissima iniciación al estudio de la Astro-
nomía. Se trata de un trabajo profundo y amentísimo que el Se-
minario dará a la imprenta en cuanto el insigne astrónomo ve-
rifique entrega del original defi-
nitivo. Se titulará «A Astro-
nomía a oito ceibe», e irá profssamente
ilustrado por el propio autor. El
Seminario estima que este libro
constituirá un verdadero éxito
por su sencillez y por su novedad.

pero o certo é que, probablemente polas circunstancias derivadas do levantamento militar naquel ano, tal publicación non chegou a ver a luz.

A revista *Logos*

Coa aparición da revista *Logos*, “Boletín católico mensual”, o seu editor, o propio Filgueira, envía o día 1 de xaneiro de 1931 unha carta a Aller dando comezo así a unha serie de comunicacións epistolares que, grazas ó legado conservado no Museo de Pontevedra, puidemos comprobar *in situ* a gran cantidade de cartas que este conservaba do padre Aller. Un total de 73 documentos reflicten da grande amizade e admiración que ambos os dous, figuras senlleiras da cultura galega, se procesaban. Delas, 52 son os orixinais das cartas enviadas desde Lalín, e 8 son copias das que Filgueira remitiu a D. Ramón María Aller. Unha particularidade das enviadas por D. Ramón é que case que todas son manuscritas exceptuando 6 que mecanografou e cuxa sinatura está rubricada a man. Temos seleccionadas tres cartas que figuran no anexo deste traballo.

Na edición facsímile, que Filgueira preparou en 1989, de *Os ensaios en galego*, escritos por Ramón María Aller en *Logos*, segue comentando o polígrafo pontevedrés:

Foi tamén nunha desas noites de Lalín, onde lle pedín que escribira algún artigo para *Logos*, que saíría o primeiro de xaneiro do 1931 cun nome escolleito por Amor Ruibal, que morreu denantes de poder orientalo, como quixeramos. Para D. Ramón o galego era, de feito, a fala materna e del se valía a cotío, cos familiares, os discípulos ventureiros, os amigos e, xa non digamos, cos paisanos. E mestres seus iniciáranos no amor a Galicia. Mais... o que lle pedíamos era unha grande novidade. Tanto que cando me enviou –cunhas daquelas fermosas cartas súas– os primeiros ensaios, receaba que a xente non acollese de grado os temas de Astronomía e de Matemáticas. Comezou por cuestións que diríamos “apoloxéticas”. Pero insistimos no que ía ser mais orixinal. El gozouse moito de facelo.

A xeración “Nós” interesárase polo cultivo da nosa lingua en tódolas formas literarias, en tódolos eidos do saber. O *Boletín* ourensán acolleu ensaios filosóficos de Risco, de Viqueira, de Losada Diéguez..., estes, por certo, achegados á noción do tempo. Pero, con moi poucas excepcións, o Seminario publicou en castelán os traballos da “Sección de Ciencias Naturais”; os primeiros en galego foron os de Parga Pondal.

Aínda que xa nos dous primeiros ensaios de Aller fala o matemático, o científico, coido que denantes non se publicara nada en galego sobre Astronomía, e que o primeiro foi o que leva o título “As Cefeidas”, en maio do 1932. O único precedente que coñezo, moi afastado no tempo, é a definición de “paralaxe” que dá o P. Sarmiento no *Onomástico Etimológico*, en 1757. Polo tanto, o Dr. Ramón Aller é un dos precursores do uso do idioma galego nas ciencias matemáticas, físicas e da natureza e o primeiro nas observacións astronómicas. Ademais poucos falaron denantes en Galicia dos “quanta” ou da “teoría da relatividade”.

Os artigos do *Logos* xa só por isto teñen un fondo trascendente, pero son tamén antolóxicos pola enxebreza, aquel valerse do estilo *humiliter* para altos temas de filosofía e de ciencia, a graza, a sinxeleza, o rigor mental, o senso do humor tan noso... Chámolles “ensaios” polo seu xorne, a un tempo profundo e levián, fragmentario e reflexivo, aínda que algún parta

de feitos cercanos e se achegue ó “artigo”. Sabe, como diría Ortega, aliciar á xente coa gracia da expresión, levala da man cara os problemas máis escuros e renunciar á proluxa morea dos feitos, para escoller o luminoso ronsel orientador. Ben sabido que neste medio século longo deuse un adianto asombroso. Mais... na época da informática e das viaxes espaciais mantense vixente a certa frase de Aller:

A MAGNITUDE DUN DESCUBRIMENTO NON
SE DEBE MEDIR POLOS RESULTADOS QUE
ACLARA SENÓN POLOS QUE AMOSTRA COMO
DESCOÑECIDOS.

Noutra publicación recente teño glosado os ensaios que nesta se recollen. Para goce e ensino dos lectores e como homenaxe ó mestre, son estes:

Unha falla de honradez centífica, nº 4, abril, 1931.

Perigos das extrapolacións, nº 11, novembro, 1931.

A testemuña de autoridade, nº 14, febreiro, 1932.

As Cefeidas, nº 17, maio, 1932.

A función da felicidade, nº 26, febreiro, 1933.

O Universo é... un número, nº 30, xuño 1933.

O fin do mundo, nº 37, xaneiro, 1934.

Algo sobre imaxes do Universo, nº 38, febreiro, 1934.

Non coñezo outras mostras da sabiencia e do pensamento de Aller na nosa fala. Temos si cartas cheas de inxenio e de agarimo. E achegas de datos tan curiosos como os do almanaque lugués. Agardemos que poidan sumarse algúns máis á fermosa monza que hoxe, mercé á Deputación de Pontevedra, podemos ofrecer.

Aquela carta de Filgueira de xaneiro do 1931, foi contestada desde Lalín 17 días despois, desculpando D. Ramón a súa tardanza debido ó seu estado de saúde e agradecendo o envío da revista, á vez que pide que o considere subscritor da publicación, para a cal escribirá algunha cousa. Afirmo falar galego pero que non o escribe coma debera. A esta carta sucedéronlle tres máis no mesmo ano, a última do mes de outubro na que xa lle envía o primeiro artigo para a revista *Logos*.

En 1932, Aller escribe outras tres cartas a Filgueira. A primeira da resposta a unha postal, disculpándose pola tardanza en contestarlle ó estar sumamente ocupado coas súas observacións. Comenta:

Esta ocupación non só dá que facer de noite senón tamén de día, xa que logo se non se reducen moitas observacións acumúlase logo un traballo imposible para un establecemento cuxo persoal redúcese a unidade.

Engade que lle envía unhas cuartillas co artigo para *Logos* e tamén comenta:

ocupado o cerebro caseque constantemente en estrelas, non teño tempo para soltar chispas por outro lado. E claro, ós lectores de *Logos* eu non vou a asoballalos con estrelas... Ou si? No caso afirmativo me sería moito máis sinxelo compracerlle a vostede. Medite antes de darme unha resposta, pois ó mellor convertimos *Logos* nunha carga insoportable para a xeneralidade dos lectores.

Na segunda misiva, remitida a Pontevedra no mes de maio, D. Ramón envíalle unha separata dun artigo seu recién publicado nas *Astronomische Nachrichten*.

Curiosamente, a terceira carta deste ano que Aller enviou a Xosé Filgueira era de presentación para dous dos seus sobriños que se examinaban de Gramática no Instituto de Pontevedra. Na mesma carta fala sobre a visita recibida en Lalín de *Miss* Frances Bacon, que viña coa tarxeta de visita de Filgueira, afirmando:

Ademais de subministrarlle os datos que puiden, tiven a satisfacción de ensinarlle Saturno. Xa lle dixen que parecía mentira que unha norteamericana, ou sexa do país dos mellores Observatorios do globo, viñera a Lalín. Pero... na casa do ferreiro, coitelo de pao.

En marzo de 1933, de novo Filgueira pídelle ó padre Aller que colabore con outro artigo para *Logos* á vez que expresa o seu desexo de pasar máis tempo no verán en Lalín co obxecto de terminar o traballo para o tomo do Deza. Contéstalle D. Ramón, logo dun tempo, enviando dous artigos. Nos anos seguintes seguen a falar sobre os escritos para *Logos*, insistindo o astrónomo lalinense en que o seu galego é moi deficiente na escritura, afirmando unha vez máis que é o idioma que usa para falar de

cotío. A seguinte carta coincide casualmente co inicio da Guerra Civil, e D. Ramón envía un novo artigo para *Logos* pero desgrazadamente nunca chegou a aparecer publicado.

En outubro do mesmo ano o padre Aller manda outra carta, esta vez con datos para o Almanaque de 1937 e indícalle que só falla poñer o santoral e “as adiviñanzas” e roga que no futuro non o nomeen como informador do mesmo, porque lle parece que non corresponde a meteorólogos, nin moitísimo menos a astrónomos facer este tipo de predicións, senón... a poetas.

Noutra carta sen data, pero que polo seu contido ten que ser de 1938, D. Ramón lamenta non poder asistir á súa cita en Lugo pero que lle desexa moitas felicidades tanto a el coma á súa futura esposa. Máis adiante existe outra misiva na que envía a Filgueira anotacións das fases lunares para 1939, disculpándose por non telas enviado antes. Explica que o motivo de tal retraso é a falla de tempo por estar exercendo de profesor (cursos de Exactas) na Universidade de Santiago, a petición do Reitor e mais do Decano:

Agardo que pronto teñan un profesor de verdade e podrei volver ós meus xoguetes de Lalín. Entre tanto, teño que cumprir, o mellor que poida, o honroso cometido que se me deu polo afán de conservar en Santiago os cursos de Exactas, xa que logo se non hai quen os de, díxome o Reitor que hai perigo de suspensión. Isto non só disgustaría á Universidade Compostelán, senón a min e a todos, e haino que evitar; por iso encargueime, e Deus queira que sexa para ben e por pouco tempo.

Á morte do Rvdo., Buenaventura Cañizares del Rey, o 26 de abril de 1940, comeza o padre Aller a realizar xestións para que a obra do seu amigo, e admirado cóengo capitular da Catedral de Santiago, non ficara no esquecemento. Así o 19 de maio do mesmo ano, envía unha extensa carta a Filgueira na que lle pide orientación para lograr o estudo dos manuscritos e a publicación dos traballos inéditos.

Ó ano seguinte, Aller escribiu a Filgueira Valverde para felicitalo polo seu nomeamento como Director interino do Instituto de Ensinanza media de Pontevedra. Así mesmo, demanda permiso para ver os papeis achados sobre o Matemático Rodríguez. Contesta Filgueira agradecendo as felicitacións á vez que lle fai saber que o posto de Director o distraerá das súas investigacións. D. Ramón responde mostrando a súa lelicia e

tranquilidade ó saber que os documentos de Cañizares que estaban en Madrid, estean agora nas súas mans. Nesta carta tamén o informa de que ten recibido comunicación de que o seu libro *Introducción a la astronomía* editar e que o responsable é Enrique Vidal Abascal e que así o fará saber no preliminar do mesmo.

O Gaitero de Lugo

Recentemente, revisando o legado do profesor Filgueira nos arquivos do Museo Provincial de Pontevedra, María Jesús Fortes Alén e o seu equipo veñen de atopar varias follas coas predicións que cada ano lle solicitaba ó padre Aller para *O gaitero de Lugo*. As enviadas en 1941 son catro cuartillas de papel pautado (20x15 cms) que conteñen para o ano 1942 os seguintes datos: días festivos coa obrigación de misa; fases da Lúa por día e mes; entradas do Sol nos signos zodiacais; eclipses de Sol; eclipses de Lúa; cómputo eclesiástico; festas movibles (mércores de Cinza, Pascua, Ascensión do Señor, Corpus Christi e Sagrado Corazón), así coma as témporas. En anos vindeiros mantense esta correspondencia cruzada en relación ós datos astronómicos para *O Gaitero* con pinceladas de cómplice ironía.

En 1943, ano no que se levan adiante as obras do novo Observatorio Astronómico de Santiago e no que D. Ramón foi nomeado Director do mesmo, Filgueira contesta unha carta anterior indicando que envía un par de números da revista do Museo cun magnífico estudo de Cañizares. Di que non é posible facer separatas, pero que en previsión dos desexos do científico lalinense, aumentou a tirada e sacou uns folletos para satisfacer os bos amigos de Cañizares e editar á parte un dos seus mellores traballos. Afirma Xosé Filgueira que no mes de xullo irá por Santiago ver como van as obras do seu novo Observatorio: *que vai ser unha das mellores conquistas da Universidade*.

Noutra carta enviada por Filgueira en setembro de 1944, sorprende o trato cariñoso e de confianza, referíndose a “Don Ramonciño” para pedirlle os datos anuais, e dicindo:

É unha especie de foro que pagamos Vd. e máis eu a todos os paisanos de Galicia.

A contestación non se fai esperar:

Aí van os datos que me tocan do foro do que vostede é cabezaleiro. Deus se a depare boa para pagar a súa contribución de adivinanzas seguindo as fases da Lúa. Non lle envidio o oficio, o meu, aínda que máis exacto, é máis sinxelo. Filgueira resposta: Fixen un centón de refráns, alá a sabiduría popular con seus erros!

De 1945 consérvanse dúas copias de cartas enviadas por Xosé Filgueira ó profesor Aller, ambas as dúas de setembro. O motivo, ademais de solicitar os datos para o calendario, e tamén enviarlle o catálogo do Pavillón de Museos que Filgueira tiña montado co motivo da Feira do mar en Vigo. A ditas cartas dá contestación D. Ramón para agradecer o catálogo e felicitalo pola exposición, envía os datos solicitados e roga que lle envíen algún *Gaiteiro* para según as súas verbas:

ver se o señor Filgueira predice a seca por ciencia, ou nos manda as tan desexadas choivas, e ler as súas finas ocorrencias poéticas.

No ano 1947 a comunicación é dabonda, até seis cartas. O día 1 de setembro, Filgueira felicita a D. Ramón por “su día a día” e por moitos anos para que “siga o curso dos astros nos ceos” e para comunicarlle o envío das separatas prometidas do traballo de Cañizares e darlle as grazas pola súa colaboración para publicalo. Aproveita así mesmo esta carta para pedirlle, como cada ano, os datos para *O Gaiteiro de Lugo* que “sempre acerta”. Aller contesta dicindo:

Coido que é, para moitos, un motivo que acrecenta a estimación que lle teñen, ver coma aprecia o traballo dos demáis. Deus lle conserve ise criterio, que contribuirá a engrandecer o Museo de Pontevedra e as obras do seu Director.

Di que, en cando poida, enviarlle os datos para o almanaque que “sempre acerta” grazas ás orixinalísimas e pintorescas predicións “por lúas”.

Ó ano seguinte, D. Ramón agracede a Filgueira o envío das súas publicacións *Apuntes dunha viaxe por Galicia*, *Precedentes históricos do tratamento dos menores* e *Cervantes no noso camiño*, e tamén para felicitalo. Xa en xuño de 1949, coméntalle que pasará un tempo en Lalín para repoñerse da pulmonía que padeceu. Así mesmo dá as grazas polo telegrama de felicitación que lle enviou polo seu nomeamento

(seguramente aquel coma membro da Comisión de Estrelas Dobres da Unión Astronómica Internacional): “que caseque me avergonza dada a miña escasa personalidade”, ó tempo que pide desculpas por non ter contestado antes ó estar convalescente. Filgueira expresa a súa alegría pola recuperación: “estou desexando abrazarlle persoalmente”.

Dous meses despois, Filgueira recibe de novo datos para *O Gaitreiro* xunto cunha tarxeta que di:

Meu querido amigo, Aí van os datos referentes a 1950 para que vostede poña os pronósticos máis pintorescos (ou máis adiviñadores, coma diría Rodríguez de Bermés) que lle acrediten unha faceta máis das que brillan en Vd. coma polígrafo.

Xosé Filgueira contesta a Aller:

Agradecidísimo coma sempre e Deus me axude a enganar o menos posible. Refráns en ristre, iremos defendéndonos.

En 1951, D. Ramón saca a relucir unha teima que lle doe, e diríxese ó profesor Filgueira Valverde para expoñerlle as enormes dificultades polas que está a pasar o único colexio de ensinanza de Lalín, o Sagrado Corazón, e que sería bo que nel se realizaran exames canto antes, porque hai certos elementos que procuran desacreditar o colexio. Por iso pide axude e xulgue con benignidade ós alumnos dese Centro.

As últimas cartas que se conservan desta longa relación corresponden a finais dos anos cincuenta. No mes de novembro de 1957, Filgueira pídelle ó padre Aller que pronuncie unha conferencia para os alumnos de Preuniversitario e solicita tamén asesoramento sobre “esa mentalidade popular das lúas”, anexando unha carta dun lector que pide que a cada mes se lle ponga o día da Lúa Nova. D. Ramón María Aller contesta rigorosamente a cuestión formulada e remata dicíndolle a Filgueira:

adorne da mellor forma e ante a dubida, que disputen as lúas,
a que mes corresponde.

Con respecto á conferencia, asegura que é unha honra pero que non insista moito porque non está en condicións “para esos trotes”.

Finalmente, unha carta enviada desde Lalín, sen data, na que Aller pregunta polas fotos que se fixeran da casa do Matemático Rodríguez en Bermés, e se se conservan, que lle garde unha para enviárllela a Armando Cotarelo, quen o visitou en Lalín, e ó non poder mercar unha película non a puido facer.

Conclusiones

Tal coma pode verse no que vimos de expoñer, Filgueira e Aller trataron e falaron de moi diversos temas na súa correspondencia, xa que se ben os asuntos principais foron a petición de artigos para a revista *Logos* e os datos astronómicos para *O gaitero de Lugo*, o certo é que trataron así mesmo de moitas cuestións culturais e académicas: o legado de Buenaventura Cañizares, a Universidade, os Observatorios de Lalín e Santiago, o colexio Sagrado Corazón, o Matemático Rodríguez, sobre as obras de ambos os dous, etc. Todo iso mesturado con anécdotas que deixan ben ás claras o fino sentido do humor destes dous sobranceiros homes da ciencia e da cultura galegas.

C.D.R. / J.A.D.D.

Referencias

Filgueira Valverde, X.: 1989. *Limiar de Ensaio en galego* de Ramón María Aller Ulloa (*Logos*, 1931-1934). Deputación Provincial de Pontevedra. Unha reprodución facsimilar da edición orixinal de 1989 foi efectuada en 2009 (D.L. C 3419-2009) polo Observatorio Astronómico Ramón María Aller da Universidade de Santiago de Compostela e mais o Consejo Superior de Investigaciones Científicas en Galicia, co gallo do Ano Internacional da Astronomía.

Nota

O presente artigo encádrase dentro do desenvolvemento da tese de doutoramento de Cecilia Doportu Regueira que versa sobre a faceta social e humana de Ramón María Aller Ulloa, proposta e dirixida por José Ángel Docobo Durántez.

Anexo

OBSERVATORIO ASTRONÓMICO
LALÍN, 28 de octubre de 1931.
(PONTEVEDRA)

Ar. D. X^e Filgueira Valverde.

Meu querido amigo: Hú' ray eu... Non sei se serve pra algo min u cadra ou non ca contextura de "logo." Vd. decidirá. No me porto en galego, porque o que eu falo na casa (je das porcas en que non s'usa outro idioma) non se revella unha a galego literario dos esquivos. Pr' eu ~~estou~~ estou a matar un Vd.; e perderse a conspira - Cuari no fou portugués, h'o português evolucionou mais, deixalo ir; a no chegamos ben quedar onda das Caríngas do Rey Labio. Ia se por esta mostra que se me neta a escribi a galego fago o ridículo min'no em; quida a altura do labrego da comar, ca onde vivo.

P'ra Vd. se quise, eu como debe ir a fuliada, porí si o nito eu, ben se que

irá en circlas; ia eu non loy de'isto; Pra que me chamem "castellariante" e millor que me digam "castellano neto"!

Mando como lle pete na gana a seu moi amigo e sendo

Ramon M. Aller

Carta de R. M. Aller a X. Filgueira, 28-10-1931

Particular

31, III, 1933.

Sr. Don Ramón M^{te} Aller
Observatorio de Lalín

Meu querido amigo:

Fai mil anos que non nos escribimos. Hoxe, ma suporá, poñolle duas liñas pra pedirlle, como sempre orixinal pra "Logos". Fai xa moito tempo que Vde. non colabora e xa sabe canto nos interesan as suas cousas. De xeito que, si non lle é molesto, fai o favor de mandarnos calquer cousa e sobre calquer cousa, o que lle pte.

Estou desexando pasar así unha tempadina no vran, mais longa que outros anos, pra rematar esa Terra. Sei que o tomo de Lalín será moito mellor que o de Melide, que por certo sairá un d'estes días.

Unha paprita garimosa do seu amigo

Carta de X. Filgueira a R. M. Aller, 31-3-1933

LALÍN, 16 de abril de 1933.

(PONTEVEDRA)

Sr. D. Xosé Filgueira Valverde.

Meu querido amigo: ¡Primeiro felices Pascuas! Despois perdón por non lle contestar antes a su carta do derrabeiro do mar pasado. Colleume con outras ideas de cousas encima, outras que me botan e outras que me boto eu mesmo, e... ¿qué quer? Hasta hoxe non topei ocasión de escribir pra usted. Como agora non quero facer nada antes de responderlle, quixéronme o acabar de decir nusa e saliron esas dous partele, que poida que non sirvan pra nada. 'Há' vera! E como xa sabe que escribi no idioma que falo decote é pra min mozo difícil, e por outro lado, usted tra ten que aportuguesalo pra que mola algo mais a moda, non me preocupei moito de como vaia eso. Ademais "¡el papel vale más!" e así adiante.

Fai tempo dixerónme que usted tivo a serrial ocurrencia de falar de min en outra conferencia que se racionou desde Santiago. Dio llo porque, pero advertita que Ustedes, sábense moito e vai a ser

um batacão tremendo caído en caia o sitio
que por equilibrio natural me toca.

Sempre que chega "Logo" arrodome que ainda
non paguei este ano. Pra que agora non me
esquere escrito a folha do rio e mandareira
matã, si Dio quer, o correio. Ute' recibiras bas-
tante depois de esta porque tardan muito mais
que as cartas.

Ordene e mande como queira o seu agra-
deido amigo

Ramon M. Aller

FILGUEIRA VALVERDE E AS *CANTIGAS DE SANTA MARÍA*

ELVIRA FIDALGO

Un non sempre sabe por que algúns temas de estudo acaban por converterse no eixo fundamental da nosa actividade investigadora, acompañándonos ao longo de toda a vida. Non semella ser ese o caso de Xosé F. Filgueira Valverde, que parece ter nacido en Pontevedra para que o son das *Cantigas de Santa María (CSM)* chegase a el desde ben pequeno e o engaiolase de tal xeito que xa non puido desprenderse del por moitos anos que pasasen, por moitos espazos que habitase, por moitas lecturas que fixese. O fermoso conto infantil sobre un suceso marabilloso que sucedera alí, moi preto da cidade do Lérez, resultou ter raíces moi fondas e moi antigas e, ao repasarmos a produción bibliográfica do grande erudito, tiramos a impresión de que, en efecto, parece que don Xosé nacera predestinado para o estudo do marial afonsino.

Segundo el mesmo declara, aceptou de moi bo grao a proposta do seu mestre, D. Armando Cotarelo, para que centrase a súa tese de doutoramento sobre unha das cantigas afonsinas que, curiosamente, el coñecía xa porque, como dicimos, levaba escoitándoa desde que era un rapaz, agachada no misterio dun conto popular, xa que a lenda se desenvolvía nunha paraxe non moi afastada da súa Pontevedra natal. Reproduzo, a continuación, esas palabras:

El maestro Cotarelo Valledor, que recibió de la Universidad de Madrid el encargo de guiarme en los trabajos para el Doctorado, quiso, al inducirme al estudio de la Cantiga CIII de Alfonso X, que yo rindiese tributo a una narración que viene acompañándome en la vida con rara fidelidad. Oíla contar de niño en el habla de las “Cantigas”, salíome al paso en las primeras andanzas de excursionista con el misterio de las ruinas de Armenteira, en la suave tierra del Salnés y con las primeras lecturas en las páginas fragantes del P. Bernardes y de Valle-Inclán. Halléla de nuevo en los días universitarios, al trabajar sobre el lenguaje alfonsí en el Seminario de Estudios Galegos que dirigía entonces el Dr. Cotarelo. Con ella hice mi primera salida literaria en la revista “Nós”. (). Luego quiso Fortuna que sirviera de eje a uno de mis ejercicios de oposición. Y con su análisis di cima a mis estudios

universitarios, esperando volver a hallarla en viajes y lecturas; que el estudio ahora presentado es mero índice o provisional bosquejo. (Filgueira, 1936: 11)

En realidade, o que Filgueira desexaba estudar eran as narracións escatolóxicas, seguindo o camiño que aclaraba a lumieira acesa por Asín Palacios en 1927, cando publicara o seu novidoso libro sobre a influencia da cultura árabe no imaxinario da *Divina Comedia* (Asín Palacios, 1927). Aqueles estudos sobre viaxes que transcenden o tempo e o espazo, e que tan atractivos lle resultaban a mozo tan curioso, decidiuno a aceptar o tema proposto por Cotarelo para as súas pescudas de doutoramento. A “lenda da *passarinna*” que contiña a cantiga afonsina contaba que un monxe quedara pasmado, escoitando o doce canto dun paxariño e que, sen decatarse do paso do tempo, así estivera durante trescentos anos sentado á beira da fonte da horta na que entrara para descansar, polo que o tema podía conciliarse perfectamente coas súas ansias de estudar a tradición das viaxes imaxinarias, como aquela que emprendera Dante e que o levará polos tres reinos do alén, un dos cales visitaría tamén o monxe da súa historia.

Probablemente, froito deste primeiro achegamento ao tema da súa tese, sexan os artigos que, como era costume nos membros da “Xeneración Nós”, foi publicando en pequenas entregas na revista homónima, deixando así rexistradas por escrito as conferencias que ía impartindo sobre o asunto. O primeiro artigo do que temos constancia leva o título de “Cantigas d’ El-Rey Sabio localizadas en Galicia. San Ero de Armenteira” e foi publicado no número 21 (1925) da citada revista. Nas dúas páxinas que compoñen a contribución (pp. 4 e 5), Filgueira defende a existencia real de Don Ero, cabaleiro adíneirado que decide retirarse do mundo e consagra os seus bens e esforzos á fundación do Mosteiro de Nosa Señora de Armenteira no ano 1150. Seguidamente, conta como este don Ero, xa monxe, un día de 1176 saíu á horta do mosteiro e alí permaneceu ata que en 1376 (só douscentos anos, por tanto), resolveu volver, pero descoñeceu horta e mosteiro tanto como os frades o descoñeceron a el, pois a congregación renovárase en consonancia co tempo transcorrido. Filgueira dálle continuidade a este artigo nas páxinas iniciais do seguinte número da revista (“San Ero de Armenteira”, *Nós*, nº 22, 1925, pp. 2-3), centrándose agora na expansión do motivo literario. Posteriormente, o estudoso tamén terá que facer unha viaxe en

sentido contrario para poder sinalar as posibles fontes da lenda, buscando historias máis ou menos similares en correntes folclóricas e producións literarias alleas a Galicia, e así o conta no número 25 da revista, xa de 1926. Neste artigo algo máis longo (“A lenda d’ Armenteira”, pp. 10-12), toma como referencia o traballo de Asín Palacios que tanto o impresionara e, alentado por tan excelente guía, vai atopando outras lendas que teñen en común coa de Armenteira a fuxida do tempo e a marabillosa transportación a outros espazos, aínda que sexa grazas á intervención dun sentido que non ten por que ser o do oído, como no caso de San Ero: así identifica lendas nas que a viaxe inexplicable se produce por ter comido un manxar exquisito, pola contemplación dun beatífico lugar e outras nas que o milagre nace vencellado a unha deliciosa melodía. Deste xeito, un xa erudito Filgueira vai sinalando o Mosteiro de Vilar de Frades en Portugal, o de San Salvador de Leyre en Navarra ou o convento dos templarios en Beaucourt, na Picardía (Francia), como lugares onde se contan historias similares que poderían ter relación coa de Armenteira.

No número 26 do mesmo ano (“A Lenda d’ Armenteira (Proseguimiento)”, pp. 9-11) dá por rematadas as súas pescudas sobre as posibles fontes da historia ao engadir aos escenarios mencionados, outros de Bélxica, Suecia, Gales, Irlanda, Austria e Alemaña, salientando que a orixinaria deste último lugar é a que máis se parece á de Armenteira. Deduce de todo o anterior que o conto que el oíra contar desde pequeno e que agora estaba a estudar con sistematicidade científica estaba relacionado “con lendas cristiás de orixe islámico, forxadas a carón do texto alcoránico e que teñen como base unha relación talmúdica” (Filgueira, 1926b: 10), mesturadas con lendas de viaxes como a Lenda de San Amaro e outras recollidas por Godofredo de Viterbo²³⁰. Esta serie de traballos quedan pechados por unha porta que se abre cara a un prometedor final, pois reconece que recolleu todos estes datos “ca intención d’ ilustrar o día de mañán unha edición das Cántigas d’ El-Rei Sabio localizadas en Galiza” (p. 11).

A promesa só se cumprirá despois dunha longa espera. Entre tanto, o infatigable curioso, non deixou de investigar e de escribir. Mentres

²³⁰ Referirase, seguramente, ao *Pantheon*, unha historia do mundo ou crónica universal desde Adán ata o ano 1186 (a obra debeu ser rematada en 1191), e que foi moi empregada na *General estoria* de Afonso X o Sabio e que destaca por estar atestada de relatos fabulosos e lendarios.

ía preparando a súa tese de doutoramento sobre a “lenda de san Ero”, escribiu unha boa morea de artigos da máis variada temática –tamén algún sobre outros eidos da nosa poesía medieval– en outras tantas publicacións periódicas: desde a revistas *Nós*, ao *Faro de Vigo*, pasando por *A Nosa Terra*, *Logos* ou o xornal *El Sol* de Madrid, así como algún libro e un par de guías de viaxe²³¹. Finalmente, defende a súa tese, que se verá publicada en 1936 como *La Cantiga CIII. Noción del tiempo y gozo eterno en la narrativa medieval*²³², “un dos poucos libros merecentes de seren compañeiros do asceta, do home de mundo, do mozo e do vello”, como a cualificou Otero Pedrayo (Fortes Alén, 1996: 21).

A tese consta, tal como o autor indica na súa introdución, de catro capítulos: “Dedicamos la primera parte del trabajo a estudiar el tema en relación con las visiones y descripciones del Paraíso (). La segunda, se dedica ya al estudio del monje y el pajarillo en su difusión y manifestaciones (). Una tercera parte se dedica a los elementos que entran a formar el tema del monje y el pajarillo desarrollado en la cantiga () y en apéndices se recogen las versiones difusoras estudiadas en el texto, otras interpretaciones mencionadas entre las localizaciones y derivaciones y textos de leyendas afines” (Filgueira 1982: 15-16).

En efecto, o completísimo traballo que leva a cabo Filgueira, tendo en conta a data e os medios con que conta o “doutorando”²³³, ábrese cun

²³¹ Achegarse á súa produción literaria atafega, aínda que só sexa pola cantidade e a diversidade temática dos seus escritos. Pode comprobarse o froito da súa incansable pluma na biobibliografía recollida co gallo de homenaxear ao erudito nos seus noventa anos (Fortes Alén, 1996). Con razón, no prólogo deste volume, Xosé Carlos Valle Pérez presenta o erudito pontevedrés deste xeito: “Para encontrar un persoeiro de talla comparable á súa no noso ámbito xeográfico-cultural hai que se remontar moi atrás no tempo, exactamente ata o século XVIII, época na que desenvolve a súa acción Frai Martín Sarmiento” (pp. 13-14).

²³² A tese foi defendida o 15 de novembro de 1935 e a comisión xulgadora estaba composta por nomes tan insignes como Armando Cotarelo Valledor, Juan Hustado y Jiménez de la Serna, Américo Castro, Angel González Palencia e Luis Morales Oliver. O texto foi reeditado en 1982 por Edicións Xerais de Galicia co título *Tiempo y gozo eterno en la narrativa medieval (La cantiga CIII)* e por esta edición citamos, sinalando a páxina cando corresponda.

²³³ As referencias bibliográficas que ten ao seu alcance non son nin moi específicas nin moi abundantes, a vulgar polo apartado que contén a bibliografía consultada nas páxinas finais da súa tese.

extenso capítulo sobre literatura escatolóxica medieval. Nel trata as descrições do paraíso celeste tanto nos textos da tradición cristiá (concedéndolle especial mención á literatura patrística e os seus comentarios sobre a felicidade eterna prometida no ceo e a outros que interpretan este espazo como un fermoso xardín), coma na literatura de influencia islámica, na que o Paraíso aparece máis espiritualizado que espacialmente concretado, tal como demostraran os estudos de Asín Palacios, o seu declarado guía neste eido. Seguidamente recolle un extenso listado de obras procedentes de diferentes ámbitos literarios que teñen en común o tema da viaxe ao máis alá, nas palabras do autor, “las migraciones en busca de la tierra que ofrezca en vida aquella felicidad plena que la fe promete para después del tránsito de la muerte” (Filgueira 1982: 25) e, por último, repasa un dos máis amplos ciclos literarios de todas as culturas: o da supervivencia extraordinaria que desafia a duración normal da vida dunha persoa, tradición que afonda as súas raíces nos escritos veterotestamentarios, na literatura grega e nas lendas folclóricas que sustentan o patrimonio cultural dos países anglosaxóns. Como o tema central da súa tese é o do sono, “producción de una aberración temporal” (p. 53), considera pertinente repasar máis polo miúdo as “lendas de durmientes”²³⁴, diferenciando aquelas nas que o tempo se modifica contradicindo as leis físicas a causa do sono de aquelas outras que se xeran a causa de outros tipo experiencia gozosa. Como xa fixera en apartados anteriores, non deixa de rebuscar exemplos en todas as manifestacións folclóricas ou literarias que están ao seu alcance, desde Occidente a Oriente.

O segundo capítulo da tese pretende “encuadrar el tema de la cantiga CIII dentro de un proceso literario de difusión, localización folklórica y derivación literaria” (p. 86). Con este fin, Filgueira rastrea as versións antigas do texto mariano que se filtraron a través da predicación grazas ao recurso da inserción de *exempla* que conteñen o emocionante relato do monxe que se extasía ao escoitar o canto do paxariño e identifica, desde versións medievas anónimas e de autores recoñecidos (Maurice de Sully, Jacques de Vitry, Odón de Cheritón) ata versións máis modernas (algunha do século XVII

²³⁴ Estas lendas, moi espalladas por todo o mundo, teñen que ver, na cultura cristiá, coa máis famosa de todas, a coñecida como a “Lenda dos sete durmintes de Éfeso”, segundo a cal sete mozos se ocultaran nunha cova do monte para escapar das persecucións contra os cristiáns dos primeiros tempos e alí sobreviviron milagrosamente, durmindo, durante máis de cen anos.

incluso), pasando pola de Afonso X, “motivo de esta tesis” (p. 94), que foi o primeiro autor que inseriu o motivo no torrente da literatura de carácter mariano, abrindo así o camiño a novas interpretacións. Seguidamente fai unha detida análise do texto afonsino, sinalando os casos de dependencia e desviación con respecto ás posibles fontes e subliñando as innovacións que a versión do Sabio achega á asentada tradición: a máis importante, a substitución da árbore central do claustro por unha fonte, imaxe altamente simbólica, que adoita ser asimilada á ánima como orixe da vida interior e da enerxía espiritual.

O terceiro capítulo fai un percorrido polos lugares onde a lenda se implantou, engadindo ao vello relato nomes e topónimos tan variados como varios son os mosteiros que o acollen: “De Maurice de Sully a Valle-Inclán, hay toda una gama de interpretaciones personales, mientras cada pueblo sabe darle un acento local preciso y diverso, realizando distintas adaptaciones, sin que el ejemplo pierda sus notas esenciales” (p. 104), aínda que se poidan atopar exemplos practicamente en toda Europa, desde o Atlántico ao Mar do Norte, ao ter sido espallada polos monxes cistercienses. Pasa seguidamente a estudar as tres localizacións peninsulares da lenda (Armenteira, Leyre e Vilar de Frades en Portugal), deténdose de maneira particular no mosteiro pontevedrés e engadindo novos datos aos que xa avanzara na revista *Nós* do ano 1926. Na última parte deste capítulo, analiza os elementos arredor dos cales se edifica a lenda: o paxariño (representación da alma); o bosque (do Paraíso), *locus amoenus* beatífico en contraposición ao ritmo da vida na terra; as difusas nocións de “paso do tempo” (contraponendo o tempo terreal e a eternidade celeste) e “goce musical” (na narrativa popular e na literatura clásica), para, no Apéndice final da tese, ofrecer un interesante repertorio de textos que conteñen o relato, textos anteriores á cantiga afonsina e doutros posteriores, que responde ao percorrido documental levado a cabo nos capítulos precedentes.

Non lle parece que esgotara o tema con este traballo magnífico, porque aínda continúa sacando notas sobre a lenda en diferentes xornais e revistas nos anos seguintes²³⁵, entrecollidos entre outros moitos motivos. En 1939, escribe un artigo en *El Ideal Gallego* (26-VII), “Compostela en

²³⁵ Por exemplo, retoma o constante tema da lenda do monxe e o paxariño en “San Ero de Armenteira y la Cantiga CIII” publicada en *El Pueblo gallego*, 1-1, 1943.

las cantigas de Santa María”, confirmando a preparación daquel traballo anunciado moitos anos atrás e que xa estaba tardando en ver a luz. Esta primeira entrega atopará continuidade noutra publicación de 1946, “Compostela nos nosos vellos Cancioneiros” (*El Correo Gallego*, 23-VII), pero o proxecto das cantigas “galegas” no cancionero afonsino vai esmorecendo, perdido entre os innumerables traballos de outros tantos temas que ían reclamando o seu interese²³⁶.

Co paso dos anos e as publicacións en diferentes medios, o seu nome convértese nunha referencia imprescindible nos estudos sobre o marial afonsino, de xeito que o reputado profesor foi requirido para a redacción da entrada “Alfonso el Sabio” na *Gran Enciclopedia Gallega* (fascículo 15) publicada en 1974 e, sobre todo, para encabezar o volume de estudos que acompañan a primeira edición facsimilar das *Cantigas de Santa María* a cargo da editorial madrileña Edilán, en 1979²³⁷. Neste estudo, respondendo a cada un dos aspectos que menciona o título, empeza facendo unha descrición biográfica breve do Rei sabio, acompañada por un “sumario cronolóxico” que permite ir percorrendo os eventos políticos e sociais máis importantes acaecidos ao longo da vida do monarca. Seguidamente, cunha descrición dos movementos culturais producidos na época na que viviu o rei, caracterizada pola tendencia á ampliación dos coñecementos, á progresión nas artes e nas ciencias, Filgueira xustifica o desexo rexio de compilar o máis gran marial endexamais reunido: “Del impulso a la cumbre de un destino ecuménico participó toda la obra del Rey Sabio, y, en especial, lo histórico y la lírica

²³⁶ Entre outras, e con certa relación cas *CSM* porque ao marial lle dedica unas páxinas, un interesante traballo sobre o “pranto” na literatura medieval que se ve publicado como “El ‘Planto’ en la Historia y en la Literatura Gallega”, *Cuadernos de Estudios Gallegos*, I, 1945, pp. 511-666, reeditado (xunto con outros artigos relativos á nosa poesía medieval) en 1977 co título *Sobre lírica medieval gallega y sus perduraciones*, Editorial Bello, Valencia, 1977.

²³⁷ “Cantigas de Santa María del Rey Alfonso X el Sabio, ms. Escorialense T.I.1. El texto. Introducción histórico-crítica, transcripción, versión castellana y comentarios”, pp. 33-264, seguido dun “Repertorio bibliográfico”, pp. 397-406. O estudo foi reeditado en 1985 como *Cantigas de Santa María. Códice Rico de El Escorial* na editorial Castalia (colección ‘Otres Nuevos’), nunha impagable edición de peto que posibilita o acceso a tanto coñecemento que, doutro xeito, quedaría gardado nas bibliotecas a carón da monumental edición facsimilar. Será por esta edición pola que se cite o estudo, a menos que se indique o contrario.

narrativa, vinculados como lo jurídico a sus ideales de universalidad” (p. xx). E continúa: “El códice T.I.1 de las Cantigas, con texto, pinturas y melodías, vale como signo del espíritu alfonsí: es una obra «total», integradora de las artes, en una conjunción impar entre las grandes creaciones del Medievo y cimera en cada una de sus facetas” (p. xxi). Pero antes de ofrecer o estudo detallado das *CSM*, Filgueira fai un amplo repaso ás obras de pretendida autoría afonsina, interpretadas polo erudito como o resultado do desexo do monarca de presentarse como un exemplo evidente da época que vive, tal como quedara descrita páxinas atrás. Nesta análise, repasa as obras xurídicas, astronómicas, filosóficas, lúdicas e poéticas saídas do obradoiro rexio, un conxunto “sólo comparable en extensión y en trascendencia histórica al de la *Summa* o la *Comedia*” (p. xxiv), que se caracterizan “por la amplitud enciclopédica y por el apasionado cultivo de las lenguas vulgares (p. xxiv). Non só demostra un bo coñecemento da produción afonsina senón que amosa uns amplos coñecementos eruditos ao ir indicando precedentes e modelos en cada un dos exemplos que vai analizando. Diante desta inxente produción, o comentarista aproveita para aclarar qué se debe entender cada vez que nos enfrontamos á evocadora indicación “eu fiz”, que parece certificar a sinatura persoal do rei como indicadora da autoría da obra que a contén. Achegando a clásica cita de Solalinde extraída da *General Estoria* (“El Rey faze un libro, non porque el escriba con sus manos ”), explica moi acertadamente cal debeu ser a intervención directa de Afonso X, nunha explicación que xa é tan clásica como a propia cita da *G.E.*: “Tomar la iniciativa de la obra, aportar los materiales bibliográficos, apelando a préstamos de libros (), dar las «razones» y decir cómo ha de escribirse, dictar a veces y enmendar siempre el lenguaje (), es la labor alfonsí en sus compilaciones” (p. xxviii). De seguido, e para confirmar cos datos esta suposición, fai un axustado repaso dos trovadores e xograres que puideron traballar na corte rexia, ofrecendo un elenco de nomes que, aínda que a día de hoxe se ve notablemente acrecentado, é absolutamente meritorio, tendo en conta que na altura en que foi feito polo *Recto Profesor*, os estudos sobre a nosa lírica só estaban empezando a agromar, e en Italia, onde os nosos cancioneiros profanos e relixiosos chamaran primeiro a atención que merecen. Os comentarios de Filgueira seguen a ser xustos e precisos, ca excepción dalgunha opinión subxectiva (sobre todo, no relativo á produción escarnina), froito, máis ben da época e o ambiente timorato en que foi emitida. Con todo, a información

achegada por Filgueira nestas páxinas é utilísima e fiable para coñecer a actividade política e literaria do Rei Sabio, e as súas apreciacións son sempre fonte de estímulo para continuar tirando daquel fío que a certa intuición e sabedoría do “vello investigador” sacara á superficie tantos anos atrás.

Se isto é válido para achegarnos de xeito seguro á figura do lexislador e do promotor cultural, a importancia do estudo das *CSM* que Filgueira leva a cabo nestas páxinas introdutorias é innegable. A agudísima análise segue a ser punto de referencia obrigado para calquera traballo que aborde o cancionero marial afonsino, pois moitas das achegas do erudito pontevedrés nunca foron superadas polos estudosos posteriores: ninguén foi quen de engadir máis nomes seguros aos dos dous colaboradores que el xa sinalara (Gil de Zamora ou Bernardo de Brihuega), nin de corrixir a táboa de correspondencias entre os textos comúns aos repertorios máis ou menos contemporáneos (o do mencionado Gil de Zamora, o de Berceo e a antiga colección Pez, coñecida así polo nome do seu compilador)²³⁸ ou a proposta de clasificación temática do imponente repertorio afonsino.

O traballo empeza cunha descrición de carácter xeral dos diferentes modelos seguidos polo rei para confeccionar os seus cantos e que se reflicten nas catro grandes modalidades textuais: cantigas de milagre, cantigas de loor, cantigas das festas e prólogos, sen descoidar mencionar algún modelo particular que destaca pola súa singularidade dentro destes catro bloques (como a *CSM* 406 ou “cantiga das maías”). Fai, seguidamente, unha defensa da ductilidade da lingua empregada nas *CSM* (aliñándose nesta postura con Rodrigues Lapa), pois, na súa opinión, contrariamente á lingua empregada en rexistros poéticos máis tipificados e dependentes de artificios retóricos nados máis alá dos Pireneos como podería ser a cantiga de amor, a lingua das *Cantigas* é unha lingua que, posta en boca de personaxes comúns e correntes que protagonizan moitas das anécdotas contadas, podía ser unha

²³⁸ Estes datos que ofrece na p. 45 do estudo complementario á edición facsimilar non se recollen na edición de Cátedra, así como algún outro dato de carácter máis erudito (como as clasificacións temáticas anteriores á súa, levadas a cabo por Valmar ou Calcott) que Filgueira decide retirar para a edición de peto, seguramente co desexo de facela máis manexable e menos pesada para un usuario menos especialista que aquel que podería ter acceso á edición de Edilán. Tampouco recolle nesta segunda edición a interesante análise lingüística (“La lengua de las Cantigas”), a cargo de Ramón Lorenzo, que acompañaba a introdución de Filgueira nas páxinas 267-268 do estudo inicial.

mostra moi próxima da fala que eses mesmos personaxes debían de empregar na realidade, sendo así unha lingua que destaca pola súa naturalidade, “que se reflega en una fluidez lírica, que, aun sometida a las difíciles y variadas modalidades rítmicas y fórmulas rimantes, abre paso a una fértil gama de giros, locuciones y hasta refranes populares” (p. xl): non se podería estar máis de acordo co Profesor Filgueira.

Encadradas no século mariano por excelencia, as *CSM* son un exemplo máis do florecemento do culto á Virxe que expresan as artes figurativas, a arquitectura e a literatura, pero o Sabio non quere ser só testemuña deste fervor senón que contribúe coa peza escrita máis valiosa, tanto polo tamaño —426 textos— coma pola calidade da peza, na que converxen múltiples mariais latinos e romances, caudalosos afluentes que arrastran lendas desde as máis antigas tradicións e que desembocarán neste amplo río onde as augas vellas se mesturan cos relatos de nova creación, e que, aínda debedores de saberes antiquísimos, son modelados no obradoiro afonsino ao gusto do monarca. A marca máis evidente deste proceso é a transformación de textos prosísticos —moitas veces pesados e rudos— en delicados cantos de melodías tan variadas como só un caudal tan potente pode ofrecer para a experimentación técnica e melódica. E a outra, non menos destacable, é a de encadrar esta valiosa xoia poética na corrente exemplar e exemplarizante que viña marcando a predicación, sobre todo aquela que despois do Concilio de Letrán se fai na *romanica lingua*, e que contribúe a que a mensaxe teolóxica prenda mellor nas mentes menos letradas. A vocación exemplarizante das cantigas é evidente na mesma construción formal do texto, que, ao adoptar o modelo *zexelesco*, exhibe no refrán inicial a máxima moralizante que se ilustra co relato duns feitos contados de maneira sinxela para poñer en evidencia as marabillas que se prodigan por amor da Virxe María.

Se o caudal de material achegado para a redacción do cancionero mariano é fácil de demostrar só comparando as *CSM* con algunhas das coleccións precedentes, determinar cales son as fontes precisas e en que momento se adaptaron xa non é tarefa tan doada. Canto a esta última cuestión, Filgueira propón como *terminus post quem* 1257, baseándose, como se adoita facer, na autodenominación do autor como “dos Romãos Rei” (*Intitulatio*, v. 17), sen poder concretar datas máis precisas, con excepción dalgunhas cantigas que relatan feitos historicamente documentados, tal como se fai hoxe en día: por moito que se teña avanzado na investigación tanto

histórica como literaria e musical, non conseguimos máis que propoñer datas que, aínda que axustan algo máis o proceso creador no *scriptorium* afonsino, non chegan a ser concluíntes. Aínda menos se pode dicir con respecto ás fontes: a distribución de fontes nos apartados que propuxo Filgueira segue sendo o punto de partida; poden engadirse máis textos particulares que comparten a historia que conta a lenda²³⁹, pero dificilmente se pode afinar na orixe dos textos inspiradores máis alá do que fixera el. A súa proposta, xa clásica, de distribución das fontes en 1) mariais latinos sen carácter local, 2) mariais romances; 3) obras xerais de onde se tomaron temas aplicables á intervención da Virxe; 4) coleccións locais estranxeiras; 5) coleccións locais peninsulares; e 6) milagres familiares e autobiográficos, continúa sendo unha proposta válida e punto de arranque para a investigación actual, o mesmo que ese intento de clasificación temática dos textos, que nunca acaba de ser satisfactorio porque unha boa parte das cantigas narrativas conteñen máis dun núcleo temático que permite adscribilas a un tema ou outro, segundo que asunto se priorice. Con todo, eu non coñezo ningunha clasificación máis acaída que a establecida por Filgueira.

No volume complementario a edición facsimilar, Filgueira ofrece unha edición dos textos –e do Índice que os precede (pp. 54-61)– na orde en que aparecen no *Códice T* ou *Códice Rico de El Escorial* (pp. 62-264). El mesmo declara que, cando o texto é lacunoso ou está incompleto, acode aos outros códices para poder ofrecer unha versión completa do texto da cantiga que está editando, que aparece recollido entre corchetes, como adoita ser habitual nestes casos. A posterior reedición deste estudo pola editorial Castalia non recolle a edición dos textos²⁴⁰, senón que se conforma coa versión castelá que o propio Filgueira fai de cada unha das cantigas e co valioso comentario

²³⁹ Como se fai na magnífica base de datos *The Oxford Cantigas de Santa Maria database*, consultable en liña: csm.mml.ox.ac.uk

²⁴⁰ Esta decisión editorial deberíase probablemente a que en 1972 aparecera, publicada pola Universidade de Coimbra, a primeira edición que se pretendía crítica, baseada no *Códice E do Escorial* ou *Códice de los Músicos*, que recolle a versión máis completa do cancionero, (reproducida despois –cun prólogo de Ramón Lorenzo– en Edicións Xerais de Galicia) en 1981. Entre os anos 1980 e 1989, tamén en Castalia, saíu unha nova edición, sempre a cargo do mesmo autor: Walter Mettmann, *Alfonso X, el Sabio. Cantigas de Santa Maria*, Castalia, Madrid, 1986 (vol. I), 1988 (vol. II), 1989 (vol. III), que segue a ser a edición de consulta de referencia.

que acompaña cada unha delas, tal como se presentaban no estudo orixinal. A mágoa de non ter os textos tal como saíron do obradoiro rexio vese compensada polos utilísimos datos que conteñen os comentarios, pois neles sinala as posibles fontes do relato (e as súas derivacións posteriores), os temas e motivos narrativos presentes no texto, outras cantigas relacionadas con esa en particular, cuestións de métrica, retórica e música, así coma calquera outra información que considere pertinente para o maior enriquecemento da cantiga, e aínda engade os estudos existentes sobre o texto cando estes existen. As traducións son ás veces impagables ferramentas para desenmarañar a difícil sintaxe afonsina, que adoita retorcer os versos de xeito inimaxinable, así como para abrir posibilidades de interpretación de versos escuros aos ollos pouco afeitos á lingua desta época.

Grazas a este imponente traballo, as *CSM*—a súa importancia e o seu significado— foron accesibles a un público amplo, conformado por estudiosos e afeccionados á literatura medieval —galega ou románica— que poden atopar nestas páxinas maxistras un estudo de conxunto precioso para a comprensión dunha obra magnífica da que só a nosa historia literaria pode gabarse. A única tacha que lle apón Filgueira é a de reflectir demasiado ás claras a inclinación do rei castelán cara Toledo —o que el tilda de “toledanismo”—, evidente incluso cando, levado polas súas aspiracións de “carlomagnismo”²⁴¹, pretende recoller o máis gran repertorio de milagres da Virxe, pero négalle a Santiago o que cultural e historicamente lle pertencía: “Si [Afonso X] en la *Crónica* había de hacer historia española la universal, y en la *General Estoria* convertiría a la historia bíblica la de todos los pueblos, aquí [nas *CSM*] volvería hacia Nuestra Señora el saber teológico y el caudal narrativo, para presentarla como mediadora en cuantos hechos maravillosos pudo hallar para «razón» de sus cantigas. A tal punto, que incluso con algunos

²⁴¹ Con eses termos, Filgueira explica a afección do monarca ás grandes compilacións, tendencia propia do impulso enciclopedístico que distingue o século XIII, pero tamén a desviación dos seus intereses cara a cidade de Toledo, dúas características que definen a actuación do rei como mecenas e impulsor de proxectos culturais: “Significamos así tanto la conciencia de posesión de la corona gótica sobre los pueblos hispánicos como la aceptación de la tradición isidoriana y del designio del «Toledano» por excelencia, don Rodrigo Ximénez de Rada, de recrear, en política y erudición, una «historia de España» reinsertándola en la universal; pero significamos también lo que la ciudad representa como contacto entre las avanzadas culturales heterodoxas y la tradición cristiana ansiosa de superarlas, y con la aspiración de ser ungido Rey de Romanos” (Filgueira, 1979: 37).

«milagros» se propondrá disuadir a los devotos de otros santuarios de que hagan su romería²⁴², pudiendo lograrlo todo los de la «dona das donas, señor das señores» (p. xli). Este premeditado desexo de descoidar Santiago –que se estende a toda Galicia– é a única falta que lle recrimina a un rei que fixo do galego a lingua vehicular dunha obra tan espléndida.

Por fin, rematado este concienciado estudo do marial afonsino, Filgueira atopou o momento para poder cumprir aquela promesa que fixera cincuenta anos atrás: editar as cantigas de Santa María localizadas en Galicia. En 1980, a Real Academia Galega, co gallo da conmemoración do Día das Letras Galegas, saca o libríño *Afonso X e Galicia. E unha escolma de cantigas*, que contén o texto (pola edición de Mettmann) de sete cantigas que se desenvolven nalgún lugar de Galicia: son as cantigas 22, 77, 104, 184, 304, 317 e 352, ás que engade “dous miragres universais que tamén teñen localización galega” (CSM 94 e CSM 103) e “dous miragres da pelegrinaxe a Compostela” (CSM 26 e CSM 175)²⁴³.

No capítulo preliminar achégase novamente á figura do Rei Sabio, aínda con algo daquela amargura que prendera no seu espírito cando estaba rematando o libro anterior, como se deduce das palabras de apertura do seu estudo: despois de loar a importancia da labor cultural do monarca, só comparable á do seu admirado Dante, engade: “E, nembargantes, o home que fixou e erguéu tan outo a fala literaria, foi un rei alleo cando non adverso á nosa Terra” (p. 5). Con esta afirmación, Filgueira quería referirse ao tremendo impulso que lle deu ao cultivo das cantigas profanas e relixiosas compostas baixo o seu patrocinio e para as que escolleu o galego –lingua que xa se impuxera como *koiné* para a composición da poesía na península ibérica e que o rei coñecía ademais de primeira man por ter pasado algúns anos da súa infancia en terras de Maceda e Allariz, criado por os seus aios Garci Fernández e a súa muller, dona Maior Arias– e, ao mesmo tempo, ter descoidado tanto a Galicia durante os seus anos de goberno. A xenreira contra esta terra parece que procedía dos desacordos con don Gonzalo Gómez,

²⁴² Hai nestas palabras unha clara alusión a algunhas cantigas que parecen recoller un ánimo contrapropagandístico contra a sede compostelá e a súa catedral, como veremos máis adiante.

²⁴³ Paralelamente, tamén neste mesmo ano, algunhas colaboracións en prensa son testemuñas da ansia por cancelar aquela vella débeda: “Afonso X versus Compostela”, *El Correo Gallego* (11-V) e “Temas galegos nas *Cantigas de Santa María*”, *El Ideal Gallego* (17-V).

nomeado arcebispo contra a vontade do monarca, e polo mesmo papa que lle negara o título de Emperador. En realidade, puido ser que o arcebispo e a terra do seu arcebispado pagaran “o pecado” do Papa. Como queira que fose, o desapego con Galicia foi tan fondo que acentuou o que Filgueira xa definira na súa tese como o “radical toledanismo” do monarca, e que se evidencia nas *CSM* ao negarlle ao Apóstolo a capacidade taumatúrxica que atraía a tanta xente á catedral santiaguesa desde facía xa séculos. Esta “desviación”, pónse de manifesto nunhas cantas cantigas marianas nas que peregrinos que veñen a Santiago non son curados dos seus males (por exemplo, nas *CSM* 218 ou 278), e noutras nas que a Virxe da igrexa palentina de Villalcázar de Sirga (a Vilasirga das cantigas) se adianta a resolver as tribulacións dos peregrinos, de xeito que estes xa non teñen necesidade de continuar o camiño ata a catedral do Apóstolo (*CSM* 175, 253, 268). Nin sequera Afonso X chegou a facer a peregrinación ata Santiago, rompendo así a secular tradición dos seus antecesores e que seu fillo Sancho IV volverá recuperar en 1286.

As páxinas centrais do libro acollen o que anunciaba o título: a escolma de cantigas marianas que parecen ter relación directa con algún lugar de Galicia. Trátase das cantigas 22 (“em Armenteira foi un lavrador...”, v. 11); a 77 (“Esta é como Santa María guareceu na ssa eigreja de Lugo hũa moller...”); a 104 (“Aquesto foi en Galiza”, v. 13, “entrant’ a hũa vila que dizen Caldas del Rey”, v. 42); a 184 (“en terra de Santiago”, v. 9); a 304 (“Esta é como Santa María de Ribela...”; a 317 (“en Galiza”, v. 6) e a 352 (“Esta é como Santa María del Viso guaríu ”), ás que engade aínda “Dous miragres universais que tamén teñen localización galega” (p. 44), que son os que se narran na cantiga 94 e na coñecida cantiga 103. Con todo, aínda que as referencias toponímicas sinalen a nosa terra, o mesmo Filgueira advirte da coincidencia de topónimos que pode facer que diferentes rexións xeográficas se disputen o escenario do relato. Así, se o milagre oficiado na igrexa de Lugo, o de Caldas de Reis, ou o de cerca de Santiago, non parecen presentar dúbidas de onde puido ter lugar o prodixio –aínda que este pertenza ao acervo da tradición miraculística mariana²⁴⁴–, aqueles presenciados en Ribela ou en Santa María do Monte son máis difíciles de situar correctamente, tendo en

²⁴⁴ De ser testemuña de milagrosas curacións de tolleitos poden gabarse innumerables centros en toda Europa; o tema dos panos milagrosamente ensanguentados para denunciar un sacrillexio recólleo xa Cesáreo de Heisterbach e o mesmo Filgueira sinala numerosos santuarios onde se veneran os devanditos panos (p. 26), etc.

conta a gran cantidade de ‘Ribelas’ e de lugares cuxos nomes indican que están situados nunha zona montañosa, ou de santuarios ou igrexas de antigo culto mariano que están construídas nun monte. Pola contra, a enganosa indicación de Armenteira podería tratarse da adaptación á lingua das CSM do topónimo francés Armentière, localidade situada non moi lonxe de Rocamadour, santuario a onde se dirixiu o maltratado labrador beneficiado polo milagre, e o mesmo ocorre co Viso, que tan ben pode ser o da provincia de Pontevedra coma o de Toledo, Sevilla, etc. Non obstante, como Filgueira deixa ben claro, nada impide a súa localización en terras galegas.

Outro tanto se pode dicir dos dous “mirages universais” aos que lle dedica a terceira sección do libro. Un deles é aquel que relata que unha monxa quere abandonar o convento e a Virxe, ou llo impide ou a substitúe nas súas tarefas cotiás como é o caso desta cantiga 94, que, segundo Filgueira podería estar relacionada co convento de Santa Clara en Santiago, aínda que afondaría as súas raíces na corrente miraculística que tiña o seu nacente nos *Dialogus miraculorum* de Heisterbach. Sobre o segundo destes milagres de tema universal pero recollido como acaecido en terras de Galicia non se detén moito por ter sido o tema de tantos estudos anteriores, xa que se trata da historia do “monxe e a passarinna” que se canta na cantiga 103.

O último capítulo do libro dedícallo aos milagres polos que se beneficiaron persoas que viñan facendo a peregrinación a Santiago e que tiveron dificultades no camiño: trátase do coñecido milagre do “Romeiro de Santiago” (CSM 26), que se fixo moi famoso ao ser recollido polo *Liber Sancti Jacobi*, e a non menos espallada lenda do “Aforcado descolgado” (CSM 175), de fontes e difusión parecida á anterior, que conta como o fillo dun peregrino foi inxustamente acusado de roubo por un hospedeiro e condenado a morrer aforcado; de regreso de Santiago, o pai pasou polo lugar e viu que seu fillo seguía vivo grazas á intervención de Santa María, que se comportara de maneira similar como o fixera con Elbo (CSM 13), o ladrón que lle era tan devoto.

Antes de dar por rematada a escolma de temas galegos nas CSM, Filgueira recolle outras oito cantigas, de escarnio esta vez, relativas ao rei Afonso ou con protagonistas galegos (Joan Airas, Pai Gomez Charinho e Pero da Ponte), que dan idea de cómo eran as relacións entre personaxes da corte e o peso destes nos ambientes literarios.

Investigador infatigable, curioso impenitente, o profesor pontevedrés demostrou cos feitos aquela intuición anunciada en 1936 de que, dun xeito ou doutro, as *Cantigas* o ían acompañar no transcurso de toda a súa vida, pois ata os últimos anos da súa longa existencia atopou ánimo e forza para participar en reunións de carácter científico, achegando o froito do seu amplo coñecemento sobre o cancionero afonsino. En 1994 participa no *Congreso Internacional Xudeos e Conversos na Historia*, celebrado en Ribadavia, co relatorio “Os xudeos nas Cantigas de Santa María” e en 1995 intervén no *Congreso Internacional de Antropoloxía Cultural*, organizado polo Consello da Cultura galega en Santiago, falando sobre “As doenzas nas Cantigas de Santa María”.

Como se pode observar neste rápido percorrido polas publicacións de Filgueira relativas ao marial afonsino²⁴⁵, as *Cantigas de Santa María* foron un dos seus temas predilectos, particularmente aquelas que teñen que ver con Galicia. Os seus estudos sobre o cancionero afonsino, aínda que xa teñen bastantes anos, seguen a ser o punto de referencia inescusable para a os estudosos das *CSM* aínda hoxe, pois, a visión xeral tanto da colección como dos motivos que puideron estar detrás dese empeño do rei e as circunstancias en que se levou a termo o proxecto continúan sendo válidas, e a súa proposta de clasificación temática dos textos segundo o tipo de milagre que se desenvolve neles, non foi nunca mellorada. Case outro tanto se pode dicir polo que respecta as fontes que sinala como sustentadoras da inmensa colección rexia, aínda que os medios actuais, as cada vez máis numerosas bibliotecas dixitalizadas e postas a disposición do público, así como o número crecente de estudosos das obras afonsinas que tamén ofrecen o resultado das súas investigacións a través de canles de difusión masivas, permiten ir afinando aquela primeira proposta que Filgueira establecera, tan axeitadamente, no estudo introdutorio á edición facsimilar de Edilán.

E.F.

(Universidade de Santiago de Compostela)

²⁴⁵ Percorrido que non pretende ser exhaustivo porque esta pretensión estaría abocada ao fracaso, tendo en conta a gran cantidade de artigos que sobre o tema foi publicando en diversos xornais. Aos xa mencionados, poderíanse engadir aínda intervencións tan variadas como “Temas de Santander nas ‘Cantigas’ afonsíes de Santa María” en *Libredón*, Santander, 25-VII, 1979; “O ‘fogo de san Telmo’ en dúas Cantigas de Santa María”, *Faro de Vigo*, 11-V, 1984, etc.

Bibliografía

Asín Palacios, Miguel: *La escatología musulmana en la Divina Comedia*, Madrid, Maestre, 1919.

Fortes Alén, M J. (ed.), 1996, *Ó Dr. Filgueira Valverde nos seus noventa anos (1906-1996). Bibliografía. Traballos. Eloxios*, Pontevedra, Caixa de Aforros de Pontevedra.

Filgueira Valverde, X. F., 1979: “Cantigas de Santa María del Rey Alfonso X el Sabio, ms. Escorialense T.I.1. El texto. Introducción histórico-crítica, transcripción, versión castellana y comentarios”, Edilán, Madrid, pp. 33-264.

Filgueira Valverde, X. F., 1982, *Tiempo y gozo eterno en la narrativa medieval (La cantiga CIII)*, Edicións Xerais de Galicia, Vigo.

A COMPOSTELA DE FILGUEIRA

MANUEL FORCADELA

Foi a Xeración Nós, no seu europeísmo, quen dispuxo a idea de Compostela como berce de Europa e, tamén, de Galicia, un espazo que daba conta capital dunha nación enteira, mesmo como alternativa ao Toledo da Xeración do 98, erixido como símbolo do esencialismo españolista. Filgueira, destacado membro do SEG (Seminario de Estudos Galegos) herda esta proposta, como un alumno que debe reescribir as liñas que faltan na lección dos mestres. E faíno desde a excelencia na erudición e no detalle, combinando distintas disciplinas, que van desde a historia da arte á literatura, sen esquecer a súa fascinación por personaxes da entidade do bispo Xelmírez e o mestre Mateo.

Compostela ermerxe así como un poema, no sentido dunha epifanía da linguaxe, ou das linguaxes, como un milagre, un enorme e rotundo poema colectivo, mesmo nacional, construído coa enerxía de todo un pobo ao longo de varios séculos, porque son moitos os códigos que veñen verter nela e todos dan conta da súa singular posición no mundo. Esta disposición da cidade como poema ou, mellor, como obra de arte posibilita a análise que se leva a cabo desde unha revisión de todo cando a cidade logrou como obxecto de enunciado, calquera que fose o medio de expresión, plástico ou literario ou musical, ao longo do tempo en que adquire o seu duradoiro esplendor. Filgueira, como un paciente copista, interpreta cada un deses signos nun exercicio no que prima, desde o punto de vista metodolóxico, o comparatismo. E desde o punto de vista conceptual, ou filosófico se se quere, un antagonismo sen resolver entre o esencialismo herdado e unha presenza da historicidade. E todo isto sen vontade de ser exhaustivo, consciente de que esa imaxe total da cidade sería, senón imposible, si, cando menos, esgotadora tanto para o autor como para o lector.

Queremos dicir que, se por unha banda existe unha apelación constante á historia, á necesidade de codificar o devir que todo muda e modifica, tamén se manifesta unha constancia percibida na presenza ininterrompida dun *continuum*, un *continuum* xeográfico e real, o fabuloso espazo entre onírico e sublime da cidade. Porque é certo que Compostela existe. Mais esta súa existencia está tanto na realidade como nos soños.

E seguimos sen saber que é unha cidade. É certo que existen as cidades reais, os espazos concretos onde viven milleiros de persoas, concentradas en barrios, en zonas, en centenaes de edificios, mais tamén debemos sinalar, logo dunha lectura atenta das *Historias de Compostela*, de Xosé Filgueira Valverde, que unha cidade é, alén diso, un construto cultural, un entramado simbólico-imaxinario que quere explicarse a si mesmo ou, tamén, unha maraña de entramados simbólico-imaxinarios, sucesivos no tempo, que forman unha historia de sentido, un sucederse de significados. Sobre iso é sobre o que nos fala Filgueira, desde unha erudición envexable, non só desde unha perspectiva literaria, senón tamén desde a perspectiva da estética, do urbanismo, da representación, da historia dos costumes. Velaí a primeira parte da polarización.

O propio título do libro establece que a palabra 'historias', en plural, non 'historia', hai que lela no sentido de relatos, construtos narrativos e fragmentarios que están lonxe de querer construír un discurso completo, totalitario, unha traslación da totalidade do seu devir ao ámbito do simbólico. Así que, lonxe de ser unha historia das Compostelas habidas ao longo dos séculos, dando lugar por tanto a un percorrido polo tempo e polas diferentes actualizacións da cidade en cada época, Filgueira céntrase no que para el semella ser a Compostela por autonomasia, a Compostela que vai desde o esplendor románico ao barroco. A Compostela esencial. E velaí o segundo polo do contraste.

Se, por unha banda, unha concentración semellante de sentido só pode darse arredor dun artefacto semiótico como Compostela, non é menos certo que a Compostela de Filgueira non deixa de ser tamén unha metonimia do mundo ou, sobre todo, de Galicia, e, mesmo, se quixermos ir máis alá, unha metonimia de si mesmo, un explicarse a si mesmo reflectido no espello dunha das cidades máis singulares de Occidente.

Digamos que para Filgueira, Compostela é unha ciencia, un conxunto de saberes que poden moi ben servir de ponte para un coñecemento eterno, pois, lonxe de ser local, Compostela asoma como un produto global e, máis concretamente, de Europa.

Non podemos deixar de percibir, ao fondo, como unha presenza constante, a posición como historiador de Ramón Otero Pedrayo e dos principios expostos por el no seu fabuloso *Ensaio histórico sobre a cultura galega*. Esa Galicia guadianesca que se manifesta de xeito intermitente en

determinados períodos da historia. Na época castrexa, no románico, no barroco, no romantismo (eu engadiría na Xeración Nós), períodos todos eles que poderíamos denominar, segundo un Paul Valéry que lera con moita atención a Nietzsche, como períodos dionisiacos, e se esvaece, porén, nos períodos apolíneos, nos momentos en que balanza dos ciclos de historia se inclina do lado do clasicismo.

Se o poema e a cidade foron fundados sobre os lindes, Compostela é a cidade lateral, a cidade do Fisterre, a cidade do linde do mundo. E Compostela é, tamén, a cidade de Venus, a cidade venérea, a cidade da vieira que erixen como símbolo os peregrinos. Tamén, a cidade escura, a cidade húmida do final da viaxe, o punto extremo do camiño. O potencial sagrado de Compostela, nese caso, asoma como un síntoma de algo moito máis fondo que o meramente relixioso, algo que pode ser compartido mesmo por agnósticos e ateos, xa que non está en xogo unicamente a lealdade a unha fé concreta senón unha presenza que se concibe como máis fonda, máis auténtica, aínda que o seu dominio actual veña dado por mor dos poderes da Igrexa Católica. Compostela é un punto determinante nunha 'religio' da que o sepulcro e a súa posterior cristianización non son máis que síntomas.

A habilidade política de Xelmírez, que é quen de converter a cidade nunha das tres capitais espirituais de Occidente, logo de Xerusalén e Roma, non deixa de resultar, desde unha perspectiva actual en que a nosa lateralidade en Europa clama ao ceo, unha circunstancia insólita. Mais non é, desde logo, a presenza sublime do mestre Mateo e do seu, nunca mellor chamado, Pórtico da Gloria.

Camiñar longamente durante semanas, mesmo meses, para encontrar unha porta, mellor un pórtico, que está, nin máis nin menos, que na fin do mundo. Nada pode resultar unha tarefa máis transcendente.

A cidade é, ademais, unha metáfora do corpo, na medida en que o corpo é o espazo en nós. Se a casa se constrúe sobre o corpo, un corpo imaxinario que cabe polas portas, debrúzase nas xanelas, habita en estancias, senta en mesas, dorme en camas, ese mesmo corpo trasládase fóra da casa e multiplícase con outros corpos para fundar a cidade. Se a casa e a palabra son singulares, o poema e a cidade son colectivos. De aí a polis da política e a cidade da cidadanía. Pero, do mesmo xeito que unha soa letra pon en funcionamento todos os recursos da linguaxe, unha simple pedra, un camiño, pon en funcionamento todos os recursos do espazo. A linguaxe, en

definitiva, desvélese como sistema en ambos os dous casos (tempo e espazo, poema e cidade). E pretender que unha palabra viva fóra do entramado da linguaxe resulta tan arbitrario, tan imposible, como esas urbanizacións para ricos que pretender ser unha illa nun territorio desolado, sendo como son signo e síntoma dunha estrutura que as supera.

Recompilar o producido por toda a Europa peregrina a propósito do seu obxecto de desexo, desde a Duquesa de Chevreuse a Cosma de Médicis, é tamén, en certa medida, facer unha pequena historia da devoción europea. A realidade histórica recuperada dos documentos revélase máis fantástica que a mellor das ficcións. A Duquesa viaxa antecedida por un oídor, Don Pedro Morquecho, que trae consigo unha célula real para que alá por onde pase sexa atendida con todo o seu merecemento. Trinta catro casas de bos e medianos aloxamentos, cuartos e camas para criados, camareiras e doncelas. Ou cando, en 1668, don Juan de Austria viaxa cun séquito de trescentas cincuenta persoas que, só para facer unha noite en Poulos, requiriron once vacas, corenta e dous carneiros, sesenta e oito cabirtos, cento vinte oito galiñas, cento vinte dous ferrados de trigo, setenta e dúas libras de manteiga, novecentos ovos...

Ou a Noruega triste do noso clima enneadoado, ese mesmo que leva supostamente a Góngora a escribir ‘Pálido cielo, sol encapotado’, ese mesmo ceo que recibe unha tarde de mil seiscientos sesenta e nove a Cosma III de Médicis, viaxeiro infatigable de todos os camiños de Europa, incógnito e acollido sen grandes protocolos.

Fronte á maxestuosa recepción dos arcebispos composteláns durante o s. XVII, exemplos de pompa e circunstancia en que a representación do poder sitúanos en escenografías marcadamente cinematográficas.

Se o límite concentra, propón un centro, establece o lugar en que todo se reúne, a cidade busca o centro. E o centro evapórase en canto altar: lugar alto (castros e castelos), lugar da elevación (igrexas, catedrais), das clases altas (bancos e comercios), da inspiración (bibliotecas e museos). Compostela é, claro está, o lugar da elevación, coa catedral, como unha galiña deitada no medio das leiras, como escribiu Díaz Castro, e tamén da inspiración.

Do mesmo xeito que, ao ler, vemos letras mais miramos significados, ficcións, espazos e tempos, personaxes, tamén ao coñecermos unha cidade vemos casas, prazas, rúas, pero miramos, máis alá, algo que se nos impón como imaxinario. Por iso deberíamos pensar nas cidades como entidades

simbólico-imaxinarias. O técnico agrimensor (que pesa, mide, calcula) intervén sobre o real da cidade (a letra do poema) desde unha perspectiva digamos que positivista, acaso sen se dar conta de que tamén hai algo intanxible no que fai, ese valor simbólico engadido (espiritual, estático...) que contén todo espazo. E ese valor simbólico multiplica o valor real dos edificios, das prazas, das avenidas e de todo o seu patrimonio tanxible.

E velaí onde chega Filgueira, como un teólogo que nos fala da alma de Compostela ou, mellor dito, que nos presenta as fontes reais, os alicerces realmente existentes dese espírito que semella habitar o signo da cidade.

Se orientar o devir dunha cidade é un complexo proceso cultural, de natureza ideolóxica, descodificar o pasado dunha cidade é, tamén, un proceso que só se pode levar a cabo desde a cultura e desde a ideoloxía. Filgueira opta por unha obxectividade cientifista que encontra entre a maraña interminable de documentos e probas textuais de todo tipo, mostra máis que evidente de que o seu interese e ocupación no asunto non era para nada superficial. Procede a dar conta de canto encontra cun afán marcadamente documentalista no que, por veces, botamos en falta ao literato, a alguén que con eses mesmos materiais sexa quen de dar voo á imaxinación e ao talento verbal para construírnos unha compostela de outrora, non só desde o dato obxectivo, senón tamén desde a fascinación estética. Filgueira semella ser consciente disto (como podía ignoralo) e procede cunha asepsia admirable, un rigor de erudito que sabe conterse diante das marabillas que vai amoreando en número incontable ao longo de todo o seu texto.

Mais todo ao servizo dunha presenza esencial, pois se o poema precisa dunha voz, un autor (autoridade) que reúna imaxinariamente os diferentes tons, procurando unha harmonía, a cidade precisa igualmente dun ditado, dunha enunciación. Velaí, pois, o asunto. Quen ditou Compostela. Non só quen construiu o seu texto, o seu tecido urbano, senón, tamén, quen insinuou o seu sentido, quen compuxo a súa ficción. Estaríamos, por tanto, diante do que poderíamos denominar unha narratoloxía do territorio, dun territorio concreto, a cidade de Compostela, tal e como se deu a coñecer desde a súa orixe aos inicios do s. XVIII. Unha decodificación da ficción Compostela que é, tamén, unha fixación do seu sentido e, tamén, unha ecdótica do seu discurso.

E desculpen se insisto nesta metáfora continuada, con esta alegoría entre a cidade e o poema, mais é que, no caso que nos ocupa, resulta de

todo pertinente. Porque a Compostela que (de)constrúe Filgueira, malia a súa asepsia documentalista e a súa renuncia ao sentimentalismo ou ao estilismo, é, fundamentalmente, un logro singular, un acontecemento impar na historia de Occidente. E velaí o Camiño de Santiago, o sepulcro de quen sexa (Prisciliano ou *tutti quanti*), o Códice Calixtino, as cantigas e cancións en diversos idiomas que a teñen como obxecto, os seus líderes e mandatarios, comezando por Xelmírez, os tesouros artísticos como o Pórtico da gloria.

M.F.F.
(Universidade de Vigo)
Vigo, xaneiro do 2015

FILGUEIRA NO PADRE SARMIENTO

CARLOS GARCÍA MARTÍNEZ

Xosé Fernando Filgueira Valverde, a quen se lle dedica este ano o día grande das Letras Galegas, pertence a ese conxunto de persoeiros que son referentes indefectibles na construción cultural de Galicia. Aquel “xoven mestre –en dicir de Otero Pedrayo– capás de erguer libros como arquitectos sen perder o senso do tempo de hoxe”, admirador e estudoso de Frei Martiño Sarmiento, como a este, pouco lle foi alleo á súa curiosidade indagadora, e de seguro a súa presenza non desentoaría no faladoiro erudito que, con algúns selectos amigos, mantiña o sabio bieito na súa cela do Mosteiro de San Martiño, en Madrid. Filgueira foi un dos derradeiros grandes polígrafos que deu Galicia, en quen a pegada dos Cotarelo Valledor, Cabeza de León, Sampedro y Folgar, Losada Diéguez, Sánchez Cantón, encontrou fértil continuidade. Intelectual de vasta e sólida formación, didascálico profesor e investigador de cumprida produción bibliográfica, na que salientan os seus rigorosos estudos da lírica medieval galega e portuguesa, cultivou como escritor todos os xéneros literarios, adiantado na literatura infantil, bibliófilo, divulgador cultural... Incansable traballador a prol das institucións da cultura, participou na creación dalgunhas, que foron do seu particular aprecio, como o Seminario de Estudos Galegos, o Museo de Pontevedra, o Seminario de Estudos Galegos ou o Instituto “Padre Sarmiento”, nas que levaría a cabo un sobranceiro labor –falar destas institucións é falar de Filgueira Valverde–, así como Bibliófilos Gallegos, Consello da Cultura, Museo do Pobo Galego...

Eruditio luctuosa
in hac nocte tenebrosa
sola planget lacrymosa
noctibus imus vagantes
In tenebris clamitantes;
simus [sic] umbrae pera grantes

Fonseca pulsi sumus
Hodie simus quasi fumus
Concilium celebraremus
In dolmenim eremus
ossae nostrae sonamus

Infelizmente a poesía de Otero Pedrayo resultou ser premonitoria. Cinco anos despois de escribila produciase a expulsión real dos locais que acollían ao preclaro centro en Fonseca.

O acoso ao Seminario de Estudos Galegos comeza xa en 1936. En abril de 1940 nunha reunión de representantes, entre eles, D. Xesús Carro, co Reitor da Universidade de Santiago, Ruíz del Castillo, este comunicalles que aquel se encontraba fóra da Lei, e que o mellor para a súa salvación era incorporar o seu patrimonio á universidade, opción que podía garantir a posible continuidade do SEG. Pasado o tempo sen noticias ao respecto, recíbese no centro unha carta do xefe da Biblioteca Universitaria na que se traslada a orde do Director General de Enseñanza Superior y Media do Ministerio, pola que dispuxo que a Biblioteca e demais fondos do Seminario debían pasar a formar parte da Biblioteca Universitaria de Santiago.

A inicial esperanza de salvar a continuidade do SEG tornouse de contado en frustración. Perante esta decisión, que non se prevía, D. Xesús Carro, que asumira a representación do Seminario de Estudos Galegos, persevera no seu intento de impedir a súa perda, chegando incluso a remitirille unha carta ao mismísimo Xeneral Franco, na que, inxelmente, expoñía argumentos para a súa exoneración.

Non obstante á afouteza e habelencia postas nas xestións por don Xesús Carro para evitar a confiscación dos fondos que se achaban en Fonseca, esta execútase, cumprindo a orde do aludido Reitor da Universidade de Santiago, o día 31 de decembro do ano 1941, festividade de San Silvestre, patrón dos albaneis e canteiros, mesteres que tan ben foron estudados polas xentes do Seminario²⁴⁸.

Tristeira procesión debeu ser para os compoñentes do SEG, esta que trasladou en penosas condicións os seus fondos bibliográficos polas rúas compostelás, dende Fonseca até o edificio central da Universidade, onde se recollerían no espazo que ocupaba a Biblioteca América. Desta mudanza, da que foi testemuña de excepción D. Xesús Carro, temos fidedigna e interesante referencia nunha carta que este lle envía a Xosé Ramón e Fernández-Oxea, socio activo do Seminario, o 20 de febreiro de 1942:

²⁴⁸ Mato, A. *O Seminario de Estudos Galegos*. Publicacións do Seminario de Estudos Galegos. A Coruña, 2001, p. 294 e ss.

“Se acarretó en el mismo día por medio de un carricoche tirado por un penco y con cestas llevadas por mujeres. Los libros iban en montones, todos mezclados y cayendo por los suelos, sin cuidado alguno. La gente ante semejante espectáculo, quedaba pasmada y preguntaba de qué se trataba. Los mozos y porteros respondían: “Es la biblioteca de los galleguistas.”²⁴⁹

Don Xesús Carro, o discreto e benemérito crego e historiador compostelán, que tivo que aturar os seus postremeiros momentos, levaría o peso –xunto co tamén membro do SEG, crego e profesor universitario, D. Paulino Pedret–, das negociacións coa Universidade e co Ministerio, para facer posible a difícil salvación do centro. A tenaz defensa que do mesmo fixo D. Xesús, foi cualificada por Díaz Pardo como un servizo a Galicia verdadeiramente impagable e como tal se recoñeceu no exilio, co que D. Xesús Carro non perdeu contacto²⁵⁰.

O obrigado e negligente trasfego da biblioteca e doutros fondos polas rúas de Santiago, aquel 31 de decembro de 1941, viña escenificar o fin da senlleira institución, mais o seu espírito aínda continuaría a alentar no corazón dos seus integrantes. Daquel infausto día ha gardar D. Xesús Carro imperecedoira lembranza.

Coa suspensión do Seminario de Estudos Galegos, a singular e moderna institución nacida en 1923, que tiña por obxecto “[...] o estudo de todas as manifestacións da cultura galega, atendendo á formación de investigadores e á divulgación do resultado do seus traballos”, fanábase unha anovadora tarefa de análise da realidade galega, que estaba a desatoar vieiros na investigación dende unha perspectiva interdisciplinar, transversal e integradora, en diversas áreas do coñecemento. A proscripción polo réxime franquista significaba unha grave perda nos eidos da ciencia e da cultura, e non poucos dos seus membros soportarán asañada represalia; uns serán inmolados, outros forzados á expatriación, outros, en fin, condenados ao exilio interior ou sancionados. A represión exercida sobor dos integrantes do exemplar centro foi realmente atroz, como se desprende dos datos do estudo de A. Mato²⁵¹. Con todo, non poucos dos seus membros prosequiron

²⁴⁹ Mato, A. Id. p. 330, 331.

²⁵⁰ Díaz Pardo, I. *Galicia hoy y el resto del mundo*. Ed. do Castro, Sada, 1987, p. 58.

²⁵¹ Mato, A. Op. cit., p. 233-236. Dá a cifra de 77 socios do SEG, os que foron asesinados, represaliados ou que se exiliaron.

no empeño da recuperación da legalidade democrática, ben dende o exilio ou dende o interior, e non poucos han seguir co seu labor de estudo de Galicia, nun silencio marxinado e forzado polas endurecidas circunstancias do momento.

O traballo e as publicacións de Seminario no eido da investigación, pese ao seu curto tempo de vida (1923-1936), tiñan acadado un notorio prestixio tanto no contexto español, como no internacional; unha atenta ollada á correspondencia e ao troque de publicacións do SEG con universidades, centros de investigación, museos, fundacións, etc. de Europa e mesmo América, vén confirmar esta apreciación²⁵².

A interrupción do seu labor, imposta pola ditadura franquista, causará estrañeza en organismos docentes e investigadores, cos que o Seminario viña mantendo relacións e intercambios, quen se interesarán polos motivos da interrupción das actividades. Outro tanto sucedía con entidades, publicacións e persoas, coas que se mantiñan contactos e coas comunidades galegas en América, algunhas delas socias protectoras do SEG, que amosaron a súa inquietude pola situación²⁵³.

E tamén, por suposto, do veciño Portugal chegaban manifestacións ao respecto, pois o vínculo entre os investigadores do SEG e os portugueses, de varias Universidades e Museos, en especial cos do norte do Douro, era moi estreita. Salientes científicos e intelectuais lusos figuraban como socios numerarios do Seminario, existindo unha frutífera colaboración institucional nos ámbitos científicos e culturais, como se desprende da celebración da Semana Cultural Galega no Porto, entre os días 31 de marzo e 6 de abril de 1935, na que se expuxeron temas de Medicina, Xeoloxía, Zooloxía, Bromatoloxía, Arqueoloxía, Etnografía... Semana á que ía sucederlle, no

²⁵² Bouza Brey nunha entrevista que lle fan en 1971, manifesta que “os alemáns e os portugueses, despois da guerra, pediron que continuara esta obra [a do SEG] e foi cando Sánchez Cantón se encarga de facelo”. En *Fermín Bouza Brey. Unha Fotobiografía*. 1901-1973. Ed. Xerais de Galicia. p. 145.

²⁵³ Así o fai constar o reitor da Universidade de Santiago, Legaz Lacambra, na súa intervención do acto de inauguración dos locais do Instituto “Padre Sarmiento”, o 3 de setembro de 1947, quen logo de eloxiar o traballo efectuado polo SEG, e o seu valor sentimental en Galicia e na América española, indica que desa América “...ya había recibido cartas dolientes, en las que la lejanía física de quienes la escribían, acentuaba la nostalgia por la obra que creían definitivamente perdida”. En *El Instituto de Estudios Gallegos*. Consejo Superior de Investigaciones Científicas. Santiago, 1947, p.14.

mes de xullo de 1936, unha Semana Cultural Portuguesa en Galicia, que o alzamento militar imposibilitou²⁵⁴.

Evidentemente a idea da restauración ou resurrección do Seminario de Estudos Galegos estaba na mente de moitos dos seus antigos numerarios, tanto dos que ficaron en Galicia, como dos que se viron forzados ao exilio. Viña ser un propósito devecido a cumprir cando se recuperase a normalidade democrática. Castelao entendía que o primeiro que habería que facer, cando se recobrara a liberdade, era reconstruír o SEG, “a nosa mellor institución de cultura”²⁵⁵. No exilio xorde algún intento de artellar en América o Seminario de Estudos Galegos; Sebastián González García Paz, Secretario Xeral e membro do Consello Director que fora do centro, en carta que dirixe a Castelao en 1939, proponlle organizalo en América, e “revivir aquel momento cultural da nosa terra, hoxe morto e soterrado”. De Arxentina parte tamén, no mesmo ano, a idea de refacelo en Buenos Aires e así lle lo comunican a Castelao, a quen a idea lle parece ben e insta aos bonaerenses a que se poñan en contacto con Sebastián González. Ningunha destas iniciativas prosperou.

En Galicia a adversa situación de posguerra vedaba, evidentemente, toda tentativa de recuperar e proseguir as tarefas do centro, atal o viñera facendo até a súa supresión. Habería que agardar, pois, a tempos mellores para poder retomar a actividade do antigo Seminario ou ben, dende unha perspectiva posibilista, optar por algunha outra vía que permitise a creación dunha entidade que fose tolerada polo réxime franquista e que, por

²⁵⁴ Unha mostra dese interese polo sucedido co Seminario encontrámola nunha carta do Prof. da Universidade de Porto, Santos Júnior, un dos membros portugueses do SEG máis considerado. Co gallo dunha conferencia que impartira na Universidade Central de Madrid, participa nun xantar, presidido polo Ministro de Educación de Franco, Ibañez Martín, no que, convidado a falar, defende explicitamente a actuación dos seus amigos e compañeiros galegos do SEG, ao que se enorgullece en pertencer; concluíndo seu parlamento coa afirmación que o ter pechado o Seminario de Estudos Galegos, fora sen xusta razón. Pasado pouco tempo, afirma Santos Júnior, “o Seminario ressuscitou com o nome de Seminário de Estudos Galegos “Padre Sarmiento”. Isaac Alonso Estraviz. *Santos Júnior e os Intelectuais Galegos. Epistolario*. Fundação Meendinho, 2011, p. 27.

²⁵⁵ En Díaz Pardo, Op, cit. p. 65. Castelao pedíulle a Núñez Búa un traballo sobor do SEG para publicar en *Galeuzca*, revista da que é codirector, no que se amosara a importancia da súa acción. Un fragmento deste traballo figura no libro *Testemuñas e perspectivas en homenaxe ao Seminario de Estudos Galegos*. Cuadernos do Laboratorio de Formas de Galicia 5, Sada, 1978.

descontado, do antigo Seminario, só podería incorporar aqueles aspectos que en absoluto colidisen coa nova orde.

Pero a preocupación pola desaparición do SEG, manifestada por institucións, organismos, asociacións de diversa procedencia e persoas, propiciou tamén, nos inicios dos anos corenta do pasado século, que xunto con algúns dos membros do extinto Seminario, personalidades do ámbito do réxime, incluídas algunhas xerarquías, considerasen a oportunidade de instituír unha entidade sucedánea daquel. E neste contexto hai que encadrar as conversacións mantidas en Madrid, entre o Presidente do Consejo Superior de Investigaciones Científicas e Ministro de Educación Nacional, Ibañez Martín, o intelectual galego, académico e catedrático, Sánchez Cantón, o Rector da Universidade de Santiago, Legaz Lacambra e o Secretario Xeral do CSIC, Alvareda Herrero.

Tamén en Santiago, e co mesmo fin, terá lugar algunha outra reunión. Díaz Pardo atribúe a Filgueira Valverde un papel sobresaínte na operación e sostén que o noso personaxe “hombre de orden, conservador desde antes de la guerra, pero que en ningún momento perdería su entusiasmo y lealtad a lo que había sido el Seminario, era el único interlocutor válido frente al régimen”. Segundo testemuña Díaz Pardo²⁵⁶, será Filgueira quen, nunha reunión celebrada en Santiago en 1943, convenza a José M^a Alvareda, Secretario Xeral do CSIC, para fundar un Instituto de Estudios Gallegos no seo daquel –non hai que esquecer o papel de Sánchez Cantón neste punto–.

Como resultado destas conversas, Madrid-Compostela, abrigárase a idea da creación dun centro de estudos que viñese ocupar o lugar do proscrito Seminario. No desenvolvemento do proxecto terán un primordial papel Sánchez Cantón e Filgueira Valverde. O primeiro, apousentado en Madrid, intelectual de recoñecido prestixio na capital española e en Galicia, relacionado e respectado polo réxime, facíano persoa idónea –como parece desprenderse de que fose el o interlocutor elixido por Madrid nas primeiras–, para procurar os consensos que precisaba a execución de empresa. Filgueira, próximo, amical e intelectualmente, a Sánchez Cantón, será o seu home en Galicia e as súas vinculacións con todos os membros do antigo SEG, que aínda residían naquela, han ser claves na execución da idea.

²⁵⁶ Díaz Pardo, Op, cit. p. 61

A empresa contou así mesmo co decidido apoio do Reitor da Universidade de Santiago (1942-1960), Profesor Luís Legaz Lacambra, catedrático de Filosofía do Dereito –nos anos de desmantelamento do SEG era secretario Xeral da USC–, quen tiña mostrado preocupación pola súa desaparición; así como coa conformidade do Secretario Xeral do Consejo Superior de Investigaciones Científicas, José M^a Alvareda Herrera; e por suposto co beneplácito e beizón do Ministro de Educación Ibañez Martín.

O novo centro levaría o nome de “Instituto Padre Sarmiento de Estudios Gallegos”, en homenaxe ao grande erudito bieito –nome que xa se barallara para engadir á denominación Seminario de Estudos Galegos, cando a súa creación en 1923–.

O 30 de novembro de 1943, o Consejo Superior de Investigaciones Científicas adopta en Madrid o acordo de crear o novo Instituto que se integrará no Patronato de Humanidades “Menéndez Pelayo”, encomendándolle a Sánchez Cantón a organización e a dirección do novo Instituto²⁵⁷. Como centro propio de CSIC, evidentemente, o seu funcionamento e actividades estarían sometidas á normativa e estrutura organizativa pola que aquel se rexía.

A súa integración no CSIC, ao tempo de garantirlle a futura viabilidade, facilitaríalle a recuperación dos fondos bibliográficos e museísticos pertencentes ao antigo Seminario de Estudos Galegos, que se encontraban almacenados dende 1941 no edificio central da Universidade de Santiago.

O Instituto non disporá de sede propia até 1946; a finais de 1945 alúgase un local na Rúa Nova, a onde se trasladan os fondos do antigo SEG, segundo A. Fraguas “...os libros que se salvaron do Movemento, que estaban na biblioteca da Universidade –e aínda alí faltaron libros–, levámoslos para un baixo da Rúa Nova. E alí comecei a catalogar o que había...”²⁵⁸

Sánchez Cantón, é de supor que coa colaboración de Filgueira Valverde, comeza por consultar o parecer acerca da constitución do novo

²⁵⁷ Sánchez Cantón, F.J. *El Instituto Padre Sarmiento de Estudios Gallegos*. C.S.I.C. Santiago, 1947, p. 17.

²⁵⁸ García Martínez, C. “Na rodeira do Seminario de Estudos Galegos”. En Antonio Fraguas Fraguas. 1905-1997. *Un home que traballou sempre por e pra Galicia*, Museo do Pobo Galego, Santiago, 2006. p. 218, 2199.

centro a algunhas personalidades relevantes de Galicia, aos membros do Seminario e en especial aos xefes das seccións que nela se atopaban. A resposta non foi unánime. Houbo as súas reticencias, como logo se verá, pero o resultado semella apuntar a que unha maioría referendou o apoio á súa creación²⁵⁹.

Mais a creación do “Padre Sarmiento” non implicaba, no absoluto, unha refundación ou renacemento do xenuíno Seminario de Estudos Galegos. Os motivos que induciron á súa proscrición, como sinala A. Mato, achábanse na cualificación que lle daban ao Seminario algúns sectores da dereita inimiga da República, como a de ser unha institución galeguista ou separatista, con actividades científicas e culturais ligadas ao galeguismo político, o apoio á Autonomía de Galicia, a militancia de socios no Partido Galeguista, ou a elaboración do primeiro anteproxecto de Estatuto da Galiza. O conxunto era abondo para a súa total e efectiva desaparición aos ollos do franquismo.

O citado autor indica que “Cando ó remate da guerra civil as autoridades do novo réxime prohiben e incautan o Seminario porque o identifican co galeguismo, coa Autonomía e coa República. De aí que permitan a integración dalgúns dos socios do SEG nas novas institucións científicas e culturais, mais non a posta en marcha da vella institución, nin tan sequera baixo o ridículo nome, proposto polo sacerdote Jesús Carro, de “Seminario de Estudios del Noroeste de España”²⁶⁰.

E isto reflíctese, atenuado en maior ou menor medida, nos discursos pronunciados na inauguración, en 1947, dos locais que albergarán o Instituto “Padre Sarmiento” no edificio construído para librería do Colexio Maior de Santiago Alfeo, local lindante co Colexio de Fonseca, de onde fora desaloxado o SEG había cinco anos. Nos parlamentos non faltan as gabanzas ao traballo de investigación efectuado polo extinto Seminario, a recolleita de fondos bibliográficos, artísticos, arqueolóxicos e etnográficos, a formación de investigadores, as publicacións, presentando o novo Instituto como continuador da “precursora labor erudita del antiguo “Seminario de Estudios Gallegos” e como o seu sucesor ou herdeiro.

²⁵⁹ Cordero Carrete, Felipe R. *El primer decenio del Instituto Padre Sarmiento de Estudios Gallegos (1944-1954)*. CSIC. Santiago, 1947, p.12-16

²⁶⁰ Mato, A. Op.cit. p. 132, 133.

Na súa intervención, o Reitor Legaz fai curiosa alusión á actividade política no SEG, unha das acusacións que se fixeron á institución:

“Yo no sé si en su seno se hizo alguna vez política. Puede que en algún momento alguno de sus hombres la hiciera, dentro o fuera, por su cuenta o por cuenta del Seminario. Pero lo que sí sé es que en esta Institución se hizo una labor positiva de investigación de la historia, de la literatura, de la antropología y de la geología de Galicia y esta labor positiva no se debía perder [...] Se imponía, pues, salvar lo que merecía ser conservado, en lugar de ser una obra de inspiración puramente localista, los estudios gallegos debían integrarse en el ámbito de la investigación nacional, conservando su propia fisonomía. Nació así la idea de un Instituto de Estudios Gallegos, incorporado al Consejo Superior de Investigaciones Científicas...”²⁶¹

Na súa quenda, Sánchez Cantón salienta o empeño e constancia do labor desenvolvido polo SEG e as achegas galegas ao español e ao universal, que:

“...reunió abundantes fondos bibliográficos, arqueológicos, artísticos y folklóricos y, lo que más significó al caso, formó investigadores y orientó aficiones”. [Cantón (defende) o papel do centro na formación dos novos investigadores, que xunto co seu amor a Galicia teñan un concepto claro do que esta foi] “y un conocimiento de las grandes sombras históricas y de las grandes aportaciones gallegas a lo español y a lo universal...tantas figuras y obras tamañas que deberán ser temas de estudio del Instituto; la altura de ellos le libertará de caer en particularismos y menudencias estériles. Porque un espejismo frecuente supervalora lo cercano y lo fácil, y otro espejismo, que puede girar a cuadrantes perniciosos, busca lo típico y lo cerrado, sin criterio estimativo. Rehuyamos tales simas; sólo lo generosos y lo prócer cuentan en el mejoramiento espiritual. Que el de Galicia, nuestra Matria, coadyuve al radiante esplendor de España, la Patria”²⁶²

²⁶¹ Legaz Lacabra, L. *El Instituto Padre Sarmiento de Estudios Gallegos*. C.S.I.C. Santiago, 1947, pp. 13-14.

²⁶² Sánchez Cantón, F.J. Op. cit. p. 21, 23.

Pechou o acto inaugural o ministro de Educación Ibañez Martín.

“El Consejo, tiene así una tarea extraordinaria. La de abarcar, aunándolos, armónicamente, lo universal y lo particular, la unidad y la variedad de la Patria en sus diversas manifestaciones de naturaleza, historia, arte y lengua.[...] Para lo segundo, se sirve, especialmente del Patronato de investigaciones locales y aún fuera de él, de centros del tipo de este [...] el Instituto Padre Sarmiento de Estudios Gallegos, miembro del Patronato Menéndez y Pelayo [...] y “...superando cualquier exclusivismo centralizador....estudia la creación, la articulación y desarrollo de estos centros, encargados de estudiar las particularidades de la vida local, particularidades cuyo conjunto multiforme ha de ofrecernos el verdadero perfil de la Patria...Esto significa el “Instituto Padre Sarmiento”, que viene a continuar la precursora labor erudita del antiguo “Seminario de Estudios Gallegos” siempre con la ambición de integrar la cultura gallega en el gran conjunto de la vida hispánica”. [...] “... esta hermosa construcción, símbolo de un alma transida de pasión por las cosas gallegas y que nos dará, primero, un ansia vocacional hacia el estudio de los temas peculiares con profundo amor hacia la tierra donde se nació o se vive y, después, un instrumento lleno de fervor entrañable, puesto al servicio de la misión y la grandeza de España²⁶³.

O 5 de febreiro de 1944 constitúese formalmente en Santiago, coa presenza do Reitor da Universidade, Prof. Legaz Lacambra e do Secretario Xeral do CSIC, Alvareda Herrera, o Instituto “Padre Sarmiento” de Estudios Gallegos. Asisten os membros do antigo Seminario, Sánchez Cantón, Bouza Brey, Carro García, Cordero Carrete, Filgueira Valverde, Moralejo Laso e Pedret Casado, así como Alonso Zamora Vicente, por entón catedrático de Lengua y Literatura Española da Universidade de Santiago.

O importante grupo ourensán, que fora consultado ao respecto, non se integra de comezo na nova Institución. Xustificables reticencias que nun primeiro momento lles suscita a empresa, levan aos tres xefes das seccións do antigo SEG, Ramón Otero Pedrayo (Xeografía), Florentino López Cuevillas (Prehistoria) e Vicente Martínez Risco (Etnografía), a non

²⁶³ Ibañez Martín, J. *El Instituto Padre Sarmiento de Estudios Gallegos*. Santiago, 1947. p. 25-27.

asistir á mencionada reunión de Santiago. Os tres ingresarán pouco despois no recién creado Instituto²⁶⁴.

A constitución do “Instituto de Estudios Gallegos Padre Sarmiento” non estivo exenta de discrepancias e algunhas polémicas, xerando unha dispar acollida, por parte dalgúns socios do SEG e nalgúns círculos, que amosaron a súa desconfianza, verbo do papel que ía xogar, cuestionando que o mesmo viñera recoller o seu espírito e a proseguir o seu labor, alzándose como o seu herdeiro. Vexamos a seguir algúns exemplos referentes á recepción do novo Instituto.

O propio Castelao refusa a operación e así se manifesta no severo envío que fai do libro *As cruces de Pedra na Galiza*: “Este libro, pois, non foi escrito para quenes maldefenderon o Seminario de Estudos Galegos; nin para os que o suplantaron, pondo a nosa cultura nas fauces dun estado devorador. Non; este libro, escrito no desterro, vai dirixido aos meus vellos compañeiros que quizais o reciben con alegría. Xa sei que non é unha grande cousa; pero é unha proba da miña lealdade ao Seminario e do meu amor a Galicia”.²⁶⁵

López Cuevillas en carta, de 6-1-1944, ao profesor da Universidade de Porto Santos Júnior, anúncialle que se está a formar o Instituto de Estudios Gallegos, Sarmiento, integrado no CSIC; e adiántalle que será presidido por Sánchez Cantón. En misiva de 12-2-1944 amósalle a súa desconfianza sobor da creación do novo centro, por canto entende que aquel “não veu resucitar o Seminario, veu mais a botarlle por riba uma lousa de pedra, e aínda que non duvido que tenha para Portugal os melhores sentimentos é difíciles que mantenha a antiga fraternidade baseada en principios que são

²⁶⁴ En carta que publica Díaz Pardo, Op. cit. p. 63, falase deste episodio, no que se indica que os postos dos ourensáns no novo centro “permanecen e seguirán valeiros agardando por vos”.

²⁶⁵ “Pero a miña obra de artista, por de boa cepa que viñese, semellábame pouca cousa para entrar no seo dunha familia de investigadores, que aspiraban, ren menos, que a enxergaren na Universidade de Compostela un orgao da nosa propia cultura; e puñei de merescer con algún traballo especial a garimosa acollida que todos me dispensaron”. Ese traballo especial ao que pon fin no desterro e que ofrenda ao SEG foi *As Cruces de Pedra na Galiza*. Castelao, un dos poucos íntimos amigos de Sánchez Cantón, amizade que foi arrefriándose dende o seu exilio, e ao que cualifica na súa magna obra de “novo timonel da erudición galega”. Rodríguez Castelao, A. *As Cruces de pedra da Galiza*. Editorial “Nós”, Buenos Aires, 1949. p. 177.

insostenibles no día de hoxe. Por fin terá de bono o ser un instrumento de traballo para os que nil colaboren”²⁶⁶.

Otero Pedrayo, en carta a Ramón Martínez López, un dos fundadores do SEG, datada en 1951 –nun primeiro momento remiso, por ese ano xa pertencía D. Ramón ao Padre Sarmiento–, trasládalle unhas precisas consideracións acerca do novo centro: “Estou no deber de lle dicir que o vixente “Instituto P. Sarmiento de Estudios Gallegos” non é o “Seminario” inda pretendendo herdalo. Non embargantes boa Institución. Algún día publicará en galego. Traballa ben. Eu pertenzo a ela porque son amigo da paz, e porque estando ó fronte da Historia de Galiza sufragada por un gran galego de Bos Aires non se podía prescindir de firmas de valencia..De todos xeitos onde está D. Xesús Carro pode estar calquera e no traballo e réxime non pesa o centralismo. Mais non é o Seminario. Pode volver a selo”²⁶⁷.

Por suposto, aqueles membros do SEG exiliados, como Ramón Martínez López, Lois Tobío Fernández, ambos os dous fundadores, ou Sebastián González García Paz, mostraron a súa desconformidade. D. Ramón Martínez López, regresado do exilio en 1971, ingresa no Instituto, do que foi Secretario nos anos 1977-1978.

Dun particular interese son os textos de tres cartas cruzadas entre Filgueira Valverde e Ramón Piñeiro. Na primeira delas, de 5 de xaneiro de 1944, D. Ramón trasládalle a Filgueira a súa alegría pola creación da man do CSIC do Instituto “Padre Sarmiento” **“...porque me figuré que este Instituto no sería sino una adaptación del antiguo Seminario de Estudios Gallegos a las nuevas circunstancias, en cuyo caso quedaría definitivamente asegurada la continuidad de aquella labor cultural, que era la más seria –quizá la única cosa seria– que se hacía ultimamente en Galicia”**. Piñeiro ve nesta “resurrección” a iniciativa persoal de Filgueira e así llo indica, solicitándolle máis información verbo da creación do Sarmiento.

Mais na contestación de Filgueira fica clara a natureza do novo centro: **“...el Instituto P. Sarmiento... vendrá a recoger y, en lo posible, proseguir la tarea del Seminario. No es una resurrección. Para resucitar**

²⁶⁶ En Alonso Estraviz, I. *Santos Júnior e os intelectuais Galegos. Epistolario*. Ed. Meendiño. 2011. p. 96

²⁶⁷ En Díaz Pardo, I. Op. p. 63. D. Ramón Otero Pedrayo refírese á *Historia de Galiza* que sufragou D. Manuel Ponte en Buenos Aires e da que só saíron dous volumes.

necesaría tener los mismos cuerpos y las mismas almas. Pero nos daremos por satisfechos con que no se pierda todo lo hecho [y] se prosiga algo". Nin continuidade do labor, nin resurrección.

Na resposta de Piñeiro, de 11 de xaneiro de 1944 a esta carta, non hai lugar para a alegría e optimismo que se reflicte na anterior. "Recibí su carta y por ella me enteré de lo que hay acerca del Instituto P. Sarmiento. Aunque no se trata de un intento tan optimista como yo me había figurado no cabe duda que ese Instituto puede patrocinar iniciativas valiosas y obras de bastante empeño, pues al menos contará con las necesarias facilidades y recursos de carácter oficial. Claro que la abundancia de medios sirve de poco si no está animada por el aliento cálido del entusiasmo, que muchas veces puede suplirlos, como ocurría en el caso del Seminario"²⁶⁸.

Tal como estaba previsto o CSIC designará como director da primeira xunta do Instituto "Padre Sarmiento" a D. Francisco Javier Sánchez Cantón, ao que acompañan D. Abelardo Moralejo Laso como vicedirector e D. Felipe R. Cordero Carrete como Secretario. O centro estruturárase en dez seccións, que conservan na súa maioría a mesma nomenclatura que tiñan no desaparecido Seminario e parte delas continuarán co mesmo director: Xeografía, baixo a dirección de Ramón Otero Pedrayo; Prehistoria, a cargo de Florentino López Cuevillas; Historia, Paulino Pedret Casado; Arqueoloxía, Fermín Bouza Brey; Arte, Xosé F. Filgueira Valverde; Filoloxía, Abelardo Moralejo Laso; Literatura, Alonso Zamora Vicente; Etnografía e Folklore, Vicente Risco. Créanse dúas novas seccións: a de Estudios Compostelanos y de las Peregrinaciones, que se lle encomenda a D. Xesús Carro, e a de Bibliografía e Publicacións, conducida por Sánchez Cantón. Figuran amais como Conservador D. Xesús Carro e como Bibliotecario D. Antonio Fraguas. A estrutura do centro contemplaba a existencia de bolseiros en formación dependentes do CSIC.

No ano 1949 e nos sucesivos, increméntase a nómina de colaboradores, entrando a formar parte do Instituto recoñecidos investigadores, procedentes da Universidade e doutras institución e organismos (Chamoso Lamas, Carballo Calero, Portela Pazos, Álvaro d'Ors, Azcárate Ristori, Couceiro Freijomil, Fernández Villamil, Río Barja, Varela Jácome, Casimiro Torres,

²⁶⁸ Cadernos Ramón Piñeiro XI. Cartas a/de, Xosé F. Filgueira. Xunta de Galicia, Santiago. 2009. pp. 19-23

Martínez López, Pensado Tomé, García Álvarez, Baliñas Fernández, Lorenzo Vázquez, Maroño Barreiro...), actívase así o labor das distintas Seccións, acrecentando os contidos da revista *Cuadernos de Estudios Gallegos* e as publicacións do IPS.

En 1967, Fermín Bouza Brey propón que se cree no seo do Instituto un Seminario de Antropoloxía, Etnografía e Arqueoloxía, proposta que é apoiada polo Director Sánchez Cantón e a maioría dos colaboradores do Instituto. Neste Seminario, que logo se integra na Sección de Arqueoloxía e Prehistoria do centro, ingresan algúns mozos universitarios interesados nestas disciplinas. Abríase así á incorporación das novas xeracións de investigadores, que a partir daquel ano, e aos poucos, nutrirían o traballo das Seccións de Historia, Prehistoria e Arqueoloxía, Etnografía, Arte, que levaría a un anovamento conceptual e metodolóxico na investigación de boa parte do traballo daquelas seccións. Iniciábase un novo tempo para a institución.

A creación do “Instituto Padre Sarmiento de Estudios Gallegos” pretendía, dende a perspectiva oficial, ocupar o espazo e proseguir o labor do antigo SEG, en todo aquilo que puidera ter encaixe nos presupostos programáticos do CSIC, atribuíndolle amais a condición de herdeiro da desaparecida institución, sucesión a todas luces cuestionable. Obviamente, as diferenzas eran relevantes, derivadas da vinculación orgánica co CSIC, que regulaba o carácter e función do centro, a súa estrutura e gobernanza, as distintas seccións de traballo e en consecuencia as áreas de estudo. Diferenzas que afectaban ao propio espírito e á independencia de traballo que defendeu o vello Seminario. A respecto do Seminario de Estudos Galegos exclúense as seccións de Ciencias Sociais, Xurídicas e Económicas; Xeoloxía; Ciencias Aplicadas; Ciencias Naturais; e Pedagogía –aquelas de calado socio-económico– concentrando o campo de acción nas disciplinas de Historia (Prehistoria e Arqueoloxía), Etnografía, Arte, Filoloxía, ou Literatura, que debían considerar pouco sospeitosas.

Unha substancial diverxencia viña dada polo uso e normalización do idioma galego, un dos obxectivos primordiais no antigo Seminario. Nas publicacións do “Instituto Padre Sarmiento” non será utilizado até a década dos anos sesenta do pasado século, aínda que en boa medida fose vehículo normal de expresión cara dentro. Mesmo os nomes do centro e da súa revista oficial permaneceron en castelán.

O primeiro texto na lingua propia aparece no ano 1964, trátase do libro coa versión en galego dos *Catro libros das Xeórxicas de Virxilio*, traducidos por Gómez Ledo²⁶⁹. No mesmo ano sairá na revista *Cuadernos de Estudios Gallegos* un breve artigo de F. Bouza Brey, sobre D. Salvador Cabeza de León, quen fora presidente e alma do SEG.²⁷⁰ O idioma galego aínda que presente, nos anos sucesivos, nalgunhas publicacións, folletos de exposicións e na revista, non acadou unha presenza a destacar, sendo o seu uso máis ben testemuñal.

O “Instituto de Estudios Gallegos Padre Sarmiento” non pode considerarse en rigor como herdeiro do espírito e acción do Seminario de Estudos Galegos. Non obstante o novo centro haberá converterse nunha significada institución dentro do panorama cultural (e científico) galego, nos anos centrais do pasado século –cun labor historiográfico que se confirma no seu amplo abano de publicacións, a súa calidade e recoñecemento nos ámbitos académicos e da investigación–, tanto pola lexitimidade e tradición que lle conferían os membros do antigo SEG, que naquela ingresaron e traballaron, como pola súa dedicación ao estudo de Galicia, desenvolvendo un notorio quefacer na investigación histórica, etnográfica, filolóxica, literaria ou xeográfica, nos longos anos de posguerra, nos que predominaba un abafante ermo cultural e en momentos nos que o interese da Universidade de Santiago polo coñecemento e estudo da realidade galega era máis ben inexistente. Malia as severas pexas e as posibilidades daqueles anos, foron quen de darlle unha certa continuidade á admirable tarefa do estudo da realidade histórica e social de Galicia que iniciara o proxecto colectivo do Seminario de Estudos Galegos. Labor, se cabe, que foi agrandándose a partir dos anos sesenta do pasado século.

Pese ao tempo transcorrido dende que se producira a incautación e peche do Seminario a idea da súa posible restauración estivo aínda moi presente, como o espírito, en boa parte dos seus antigos membros incorporados ao “Instituto Padre Sarmiento”, que xulgaban que este podería desempeñar un papel aínda máis significado verbo da problemática de Galicia.

²⁶⁹ Gómez Ledo, A. *Os Catro libros das Xeórxicas de Virxilio*. Verquidos á lingua galega por... Santiago, 1964.

²⁷⁰ Bouza Brey, F. “A rolda de D. Salvador”. *Cadernos de Estudios Gallegos*. T. XIX, 1964, p.263-265.

Filgueira foi un dos personaxes nucleares na creación do “Instituto Sarmiento” e impulsor do seu labor. Dende o primeiro momento faise cargo da Sección de Arte, que centra a súa atención nas arquitecturas románica e barroca, mosteiros e igrexas rurais, artes aplicadas (acibecheiros, gravadores, prateiros). Como Director da de Lingua e Literatura, a sección investiga nos campos da filoloxía e dialectoloxía galegas, no estudo e edición dos Cancioneiros e textos históricos galegos, así como na análise da poesía galega do S. XIX, con dedicación especial á figura de Rosalía de Castro.

Particular mención, polo seu relevo, debe facerse da edición da *Bibliografía de Galicia*, que el dirixida coa colaboración de Alfredo García Alén, preparada polo Museo de Pontevedra e publicada periodicamente nos *Cuadernos de Estudios Gallegos*, converteuse nunha base de datos indispensable para todo estudo rigoroso que se pretenda facer relativo a Galicia.

A subliñar tamén, dentro do seu quefacer no “Instituto Padre Sarmiento”, o apoio prestado ás actividades divulgativas, o achegamento da cultura á cidadanía, acción que entendeu como basilar nas entidades culturais. Anualmente, coincidindo coas Festas do Apóstolo, que convocaban a numerosos visitantes, colaboraba, e mesmo dirixía, algunhas das exposicións monográficas que se montaban nos locais do centro, verbo de aspectos culturais diversos, mais sempre de temática galega, acompañada cada unha dun folleto descritivo, que lle conferían permanencia ás mesmas. A primeira destas exposicións foi no ano 1948 e dedicouse á Imprenta Compostelán. O propio Filgueira, con Alfredo García Alén, secretario do Museo de Pontevedra, ou coa colaboración doutros membros do centro, encargárase de preparar non poucas delas e o seu correspondente folleto. Poden citarse, entre outras, *Grabados Compostelanos*, 1948; *La venera*, (con Fraguas), 1965; *Fray Martín Sarmiento*, segundo centenario de su nacemento (con Pensado Tomé), 1973; *Seminario de Estudios Gallegos (1923-1973)*, Cincuentenario da súa creación, 1973 (este é o primeiro dos folletos no que se usa o galego; *Castelao e os estudos galegos. 25 anos do seu pasamento*, 1976)

Na amplísima bibliografía do noso personaxe, rebordan o medio centenar, entre os títulos publicados en *Cuadernos de Estudios Gallegos*, revista editada polo Instituto e os catálogos de exposicións.

Un proxecto a destacar dentro das accións divulgadoras do Instituto, acariñado por Filgueira, foi a edición da “Galicia Histórica”, que se lle propón en 1948 ao CSIC. Publicación que sintetizaría en dous tomos o coñecemento

acadado por aqueles anos do pasado de Galicia. O primeiro tomo, Galicia hasta 1480, iniciábase coa historiografía e abranguía dende a prehistoria ao outono da Idade Media, con capítulos consagrados á peregrinación, ás letras e ás artes; o segundo, Galicia desde 1480 hasta 1868, partía da Galicia dos Fonsecaas até a guerra civil do século XIX, con senllos capítulos dedicados ás artes e ás letras. Este proxecto recorda o plano dos manuais que deseñara o Seminario de Estudos Galegos. O proxecto non foi adiante pola falla de financiamento, máis o empeño de Filgueira fixo posible que mediante un convenio entre o “Instituto Padre Sarmiento” e a Fundación Barrié de la Maza, cuxo resultado foi a edición da *Galicia Sueva* e a *Galicia Romana* de D. Casimiro Torres, os dous volumes verbo da *Galicia dos Austrias* de E. González López, *Galicia del siglo XV*, de García Oro, ou *El Hospital Real de Santiago en el s. XVIII*, de García Guerra.

X.F. Filgueira Valverde deixa no ano 1881 o cargo de Director do Instituto de Estudios Gallegos “Padre Sarmiento”, que ocupaba dende 1971. Atrás quedaban 38 anos dende a constitución daquel en 1943, que son fundamentalmente os abranguidos neste texto. Anos de traballo dedicados a un centro que nacera como arremedo dunha das empresas culturais máis senlleiras de Galicia, o Seminario de Estudos Galegos, do que o noso autor fora un dos fundadores e partícipe no seu innovador traballo a prol de Galicia e da súa identidade.

C.G.M

DON XOSÉ FILGUEIRA VALVERDE E A LÍRICA TROVADORESCA GALEGO-PORTUGUESA

ELSA GONÇALVES

1. Conheci pessoalmente Don Xosé Filgueira Valverde em 1980, durante o inesquecível Colóquio de Trier (Tréveris, para nós), organizado por dois filólogos: um já detentor de autoridade científica que quase nos intimidava (Don Ramón Lorenzo) e outro (Dieter Kremer) ainda jovem, mas já bem afirmado como discípulo do grande Mestre de todos nós, o Professor Piel. A Joseph Maria Piel se devia, aliás, a ideia e o título do Colóquio –“Tradición, actualidade e futuro do galego”–, em torno do qual se reuniram especialistas provenientes de várias partes, sobretudo da Galiza.

Eu aparecí ali por sugestão vinda de Roma no último momento, como terceira mulher de uma tríade (as outras duas eram a Anna Ferrari e a Maria Ana Ramos) –presença feminina quase única, pois, além de nós, havia apenas outra mulher nas sessões de trabalho do Colóquio, a Professora Luciana Stegagno Picchio, bem conhecida de todos os presentes–. Lembrome de que a nossa comunicação, intitulada “Geografía da lírica galego-portuguesa”, teve o tom de uma espécie de provocação dirigida à parte galega com a finalidade de chamar a atenção para a urgência de uma pesquisa sistemática nos arquivos da Galiza, sobre o problema da nacionalidade dos trovadores e jograis, sobretudo destes. Apesar das generosas palavras de elogio do Prof. Harri Meier ao modo como foi lido o texto, tenho hoje a consciência de que a substância do nosso discurso era de escasso valor. Mas o diálogo com a parte galega, sobre o tema por nós tratado, veio depois a concretizar-se por carta ou em conversa amena, especialmente com o saudoso Don Ramón Piñeiro, que eu vira pela primeira vez no Brasil, e que havia de tornar-se num amigo para sempre.

Entre os muitos estudiosos da cultura e língua galega e dos problemas de lingüística, lexicologia e dialectologia, um dos primeiros a falar foi o Professor Filgueira Valverde e o tema da sua brilhante intervenção –a história do Museu de Pontevedra, traçada com uma riqueza de dados que não excluía o acendrado carinho pela instituição que dirigia– deu ocasião a um instrutivo debate, durante o qual o Conferencista definiu o ambiente social e cultural da Pontevedra do seu tempo. Filgueira Valverde interveio ainda

em vários outros momentos, nos diálogos que se seguiram a comunicações sobre diversos temas, e também numa “prolusion, entremés ou `acepipe””, como ele próprio lhe chamou, destinado a preencher o tempo em que se aguardava a comunicação de outro congressista.

À distância de mais de vinte anos, relendo agora, no belo volume das Actas do Colóquio²⁷¹, as súas palavras acerca da vigorosa afirmação do galego como língua lírica da Idade Média peninsular, em contraste com a precária situação do galego documental “emparedado entre o latim e o castelhano”, mais adiante, a sua erudita resposta a uma interpelação de Luciana Stegagno Picchio a propósito das cantigas de santuário e, no encerramento das jornadas, a sua elegante, e não menos veemente, intervenção no debate sobre “a possibilidade de estabelecimento duma lingua culta galega”, parece-me perceber que a equilibrada posição do Prof. Filgueira Valverde na discussão do problema lingüístico (que dominou os trabalhos do Colóquio, como seria de esperar), radicava num “galeguismo” feito de grande sabedoria e de enraizado amor à língua e à cultura galegas, externado, porém, com aquela harmonia que também distingue os seus escritos de crítica literária.

Mas devo confessar que, daqueles animados dias de Tréveris, a minha memória guardou mais nítida a recordação de outras figuras de verbo menos calmo e condescendente que o do Professor Filgueira Valverde. Vejo aquí un desses oradores inflamados: a sua presença, devida, naturalmente, ao simbolismo deste acto de cultura, é, para min, sinal da amizade nascida naquela ocasião, fortificada em lides filológicas subsequentes, temperada de generosa compreensão humana e reavivada sempre que a sorte –como acontece hoje– nos congrega no mesmo lugar.

2. O meu conhecimento do Prof. Filgueira Valverde investigador, não só é anterior à lembrança “física” resultante do encontro em Tréveris, mas também se prolongou no tempo. E, como se trata aquí de valorizar uma grande figura do passado recente e de a projectar no futuro para exemplo de outros investigadores mais jovens, é desse conhecimento, que remonta aos anos 70 e se situa em Roma, que passo agora a ocupar-me.

Foi no Instituto de Estudos Portugueses da Universidade “La Sapienza” de Roma que iniciei –tardamente! mas era a primeira oportunidade

²⁷¹ *Tradición, actualidade e futuro do galego*. Actas do Colóquio de Tréveris. Edición preparada por Dieter Kremer e Ramón Lorenzo, Santiago de Compostela, 1982.

que me era oferecida— as modestas pesquisas na área da lírica medieval galego-portuguesa que ainda hoje prossigo. Tinha então como projecto preparar a edição crítica do “cancioneirinho” de Joan Servando, um desconhecido jogral cujo nome se identifica com o do Santo das suas cantigas de romaria. A primeira recolha de bibliografia levou-me inevitavelmente ao fundamental capítulo sobre “Lírica medieval gallega y portuguesa”²⁷² escrito pelo Professor Filgueira Valverde para a *Historia General de las Literaturas Hispánicas*. Entre os materiais recolhidos ainda em Roma para essa edição (que —ai de min!— continua inacabada), encontro duas folhas A4 diligentemente escritas pelo meu punho que reproduzem palavra por palavra a densa série de informações que Filgueira Valverde reuniu numa síntese cautelosa, baseada nas opiniões, por vezes discrepantes, de outros estudiosos, mas enriquecida com breves anotações feitas por quem conhecia e sabia utilizar o “documento interno”. Mais tarde, pude adquirir um exemplar da reimpressão do I volume da *Historia General*. Abrindo-o, há dias, reparei numa nota marginal lançada por min, a lápis, na página 593, junto às linhas em que o Professor Filgueira Valverde informava:

No se ha identificado el San Servando a que se refiere Joan Servando, como no sea el toledano: ni el San Salvador de Sancho Sánchez, que será uno de los muchísimos de tal advocación, En Galicia o fuera de ella. Extraño uno y demasiado vulgar el otro, no ofrecen de momento probabilidades de localización”.

À margem, em jeito de lacónica notícia, eu havia registado: até 27.3.8, uma nota que, obviamente, se reportava à impossibilidade de, no momento, isto é, quando o Autor redigia o capítulo, se identificar o San Servando das cantigas de Joan Servando.

A recordação desse dia 27 de Março do ano de 1981, reaflorou improvisa e carregada de emoção. Mas dela falarei mais adiante. Agora, interessa-me comunicar o que significou para min a frase de Filgueira Valverde. Foi como se o autor, profundo conhecedor da geografia dos cancioneiros, me lançasse um desafio. Pensei imediatamente: se não se identificara ainda, seria obrigatório, para o editor de Joan Servando

²⁷² José Filgueira Valverde, “Lírica medieval gallega y portuguesa”, in *Historia General de las Literaturas Hispánicas*. Publicada baixo a dirección de D. Guillermo Díaz-Plaja, vol. I, Barcelona, 1969, pp. 543-642.

que eu pretendia ser, tentar a identificação do santuário a que o poeta se refere nas suas cantigas. Por outro lado, tornou-se-me evidente a pertinência de uma observação do Professor Filgueira Valverde acerca de certa particularidade das cantigas de romaria. Estando elas organizadas em séries, cada uma em torno de um único santuário, dizia o Autor que estes conjuntos “tienen tanta significación con respecto a los cantores que las cultivan, que algunos llevan, como apelativo, el lugar del santuario que escogieron –por oriundez o devoción– para escenario de sus cantigas, y los más, nos son conocidos exclusivamente por ellas, sin haber dejado otro rastro poético ni documental”.

Ora, Joan Servando é um destes cantores de santuário sem perfil histórico, que ao nome do Santo deve o apelido e a individualidade poética. Tornava-se-me, portanto, evidente a necessidade de localizar a romaria de San Servando, já que a única identificação proposta até então –o mosteiro de San Servando de Toledo citado no Cantar de Mio Cid– não parecia convencer o Professor Filgueira Valverde, nem a min se afigurava plausível. Na verdade, a hipótese de que a devoção a San Servando manifestada nas cantigas medievais tivesse como meta um mosteiro real contrastava gritantemente com a tradição do género, visto que, se exceptuarmos Santiago de Compostela, cuja peregrinação inspirou uma única cantiga, de Airas Carpancho, nenhuma outra peregrinação a um grande santuário deu origem a ciclos de cantigas ou mesmo cantigas isoladas de romaria. Como notava o Prof. Filgueira, todas giram à volta de pequenos cultos religiosos com sede em ermidas ou igrejinhas espalhadas pela Galiza ou pelo Norte de Portugal.

E foi, de facto, lonxe de Toledo, no cenário tradicional das romarias, a Galiza, que fui encontrar uma ermida de San Servando. A investigação *in loco* partiu de uma vaga referência do Professor Piel, mas só pôde ser concretizada com informações fornecidas por Don Ramón Piñeiro: estou a vê-lo, sorrindo, com aquele brilho no olhar que comunicava entusiasmo a tudo o que nos ensinava, procurando-me pelas ruas de Santiago, para me dizer que Don Abelardo Moralejo descobrira entre as suas fichas uma referência a um San Servando de Pazos na província de Ourense.

Eu teria, portanto, de ir a San Servando, não em romaria como as *donas* das cantigas, que bem conheciam o lugar, mas em pesquisa filológica, sem quase nada saber de concreto sobre a localização do tal San Servando de Pazos.

O *Renault* de um amigo, guiado pela Anna Ferrari, que comigo se encontrava em Santiago, convidada pela Universidade para falar das suas importantíssimas investigações sobre o Cancioneiro Colocci-Brancuti, lá nos levou, debaixo de uma chuva diluviana, até ao cruzamento de Santa Maria de Barxeles, onde, finalmente, alguém nos disse (depois de, mais uma vez, nos ser perguntado: “As senhoras são arqueólogas?”) que San Servando ficava mesmo ali a dois passos, onde a estrada acabava, e que, para visitar a ermida, bastava perguntar quem tinha a chave. De facto, onde o carro teve de parar, aparecer, como por encanto, uma mulher que tinha a chave no bolso do avental.

Quando avistámos a ermida, escondida pelo arvoredo, semi-abandonada, miseramente reparada com uma horrenda porta de zinco, o sol brilhava. Lá dentro, num altazinho minúsculo, viam-se duas imagens de San Servando: uma maior, entre S. Roque e Santa Águeda, e outra pequeníssima, com vestes de pano, em lugar inferior.

Estávamos no lugar de Pazos pertencente à paróquia de Santa Maria de Barxeles, concelho de Muiños, no alto de um monte sobranceiro ao rio (o Lima) que traça a fronteira com Portugal. Era o dia 27 de Março de 1981 –aquele que eu registara na p. 593 da *Historia General*–. Havia encontrado um San Servando galego que bem poderia ser o santuário-cantado pelo jogral, também galego, que aparecia nos cancioneiros sob o nome de Joan, cantor de San Servando.

Mas aquela ermida do lugar de Pazos poderia identificar-se com a ermida de San Servando do nosso cantor medieval? Seria agora necessário passar da geografia à história, investigar o passado histórico deste lugar de peregrinação, talvez, adscrito a um mosteiro (Oseira?), do qual a ermida dependeria. Não me foi possível levar a cabo a imprescindível investigação de arquivo, no então iniciei na Catedral de Ourense, e assim ficou inacabado o meu estudo²⁷³.

Entretanto, em 1990, uma ediçãozinha das cantigas de Joan Sevando, mais divulgativa do que crítica, saiu em Araraquara, no Brasil, e os seus autores propuseram uma localização de San Servando, não em terras de

²⁷³ Cf. Elsa Gonçalves, “Pressupostos históricos e geográficos à crítica textual no âmbito da lírica medieval galego-portuguesa: (1) *Quel da Ribera* (2) *A romaria de San servando*”, in *Critique Textuelle Portugaise. Actes du Colloque* (Paris, 20-24 octobre 1981), Paris, 1986, pp. 41-53

Ourense, mas en terras de Lugo, concretamente en “Cervantes, no partido judicial de Becerreá”²⁷⁴. Que pensar destas duas hipóteses em confronto? A pergunta, formulada aquí em Pontevedra, pode ser agora um desafio para algum dos muitos discípulos do “Dr. Filgueira Valverde”, que queira dar uma resposta alicerçada na geografía e na historia da Galiza e también na lingüística, ou que, simplemente, imitando o generoso propósito do Mestre consubstanciado num artigo de 1944, queira anotar “cantas mencións de xogares e trobadores, e mesmo de cantores eclesiásticos, nos saian ó paso nos documentos” (“Novos rastros documentais de xogares galegos”²⁷⁵).

Por essa altura, isto é, durante o período romano da minha docência universitária, outros estudos do Professor Filgueira Valverde sobre lírica medieval galego-portuguesa atraíram a minha atención. Um deles era de 1927, “A paisaxe no Cancioneiro da Vaticana”, apaixonada recolla dos soutos e prados, das árbores e dos pássaros, das ribeiras e das fontes e das ondas do mar, que compoem o cenário das mais belas cantigas d’amigo, das quais o autor destacava (como nos destacamos ainda hoje) a misteriosa cantiga de Mendinho: “Nela a paisaxe son as ondas do mar, pero non xa como decorado, fondo pasivo ou accidentalmente actuante, senón como principal elemento de acción” (“Cantores medievais da ría de Vigo”).

Outro, era de 1958, “Poesía de santuarios”. Nele encotnrei sugestões que mais tarde foram retomadas em estudos de outros autores, por exemplo, a associação entre cantigas de romaria e cantigas de Santa Maria (retomada por Luciana Stegagno Picchio num “bilancio sulla lirica galego-portoghese”, de 1980²⁷⁶), ou o carácter dramático das cantigas de amigo organizadas em ciclos temáticos (idea desenvolvida por Antonio José Saraiva num artigo

²⁷⁴ Cacilda de O. Camargo, Carlos A. Iannone, Jorge Cury e Silvina R. Pereira, *Textos Medievais Portugueses. Cantigas de João Servando*, UNESP, Araraquara, 1990

²⁷⁵ Para uma referência bibliográfica completa das obras do Professor Filgueira Valverde citadas ao longo da minha comunicação, remeto para a “Bibliografía” que foi publicada no volume de homenagem *Ó doutor Filgueira Valverde nos seus noventa anos (1906-1996) Bibliografía. Traballos. Eloxios*. Edición preparada por M^a Jesús Fortes Alén, Arquivoira do Museo de Pontevedra, Caixa de Aforros de Pontevedra, 1996.

²⁷⁶ Luciana Stegagno Picchio, “Sulla lirica galego-portoghese: “um bilancio” in *Études de Philologie Romane et d’Histoire Littéraire offertes à Jules Horrent...*, Liège, 1980 (trad. francesa com o título “La lyrique galego-portugaise: où en sommes-nous?” em L.S.P., La Méthode Philologique, I-la Poésie, Oaris, 1982, pp. 121-145.

de 1989, com o sintomático título “A poesia dos cancioneiros não é lírica, mas dramática”²⁷⁷).

3. Mas, “como era de esperar”, o investigador Filgueira Valverde, com a sua erudição, rigor e variedade de competências, encontrei-o nas páginas da sua tese de doutoramento *La Cantiga CIII. Noción del tiempo y gozo eterno en la narrativa medieval*.

Não me referirei aqui aos inúmeros contributos do Mestre sobre a poesia marial de Afonso X (deles se ocupou ontem a Professora Mercedes Brea, com o brilho, o saber e a veneração que todos pudemos apreciar), mas seguindo a orientação que dei a este discurso evocativo, não posso deixar de referir, ainda que sintetizando em dois breves apontamentos, o modo como eu li o livro do Professor Filgueira Valverde sobre a cantiga do monje que passou trezentos anos ao canto de um passarinho.

Li este livro, antes de mais, como uma lição de método. Para o estudo de um texto, são convocadas várias disciplinas (da literatura comparada à história do folclore, da ciência bíblica à história literária) e só depois de sabiamente enquadrado no tempo e no espaço o texto é analisado:

Así llegamos a la versión que da motivo o a esta tesis: la que incluyó Alfonso X en sus “Cantigas de Santa María”. Representa esta redacción galaico-portuguesa la adaptación marial del tema (...)

diz o autor na página 94 da reedição de 1982, iniciando só aí uma finíssima descrição do desenvolvimento temático e da forma métrica da cantiga afonsina, para depois a interpretar nos seus componentes ideológicos e simbólicos.

Ao mesmo tempo, este livro representou para mim uma prodigiosa lição de cultura clássica, cristã e mesmo islâmica. As páginas dedicadas à “noção de tempo e gozo eterno”, em que se revela a familiaridade do Autor como os textos bíblicos, com a filosofia de Platão ou de Plotino, com a doutrina agostiniana sobre tempo real e eternidade, gozo temporal e gozo eterno, “sentido cosmológico do musical”, muitas vezes me viram

²⁷⁷ Cf. António José Saraiva, *Poesia e Drama. Bernardim Ribeiro, Gil Vicente, Cantigas de Amigo*, Lisboa, 1990, pp. 179-189 (antes, em Helder Godinho (coord.), *Em Torno da Idade Média*, Lisboa, 1989, pp. 197-204).

à memória nos anos em que ensinei Literatura Portuguesa Medieval na universidade de Lisboa, quando, perante a ignorância religiosa dos alunos, tinha de reafirmar a necessidade de conhecimento dos textos bíblicos para uma correcta perspectiva cultural da Idade Média e para o entendimento e fruição estética dos textos literários.

Á bibliografia de Filgueira Valverde voltaria muitas outras vezes, em anos posteriores, por exemplo ao estudar o pranto do jogral Joan à morte de Don Denis ou, com objectivos mais precisos, quando preparava uma recensão da edição crítica das cantigas de Pero Garcia Burgalês publicada em Paris por Pierre Blasco. É que a Filgueira Valverde não escapara (e escapara, estranhamente, a Blasco) o verdadeiro sentido de duas cantigas de Burgalês que o Editor incluíra entre as cantigas d'amor, interpretando as blasfémias e sacrilégios nelas contidas como prova da origem judaica do trovador. Ora, Filgueira Valverde mencionara já essas cantigas no seu estudo sobre "El 'Planto' en la Historia y en la Literatura Gallega", cuja publicação data de 1944-1945, como curiosos exemplos de "prantos amorosos", textos, portanto, pertencentes a um género em que as queixas irreverentes contra Deus e até as blasfémias mais ousadas faziam parte da retórica da expressão do pesar pela morte de alguém. As observações do Professor Filgueira serviram de directriz para a minha pesquisa, que incluiu as outras líricas românicas (a provençal, a francesa e a siciliana), com a intenção de transformar a resenha, encomendada pela Revista da Faculdade de Letras de Lisboa, em artigo sobre "Prantos à morte da amada", cuja redacção ficou inconclusa.

4. Chegada a este momento, forçoso se torna admitir humildemente a impossibilidade de comunicar aos meus ouvintes uma ideia não excessivamente redutora da invulgar contribuição de Filgueira Valverde para o progresso dos estudos sobre a poesia trovadoresca. Ainda que referisse muitos outros dos seus trabalhos –alguns foram, em boa hora, reunidos no utilíssimo volume *Estudios sobre lírica medieval* com o subtítulo *Traballos dispersos* (abro un parêntese para realçar o notável Prólogo "innecesario" de Basilio Losada)– mesmo que eu continuasse a citar *itens* da bibliografia valverdiana e a enaltecer o seu valor, o "por dizer" seria sempre mais do que o "o dito".

Mas a propósito do volume dos *Estudios*, queria dizer algo mais.

A compra desse livro, em Ourense, recorda-me um instante de sobressalto, seguido de alguma apreensão, que talvez valha a pena evocar

aquí. Eu comprara o volume na tarde do dia 12 de Agosto de 1992, e à noite, ao folheá-lo, no hotel de Chaves onde me encontrava de férias, os meus olhos caíram sobre uns versos que, por essa altura, trazia ben frescos na memoria

Ai amor, amore de Pero Cantone,
que amor tan soboroso e sen tapone!

São versos de uma curiosa cantiga de Fernan Soarez de Quinhones, trovador leonês activo no terceiro quartel do século XIII, cujo “cancioneirinho” foi editado criticamente, com introdução e glossário, por um meo aluno da Pós-graduação, João Dionísio (hoje doutor em Literatura Portuguesa, na Faculdade de Letras da Universidade de Lisboa). Ora, na tese que eu orientara e que ia ser defendida daí a pouco tempo, a cantiga a que pertence aquele refran tinha sido interpretada de acordo com a opinião geral de que o texto tratava do amor, mais precisamente do aspecto físico da relação amorosa, e que os versos escarninhos dirigidos contra Pero Canton visavam ridicularizar o seu amor, pouco forte e concreto. Mas permaneciam pontos obscuros da cantiga que ofereciam resistência a esta interpretação. E afinal uma simples frase do Professor Filgueira Valverde, na sua lacónica formulação, sugeria um entendimento de toda a cantiga muito mais coerente e plausível:

O viño leonés era o verdadeiro amor de Pero antone, segundo o “escarnio” que lle dirixe Fernán Soares de Quiñones, nunha excepcional cantiga báquica onde van describíndose as súas fasquias

Só que o prazo para entrega da tese já não consentia que eu sugerisse ao candidato uma chave interpretativa diferente, que o obrigaria a alterar o discurso em mais de um lugar do trabalho, já então concluído: daí o meu sobressalto por não ter conhecido antes o artigo do Professor Filgueira, cuja publicação me escapara (e não só a min, mas também aos atentos responsáveis pela secção galego-portuguesa do *Boletín bibliográfico de la Asociación Hispánica de Literatura Medieval*), talvez porque o título (“Sobre os nomes da ebriedade e mais do tema do viño nas nosas letras do Medievo” e a sede da publicação (as *Actas do Simposium Internacional sobre alcoholismo y toxicomanías en la gente del mar*) dificilmente poderiam despertar curiosidade em quem se ocupa de lírica trovadoresca. Falta apenas

dizer que, na defesa da tese, João Dionísio encontrou modo de referir a interpretação de Filgueira Valverde e de anunciar o propósito de rever a sua exegese da cantiga à luz da nova proposta interpretativa: promessa que veio a cumprir numa comunicação ao V Congresso da AHLM (Granada, 1993). E assim a interpretação mais verosímil, que ao Mestre parecera tão óbvia, que dispensava justificações, deu aso a que João Dionísio, combinando minuciosas notas de carácter lingüístico e literário com informações acerca dos vinhos medievais, pudesse concluir: “Chegados a este ponto, depois de percorrido um caminho com algumas incertezas, percebe-se que a interpretação sugerida por Filgueira Valverde é máis verosímil que a leitura dominante”²⁷⁸.

Sen sobressalto, porque muito a tempo de recomendar a leitura a outro aluno que preparava a sua tese de Pós-graduação na área dos Cancioneiros, encontrei nos “estudios dispersos” outro trabalho do Professor Filgueira a muitos títulos enriquecedor para a leitura das cantigas trovadorescas, além de extraordinariamente cativante. Trata-se de “A inserción do *verbo antigo* na literatura medieval”, un contributo aparecido em 1978 no *Boletín Auriense*, cheio de preciosas informações e comentários, com indicações bibliográficas copiosas que, para os investigadores não galegos, apenas pecam por serem demasiado abreviadas.

5. Entretanto, dois encontros internacionais realizados em Santiago de Compostela foram ocasião para reavivar a lembrança “física” do Homem amável, do universitário erudito, do conferencista empolgante. No I Congresso da Associação Hispânica de Literatura Medieval (Dezembro de 1985), tive o prazer de o ouvir falar de um tema que lhe era particularmente caro “Rasgos popularizantes nos cancioneiros galego-portugueses”. Mas foi no Congresso organizado por Mercedes Brea sob a denominação de *O Cantar dos Trovadores* (Abril de 1993), que, estando eu también entre os convidados, me encontrei com Don Xosé Filgueira Valverde. A ele coubera a honra –mais que merecida!– de proferir a “conferência de clausura”.

Só agora, vendo o texto impresso nas Actas, reparo na coincidência de títulos que une as duas conferências, a de abertura e a de clausura

²⁷⁸ João Dionísio, “Ai, amo, amore de Pero Cantone de Fernan Soarez de Quinhones”, in *Medioevo y Literatura. Actas del V Congreso de la Asociación Hispánica de Literatura Medieval*. Edición de Juan Paredes, Granada, 1995, vol. II, 19954, vol. II, pp. 173-180.

do Colóquio. O título da comunicação inaugural, a cargo do Professor Aurelio Roncaglia –um dos mais eminentes filólogos do nosso tempo e, por certo, o mais panromânico dos romanistas, infelizmente desaparecido do nosso convívio há quatro meses– era precisamente “Ecci venuto Guido ‘n Compostello?²⁷⁹”: uma pergunta retórica, apresentada naquete tom, ao mesmo tempo polémico e divertido, que marcava muitas das intervenções de Roncaglia, à qual o Conferencista deu uma convincente resposta afirmativa que o levaria, depois, a encontrar na efectiva viagem de Guido Cavalcanti a Santiago de Compostela a explicação para várias coincidências temáticas e estilísticas entre as *Rime* cavalcantianase e a tradição lírica galego-portuguesa e a sugerir que, no caminho de Santiago, as influências não terão viajado apenas de Oriente para Ocidente. “In qualche caso, in particolare per la Galizia, *ex Occidente lux*” –assim rematava a comunicação o Professor Aurelio Roncaglia.

O título da comunicação do Professor Filgueira Valverde era “Compostela e os Trobadores”. Retomando fios de discursos anteriores em que havia apontado para o papel de Compostela no desenvolvimento da lírica medieval galego-portuguesa, o Orador fez passar diante dos olhos dos ouvintes uma visão do ambiente da “Compostela trobadoresca” onde peregrinos cultos, como os trovadores de além-Pirinéus e os do Occidente peninsular, teriam convivido numa fecunda troca de influências.

6. Fora da contiguidade física, voltei a encontrar-me com Don Xosé Filgueira Valverde nun “cancioneirinho” moderno ao qual ele outorgara um dos seus “centos e centos” de prólogos (a expressão é de Basilio Losada) e eu o primeiro e único prólogo que escrevi na minha vida. O “limiar” que o saudoso Mestre escreveu para os *Versos satíricos de hoxe ó xeito medieval*²⁸⁰ deve ter sido redigido com grande fadiga, mas nele se manifesta –até ao fin!– a força do seu apaixonado interesse pelas letras galegas, o entusiasmo diante dos poetas do *Neotrobadorismo*, a esperança de que o “libriño” em apreço seja “o início dun proceso que agarda novas e orixinais creacións”. Na verdade, o universitário que dedicara tanto do seu labor intelectual, não

²⁷⁹ Aurelio Roncaglia, “Ecci venuto Guido ‘n Compostello? (Cavalcanti e la Galizia)”, in *O Cantar dos Trobadores*. Actas do Congreso celebrado en Santiago de Compostela entre os días 26 e 29 de abril de 1993, Santiago de Compostela, 1993, pp. 11-29.

²⁸⁰ Xesús Alonso Montero, *Versos satíricos (para hoxe) ó xeito medieval*, Vigo, 1998.

apenas a dar um vulto aos jograis da ria de Vigo ou aos cantores de santuário, mas também a revelar traços menos conhecidos de trovadores do mal dizer e sobretudo a introduzir-nos nas maravilhas do cancionero marial afonsino, tinha ali um poeta *de hoxe* que era, ao mesmo tempo, por milagre do amor à Palavra, os galegos Martin Códax, Mendinho, Airas Nunes, Bernal de Bonaval, o rei castelhano Afonso X e o português D. Denis, sem deixar de ser, acima de tudo, o “poeta social” Xesús Alonso Montero.

7. Vou concluir. Sendo objetivo desta iniciativa da Cátedra Filgueira Valverde tributar mais uma homenagem à memória do Professor e Investigador, creio que a homenagem que ele mais gostaria de receber seria a que, além de evocação da sua figura ímpar, fosse lugar de enriquecimento dos nossos conhecimentos no domínio da ciência literária e filológica, isto é, fosse um testemunho de cómo a herança de saber por ele legada continua, não a suscitar o interesse dos estudiosos da poesia lírica galego-portuguesa, mas também a estimular neles o salutar exercício da crítica.

No decurso desta “peregrinação” pela obra do Mestre, reflecti sobre um facto de certa maneira estranho, para min: pareceu-me que, entre os suportes culturais e técnicos em que assenta o seu modo de ler os textos da lírica medieval, Filgueira Valverde deixou na sombra a prática da crítica textual, como se passasse por cima das armadilhas da transmissão manuscrita e das não menos perigosas armadilhas preparadas pelas leituras críticas dos editores. Ora, na docência da cadeira de Literatura Portuguesa Medieval –quer os textos fossen da lírica trovadoresca, quer pertencessem à historiografia– eu senti sempre necessidade de dedicar o primeiro bloco de lições a alertar os alunos para as incoerências textuais devidas a más leituras, mesmo dos editores mais competentes e, portanto, para a necessidade de ter sempre presentes os princípios de crítica textual.

Estranhar-se-á, por exemplo, que os três versos de uma cantiga de Pero de Bardia (ou Pero d’Ardia²⁸¹) citados em “Poesía de santuários”, reproduzam uma leitura duplamente errada de Tófilo Braga, que, ao substituir o provençalismo *lheu* (que, no contexto, tem uma função adverbial, como sentido de ‘levianamente, impensadamente’ por uma forma verbal “olh’eu” não só tornou o verso de Pero de Bardia incompreensível, como atribuiu ao jocal um defeito rimático que consiste em usar o mesmo

²⁸¹ Trata-se da cantiga *Sanbudo m’ é meu amigu’ e non sei* (B 1118/V 709), vv. 19-21

rimante (*eu*) em dois versos consecutivos de uma cantiga cuja estrutura métrico-retórica não prevê este tipo de repetição²⁸².

Aos maus serviços prestados pela edição crítica do *Cancioneiro da Vaticana* por Teófilo Braga (que, no caso sobrepôs a uma erro de transcrição de Monaci uma emenda igualmente errada) devemos atribuir também a causa de um curioso despiste em que incorreram vários críticos, dando origem a algumas interpretações surpreendentes. Refiro-me a uma nota que aparece no cancionero vaticano –*m'codaz esta no acho pontada*– cuja leitura deverá ser “Martin Codaz esta non acho pontada” e cuja interpretação, a meu ver, pressupõe que se distingam na frase dois elementos de diversa proveniência: *Martin Codaz* representará, com grande probabilidade, uma rubrica atributiva, enquanto *esta non acho pontada* deverá ser entendida como uma nota codicológica lançada à margem de uma cantiga a que faltava a notação musical, precisamente a cantiga VI de Martín Codaz²⁸³. Pois bem! Com base na leitura de Teófilo Braga –“Martín Codaz esta non acho fechada”– os varios críticos entenderam que a nota se referia á última cantiga de Martin de Xinzo junto da qual a frase se encontra no manuscrito, e que ela estaria ali para assinalar a incompletude da cantiga, de facto, reduzida a uma estrofe. Alguns leitores modernos, aceitando a ligação entre o antropónimo e a observação marginal, supuseram até que a frase fosse dirigida por Martin de Xinzo a Martin Codaz. Assim o entendeu também Don Xosé Filgueira Valverde, quando, acomodando-a literariamente, citou a nota do *Cancioneiro da Vaticana*, não na sua forma originaria, mas segundo a errónea e desviante leitura de Teófilo Braga.

Querirá isto dizer que Filgueira Valverde não conhecia os instrumentos ecdóticos indispensáveis para uma correcta leitura dos textos medievais? De modo nenhum! Bastará lembrar as páginas da *Historia General* em que, mostrando conhecer toda a bibliografia então disponível, trata do problema das relações estemáticas dos testemunhos da lírica galego-portuguesa, para ver que también ele dava importância à

²⁸² Ver ed. em José Joaquim Nunes, *Cantigas de Amigo dos Trovadores Galego-Portugueses*, vol. II, Coimbra, 1926, pp. 317-318

²⁸³ Cf. Elsa Gonçalves, “Filologia literária e terminologia musical: *Martin Codaz esta non acho pontada*”, in *Miscellanea di studi in onore di Aurelio Roncaglia*, Modena, 1989, pp. 623-635

lição dos manuscritos. Mas, para Don Xosé Filgueira Valverde, a crítica textual era, provavelmente, uma práctica pouco conforme coma força da sua personalidade de leitor –uma força apoiada por um gosto natural da poesia (ele próprio era poeta...)– e animada por todos os elementos culturais e vitais que marcavam a sua formação humana e científica. Formação que se releva no conjunto da sua obra com uma continuidade e uma coerência exemplares tanto nos numerosos artigos de jornais e revistas destinados ao grande público, como nos estudos, lições magistrais e comunicações a congresos, em que aclara, aprofunda ou discute problemas complexos, como o das origens da poesia lírica galego-portuguesa, a questão dos géneros e das formas métricas (por exemplo, a *cantiga de seguir*), a reflexión sobre a nomenclatura adequada às formas mais peculiares da cantiga d` amigo. Por tudo isto, Don Xosé Filgueira Valverde foi e continuará a ser um farol a iluminar os nossos caminhos na pesquisa sobre a poesía dos Cancioneiros medievais²⁸⁴.

E.G.
(Universidade de Lisboa)

²⁸⁴ Artigo publicado en Memorial Filgueira Valverde. Publicacións da Cátedra Filgueira Valverde. Pontevedra, 2002, pp. 25-40.

DÍA DAS LETRAS GALEGAS 2015
(XOSÉ FERNANDO FILGUEIRA VALVERDE)

CIPRIANO LUÍS JIMÉNEZ CASAS

Ao día seguinte do falecemento de Filgueira Valverde o *Diario de Pontevedra* do 14 de setembro de 1996 publicou un suplemento especial titulado: “Se cerró un libro. Recuerdos de una figura inolvidable”. Nel aparecen un artigo de José Luis Adrio Poza: “El Instituto y el maestro” e outro de Cipriano Jiménez: “Pontevedra sen Filgueira”. Completaba este suplemento a crónica: “Un currículo sencillamente impresionante”.

Na introdución do artigo comentaba:

Vai a ser difícil, acostumarse a vivir, visitar ou soñar con Pontevedra –a Boa Vila– sen a presenza e o halo do Profesor Filgueira. Os que somos alumnas e alumnos do Instituto de Pontevedra lembrámonos de cómo as ideas que D. Xosé tiña sobre a formación ían máis aló do que o ensino entendido como tal representaba.

Filgueira, no Instituto de Pontevedra, érao todo (director, profesor, titor, asesor...), calquera actividade académica, cultural, deportiva ou musical tiña que pasar necesariamente polas súas mans. Frases como: “Dixo don Xosé que se faga desta maneira... que hai que estar en tal lugar a determinada hora... que lle digamos a tal alumna ou alumno que se prepare para participar no acto programado...” indican que a súa presenza e liderado non eran cuestionados. Mesmo ousaría dicir que a propia cidade, xiraba, en parte, moi ao son deste singular profesor que, co paso do tempo e pouco a pouco soubemos que tiña que ver co Reformatorio (Tribunal Tutelar de Menores), Museo Provincial, Patrimonio da cidade... ademais doutros cargos e participación na vida social e cultural de Pontevedra.

A cultura e o deporte, eran tan importantes no Instituto como as aprendizaxes das materias que, naquela altura, se asimilaba de forma memorística e, por suposto, afastadas da realidade. O Instituto de Pontevedra era outra cousa. O programa de Filgueira desenvolvíase por outros vieiros e, desa forma, directa ou indirectamente, o noso desenvolvemento persoal, cultural e deportivo totalmente diferente e fundamental para as rapazas e

rapaces dunha década, como a dos 50, na que as carencias non impedían o deleite e onde as necesidades e o sufrimento ían á par e ligadas ao pracer e ao benestar. Sobre as vivencias desta época, fala no seu libro Herminio Barreiro²⁸⁵.

A época en que nos tocou vivir, a posguerra, chea de tristura e fortes desigualdades, non nós impediu gozar dese mínimo e indispensable grao de alegría de cara a vivir nesa etapa adolescente unha experiencia na que só predominase a infelicidade. Dese sentimento de oco, de non felicidade, ao longo das nosas vidas fomos conseguindo un nivel de superación que no momento actual, ollando o noso pasado e a través dun exercicio de introspección, podemos verbalizar que nos sentimos o suficientemente realizados e felices, tal como Aristóteles trata de definir a felicidade: “o ben supremo da humanidade” ou os psiquiatras Rojas Marcos: “satisfacción coa vida en xeral”²⁸⁶ e Boris Cyrulnik: “o neno é quen de converter a súa vulnerabilidade en forza”²⁸⁷

Coido que á gran maioría de compañeiras e compañeiros desa etapa no Instituto de Pontevedra, a vida procurounos satisfacción, tivo e ten sentido e mereceu realmente a pena. Na medida en que nos fomos aceptando, supuxo estármonos razoablemente a gusto. Aos que por outra banda ían un tanto “sobrados” a vida foilles un tanto máis complicada ao longo da súa existencia. Outros, con actividades en principio máis simples e monótonas, foron sentíndose cada vez máis seguros. Persoas vulnerables conseguiron organizarse; a outras, invulnerables, as cousas non lle foron tan doadas. As rapazas e rapaces da miña xeración fomos quen de absorber a enerxía suficiente para seguir proxectándonos no futuro, a pesar de condicións de vida traumáticas e adversas. Esta enerxía capaz de superar a adversidade denomínase actualmente “Resiliencia”.

A clave da Resiliencia é o oximoron que describe a escisión do suxeito ferido polo trauma e nos permite avanzar no proceso de construción

²⁸⁵ Barreiro, Herminio (2008). *Recordar doe. Lembranzas escolares e universitarias (1940–1965)*. Edicións Xerais.

²⁸⁶ Rojas, Marcos (2007). *La autoestima*. Espasa Calpe

²⁸⁷ Cyrulnik, Boris (2007). *De cuerpo y alma*. Gedisa.

da Resiliencia, á cal se outorga un estatuto que inclúe os mecanismos de defensa psíquicos pero máis conscientes²⁸⁸.

Porén, é verdade que compañeiras e compañeiros intelixentes, cun toque de rebeldía, conseguiron acadar postos relevantes como profesionais e un notorio recoñecemento social e cultural. A vida, a día de hoxe, foilles e segue séndolles totalmente gratificante.

O desenvolvemento individual de cadaquén, a nosa historia persoal e colectiva, axúdanos a elaborar momentos de falta de comprensión ou inxenuidade, que cada un de nós tivemos que superar de múltiples e variadas formas. Gran parte do noso patrimonio persoal, ten que ver coa forma de superar un percorrido vital capaz de influír, en moitos casos inconscientemente, no presente. Queirámolo ou non, só levamos connosco recordos e presente: o futuro aínda está por facer.

Filgueira foi un motivador e impulsor de toda unha serie de actividades, que vistas co paso do tempo, constituíron para nós elementos decisivos na nosa formación como persoas. Certamente o Instituto ía máis aló do puramente académico tal como era concibido naqueles tempos. Sempre recordo a famosa frase do Dr. Letamendi: “Quen só sabe de medicina, nin de medicina sabe”²⁸⁹.

A identificación, como proceso psicolóxico cunha persoa das características do profesor Filgueira, non supuña unha simple imitación, senón unha apropiación do significado que cada un de nós lle dabamos a unha persoa certamente pouco común. Unha identificación primaria que nos remite en termos psicanalíticos á denominada incorporación oral. O home vaise facendo en función do seu proceso de confrontación co outro e da propia sociedade. No meu caso, fillo de mestres, a identificación que para min representou Filgueira fíxose moi especial.

En momentos difíciles, a causa da miña diglosia, atopei en Filgueira unha comprensión fóra do común. Estudando 3º curso de bacharelato (con 13 anos), corrixiame a miña diglosia, pero facíao con amabilidade e sen ferir. Corrixíanos palabras ou expresións banais, quizais pouco importantes, pero que no meu caso supuxo un gran agradecemento. A maioría do profesorado

²⁸⁸ Jiménez Casas, C. L. (2007). “Gusto de vivir”. “Faro da Cultura” de *Faro de Vigo*; Jiménez Casas, C. L. (2007). “Condición sensible”. “Faro da Cultura” de *Faro de Vigo*.

²⁸⁹ Letamendi, José. Médico e ensaísta. (1828-1897).

mallaba nos diglósicos en calquera momento que falabamos, por suposto o castelán, de forma incorrecta. O galego había que ocúltalo aínda que sempre estivese no fondo da nosa alma.

Evidentemente nesa época os galego-falantes, pertencentes ao mundo rural e que nos incorporabamos á cidade para estudar o bacharelato, tiñamos que agochar a lingua que falabamos na aldea, sendo identificados en todo o momento polo noso acento ou formas de expresarnos.

A música, o teatro, o deporte... foron impulsados por Filgueira cunha paixón que nos tiña verdadeiramente asombrados. En todo estaba e todo o controlaba: acompañábanos nos ensaios do coro de cada día, nas clases de ximnasia axudándolle ao profesor cando tiñamos que saltar os aparellos (cabalo, poldro e plinto), nas representacións teatrais... É claro que o Instituto de Pontevedra foi no seu tempo un centro pioneiro noutros campos que trascendían do propiamente académico.

O Coro do Instituto do que formei parte ao longo do bacharelato, participaba regularmente en apoio das conferencias de Filgueira, recepción de visitantes ilustres, concertos no Nadal, actos litúrxicos... Co coro tivemos a ocasión de viaxar e visitar Coimbra, Porto, Zamora ou Madrid. Nestas dúas últimas cidades cada ano participabamos cantando *A Paixón* de Tomás Luís de Victoria, *secundum Iohannem* na Semana Santa. Outra colaboración do coro, inesquecible, foi a representación, ao aire libre na praza da Quintana, en Santiago de Compostela, da *Orestíada* de Esquilo, co Teatro Nacional que dirixía José Tamayo.

Asemade, co deporte acontecía o mesmo. O Instituto de Pontevedra fora no curso 1956/57 subcampión de España de Ximnasia Educativa nos Campionatos Nacionais Escolares. No curso seguinte 1957/58 proclamábase campión nacional en tal modalidade. En 1957 o Instituto de Pontevedra fora proclamado Instituto Modelo de España.

Con este motivo Aquilino Iglesia Alvariño publica no xornal compostelán *La Noche* un artigo²⁹⁰ no que destacaba que:

²⁹⁰ O artigo do profesor Iglesia Alvariño que aparece no xornal *La Noche*, será tamén publicado por: Teucro. Revista del Instituto de Pontevedra (Alumnos, Familiares, Exalumnos, Catedráticos). Sale... cuando puede. Abril de 1957. Nº 2. Na propia revista Teucro, aparece o TEXTO de la CONCESIÓN de Instituto Modelo, dirixido o Ilmo. Sr. Director General de Enseñanza Media e asinado por Rubio García-Mina.

“O Instituto de Pontevedra non era modelo por dispoñer de grandes instalacións de aulas, campos deportivos, ximnasios, etc. Sendo aceptable o que ten, fáltalle moito para ser modelo. Pero é no funcionamento de todas e cada unha das súas dependencias. Sen grandes campos de deportes e ximnasios, destacou en toda España en diversas probas deportivas. Dispoñendo apenas de local e material levan funcionando servizos psicotécnicos e sanitarios..., sérvense bocadillos e comidas..., exposicións, conferencias, audicións musicais, recitais, etc., co Coro, Filgueira Valverde ilustrou en Porto e Santiago, unha das leccións básicas sobre as orixes da Lírica Galega”.

Curiosamente Iglesia Alvariño, don Aquilino, foi o meu profesor de Latín ata 4º curso de bacharelato. Neste curso, aprobada a reválida, escollendo ciencias, xa non estudabamos o latín. Debo dicir que deste profesor pausado, serio e que nos imponía moitísimo respecto, non tiñamos nin idea de que era escritor e un poeta de sona. No meu caso saberíao moitos anos despois.

Lembro que no ano 1957 fora aprobada a instalación da fábrica de pasta Kraft e constituída a Sociedade Celulosas de Pontevedra. Filgueira sería alcalde de Pontevedra dende o ano 1959 ata o 1968. En calquera caso, o recuerdo que teño sobre este tema é que Filgueira foi un defensor da industrialización da cidade e sempre lle escoitabamos dicir que Pontevedra era pouco emprendedora e que debería tomar exemplo de Vigo, que medraba e aparecía como unha gran cidade industrial. A participación ou responsabilidade de Filgueira na construción desta fábrica noxenta e indesexable para unha cidade como Pontevedra é totalmente evidente.

De feito, o alumnado do curso Preuniversitario do Instituto de Pontevedra saímos en manifestación á Alameda, cunha bandeiriña exclamando: “¡¡Queremos papel!!” O debate social e económico arredor desa fábrica coñeceríaos anos máis tarde. Hai uns catorce anos asistín a unha manifestación convocada pola Asociación en Defensa da Ría, totalmente contraria á que tivera lugar en 1957. Pensei para min: “teño que saldar unha gran débeda co feito de que noutro momento histórico participara a favor dunha fábrica coa cal hoxe estou totalmente en desacordo”.

A situación política²⁹¹, tanto a nivel local como internacional, foi realmente interesante nese curso Preuniversitario 57/58. No ano 1957 asistiamos a unha conferencia de Filgueira no Hostal dos Reis Católicos en Santiago de Compostela: “A canción de Nadal”, ilustrada polo Coro do Instituto. Como actividades culturais, salientar os coloquios na Sociedade Recreativa de Artesáns con: Álvaro Cunqueiro, José María Castroviejo, Manuel Casado Nieto e Agustín Portela Paz, moderados por Filgueira. Blanco Freijeiro daba unha conferencia no Museo sobre: “Escultura clásica”; o padre Sopeña, no Liceo Casino falaba sobre: ”Teorías del amor en nuestro tiempo”.

O ano 1958 non sería menos importante. Concluída a primeira etapa da implantación da fábrica de Celulosas de Pontevedra, serán licitadas as obras para a construción da mesma. Algunha alcaldada tiña que haber. Conferenciantes como don Ramón Otero Pedrayo, achéganse a Pontevedra para falar de “Meu mestre o camiño”, Sánchez Cantón falará sobre: “Velázquez unha vida en liña recta”. A colección “Benito Soto” de poesía que se editaba en Pontevedra, remata esa súa primeira andaina²⁹².

Filgueira quería das súas alumnas e alumnos “outras cousas” e non simplemente que nos dedicásemos a estudar matemáticas ou literatura. O Instituto era un grandísimo referente na cidade, e nesa impregnación da cidade sempre estaba “a man de Filgueira”. Os do Instituto tiñamos acceso gratuíto ós concertos que a Sociedade Filharmónica de Pontevedra (nada en 1921 para divulgar a música clásica) organizaba cada tempada no Teatro

²⁹¹ No internacional, o ano 1957, Ghana acada a independencia do Reino Unido. Tratado de Roma, polo que se crea a Comunidade Económica Europea (Mercado Común). A URSS, lanza o **Spúnit 1**, primeiro satélite artificial desde a Terra. Lanzamento do **Spúnit 2**, coa cadela Laika. Iniciase o Ano Xeofísico Internacional. No cine teñen lugar as estreas de Fresas salvaxes e o Sétimo selo de Ingmar Bergman, Sendeiros de gloria de Stanley Kubrick, Doce homes sen piedade de Sidney Lumet, A ponte sobre o río Kwai de David Lean, Testiño de cargo de Billy Wilder... En deporte Fangio é campión do mundo de Fórmula 1; o FC Barcelona, inaugura o Camp Nou; Albert Camus é Premio Nobel de Literatura e Lester Bowles Pearson o Nobel da Paz.

²⁹² Ao longo do ano 1958, o Cine Club proxecta: “O gabinete do Dr. Caligari”, de Robert Wiene; “O afundimento da casa Usher” de Jean Epstein ou “O pequeno fuxitivo” de Ray Ashley. USA lanza o primeiro satélite artificial **Explorer 1**; Angelo Giuseppe Roncalli, é elixido Papa, co nome de Xoán XXIII; créase o Parlamento Europeo en Estrasburgo; Krushev e elixido primeiro ministro da URSS; Boris Leonidovich Pasternak recibe o Nobel de Literatura

Principal. Quen pertencía ao Coro do Instituto, estaba obrigado a asistir aos concertos. O mesmo pasou no Cine Club.

Dende o punto de vista da formación humanística e cultural, tiñamos moito camiño andado en comparanza con outros estudantes que procedían doutros colexios, sobre todo os relixiosos, cando chegabamos á Universidade de Santiago de Compostela. Non precisabamos desafogarnos tendo que saír de noite cada día ou tratar de buscar cousas que nós xa tiveramos ocasión de vivir nun instituto público. Realmente non podiamos comparar o que fixeramos no Instituto de Pontevedra co que a Universidade Compostelá nos ofrecía culturalmente. Esta situación provocábanos un baleiro importante. A década dos finais dos 50 e ao longo dos 60, foi realmente pobre en actividades de tipo cultural, deportivo e humanístico en Compostela. Son eses anos escuros por ominosos que nos tocou vivir e que, comparados coa nosa experiencia do bacharelato, tiñamos sempre na memoria.

Rematada a miña carreira de medicina en Santiago de Compostela no ano 1966 e despois da especialización en psiquiatría en Madrid no 1968, tiven a gran fortuna de contar en Xenebra, desde 1968 ata 1973, cun mestre excepcional, o profesor De Ajuriaguerra, con quen os médicos residentes na famosa Clínica Psiquiátrica Universitaria de Bel-Air, tiñamos ocasión de conversar cada día á hora do café a media mañá de tódolos acontecementos culturais e políticos que naquel tempo acontecían. De Ajuriaguerra, como tamén sucederá con Filgueira Valverde, souben da importancia que teñen os mestres na formación tanto académica como humana e cultural, ao longo da vida dunha persoa en constante aprendizaxe.

Instalado en Vigo dende 1974, cidade que me nomeou “Vigués Distinguido” en 2011, para exercer a miña profesión como médico psiquiatra e psicanalista así como director xeral de Fundación Menela, comparto os meus afectos e sentimento de pertenza dobremente entre Pontevedra e Vigo ou Vigo e Pontevedra.

Ao meu regreso de Suíza, era inevitable que volvese a ver e falar, en máis dunha ocasión, co profesor Filgueira Valverde, así como co seu fillo e colega Fernando Filgueira. Xa era outro tipo de relación, pero eu notaba que Filgueira se sentía moi a gusto ao apreciar que moitos dos seus alumnos, como era o meu caso, continuásemos, á marxe da nosa profesión, participando activamente en proxectos culturais en pro de Galicia, coa mesma paixón que o fixeramos antes en Pontevedra, Santiago de Compostela,

Madrid, Suíza e por suposto, na cidade de Vigo, na que actualmente vivo. Nun deses encontros con Filgueira a finais da década dos 80 propúxome como membro de Bibliófilos Gallegos, que se convertería anos despois en Fundación Bibliófilos Galegos. Aceptei a proposta, atopándome cunha entidade cuxa única actividade estaba ligada a un fondo editorial, entregado á Cidade da Cultura de Santiago de Compostela, despois da súa disolución.

C.L.J.C
(xaneiro, 2015, Vigo)

DON JOSÉ

ÉLIANE LAVAUD-FAGE

C'est au cours des années 70 que j'ai eu le plaisir et le privilège de connaître Don José Filgueira. Il était alors le souriant directeur du Musée de Pontevedra et j'étais en pleine recherche pour ma thèse de Doctorat d'État.

Le sujet que j'avais déposé –Valle-Inclán. Du journal au roman– me conduisit tout naturellement dans les hémérothèques galiciennes et, en premier lieu, au Musée de Pontevedra que je soupçonnais d'abriter une bonne bibliothèque de livres et surtout de journaux et revues.

Aussi mon mari et moi, tous deux valleinclanistes –lui travaillant sur le théâtre et moi sur les œuvres narratives de D. Ramón–, nous décidâmes de consacrer nos vacances d'été à explorer les bibliothèques de Pontevedra. Mon mari passa ses journées à la bibliothèque municipale, la Casa de la Cultura, et je me dirigeai un beau matin, pleine d'énergie et d'espoir, vers la Plaza de la Leña et le Musée.

Dès mon arrivée, je demandai à parler au directeur pour me présenter, comme il se doit, et lui faire part de mon désir d'entreprendre, dans la perspective de ma thèse de Doctorat d'État, des recherches dans la partie bibliothèque et hémérothèque du Musée. Don José me reçut sur-le-champ avec une parfaite amabilité; il se dit très honoré de ma venue et, me montrant la pièce dans laquelle nous nous trouvions, me déclara que tout était à ma disposition. En revanche, lorsque je demandai à consulter le fichier, instrument de travail indispensable pour tout chercheur où que ce soit et a fortiori dans une bibliothèque inconnue, je n'obtins pas satisfaction sans pour autant que le sourire et la bienveillance s'effacent du visage du directeur.

Je me mis donc à consulter les ouvrages qui se trouvaient dans la pièce. Il s'agissait, si mes souvenirs sont exacts, des volumes de la publication *El Museo de Pontevedra* qui offrent, certes, des articles fort intéressants, mais peu en rapport avec mes préoccupations d'alors. Pendant une semaine je me présentai tous les matins à neuf heures et ne quittai le Musée qu'à l'heure de la fermeture. Pendant une semaine je lus les articles du *Museo de Pontevedra* en me demandant bien comment faire pour être prise au sérieux.

Le lundi matin de la deuxième semaine j'étais décidée à expliquer qu'il ne me restait que trois semaines de travail et qu'une femme, fût-elle jeune, pouvait travailler aussi sérieusement qu'un homme si on voulait bien

lui en donner les moyens. Mais, à ma grande surprise, ce fut José Filgueira qui prit les devants. A peine avais-je franchi le seuil de la pièce où je me rendais chaque jour qu'il me fit appeler. Il me demanda si vraiment je voulais travailler car il existait dans les environs des plages très belles où je pourrais passer des vacances fort agréables. Je lui assurai que je connaissais leur existence et que je comptais bien m'y rendre le dimanche et ne pas boudier mon plaisir, mais que les jours de semaine seraient consacrés à mes recherches. "Bon! Alors je vois que tu veux travailler et je vais t'installer!" Pour la première fois Don José me tutoyait!

A partir de ce moment-là tout changea pour moi. On m'attribua un bureau dans une grande pièce tranquille et ensoleillée. J'eus un libre accès au fichier et, cerise sur le gâteau, un jeune garçon fut chargé d'aller me chercher tous les livres, les journaux et les revues que je souhaitais consulter. La consultation du fichier me permit immédiatement de prendre conscience de la richesse du Musée et de ce qu'il allait représenter pour mes recherches. Les différents dons de bibliothèques, celle de Víctor Said Armesto, par exemple, et des acquisitions faites vraisemblablement par le Musée lui-même l'avaient doté d'un ensemble non négligeable de premières éditions de Valle-Inclán. Il renfermait aussi un véritable trésor en journaux et revues de Galice, mais aussi de Madrid et même d'Amérique latine. Pour moi qui voulais étudier ce que l'œuvre éditée devait aux publications journalistiques de l'auteur des *Sonates*, la partie hémérothèque du Musée était une mine. La confrontation des éditions à partir des éditions princeps que renfermait le Musée fut tout aussi riche de résultats dans la mesure où, d'une édition à l'autre, Valle-Inclán introduisait maintes variantes, technique d'écriture valleinclanienne bien connue aujourd'hui, mais ignorée à ce moment-là.

Don José se réjouissait visiblement aussi bien de mon enthousiasme que du résultat de plus en plus positif de mes recherches. Il était aussi, je crois, très heureux de constater combien j'appréciais tout ce que le Musée m'apportait. Et un jour il vint me voir et me fit une offre qui me stupéfia et me ravit à la fois. Plus de quarante ans ont passé et pourtant je me souviens comme si c'était hier de cette conversation. "Nous fermons à 9 heures, mais j'imagine que tu travaillerais plus tard si tu le pouvais". Je lui répondis, sans comprendre où il voulait en venir, que certes je travaillerais volontiers plus tard, mais que je comprenais parfaitement que le Musée ferme à 9 heures et que d'ailleurs les bibliothèques en France fermaient plus tôt. Et c'est

alors qu'il me proposa de travailler aussi tard que je voudrais en fermant le Musée derrière moi! Il suffisait alors de tirer la porte en vérifiant que la gâche était bien enclenchée

Et c'est ainsi que pendant toute la fin de ce mois d'août les voisins du Musée purent voir une lumière briller jusque bien tard dans la nuit. Temps béni où l'on pouvait fermer un Musée en tirant la porte derrière soi! Mon travail avança à grands pas, mais je vécus aussi quelques moments d'angoisse: crainte que quelque voleur juge bon de s'introduire au Musée fermé par mes soins, anxiété soudaine et fort heureusement de très courte durée à l'idée que j'étais seule dans toutes ces salles en pleine nuit et véritable crise d'angoisse une nuit où, en relevant la tête d'un journal particulièrement intéressant pour mon propos, je vis, à la relativement faible lumière de ma lampe de bureau, que j'étais entourée d'une dizaine de cranes plus grimaçant les uns que les autres. Don José rit beaucoup le lendemain lorsque je lui racontai les affres de la nuit précédente: des archéologues avaient déposé leur butin la veille, mais j'étais tellement plongée dans mon travail que je ne m'étais aperçu de rien!

Pour mon mari, qui s'intéressait à Jesús Muruáis, José Filgueira évoqua longuement la Casa del Arco, sa bibliothèque et ses veillées littéraires. Il me fit connaître Alfredo García Alén qui nous amena à la romería de La Lanzada, la Santa Baya de Cristamilde de D. Ramón, et nous entretint des superstitions galiciennes, mais aussi Antonio Odriozola à la boutonnière toujours fleurie avec qui nous eûmes de longues conversations sur le maquis –car, à l'époque il s'agissait bien d'un maquis– des éditions successives des œuvres de Valle-Inclán. Aussi, lorsque José Filgueira me demanda de présenter une communication au colloque qu'il organisait sur Víctor Said Armesto, je n'hésitai pas une seconde à répondre favorablement à sa requête, ce qui lui permit, et j'en fus heureuse, d'ajouter à l'annonce du colloque l'épithète "internacional".

Je dois beaucoup au Musée de Pontevedra et je suis très redevable à son directeur d'alors pour l'aide qu'il m'a apportée. Je crois que bien peu de chercheurs ont bénéficié de telles conditions de travail! Aussi, malgré les années, le souvenir de Don José est-il toujours aussi vivant dans mon esprit et dans mon cœur. Il serait heureux, je crois, de savoir que les liens qui, grâce à lui, se sont tissés entre le Musée et moi perdurent et qu'une solide amitié avec le directeur d'aujourd'hui, José Carlos Valle Pérez, a pris

la suite de celle qui naquit entre la jeune chercheuse que j'étais alors et le bienveillant directeur de l'entité culturelle au rythme de laquelle vivait et vit la ville de Pontevedra.

Enfin, pour conclure je voudrais rappeler une profonde et belle phrase d'un autre Galicien, Gonzalo Torrente Ballester qui, dans *Dafne y ensueños*, écrivait: "Los muertos no mueren del todo hasta que se les olvida".

É. L.-F.
(Université de Bourgogne
Dijon)

POÉTICA E POESÍA DAS 6 CANCIONES DE MAR IN MODO ANTICO

ARCADIO LÓPEZ- CASANOVA

1. Contexto: unha xeración, unha poética

1916-1936 son as datas que delimitan un período fecundo na cultura galega e que responde, tralo *Rexurdimento* (1863-1895) e a súa longa epigonía, a unha nova *sensibilidade vital* e mais amosa un xa madurecido deseño da *Galicia ideal*, a semellanza do que en Cataluña fixeron, a partir do 1906, Prat de la Riba (*La Nacionalitat catalana*), D’Ors (*Glosari*) ou Josep Carner (a nova estética). Ese tal deseño acada no noso ámbito o seu desenvolvemento mercé á converxencia de tres factores; un, a formulación definitiva do pensamento nacionalista, que vai de Villar Ponte a Risco; outro, ó traballo dos homes de *Nós* e á actividade do *Seminario de Estudos Galegos*, que traen os *signos da modernidade*; e outro máis, á acción militante, que abren as *Irmandades da Fala* (1916) e ten o seu cimo co Partido Galeguista (1931).

Nese marco, ó longo dos anos vinte e primeiros trinta, vai tomar corpo unha ampla e moi homoxénea xeración, á que cabe identificar como da *vanguardia* ou do 22 (data emblemática do manifesto “Máis alá!”). Desa xeración –que dá razón culminativa ó período– forma parte unha decisiva nómina de poetas –Blanco Torres, Manuel Antonio, Amado Carballo, Bouza-Brey, Pimentel, Acuña, Casas–, á que cabe engadir –pois van compartir supostos– as voces do Grupo da República (Cunqueiro, Iglesia Alvariño e Carballo Calero). Asemade, moi principais narradores (Dieste, Blanco-Amor, Fole), estudiosos (Filgueira Valverde, Martínez López), musicólogos (Bal e Gay) e mesmo ben destacados pintores (Maside, Colmeiro).²⁹³

No eido da lírica –que é o que agora nos interesa– a *xeración da vanguardia*, a diferenza do que sucede coa coetánea do 27 castelán ou coa catalana de Riba, Foix e Manent, caracterízase por un signo *polémico ou de ruptura*. Tal quere dicir, xa que logo, que rompe coa poética que viña sendo canónica dende o *Rexurdimento*, de base socio-antropolóxica cos seus eixes

²⁹³ Para referencias máis amplas á xeración, vid. López-Casanova (1990: 19-37)

na *lingua, a Terra e o pobo*, e que nas ramas do *enxebriemento* e o *patrianismo* chega ata Noriega e Cabanillas, grandes poetas estéticamente retrasados.

Esa ruptura que marca –e define– á xeración queda moi ben subliñada no manifesto “Máis alá!”, asinado por Manuel Antonio e Álvaro Cebreiro, que na súa parte I, no apartado “Os vellos”, di:

Os vellos non son os que escribiron hai moitos anos –aqueles son os devanceiros–. Os vellos son os que escriben hoxe como se vivisen no antonte dos séculos.

E a lei que nos fai respetar ós devanceiros, é a mesma que nos ergue e move para enterrar ós vellos en vida, baixo a lousa inamovíbel da súa vulgaridade, pola acefalia que supón o desexo de definir co pasado a hora presente”.

Aínda máis, na parte III, e no apartado “Nós”, engadía:

Cansos xa de percorrer camiños vellos e fracasados, temos renegado de todos eles; pero non queremos sinalar un camiño determinado. A nosa rota, nos primeiros pasos, quere tan só coñecer por onde non debemos ir: tódolos outros camiños poden ser nosos.

Pois ben, baixo ese signo *polémico ou de ruptura*, os membros da *xeración da vangarda* ou do 22 van asumir unha anovadora poética epocal, a que Kibedi-Varga (1977: 258 e ss.) chama *concepción asociativa*, que é a propia –e determinante– do gran tronco da lírica de tradición simbolista, e que se inza por Europa entre o 1867 e os anos trinta. Velái a radical revolución que representan.

Esa poética da *concepción asociativa* –propia, pois, da escrita xeracional– baséase nuns principios (un sistema) que convén considerar aínda que sexa moi por riba. Así, un principio primeiro relacionaríase co foco poemático, que agora –e fronte ó eu romántico do *intimismo sentimental*– corresponde a un *eu intrasubxectivo* relacionado coa crise do suxeito modernista e o problema da identidade, xa non estable e homoxénea, senón desarticulada e discontinua (Santiáñez, 2002: 325 e ss.). Trátase, en razón diso, dun suxeito *complexo* que afonda no reino interior, que se adentra polas “galerías del alma”, que baixa ós ámbitos máis escuros, abisais e tebregosos da intimidade. Tamén –segundo trazo– *polifónico*, pois nesa intimidade aveseda proxecta –como nun labirinto de espellos– plurais imaxes

dun eu discontinuo, en dispersión. E, en fin, *multiforme* e *proteico*, pois, que se modeliza nunha varia tipoloxía de “eus”, tales, por exemplo, o *eu da visión ideal*, o *eu da visión sensitiva*, o *eu da ollada absoluta*, o *eu visionario das correspondencias*.

Outro principio –de moito relevo– relaciónase co que Bacigalupo (1999: 255-271) chama *poética da impersonalidade*, e que ten cristalización nos *procesos de desdoblamento* e de *escenificación*. Son tácticas que dunha banda, e fronte á ostentación egotiva romántica, encubren a presenza do “eu” no primeiro plano do poema; doutra banda, exercen control –pudor afectivo– para evitar a caída na *herexía da paixón*, no que Poe consideraba “esa paixón que é a intoxicación do corazón”; e, mesmo tamén, establecen unha distancia síquica que propicia o socalco íntimo, a ollada interior sobre dun “eu” cada vez máis enviso e labiríntico.

Pero quizais o principio máis relevante (e revolucionario) sexa o trunfo da *fantasía dictadora*, é dicir, dun poderoso irracionalismo verbal ou da expresión que vai callar nunha imaxe poética de fundamento subxectivo (fronte á imaxe tradicional de fundamento obxectivo, lóxico). Dentro da súa moi varia tipoloxía, o símbolo –que xa formula líricamente Baudelaire no soneto das “Correspondences”– vai ser, sen dúbida, a figuración de meirande impacto, novidade e difusión na expresión poética moderna, e que, por certo, a Rosalía de *Follas novas* abre na lírica peninsular (López-Casanova, 2013: 17 e ss.).

Non se pode deixar de sinalar, tampouco, o relevo que no poema acada o valor expresivo da suxerencia, as tácticas –moi complexas– da implicación, e en razón diso –e do subliñado para a imaxe (de índole irracionalista)– o poderoso hermetismo, a escuridade que envolve ó poema moderno.

Xa para rematar este apartado, hai que ter moi presente –e valorar– que o tronco da tradición simbolista desenvólvese no tempo de xeito moi unitario e coherente ó través de ramas ou liñas que dese tronco –e determinadas polos principios da poética epocal– vanse manifestando en ben ricaz polifonía, tales o *esteticismo* (metapoético/ culturalista), o *impresionismo* (sentimental/ escénico), o *esencialismo*, os tipos de *simbolización*. Son, por suposto, ramas que teñen presenza fecunda –e así definen– na obra dos nosos grandes poetas da *xeración da vangarda*, que son os que traen a modernidade poética.

2. O neotrobadorismo: trazos dunha escola

É dabondo sabido que *Nao senlleira* (1933), de Bouza-Brey e *Cantiga nova que se chama riveira* (1933), de Cunqueiro son as dúas obras emblemáticas que abren na nosa lírica o *neotrobadorismo*,²⁹⁴ isto é –para dicilo con termo de Filgueira Valverde (1959: 6)–, a recuperación da *forma inmóbil*, os moldes compositivos (ordenación paralelística, leixaprén, refrán) propios da cantiga medieval. Unha recuperación que, á vez, vai supor a revalorización das formas da lírica popular (moi presentes, asemade, nos dous poemarios citados).

Ora ben, e é una pregunta fundamental que a crítica non se ten feito: no contexto epocal/xeracional que deixamos debuxado, a que liñas de sentido responde o *neotrobadorismo*? Convirá dar una resposta un pouco polo miudo.

A *xeración da vangarda* –primeira cuestión– desenvólvese nunha interesante relación de contrarios. Como xa indicamos, eses poetas –cos do *Grupo da República*– traen a modernidade á nosa lírica, marcan unha radical ruptura, asumen a *concepción asociativa* determinante do tronco de tradición simbolista, e dan paso ás ramas ou liñas do tronco. Máis aínda, algúns deses autores –Manuel Antonio, Acuña, Cunqueiro– vencéllanse, no conxunto ou en parte da súa obra, á extremosidade vangardista, á ruptura que fronte á poética canónica traen os *ismos*, de acordo coa tensión de poéticas (simbolista/antisimbolista) que Marjorie Perloff (1981) considera como propia da modernidade. Temos, pois, un dobre signo de ruptura ben presente na xeración.

Pero tamén temos doutra banda –velaí a relación de contrarios– unha forte pegada da tradición. Certo –xa o apuntamos– que rompen coas liñas do *enxebrismo* e do *patrianismo* que viñan do *Rexurdimento*, pero o coñecimento dos *Cancioneiros*, sobre de todo tras da próxima edición de Nunes (1926-28), abre para estes poetas unha vía anovadora de enlace coa tradición, outra forma de *enxebrismo* que vai dar ben ricaces froitos (e que –non se esqueza– trae asemade unha decisiva revalorización da lírica popular). Xa que logo, esa relación *tradición/ modernidade* –tan presente, por exemplo, en Amado Carballo, Pimentel, Acuña, Casas, Cunqueiro ou Iglesia Alvariño– vai ser moi definitiva da xeración.

²⁹⁴ Sobre o neotrobadorismo, vid. T. López (1997) e Camiño Noia (1998).

A recuperación da *forma inmóvil*—e estamos nunha segunda cuestión— responde por máis, de xeito modélico, a un principio ben caro á lírica moderna, tal é o *esmero da razón compositiva* que xa parte de consideracións de Poe (*The Philosophy of Composition*, 1846), está en Baudelaire e Mallarmé, chega a Eliot, a Valéry ou Guillén. O poema en canto á composición, pois, queda entón suxeito a un rexo traballo construtivo, sometido a rigorosas regras estruturais ditadas por unha “intelixencia vixiante” que, fronte ó fragmentarismo e a digresión, controla e guía a ferverza, o pulo da creación (Bousoño, 1981, II: 272 e ss.). Nese plano da esixencia compositiva, a *forma inmóvil*, xa que logo, ofrece uns moldes ou esquemas do meirande relevo e eficacia artística.

Queda aínda, xa para rematar, un terceiro aspecto, que é o que se refire á *tensión disoante* (Friedrich, 1974,: 21 e ss.), trazo tamén moi definidor da poesía moderna. En efecto, trátase agora da tensión que no poema se produce entre a forma exterior e maila forma interior; isto é, entre o molde compositivo ou estrutura que dita a “intelixencia vixiante” e, logo, as irisacións significativas que, dende o interior, irradian as imaxes de natureza irracionalista, simbólica, tinguidas de nebulosidade, abertas á suxerencia, de poderoso pulo impresivo-emotivo. Doutra volta, o modelo formal da *cantiga* resulta do máis axeitado —e tal atopamos en preciosos exemplos de Bouza ou Cunqueiro— para motivar ese efecto ricaz da *tensión disoante*.

Respostada a pregunta que nos faciamos, e vistas as liñas de sentido que dan razón da recuperación da *forma inmóvil* (na súa relación coa lírica moderna), queda a consideración do *neotrobadorismo* —coincidindo co que apunta Carballo Calero (1973: 373)— como *escola* fecunda e de amplo desenvolvemento no panorama da nosa lírica contemporánea e ó longo de varias etapas e con cambiantes liñas.

Obviamente, hai unha etapa primeira —a fundacional— vencellada principalmente a Bouza e Cunqueiro (pero, tamén, con mostras de Casas ou Díaz Jácome). En *Nao senlleira* e na *Cantiga nova*, a recuperación da *forma inmóvil* non ten ningún sabor arcaizante, de arqueoloxía lírica; trátase, pola contra, dun molde —moi traballado en Bouza (“formalismo parnasiano”, di Carballo), máis lizgairo e áxil en Cunqueiro— que dá composición rigorosa (e propicia a miudo a *tensión disoante*) a contidos propios dalgunhas liñas da tradición simbolista, sexa o *impresionismo saudo-sentimental* (Bouza), sexa algún tipo de *simbolización* (Cunqueiro).

Xa no período da posguerra, ábrese unha nova etapa (baixo outros supostos epocais) e –ben curiosamente– a *escola neotrobadoresca* vaise ir desenvolvendo en dúas liñas creadoras de razón oposta. Dunha parte –e é Filgueira quen marca o seu comezo– maniféstase unha liña de *signo arcaizante*, isto é, que non só adopta o molde formal da *cantiga* (paralelismo, leixaprén, refrán) senón, tamén, outros formantes tipolóxicos (estrutura enunciativa e eixes temático-actoriais). Temos mostras admirables desa liña, por exemplo, nas creacións mimotextuais dos apócrifos que amosa Xosé M^a Álvarez Blázquez no seu *Cancioneiro de Monfero*²⁹⁵, tal esta cantiga que atribúe a Golparro (¿):

Madre, a San Treeçon irei
e no río banharme ei
antes que saya l'albor.

Irei, madre, á romaría
e banharme ei, a fe mía,
antes que saya l'albor

...

(p.94)

Ou esta cantiga preciosa e intensa de Luz Pozo Garza²⁹⁶, na que a mociña namorada –como na de Martín Codax– apostrofa ás ondas (aquí do mar de Viveiro) facéndoas partícipes da súa dor de ausencia, da súa soidade:

Ondas do mar de Viveiro.
O hourizonte está valeiro
sin amigo.

O hourizonte está pechado,
meu amigo foi levado,
meu amigo.

A terra perdeu o vento,
eu perdín o meu contento,
sin amigo.

...

(p. 328)

²⁹⁵ Edicións Monterrey, Vigo, 1953

²⁹⁶ Cito por *Escolma de poesía galega. IV. Os contemporáneos*, edición de F. Fernández del Riego, Galaxia, Vigo, 1955.

Doutra parte, e fronte da arcaizante apuntada, hai unha *liña anovadora* que –como sobre de todo facía Cunqueiro– manexa con axilidade e frescura a *forma inmóbil* (e tamén a *canción* de base popular), libre doutros formantes tipolóxicos e con contidos e linguaxe acordes coas poéticas do momento, fundamentalmente coas de signo existencial. Quen mellor representa esta liña vai ser, sen dúbida, Novoneyra, en páxinas de *Os eidos-2* (1974)²⁹⁷, na parte “Follas de cantigas do derradeiro trovador”. Tiñamos esta mostra:

Según a tarde vai caíndo
vânseme sumindo
os sonos na sombra e vai subindo
a door.

Según a noite vai entrando
vânseme afogando
os sonos na sombra e vai medrando
a door.

Según a noite vai enchendo
vânseme perdendo
os sonos na sombra e vai podendo
a door
(p. 45)

Nesta parte do poemario e na seguinte (“Diario de enfermo”) e co antecedente de “Ondas de saudade” de *Os Eidos* (1955), o poeta do Courel constrúe o seu *mito persoal* do *doente* (*soidoso*), é dicir, a figuración dun suxeito enviso que, afondado no baleiro íntimo, vive a perda de todo, a radical ausencia. Na dramática cantiga citada, o axustado paralelismo dos tres conxuntos de moi lenta progresión, coas anáforas e a epífora, acerta a dar expresión a contidos de relevo simbólico (a experiencia da “noite” e a “sombra” posuidora), máis esa “door” infinda que se vai apoderando –vencendo– do eu lírico.

²⁹⁷ Galaxia, Vigo, 1974.

6 canciones de mar *in modo antico*: deseño e sentido

1

*Porque non seca a morte a fonte das cantigas
eu vos chamo, segreles, que veñades cantar
onde os verdes loureiros gardan vellas ermidas,
cabo das sabias ondas sulcadas do luar,
das insuas da ribeira nun antigo lugar,
¡San Cremenço do mar!*

*Porque non tolla o frío o albre dos cantares
eu vos digo, rapazas, que vaiades bailar
onde os gayos loureiros quecen fríos fogares,
cabo das tolas ondas, cando o sol vai raiar,
das insuas da ribeira no máis ledo lugar,
¡San Cremenço do mar!*

2.

*Un loureiro esguío
i-un cantar antigo,
no Santo do Mar.*

*Un loureiro illado
i-un cantar lonxano,
no Santo do Mar.*

*Un cantar antigo,
por amor amigo,
no Santo do Mar.*

*Un cantar lonxano
por amor amado
no santo do Mar.*

*Por amor amigo,
das ondas traído
ó Santo do Mar.*

*Por amor amado,
das ondas levado
ó Santo do Mar.*

*Das ondas traído,
co loureiro esguío
do Santo do Mar.*

*Dos ventos levado,
co loureiro illado
do Santo do Mar*

3

*Furnas da dura costeira
si tedes a vos primeira,
ese cantar
querédesmo ben mostrar?*

*Furnas do alto penedo,
si sabés a vos que eu quero,
ese dizer
eu quixera deprender.*

*Si tedes a vos primeira,
feita sabor da ribeira,
ese cantar
querédesmo ben gardar?*

*Si sabés a vos que eu quero,
feita do mar e do ceo,
ese dizer
eu viñera por saber.*

*Feito sabor da ribeira,
furnas da dura costeira,
ese cantar
non m'ó querades negar!*

*Feito do vento delgado,
furnas do penedo alto,
ese dizer
non o deixedes perder!*

4

*Bailemos, ai ledas,
raiar de San Johán,
so ramos d'estrelas,
nas portas do vran.*

*Bailemos, doncelas,
na crara mañán,
nas portas do vran,*

cantar de quincelas.

*Bailemos, ai ledas,
raiar de San Johán,
cantar de quincelas,
fogueiras no chan.*

*Bailemos, doncelas,
na crara mañá*

5

*Da ribeira do río
vin chegar un navío,
ai amor,
que trouxo o sino.*

*Da ribeira do alto,
vin entrar o trincado,
ai amor,
que me trouxo o fado.*

*Vin saír o navío
e chegar o desvío,
ai amor,
a levar amigo.*

*Vin marchar o trincado
i-entrar o desengano,*

*ai amor,
a roubar amado.*

*Para longo desvío
non ei mar nin navío,
nin amor,
nin sabor do río.*

*Para logo desengano,
nin auga, nin trincado,
nin amor,
nin sabor do alto!*

*Nosa Señora da Barca
eu ben a vin no sol posto;
ten unha rosa na man,
outra na mazán do rostro.*

*Nosa Señora da Barca
eu ben a vin no sol novo;
ten unha estrela no mar,
outra dormida no colo.*

*Ten unha rosa na man,
outra na mazán do rostro.
Nosa Señora da Barca,
vinde vela no sol posto!*

*Ten unha estrela no mar
outra dormida no colo,
Nosa Señora da Barca,
vinde vela no sol novo*

[A] *Deseño*


As seis fermosas cantigas que Filgueira Valverde publica no nº 7 (1941) da revista *Albor* (*Cuadernos de poesía*, Pamplona), dirixida por Díaz Jácome (poeta destacado do *neotrobadorismo*), amosan valores varios. Son, en primeiro termo, composicións auroras en galego que se publican tras da desfeita da guerra do 36; marcan, xa que logo, o reinicio da *escola neotrobadoresca*, o enlace con esa fecunda liña da tradición; e, en fin, abren –segundo dixemos– a *liña arcaizante* da escola (con antecedentes en exemplos das *Primeiras cantigas de amor* (1936), do citado Díaz Jácome).

Na súa razón intrínseca, as cantigas forman un conxunto textual moi articulado, moi medido, sabiamente organizado. Trátase –no punto de partida do seu deseño– dunha construción que xoga –e teñen o meirande relevo– determinados emparellamentos, determinadas relacións contrastivas e mesmo correspondencias. Pois ben, esa tecida montaxe do conxunto, esa medida articulación, podería quedar esquematizada nestes cinco puntos seguintes:

- (i) Como base xeral do *deseño*, os seis poemas quedan artellados en tres emparellamentos binarios (xa de contaste, xa de correspondencia).
- (ii) O conxunto organiza a súa tematización sobre tres eixes: *o canto*, *o amor*, *a festa*.
- (iii) De acordo co cadro tipolóxico das cantigas, as cancións amosan, segundo os emparellamentos, variedade de formas líricas.
- (iv) Asemade, e en razón das formas líricas, o conxunto ofrece una rica modulación polifónica.

- (v) Xa por último, e na relación *correspondencial/ contraste*, ten especial relevo o temple anímico, a tonal de sentimento de cada composición (e en relación cos eixes temáticos articuladores).

E, en razón do subliñado, teríamos entón o seguinte esquema do *deseño*, da articulación (utilizamos romanos para marcar as cancións, aínda que no orixinal van sinaladas con arábigos):



Que concretamos, agora, con estas indicacións clareadoras:

- Quedan emparelladas [I-III] as cantigas impares/alternas de comezo, que responden ó eixe temático do “canto” e manteñen una relación de contraste (+/-).
- Un segundo emparellamento dáse entre as cancións [II-V] par/impar internas, agora sobre o eixe do “amor” e en correspondencia de negatividade (-/-).
- Queda, en fin, o emparellamento das cancións [IV-VI], pares/alternas de remate, que tratan o motivo temático- celebrativo da “festa” e amosan correspondencia positiva (+/+).

Segundo se advirte, e tal como apuntabamos, o *deseño* do conxunto responde, na súa articulación, a moi axustadas pautas distribucionais (montaxe dos emparellamentos), repartos temáticos e, sobre deles, correspondencias ou contrastes (con tonal positiva ou negativa). Vexamos de seguido, un pouco polo miúdo, as razón de sentido de cada emparellamento dese *deseño*.

[B] *Sentido*

A canción [I] ben pode ter –polo que veremos– unha función de “pórtico”, de apertura do conxunto textual. Responde, na estrutura enunciativa, a unha apóstrofe lírica identificable cun acto de fala directivo, unha “chamada” que o falante/poeta dirixe a dous enunciatarios internos,

os “segreles” (Uv.2) e as “rapazas” (v. 8). Chamadas celebrativas, pois é unha convida a “cantar” e máis a “bailar”; e ben positiva, esperanzada, porque – explícita– a “fonte das cantigas” “non seca a morte” e ó “albre dos cantares” “non tolla o frío”. Son interesantes, neste sentido, as imaxes montadas sobre os vehículos “fonte” e “albre” (na fórmula B de A), de base arquetípica, e que no seu fundamento aluden, en converxencia, a pulo vivificador, a don de vida manifestada; logo, como termos negativos, a “morte” e o “frío” farían referencia –se atendemos ás palabras do propio autor (Luz Méndez, 1999, II: 951)– ós signos de desfeita da guerra civil (“a estragueira das armas”). Cantiga, pois, de fe na vida, de afirmación celebrativa tras da tebegosidade sufrida.

Na función de “pórtico”, a canción –de perfecta composición simétrica e ordenación paralelística (6vv./ 6vv.)– achega tamén o que vai ser escenario –agás a final– do conxunto: o “ledo lugar” de San Cremenço, o Santo do Mar, unha illa na ría de Pontevedra, pertencente á freguesía de Santa María de Ardán e ó concello de Marín. Con este escenario, o noso poeta acada dous logros significativos: un, ten como marco un *locus* íntimo, da súa paisaxe natal, da xeografía cordial tan vencellada ó seu sentimento, á súa vida; outro, enlaza coa tradición lírica dos *Cancioneiros* e, en concreto, co xograr Nuno Treez, orixinario de Pontevedra, e que sitúa as súas cantigas de romaría na ermida do Santo do Mar²⁹⁸:

Estava-m’eu en San Clemenço, u fôra candeas queimar,
e disse-mi o mandadeiro: “*fremosa de bon semelhar,*
agora verrá ’qui voss ’amigo.”

...

(LPG-P,1996,II: 700.)

O motivo do “canto” fixa o emparellamento –tal dixemos– coa canción [III], tamén con estrutura enunciativa de apóstrofe lírica, pero agora identificable cun acto de fala directivo que é un “prego” que fai o falante/poeta. Un “prego” que dirixe –ti lírico, receptor representado– a un elemento da paisaxe mariña (“furnas da dura costeira/ furnas do alto penedo”), do que solicita –dende a privación– un proceso de doazón dun “cantar/ dizer” feito de “mar”, “ceo” e “vento delgado”. Resulta tamén

²⁹⁸ Cito por Mercedes Brea (Cood.), *Lírica profana galego-portuguesa*, Centro Ramón Piñeiro, Santiago de Compostela, 1996.

interesante, ó respecto, a asociación imaxinativa cos termos citados, que combinan –sobre base asemade arquetípica– o ascensional e descensional, e que aluden no seu imaxinema, pois, a un “canto” transido de alento ou sopro espiritual e vivificador, sublimador, e de pulo –tal o “mar”– transformador e de renacemento. Canto, en fin, liberador, que o poeta necesita.

A canción [II] é unha *mariña* enmarcada na illa do Santo do Mar e na que, en actitude lírica de linguaxe de canción, a rapaza namorada dóese do desengano amoroso. Ora ben, esa dorida vivencia da mociña exprésase –de aí a súa intensidade, o seu dramatismo– nun modulado movemento contrapuntístico e ó través de signos emblemáticos.

Dáse, así, unha *melodía da ilusión* cando a protagonista poemática “sente” a presenza do amigo nos emblemas “loureiro” e o “cantar” –que ben poden simbolizar o trunfo/alegría do amor–, aínda que os modificadores “esguío-illado” e “antigo-lonxano” xa quizais indician certa negatividade. Logo, a oposición “traído/levado” no segundo bloque (catro estrofas) da composición, marcan a conversión daquela “ilusión” sentida en dramático desengano. As “ondas” e mailo “vento” son as forzas –os axentes– executores da privación que sofre a namorada: presenza que se presentía, ausencia definitiva que se constata:

Por amor amado,
das ondas levado
ó Santo do Mar.

...

Dos ventos levado,
co loureiro illado
do Santo do Mar.

O desengano amoroso é tamén o motivo temático da canción [V], formulada –o mesmo cá anterior– en linguaxe de canción, en aberto dicir da namorada, e que na súa tipoloxía corresponde a outra *mariña* (de semellante escenario e localización).

Atendendo a outros aspectos, os emblemas indiciais do amigo advertidos na canción anterior, dan paso nesta a un verdadeiro *topos*, o do “navío” como sinal da presenza do amigo, e que ten amplo recorrido nos nosos *Cancioneiros*, moi especialmente en Torneol, Chariño ou Bolseiro. Lembremos os versos de Chariño (LPG-P, 1999,II: 711):

As flores do meu amigo
briosas van no navyo.
E vans 'as froes
d'aquí ben cos meus amores,
idas som as froes
d'aquí ben cos meus amores

...

E os de Bolseiro (LPG-P,II:581):

Nas barcas novas foi-s'ó meu amigo d'aquí
e vej'eu viir barcas e tenho que ven i,
mia madre, o meu amigo.

...

Compositivamente, o desengano amoroso articúlase en simetría contrastativa, coa oposición entre –dunha banda– as estrofas I-II, e –doutra– as III-IV. Nas primeiras, “vin chegar/vin entrar” (o “navío/o “trincado”) dan expresión –como sucedía co “loureiro” e o “cantar” na canción [II]– á ilusión pola chegada do amigo; nas segundas, “vin saír/ vin marchar” manifestan ese “entrar o desengano” do que se doe a protagonista. Logo, unha estrofa de táctica recolectiva pecha, como dramática síntese, a composición para nos dar (“non ei mar nin navío/ nin amor [...]”) a mágoa na que se asolaga a rapaciña namorada. Xa que logo, e resumindo o emparellamento destas dúas cancións, teríamos:

- (i) Son dúas *mariñas* co escenario –sabido– do Santo do Mar, nas que, en linguaxe de canción, a namorada dóese do desengano amoroso.
- (ii) O motivo amoroso móstrase –e así dramatízase– mercé ó contraste entre *ilusión* e *desengano*.
- (iii) A ilusión da presenza do amigo asóciase –nun caso– a uns emblemas indiciais (“loureiro” e “cantar”) e, noutro caso, ó *topos* do “navío”.
- (iv) Dáse, nas dúas cancións, unha esmerada razón compositiva ó servizo da modulación temática e do mecanismo de contraste.

No avío final do conxunto –cancións [IV- VI]–, o motivo común da “festa” recupera a tonal celebrativa, positiva. Volven, asemade, a voz do falante/poeta e maila apóstrofe lírica, outro acto de fala directivo, unha “chamada” que, nun caso, convoca ás “doncelas” para o baile, e,

noutro, diríxese ós devotos para que concurran (“vinde vela”) á romaría (por máis, aquí o falante/poeta móstrase “testigo” da celebración (“eu ben a vin”).

Do mesmo xeito que no emparellamento se dan correspondencias tan marcadas –motivo festeiro, estrutura enunciativa, tipoloxía– tamén hai, claro é, singulares diferencias. No caso da canción [IV], o motivo festeiro ten unha localización temporal (amais da implícita espacial do Santo do Mar), que é, nin máis nin menos, ca o raiar da mañá de San Johán, de tan rica tradición celebrativa, festa verdadeiramente emblemática nas portas do verán, e á que se alude con algúns signos escénicos (“cantar de quincelas”, “fogueiras no chan”, “ramos de estrelas”). No caso da canción final –a [VI]–, temos unha localización espacial que do Santo do Mar vai, agora no remate, á romaría da Nosa Señora da Barca, en Muxía, na Costa da Morte (que tamén evocará Rosalía nun dos seus *Cantares gallegos*), e que ten a súa orixe nas lendas atlánticas das navegacións maravillosas (Bouza-Brey, 1982: 203 e ss.). É fermoso, na canción, os trazos que o falante/testigo –e descriptor, pois– danos da imaxe da Virxe, co detalle da “rosa” (na man e na “mazá do rostro”) e da “estrela” (“no mar” e “dormida no colo”), axeitados emblemas para destacar, por vía imaxinativa, a beleza pura, o amor, o camiño de luz guieira que Ela representa. Final, pois, precioso, de sentida devoción mariana, e que rinde homenaxe a unha das máis celebradas –e de máis vella tradición– romarías do noso país.

Coda

Resumamos agora, coa meirande brevidade, os puntos máis destacados da nosa achega. Teriamos o seguinte:

1. Filgueira Valverde, membro –como estudoso– da *xeración da vangarda*, e grande especialista na nosa lírica medieval, achega un conxunto lírico de enorme interese, e que responde a claves da *escola neotrobadoresca*.
2. Esa *escola* ten a súa razón de sentido na relación de *tradición/modernidade* que caracteriza á *xeración da vangarda* (marcada polo signo “polémico ou de ruptura”), e máis por dous decisivos principios da *concepción asociativa*; isto é, o *esmero da razón compositiva* e a *tensión disoante*.

3. O conxunto textual das 6 *cancións* ten ademáis relevo porque é auroral na nosa lingua trala desfeita da guerra do 36, e, publicado no 1941, reinicia a *escola* e abre unha *liña arcaizante* de moita interese (que logo continuarán outros autores de relevo).
4. Trátase, por máis, dun conxunto sabiamente tecido, articulado, de complexa estrutura dispositiva, con relacións de contraste e correspondencias, e que na tematización responde a tres eixes: *canto/ amor/ festa*.
5. As seis cancións, nos seus emparellamentos, amosan asemade unha rica variedade tipolóxica (*mariña, romaría*, etc.), e mesmo unha moi modulada polifonía (na modalización lírica ou poemática).
6. Na expresión, o uso de determinadas imaxes, emblemas ou vehículos de base arquetípica, acerta a irradiar moi suxerentes significados. Pola súa parte, en tódalas composicións dase un rigoroso *esmero compositivo*, unha valiosa recuperación da *forma inmóvil*.

A.L.-C.

(Universitat de València)

Bibliografía citada

Bacigalupo, M. (1999): “Le poetiche dell’impersonalità: Pound, Eliot, Joyce e Lewis”, en Giovanni Cianci (ed.), *Modernism/Modernismi, dall’avanguardia storica agli anni Trenta e oltre*, Milano.

Bousoño, C. (1981): “Poesía de la época contemporánea”, en *Épocas literarias y evolución*, Madrid, Gredos, pp.272 e ss.

Bouza-Brey, F. (1982): “El santuario de la Barca y su tradición marinera”, en *Etnografía y folklore de Galicia*, Vigo, Edicións Xerais de Galicia.

Carballo Calero, R. (1973): *Historia da Literatura galega contemporánea*, Vigo, Galaxia.

Filgueira Valverde, J. (1959): “El retorno a la forma inmóvil en la lírica gallega”, *Ínsula*, 152-153, p.6.

Friedrich, H. (1974): *Estructura de la lírica moderna*, Barcelona, Seix Barral.

Kibedi-Varga, A. (1977): *Les constantes du poème*, París, Ricard.

López, T. (1977): *O neotrobadorismo*, Vigo, A Nosa Terra.

López-Casanova, A. (1990): *Luis Pimentel e “Sombra do aire na herba”*, Vigo, Galaxia.

_____ (2013): *A modernidade poética de Rosalía: unha interpretación*, A Coruña, RAG, pp. 17-42.

Méndez Fernández, L. (1999): “Algunhas notas sobre Filgueira Valverde e o neotrobadorismo”, en Rosario Álvarez/Dolores Vilavedra, *Cinguidos por unha arela común. Homenaxe ó profesor X. Alonso Montero*, Santiago, USC, pp. 947-955.

Noia, C. (1998): “O neotrobadorismo das 6 cancións “in modo antico”, en VV.AA. *Homenaxe a Xosé Filgueira Valverde*, Museo de Pontevedra, pp. 411- 428.

Perloff, Marjorie (1981): *The poetics of Indeterminacy: Rimbaud to Cage*, Princeton, N.J., Princeton UP.

Santiáñez, N. (2002): “Sujetos” en *Investigaciones literarias. Modernidad, historia de la literatura y modernismos*, Barcelona, Crítica.

**O BAÚL DE DON XOSÉ
OS *ADRAL*, A NOSTALXIA E A INFANCIA EN FILGUEIRA
VALVERDE**

ANTÓN LOPO

Tiña Filgueira Valverde nostalxia da infancia, da adolescencia, da primeira xuventude? A pregunta xurdíume espontaneamente despois de ler, durante varios meses, o prezado material biográfico que don Xosé deixou nos nove volumes dos *Adral*, título que lle deu á colleita dos seus artigos como tributo á homónima revista que, en 1925, editou en ciclostátil canda outros estudantes universitarios composteláns [nesa revista, asinaba como *Filicaria*, tal e como o chamaba Otero Pedrayo]. Non cabe dúbida de que nos textos do [novo] *Adral*, publicados desde 1979 ata a súa morte, e máis, subxace unha atmósfera que encaixaría sentimentalmente na morriña e, desde un punto de vista político, no ludismo, pero resulta menos incuestionable albiscar unha nostalxia por esa fascinante etapa da vida centrada na aprendizaxe [a infancia e a adolescencia]. Talvez, porén, a morriña, o ludismo e a nostalxia son tres manifestacións distintas dun único trazo no carácter dun home que agochou as emocións en lugares secretos [un baúl] e que en contadas ocasións deixou transparentar sentimentos ou amor [o versificador, por veces, como se leva indicado, asfixiaba ao poeta].

O término ludismo evoca a rebelión rexistrada na Gran Bretaña a primeiros do século XIX contra as novas tecnoloxías industriais, que empobrececeran os artesáns e os enviaron directamente ao desemprego. Nos *Adral*, o ludismo aparece de esgueira, en comentarios á marxe, como unha queixa pola sociedade contemporánea, que para Filgueira impuxo o ritmo vertixinoso dos automóviles [el nunca sacou o carné de conducir] ou dos teléfonos, ao tempo que volveu máis superficiais as relacións humanas e impuxo o apresuramento nos faladoiros. Resulta sorprendente, en certo modo, que este Filgueira dos anos oitenta tome semellantes posicións porque, segundo todos os membros da súa familia, a finais dos anos cincuenta e primeiros dos sesenta era un adañl das novas tecnoloxías e, en palabras do arquitecto Pedro de Llano, que o tratou nos noventa, “era o máis moderno dos vellos galeguistas”.

A primeira televisión que houbo en Pontevedra estivo na súa casa: era unha Grundig que mercara na Exposición Universal de Bruxelas en 1958.

Cando a instalou, nin sequera chegaba a Pontevedra o sinal da Televisión Española: recibía unicamente, e de forma moi débil, o sinal portugués, así que a familia vía a televisión cos ollos engurrados para albiscar siluetas. Uns anos máis tarde, cos cartos dunha conferencia que deu en Barcelona, mercou todo tipo de electrodomésticos e apareceu con eles na casa: unha lavadora, unha neveira, unha cociña eléctrica, unha abrillantadora e unha *turmix*. A *turmix*, en palabras dunha das súas fillas, Pilar, revolucionou completamente a familia. Ao parecer, deu en experimentar con ela e trituraba todo canto alimento se lle puxese a tiro, incluído o caldo. Unha rapaza que María Teresa, a súa muller, collera ao seu coidado, estaba desolada: “Co ben que se comía nesta casa ata que entrou o demo da *turmix*!”.

A morriña polo pasado está ligada ao seu ludismo: antes da luz eléctrica o ceo nocturno era máis fermoso e antes da chegada dos coches as cidades resultaban menos estresantes. Cando se fala das “cousas de antes”, do “ben que se vivía antes” ou do “lindas que eran as cousas de antes”, adoita ocorrer que o tan magnificado “antes” non se refire a épocas remotas, a espazos lendarios ou a momentos indeterminados do pasado, senón aos anos da infancia ou á primeira xuventude, eses anos nos que se espilen os ollos do entendemento e o mundo semella pristino, ideal, perfecto, puro... Logo, claro está, o mundo desbaraxústase. Desde o seu punto de vista, todo resultaba mellor antes agás o cheiro e o aire de Pontevedra: Nunha entrevista con Gustavo Luca de Tena [*A Nosa Terra*, 8 de novembro de 1990] asegura, respecto das emisións de Celulosas na ría do Lérez, tamén TAFISA, que a cidade “era tremendamente máis insana cando eu era neno. Todas as casas tiñan pozo negro e todas cheiraban a demo. Pontevedra cheirou sempre a demo. O que pasa é que hoxe o notamos máis porque estamos máis civilizados”.

Pero a existencia dunha nostalgia da infancia e da adolescencia en Filgueira non se revelaría só porque fale reiteradamente das cousas de “antes” [el era historiador despois de todo e, en certo modo, ao introducir notas da súa biografía en artigos sobre os próceres tamén reclamaba un lugar na historia] ou porque amose, ao último da súa vida, un vago escepticismo nos avances tecnolóxicos [excepto en Celulosas, á que el estivo vinculado]. A hipótese da nostalgia vén dada, máis ben, polo peso significativo que os anos infantís teñen nos *Adral*, peso que non teñen outras etapas da súa vida con maior trascendencia histórica, como o comezo do galeguismo, as xeiras do Seminario de Estudos, a Guerra Civil [durante a que fixo labores de

catalogación patrimonial], a dura posguerra, as andainas heroicas do Museo de Pontevedra, os anos do franquismo, a etapa na alcaldía de Pontevedra, as Cortes, a transición democrática, a Consellería de Cultura ou o Consello da Cultura, asuntos e institucións nas que el tivo un grande protagonismo. A desproporción respecto das páxinas dedicadas á infancia resulta tan avultada que a partir dos artigos dos *Adral*, traducidos algúns do castelán e aparecidos en diferentes medios de comunicación mesmo na ditadura, podería reconstruírse unha caste de autobiografía infantil, estilizada e marabillosa, pero non saberíamos, por exemplo, quen era Alexandre Bóveda, como se traslada o Consello da Cultura ao Pazo de Raxoi, como se funda Dereita Galeguista ou quen era Xerardo Fernández Albor. Tamén é certo que Filgueira, por razóns aínda non esclarecidas ou analizadas, mantiña unha especial querencia polos ámbitos dos nenos e dos adolescentes: a maior parte das súas prosas creativas teñen rapaces por protagonistas, empezando polo alusivo *Os nenos* de 1925 [cun conmovedor prólogo dedicado aos rapazolos irlandeses que viron morrer os seus pais na loita pola independencia]. *Agromar*, de 1936, é a primeira peza dramática en galego do xénero infantil e en *Quintana viva* (1971) amplía o catálogo de *Os nenos* con *Os nomeadeiros*, dezaseis relatos protagonizados por un mozo acólito. En paralelo, Filgueira foi presidente do Tribunal Tutelar de Menores de Pontevedra [o cal implicaba un contacto moi próximo con este abano de idades] e director do Instituto da cidade, onde desenvolveu un intenso labor pedagóxico e didáctico.

A autobiografía de Filgueira nos *Adral* (con contextualizacións extraídas dalgunhas entrevistas, en especial a de Pedro Rodríguez de 1958, en vésperas de ser nomeado alcalde) non só entraría nos detalles persoais senón que tamén nos debuxaría a Pontevedra da súa infancia, os seus ambientes, as súas tertulias, os seus personaxes máis destacados ou os grandes acontecementos culturais. Ata a vellez, seguiu-se sentindo o mesmo neno que corría polas rúas da súa cidade como polo rueiro dun teatro, ou o neno ao que lle gustaba usar do revés os anteollos porque consideraba que o mundo se adaptaba mellor ao seu propio tamaño a través do canon das miniaturas [pequenas, apreixables, distantes...]

Don Xosé naceu [1906], viviu e morreu [1996] na mesma casa, un edificio de granito construído polo seu avó que se foi gradualmente modificando [ampliacións, terrazas, galerías...] A súa nai chamábase María Araceli Valverde Yaquero e nacera en 1870 nunha vila das Alpujarras de

Granada, Ugíjar. Era monxa de San Vicente de Paúl. As monxas desa orde deben renovar os votos cada ano, de aí que puidese facilmente saírse das paúles para casar. O pai chamábase José María Filgueira Martínez. Estudara no Seminario de Tui e fora compañeiro do arcebispo Lago González. Esa vella amizade explica a confianza que o arcebispo tiña con Filgueira: pouco antes de morrer, cando el estudaba xa na Universidade compostelá, chamouno ao seu leito para que o acompañase nun tránsito tan difícil. Os seus pais coñecéronse en Compostela, xa que Araceli e unha irmá súa vivían cun cóengo da catedral que as trouxera de Granada. A súa historia de amor din que lle inspirou a Palacio Valdés a célebre novela *La hermana San Sulpicio*, que narra a relación dun médico galego cunha monxa andaluza. Ao parecer, a Filgueira esa lenda urbana non lle facía a máis mínima graza.

En 1903, Araceli e José María casaron en Madrid. El xa se fixera médico e dirixía en Pontevedra, desde 1901, o Instituto Provincial de Vacinación Antirrábica. Sucedera no cargo a Cobián Areal, un dos investigadores de vangarda en Galicia durante a última parte do século XIX, estudante en París e Berlín: foi o primeiro en usar Raios X en España e o seu Instituto de Vacinación converteuse nunha referencia internacional, comparable ao Pasteur. Cobián morreu repentinamente, segundo se cre por testar no seu corpo un prototipo de vacina. A don Xosé batizárono na igrexa de Santa María en 1906, uns meses despois de nacer. Os seus padriños foron o médico Enrique López de Ballina e Josefa Jalón Rey, casada con Augusto González Besada, ministro en distintas carteiras para Alfonso XIII: á súa morte, repentina, en 1919, o rei agradeceulle os servizos cun marquesado que herdou a súa muller. Besada, un conservador monárquico, escribiu obras sobre literatura galega, unha delas dedicada a Rosalía de Castro. A súa tertulia no Pazo de Poio pasaba por ser a máis refinada do país e nesas tertulias estaba presente Filgueira desde neno. Pasaba os días demerxido entre mulleres e cregos... El falaba das “velliñas” que animaran a súa infancia. Referíase, sobre todo, á viúva de Cobián Areal, Juana Gago, e á súa madriña, que o iniciaron na Literatura e lle falaban moito de teatro e de óperas... Embelecábase coa súa conversa: os arrepíos con que elas vían cruzar no cativo escenario do Teatro dos Soportais da Praza de Teucro a branca figura de Aminta en *Sonámbulos* ou a tremenda revelación de Azucena no remate de *Il Trovatore*. Daquel mundo romántico, a súa peza predilecta era *La Favorita* de Donizetti porque a acción transcorría en Compostela.

Desde os doce anos, polo que conta nos *Adral*, el xa estaba en primeira fila. A súa familia depositara nel grandes esperanzas e el non só non quería defraudalas, senón que posuía aspiracións propias. Aseguraba que unha das maiores sortes da súa vida foi ter uns pais formados no sentido divino do mundo e na curiosidade humanista. Eran unha familia con alcurnia pero os seus pais tiñan o criterio, compartido cos marqueses da Riestra, de que o rapaz estivese en contacto cos máis variados estamentos. E así, Nacho Riestra e mais el comezaron a concorrer ás Servas de María, onde estaban os rapaces da Moureira, o barrio mariñeiro da cidade. Este barrio sempre ocupou no seu imaxinario mítico un espazo principal e, de feito, cando o nomearon alcalde, xurou o cargo de xeonllos ante un crucifixo do gremio de mareantes da Moureira. “As vellas testemuñas dos mareantes do Arrabal pontevedrés da Moureira”, escribe en *O espírito relixioso e comunitario dos mareantes da Moureira*, “non poden ser máis xurdias. Ningunha o declara mellor que a edificación, feita por enteiro a costa deles, da Basílica de Santa María, que non ten na nosa Terra igrexa parroquial que poda igualala”. Filgueira incluíría entre as lembranzas máis claras desta etapa os xogos compartidos canda aqueles rapaces de orixe tan humilde, así como as “tardes de chuvia camiñando xuntos cos nosos zocos polo peirao”. No aspecto educacional, as persoas que máis o influenciaron naqueles primeiros anos foron sor Patrocinio e, na casa, unha francesa, Emily Deveze, a institutriz.

A Pontevedra de entón, segundo os seus recordos, era unha cidade pequena e calma onde as mulleres cosían e asexaban nas galerías, mentres os vellos se asomaban horas mortas nas fiestras... El miraba pasar rondas de amigos a se deter rindo as chuscadas ou cavilando nos ditos sentenciosos. Sabíase a hora da pasaxe dos do club, dos da rebotica, do ximnasio, dos cregos, dos profesores... E tamén a chegada dos noivos que falaban dende o chan coas mozas do segundo andar, que era un amor a berros ou por señas, baixo o zoroño figoneo dos curiosos... De noite, os serenos cantaban as horas e muñían do tempo que facía. De mañanciña, renxían os carros do estrume, escoitábase o paso das burriñas de Caldas, dos carricoches de Cambados, das peixeiras alporizadas nunha liorta. Viñan os vendedores dos diarios, ecoaban os pregóns... Pasaba un médico no seu birlocho e o *landeu* da marquesa. Apartábanse contra a parede as velliñas que ían a misa, a mulleres co cesto da praza, os obreiros coa ferramenta e o petate do xantar... Non

faltaban divertimentos: os titiriteiros con nenos saltaríns, cancións amaestrados e o reclamo dunha corneta berradoira. O portugués dos monifates co seu teatriño ao lombo; o cego do violín co cartel da refenda sanguíñenta, e a muller vendendo coplas; e os moinantes vendedores de chioladas e remedios... El podía medir os trancos da súa vida de neno polo altor do cristal onde asexaba a rúa: primeiro polos baixos da galería, despois os segundos, logo xa asomado ao batente aberto: “Coidado neno que podes caer”.

Entre os espazos máis senlleiros daqueles anos, lembraba especialmente o palacete de estilo francés da familia Méndez Núñez [en 1946, gracias á súa xestión, o Museo de Pontevedra puido reconstruír a cámara de oficiais do *Numancia*, a fragata que mandara o célebre almirante]. O pazo, máis coñecido hoxe como Casa dos Mendoza, era –opinaba el– un lugar clave da modernidade na cidade, xunto á Biblioteca Muruais, o Liceo Casino, A Caeira, os despachos de Pintos e de Sampedro, a Botica Feixoo e as tertulias dos luxosos cafés cos seus concertos cotiás. No pazo, viviu Carmucha Bibiano, sobriña de Méndez Núñez, unha muller moi *à la page*, eixo dunha rolda de amizades rica en persoeiros de moi diversas actividades e tendencias. Polo seu salón, calculaba Filgueira, pasarían Echegaray, Palacio, Concepción Arenal, Sarasate e “quizais, cos seus pais, “o mozo Picasso e o mozo Clarín”. A súa relación co pazo, arrinca na infancia, cando o invitaban a presenciar as procesións de Semana Santa desde o balcón. Anos máis tarde, xogará un papel moito máis relevante: neste palacete organizaba Casto Sampedro [primeiro director do Museo de Pontevedra] as súas tertulias, nas que el participou desde moi novo. Pasaban os dous horas mortas falando, ata o punto de que don Xosé se converteu no seu discípulo: “Eu representaba para el”, escribiu, “a continuidade en relación co seu discípulo preferido, o malogrado Enrique Campo Sobrino, que morreu en 1911, coa particularidade de que Enrique debuxaba admirablemente e eu non”.

Tamén lembra as temporadas que pasou de pequeno en “aldeas onde a noite pecha tiña unha fonda e misteriosa negrura. Téñome debruzado moitas veces bo peitoril da soleira para avesullar as trevas, baixo o luar ou o feble tremelucir das estreliñas”.

Entre os recordos imborrables, o da súa primeira comunión, que lle administrou o xesuíta Padre Gonzalo Coloma. El consideraba a Gonzalo un escritor superior ao seu irmán Luís Coloma, o autor da exitosa novela

Pequeñeces. A pesar de contar só con sete anos, subliñaba que nunca esqueceu “a fermosísima homilía que o Padre Gonzalo pronunciou aquel día”.

Do colexio das Servas de María pasou, aos oito anos, á entrañable Escola Pública Graduada e tivo o profesor predilecto da súa infancia: Pastor Abal y Cobas, “afortunadamente antimemorista furibundo”, dicía el. Leu a Biblia aos nove anos e pouco despois a Cervantes. Gustáballe andar só. Gustáballe entrar con pés de la nas capelas e contemplar as imaxes dos santos. Gustáballe xogar na praza do Peirao coa que chamaba a *Rolda do Peirao*, formada por mozoilos veciños, entre os que estaba Pío Cribeiro, logo bibliotecario do Partido Galeguista (PG). “Nesa praza”, escribe, “había o necesario para facer daquel pequeno mundo un paraíso: o pazo dos condes de Casa Goda, onde entraban os conspiradores portugueses que logo eran cercados pola policía de grandes mostachos e acababan escapando, un día si e outro tamén, pola porta traseira. Tamén estaba a Casa do Pobo, coas discusións dos gremios e dos sindicatos. Do outro lado, a escola de don Pastor e máis alá o ximnasio, con bailes e unha timba estupendos. E por fin, estaban os galáns escoitando desde a rúa, embelecados, ás señoritas da vecindade, que tocaban o piano coas fiestras abertas... A praza gustábame máis que o fútbol, ao que só un día me conseguiron levar os meus amigos. A medida que me fixen maior, o fútbol aínda me gustou menos: a sociedade actual converteuno no *ersatz*, o sustituto das liortas entre tribos, *populi* ou nacións”.

Conta que aos dez anos descubriu a música. Os seus primeiros pasos na materia deunos na Sociedade de Recreo de Artesanos, onde actuaba o Cuarteto Español. Empezou a afeccionarse e iso serviulle considerablemente para os seus estudos e para editar o Cancioneiro de Casto Sampedro, un dos textos clave para varios especialistas da musicoloxía galega. O interese pola música levouno a fundar no instituto de Pontevedra [foi o seu director durante décadas] un coro de estudantes a imaxe da lendaria Coral Polifónica, na que estiveran Castelao e Losada Diéguez, entre outros. Filgueira incentivaba a a actividade do coro mediante un convenio con saídas ao extranxeiro ou a outras localidades españolas. O convenio establecía que el pronunciaría unha conferencia e que o coro a ilustraría coas súas interpretacións. Aínda que Filgueira sempre fachendeou de ter moi bo oído, todo parece indicar que non era certo.

Aos dez anos sucedeulle algo que el cualifica de “marabilloso” para o seu mundo: entrou en contacto cos xesuístas que expulsaran de Portugal

na revolución de outubro de 1910. Os xesuítas ían rezar ao oratorio que a súa nai tiña na casa e iso permitiulle trenzar unha amizade estreita. Era –en palabras de Filgueira– “un grupo extraordinario de investigadores que influíron decisivamente na miña formación científica e me ensinaron a lectura en diagonal, unha ferramenta excepcional para ler volumes enteiros nun día ou comprender un texto dunha soa ollada”. Esta habilidade súa causou sempre gran impresión na xente... “Co Padre Antúnez”, engade, “inicieime na Literatura galaico-portuguesa e esa base axudoume a amar a Camoens, do que fun, e dígoo sen modestia, un dos seus máis excepcionais especialistas”. Por eses anos, abandonou a escola de Don Pastor e separouse dos compañeiros da *Rolda do peirao* para ir ao instituto. A separación afectouno emocionalmente (confesa nun artigo), moito ese cambio, pero no instituto coñeceu a Luís Pintos, fillo de Javier Pintos Fonseca, un teósofo, seareiro de Madame Blavatski e mestre de sesións espiritistas polo que Filgueira sentía unha afectuosa admiración. No artigo *Dunha espada misteriosa* (1991) descríbese así: “Gabexeirto, bulrista, apaixonado da boa vila, o mesmo ideaba a creación da Sociedade Filarmónica que a Casa Dórica, ensoñando un museo; traballaba por rexurdir a decaída procesión do Corpus ou rexía a Loxia Marco Aurelio; exaltaba a *Missa Solemnis*, editaba *Beethoven Teósofo* do seu fraterno Roso de Luna ou argallaba unha rexouba a calquer pastequeiro”. Luís Pintos, pola súa banda, sería o máis profundo amigo da súa adolescencia e da súa xuventude.

Ao instituto incorporouse no segundo curso, xa que fixera por libre o primeiro ao non ter a idade. Podía ir a un centro privado pero, despois de debatelos, os seus pais opinaron que lle conviña empaparse nas nocións da educación lateral e intercambiar coñecementos e tolerancias con outras ideas (na familia fundíanse as fondas raíces cristiás cunha militancia activa no apostolado de Acción Católica). A decisión, opinaba Filgueira, foi a mellor que os seus pais puideron tomar: naqueles anos, no Instituto de Pontevedra, confluía unha xeración de profesores e alumnos que marcarían o destino de Galicia no século XX. Entre os profesores, serían a partir de entón os seus guieiros Antonio Losada Diéguez e Castelao. O contacto con Losada resultou providencial, para el e para os que, dalgún xeito, o trataron: o propio Castelao, Alexandre Bóveda, Vicente Risco, Otero Pedrayo, Florentino Cuevillas... “O Partido Galeguista”, escribe Filgueira nun *Adral*, “non existiría se el non botase a súa semente, nin tampouco o Seminario de Estudos Galegos, a revista Nós ou o Museo de Pontevedra. As Irmandades

da Fala chegaron onde chegaron, gracias ao seu influxo e soporte”. Losada viña do carlismo pero pronto entrou en contacto co enxerto galeguista. Chegou a Pontevedra en 1919 desde Ourense, onde algún tempo colaborou coa Ditadura de Primo de Rivera, experiencia da que saiu escaldado. El tiña 35 anos e Filgueira trece. Na cidade, aínda o lembraban pola conferencia que pronunciara no Círculo Católico en 1910 sobre as posibilidades do compromiso social católico nun contexto de revoltas marxistas. O recordo de Losada foi, dalgún xeito, un patrón en boa parte da actividade política que desenvolveu. Foi impactante para el, un rapaz educado no Antigo Rexime, escoitar de repente argumentos que engastaban sen complexos a súa fe na modernidade. A amizade con Losada é a do discípulo neno cun mestre que era o seu espello: “nel”, subliña, “podíamos atopar ese modelo que os rapaces procuran. O saber filósofico, o saber de Dereito, o saber da vida, o saber de Galicia desprendido nos seus pazos galegos, cos paisanos, coas familias, coa terra. O ton coloquial das clases, o sentido do humor... Del aprendín a aceptar os reveses, a non forzar o destino e a valerme de toda ocasión propicia, a tratar o adversario con gracia e o inimigo con respecto. A súa casa abríase para nós a calquera hora e alí podíamos escoitar un comentario do *Cant Espiritual* de Maragall ou unha páxina de Bergson, ou o que acababan de publicar Risco e Cabanillas. Un filósofo que presidía un Club de Fútbol [o Eiriña], e posuía o poder da palabra, tiña para nós unha dobre aureola, a par da súa relixiosidade, que camiñaba cara á liberdade do espírito prescindindo de ñoñerías”.

Orfo de nai aos cinco anos e interno nos xesuítas da Garda, Losada Diéguez traballara en asociacións relixiosas, creara as Sociedades Agrícolas e convertérase nun dos espalladores en Galicia da encíclica *Rerum Novarum* de León XIII, que versaba sobre os dereitos da clase traballadora sen entregala aos brazos do comunismo. En Pontevedra, presidiu Acción Católica e o Círculo Católico de Obreiros, mentres laboraba a prol do uso do galego na liturxia, un facho que Filgueira continuou dentro das súas posibilidades ata que viu felizmente traducida a Biblia: sempre defendeu que o galego non sería fala dona de si mentres os seus falantes non tiveran “as santas escrituras na nosa lingua”. A amizade con Losada non esmoreceu ao acabar no instituto e trasladarse á Universidade de Compostela. Máis aínda, os lazos entre ambos estreitáronse. Formaban, opinaba Filgueira, unha comunión de ideais articulados arredor de Galicia, de Deus e do coñecemento: eran irmáns

de espírito e de patria. Débese ter en conta, neste sentido, como subliña o historiador Xosé Ramón Barreiro, que Filgueira vai cara a unha posición relevante no Partido Galeguista (PG) da man de Losada Diéguez. Pero a Losada faltáballe a visión de conxunto que posuía Filgueira, quen constrúe unha tese propia sobre a identidade de Galicia que supón unha negación de Murguía. No básico, defende que Galicia naceu coa romanización e non cos celtas, porque a romanización trouxera ao país os dous rasgos esenciais da súa identidade: a relixión e o idioma.

É significativo que o maior tesouro que Filgueira gardaba na súa casa [ademais do anaco da muralla de Pai Gómez Charriño que cruzaba o seu despacho] fose un baúl cos seus xogos de neno. Gardaba o baúl celosamente e unha vez ao ano (dúas como máximo) accedía a abri-lo. Só entón lles permitía aos seus fillos manexar os xoguetes e sempre baixo a súa atenta mirada. Cando consideraba que pasara un tempo prudencial, volvía os obxectos ao baúl (entre eles, un coche con corda, un enorme pallaso, un tren...) e gardábaos ata a seguinte ocasión. Ese baúl [hoxe perdido: a familia non gardou nin un xoguete daquel tesouro] era para os seus fillos un mito na infancia, talvez como para o seu pai foi a propia infancia [en por si] un secreto [o baúl].

Por moita información que nos deixase, por moitos datos que nos achegue, por moitos detalles que transmitise da súa Pontevedra princesecular, a sensación que nos queda é a de algo oculto, a dunha narración reconstruída, a dunha paisaxe idealizada... A sensación de que nada na súa infancia foi, en realidade, como o conta, o cal fai del un personaxe aínda máis atraente... Padeceu unha grave enfermidade [como parece suxerir a súa limitada mobilidade física]? Estivo a punto de morrer de neno? Como non aprendeu a nadar ou a andar en bicicleta? A que xogaba? Como se relacionaba cos outros nenos? Foi un rapaz distante [por moito que fale da *Rolda do Peirao*] ata que encontrou no instituto a súa alma xemelga en Luís Pintos [apadriñoouno na súa primeira misa]? É verdadeiramente o Nogueira da *Fiestra Valdeira* de Dieste, un estudante que lle dá moitas voltas ás cousas? Que había de propio nas miniaturas que observaba ao último dos anteollos cando os poñía do revés?

A.L.

ADRAL

BASILIO LOSADA

Escribo desde a gratitude. Tiven na miña vida tres grandes mestres, e moitos menos na universidade. Os meus mestres foron Ramón Piñeiro, Luis Seoane e Xosé Filgueira Valverde. Tres homes moi diferentes na súa visión política, e que souberon, desde as súas diferenzas, centrar o seu labor nun esforzo común. Piñeiro convertendo, en min e en moitos máis, o sentimento galego en consciencia de Galicia. De Seoane quixese eu ter vivido coa súa rigorosa ética, e non sei se o conseguín. De Filgueira admiraba o esforzo xigantesco en asentar, sobre bases sólidas, a historia do país, sempre fuxindo da pedantería na que se manifestan tantas veces as posicións de maxisterio. Filgueira puxo sempre o seu labor e a súa inmensa sabedoría en canles comunicativos. Gran parte dese traballo seu aparece nos nove volumes do ADRAL. “Como nos adros das nosas parroquias, dáse nestas páxinas o xuntoiro da vida e da morte, do rito e do costume, do sacro e do profano. Unha mestura onde vencéllanse verbas e falares, crenzas e costumes, historias, artes, mesteres todo contado coa posible fidelidade e cunha migalla de humor. **Manta farrapeira** de retallos tecida con retrincos de sempre”, di Filgueira no prefacio do primeiro ADRAL. Estes limiares que levan os primeiros volumes son pezas memorables para entender o propósito do autor.

Aclara noutro deles: “estes anacos revelan tamén o meu xorne e o meu xeito de traballo que, para ben ou para mal, comportan a mudanza de temas e de actividades, descansando dunha xeira con outra, e a miña nemiga a unha especialización abafante, deshumanizadora... Teño preferencia pola amizade con xentes de moitos libros e moi variados faceres, que teñan capacidade para alternar a rexa investigación nas ciencias da natureza co cultivo das humanidades... Neste senso, os ADRALES son un espello de min e un froito de meu lecer”.

Abrindo calquera dos nove volumes pode un comprobar a variedade e a fondura de coñecementos que tiña e difundía o polígrafo inmenso que foi Filgueira: a fala e os problemas dela, a literatura, tódalas artes, as festas e os costumes, “quebrando de intento os lindeiros de especialidade, en percura de camiños pouco andados... Dareime por ben satisfeito se podo sumar algo á vosa ciencia e consciencia de Galicia”. Por certo que nestes limiares hai

sempre coma unha desculpa, innecesaria en quen escribiu libros de inmensa doutrina, como a súa tese de doutoramento, publicada e desaparecida no 1936, ou o *Camões*, ou a biografía do Padre Sarmiento.

Teño eu sempre tres libros e algúns máis, se pode, ao alcance da miña man: Os nove tomos do ADRAL; os Ensaios de Montaigne –na nova edición da Bibliothéque da Pléiade– onde aprendín todo canto escepticismo precisei na miña vida. Volvo sempre, especialmente, á “Apologie de Raimond Sebonde”, cap. 12 do libro II. E logo no inmenso *Historia de la Decadencia y Caída del Imperio Romano* [de Gibbon], onde busco de tempo en tempo información que me permita entender todo o que vivimos. Despois, sempre, catro ou cinco libros de poesía con Pimentel e Heine permanentes. Nos “libros de lizgaira poligrafía”, como di Filgueira, intentando modestamente minimizar a importancia dos Adrais, “cada quen pode escoller o que lle pete...”

Non son os tomos da serie ADRAL esa “manta de farrapos” de que, con humor, fala Filgueira. Abonda con abrir calquera dos volumes para descubrir ensaios breves ou mais longos sobre infinidade de temas, sempre con Galicia como centro. En varios deles comeza unha sección baixo o título de “Da Fala” e outra “Das letras”. O volume IV está integramente dedicado a “Castelao na lembranza”, e os ensaios nel recollidos sitúan a Castelao nuns anos decisivos para a súa obra artística, literaria e política. “Os anos de moradía pontevedresa de Castelao foron de certo os máis vizosos da súa arte, e houbesen sido os mellores da súa vida se a morte do seu fillo Alfonsiño Daniel e a nova doenza dos seus ollos non viñesen a magalo”. Por certo que Filgueira dedica a Alfonsiño Daniel un memorable recordo nun dos seus ensaios. Hai referencias amplas tamén neste volume aos amigos pontevedreses de Castelao, á dotación pola Deputación dos fondos para a viaxe de Castelao por Francia, Flandes e en 1921 Alemania: o facsímile do diario de Castelao por estes países, editado esplendidamente polo Museo de Pontevedra, leva un limiar de Filgueira: “O Diario de Castelao na súa viaxe de pensionado desde xaneiro a novembro do ano 1921, é un libro que non ten par as nosas letras nin na crítica artística da Península naquel tempo”.

Noutro limiar, este á edición de *Cousas* de Castelao, edición da Caixa de Aforros de Santiago (1976) incluído tamén no IV ADRAL, hai un esquema dunha posible teoría do prólogo. Un moi amigo meu, Alberto Porqueras, publicou, aló polos anos da década 1950 a súa tese de doutoramento baixo o título de *El prólogo como género literario*. A tese

mereceu o Premio Menéndez y Pelayo á mellor do ano. Hei volver sobre este tema dos prólogos, pero vou centrarme agora nas ideas de Filgueira: para poñer un prefacio a un libro –di Filgueira– “pode un cair na teima daqueles profundadores que Castela refugaba porque se estruchan os miolos coma se fosen tubos de pintura para que saia un ensaio, ou, o que é peor, facer como aqueles eruditos que interpoñen un andamio de libros entre a obra que prologan e o lector, atrancando así a chegada de este á chegada a obra do artista. Por iso, comezo pedíndovos só que leades estas verbas se poden axudarvos a coñecer mellor a obra do autor. E, se non, non.”

Por certo que parte da miña admiración non se centra só na súa obra divulgadora inmensa, e tantas veces convertida nunha descuberta, senón tamén no seu traballo erudito: hai sempre nel un puntinho de cortesía para o lector, ausencia sempre de pedantería, algo necesario no que, en realidade, sempre é a oferta dunha obra ao lector. O caso é que Filgueira pedíume que lle puxese eu un prólogo a unha recolleita de traballos seus, *Estudios sobre lírica medieval* (1992). Eu negábame, por máis que moi agradecido, a aquela insólita proposta. No libro de Alberto Porqueres xa referido, di que a base do prólogo é que sexa á maneira de pórtico dun mestre recoñecido quen fala do traballo dun discípulo seu. No caso desta recolleita de traballos de Filgueira –que podería ser o ADRAL X– era eu, un descoñecido, o que presentaba a unha figura ilustre, un polígrafo recoñecido, un dos grandes expertos na lírica medieval románica que tería cátedra en calquera das mellores universidades de Europa.

Neste conxunto de traballos sobre lírica medieval hai textos memorables e renovadores, penso por exemplo nos estudos sobre a poesía de santuarios, ou o dedicado ao tema do viño e da ebriedade, e tamén dos xantares, nas nosas letras do medievo. O traballo fundamental é a reprodución do que se publicou no homenaxe a Joseph Piel no 1887, un estudo sobre a nomenclatura peculiar da cantiga galaico-portuguesa: *leixapren, refrán, cossaute...*

Penso, pois, que estes estudos sobre lírica medieval poderían constituír o volume X dos adrais. O ADRAL que comezou centrado nunha recolleita de anécdotas, recordos persoais e traballos dispersos adobiados con notas de un humor sempre respectuoso, convertendo, á maneira de D’Ors “a anécdota en categoría”, péchase con traballos de erudición pura e fonda.

Penso que fixen xa unha referencia nestas follas ao humor. Filgueira utiliza o humor nun exercicio de aproximación ao lector. É un humor que non fere a ninguén e que pon en primeiro lugar, e como fondo, a súa memoria da relación cos amigos, e sen centrar o “eu” na anécdota. Dixo Chesterton que “o humor non é o contrario do serio”, e ás veces, case sempre, o verdadeiro humor é un agasallo ao lector, coma un desexo de velar o seu dominio do tema para achegar o texto a quen vai lelo. Véxase, un exemplo, o artigo que, falando das Meninas, dedica ao “comer o barro”, que polo visto, segundo algúns eruditos, o púcaro que a menina lle ofrece á infanta Margarita nas Meninas ten que ver co costume de comer lama que practicaban as damas do XVII para branquexar a pel da cara.

É inescusable unha referencia ao tema dos amigos nestes volumes do ADRAL: á presenza constante de Castelao –o único a quen se lle dedica un tomo enteiro da serie– Otero Pedrayo, Risco e tantos outros, especialmente aos seus compañeiros no Museo de Pontevedra, exemplar esforzo que valería, só e por enteiro, un traballo especial. Quen queira saber como comezou a idea, quen colaborou desde o principio –Castelao, e un feixe de amigos– todos os que levaron a termo un esforzo que callou nunha obra de visita e meditación obrigada. Entre os escritores máis novos, Pimentel e Cunqueiro levan a mellor parte. E tamén Dieste. Sobre a morte de Cunqueiro hai no ADRAL II un fermosísimo traballo de memoria e despedida.

Dixo Xavier Carro que, ao longo da súa vida, “Filgueira foi divulgando os seus saberes, regalando, coma quen entrega sen darlle importancia este xeneroso arquivo do noso pasado. Os ADRAL recompilan moitas sinais de identidade que, de non ser por el, desaparecerían... Filgueira escribe desde a sabedoría e o optimismo vital dun home aberto e xeneroso. Todos estamos en débeda con el.”

Hai un texto importante de Filgueira que non vexo citado nas listas que recollen a obra total do autor, nin nos traballos máis actualizados que recollen a bibliografía de Filgueira centrada na lírica medieval. En 1949, e despois dunha longa preparación, apareceu o primeiro volume dunha obra extensísima –seis volumes se non lembro mal– dirixida por Guillermo Díaz-Plaja: *Historia General de las Literaturas Hispánicas*, editada en Barcelona por Vergara. Estes volumes [por Barna os primeiros e os últimos por Vergara, entre 1949 e 1968] son hoxe unha rareza que hai que procurar nas bibliotecas ou nas librerías de vello. Filgueira colaborou no primeiro volume, dedicado

á Idade Media hispánica, cun traballo que ben podería editarse á parte nun volume de duascentas páxinas. Tratándose como se trata da primeira publicación ampla e documentada da nosa lírica medieval, conviría prestarlle atención, por máis que contribucións nestes últimos tempos teñan posto ao día os resultados de investigación, achados ou interpretacións que, sen dúbida foi engadindo logo Filgueira en comunicacións a congresos ou en revistas da especialidade, e moitas en ADRAL, por exemplo, no número IX, a *Remuneración do axente lírico na poesía galego-portuguesa medieval* ou na recolleita de *Estudios sobre lírica medieval* (1925-1987).

Na súa bibliografía, aparte dos ADRAIS –el preferiría dicir ADRALES– onde se reproducen achados e intuicións notabilísimas, é fundamental a súa tese de doutoramento sobre *La cantiga CIII*, publicada no 1936 e da que non puider atopar nunca ningún exemplar. Por fortuna, publicouna Edicións Xerais de Galicia en 1982 baixo o título *Tiempo y gozo eterno en la narrativa medieval*. “El tema de la Cantiga CIII de Afonso X: un monxe pasa estático trescentos anos ouvindo o canto dunha ave celestial”, aparece tamén atribuída, xa non ao noso Ero de Armenteira senón no mosteiro navarrés de Leire, ao monxe Virila, documentado no ano 928 e con culto coma santo local desde os tempos de Sancho III o Maior.

Filgueira, nun prodixio de erudición, documenta na súa tese todo canto se sabía –e aínda sabemos– sobre visións máxicas e paradisiacas, e en definitiva, sobre a intuición dun tempo non absoluto nin medido polo reloxo, quer dicir, do “tempo” einsteiniano e da súa relativización polo pracer. Einstein falaba dun tempo relativo, ou sexa mediatizado por condicionamentos influíndo desde fóra del. O seu exemplo foi moi claramente exposto polo mesmo Einstein a un xornalista de Nova York no 1906:

“Se vostede está cunha moza xenerosa nun carto pechado, o reloxo marca un tempo, pero, para un, o tempo non tivo horas de sesenta minutos, senón con outra menor medida; pero se está nunha clase miña, o tempo relativo pasa por períodos de catro ou máis horas”. No capítulo III da súa tese Filgueira desprega unha erudición asombrosa sobre *Relatividad de la noción temporal*. Einstein morreu no 1955, Ero de Armenteira é o noso pre-einstein.

Einstein, destruindo a idea dun tempo absoluto, relativizando tempo e espazo: “o espazo é a medida do tempo”. Darwin mediatizando a idea de creación pola de evolución. Poincaré dicindo que a matemática é verdade só cando non se refire a nada real: dous, ou mil, calquera número que se refira

a algo que supere a unidade é só “unha maneira de entendérmonos que vén dun erro dos gregos: a invención da lóxica”. Sen existencia non hai esencia. Paga a pena reler un parágrafo do capítulo III da tese de doutoramento de Filgueira: “Hemos de recordar la distinción entre el tiempo conceptual y el tiempo como estructura psico-motriz...En el monje, por virtud del maravilloso canto, ha quedado suspendida la vida física, cuyas alternativas –hambre-saciedad, trabajo-reposo, vigilia-sueño– motivan los reflejos del tiempo como hábito”, é dicir do tempo absoluto. A bibliografía sobre o tempo e a súa medida contén na tese de Filgueira todo canto oitenta anos atrás podíamos saber. Hoxe, sabemos máis. A teoría de Heisenberg di que na física das partículas non podemos obter certezas, senón só posibilidades con relación a fenómenos físicos. Picasso destruíu na arte aparentes absolutos: perspectiva, fidelidade as formas e aos cores que os nosos ollos ven como absoluto, sen relativización. E comeza unha arte nova, unha física nova, unha lóxica nova. Estamos destruíndo a idea mesma de verdade absoluta. Isto aterrorizaría a Filgueira, pero está intuído no seu análise do mito de Ero.

Penso entón que os volumes do ADRAL, do I ao IX, milleiros de páxinas, recollen incidentes, todo ocorre neles nun tempo brevísimo, nunha conversa, nunha lembranza, nunha circunstancia. E Filgueira preséntanolo todo cunha migalla de humor, apenas perceptible. O humor fana os contornos ferintes da realidade, para liberarnos dos fanáticos.

Tamén, a medida que avanzan os ADRAL, de I a IX, vai Filgueira reflexionando sobre o idioma. As reflexións sobre a fala enchen sistematicamente o limiar do volume III. Despois van aparecendo, nos traballos recollidos nos restantes volumes da serie, desde notas sobre a historia chegan ata o presente do galego, cos problemas de reintegración incluídos. Di que, para el, o galego é unha lingua aprendida e non foi nunca a lingua familiar –Filgueira era, por parte da nai, de orixe granadino, de aí o seu interés por Frei Luis de Sarria, ou de Granada, que viviu procesos de aprendizaxe ao contrario: do galego ao castelán–. Os primeiros ensaios recollidos por Filgueira nestes volumes datan do 1928 e chegan ata o 1996. Polo que semella, non modificou nos ADRAL as formas e modos do galego de cada época, e recolle fielmente a lingua en que o traballo se publicou, e como autor foi adaptándose ao que, daquela, era norma intuída. Pódese seguir na súa expresión escrita toda a variación de propostas, moitas frustradas, outras deixadas no camiño, ou erros evidentes. Sería interesante ver as vacilacións

léxicas e os problemas de sintaxe todo ao longo dos casque setenta anos desde os primeiros artigos recolleitos ata a normalización teórica. E facelo tendo en conta que Filgueira e a súa obra literaria e de erudición constitúen un documento importante, nunha época e cun esforzo no que precisamente el traballou a fondo. Aquí, cando eu cito un texto de Filgueira, procurei sempre respectalo tal como figura no ADRAL. Ao longo dos nove volumes pódese comprobar tamén outra evolución: a que vai dos primeiros textos, recollidos moitos de xornais da época, ata os volumes derradeiros nos que dominan os ensaios eruditos sobre o que en principio era unha simple recolleita de dispersos.

No limiar do ADRAL III di Filgueira: “Un amigo dicíame que, á veira dos libros de fonda sabenza, que obrigan a detidas lecturas, ten sempre a man, como lecer, libros deses que se poden abrir por calquera parte e gustar deles a pouquiños”. Iso fai Filgueira nos primeiros volumes. Pero logo abundan traballos publicados en revistas especializadas. Xa non o que Filgueira chamaba “mantas de farrapos tecidas en retrincos de tempo”. Logo, nótase unha variación no coidado da linguaxe. Abonda con abrir a toas un volume, e atopamos: “Cosme III de Médicis na Coruña”; Froissart e “a Bonne Ville”, “Gelmírez de Sant-iago e Suger de Saint-Denis”, “Canteiros de Compostela”... cumprindo así a proposta do autor: “facilitarvos o achegamento a xeiras pouco abertas, chamarvos a eidos onde non teñades entrado, a costumes que se perden, ou presentarvos a xentes que non tivéchedes ocasión de coñecer.” Verbo desto, viaxo eu unha e outra vez as semblanzas dos seus contemporáneos –Castelao, Otero, Risco en primeiro lugar, e o mosto que soubo e detalla Filgueira sobre os símbolos no románico–. Filgueira Valverde morreu no 1996. Tiña 90 anos. A Academia Galega decidiu no 2014 dedicar a gran festa da nosa literatura, neste 2015, ao gran polígrafo galego. Celebro esta decisión. Moitos pensamos que é facer xustiza, por máis que toda xustiza é lenta. Poderemos neste ano recuperar textos esquecidos e tamén pensar o inmenso servizo que Filgueira ofreceu a Galicia coa súa obra.

B.L.

ORIXES DE COMPOSTELA

ISIDORO MILLÁN GONZÁLEZ-PARDO
(conde de Quirós)

Non existe ningunha cidade no mundo que, como Santiago de Compostela, emerxera toda ela da hierofanía dunha Tumba Apostólica. A humilde sepultura de tégulas de Pedro Bar-Iona en Roma, no século I, xunto ao circo de Calígula e de Nerón, converteuse no IV en pedra angular, tan só, dunha Basílica no Transtíber, aínda que de trascendentes destinos, a Vaticana.

O nacemento de Compostela débese, pola contra, ao feito histórico inconmovible, a resguardo de xuízos ou de prexuízos, do recoñecemento no bosque de Libredón, na Maía, nas primeiras décadas do século IV, dun mausoleo romano no que os bispos, fieis, os reis da afastada Corte ovetense e, por pouco, toda a cristiandade hispana e europea, afirmou ao unísono, teimudamente, que xacía o corpo de Xacobe o Maior, apóstolo de Cristo. Deste único feito foi principio e expansión, arredor do *locus apostolicus*, a Compostela de hoxe. Dúas igrexas sucesivas por decisión real, no século IX, outra no X, a catedral románica desde finais do XI, serán foco de irradiación converxente de rúas, cantóns e camiños da cidade-santuario.

Non tería este feito explicación racional se non o precedera, naquel mesmo espacio e ao longo do tempo, variados antecedentes –tradições populares e eclesiásticas, textos, monumentos (ou os seus restos)– que predeterminaron o sentido, lexítimo ou equivocado, dunha convicción tan firme e unánime. Pero non menos sorprendente que o descubrimento do século IX é a actitude historiográfica de tratadistas dos nosos días que ao preterir, ou negarse a ver, polo coñecemento superficial e tópico que teñen dos seus múltiples e complexos datos, estes antecedentes locais histórico-arqueolóxicos, dan por boa a orixe *ex nihilo*, ou provocada en último caso por pretextos incongruentes ou mínimos, dun suceso de significación tan definida.

Ao illar o feito dos datos materiais tanxibles que o sosteñen e iluminan, desprezan como unha quimera, sen conseguir reemplazala por ningunha outra, a afirmación antiga. Co que son eles os que se transforman, de feito, en tácitos propugnadores do prodixio dun “corpo santo” ou dunha “cidade” levitantes, que como fermosa ficción poética, non como explicación de nada, amenizan as páxinas de *La sagalfuga de J.B.* de Gonzalo Torrente.

As orixes e a significación histórica da cidade de Compostela (sexa cristián ou budista ou ateo o investigador que o investigue), impón hoxe máis que nunca o exame pleno, obxectivo e rigoroso, de todos os datos. Debe rexilo o contrasinal dunha esculca analítica e positiva: *zur Sachen selbst!* Non vale xa a escapatoria a sucedáneos poéticos, críticas manidas, enfoques reducionistas, pontificacións baleiras, lugares comúns, cando se ignoran ou evitan os datos arqueolóxicos de vulto, que é inexcusable integrar na comprensión e reconstrución do “feito” histórico que se estuda.

É de xustiza ponderar, como xa o fixen, (*Compostellanum*, t. 28, 1983), o poderoso esforzo de clarificación crítica que, para as orixes de Compostela e o seu “feito” fundante, representa un gran libro actual: *Exploraciones arqueológicas en torno al sepulcro del Apóstol Santiago*, 1982 [de Monseñor José Guerra Campos].

Apunto, moi en síntese, pola miña parte, algúns feitos que destacan con perfil cada vez máis vigoroso no horizonte histórico na Compostela protoxacobea. Son a semente soterrada da que agromou o acontecemento do século IX:

a) Un amplo castro indíxena ocupaba, desde antes do século I, o seu solar. O eixo das rúas “Porta da Mámoa-Caldeirería-Preguntoiro-Praza de Cervantes ou do Campo”, remonta perceptiblemente ás cotas de altitude da eminencia castrexa, hoxe desfigurada, que se facía irada cara a rúa da Troia.

b) Neste último nome pervive –e tamén se coñecía no século XVII, xunto ao Colexio das Orfas– a denominación prerromana da acrópole: “altura forte” (céltico Turobriga). Outro apelativo propio foi o de Calobre, que permaneceu unido á actual rúa do Castro.

c) Unha vía romana, coincidente coa chamada hoxe rúa do Franco, bordeaba o castro e conducía, ao N. do Tambre, cara puntos de explotación mineira xa no mesmo século I.

d) Dentro do recinto castrexo, pero nun declive non afastado desta vía, erixiuse, na primeira metade dese século, o mausoleo da tradición apostólica. Sorprendentemente, deste notable edificio, romano por todos os seus caracteres orixenarios, foi primeira titular unha gran señora indíxena, Atia Moeta, a Raíña Lupa da tradición popular, e inaugurouno unha neta súa de dezaseis anos, Viria Moeta.

e) Mentras que, por outra parte, se infire de varias estelas a existencia dunha necrópole pagá en época romana ao E. e SE. do mausoleo, cara a actual Quintana, ao O. del estendeuse una poboada área cemiterial cristiá, cuxa primeira ocupación foi moi anterior á Paz da Igrexa.

f) O singular mausoleo que presidía esta necrópole experimentou unha reforma da súa cámara sepulcral, elevándose nela un novo pavimento no que se integrou un gran mosaico, cara o ano 200 p.C., aproximadamente. O seu motivo floral simbólico púidose interpretar agora, con seguridade, como paleocristián. O corpo que se trasladou a unha fosa baixo este mosaico, dedúcese, por serios motivos arqueolóxicos, que preexistía no mausoleo, e é o mesmo que, no século IX, venerará o bispo de Iria, Teodomiro, como de Xacobe o Maior.

Estes precedentes reais anticipan e esclarecen a razón fundacional de Compostela no século IX e suliñan o carácter excepcional, en Europa e no mundo, da súa significación relixiosa e artística desde aquela época ata hoxe. “Santuario de almas” para Valle-Inclán ao que, nas tebras da noite apocalíptica, “porque se había muerto el Sol”, camiñaba Rubén, xunto ao marqués de Bradomín, na procesión desolada dos mortos, ata que rompeu para ambos o milagre da luz sobre as torres de Compostela.

Las torres de la catedral
aparecieron. Las divinas
horas de la mañana pura,
las sedas de la madrugada
saludaron nuestra llegada
con campanas y golondrinas.
¡Oh, Dios...!

Visión impresionista e inxenua das torres catedralicias que –¡entre Sar e Sarela,/Compostela!–, acariñaba tamén, na melancolía da tarde, o errabundo corazón nostálgico de Antonio Machado:

Verás la maravilla del camino,
camino de soñada Compostela
–¡oh monte lila y flavo!–, peregrino,
en un llano, entre chopos de candela.
Otoño con dos ríos ha dorado

el cerco del gigante centinela
de piedra y luz, prodigio torreado
que en el azul sin mancha se modela...

I.M.G.-P.
(1922-2002)

UN LEGADO DE FILGUEIRA: OS CANTORES DO INSTITUTO

FERNANDO OTERO URTAZA

“Me parece que lo más útil que he hecho en mi vida,
lo he hecho desde la dirección del Instituto”²⁹⁹

Esta curiosa confesión de Filgueira ó seu mentor e amigo Francisco Javier Sánchez Cantón, e o ruído que acompañou a súa designación pola Real Academia Galega, podería facer crer ao lector pouco informado, que o protagonista da presente edición do Día das Letras Galegas foi un escuro funcionario de ensino medio que nos seus momentos libres escribiu algún libro de mérito na nosa lingua e ao que os seus cargos políticos nos anos do Franquismo inhabilitan para semellante honor.

Ese mesmo lector, se ten un pouco de interese, con toda probabilidade escoitará falar este ano, en numerosas ocasións, do galeguista de longa traxectoria vinculado á fundación de institucións como o Seminario de Estudos Galegos (1923), o Instituto de Estudos Galegos “Padre Sarmiento” (1944) ou o Consello da Cultura Galega (1983); do poeta das *6 Cantigas de Mar “In modo Antico”*, do autor de *O Vigairo* ou *Agromar*, do *Gaiteiro de Lugo*, do director do Museo de Pontevedra, do polígrafo, en fin, con máis de dúas mil publicacións e catro mil cursos e conferencias, con intereses tan diversos como a lírica medieval galega: *–A Cantiga CIII. Noción del tiempo y gozo eterno en la narrativa medieval–*, a arqueoloxía *–Carta arqueolóxica da provincia de Pontevedra–* o folclore: *–Cancioneiro* de Casto Sampedro–, arte, antropoloxía cultural, patrimonio, filoloxía... Naturalmente, tamén oírá falar do político fundador do Partido Galeguista e da súa escisión Dereita Galeguista de Pontevedra ou da súa condición de alcalde de Pontevedra na España franquista. Poida que o lector, se segue as actividades adicadas ó vello profesor, ó final deste ano poida acadar unha visión máis ecuánime da súa importantísima contribución a cultura galega.

Non tratarei aquí de facer un relato exhaustivo da figura de D. Xosé Fernando Filgueira Valverde, senón responder a seguinte pregunta:

²⁹⁹ Carta de Xosé Filgueira Valverde a Sánchez Cantón (1955/01/30). Museo de Pontevedra. Sánchez Cantón, pp. 110-51.

Que é o que fai que D. Xosé coa súa xigantesca obra en tantos e tan diversos eidos do saber teña esa percepción á que alude a cita inicial deste artigo? Desde o meu punto de vista unha grand vocación que o converte non só nun docente interesado en “que o alumnado coñecese directamente a obra dos distintos autores, que reflexionase sobre ela, que observara a súa influencia e se fixase no contexto e social”. É “un dos introdutores do comentario de textos, do teatro escolar, do emprego das bibliotecas e arquivos, do emprego das bibliotecas da aula, dos alumnos bibliotecarios ou encargados da biblioteca, [que] organizaba seminarios monográficos, trataba de que os alumnos preparasen os mais variados temas e pronunciasen conferencias”³⁰⁰ senón nun educador no máis nobre sentido da palabra, un pedagogo que, seguindo a mellor tradición educativa³⁰¹ do noso país e utilizando técnicas propias dela, tratará de aplicalas impulsando, dende a Dirección do Instituto de Pontevedra, unhas actividades de extensión cultural, extraescolares ou complementarias que levarían ao centro a obter, en 1956, a consideración de centro modelo por parte do Ministerio de Educación en atención ao exemplar labor pedagóxico e social que viña desenvolvendo.

Filgueira no Instituto de Pontevedra

A incorporación de Filgueira ao Instituto de Pontevedra prodúcese en 1928 como axudante interino da sección de letras, praza que abandona en 1935 ao gañar a Cátedra de Lingua e Literatura Española do instituto “Balmes” de Barcelona que pronto trocará, pasando antes por Melilla, pola de Lugo onde permanece ata que, en 1939, se reincorpora ao Instituto de Ensino Medio de Pontevedra onde será xefe de estudos a partir de 1940, director en funcións, 1944, e director de 1946 ata a súa xubilación en 1976.

³⁰⁰ Torres de Aboal, Germán. *Filgueira Valverde, semblanza dun educador*. Catálogo da exposición *Xosé Filgueira Valverde 1906-1996 Un Século de Galicia*. Vigo, 2007, pp. 425-447

³⁰¹ Bolseiro da Junta de Ampliación de Estudios e colaborador da mesma desde o Seminario de Estudos Galegos e aínda que a súa fonda fe católica non lle permitise participar de todos os presupostos da Institución Libre de Enseñanza, non quere isto dicir que non participase de moitas das súas propostas pedagóxicas. Non é este un caso único na tradición intelectual española o caso de Martín Domínguez Berrueta, profesor de arte e literatura de García Lorca na Universidade de Granada, aínda que anterior, é parecido.

Aínda que o verdadeiro impacto do polígrafo pontevedrés na marcha do Instituto de Pontevedra prodúcese cando asume a dirección do centro e sobre todo desde a entrada en vigor da Lei de ordenación do ensino medio, de 1953, podemos rastrexar a súa pegada nas actividades extraescolares, complementarias ou de extensión cultural desde a súa incorporación ao mesmo.

Filgueira, recién concluídos os seus estudos de Dereito, é nomeado axudante interino da Sección de Letras do Instituto de Pontevedra en 1928, e, xa o un de outubro de 1933, pronuncia o discurso de apertura do curso 1933-1934 “Galicia en la Geografía literaria de la península” a súa traxectoria docente aínda é curta como para recibir semellante honra pero non debemos esquecer a súa condición de membro fundador do Seminario de Estudos Galegos (1923) ou do Museo de Pontevedra (1927)

En 1935 na súa calidade de membro destacado do Seminario de Estudos Galegos participa no primeiro curso de extensión escolar, do que foi secretario, no Instituto de Pontevedra (28 de xullo ao 24 de agosto) as orientacións sinaladas para estes cursos eran segundo Filgueira “*dar a coñece-los resultados das investigacións; interesar ás xentes no estudio de Galicia; mostrar ós mestres unha síntese que poidera levar ás escolas a realidade galega; iniciar a grupos escolleitos de alumnos nas técnicas elementais da investigación; oporse a deformación especialista profesional suscitando temas de toda orde diante dunha varia asistencia*”.³⁰²

Entre as múltiples actividades desenvolvidas no Instituto de Pontevedra, desde a incorporación do profesor á Cátedra de Lengua y Literatura Española no ano 1939, chaman a atención algunhas como o cursiño ***Siete lecciones sobre orígenes y transcendencia de lo litúrgico***³⁰³ que se celebra no mes de marzo de 1940 como preparación da Semana Santa dese ano, que esta en sintonía tanto co nacional catolicismo imperante no ambiente posterior a guerra civil como cun dos trazos definitorios do pensamento do profesor Filgueira, unha condición intelectual vinculada á súa fonda fe católica e ó carácter erudito da súa

³⁰² Filgueira Valverde, Xosé. *IX Adral*. Edicións do Castro, A Coruña, 1996

³⁰³ Museo de Pontevedra. Arquivo Xeral.

obra. D. Xosé dita o 11 de marzo a cuarta lección titulada *La Liturgia en los Orígenes de las Literaturas Románicas*³⁰⁴

En 1941, ano no que o D. Xosé poeta publica as súas *Seis cantigas do mar "in modo antico"* que supoñen a súa adhesión ao movemento neotrobadoresco, é o encargado de facer o discurso lido na apertura do curso académico 1941-1942: *Los viejos Estudios de Pontevedra y la fundación de Fr. Tomás de Sarria*³⁰⁵, no que fai un erudito percorrido desde os vellos estudos medievais, páxina, segundo o ponente, "*valiosa, ya que no transcendental, de nuestra tradición universitaria*" ata a fundación do Instituto de Pontevedra que "*espléndidamente dotado, con Museo, Laboratorios e Internado nace en 1846 sobre las ruinas de los antiguos estudios, incluso en lo material porque del edificio de la Compañía pasó al solar de los Dominicos y hoy estas aulas nuestras se levantan en el lugar que ocuparon las que hizo erigir el Maestro Sarria*"³⁰⁶ deténdose, especialmente, na figura do teólogo e diplomático pontevedrés, conselleiro de Felipe IV e Arzobispo de Tarento e a fundación das súas Cátedras.

Non parece casualidade que a Biblioteca Pública situada no edificio do Instituto de Pontevedra mostre, na súa Primeira Exposición de Clásicos, entre o 30 de agosto e o 30 de setembro de 1942, con motivo da visita do Director Xeral de Ensino Medio, unha selección dos seus fondos entre os que se atopan "*algunos incunables y diversas escrituras relacionadas con los Estudios pontevedreses, antecedentes del Instituto actual en todo el rigor*

³⁰⁴ As outras leccións versan sobre *Los Ritos de la Ley Mosaica Preparación para los del Cristianismo* polo R.P José Miguelez do Mosteiro de Poio, *Orígenes y Evolución de la Estructura del Templo Cristiano* por Enrique Fernández Villamil do corpo facultativo de bibliotecas, *La Iconografía del Crucifijo en las Colecciones del Museo de Pontevedra* por Juan Novás Guillén, inspector de 1ª ensinanza, *Litúrgia Sacrificial* polo R.P. Jose Crespo O. de M. do Mosteiro de Poio, *La Liturgia Primitiva y las Ceremonias del ciclo de Pascua* polo R.P. Santiago José Crespo, clausurando o ciclo a que xiraba sobre a *Evolución de la Mentalidad Antigua a la Moderna en la vida Cultural* por Don Genadio Sanmiguel, O.S.B del Monasterio de Samos

³⁰⁵ Filgueira Valverde, Xosé. *Los viejos Estudios de Pontevedra y la fundación de Fr. Tomás de Sarria Discurso leído en la apertura del curso académico 1941-1942 por el Doctor D. José Filgueira Valverde Catedrático de Lengua Española y Literatura*. Tip Julio Antúnez. Pontevedra 1942.

³⁰⁶ Idem

*material de la palabra*³⁰⁷ coincidindo, probablemente, coa publicación da lección inaugural de Filgueira que inclúe en oito apéndices documentais a transcripción da documentación relacionada co tema procedente do Arquivo do Príncipe Pío, o Arquivo Histórico e o Museo de Pontevedra.

A formación extracurricular no Instituto de Pontevedra: Filgueira educador

O Instituto Nacional de Ensino Medio de Pontevedra, baixo a dirección de Xosé Fernando Filgueira Valverde, acadou a categoría de Instituto Modelo; pero non foi debido á súa dotación de aulas, laboratorios, ximnasia ou campos de deportes³⁰⁸, senón polo seu funcionamento. Así, carecendo de pistas deportivas e adestrando na Alameda de Pontevedra, destacou nos xogos escolares provinciais, rexionais e nacionais en varias disciplinas atléticas e deportivas, obtendo a medalla de ouro nos Campionatos Nacionais de Atletismo no curso 1957-58 competindo cos centros públicos e privados mellor dotados de España; contribuíndo á formación dos alumnos, unha vez que o centro conseguiu a leira do Verxel, os campos de deportes coas súas propias mans, armados de pico e pala; dispoñendo de apenas medios funcionaban servizos psicotécnicos e sanitarios; era a sede dun gran número de acontecementos culturais da cidade: exposicións, conferencias, audicións musicais, recitais, funcións teatrais, etc. E de todo iso, eran os alumnos os primeiros espectadores, cando non os protagonistas directos.

Todas as actividades do Instituto funcionaban desde un punto de vista pedagóxico eficaz, engadindo valor á monotónia das clases, e ensinando á marxe dos programas académicos. É moi interesante, pola súa actualidade, a opinión do catedrático de latín, Aquilino Igrexa Alvariño, sobre o particular:

³⁰⁷ *Primera Exposición de Clasicos (30 de agosto-30 de septiembre). Biblioteca Pública y del Instituto de Pontevedra.* Pontevedra, 1942. Museo de Pontevedra. Arquivo Xeral

³⁰⁸ Aínda que poderíamos destacar o excelente Museo escolar de Ciencias Naturais cunhas coleccións iniciadas no século XIX por Antonio Valenzuela Ozores e Casimiro Daviña continuadas no século XX por Antonio Crespi (traslado do edificio Sarmiento ao novo edificio da Escola de Artes e Oficios sito na Alameda); Ramon Sobrino Buhigas e Bibiano Fernández Osorio Tafall, desmontado, en palabras de Filgueira, con “irreparables perdas” en 1936 ao transformarse o instituto en Hospital de Guerra, correspondendo a D. Mariano García Martínez a súa reconstrución ou a Biblioteca do centro e o privilexio que supón ter a disposición dos alumnos a Biblioteca Pública no mesmo edificio ata o seu traslado o pazo dos Fonseca en 1960.

“No es un modelo el Instituto de Pontevedra en meter en la cabeza de los alumnos formulas científicas, conjunciones de lenguas muertas y complicaciones dinásticas. No lo es el de Pontevedra ni ninguno.

Los profesores, es verdad, creen como lo creemos todos los profesores, que su asignatura es muy importante y que es una desgracia que los chicos no aprendan lo que realmente no sabe nadie más que ellos. Llegan incluso a suspender al hijo del cirujano y del ingeniero, del magistrado y del almirante por ignorar las mismas cosas que pueden ignorar sus padres pero ellos no.

El Instituto, sin embargo, su conjunto, sabe que esto es un mal. Que es inevitable tropezar con él, porque a la vuelta de cuatro años y del sexto y del otro, esperan unos exámenes. Como todos los institutos trata de sobrellevarlo haciendo que se expliquen los programas, que se recite el “bonus bona bonum” y el “qui quae quod”, sin olvidar el teorema de Pitágoras.

Siempre hay que aguantar algo. Pero, repito, el instituto sabe que esto es un mal. Que la mayoría de las enseñanzas son inservibles para despertar en el alumno el sentimiento de que vale la pena aprenderlas. Que por otra parte es un piadoso engaño creer que sin este sentimiento se puede aprender algo.

Sabe que el alumno tiene muchas otras cosas que aprender, que desea aprender y que es necesario que aprenda al margen de los programas. Son cosas convenientes

Juegos, formas de sociabilidad, formas de vida, caminos, ciudades, el arte vivo que nos rodea, las fiestas de cada día, los paisajes, los monumentos que los transforman, las gentes.

Ver una ciudad, saber ver una ciudad o un paisaje es cosa que no viene en los programas. Tampoco viene el arte de visitar con provecho un país extranjero, ni sobre todo el de sentir gusto por la vida y alegría de hacer y discurrir y ser amable. Ni el de convertir en fiesta de arte una vacación y en centros de recreo y libre actividad de espíritu las aulas destinadas al rigor de los programas.

Y en esto, en todo esto y en mucho más el Instituto de Pontevedra es, sin duda, modelo. Solo a título de ejemplo citaré dos casos de los que fui testigo. Sobre el soberano hastío de las conjugaciones latinas, en este centro se montó la representación de un diálogo

original de Luis Vives. La monotonía sin límites de una clase de solfeo, no impidió la formación de un coro en el instituto con el que el Director Filgueira Valverde, acaba de ilustrar en Oporto e ilustró ya en Santiago una de las lecciones básicas sobre los orígenes de la lírica gallega”³⁰⁹.

De experiencia educativa singular podemos cualificar as actividades dos alumnos do instituto no Museo de Pontevedra: a dobre condición de D. Xosé como director do Museo (1940) e membro do equipo directivo do Instituto (1940) e posteriormente, director (1944-1976) permite a utilización daquel como instrumento de traballo para o educador a través dun programa pioneiro nos museos de España: *os alumnos colaboradores* aínda que na súa primeira fase 1940-1955 se escollen, cun criterio moi restritivo, só entre aqueles alumnos cunha inclinación pasional pola investigación histórica ou as belas artes, ofrecéndolles a cambio opción a bolsas provinciais, préstamo de libros ou material de debuxo. A partir do curso 1955-56 a experiencia madura e enriquecese: amplíase o número de alumnos e búscanse outros perfís (alumnos de ciencias, alumnos de caracteres diversos, alumnos dos chamados “movidos”) desenvolvendo a experiencia no verán “*más que para evitar el riesgo de distracción en los estudios para esquivar pretextos y recelos*”³¹⁰. Os alumnos desenvolvían tarefas auxiliares na biblioteca, no arquivo gráfico, na clasificación e arquivo xeral, clasificación de obxectos arqueolóxicos; na dirección de visitas, iniciábanse en diferentes técnicas, debuxo arqueolóxico, restauración de pintura, restauración de obxectos arqueolóxicos, excavacións...

As actividades musicais no instituto

Chama a atención, pese á inexistencia de cátedras de música no ensino medio, a cantidade de actividades que o Instituto de Pontevedra dedica á arte musical como o “Primer ciclo de audiciones musicales comentadas”³¹¹

³⁰⁹ Iglesia Alvariño, Aquilino. “Un Instituto Modelo”, en *La Noche*, Año XXXVII, nº 11119 (1956/11/02)

³¹⁰ Filgueira Valverde, Xosé Fernando. *Museos y Educación. Alumnos colaboradores. La experiencia de Pontevedra*. El Museo de Pontevedra XI. Pontevedra, 1957, pp. 17-29.

³¹¹ *Primer ciclo de audiciones musicales comentadas. Grandes figuras de la música instrumental*. Pontevedra, 19-27 de abril de 1953. Museo de Pontevedra. Arquivo Xeral.

que tivo lugar entre os días 19 e 27 de abril de 1953. Neste ciclo ditaron conferencias sobre as diferentes épocas: Diego Antonio Casanova, Antonio Iglesias Vilarelle, Celestino Fontoira Peón, José Martínez Tiscar y Enrique Fernández Villamil, reservándose Filgueira a penúltima conferencia sobre Nacionalismo e Impresionismo onde comentou as seguintes audicións: *A Gran Pascua Rusa* de Rimsky, *A feira de Soronchinsky* de Mussorgsky, *Danza Eslava en mi menor* de Dvorak, *O Mar* de Debussy e *Morte e Transfiguración* de Richard Strauss. A intervención dedicada á música contemporánea, como non podía ser doutro xeito, estaba reservada a un experto na materia, Antonio Odriozola, autor de completísimas bibliografías e discografías sobre os que el consideraba que eran os seis mellores compositores do século XX: Ravel, Stravinsky, Bartok, Falla, Hindemith e o seu amadísimo “Proko”, que foron xustamente, os protagonistas da súa charla. Os relatores destas audicións musicais comentadas representaban ás institucións culturais da cidade: Instituto, Museo, Biblioteca Pública, Arquivo Provincial, Biblioteca da Misión Biolóxica, Filarmónica, Polifónica e Orquesta de Cámara.

Parella ó “Primer ciclo de audiciones musicales comentadas” e a “Exposición bibliográfica e iconográfica de grandes figuras de la música instrumental moderna” que se desenvolve do 25 de abril ao 10 de maio, no Instituto de Ensino Medio, unha completa mostra organizada pola Biblioteca Pública, con 135 libros achegados pola propia biblioteca, o Instituto Francés de España, a Biblioteca do Instituto de Cultura Británica de Madrid, José García Sáenz-Diez, Francisco Mantecón, Enrique Fernández e por suposto, o gran adaíl da música contemporánea nas beiras do Lerez, Antonio Odriozola que é o responsable da mostra e que aporta case a metade dos libros expostos. D. Xosé Fernando, que non adoitaba dar puntada sen fío, tratou de rendibilizar a exposición a que estamos facendo referencia, non só para proveito dos seus alumnos, senón tamén para presentar un argumento máis en favor da creación dun conservatorio para Pontevedra na que leva anos teimando en longa “conspiración” co seu inseparable Iglesias Vilarelle e con Sanchez Cantón: “*Del conservatorio, dudo que ninguna ciudad de Galicia pueda ofrecer edificio ni ambiente parecido. Te envío el cataloguillo de la exposición de libros de músicos para que te ayude a convencer a Sopena*”³¹²

³¹² Carta de Xosé Filgueira Valverde a Sánchez Cantón (1953/05/16). Museo de Pontevedra.

Probablemente herdeiras destas primeiras iniciativas son as audicións de música gravada comentadas polos alumnos do curso preuniversitario que tiveron lugar, con periodicidade semanal, no paraninfo do Instituto durante os cursos 1954-55 ao 1956-57 intúo que detrás, tanto desta iniciativa como das anteriores, pode estar a personalidade musical dun dos grandes colaboradores de Filgueira: Antonio Odriozola gran melómano, decidido defensor da música dos contemporáneos, dos que rastrexaba os estrenos en toda España, cara a completísimas bibliografías e discografías en LP para a elaboración das cales non dubidaba en cartearse con quen fose mester, desde o director da Biblioteca do Congreso de EE:UU ao da British Library. Odriozola era un ardente defensor, nos cincuenta, da creación dunha fonoteca nacional digna de tal nome que contivese os discos de música sería gravados de todo o mundo xa que consideraba irrisorio chamar de tal xeito á colección de discos gravados en España existente na Biblioteca Nacional. Nas sesións empregábanse gravacións non só da discoteca do Instituto, tamén se recorría a outras: Museo, Filgueira, Odriozola, Luís Martínez Gendra, Valentín García, Miguel Otero, Lois Teijeiro, a Embaixada de Bélxica ou... Henryk Szeryng!

Tamén é iniciativa de Odriozola a exposición “Bela Bartok”³¹³ que conmemora o décimo aniversario da súa morte (26 de setembro de 1955) para a que, o bibliotecario da Misión Biolóxica, mobiliza tanto a institucións locais (Biblioteca Pública, Instituto, Filarmónica) como estranxeiras, Instituto Hongrois de París, Radiodifusión de Bélxica, editoriais francesas e inglesas e particulares entre os que podemos mencionar a un ancián Bartolomé Pérez Casas. A Exposición mostra libros, folletos, artigos, programas de concerto de 1922 a 1955 coas estreas en España e, algo típico de Odriozola, anunciaba no catálogo os traballos en preparación sobre o músico, que verán a luz en 1956, en Hungría, Italia, Francia, Inglaterra e España.

Os Cantores do Instituto

De todas as actividades educativas do Instituto de Pontevedra deterémonos nos Cantores do Instituto, un coro escolar cuxa finalidade era puramente formativa, pero prestaba o seu concurso a solemnidades relixiosas como os Via Crucis ou os oficios de Semana Santa e, actos de extensión

³¹³ Exposición *Bela Bartok*. Pontevedra, 1955. Museo de Pontevedra. Arquivo Xeral.

cultural, como as conferencias concerto de Filgueira Valverde. Aínda que a súa presentación pública tivo lugar o 16 de marzo de 1956 na festa adicada polos alumnos a seu compañeiro de preuniversitario Fr. F. Vázquez o día da súa ordenación sacerdotal, podemos situar os precedentes dos Cantores do Instituto en algo máis de catro lustros antes da súa fundación na festa da República do día 14 de xullo de 1934³¹⁴ no que o Coro do Instituto participa na festa escolar no Paraninfo do centro interpretando tres obras: *Gaudeamus Igitur*, *Romance de Cerdedo* e *Canto do Cáucaso*. A partir deste momento o Coro participará cos seus cantos, baixo a dirección de Blanco Porto e Pita Romero³¹⁵, en solemnidades docentes como as diferentes edicións da Festa do Estudante que con motivo de Santo Tomás de Aquino se celebran durante o ano académico. É curioso ollar dende hoxe que o Día do Ensino e día de lecer dedicado ó *dolce far niente*, aquelas veladas nas que os alumnos amais de cantar, declamar poesía ou participar en competicións deportivas, poñían en escena funcións teatrais representando obras como *Los Habladores* (1946, 1951), “El Retablo de las Maravillas” o “El Retablo de Maese Pedro” (1954) de Cervantes ou *O soño dunha noite de verán* de Shakespeare (1955)

Será, aínda así,

A presenza de outro mestre de formación excepcional Agustín Isorna Ríos, [a que] permitiu encetar novos camiños. O proxecto abarcaba a preparación anual de catro liñas de composicións: polifonía relixiosa da Semana Maior, que Halffter me recordaba con emoción hai poucos días, “vilancetes” de Nadal; música medieval galega e as súas perduracións en cantos do Calixtino e do Camiño de Santiago³¹⁶

É indubidable a enorme influencia que exerce o exemplo da rica tradición coral pontevedresa na súa vertente máis culta, a da Sociedade Coral

³¹⁴ Núñez Fírvida, M^a Teresa, no capítulo dedicado á II República de AA.VV. *O Instituto de Pontevedra. Século e medio de Historia 1845-1995*. Deputación Provincial, 1997

³¹⁵ Publiquei noutra ocasión que “Filgueira atribúe esta primeira dirección a Antonio Blanco Porto, quen falecera en 1940, polo que se trata obviamente dun lapsus, e creemos que talvez se refira Filgueira en realidade, a Antonio Igrexas Vilarelle”. Nese momento eu cría, evidentemente errado con h e sen ela, que as actividades do Coro do Instituto comezaran nos anos corenta, D. Xosé tiña razón e eu non. *Mea culpa*. Vid. Otero Urtaza, Fernando. *Del Conservatorio del Príncipe D. Alfonso al CMUS Manuel Quiroga*. Pontevedra, 2014

³¹⁶ FILGUEIRA VALVERDE, XOSÉ. *IX Adral*. Edicios do Castro, A Coruña, 1996

Polifónica, na traxectoria dos Cantores do Instituto, non deberíamos esquecer que a idea fundacional da Polifónica xorde en 1925 no faladoiro do seu primeiro presidente Anton Losada Diéguez ó que asistían dous contertulios Antonio Iglesias Vilarelle –pai da idea– e un mozo Xose Filgueira Valverde do que me resultaría increíble, dada a cantidade de proxectos de todo tipo que achegaron xuntos, que non estivese ao tanto do plan e poidese facer suxestións respecto do repertorio. Os primeiros directores dos Cantores tamén estiveron vinculados á Polifónica nalgún momento, tanto Isorna, subdirector, como Fernández Cayeiro e J.A. Sánchez “Pachu” que fixeron as suas primeiras armas no podio dos Cantores, dirixindo anos despois a coral pontevedresa.

O profesor Luis Costa escribiu respecto do repertorio da sociedade pontevedresa:

Ao longo da súa dilatada traxectoria a Polifónica, reservou un lugar central nos seus programas para os grandes polifonistas do Renacemento e o Barroco. Tamén incluíron, esporádicamente, obras de autores máis recentes como Beethoven, Franck ou Debussy,” [...] No tocante á música de raigame galega, a Sociedade traballou de acordo coa súa declaración fundacional en dúas fronteas. Por unha parte divulgáronse as obras musicais máis antigas que a tradición culta conservaba en Galiza: desde o repertorio medieval das Cantigas de Santa María ata obras de mestres de capela de autores dos séculos XVIII e XIX, como Melchor López, pasando polas Cantigas profanas de Martín Códax, ou obras conservadas no Códice Calixtino de Compostela, todas elas debidamente arranxadas desde as convencións estéticas do cecilianismo por autores como Felipe Pedrell ou o mestre compostelano Santiago Tafall. Por outra parte a Polifónica permitiu a estrea e difusión de obras de autores contemporáneos, en moitos casos directores da mesma Sociedade ou autores do seu círculo máis directo, como é o caso de Blanco Porto, Iglesias Vilarelle ou o P. Luís María Fernández.

É evidente que a vinculación de Filgueira ó grupo fundacional da Sociedade Coral Polifónica, e a coincidencia dos presupostos estéticos da mesma con moitos dos temas obxecto de estudo constante na vida do polígrafo pontevedrés: a lírica medieval galega e portuguesa, os cantos e

narracións do camiño francés a Santiago, a sobrevivencia da forma medieval na poesía popular de Galicia, o estudo dos códices medievais e cancioneros do Renacemento, a relación de música e poesía, a música popular galega, a liturxia... teñen moito que ver na orientación do repertorio elixido polo profesor para os Cantores. Este repertorio abranguerá desde o canto gregoriano á “música tan discutible”³¹⁷ como *A Orestia* de Cristobal Halffter pasando pola polifonía clásica (Victoria, Palestrina, Guerrero...); cancionero galego medieval e as súas perduracións (Martín Codax, Cantigas de Santa Maria, Cosautes do Cancionero de Palacio...); cantos da peregrinación compostelana (Calixtino, cancións francesas de peregrinación...); cancionero do Século de Ouro (Encina, Guerrero, cancioneros de Palacio, Upsala, Colombina...) a música popular galega, os cantos de Nadal, cancións, galegas ou non, de autores contemporáneos (Halffter, Rodrigo, García abril...) algúns deles do entorno mais próximo (Isorna, García Polo, Iglesias Vilarelle, P. Luis M^a Fernández Espinosa, P. Miguelez, Vereá...) ata completar un catálogo arredor de cento cincuenta obras interpretadas no período 1955-1963

Das catro liñas interpretativas establecidas por Filgueira nos Cantores do Instituto desde o seu nacemento, son ciclos como a programación musical de Semana Santa interpretando, á proposta de Isorna, algunhas das mellores páxinas do *Officium Hebdomadae Sanctae* de Tomás Luís de Vitoria: como a *Passio secundum Joannem* ou os *Improperia* na Basílica de Santa María a Maior (curso 1955-1956) ou a de Nadal coa *Apoloxía do Vilancico* (curso 1956-57); e desde o 7 de xaneiro 1961, a *Despedida do Vilancico* na igrexa de Santa Clara, os de maior percorrido na historia dos Cantores, que, en xa longa tradición, véñense cantando dende esas datas, manténdose, aínda logo da súa desaparición, ata hoxe en que un feixe de antigos cantores de diferentes xeracións, reunidos na “Asociación Cultural de Los Excantores del Coro del Instituto de Pontevedra”, seguen mantendo a chama acesa.

Unha das montaxes características de D. Xosé eran os Viacrucis do ciclo de Cuaresma en Santa Clara que el transformaba nun selecto recital poético-musical valéndose dos Cantores do Instituto, a Cofradía del Espíritu Santo e un grupo de alumnos que tralos pertinentes ensaios, naturalmente fóra de horas de clase, baixo a directa supervisión do profesor, eran seleccionados

³¹⁷ SOPEÑA, Federico, en *Ya*, Madrid, 4 de setembro de 1960

para recitar poemas nas diferentes estacións. Se un venres estaba dedicado aos poetas do Século de Ouro alternando con motetes de Vitoria, Ceballos ou Guerreiro noutro a declamación dos contemporáneos trocábase coas composicións do P. Luís M^a Fernández Espinosa, Iglesias Vilarelle ou o P. Miguélez; algúns Viacrucis eran dedicados de xeito monográfico a un autor como Paul Claudel ou Romano Guardini e neles sucedíanse as interpretacións de música de J. Rodrigo, Cristobal Halffter, Moreno Fuentes, Celaya ou Deiss. Para moitos alumnos do Instituto este foi o seu primeiro contacto coa poesía. Aproximábanse á obra de Lope de Vega, Quevedo ou a poesía mística do Século de Ouro, non nunha aburrida clase de literatura española senón preparando coidadosamente a súa declamación e recitándoas en público, no que na escola de hoxe se describe como “aprender facendo”. Tamén requirían o concurso dos coristas as representacións da paixón nas ruínas de Santo Domingo onde se escenificaban fragmentos de, entre outras, o *Aucto de la Pasión* de Lucas Fernández (c.1474-1542) ou o *Aucto de la Quinta Angustia* de Juan de Timoneda (c. 1520-1583)

O repertorio de Nadal foi, desde o principio, un dos cabalos de batalla nos que se asentou o catálogo dos pequenos do Instituto que incluían nos seus programas as distintas formas de celebrala, desde o País Vasco – algúns recordarán as felicitacions do Cardenal Suquia no Palacio Arzobispal pola pronunciación en Euskera “*mejor que la mía*” do *Oi Betlehem* de Guridi– a Andalucía, *Los pastores de Bormujo*; desde Portugal, **Natal de Elvas**; Francia, *Les Anges*; Alemania, *O Tanenbaum*; Inglaterra, *Good King Wenceslas* que, en afortunada tradución de D. Xosé, transformouse para sempre en *O Bon Rei Don Wenceslao* de xeito que nos fixo esquecer a súa condición de *Christmas carol*, converténdose nun dos emblemas do coro; Italia, *Gloria in cielo*; a América: *El encuentro* (Quéchua), *Esta noche Jesús ha nacido* (Perú), *Niño Lindo* (Venezuela), *Señora Doña María* (Chile), *Torito del corralito* (Arxentina) ou os *Negro Spirituals* do estadounidense Nataniel Dett.

Outro dos eixes sobre os que xiraba boa parte da actividade dos Cantores do Instituto eran as conferencias que o profesor Filgueira Valverde pronunciaba sobre os mais diversos temas: “Tomé Luis de Victoria y su Hebdomae Sancta”, “Tradición y creación en las formas líricas del Siglo de Oro”, “Los cantores medievales de la ría de Vigo”, “La canción de navidad” ou “La música compostelana y los caminos de peregrinación”, entre outros. O coro adaptaba o seu repertorio ao tema da conferencia así, si esta versaba

sobre “Nuestra lírica medieval y sus perduraciónes”, interpretábanse as obras do programa agrupándoas, según a súa tipoloxía, seguindo a disertación do conferenciante en *responsorio y refrán, paralelismo y refrán, motetus, glosa, zéjel, rondeau, laudi ou romances con refrán y polifónicos*.

Como xa dixemos máis arriba a traxectoria dos Cantores del Instituto principiou no curso 1955-56 baixo a batuta de Agustín Isorna (asistido pola profesora de canto Raimunda Lusquiños e polo organista Agustín Estévez), pero ó trasladarse este por motivos profesionais a Cartagena onde dirixirá a coral T. L. de Victoria, relévano Cipriano G. Polo, Atilano Pereira e dous alumnos que ascenden ó podio de dirección: Manuel Fernández Cayeiro e José Antonio Sánchez que permanecería a fronte do Coro ata os anos 70. Inmediatamente despois do seu concerto de presentación o coro afronta os primeiros retos ante o público, o primeiro ciclo de Semana Santa, as conferencias concerto: “Música y poesía” (Vilagarcía 14 de abril) e “Lírica medieval gallega” (Facultade de Filosofía e Letras, Santiago 5 de maio); tamén explorarán outras sendas polas que transitarán nos anos posteriores como os concertos para autoridades que se inician coa “Audición en honor del Sr Embajador de Estados Unidos John Davis Lodge” ou as audicións para congresos e cursos universitarios de verán (“Curso de extranjeros de la Universidad de Santiago”, o 15 de xullo, ou o “IV Congreso Internacional de Autores de Cine”, o 20 de xullo). No curso 1956-57 as autoridades homenaxeadas son: o exalumno do Instituto e mentor de Filgueira, Francisco Javier Sanchez Cantón, con motivo da súa elección para dirixir a Real Academia da Historia; e un personaxe ao que, o mesmo Sanchez Cantón e D. Xosé, levaban anos facéndolle as beiras para realizar un soño longamente acarñado cal era a consecución dun Conservatorio para Pontevedra, que non é outro que Antonio Gallego Burín, condiscípulo de García Lorca nas clases de Domínguez Berrueta en Granada, Catedrático de Historia da Arte e como Director Xeral de Belas Artes responsable da validez oficial dos estudos de carácter elemental para o noso Conservatorio recoñecida no decreto de 14 de xullo de 1957.

Algunhas xestas dos Cantores

Sendo imposible, en tan curto espazo, facer un relato completo da historia dos Cantores do Instituto tratarei de sinalar algúns fitos na súa traxectoria. Os Cantores comezan a darse a coñecer fóra de Galicia en

outubro de 1956 no Porto e en abril do 57 na igrexa da Cidade Universitaria de Madrid onde participan na litúrxia de Semana Santa presidida por outro vello coñecido de Filgueira na loita polo Conservatorio de Pontevedra, o xesuíta Federico Sopeña, crítico musical, catedrático de estética e historia da Música, delegado do Goberno nos conservatorios españois e director do Conservatorio de Madrid. O xoves Santo os cantores interveñen na Misa *In Coena Domini* coa *Misa Quarti toni* de T. L. de Victoria e a Hora Santa do Xoves co *Ubi caritas gregoriano* e motetes de Victoria, Palestrina e Gibbons, o Venres Santo interpretan nos oficios a *Passio secundum Joannem* e os *Improperia* de Victoria e na Vixilia Pascual do Sábado de Gloria a *Misa "cui Jacobo"* do Codex Calixtinus, *Farsa Paschalis* (Catedral de Santiago século XII) *Alleluia Psalite* (Gregoriano) e *Nunc nobis* de Byrd.

O Curso 1957-58 iniciado coa participación na lección inaugural do curso "Las Formas Musicales a partir del Renacimiento", os Cantores do Instituto, despois do éxito acadado o ano anterior, son invitados de novo a participar nos oficios de Semana Santa de Madrid. Nesta ocasión a expedición encabezada por Filgueira e Celestino Noya con Fernández Cayeiro á fronte do coro, asistido por Jose Antonio Sánchez, aproveita a viaxe para desenvolver unha apertada axenda entre os días 2 e 10 de abril visitando Zamora, Salamanca, Avila, Madrid, Toledo, Valladolid e León, intervindo o mércores na Procesión do Silencio de Zamora, aproveitando as mañás de xoves venres e sábado para a visita de monumentos e museos de Madrid e as tardes para participar nos Oficios, Hora Santa e Vixilia pascual das igrexas de San Agustín e da Cidade Universitaria retransmitidos por Radio Madrid, o luns e martes de Pascua os rapaces gravaron en Hispavox os seus primeiros rexistros discográficos de obras de Tomás Luís de Vitoria, música compostelana, música medieval galega e as súas perduraciónes e villancicos tanto do Século de Ouro como populares harmonizados.

A incorporación de Pontevedra aos Festivales de España en 1960, xestión do alcalde Filgueira, que significou para a cidade a posibilidade de gozar dunha programación estival que incluía concertos sinfónicos, ballet, zarzuela ou teatro clásico, supuxo para os rapaces do Instituto as oportunidade de intervir nunha montaxe profesional, xunto á compañía "Lope de Vega" dirixida por Tamayo, compartindo a escena con actores da talla de Carlos Lemos, Luisa Sala, Mari Carrillo, Fernando Guillén ou Gemma Cuervo, a obra a representar era *A Orestía*, triloxía de Esquilo. A parte musical escrita

por Cristobal Halffter foi dirixida por un músico militar de vinte e oito anos, profesor do Instituto e titular dos Cantores, Cipriano García Polo. Así reflicte a crónica de *El Pueblo Gallego* a participación dos mozos do coro:

Una especialísima mención ha de dedicarse, a la excelente, tal vez inmejorable colaboración que a esta parte musical de la representación han prestado el Coro de Cantores del Instituto y la pequeña Orquesta de Pontevedra, irreprochables en sus intervenciones frecuentes y complicadas, haciendo siempre alarde de excepcionales condiciones de estilo y disciplina. Para ellos en primer lugar, para su excelente director, el joven y competentísimo maestro Polo, (digno de haber compartido en el escenario la ovación final que en gran parte iba destinada a él) la mas expresiva alabanza y la felicitación más entusiasta³¹⁸.

Unha das páxinas mais brillantes que deixaron os Cantores do Instituto foi a súa participación na “Reunión y Concurso Nacional de Coros Escolares” organizado pola “Sección de Música y Medios Audiovisuales do Centro de Orientación Didáctica de Enseñanza Media” do Ministerio de Educación Nacional nas edicións de 1961, Palacio dos Deportes de Madrid; 1962, Palacio da Música de Barcelona; 1963, Teatro Principal de Valencia; e, xa como Cantores de los Institutos, cambio de nome debido a que abre as súas portas o Instituto Feminino, nas de 1964, Teatro Lope de Vega de Sevilla; 1965, Teatro Principal de Zaragoza; 1966, Teatro Campos Elíseos de Bilbao e 1967, Teatro Romea de Murcia obtendo o premio nacional en catro ocasións: Madrid, Valencia, Sevilla e Zaragoza. Nestes certames, ademais da fase competitiva, había un concerto colectivo de todos os coros participantes, campións dos seus respectivos distritos, cun programa común no que sendo habituais pezas fáciles como o *Benedicat vobis* de Haendel ou académicas como o *Gaudeamus Igitur* abordábanse pezas de maior entidade como a *Fantasia para piano, orquesta e coro Op. 80* de Beethoven para as que se facía unha selección de duascenas voces entre os coros participantes.

Os premios tiñan dotación económica que era obrigatorio empregar nos gastos de viaxe, Filgueira transformábaos, tratando de conseguir máis diñeiro, en fecundas viaxes de estudos onde os alumnos podían adquirir un maior coñecemento por contacto directo coa xeografía, a historia ou a arte.

³¹⁸ Calderón, Justo. “Los Festivales de España. ‘La Orestíada’”. *El pueblo gallego*, 5/8/1960

Sirva como exemplo o desprazamento á “V Reunión y Concurso de Coros Escolares de Zaragoza” en 1965, no que máis de sesenta viaxeiros entre profesores e alumnos, cos ingresos do premio nacional de Sevilla de 1964, o premio de distrito dese mesmo ano, cincocentas pesetas aforradas por cada alumno e “*lo que pueda poner el Fondo de Excursiones del Instituto’ o buscar el señor Filgueira entre sus posibilidades*”³¹⁹ seguiron o camiño francés desde o Pirineo, cantando en diferentes etapas un extenso programa de cantos de peregrinación e participando nos oficios da Semana Santa.

O itinerario de ida Pontevedra-Lourdes fai a primeira noite en Palencia con visita á catedral e palacio episcopal, recital para o bispo Souto Vizoso que ensina aos alumnos un conxunto de táboas de Berruete, visita a Soria e noite en Zaragoza cidade onde o domingo de Ramos participan no concurso de coros escolares que volven gañar por cuarta vez, parten cara a Jaca visitando antes Huesca, de Jaca viaxan cara a Canfranc, Candanchú, batalla de bólas de neve incluída, Somport, Betarram, visita ás covas, rematando en Lourdes e o seu santuario. O luns santo comezan a peregrinación a Santiago de Compostela en Jaca cantando na procesión, o martes ollan a Catedral de Jaca e a igrexa de Sta María de Sta. Cruz de Serós onde volven cantar, visita a Pamplona e a súa Catedral, Estella onde interpretan o seu repertorio de cantos de peregrinación na Igrexa de San Pedro de Rúa; Burgos, percorrendo a cidade e a súa catedral, cantando no Monasterio de las Huelgas, Sahagún, León, chegando o xoves Santo ó Cebreiro onde interveñen nos oficios, visita a Samos, Portomarín onde se volven a escoitar as voces dos Cantores na igrexa de Santiago e chegada á cidade do Apostol ás doce da noite onde tras unha conversación de D. Xosé co sancristán, que estaba pechando as portas, interpretaron ante o sepulcro de Santiago o Canto de *Ulteira*.

A coidada preparación da viaxe desde decembro con documentación, bibliografía, charlas, coloquios e ensaios preparando o programa musical, vese completada, *In Itinere*, polas explicacións dos profesores no autobús ou ao pé dos diferentes monumentos, as impresións da viaxe redactadas por algúns alumnos, a declamación de poesías ou a extraordinaria experiencia de peregrinar cantando. Filgueira non dubida en recorrer a gobernadores

³¹⁹ Méndez Martínez, Gabriel. *La Excursión Camino de Santiago de los Cantores de los Institutos de Pontevedra*. Abril 1965. Inédito. Museo de Pontevedra. Arquivo Documental. Esta crónica foi presentada o *Primer Concurso nacional de descripción y comentario de un viaje turístico escolar* en 1965

civís, alcaldes, delegados de turismo, bispos, curas párrocos, ordes relixiosas ou centros galegos para que facilitasen aloxamento, visitas ou lugares onde cantar.

Da primeira intervención dos Cantores do Instituto no II Festival da Canción Galega de Pontevedra, dicía Rafael Landín Carrasco:

Una deliciosa sorpresa coronó el Festival: Cuando Teresa Tourné inicio la canción “Maríñeiros” de García Abril –declarada “canción adoptada” el año pasado– desde las alturas le replicaron con una armonización para cuatro voces. eran los Cantores del Instituto, que de esta manera se incorporaron activamente al Festival. Fue una gratísima apoteosis³²⁰.

A partir deste ano, e ata a última edición do certame en 1967, os rapaces do Instituto, coreados polo público asistente, cantaban na clausura “Maríñeiros” (Coita) convertida en himno adoptado polos fieis do Festival. Os rapaces do instituto tamén interveñen nas sesións da mostra, en conferencias, concertos monográficos como o de “Canciones en el Camino de Santiago” da cuarta edición con comentarios de Álvaro Cunqueiro e Filgueira Valverde e transcricións de Tafall, Pedrell Pope, Anglés ou Isorna, recitais como o de “Lirica medieval” da quinta edición no que Novoneyra declamaba os poemas dos trovadores do século XIII.

O Festival da Canción Galega celebrado en Pontevedra entre os anos 1960 e 1967, que foi ideado por Antonio Fernández Cid e, aínda que xurdiu en Ourense, foi acollido, estimulado e patrocinado na cidade do Lérez por D. Xose, tiña

una finalidad básica y otra secundaria también permanente. Esta última la de celebrar algunas sesiones que enmarcasen la que podríamos llamar protagonista, en las que cupiese oír buen número de lieder y canciones de concierto de todas las épocas y países. La esencia, con todo; la razón de ser del empeño buscaba no ya el conocimiento y difusión, sino la creación de un repertorio de canciones gallegas de concierto”³²¹

³²⁰ Landín Carrasco, Rafael. “El II Festival de la Canción Gallega”. *ABC*. 1961/07/20

³²¹ Fernández Cid, Antonio. “Requiem por el Festival pontevedrés de la Canción Gallega” *ABC* 1968/07/16

este último propósito foi cumprido con fartura pois foron preto de setenta novas cancións sobre textos galegos dunha longa lista de compositores como Toldrá, Guridi, Argenta, Esplá, Mompou, Rodrigo, Castillo, Halffter, García Abril, Montsalvatge o Bernaola, cinguíndonos só aos máis coñecidos, as que viron a luz neses anos.

Os Cantores dos Institutos mantiveron vivas as principais liñas do repertorio na súa programación anual ata a xubilación do profesor Filgueira en 1976. A José Antonio Sánchez sucédenlle no podio, desde finais dos anos sesenta, Margarita Guerra, Luís Villar, Luís García Limeses e José Vereá Montero e logo duns intres de dúbida Luís G. Limeses retoma o Coro na “Despedida del Villancico” de 1976 ata 1980 en que un grupo de excantores reúnense para celebrar o vinte e cinco aniversario, quedando a remuda en terra de ninguén de maneira que o coro practicamente desaparece en 1982. A Transición, que produce fondos cambios na vida e na sociedade, o B.U.P., cuxa primeira xeración entra no Instituto no curso 1975-76 en plena adolescencia e a apertura de novos institutos, fan cada vez máis difícil a supervivencia da agrupación escolar, pero a insistencia de Filgueira desde o Museo de Pontevedra fai que, malia todo, retomen a actividade baixo as batutas de Piruco Estévez e Juanjo Pérez, facéndose cargo do Coro en 1987 o carismático excantor e profesor de Música do IES Sánchez Cantón, Fernando Olbés que consegue manter a actividade ata 1996, ano do pasamento de Filgueira, en que o retoma José Antonio Sánchez que logra sutentalo ata 2004, ano en que a actividade dos Cantores desaparece definitivamente, recollendo a chama a “Asociación Cultural de Excantores del Instituto de Pontevedra” que mantén, en estreita colaboración co Museo de Pontevedra e o seu director, o excantor Carlos Valle, a tradición da “Despedida del Villancico” ata hoxe e leva algúns anos tratando de restablecer o ciclo de Semana Santa.

Conclusión

O maxisterio do profesor Filgueira, foi tanto ou máis importante fóra da aula que dentro dela, imprimiu carácter nos alumnos que participaron nas actividades do Instituto de Pontevedra, que adquirían as máis diversas competencias seguindo o, tan de moda hoxe, criterio do “*learning by doing*” ou “aprender facendo” nas representacións teatrais, na declamación de poemas, que preparabamos coidadosamente, fóra de horas de clase, baixo

a supervisión de D. Xosé, no despacho do director, para recitalos en cada estación daqueles Venres de Coresma e que, para nós, supoñía o contacto directo coa obra duns poetas que, doutro xeito, nunca frecuentariamos; redactando os diarios das excursións que, na mellor tradición institucionista, eran verdadeiras viaxes de estudos con itinerarios e visitas preparados con rigor; escribindo notas dos programas de concerto, dando conferencias ou guiando visitas no Museo de Pontevedra, todo iso sen descoidar a actividade física, *mens sana in corpore sano*. Pero a existencia do Coro tiña un valor engadido, viña suplir unha carencia do sistema educativo que era a inexistencia de cátedras de música nos centros de ensino medio; o coidado repertorio persoalmente seleccionado por D. Xosé Fernando permitíanos coñecer de primeira man desde o canto gregoriano, a lírica medieval galega ou a polifonía do Renacemento español, os cantos de peregrinación, a canción popular galega ou o repertorio internacional de vilancicos de nadal ata a música de Bach e Mozart ou compositores máis próximos como Isorna, García Abril ou Vereza, e todo iso a través da práctica; a aprendizaxe das cancións realizábase, por regra xeral, de oído, para asombro de músicos que, como Cristóbal Halffter (*Panis Angelicus, A Orestía*), asistiron aos ensaios da súa propia obra polos Cantores. Divertíndonos, sen a noción de facer esforzo, malia que lle dedicabamos unha hora diaria aos ensaios e boa parte das nosas vacacións aos concertos, iamos adquirindo unha notable sensibilidade e cultura musical que indefectiblemente causaba enorme sorpresa fóra da nosa contorna. Todos os que pasamos pola tarima dos Cantores do Instituto ou dos Institutos sabemos a decisiva importancia que tivo no noso amor pola música.

O legado de Xosé Fernando Filgueira Valverde perdurou, a través dalgúns dos seus queridos Cantores dos Institutos, xermolando a súa semente na fundación de novas agrupacións como Ars Musicae, Ulteira ou o seu último froito, o Coro infantil “Luís García Limeses” dirixido pola excantora Reyes Carballo no que fillos e netos daqueles cantores, entre eles, dous bisnetos do polígrafo, fan as súas primeiras incursións cantoras. Cantores do Instituto participaron na xénese do Coro e o Grupo de Cámara da Universidade de Santiago de Compostela, Collegium Compostellanum, Grupo Martín Codax... ou nutriron nalgún momento as filas da Sociedade Coral Polifónica, Orfeón Terra A Nosa, Coro da Sinfónica de Galicia...

Como alumno cantor, bardo, e actor do Instituto de Pontevedra, e logo dunha, xa considerable, traxectoria docente, podo dicir que canto mais coñezo as dificultades deste oficio, mais certo estou de ese currículo oculto, ese patrimonio inmaterial, ese valioso legado que o mellor Filgueira deixou en nós. Por iso, chegado este punto, non podo rematar máis que dicindo ¡Grazas Mestre!

F.O.U.

FILGUEIRA VALVERDE: PROCURADOR EN CORTES

MANUEL REGUEIRO TENREIRO³²²

O coñecemento do persoeiro

Non podo dicir que eu tiña sido, nun primeiro momento, un admirador do Profesor, nin sequera un profundo coñecedor. Tiven noticia do persoeiro con motivo dun cursiño, na Universidade de Salamanca, nel explicábase o pensamento do Padre Sarmiento. Corría a primeira parte da década dos setenta, e impartiu tal curso o profesor galego D. José Luis Pensado Tomé (Negreira, 1924-Salamanca, 2000). Na primeira lección, díxonos aos presentes (uns cinco ou seis alumnos de letras):

- El mejor especialista de la materia es, sin duda, el profesor gallego D. José Fernando Filgueira Valverde.

Os asistentes gardamos silencio, e o doutor Pensado preguntou:

- ¿Alguien conoce a este Profesor de Pontevedra?

O silencio foi a contestación aínda que, a continuación, percibíronse algúns xestos de ignorancia. D. José Luis colleu un papel (a lista dos inscritos), e ben paseniño preguntou:

- ¿Se encuentra en esta aula un alumno que responda al nombre de Manuel Regueiro Tenreiro?

A resposta foi afirmativa, e púxenme de pé, a seguinte pregunta foi persoal e en galego:

- E non coñece de nada ao Dr. Xosé Fernando Filgueira Valverde?

Resposteille que tiña lido algo dese autor, pero a realidade era que non o coñecía. A este pequeno diálogo seguiulle unha “perorata” (en castelán, claro está) sobre o desprezo ou, cando menos, o descoñecemento tan xeral en España, da nosa cultura e dos nosos escritores. Estendeuse neste tema durante toda a sesión. Xa ao final do discurso, máis calmado, mandoume facer un traballo sobre o Padre Sarmiento, empregando todo

³²² Catedrático de Filosofía –xubilado– do I.E.S. “Ánxel Fole” de Lugo.

iso que “Vd. sabe” sobre o profesor Filgueira. Así foi como tiveron a obriga de coñecer dunha tacada ao mestre Filgueira, tratar ao dr. Pensado, e ler sobre un dos seus temas favoritos: o padre Sarmiento.

Pasados algúns anos, xa residindo eu en Lugo, escoitei falar del a D. Amable Veiga –Director do Instituto onde exercera Filgueira– e ao querido profesor de Historia do meu Instituto, naquel tempo (1981) aínda se chamaba Instituto Mixto nº 2 de Lugo, D. Xesús Rodríguez Rodríguez. Sempre que saía nunha conversa o Profesor Filgueira dicía D. Xesús:

- Temos que ir velo, preséntocho! É un auténtico sabio. Verás, gustarache.

Na década dos noventa (1990-96), por fin, coñecín e tratei persoalmente o mestre. Presentoume D. Ramón Lorenzo nunha xuntanza da Comisión de Toponimia. Esta institución consultiva auspiciada pola Xunta de Galicia, reuníase –en longuísimas sesións– no ILGA (Instituto de Lingua Galega) ao remate daqueles encontros, cando non había outros compromisos, acostumabamos “parrafear de todo”. Pero as conversas, máis de vagar, tivémolas tamén despois doutras rápidas reunións (presidía D. Manuel Fraga), cando o profesor entrou a formar parte de Comisión Rectora do Centro Ramón Piñeiro³²³, a partir do 1 de marzo 1994, é dicir, dous anos e medio antes da súa “derradeira navegación con Caronte”. Despois desas velozes reunións, gardabamos un tempo para charlar, sen présas, dos máis diversos asuntos. Nunha das conversas post-reunión xurdiu a pregunta sobre a súa “inclusión” nas Cortes Xerais. A conversa sincopada foi máis ou menos así:

- D. Xosé, foi vostede Procurador en Cortes?
- Si, durante once anos e catro meses.
- E iso, como foi? (silencio). Quero dicir, Como entrou?
- Os alcaldes das capitais eramos membros natos. E...así foi!
- Pero, para que?

Interrompeuse o diálogo para despedírmonos do señor Presidente da Xunta e demais asistentes. Quedamos a tomar unha cunquiña de café e galletiñas na compañía de D. Constantino García (Director Científico

³²³ Véxase foto no apéndice 1.

do Centro) e do Dr. Agustín Sixto Seco, tamén membro do Consello antecitado. Cando estes marcharon, fomos ver e saudar os compoñentes dos equipos de investigación. Ao saír dos locais da Barcia (confeso que xa me esquecera da pregunta) D. Xosé comentou:

Estar nesa época nas Cortes Xerais era unha posibilidades para facen algo pola nosa terra. A min pareceume a opción máis pragmática. Ademais, Manuel, **a marea da vida vaite levando**. Ti, que es orteguiano, comprenderás ben o “pondus”... (¡poderoso peso!) da circunstancia vital de cada un.

A circunstancia dun aprendiz de político

Sería demasiado “distante” chamarlle simplemente circunstancia aos pavorosos e indescritibles sucesos sufridos na guerra civil e na posguerra en España, en Galicia, en Pontevedra, e no percorrido vital do noso amigo. Benquerido lector, vostede a bon seguro xa terá elixido o seu cualificativo. Eu simplemente vou utilizar os termos que D. Xosé empregou nas veces en que saíu este tema nas nosas conversas: maremoto, galerna, furacán, etc. Para el o termo predilecto era maremoto (hoxe, probablemente, diríalle tsunami). Cómpre lembrar que Filgueira tivo no mar un dos seus referentes terminolóxicos, moi frecuentados tanto pola lírica medieval, coma polos seus traballos sobre os da “Cofradía de Mareantes” de Pontevedra. Calquera desas palabras non reflicte de todo a fonda tristura do ton que lle daba o meu amigo. Teño constatado a dor que acubillaba ese ton agónico e tremoroso. Non obstante, tamén puideron constatar como el acadou soportar, assimilar, superar e transformar esa enerxía negativa para retomar os seus principios e ideais da súa actividade política anterior á traxedia civil. Buscou aproveitar esa enerxía, do terrible pesar da impotencia, para intentar abrir camiños para Galicia nas situacións adversas nas que se atopou moitas veces. Podo dicir –despois de pensalo moito– que foi certo: a marea da vida foino levando, pero el tivo capacidade de conducir esa vida con fidelidade aos seus principios, e en beneficio dos seus ideais.

A circunstancia para a aprendizaxe da vida política dun mozo Filgueira (25 anos), produciuse a raíz da elección, como secretario de Labor Galega en Pontevedra, e despois no Partido Galeguista. Pasada unha etapa de inexperiencia sofre a primeira marexada en 1933 cando o Partido

Galeguista rompe coa ORGA. Este desamarre lévao rumbo a Galeuzca e as continuas ondadadas, en formato de negociacións e mutuas concesións, que deberon sortear para continuar xuntas as distintas faccións dos galeguistas. Aquel naufraxio político prodúcese en 1934 cando o Partido Galeguista encalla e escacha contra as rochas do frentismo. Filgueira remata militando na beiramar da Dereita Galega. A barca da vida esnaquízase finalmente en 1936 co inicio da Guerra Civil e, sobre todo, cos fusilamentos na Caeira (Pontevedra). Podía vir aquí a conto –coma imaxe literaria da situación– recordar o poema de Lope de Vega (tantas veces explicado polo profesor nas súas clases!): *Pobre barquilla mía...*

Un ano antes do gran desastre español, 8 de novembro de 1935, despois de “superar as oposicións”, e de pasar polos institutos de Barcelona e Melilla, Filgueira tomou posesión da Cátedra de Lingua e Literatura no Instituto de Lugo. Asemade nese curso (1935-36) defendeu a Tese de Doutoramento en Madrid, é dicir, que a **vida levouno** fóra de Pontevedra nos meses anteriores ao inicio do terrible conflito. Unha “profética” coincidencia quixo que, en Lugo –moi en contacto con Pontevedra– fixese campaña a prol do Estatuto de Galicia, curiosamente, xusto un mes (o 18 de xuño) antes do inicio visible da sublevación militar contra a República, Filgueira pronunciaba unha conferencia –a través de Radio Lugo– en nome da Dereita Galeguista.³²⁴

Na cidade amurallada, empezou a recuperación do mundo interior de Filgueira. Se repasamos a súa produción publicada entre 1937 e 1939 (é ben fácil facelo grazas á “magna recompilación” de M^a Xesús Fortes Alén³²⁵) comprobamos que se centrou ou, mellor, atrincherouse nos seus estudos de literatura, historia e arte. Sen dúbida, nesta parte da súa traxectoria de reconstrución vital, xogou un papel importante a creación da súa familia co casamento, en agosto de 1938, con María Teresa Iglesias de Oscariz que “será durante case sesenta anos, ata o seu

³²⁴ A conferencia anunciouse no diario *El Progreso* (17/6/1936). No manuscrito, conservado no Museo de Pontevedra, desta conferencia (páx. 2) refírese ás: trebas das xornadas torvas que atravesara o mundo.

³²⁵ Fortes Alén, M^a Xesús (1996). *Ó Dr. FILGUEIRA VALVERDE nos seus noventa anos (1906-1996)*. Publicado pola Caixa de Aforros de Pontevedra, páxs 39-40 e 102-103.

falecemento en maio do 1995, meu lume, meu ben.³²⁶ A noticia recollida no diario *O Progreso* de Lugo³²⁷ danos algunhas claves do percorrido vital que inicia o noso protagonista:

- A primeira clave é a vinculación de Dona María Teresa a Acción Católica Lucense, xa que segundo se lee na noticia esta é a *Secretaria* de esta organización.
- A segunda das claves é a “consideración” que a xerarquía eclesiástica lle concede a esta nova familia: celébrase o matrimonio no pazo episcopal, e preside a cerimonia o señor bispo da diócese.
- A terceira clave é a da situación, naquel momento da contenda civil que, como confirman tódolos historiadores, a guerra estaba a durar máis do que ámbolos bandos tiñan previsto.

En 1937 a división territorial estaba clara, ao trasladarse o Goberno Republicano a Barcelona o seu obxectivo, cunha base política moi fragmentada e incluso enfrontada entre si, era conseguir apoios internacionais para gañar a guerra e instaurar a revolución. O bando sublevado (autodenominado “bando nacional”), pola súa banda, con Franco como mando único, organízase ferreamente e consegue os apoios internacionais especialmente da Alemania nazi. O discorrer da contenda sabemos que lle deu a sangrenta vitoria ao bando sublevado contra o goberno da República. O exército comandado polo Estado Maior do exército alzado en armas dá a coñecer, o 1 de Abril do 39, o seu último parte de guerra.

A partir de entón, coincidindo coa marcha (mes de outubro) da familia Filgueira Iglesias de Lugo a Pontevedra, comeza en España un proceso político administrativo que os historiadores agrupan en tres etapas, e estas en tres aforismos: institucionalización autárquica do réxime, lexitimación exterior así como participación “orgánica” interna, e finalmente o *desarrollismo* económico.

O modelo que van a seguir as novas autoridades do réxime vaise parecer moito o xa intentado (en formato máis abreviado) entre 1923 e 1930 coa ditadura do Xeneral Miguel Primo de Rivera. Como é sabido, foi un período “vívido” por Filgueira nos seus anos de estudante e licenciado,

³²⁶ Valle Pérez, C. (2007) *Xosé Filgueira Valverde 1906-1996. Un século de Galicia*. En: Cronobiografía, páx. 40

³²⁷ *El Progreso* (Vida Social), 16 de agosto de 1938, páx. 2

coincidiu cos seus primeiros empregos: un primeiro traballo, na oficina da Xunta Provincial de Turismo (1927), outro, no Instituto de Segunda Ensinanza, como profesor axudante interino (1928) ambos na cidade de Pontevedra. Neste tempo (1929) tamén principia a súa experiencia como xestor museístico (secretario do Padroado fundacional do Museo de Pontevedra).

Desde o punto de vista da evolución político-social, a deriva do réxime acostuma a dividirse en tres etapas fundamentais³²⁸:

1. A etapa *autárquica*, comprende de 1939 ata 1945. Caracterízase por unha dedicación case que exclusiva á recuperación económica, e polo predominio político dos grupos que apoiaron ao alzamento armado contra a República, unificados ferreamente baixo as “órdenes” e o poder dos cadros do (tamén autodenominado) movemento nacional.

2. O traxecto coñecido como de afianzamento (paso da *semiautarquía á modernización*) do réxime, abarca do ano 1945 (final da II Grande Guerra) ata o 1959. Foi neste tempo cando se van debuxando as estruturas do réxime, e desenvólvense as liñas dunha estrutura “orgánica” que, como o seu nome indica, quere reflectir un funcionamento social semellante ao dun organismo biolóxico-corporal. Neste conxunto, en teoría, cada grupo social –cingúndose ás súas especificidades– participa e achega para o ben do grupo que, unido “ao movemento nacional”, e controlado polos seus líderes (locais, provinciais e nacionais), serve ao “engrandecemento da patria”. Na realidade, esa pretendida organización orgánica funcionou coma un “aparello de poder” piramidal no que a penúltima palabra escoitábase (non sempre) nas Cortes e no Consello do Reino, a última opinión podía radicar no goberno (ministros) ou no Estado Maior dos tres Exércitos, e a derradeira decisión ou “orden” emanaba do círculo da Xefatura do Estado e persoalmente do propio Xeneralísimo.

Este complexo “entramado” socio-político foi analizado desde moitos puntos de vista. Tamén é factible resumir o seu *modus operandi*, seguindo a moi coñecida análise de Michel Foucault das relacións de poder. A descrición resumida é a seguinte: na cúspide do réxime manifestábase un *poder* que sempre quixo ser *panóptico*: que todo quere ver (todo atado

³²⁸ Llorca, C. (1988). *Parlamentarismo y constituciones en España*. Ed. Istmo. Madrid, páx. 30

e ben atado!). A forza da xefatura suprema –“macropoder”– difundíase / diseminábase por tódolos escalóns descendentes da ordenación xerárquica. Cada nivel da organización concretábase / personalizábase en “micropoderes” que exercían a vixilancia no seu ámbito e así facíase patente a *omnipresencia do poder* e así foi acadando *aumentar a súa eficacia*³²⁹

A consolidación desta organización piramidal (*democracia orgánica*) acontece na década dos cincuenta, tendo como telón de fondo a chamada “guerra fría” entre os países con economías liberais e capitalistas (en especial os integrados na OTAN), e os estados incluídos nas economías planificadas ou social comunistas. Precisamente no 1950 (tres anos despois da Declaración Universal dos Dereitos Humanos) as Nacións Unidas, por petición do goberno da U.S.A, “recomenda” a finalización do illamento diplomático de España. No ano 53 o goberno español e o estadounidense asinaron uns “Acordos bilaterais” para establecer bases norteamericanas en territorio español. Tamén neste mesmo ano 1953 asínase o Concordato entre a Santa Sé e España. No ano cincuenta e seis prodúcense as primeiras protestas sociais, que se fixeron relativamente públicas, contra o goberno: “incidentes estudiantiles” na Universidade de Madrid. Podemos dicir que dous feitos de finais desta década consolidan ao réxime: Un, en 1958, afiánzase a estrutura orgánica do poder coa aprobación da Lei de Principios do Movemento Nacional. O outro feito, no que se escenificou o fin do illamento internacional foi (21 de decembro de 1959) a visita a España do Presidente dos EE. UU. Dwight D. Eisenhower. A foto, a máis divulgada, da apreta entre os dous Xefes de Estado fíxose na base do exército norteamericano en Torrejón de Ardoz. Esa foto –co mandatario americano vestido de civil e o español con uniforme militar– principiou a substituír a aquela outra de Hitler e Franco “pisando forte” (ámbolos dous vestidos con uniforme) na estación do tren en Hendaya.

No final da década dos cincuenta a facenda española estaba ao borde da suspensión de pagos, España era un dos países máis pobres de Europa, algúns alimentos eran difíciles de adquirir (moitas veces o

³²⁹ ...o exercicio do poder escenifícase de tal modo que semella non agregarse desde fóra coma unha coacción ríxida ou como unha carga, sobre as funcións nas que inflúe, senón que se manifesta nelas súpil e suficientemente para aumentar a súa eficacia. Vid. Foucault, M., (1980). *Vigilar y Castigar*. Ed. Siglo XXI. Madrid.

“estraperlo” era a pseudosolución), e o aparato económico-productivo estaba cerca do colapso. Á raíz da visita do “amigo americano”, na década dos sesenta España empezou a medrar a un ritmo do 7% anual.

3. A xeira do “*desarrollismo*” nacional e da do réxime desenvólvese dende 1959 (data da aprobación do plan de estabilización, e despois coa designación do “Príncipe herdeiro”) ata 1975 en que comeza “a desmontaxe” do réxime, e o inicio da transición cara a democracia.

Non é cousa de estendérmonos nesta análise, pero si que nos cómpre sinalar –para, máis adiante, relacionalo coa tarefa de Filgueira como procurador en Cortes– que, esta etapa de quince anos, acostuma dividirse en dous subperíodos: un do *desarrollismo* (década dos sesenta) propiamente dito, e outro que se caracterizou pola *concertación* (1º quinquenio dos setenta) das forzas políticas emerxentes, dentro e fóra do territorio español, cara a preparación dun novo “escenario” político, dado o previsible final do réxime. Contra esa concertación produciuse unha dura reacción dos sectores máis adictos ao réxime, e tamén dos últimos gobernos presididos por Franco.

O desenvolvemento da circunstancia histórica española que acabamos de resumir, sérvenos para fixármonos –como se dixo antes– nas circunstancias vividas polo Mestre Filgueira. Baseándonos nesa traxectoria nacional, tamén pretendemos comprender o desenvolvemento vital do Profesor centrándonos en tres aspectos ou períodos persoais: (a) nas condicións que determinaron a súa recuperación vital despois dos desastres da guerra, co ineludible “atrincheiramento” nas súas actividades profesionais, (b) no retorno ás actividades con proxección social, e (c) na volta ás actividades propiamente políticas: Alcalde da súa cidade, e Procurador nas Cortes. Fagamos un percorrido polas tres etapas:

(a) A época da *autarquía* filgueiriana resúmese nunha palabra: “atrincheiramento”. Os alicerces das trincheiras de refuxio cos que contou o noso protagonista foron: os seus principios básicos de crente cristián católico, e as súas actividades profesionais primixenias: docencia, museística e cultura galega

Xa dixemos antes –ao falar do seu casamento– que o seu núcleo vital e íntimo comeza a reconstruírse en Lugo, coa constitución da súa propia familia. Esta nova intimidade sentimental reafirmao nas crenzas

católicas aportadas pola súa Dona M^a Teresa, que veñen a apoiar e completar a herdanza recibida da casa materna³³⁰.

A partir de aquí, coa súa volta a Pontevedra, podemos dicir que, en paralelo coa situación do país, D. Xosé recupérase anímica e socialmente nos seus escenarios das primeiras experiencias profesionais antes reseñadas: o Instituto onde fora profesor “iniciático”, e o Museo, aquí xa tiña sido secretario técnico. A estes dous escenarios agarimosos, que xa nunca deixará, úneselle o espazo da cidade de Pontevedra. En definitiva, foi un regreso ao seo materno e ás súas seguridades iniciais.

(b) A xeira de retorno ás actividades con proxección social (*afianzamento*) tamén son feitas pola “vía” de recuperación das súas primeiras actividades dos tempos de estudante: reafirmase nas súas crenzas relixiosas, recupera os estudos, publicacións e iniciativas sobre a defensa de Galicia e da súa cultura. Nunha persoa de tan diversos intereses destaca moito o tempo, enerxía, empeño, podemos dicir teimosía, que o profesor –apoiando ao seu íntimo amigo Sánchez Cantón– lle dedica á recuperación do Seminario de Estudos Galegos (vía Instituto Pai Sarmiento do C.S.I.C.), e aos traballos que tivo que acometer para elaborar e publicar o dobre (escindido) proxecto da *Historia de Galiza* ou *Galicia Histórica*. A intra-historia dese “empeño” pode verse con todo detalle na correspondencia

que ocupa buena parte de las epístolas cruzadas entre Otero y Filgueira desde 1948 hasta 1958, que reflejan en el fondo la escisión cultural que sufría la Galicia del franquismo: el exilio de tradición “seminarista” y el interior de filiación “sarmentiana” o, dicho de forma personalizada, Manuel Puente y Otero Pedraio de una parte, y F. J. Sánchez Cantón y Filgueira de otra.³³¹

A reestruturación da súa intimidade viuse reforzada, xa na década dos corenta, con motivacións externas. O labor de profesor viuse

³³⁰ Na crónica de sociedade de *El Progreso dice*: “Después del acto religioso se trasladaron los novios y los invitados al Hotel Méndez Núñez y a la entrada recibió María Teresa Iglesias muchas felicitaciones de sus amiguitas de la Juventud Femenina de Acción Católica, de la que la novia es secretaria”.

³³¹ Fortes Alén; M^a. X. -Copil- (2009) *Xosé Filgueira Valverde. Ramón Otero Pedraio. Epistolario*. Museo de Pontevedra. Texto tomado de: Villares Paz, R. Estudio Preliminar. Páx. 39.

reforzado, primeiro, polo nomeamento de Interventor e Xefe de Estudios (1940) e, despois, Director do Instituto de Segunda Ensinanza. Asemade concedéuselle a Cruz de Alfonso X O Sabio ao mérito docente (1945). A tarefa a prol da cultura galega foi recoñecida coa elección de membro numerario da Real Academia Galega (1941). O Gremio de Mareantes da súa cidade concédelle o premio “Virxe do Carme”. A Arquicofraria do Glorioso Apóstolo Santiago elíxeo Irmán Maior, e recompensa así o seu traballo de promoción e estudos sobre a Ruta Xacobeá e a cidade compostelá. Coa concesión do “Grao de Grande Comendador de Instrucao Pública de Portugal” (1950), podemos afirmar que un maduro intelectual xa é ben recoñecido e recoñecible.

(c) A volta ás actividades propiamente políticas acontece na década dos cincuenta, coincidindo co xa citado recoñecemento político paulatino de España nos países, denominados occidentais e nos árabes. Case paralelamente, a figura de Filgueira vai medrando en sona como docente, polígrafo, e xestor de iniciativas culturais e de difusión turística. Nestes ámbitos pódese destacar que : en 1951 foi nomeado vocal da Xunta Provincial de Turismo de Pontevedra, no ano seguinte é chamado para impartir sete leccións, na Universidade de Santiago de Compostela sobre Historia da Literatura Española. No 53 é nomeado Académico correspondente da Real Academia Española, o ano seguinte (54) pronuncia cinco conferencias sobre Cervantes na Universidade de Salamanca e tres sobre lírica medieval en Barcelona. No 55 intervén, con tres leccións, na Universidade “Menéndez Pelayo” de Santander, e fala sobre a *Picología aplicada y la enseñanza del lenguaje*. No ano 56 participa activamente no I Congreso de de Etnografía e Folklore en Braga e Viana do Castelo.

Os **anos 1957 e 58**, baixo o meu punto de vista, son decisivos na vida profesional e política de D. Xosé. Desde o punto de vista profesional ocorren catro feitos salientables:

(1) Ve recoñecido o seu maxisterio coa publicación do Manual de *Lengua Española. Primer curso* (Ed. Prensa Española. Madrid).

(2) Compróbase publicamente a súa conexión co “mundo literario” cando presenta a Camilo José Cela no Círculo Mercantil de Pontevedra.

(3) Foi gratificada a tarefa de dirección / xestión no Instituto cando reciben o “Premio Nacional de Juventudes”; con este motivo, o Profesor, cun grupo de alumnos, realiza unha viaxe por distintos países europeos.

(4) Reedita, traducida ao portugués, a súa obra: *Camoens* (Ed. Almedina, Coimbra).

No entanto, o feito definitivo para a súa vida política ocorre en **1957**. Nese curso está facendo estudos na Academia Naval Militar (en Marín) o entón Príncipe D. Xoán Carlos, quen visita o Museo de Pontevedra e entrevístase (e fan unha foto) co seu Director que é D. Xosé Fernando. Este encontro e aquela foto case que pasan desapercibidos nas diferentes biografías do noso protagonista, agás na cronobiografía³³² de D. Xosé Carlos Valle (actual Director da nunca ben ponderada institución pontevedresa). Esa imaxe tamén está moi viva no recordo, sempre exacto, de Da. María Xesús Fortes Alén que lle lembrou, a quen subscribe: *esa foto (adicada polo Príncipe) era moi apreciada por D. Xosé. Sempre estivo presente no seu despacho*.

Pode parecer arriscado afirmar que unha entrevista poida ser crucial para a vida de unha persoa, porén, non é conveniente excluír esa posibilidade dentro da traxectoria política que viña seguindo, e despois mantivo Filgueira: galeguista de dereitas. Ademais, lembrando o comezo deste artigo, coincide coa maneira de pensar do Profesor sobre como *a vida vaite levando*, e coa teima filgueiriana de *aproveitar os espacios que se abran pra facer algo...* por Galicia. Esta opinión vese reforzada pola relación que mantiñan o actual Rei emérito (marzo de 2015) e Filgueira. A través dunha carta de felicitación da súa Maxestade, pola elección de procurador (1967) no “tercio de representación familiar” –voltaremos sobre este asunto máis adiante– é posible deducir que a relación entre ámbolos persoeiros continuou despois de aquel encontro. Hai detalles e feitos que así o confirman, por exemplo: pode lerse na despedida de puño e letra de Xoán Carlos I³³³: (Con afecto), *y esperando verlo pronto*. É fácil rexeitar a afirmación –da continuidade desa comunicación– dicindo que o Príncipe acostumaba, na ante firma, escribir algo persoal a quen lle escribía. Admitindo iso unicamente como posible, cómpre ollar atentamente a carta de resposta de procurador e aínda alcalde (tamén con escrito manual

³³² O. c. Carlos Valle páx. 53.

³³³ Pódese ver a carta completa (o orixinal consérvase no Museo de Pontevedra). Se o lector ten a curiosidade, pode comprobar as correccións dos tils e as comas que se conteñen no texto. Tamén pode verificar que son do propio asinante pola cor da tinta da pluma do asinante. Apéndice 2.

de antefirma)³³⁴, así como un parágrafo onde di: *Sus cartas me traen siempre el recuerdo de su estancia en nuestra ciudad ...* Polo tanto, o uso do plural fala a favor desa continuidade de relación, e da “motivación” que supuxo tal visita para o reinicio de Filgueira na primeira liña da política activa.

Así pois, estamos a falar dunha época na que algúns católicos traballaban a prol dunha liberalización do réxime, aínda que fracasaran, xa que o seu máximo representante, o ministro de Educación Nacional Joaquín Ruiz Jiménez (demócrata cristiano) foi cesado. Nesta conxuntura, segundo Stanley G. Payne:

Franco buscó alguna alternativa que no entrañara cambios políticos drásticos, y en 1957 nombró un nuevo gobierno de militares y de técnicos (. . .)

López Rodó y sus compañeros tecnócratas introdujeron en 1959-1960, cambios profundos en la política económica, liberalizando gran parte de la estructura, y abriendo el país a la inversión extranjera en gran escala y al turismo en masa³³⁵

A tarefa do Procurador

Entre 1959 e 1971 desenvolveuse a tarefa de Filgueira como Procurador en Cortes. Ao producirse a incorporación de Filgueira á Alcaldía de Pontevedra (10 de novembro de 1959), este coñecido e brillante polígrafo pasa a ser, como tódolos *alcaldes das capitais de provincia, Ceuta e Melilla*, membro nato da citada institución que, como é sabido, estruturábase por estamentos ou apartados. Entraba, pois, nunha institución do réxime que, foi analizada e valorada baixo diferentes puntos de vista. Aquí recollemos dúas opinións diverxentes na forma e coincidentes no fondo: a primeira, a de un oficial letrado daquelas Cortes, procurador e ministro: M. Fraga e, a outra, a de un profesor contemporáneo da Universidade de Castilla-La Mancha: Miguel Ángel Giménez Martínez.

³³⁴ Tamén podemos ver a carta completa (o orixinal consérvase no Museo de Pontevedra). Se o lector ten a curiosidade, pode comprobar que non contén correccións manuais no texto, porque o Profesor mecanografaba el mesmo as cartas persoais. Tamén pode verificar. Apéndice 3

³³⁵ Stanley G. Payne (2006) *El catolicismo español*. Ed. Planeta. Barcelona, páx. 251

Manuel Fraga Iribarne escribía en 1958 sobre el Reglamento de las Cortes³³⁶ (Texto 1º tomado de la Introducción):

Lo importante de una institución es la **función** que cumple dentro del conjunto del sistema. El órgano debe ser concebido para el adecuado cumplimiento de esa función, y el **procedimiento** ser el más apropiado para su realización. (. . .)

Supuesto este reconocimiento, el **órgano** debe ser capaz de cumplir la función gravísima de la **deliberación representativa**, es decir, de la discusión de las grandes cuestiones estatutarias y la aceptación o revisión de los planes del gobierno (en particular los que envuelven sacrificios económicos) en nombre de la comunidad nacional.

(Texto 2º tomado de la situación de las Cortes)

Tal es la regulación, notoriamente incompleta, de esta materia, y que claramente nos da a entender, lo mismo por sus afirmaciones que por sus silencios, que estamos ante uno de los casos típicos de una institución en estado naciente.

O el Profesor Giménez Martínez afirma (texto a):

El elevado grado de arbitrariedad en que siempre vivió la dictadura jugó en contra de la posición jerárquica de las Cortes con respecto al Gobierno y la Jefatura del Estado, instancias del poder a las que aquellas se encontraron en todo momento subordinadas. Durante la dictadura franquista, España fue un Estado **con** Derecho, y no un Estado **de** Derecho, por lo que cualquier explicación exclusivamente legalista choca con la realidad de un régimen en el que la interdicción entre los poderes públicos no estaba garantizada. Las Cortes orgánicas vivieron, así pues, en una permanente contradicción entre lo que las leyes les encomendaban y lo que la dictadura le permitió ser efectivamente³³⁷

³³⁶ Fraga Iribarne, M. (1958) *El Reglamento de las Cortes españolas*. S.I.P.S. Madrid. Texto 1º, páxs. 4-5 e texto 2º pág. 204.

³³⁷ Giménez Martínez, M. A. (2012) *Las Cortes españolas en el régimen de Franco. Nacimiento, desarrollo y extinción de una cámara orgánica. Congreso de los Diputados. Madrid* (Texto a: pág. 95.) (Texto b) *Las primeras Cortes del Franquismo, 1942-1967: una dócil cámara para la dictadura*

O mesmo profesor Giménez Martínez (texto b) escribe:

Más allá de sus funciones estrictamente parlamentarias, las Cortes carecieron de una significación política ulterior que superara su vocación de “Cámara de resonancia”.

Citando a Mariano Baena del Alcázar³³⁸ continúa:

La significación histórica de aquellas Cortes residió, así pues, en ser el lugar de encuentro de los poderosos del régimen (. . .) En definitiva, y sintetizando nuestro juicio sobre las primeras Cortes franquistas, puede concluirse que fueron lo siguiente: por sus funciones, un órgano colegiado de carácter nominalmente legislativo, que se movía casi siempre respondiendo a las iniciativas del Gobierno, pero a las que le estaban asignadas también atribuciones de fiscalización sobre el Gobierno y la Administración que tampoco cumplió.

A primeira media (escasa) **lexislatura**. Os períodos daquelas Cortes orgánicas duraban tres anos (ata a penúltima), e Filgueira entrou mediada a lexislatura 1958-61.

Foi dado de alta o 26 de Novembro de 1959³³⁹, xurou o cargo no pleno do 19 de decembro de 1959³⁴⁰, e foi baixa o 18 de abril de 1961: exerceu, por tanto, durante un ano e catro meses, menos un día. Substituíu ao alcalde Prudencio Landín Carrasco que “pasaba” a presidir a Deputación da Provincia de Pontevedra. No ano 1960 “debuta” nas Cortes apoiando o proxecto de Lei sobre *compilación do dereito das illas Baleares*, a este proxecto presenta a correspondente emenda, pensando en reclamar o dito dereito para Galicia. Tamén intervén cunha emenda ao proxecto de lei *sobre a inscrición dos actos e contratos que atribuían aos estranxeiros o dominio sobre inmóbeis sitos en determinadas zonas*.

³³⁸ Baena del Alcázar, M. (1999) *Élites y conjuntos de poder en España (1939-1992). Un estudio cuantitativo sobre Parlamento, Gobierno y Administración y gran empresa*. Tecnos, Madrid, páx. 286

³³⁹ No BOCE nº 648, páx. 13531, sección de anuncios, dise “Han quedado incluídos en la Lista de Procuradores en Cortes (...), por haber sido designados Alcaldes de los Ayuntamientos de Ávila y Pontevedra respectivamente”

³⁴⁰ No apéndice 4 deste artigo vemos a fotocopia do carné de procurador Filgueira.

Xa na súa **segunda lexislatura** (maio de 1961-xuño de 1964) comezou presentando unha emenda ao desenvolvemento procesal do artigo 1413 do Código Civil e *doutras normas de embargo*. Nese mesmo ano 1961, o día 25 de novembro, ten preparada unha emenda ao proxecto de *Lei sobre renovación de protección da flota pesqueira*. Impresionan aínda hoxe as peticións sobre axudas de financiación que propón Filgueira³⁴¹. Traballa con intensidade na importante *Lei de compilación de Dereito Foral de Galicia*. Este ditame foi defendido, en comisión, polo Profesor Castán Tobeñas³⁴². No apartado 5 da referida intervención, o procurador Castán Tobeñas menciona as sete emendas presentadas e asinadas por outros tantos procuradores, entre eles sinala ao procurador Filgueira Valverde. O proxecto foi aprobado con un voto en contra. En 1963 traballa sobre os informes do proxecto de *Lei Xeral Tributaria*, e da reforma da *Lei de Arrendamentos Urbanos*, así como na Comisión de Información e Turismo onde se elaborou a *Lei de centros e zonas de interese turístico nacional*. Cómpre recordar que, neste ano sesenta e tres, celébrase por primeira vez o día das Letras Galegas, e nesta celebración participa activamente o Profesor Filgueira. No 1964, o dous de febreiro, constitúese a nova Corporación Municipal pontevedresa, que el sigue presidindo. Dalle proxección á cidade recibindo visitas moi sonadas como a do poeta Vicente Alexandre, da raíña Fabiola de Bélxica, ou do Ministro de Información e Turismo, Manuel Fraga Iribarne. Na tarefa de procurador, ocúpase do *proxecto de Lei de Reordenación das ensinanza técnicas*. Tamén actúa nos informes sobre os *proxectos de Lei de construcións escolares* que modifica a anterior de 1953.

Na terceira lexislatura (3/7/1964-15/11/1967) continúa a ser membro nato das Cortes polo tercio de administración local e intervén, segundo semestre de 1964, no proxecto de *Lei de títulos para matricularse nas facultades universitarias*, e elabora enmendadas particulares a esta lei. O 1965 é Ano Santo Compostelán, no que D. Xosé se involucra moi activamente, tamén foi unha anualidade de intenso traballo urbanístico en Pontevedra:

³⁴¹ Tamén no Museo de Pontevedra (Arquivo Filgueira) consérvase a emenda mecanografada.

³⁴² Vid. BOCE de 28/11/1963, nº 813 páx 17187-17194. O Profesor Castán remata a súa intervención dicindo: “Quizá no esté ya lejano el día, por demás felicísimo, en que las Cortes Españolas puedan brindar a la Patria el obsequio de un Código civil general. **(Prolongados aplausos.)**”

urbanización de varias zonas. A súa implicación nos problemas dos galegos queda patente na intervención, en Santiago de Compostela, ante o III Congreso de Emigración Española a Ultramar. Nas Cortes presenta emendas á *Lei de retribucións na Administración Local*, e tamén enmenda a *Lei sobre expropiación forzosa e sancións en materia de instalacións eléctricas*. En 1966 prosegue cos traballos referentes ao anteproxecto de *Lei sobre retribucións do funcionariado local e civil do estado*. Figura a súa participación na Comisión de Educación Nacional na que se examina e aproba o proxecto de *Lei polo que se crean “las Facultades de Ciencias Políticas, Económicas y Comerciales en las Universidades de Santiago de Compostela y Valencia”*. Nesta mesma comisión, participa no informe e ditame polo que: “Art. 1º: A partir del día 1 de enero de 1967, el actual Cuerpo de Profesores Adjuntos numerarios de Institutos Nacionales de Enseñanza Media pasará a denominarse “Cuerpo de Profesores Agregados de Institutos de Enseñanza Media”³⁴³

No último trimestre de 1967, prodúcese un cambio importante na súa representación, pois preséntase como candidato do “tercio familiar”, e acada nomeamento por este grupo. Curiosamente, dez anos despois do reinicio da actividade política de Filgueira (anos 1957-58 xa relatados), vanse repetir uns “encontros e feitos” similares, pero en sentido contrario, intentan desactivar a tarefa na política activa de D. Xosé. Nos anos 1967-68, ocorren varios acontecementos que van “modificar” o réxime, e “comprometer” a vida de Filgueira na tarefa de “traer” a democracia a España. Resumimos dúas anualidades, de novo, cruciais:

En 1967 Franco visitou o Museo de Pontevedra onde foi recibido polo Alcalde e Director do Museo. O día 1º deste ano foi promulgada a *Lei Orgánica do Estado* que foi a sétima “Lei Fundamental do Reino”. Como consecuencia da citada Lei, amplíase en 102 o número de procuradores en Cortes, os que se engaden polo novo apartado de “cabezas de familia” (máis coñecido co nome de “tercio familiar”). Para “ocupar” estas novas prazas, convócanse eleccións a Cortes para o citado terzo. O Alcalde Filgueira presentouse a esas eleccións (10 de outubro) aínda que podía ter continuado no “tercio da Administración local”. Nesas eleccións obtivo un rotundo éxito 107.766 papeletas. A decisión de presentarse, tomada polos alcaldes de Vigo

³⁴³ BOCE nº 938 de 19 de noviembre de 1966, páxs. 20148 e 20149.

e Pontevedra foi moi “sonada” non soamente en Galicia, senón tamén no resto do territorio español. Así, o desaparecido Diario *Pueblo* (25/10/1967) recolle e comenta a noticia do periódico compostelano *La Noche*. Na sección “Mesa de Redacción” inclúese unha “columna” encabezada coa frase : LEÍDO POR AHÍ. Baixo o título. *Alcaldes elegidos*, entre outras cousas dise:

En Galicia tenemos ejemplos para todos: alcaldes que optaron por la elección restringida, unos salieron elegidos, otros no. Pero el caso más llamativo lo constituye el gesto de los alcaldes de Vigo y Pontevedra, dos románticos de la política que no dudaron en ceder momentáneamente la vara de mando para dedicarse a una campaña electoral digna de los mejores tiempos.

Fanse, a continuación, catro conclusións, e na terceira afirmase:

Sin la interferencia de los partidos políticos, las personas designadas por el Gobierno y los elegidos por distintos sistemas serían casi los mismos. Pero preferimos la elección en ciertos cargos.

O comentario sigue con unha 4ª consideración:

De las tres afirmaciones anteriores se puede deducir que los nombramientos del Gobierno para cargos locales recaen normalmente en personas de reconocida aceptación popular. Esta conclusión resulta indudable en los casos de Vigo y Pontevedra, donde, a pesar de la impugnaciones, de las campañas adversas y de la contundencia de sus afirmaciones programáticas, triunfan los señores Filgueira Valverde y Portanet Suárez con toda claridad y sin lugar a dudas de ninguna clase.

A pesar de toda esa “sona” de traballo e bo facer, ímonos atopar cunha sorprendente decisión do Alcalde de Pontevedra: **En 1968**, o 10 de xuño, cesa (seica) *por petición propia*,³⁴⁴ como Alcalde do Concello de Pontevedra. Un ano despois do encontro con Franco “sae” da alcaldía, como sucedera naquela ocasión (1957): un ano despois do encontro co Príncipe Xoán Carlos, tamén en Pontevedra, e tamén no Museo, “entrou” na alcaldía.

³⁴⁴ Valle, o.c. páx. 64

Como a súa presenza nas Cortes, nesta ocasión, xa era causada “por elección doutro sector”, continúa a súa tarefa de procurador. Segue adscrito á comisión de Educación Nacional, e tamén á de Agricultura. Nesta comisión presenta emendas ao *proxecto da Lei de ordenación rural*, e tamén informes sobre a *Lei do segundo plan de desarrollo económico e social*. Asemade intervén na Comisión de Administración Local onde volve a facer ponencias e *informes sobre as retribucións dos funcionario da administración local e civil do estado*, así como do persoal do corpo auxiliar subalterno e auxiliar de almacén de artillería.

En 1969 participa activamente, e así o recolle a prensa, p ex., no diario ABC³⁴⁵, no que hoxe chamariamos comisión de investigación sobre un caso de corrupción moi coñecido, que foi o caso MATESA (Maquinaria Téxtil del Norte de España). Presenta así mesmo informe *ao proxecto de Lei dos presupostos xerais para o bienio 1968/69*.

No 1970 discútese na comisión de Educación Nacional a *Lei xeral de Educación e Financiamento da Reforma Educativa* (máis coñecida como lei Villar Palasí, apelidos do ministro que a propuxo), e Filgueira actúa moi activamente en defensa do bilingüismo e o ensino das linguas vernáculos na educación primaria e secundaria (retomaremos este tema máis adiante). Presenta tamén emendas á *Lei de acceso a escala de mando no corpo xeral de policía*. No seu último ano como Procurador (1971) Filgueira fai os resumos das ponencias propostas para o *plan de desenvolvemento rexional* e volve a ocuparse das *peticións sobre as retribucións do corpo auxiliar subalterno do exército*. Rematou a legislatura e causou baixa nas Cortes o 12 de novembro de 1971.

Se tiveramos que seleccionar catro “intervencións”, como as máis destacadas da relatada participación do Procurador Filgueira Valverde nas Cortes, seleccionaríamos, pola súa proxección no futuro e no interese de Galicia, as seguintes: 1.- A emenda ao proxecto de *Lei sobre renovación de protección da flota pesqueira española*. 2. Os traballos sobre a *Lei de compilación de Dereito Foral de Galicia*. 3. Intervención no caso MATESA. 4. Defensa e promoción do bilingüismo na Lei Xeral de Educación e Financiación da Reforma Educativa.

³⁴⁵ Edición de Andalucía do miéres do 3 de setembro de 1969, páx. 30

1.- **A emenda ao proxecto de *Lei sobre renovación de protección da flota pesqueira española***. Ese texto (do 25 de novembro de 1961) é a defensa dun sector produtivo tan importante para Galicia. No alegato sobre os *estímulos económicos* para o sector, o procurador Filgueira Valverde escribe:

Por muy generosa que sea la ayuda crediticia estatal, siempre será necesario movilizar paralelamente el ahorro privado, hacia las inversiones del sector pesquero. No puede olvidarse ni la masividad que revisten los riesgos para las empresas de esta clase, ni la necesidad de contar con una fuerte capitalización, dados los actuales costos de fabricación de los equipos, especialmente si se destinan a pescas de máxima órbita, con instalaciones a bordo de conservación, potencia y capacidad altamente evolucionadas. Esta consideración pretende aflojar cuantos frenos pudieran mermar el atractivo de la inversión, en acciones o participaciones del capital destinado a alimentar el sistema pesquero renovado.³⁴⁶

2. ***Lei de compilación de Dereito Foral de Galicia***. Destacamos este traballo por ter “rescatado” para a nosa terra unha compilación duns dereitos tradicionais que configuran formas características da convivencia social. Este labor parlamentario foi continuado noutro tempo político e noutra Cámara. Efectivamente, dezaioito anos despois, o Estatuto de Autonomía de Galicia, no artigo 38, ocúpase de este asunto e establece tres afirmacións:

1. En materias de competencia exclusiva da Comunidade Autónoma. O dereito propio de Galicia é aplicable no seu territorio con preferencia a calquera outro, nos termos previstos no presente Estatuto.

2. A falta de dereito propio de Galicia, será de aplicación supletoria o Dereito do Estado.

3. Na determinación das fontes do dereito civil o Estado respetará as normas do Dereito Civil galego.

Corenta e tres anos despois, o Parlamento de Galicia aprobou a **Lei 2/2006, de 14 de xuño, de dereito civil de Galicia**. No preámbulo desa lei faise referencia a aquel traballo sobre o chamado *Dereito Foral de Galicia*. No parágrafo segundo faise referencia á interrupción do proceso

³⁴⁶ O texto completo da emenda consérvase no Museo de Pontevedra. Arquivo Filgueira: FVA, 191-2

de creación consuetudinario e do dereito civil galego. Ese “parón” foi causado, segundo os lexisladores galegos do ano dous mil seis, *polo movemento codificador uniformador* do século XIX, que se plasmou no *Código Civil* de 1889 no que se coloca á marxe da legalidade vixente boa parte do noso dereito civil propio, **sen que esta situación teña sido, nin moito menos, resolta coa promulgación, en 1983, na compilación do Dereito civil de Galicia, fragmentaria, incompleta, falta de entidade propia de un sistema xurídico e, en consecuencia, en boa parte, de espaldas á realidade social.**

3. Intervención no caso MATESA. Con esta actuación non soamente contribuíu a aclarar un asunto problemático de corrupción mediante unha comisión de investigación parlamentaria (inusual naquelas Cortes), senón tamén a facer visible na sociedade española o traballo desas Cortes. Curiosamente, parece ser, que este caso provocou a caída “en desgracia” de todos os partidarios de aclarar aquel asunto e dos máis ou menos achegados a posicións dos novos aires que viñan xa dos aires do Concilio Vaticano II. En ámbolos dous casos estaba incluído Filgueira Valverde.

4. Defensa e promoción do bilingüismo na Lei Xeral de Educación e Financiación da Reforma Educativa (1970). A faciana máis coñecida da defensa do uso das linguas vernáculas no ensino pode constatarase nas intervencións dos procuradores na Comisión de Educación Nacional, nela tivo un papel moi activo o Prof. Filgueira. Os textos (transcritos) do expresado polos procuradores poden lerse no BOCE³⁴⁷. Incluso o dito por Filgueira foi publicado no Faro de Vigo³⁴⁸ e na Revista Chan. O traballo previo está no texto menos coñecido que é a primeira redacción, mecanografada polo propio autor da emenda, que se conserva no Museo de Pontevedra³⁴⁹. Ese mesmo texto adaptado foi publicado no BOCE como enmienda núm. 490³⁵⁰. Este esforzo tivo a súa concreción na referida Lei Xeral³⁵¹. Como mostra, recollemos o artigo 14. 1, e 17. 1 onde se di:

³⁴⁷ BOCE nº 20 e s.s do día 2 de abril de 1970

³⁴⁸ Faro de Vigo, día das Letras Galegas de 1970

³⁴⁹ Documento do Arquivo Filgueira FVA 183- 14. Apéndices 5 I e II.

³⁵⁰ Publicación oficial no BOCE. Apéndice 6

³⁵¹ B. O. del E. Núm. 187. 6 de agosto de 1970, páx 12529

Artículo catorce.- Uno. La educación preescolar comprende juegos, actividades de lenguaje, incluida, en su caso, la lengua nativa, expresión rítmica...

Artículo diecisiete.- Uno. Las áreas de actividad educativa en este nivel comprenderán: el dominio del lenguaje mediante el estudio de la lengua nacional, el aprendizaje de una lengua extranjera y el cultivo, en su caso, de la lengua nativa:

Para rematar, parece conveniente incluír unha valoración do propio Procurador quen, respondendo ás preguntas de Gustavo Luca de Tena³⁵² Foi un erro ter sido procurador en Cortes? Filgueira, entre outras cousas, di:

– Pode. Pero pode ser unha vantaxe ter logrado iso (o recoñecemento do bilingüismo no ensino) e outras cousas que había no mesmo texto, que supuxo un paso moi importante. Teña conta que daquela se lograra tamén que o Ministerio de Educación publicase un libro no que facía constar que 84% da poboación galega falaba galego.

No 12 de novembro de 1971 Filgueira vaise das Cortes, pero seguirá loitando e *dando pasos* –como sempre– para darlle pulo aos seus ideais.

Tese final.

A entrada de D. Xosé Fernando Filgueira Valverde na Alcaldía de Pontevedra e, como feito derivado, o ingreso nas Cortes como procurador, foi o camiño polo que a vida vaino levando a poder desprezar un papel protagonista, dentro dos grupos que levaron a cabo a transición á democracia en España, e en Galicia.

M.R.T.

³⁵² Entrevista publicada en *A Nosa Terra* en 1990, e reproducida pola revista dixital *Biosbardia* o 19 de Outubro de 2014.

Apéndice 1



La comisión será la encargada de supervisar los trabajos del Centro de Investigación Lingüística

Constituida la comisión del centro «Ramón Piñeiro»

El presidente de la Xunta, Manuel Fraga, acordó ayer a la constitución de la Comisión Rectora do Centro de Investigación Lingüística «Ramón Piñeiro» que estará encabezada por el consejero de Educación e Ordenación Universitaria. Esta comisión será la encargada de supervisar los trabajos del centro, entre cuyas funciones principales se encuentra el ofertar actividades de formación lingüística, histórica y antropológica de Galicia.

SANTIAGO
Redacción

La lingüista, Manuel Regalado Tenreiro y el coordinador científico, Constantino García. La imagen además el consejero director de los sectores de las tres universidades gallegas, el presidente de la Real Academia Galega y tres expertos en las materias objeto de los trabajos del centro: Xosé Seo, Xosé Filgueira Valverde y Carlos Casares.

Fraga recordó en su discurso la figura del galleguista Ramón Piñeiro y su interés por la vida política y cultural gallega.

via extraordinaria reunión, o sea visto de quedar siempre en goberno, non se pode. É claro que é unha consecuencia de vida sen senosidade.

El presidente de la Xunta finaliza sus palabras animando la labor investigadora, «para que trabalen co espírito que simboliza Ramón Piñeiro, que non é outro que a comprensión da pluralidade e do talento, sempre disposto a colaborar, facilitar, incitar, servir, aconseillar, dirixir a queira busca a promoción de nosa lingua e da nosa literatura e, en consecuencia, da nosa Galicia».

En su intervención, el coordinador del CIL, Constantino García, afirmó que el centro estará abierto a la colaboración con investigadores individuales y a distintos grupos de estudiosos para colaborar con ellos, y en el sistema más adecuado a cada caso, el desarrollo de programas concretos.

Apéndice 2



FJA, 222-7
MUSEO LINGÜÍSTICO
ALGUEIRO UNIVERSITARIO

LA ZARZUELA
14 octubre, 1967

Querido Don José:


Mi más afectuosa enhorabuena por el éxito obtenido en las elecciones a Procurador en Cortes, por la Representación Familiar.

Estoy seguro que realizará una gran labor, que redundará en el mejor servicio de España.

Con afecto, y *quien lo es el punto.*

EXCMO. SEÑOR DON JOSE F. FILGUEIRA VALVERDE
Pontevedra

Apéndice 3



Apéndice 4



Apéndice 5

F. 183-14

COMISION DE EDUCACION.- **Enmienda n.º.**
PRIMER FIRMANTE: Don José Fil-
meira Valverde.

PROYECTO DE LEY GENERAL DE EDUCACION Y FINANCIAMIENTO DE LA RE-
FORMA EDUCATIVA.

Los procuradores en Cortes que suscriben, y como primer-
firmante Don José Filmeira Valverde, en uso del derecho que -
les confiere el artículo 35 del Reglamento de las Cortes Gene-
rales, formulan la siguiente enmienda al proyecto de Ley General-
de Educación y de Financiamiento de la Reforma Educativa:

Sección II
Artículo 17
Aparado 1º

Enmienda:

"b) Dominio del lenguaje como base de toda formación. Estu-
dio de la lengua nacional. Iniciación en el aprendizaje de una
lengua extranjera. En las áreas bilingües, el idioma de la re-
gión será utilizado como habla vehicular para la enseñanza del-
castellano y cultivado como manifestación viva de nuestro patri-
monio espiritual, artístico y literario."

Justificación:

Nuestra enmienda subraya el carácter axial del dominio del-
lenguaje, para la comprensión y para la expresión, carácter que
debe mantenerse en todo el grado y trascender al Bachillerato.
Se reduce el estudio de una lengua extranjera a una mera inici-
ción, que incluso podría tener el carácter opcional.

El apartado, en su redacción original, prescinde de un as-
pecto básico en la didáctica del lenguaje dentro de las áreas -
bilingües: la necesidad de enseñar la lengua oficial mediante
el empleo de la materna, utilización intuída ya por nuestros pa-
dres del XVIII, exigida por las técnicas actuales y recomen-
dada psicológicamente para evitar el desarrollo de sentimientos
de inferioridad, creados por la represión de las expresiones
vernáculas, represión hoy sustituida por sistemas de correla-
ción y equivalencias.

Por otra parte, nuestra redacción incluye un reconoci-
miento explícito de que las lenguas vernáculas no son otro ex-
traño o forastero a lo español, sino parte integrante de un patrimonio cul-
tural común. Se evita la frase, "vinculadas al medio ambiente",
porque restringe el sentido histórico y universal del casti-
llano que se propone, en contradicción con los valores artísticos del
lenguaje: grandes creaciones de la lírica medieval, de la epí-
ca, de la poesía narrativa... no tienen hoy vinculación con
el ambiente y no por eso dejan de estar incluidas en teorías
científicas de arte o de literatura: las "cantigas" de Alfonso
X o las obras de Ramón Llull.

Dondevedra, doce de noviembre de mil novecientos no-
venta y nueve.

Art. 17 b) Segundo punto

... En las áreas bilingües, el idioma de la región será utilizado como ha-
bla vehicular para la enseñanza del castellano y cultivado como manifestación
viva de nuestro patrimonio espiritual artístico y literario.

El apartado, en su redacción original, prescinde de un aspecto bá-
sico en las áreas de bilingüismo, la necesidad de enseñar la lengua oficial
mediante el empleo de la materna, utilización intuída ya por nuestros pa-
dres del XVIII, y exigida hoy por las técnicas actuales para la eficiencia
en el aprendizaje del idioma y recomendada psicológicamente para evitar
el desarrollo de sentimientos de inferioridad creados por la represión
de las expresiones vernáculas, represión sustituida hoy por sistemas de co-
relaciones y equivalencias.

Por otra parte, nuestra redacción incluye una declaración explíci-
ta de que las lenguas vernáculas no son algo extraño o forastero a lo es-
pañol, si no parte integrante de un patrimonio cultural común.

Se evita la frase final, "vinculadas al medio ambiente" porque re-
stringe el valor universal de lo artístico, en contradicción con los valores
estéticos del lenguaje: grandes creaciones de la lírica medieval, de
la epíca, de la poesía narrativa no tienen hoy vinculación con el am-
biente y no por eso dejan de estar incluidas en los cuestionarios de
lengua y literatura: las Cantigas de Alfonso X o las obras de Ramón
Llull.

**PRIMER FIRMANTE: D. José
Filgueira Valverde.**

Los Procuradores en Cortes que suscriben, y como primer firmante don José Filgueira Valverde, en uso del derecho que les confiere el artículo 35 del Reglamento de las Cortes Españolas, formulan la siguiente enmienda al proyecto de Ley General de Educación y de Financiamiento de la Reforma Educativa, publicado en el *Boletín Oficial de las Cortes Españolas*, número 1.071, de 24 de octubre de 1969.

ENMIENDA

A LA SECCIÓN II.

ARTÍCULO 17, APARTADO 1.

"b) Dominio del lenguaje como base de toda formación. Estudio de la lengua nacional. Iniciación en el aprendizaje de una lengua extranjera. En las áreas bilingües, el idioma de la región será utilizado como habla vehicular para la enseñanza del castellano y cultivado como manifestación viva de nuestro patrimonio espiritual, artístico y literario."

JUSTIFICACION

Nuestra enmienda subraya el carácter axial del dominio del lenguaje para la comprensión y para la expresión, carácter que debe mantenerse en todo el grado y trascender al Bachillerato. Se reduce el estudio de una lengua extranjera a una mera iniciación, que incluso podría tener el carácter opcional.

El apartado, en su redacción original, prescinde de un aspecto básico en la didáctica del lenguaje dentro de las áreas bilingües: la necesidad de enseñar la lengua oficial mediante el empleo de la materna, utilización instituida ya por nuestros pedagogos del XVIII, exigida por las técnicas actuales y recomendada psicológicamente para evitar el desarrollo de sentimientos de inferioridad, creados por la represión de las expresiones familiares, represión hoy sustituida por sistemas de correlaciones y equivalencias.

Por otra parte, nuestra redacción incluye un reconocimiento explícito de que las lenguas vernáculas no son algo extraño a lo español, sino parte integrante de un patrimonio cultural común. Se evita la frase "vinculadas al medio ambiente", porque restringe el sentido hispánico y universal del cultivo que se propone, en contradicción con los valores estéticos del lenguaje: grandes creaciones de la lírica medieval, de la mística, de la poesía narrativa... no tienen hoy vinculación con el ambiente y no por eso dejan de estar incluidas en temarios elementales de arte o de literatura: las *Cantigas* de Alfonso X o las obras de Ramón Llull.

Pontevedra, 12 de noviembre de 1969.

XOSÉ FILGUEIRA VALVERDE, CAMIÑANDO POLOS VIEIROS ABERTOS POR FEIJOO E SARMIENTO

PEGERTO SAAVEDRA

Os estudosos da inmensa obra de Xosé Filgueira Valverde teñen afirmado, e con moita razón, que foi un verdadeiro polígrafo, o último –polo menos mentres non apareza outro– en palabras do profesor e actual presidente da Real Academia Galega, Xesús Alonso Montero: “Cando, o 13 de setembro de 1996, faleceu don Xosé Filgueira Valverde, desaparecía, no mapa intelectual de Galicia, o seu último polígrafo. Polígrafo, aclaremos, no eido das Letras, pois, no seu tempo (1906-1996), xa era imposible, para os intelectuais de formación humanística, facer incursións de certa valía na área de disciplinas científicas. Aínda o fixo o P. Sarmiento (1695-1772), mestre, por certo, a quen Filgueira dedicou páxinas e páxinas, ilustrativas unhas, reivindicativas outras, e devotas todas”³⁵³.

Resulta, en efecto, asombrosa a obra de Filgueira pola súa cantidade, variedade e calidade. O catálogo elaborado por María Jesús Fortes censa 2.136 publicacións, contando libros, artigos, prólogos, folletos e outros textos menores, e case 2.400 conferencias e cursos e demais intervencións de tipo oral, incluíndo as radiofónicas.³⁵⁴

Tense comparado a Filgueira Valverde con outro gran polígrafo: Ramón Otero Pedrayo. Ámbolos dous escribiron sobre temas moi variados, pero no pontevedrés a obra de investigación predomina moito sobre a de creación literaria, dándose a situación contraria no patriarca de Trasalba. Hai, desde logo, entre eles outras importantes diferenzas, empezando polas traxectorias vitais en particular desde a Guerra Civil, polas posicións ideolóxicas e políticas e pola idea que tiñan de Galicia. Resulta ben claro que Otero, a quen Filgueira consideraba con razón mestre, ten na común

³⁵³ Xesús Alonso Montero, “Estudo preliminar”, en Ana Acuña e Xesús Alonso Montero (eds.), *Os poetas galegos (1936): antoloxía consultada*, Pontevedra, Museo de Pontevedra/Sociedad Estatal de Conmemoraciones Culturales, 2008. Consultado en liña: <http://www.poesiagallega.org/arquivo/ficha/f/1068>.

³⁵⁴ M^a Jesús Fortes Alén, *Ó Dr. Filgueira Valverde nos seus noventa anos (1906-1996). Bibliografía. Traballos. Eloxios*, Pontevedra, Caixa de Aforros de Pontevedra, 1996

opinión unha categoría intelectual superior a de calquera escritor galego da época contemporánea, non unicamente pola calidade da súa produción literaria no romance, no teatro e na poesía, senón tamén polo enorme talento e forza que hai detrás dos traballos de xeografía e historia, sexan de investigación ou de ensaio (xéneros que na súa produción non sempre poden xebrarse), e pola integridade moral da que deu exemplo ó longo da súa vida, e que quedou demostrada, dunha vez por todas, no *Libro dos amigos* (1953). Pero Otero e Filgueira partillan algo que non é pouco: o compromiso co estudo e defensa da cultura galega, unha tarefa que foi decisiva para que mantivesen as relación de amizade despois de 1936, segundo pon de manifesto a correspondencia datada na propia Guerra Civil e na posguerra³⁵⁵.

Tal compromiso afianzouse durante a etapa do Seminario de Estudos Galegos, institución na que ámbolos dous puideron desenvolver a súa formación interdisciplinar e universalista, pois nada hai de provinciano ou localista, no senso pexorativo destes cualificativos, no ánimo, nos proxectos e obras dos mozos e non tan mozos que viaxaron en outubro de 1923 a Ortoño, e para comprobalo chega con reparar no coñecemento que das linguas modernas, imprescindible para saber o que se facía en Francia, Alemania ou Inglaterra tiñan moitos deles, desde Otero Pedrayo a Lois Tobío e Vicente Risco, ou o mesmo Filgueira, como ben demostrou no traballo sobre “A festa dos maíos”, que lle encomendou o Seminario, no que pertencía ás seccións de Etnografía e Historia da Literatura (a esta

³⁵⁵ Vid., por exemplo, X. F. Filgueira Valverde, *Con Otero Pedrayo*, Publicacións da Fundación Otero Pedrayo, Vigo, 1990 (obra editada con motivo da concesión do premio Trasalba a Filgueira). Dos anos da guerra inclúe unha epístola latina de Otero, e de maio de 1939 unha composición, tamén en latín, para celebrar o nacemento en Lugo da primeira filla de Filgueira; de xaneiro de 1944 outra epístola poética respondendo á felicitación de Nadal do pontevedrés. Outras poesías de 1942, 1944 e 1946 adicadas por Otero a Filgueira poden consultarse en Ramón Otero Pedrayo, *Poesía*, edición, introducción e notas de Xesús Alonso Montero, Vigo, editorial Galaxia, 2010, páxs. 97-100, 111-114 e 123-124. Vid. tamén o interesante *Epistolario. Xosé Filgueira Valverde, Ramón Otero Pedrayo*, compilado por M^a Jesús Fortes Alén; estado preliminar de Ramón Villares Paz, Pontevedra, Museo de Pontevedra/Sociedad Estatal de Conmemoraciones Culturales, 2009, e Ramón Villares, “Mutacións e resistencias na cultura galega: reflexións a propósito do epistolario entre Otero Pedrayo e Filgueira Valverde (1927-1976)”, *Grial: revista galega de cultura*, núm. 179 (2008), páxs. 130-141.

na condición de director)³⁵⁶. A nova institución viña ser unha especie de Alethophilo imaxinado polo Padre Sarmiento, só que tiña un carácter colectivo máis que individual, e non é casualidade que no mesmo ano en se crea, 1923, saia en Tui a primeira edición do *Onomástico etimológico de la lengua gallega*, do bieito pontevedrés, por obra do cóengo tudense Lago González, quen actuou de incógnito³⁵⁷.

A etapa do Seminario de Estudos Galegos ten, sen dúbida, unha importancia decisiva na condición de Filgueira como polígrafo, e algunhas das súas últimas publicacións, recollidas no *Noveno Adral*, aparecido cando xa morrera, tratan precisamente “da xeración «Nós» e dos tempos do «Seminario»”³⁵⁸. Licenciado en Filosofía e Letras, na sección de Ciencias Históricas, na Universidade de Zaragoza en 1927, e en Dereito na de Santiago en 1928, as súas principais investigacións centráronse, porén, como é ben coñecido, no eido da literatura trobadoresca, temática logo moi frecuentada, e da que el foi un dos primeiros cultivadores coa súa célebre tese doutoral sobre a cantiga CIII³⁵⁹. Pero, a maiores da historia da Literatura non só da trobadoresca, Filgueira cultivou a Historia, a Historia da Arte, a Arqueoloxía, e a Etnografía-Antropoloxía, algunhas destas especialidades xa desde os tempos do Seminario.

No caso da Etnografía xa quedou mencionada a súa publicación pioneira sobre os maios, á que seguiron outras que tratan da celebración do Corpus en Pontevedra, a do Cancioneiro Musical de Galicia, que compilara don Castro Sampedro entre 1884 e 1924, e que Filgueira editou en 1942 con ampla bibliografía referida á música e á poesía popular, e as

³⁵⁶ Xosé Filgueira Valverde, “A festa dos maios. Papeletas de folklore galego”, separata dos *Arquivos do Seminario de Estudos Galegos*, A Coruña, Imprenta Lar, 1927; Alfonso Mato, *O Seminario de Estudos Galegos na documentación que garda o Instituto Padre Sarmiento*, Sada (A Coruña), Edicións do Castro, 2001.

³⁵⁷ O *Onomástico* apareceu como folletín de *La Integridad*, na Tipografía Regional. Vid. Xesús Alonso Montero, “O nome e a obra do Padre Sarmiento no franquismo”, *Boletín da Real Academia Galega*, núm. 363 (2002), páxs. 9-24

³⁵⁸ En concreto son oito textos, redactados entre 1993 e 1995; Xosé Filgueira Valverde, *Noveno Adral*, Sada (A Coruña), Edicións do Castro, 1996, páxs. 165-213.

³⁵⁹ Mercedes Brea, “D. Xosé Filgueira Valverde e a lírica galego-portuguesa”, en *Xosé Filgueira Valverde, 1906-1996*, xa citado, páxs. 212-241.

que estudan diversos oficios artesáns, dos que tiña un gran coñecemento, en particular dos canteiros, ferreiros, acibecheiros e gravadores, profesións as dúas últimas que xa nos levan á historia da Arte³⁶⁰. O seu interese pola Antropoloxía quedou ben de manifesto na etapa en que estivo á fronte do Consello da Cultura Galega, entre 1990 e setembro de 1996, cando morre. Celebráronse entón na institución, dous congresos, o intitulado *Nos lindeiros da galegitude*, que clausurou o 7 de xullo de 1990 en Vilafranca do Bierzo cunha douta e emotiva conferencia sobre o Padre Sarmiento, e outro en 1992, dedicado ó seu amigo dos tempos do Seminario Fermín Bouza Brey³⁶¹.

En fin, dos moitos traballos de Historia de Filgueira eu destacaría os consagrados ó mundo do mar que son tamén de Etnografía, tan importante na Pontevedra da Baixa Idade Media e do século XVI. Ó respecto, o libro *Archivo de Mareantes* resulta aínda hoxe unha obra fundamental. Son tamén de interese as biografías dos *Pontevedreses universales*, presentadas en folletos de carácter divulgativo, pero que en determinados casos achegan datos orixinais³⁶². E, desde logo, non poden

³⁶⁰ Castro Sampedro y Folgar, *Cancionero musical de Galicia. Reconstitución, introducción y notas bibliográficas de José Filgueira Valverde*, Madrid, 1942(1943), e A Coruña. Fundación Barrié de la Maza, 1982 e 2007 (neste caso con estudos críticos de Luís Costa, Xavier Grova, José Carlos Valle e Carlos Villanueva, que é o coordinador). José Filgueira Valverde, *La artesanía de Galicia*, Buenos Aires, Ediciones Galicia, 1953; e José M. López Vázquez, “Don Xosé Filgueira Valverde e a Historia da Arte”, en *Xosé Filgueira Valverde, 1906-1996*, xa citado, páxs. 336-354

³⁶¹ *Nos Lindeiros da Galegitude. I. Simposio de Antropoloxía*, X. M. González Reboredo e X. A. Fernández de Rota (coordinadores), A Coruña, Consello da Cultura Galega, 1991 (a intervención de Filgueira só se recolle moi parcialmente, na realidade este simposio ten lugar un pouco antes de chegar el á presidencia do Consello), e *Actas do Simposio de Antropoloxía: in memoriam Fermín Bouza Brey*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, 1994. Colaborou tamén na obra *Galicia. Antropoloxía*, coordinada por Xosé M. González Reboredo, A Coruña, Hércules de Ediciones, 1997. O recoñecemento do seu interese pola Antropoloxía e pola Etnografía quedou de manifesto no *Simposio Internacional in Memoriam Xosé Filgueira Valverde*, celebrado en xullo de 1997 en Pontevedra, e coordinado por Francisco Calo Lourido: *Antropoloxía mariñeira*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, 1998

³⁶² *Archivo de Mareantes*, Pontevedra, Museo de Pontevedra, 1996 (e Madrid, Caja Madrid, 1992), e *Pontevedreses universales: recopilación de los XL folletos publicados en el día de la Hispanidad: (1956-1995)*, Pontevedra, Diputación Provincial de Pontevedra, 2000, 3 vols.

esquecerse as publicacións que fixo sobre o seu admirado e querido Sarmiento, sen dúbida o pontevedrés máis destacado que estudou: dedicoulle o discurso de entrada na RAE (*Ideas y Sistema de la historia en Fray Martín Sarmiento*, 1981) e moitas outras publicacións; editou con M^a Jesús Fortes o seu epistolario e, sendo presidente do Consello da Cultura Galega, celebrouse nesta institución un magno congreso internacional para conmemorar o terceiro centenario do nacemento do bieito, no que pronunciou a conferencia inaugural sobre “O Padre Sarmiento e Galicia”. Igual que en 1990 en Vilafranca do Bierzo con ocasión do simposio sobre “Nos lindeiros da Galegitude”, en 1995 tiven a honra de participar no congreso de Sarmiento e de escoitar as sabias palabras de Xosé Filgueira³⁶³. Hai que engadir aínda que unha parte importante do seu traballo de editor, ben sexa na editorial Bibliófilos Gallegos, que el creou, ou na colección “Galicia Histórica” da Fundación Barrié de la Maza, que dirixiu, estivo orientada á publicación de textos históricos, desde obras antigas (Molina, Gándara) até teses de doutoramento elaboradas no último terzo do século pasado.

Sería inxusto esquecer que Filgueira contou con mestres e colaboradores que fixeron traballos fundamentais no eido da recompilación e estudo de materiais, da preparación para a súa publicación e da posta en marcha e xestión de institucións culturais, principiando polo Museo de Pontevedra. Quero mencionar en particular a tres: don Castro Sampedro Folgar (1844-1937), fundador da “Sociedad Arqueológica”, impulsor do Museo e compilador de materiais de arquivo e do *Cancioneiro Musical de Galicia*, publicado por Filgueira en 1942, segundo quedou adiantado; Alfredo García Alén (1923-1981), estudoso de por vida –unha vida breve– dos oficios artesáns, en especial do dos oleiros, e con coñecementos de arqueoloxía suficientes para colaborar na realización da *Carta Arqueolóxica da*

³⁶³ *O Padre Sarmiento e o seu tempo*: Actas do Congreso Internacional do tricentenario de Fr. Martín Sarmiento (1695-1995), Santiago de Compostela, 29 de mayo-3 de xuño de 1995, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega/Universidade de Santiago, 1997, 2 vols., e *Epistolario do P. Sarmiento*, disposto por Xosé Filgueira Valverde e po M^a Jesús Fortes Alén, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, 1995 (publicación aparecida tamén para celebrar o terceiro centenario do nacemento do bieito pontevedrés).

provincia de Pontevedra. E finalmente Antonio Odriozola (1911-1987), verdadeira autoridade internacional na historia da imprenta dos séculos XV-XVII. Varias publicacións de Filgueira non serían posibles sen a colaboración e as ensinanzas deses tres persoeiros³⁶⁴.

Filgueira foi un admirador, e poderíamos dicir que seguidor, do Padre Sarmiento. Tiñan en común a condición de pontevedreses e, salvando o que todo o que representan as distancias no tempo que lles tocou vivir, compartían inquedanzas intelectuais: Sarmiento descubriu, con admiración, en 1727 no arquivo da catedral de Toledo as Cantigas de Santa María, e logo comprobou que había documentación medieval en galego para cargar carros; Filgueira fixo do estudo dos cancioneiros a súa principal tarefa de investigación. Atreveríame a dicir que até en asuntos pedagóxicos presentan certas semellanzas: o bieito criticou o ensino memorístico, e o labor docente do catedrático pontevedrés destacou por estimular a lectura por parte dos alumnos, pola celebración de seminarios e por realizar viaxes por Europa cos estudantes xa a principios da década de 1950. Ambos cultivaron as musas, aínda que investigaron moito máis que crearon, se ben un gardou manuscritos a maior parte dos pregos que redactou e o outro sacou á praza do mundo unha inmensa cantidade de textos. E por riba de todo, en ambos Galicia foi o tema central dos seus estudos.

O polígrafo pontevedrés vén ser unha especie de Alethophilo, só que limitado ás Humanidades, o que no século XX xa non pode considerarse pouco. Pola súa erudición nas diversas materias de letras humanas case se lle poderían aplicar aquelas palabras coas que Feijoo retrata a Sarmiento na segunda parte do discurso “Glorias de España”, no apartado que trata das persoas destacadas pola súa “varia erudición”, ou sexa pola “amplitud de capacidad para abarcar materias y facultades diferentes”: “ En cualquier materia que se toque de tan gratas, tan individuadas las noticias, que no parece se oyen de su boca, sino que se leen en los mismos autores de donde las bebió. Es de tan feliz memoria como de ágil y penetrante discurso, por

³⁶⁴ Vid., por exemplo, a lembranza que Filgueira Valverde fixo de Casto Sampedro en “Don Casto Sampedro y su Sociedad Arqueológica”, *Museo de Pontevedra*, t. 5 (1948), páxs. 16-49. En 1942 Filgueira ocuparía na Rea Academia Galega a cadeira que quedara vacante en 1937 pola morte de don Casto Sampedro.

lo que las muchas especies que vierte en todos estos asuntos salen apuradas con una sutil y juiciosa crítica”³⁶⁵.

Así e todo, na medida na que poidan evitarse os anacronismos avultados ó comparar un intelectual do XX con outros do XVIII, considero que a Filgueira habería que velo máis ben como discípulo de Feijoo que de Sarmiento, porque Feijoo é realmente o creador do ensaio, un xénero novo e daquela non sempre apreciado, e Filgueira foi un extraordinario ensaísta. Don Marcelino Menéndez Pelayo, máis amante da erudición densa que do ensaio, recoñecía a obra de Feijoo, pero non deixa de tratalo con algunha ironía: “peregrinó incansable por todos los campos de la humana mente, pasó sin esfuerzo de lo más encumbrado a lo más humilde y, firme en los principios fundamentales, especuló ingeniosa y vagamente de muchas cosas, divulgó verdades peregrinas, impugnó errores del vulgo y errores de los sabios. Y fue, más que filósofo, pensador, más que pensador escritor de revistas o de ensayos a la inglesa. No quiero hacerle la afrenta de llamarle periodista, aunque algo tiene de eso en sus peores momentos, sobre todo por el abandono del estilo y copia de galicismos”. En troques prefire a obra de Mayans: “Era en todo un español de la antigua cepa, amantísimo de las glorias de su tierra, incansable en sacar a luz o reproducir de nuevo por la stampa las obras de nuestros teólogos y filósofos, jurisconsultos, humanistas y poetas (). El aspiró a continuar en todo la tradición y la cadena de la ciencia patria, siendo sus esfuerzos en pro de nuestra cultura todavía más simpáticos que los del P. Feijoo, porque son más castizos”³⁶⁶.

Os lectores das obras de Feijoo do século XVIII, principiando polos encargados da súa censura e continuando por Burriel ou por Sempere y Guarinos, aprecian a amplitude dos recoñecementos e a capacidade á hora de expoñelos: “apenas hay Facultad alguna forastera a su vasta comprensión. En todas habita como doméstico, discurriendo en todas como peregrino. El que la primera vez le oye hablar en qualquier materia, juzga que a aquella sola dio todo su estudio (). A extensión tan prodigiosa de noticias junta

³⁶⁵ *Theatro Crítico*, vol. IV, páx. 521 (cito pola edición de 1781, Madrid, Blas Román, modernizando a puntuación e acentuación). É sabido que Feijoo non citou polo nome a Sarmiento, sabendo que se enfadaría (“Bien veo que el lector querría conocer a un sugeto de tan peregrinas prendas; pero no me atrevo a nombrarle, porque sé que es ofenderle”).

³⁶⁶ En *Historia de los heterodoxos españoles*, Madrid, BAC, 1987, II, 367-8 e 376.

un ingenio sutil, que nada tiene de quisquilloso; un juicio sólido, sin las asperezas de rívido; una facundia dulce, sin el menor resabio de afectada”, escribía en xullo de 1726 Frai Antonio Sarmiento, quen ocupara os cargos máis altos da Congregación de San Bieito, para autorizar o primeiro tomo do *Theatro Crítico Universal*, engadindo: “Es este un Libro, ya por la generalidad admirable de sus noticias, ya por la variedad hermosa de sus materias, de muchos modos espacioso: ¡O liber multifariam pollens!”³⁶⁷. Consideracións parecidas fan o xesuíta Juan de Campo-Verde, o franciscano Domingo de Losada (“No menos arrebatada las mayores admiraciones este literario Theatro, por lo universal en todo linage de materias”), e o cronista e xenealoxista don Luis de Salazar y Castro (“La erudición, siendo mucha, y muy diestramente repartida, tiene una tan propia colocación, que más que buscada para el cuidado oficioso, parece que nació para el caso a que se aplica”).

Non foron menores as gabanzas ás *Cartas eruditas y curiosas*: “Entre lo mucho que hay que admirar en esta obra, se ofrece luego aquella vastísima erudición en todo género de materias. Sobre todas escribe el sapientísimo autor con tanto magisterio, como si cada una hubiera sido la única tarea de su perspicacísimo ingenio (.). Mas pasará la admiración a ser asombro si se advierte que el Padre Maestro escribe estas erudísimas Cartas después de haber vertido en los nueve tomos del *Theatro Crítico* la inmensa copia de exquisitas y curiosas noticias, que con tanta razón le han granjeado el nombre de Universal Bibliotheca, en el sentir de muchos sabios”, escribía en abril de 1742 don Franciso Antonio Fernández Vallejo, colexial de San Ildefonso de México³⁶⁸.

Pola súa banda, o padre Burriel en carta a Gregorio Mayans –sempre celoso do trunfo de Feijoo– afirmaba que se había outros autores máis profundos nas súas doutrinas non importaba, pois a estes léranos mil e a Feijoo un millón de persoas (cifra que habería que rebaixar bastante): “¿Se ha de despreciar todo libro que no sea de erudición recóndita y abstrusa, aunque esté escrito con tanta gracia, con tanta amenidad y tan buen manejo de las especies como éstos?”. Unha opinión que partilla Juan Sempere y Guarinos, no volumen III do *Ensayo de una biblioteca de los mejores escritores del reinado de Carlos III* (Madrid, 1785-89): “Habrá algunos que hayan

³⁶⁷ *Theatro Crítico*, I, páxs. VIII e ss.

³⁶⁸ *Cartas Eruditas*, I, páx. XXXVIII.

aventajado a este sabio en ciertos ramos de la literatura; pero ninguno se le podrá comparar ni en la universalidad, ni en la felicidad de producirse, ni en la forma para combatir las preocupaciones vulgares”.

Non trato de afirmar que a obra de Filgueira Valverde iguale a de Sarmiento ou a de Feijoo, senón de buscar algúns parentescos intelectuais entre autores que viviron en contextos culturais ben diferentes. Aínda que tivese o talento dos bieitos non podería escribir, no século XX, co necesario rigor de Historia Natural, de Medicina, de Astronomía e das “ciencias abstractas” e severas (Filosofía, Teoloxía escolástica, moral e dogmática, Xurisprudencia). Ben lle chegou ocuparse das letras humanas e así, segundo quedou resumido atrás, nos eidos da Historia, da Historia da Literatura, da Arte, da Música, da Antropoloxía e Etnografía deixou achegas relevantes que publicou ora en formato de investigación especializada ora no do ensaio, xénero no que foi un verdadeiro mestre, como teñen destacado estudosos tan autorizados coma os profesores Xesús Alonso Montero e Basilio Losada. O primeiro afirma que grazas ós nove tomos de *Adral*, que Ediciós do Castro imprentou entre 1979 e 1996 (o tomo IX saíu xa falecido Filgueira), “as letras galegas contan hoxe cun corpus que honra este xénero que un humanista, como Pedro Mexía, chamou, *Silva de varia lección*. Estes nove volumes constitúen un corpus formidable no que sempre se conxuga a erudición co sentido da divulgación. Cando Filgueira Valverde se debruza sobre autores por el moi amados (o P. Sarmiento, Rosalía de Castro, Ramón Cabanillas, Valle-Inclán, Otero Pedrayo) hai que ler con sumo coidado as páxinas que lles dedica no *Adral*”³⁶⁹. Basilio Losada recoñece que ten o *Adral* como libro de cabeceira, a carón dos *Ensaíos* de Montaigne: “Podemos abri-lo ADRAL a toa, e entrará un nel, coa seguridade de descubrir cousas que non presentía, una sabenza inmensa, feita de amor e de coñecementos, adobiado todo por un talento literario que fai de Filgueira un ensaísta excepcional”, unha obra en definitiva que é unha enciclopedia “de sabiduría prodixiosa e gracia expresiva”³⁷⁰.

A modestia coa que presentou o *Adral* de 1979, primeiro que saíu, esconde achegas de volumes posteriores que son verdadeiras primicias: “como

³⁶⁹ En “Filgueira Valverde e as letras: notas para entender o seu discurso erudito e crítico”, *Xosé Filgueira Valverde, 1906-1996*, xa citado, páxs. 259-260.

³⁷⁰ Tomo a cita do traballo anterior de X. Alonso Montero, pág. 260.

vedes, a unidade vén dada por un fito, Galicia, e polo anxeio de servir á súa cultura. Que valla de escusa a erros e omisións e fasquía mesma dun xénero literario que fai gala de «fragmentarismo», anque sin o engado dos romances e das cantigas. O «Adral» é quintana, portelo e achego que dá cabida para que un poida deterse a parolar un anaquiño, sobre esto e aquilo, en lería aberta e vagariña, como quen fala pa descansar”. Recoñece que os libros de “varia lección” están desaparecendo: “Agora a xente anda a loubar moito aos especialistas e mira con certo receio aos que madia levamos en non sélo. Na manta farrapeira do «Adral» atoparedes, tecidos con lembranzas, os fíos de falas e de sinos, de ritos e costumes, de oficios, obras e figuras senlleiras”³⁷¹. Iso e máis hai nos diversos volumes de *Adral*: colaboracións en prensa, artigos, e outros estudos, centrados sobre todo nas letras galegas. O vol. IV (1987) é o único de carácter monográfico, pois está dedicado á biografía artística de Castelao.

Na actualidade, cando a investigación está moi especializada, e o habitual, tanto no eido das Humanidades e Ciencias Sociais coma no das experimentais, é que o estudoso-tipo saiba “case todo de case nada”, Filgueira pode parecer, aos que non coñezan ben a súa obra, un intelectual frívolo, ou mesmo un diletante, que escribía de cousas moi variadas con escasa información. Unha consideración inxusta, pois se non pode negarse que nos temas que frecuentou, desde Sarmiento á lírica medieval e a tantos outros, apareceron estudosos que o superan con claridade en coñecementos cousa que el recoñecía con honestidade, nos seus traballos sempre demostrou rigor científico e talento imaxinativo para apuntar novas liñas de interpretación, e os erros que sen dúbida cometeu foron a miúdo frutíferos, xa que cando as persoas con ambición intelectual e talento se aventuran a un erro saben que virán novas investigacións a corrixilo.

Filgueira Valverde non é, desde logo, o tipo de “todólogo”, hoxe tan frecuente, que vai de tertulia en tertulia, e de centenario en centenario, falando ora de Cervantes, ora de Voltaire, ora do personaxe ou feito que toque ese día, mes ou ano, descubriendo mediterráneos cando non dicindo impertinencias, pois, a quen non se lle ocorre algo lendo un capítulo do *Quijote*? Se hai persoas que dedicaron toda a vida a estudar a obra, o que eles dixesen ou digan non tería máis valor que as opinións do “todólogo” que

³⁷¹ Tomo a cita do traballo anterior de X. Alonso Montero, páx. 260.

en menos de dous anos se considera capaz de facer unha orixinal biografía de Miguel de Cervantes e se atreve a amoestar ás autoridades cervantistas porque non se decataron de cousas que el descubriu só con ler por riba a obra deste autor.

Xosé Filgueira Valverde pertence a outra estirpe. A dos intelectuais con talento que, nunha vida de estudo, se ocuparon do vasto campo das Humanidades, ben conscientes do que coñecían mais tamén do que ignoraban, cualidade esta última que require non só honestidade, senón moita sabenza.

P.S.

XOSÉ FILGUEIRA VALVERDE E A HISTORIA DA ARTE GALEGA

XOSÉ CARLOS VALLE PÉREZ

O 26 de abril de 1996 Xosé Filgueira Valverde foi investido como *Doutor Honoris Causa* pola Universidade de Santiago de Compostela no transcurso dun solemne acto celebrado no seu Paraninfo. A proposta para a concesión de tan singular distinción académica partira do Departamento de Historia da Arte da súa Facultade de Xeografía e Historia (1). Recoñécíase con este nomeamento as súas innumerables achegas ao mellor coñecemento, promoción e difusión das manifestacións artísticas desenvolvidas en Galicia ou vinculadas a ela fóra dos seus límites territoriais.



Pode sorprendere de entrada, a quen non coñeza ben, ou a coñeza só superficialmente, a traxectoria intelectual de Xosé Filgueira Valverde, que a proposta para o outorgamento deste recoñecemento académico que comento partise dun Departamento pertencente á Facultade de Xeografía e Historia e non a un da de Filoloxía, a máis afín, sen dúbida, á súa biografía intelectual académico-funcionarial: el foi, en efecto, profesor de Lingua e Literatura españolas, interino primeiro, entre 1928 e 1935, en Pontevedra, e catedrático despois, desde 1935, ano no que gaña con gran brillantez a correspondente oposición, e ata a súa xubilación académica en 1976, en Barcelona, Melilla, Lugo e Pontevedra finalmente, aquí a partir de 1939 (2).

Unha análise rigorosa da súa produción científica e das iniciativas que promoveu ou ás que se vinculou revelará, no entanto, ata que punto foi pertinente esa distinción e con esa proxenie, pois, malia que desde a

ortodoxia académica tal vez pareza pouco axeitado considerar ao Prof. Filgueira Valverde como historiador da Arte –non se esqueza, en calquera caso, que se licenciou en Zaragoza, en 1927, en Filosofía e Letras, Sección Ciencias Históricas (3), é dicir, non se licenciou en Filoloxía–, o certo é que, sen as súas achegas, capitais e moi novidosas moitas, de interese e útiles todas, a visión que hoxe temos da evolución das manifestacións artísticas nas terras que conforman Galicia e tamén a súa valoración crítica serían moi diferentes (4).

Para entender esta contradición, máis aparente que real, como se dirá, e á marxe da categoría intelectual de quen nos ocupa, sen dúbida unha das grandes figuras da Galicia do século XX, hai que ter en conta, sobre todo, o tempo no que viviu, a xeración á que pertenceu. Xosé Filgueira Valverde veu ó mundo en Pontevedra o 28 de outubro de 1906 (5), o mesmo ano, convén non esquecelo, no que naceu, formalmente, a Real Academia Galega (6). No arranque do outono de 1922, pouco antes de cumprir os 16 anos, comezou na Universidade de Santiago a carreira de Filosofía e Letras. Un ano máis tarde, en outubro de 1923, participou xa moi activamente no proceso fundacional do Seminario de Estudos Galegos (SEG), do que será, malia súa xuventude, un dos seus membros máis significativos e brillantes (7). O Seminario, que se ofrecía como o vehículo que debía servir para xuntar “os espallados esforzos dos que traballaban nos eidos da súa Cultura (a de Galicia)” (8), tiña como obxectivo programático fundamental “adicarse ao estudo da Terra” (9).

Esencial para a misión referida no parágrafo precedente, superada a etapa fundacional e de asentamento do Organismo, van ser as “xeiras”, isto é, as excursións científicas, de análise integral, sobre o terreo, dunha comarca ben definida. Nelas, dada a súa finalidade, participaban membros de diferentes seccións (10). Celebrouse a primeira no verán de 1926 e tivo como marco de referencia Monforte de Lemos (11). As do ano seguinte centráronse nas terras do Carballiño e O Ribeiro, por un lado, e nas da Barbanza, por outro (12). En 1928 comezaron os traballos sobre a comarca de Deza, continuados en anos posteriores, e en 1929 sobre a Terra de Melide, culminados estes coa publicación, en 1933, do volume monográfico así titulado que segue sendo hoxe, 82 anos despois da súa publicación, un traballo modélico e de imprescindible consulta (13).

En gran parte destas xeiras foi protagonista destacado Xosé Filgueira Valverde, quen participou tamén moi activamente nas campañas

de investigación en Galicia promovidas pola Comisión creada para traballar especificamente na nosa Comunidade pola *Junta para la Ampliación de Estudios*, coa que o Seminario manterá unha relación moi estreita e fluída (14). Froito desta vinculación será, para o ámbito que agora me ocupa, o da Historia da Arte, a presenza en Galicia, nos veráns de 1927 e 1928, de Manuel Gómez Moreno, daquela o historiador español da Arte de maior prestixio e proxección (15).

Invoco estes datos non só polo seu valor intrínseco para a Historia da Arte galega en xeral (as *xeiras* permitían coñecer e documentar obras e monumentos, con frecuencia inéditos ou mal estudados) (16), senón tamén, e sobre todo, pola súa capital significación para a biografía de Xosé Filgueira Valverde como historiador da Arte galega. Nesas visitas, no seu contacto directo cos monumentos, algo que, por certo, xa coñecía pola relación, como pontevedrés que era, con Casto Sampedro Folgar e os homes da *Sociedad Arqueológica de Pontevedra* (17), áchase a orixe de estudos tan valiosos no momento da súa publicación, necesarios aínda na actualidade pola inmediatez que transmiten, como os consagrados á igrexa prerrománica de san Xes de Francelos (Ribadavia, Ourense) (18), aos baldaquinos de tempos anteriores ao Barroco (19) ou á abacial protogótica, espectacular, de san Lourenzo de Carboeiro (Silleda, Pontevedra), unha das grandes empresas peninsulares da súa época (20). Nelas, tamén, sitúase o antecedente dun proxecto, de capital significación na traxectoria intelectual de Xosé Filgueira Valverde en xeral e, en particular, no seu labor como investigador sobre a Historia da Arte galega e como protector do seu rico patrimonio monumental, que se materializará plenamente case medio século máis tarde: o denominado *Catalogación Arqueolóxica e Artística de Galicia*, nacido en 1973, froito dun convenio de colaboración subscrito polo Museo de Pontevedra, por el dirixido neses momentos, coa Fundación Pedro Barrié de la Maza, e que el liderou ata o seu pasamento o 13 de setembro de 1996 (21). Permitiu este convenio formar investigadores, realizar labores de campo e, sobre todo, a publicación, unhas veces por encargo expreso, outras non, pois xa estaban elaborados previamente, froito, na maior parte dos casos, de traballos académicos (teses de Licenciatura, teses de Doutoramento, etc.), de sólidos estudos sobre estilos, artistas ou monumentos singulares particularmente significativos (22).

Xosé Filgueira Valverde terminou os seus estudos de Filosofía e Letras, sección Ciencias Históricas, como xa dixeran, en 1927 en Zaragoza e os de

Dereito en Santiago de Compostela en 1928 (23). Retorna, obtido este seu segundo título universitario, a Pontevedra, a súa cidade natal. Vivía esta daquela unha etapa singularmente brillante, nucleada sobre todo polas iniciativas promovidas pola Deputación Provincial, neses anos presidida por Daniel de la Sota, un dos grandes políticos galegos de todos os tempos, á marxe de que el non fose galego, senón cántabro, de nacemento (24). Entre os proxectos que cando Filgueira Valverde regresa a carón do río Lérez se estaban poñendo en marcha na urbe achábase o Museo de Pontevedra. Nace este a partir dunha moción presentada por César Lois, Gaspar Massó e Alfredo Espinosa, os tres deputados provinciais, o 30 de decembro de 1927 (25). Xurdía, tal como se explicita no preámbulo desa proposta, para completar o fecundo labor levado a cabo pola *Sociedad Arqueológica de Pontevedra*, institución creada en agosto de 1894 e presidida desde o seu nacemento por Casto Sampedro Folgar, quen sería designado tamén finalmente o primeiro director do novo ente museístico (26). Recibiu este acomodo nun edificio, comprado en 1928 a Casimiro Gómez, ubicado no centro histórico da cidade: a casa construída en 1760 polo afamado latinista José Castro Monteagudo. Foi restaurado o inmoble pulcramente, para o seu novo destino, polo arquitecto Juan Argenti, asesorado en todo momento no seu delicado labor por Francisco Javier Sánchez Cantón e Alfonso Daniel Rodríguez Castelao (27).

O Museo de Pontevedra abriu as súas portas ó público o 10 de agosto de 1929, véspera da festividade da Virxe Peregrina, advocación de capital significación na historia da cidade desde a súa implantación na segunda metade do século XVIII (28). Rexíase por un Padroado perfilado ao longo do ano 1928 e constituído formalmente o 30 de xaneiro de 1929. Presidido polo citado Daniel de la Sota como titular do mando provincial, con Casto Sampedro como Director, Gerardo Álvarez Limeses como Vicedirector, José Millán como Bibliotecario, Raimundo Riestra como Tesoureiro, Enrique López de la Ballina, Alfonso Daniel Rodríguez Castelao e Francisco Javier Sánchez Cantón como Vocais, terá como Secretario técnico a Xosé Filgueira Valverde (29). A esta entidade, o Museo de Pontevedra, permanecerá unido este último, Xosé Filgueira, o resto da súa vida, asumindo a dirección en marzo de 1940, meses despois do seu traslado á cidade, desde Lugo, como catedrático de Lingua e Literatura españolas do Instituto. Manterase no cargo ata outubro de 1986, sendo nomeado daquela Director emérito e Patrón Honorario (30).

O Museo de Pontevedra, a institución á que estivo vinculado sen solución de continuidade durante máis tempo, será, pola categoría e diversidade das súas coleccións e, en función delas e da súa necesaria difusión, pola multiplicidade de iniciativas que invitaba a promover, un instrumento esencial, de capital significación, na consolidación de Xosé Filgueira Valverde como historiador da Arte, sobre todo da Arte galega, ou, para ser máis precisos, pois non é exactamente o mesmo, da Arte que se desenvolvía en Galicia. O que desde el e a partir del faga no campo que me ocupa, o das manifestacións artísticas, terá unha orientación moi distinta da que ata o de agora sinalei: como máximo responsable técnico do Museo interesáralle xa menos o monumento no seu emprazamento orixinario, inspeccionado e / ou valorado con criterios arqueolóxicos, de catalogación, e máis a obra fóra do seu contexto, musealizada xa ou con posibilidades de selo en calquera momento (31).

A xestión de Xosé Filgueira Valverde como director do Museo de Pontevedra significárase, ante todo, pola paulatina ampliación das súas instalacións. Cando, tras deixar Lugo, regresa a Pontevedra en 1939, o Centro posuía un só edificio, o xa citado Castro Monteagudo, o fundacional (32). No momento da súa retirada como director en outubro de 1986 eran xa catro os inmobles dos que constaba a entidade: o García Flórez (inaugurado, tras a súa pertinente rehabilitación, en agosto de 1943), o Fernández López (de nova construción, en uso desde o verán de 1966), e o Sarmiento (inaugurado formalmente, se ben estaba sendo xa utilizado dun xeito parcial desde 1981, en agosto de 1984) (33).

O paulatino crecemento físico do Museo, resultado obvio, ante todo, do incremento das súas coleccións tanto en cantidade como en calidade e diversidade, propiciará un novo discurso expositivo, unha nova distribución de contidos, estruturados ou distribuídos en función de tres grandes ámbitos de referencia: a cidade de Pontevedra; Galicia e as súas relacións, e España e outros espazos culturais, con Europa como argumento básico inmediato. Será completada a reordenación das coleccións do Museo coa programación de mostras de carácter temporal preparadas a partir dos mesmos parámetros, nun principio organizadas só con fondos propios (34), enriquecidas despois con achegas foráneas (35). Tanto estas exposicións como os fondos específicos do Museo contarán cos seus correspondentes estudos complementarios, sexa en forma de catálogos monográficos (36), sexa como artigos ou reseñas

publicados na *Revista do Museo*, cuxo primeiro número sairá do prelo en 1942 (37).

A diversidade temática, estilística e de orixe dos fondos do Museo de Pontevedra fundaméntase nas ideas recollidas nas Bases para o seu funcionamento que se insiren na súa moción fundacional e que se explicitan con maior concreción no Regulamento que o seu Padroado reitor, dotado de personalidade xurídica e con plena autonomía de actuación desde un principio, someteu á consideración do Pleno da Corporación Provincial e que este refrendou o 27 de outubro de 1954. Neste Regulamento, no que se afirma que o Museo debe actuar como centro difusor de cultura e como instituto de estudos locais, dise tamén, a propósito dos seus fondos, que ten que centrarse na recollida e exposición de obxectos artísticos, arqueolóxicos e históricos, principalmente, non exclusivamente, os de interés para coñecer o pasado da provincia” (Artigo 2º).

Estas ideas, convertidas en programáticas, explican a disparidade de intereses das publicacións de Xosé Filgueira Valverde sobre obras, temas ou artistas, sexan análises monográficas, sexan estudos de carácter xeral. Partindo dos fondos do Museo, por lóxica e por necesidade tamén, irá abríndose pouco a pouco, así mesmo, a ámbitos máis vastos de referencia, sexan galegos, peninsulares, europeos ou, sen máis, universais.

Non podo glosar aquí, por comprensibles limitacións de espazo, como xa sinaléi anteriormente, todas e cada unha das achegas de Xosé Filgueira Valverde no ámbito da Historia da Arte. Limitareime a comentar, a partir das coleccións que o Museo de Pontevedra atesoura, pois nelas está a base da súa investigación neste campo, só algunhas das que me parecen máis significativas en clave pontevedresa e galega ou á inversa, tanto dá, pois, aínda que na súa bibliografía hai traballos sobre obras de proxenie allea a estes territorios (39), tales títulos, máis alá do seu valor intrínseco, en modo ningún serán determinantes na súa traxectoria. Si o serán, polo contrario, os outros. Estes, á marxe tamén da súa trascendencia, permitirán constatar o seu interés por todas as etapas históricas e por todo tipo de manifestacións artísticas, propiciando que puidese ofrecer visións de conxunto (40) ou colaboracións en obras de carácter xeral (41). Nunhas e noutras, como xa referín, as coleccións do Museo de Pontevedra, as que mellor coñecía e as que se incrementaban tamén paulatinamente grazas ós seus moitos contactos e as súas xestións, serviranlle habitualmente

de punto de partida e terán, por iso, un especial protagonismo nos seus discursos e propostas.

Iniciarei o percorrido pola Idade Media e coa mención dun artigo titulado “Sumario de la sección lapidar del Museo”. Publicado no nº V da *Revista* da propia institución (42), concíbeo como unha homenaxe ó labor de recuperación das pezas arqueolóxicas e artísticas levado a cabo por Casto Sampedro, o centenario de cuxo nacemento se conmemoraba coa aparición dese número da *Revista* (43). Un total de 353 pezas son catalogadas neste traballo, gran parte das máis significativas datables en tempos prerrománicos, románicos ou góticos. Algunhas xa foran obxecto de estudo pola súa parte anteriormente. É o caso dos tímpanos de San Martiño de Moaña, románico, San Francisco de Pontevedra, gótico, e a Colexiata de Santa María de Vigo, así mesmo gótico (44). Como góticas tamén consideramos hoxe dúas esculturas pontevedresas, unha delas, un Santiago sedente, de dubidosa procedencia (45), pertencente na actualidade ás coleccións do Museo Nacional de Arte de Cataluña (Barcelona) (46); a outra, un Cristo mostrando as chagas, ubicado na igrexa hoxe parroquial, monástica en orixe, de San Salvador de Lárez (47), que el, de conformidade cos criterios de estilo, formais, vixentes cando as publicou, consideraba “da escola do Mestre Mateo” (48). Do obradoiro deste eximio artista e procedentes da fachada exterior do Pórtico da Gloria da Catedral de Santiago, en cambio, son dúas excelsas esculturas, representación dos Profetas Elías e Enoc (49), cuxa adquisición tivo a fortuna de xestionar como director do Museo, procedendo de inmediato a publicar o seu estudo na *Revista* da institución (50).

Pontevedra, cidade de señorío arcebispal (51), viviu un dos momentos máis brillantes e esplendorosos da súa historia durante a Baixa Idade Media e o Renacemento (52). Consolidou daquela o seu núcleo amurallado e o seu barrio mariñeiro. Deses tempos proceden algúns dos seus monumentos máis significativos e emblemáticos: os complexos mendicantes de San Francisco, San Domingos e Santa Clara e, sobre todo, a igrexa de Santa María. A esta como empresa construtiva, aos mestres que a levantaron e decoraron, e ao seu mobiliario dedicou numerosos estudos –de 1925 data o primeiro (53)–, condensados na monografía que se incluíu no número XLII da *Revista do Museo*, correspondente ao ano 1988, dedicado a el como homenaxe tras a súa xubilación como director da entidade (54). Lóxica prolongación do seu interés por santa María será o estudo da presenza de artistas a ela vinculados

ou da súa mesma procedencia xeográfica e, por iso, do seu mesmo horizonte formativo e estilístico noutras empresas, ben na cidade, ben noutros lugares de Galicia (55).

Non serán tan numerosas, fronte ao Tardogótico e ó Renacemento, as súas publicacións específicas sobre o Barroco, obxecto, non obstante, do seu interés tamén desde tempos temperáns (56). Deixando de lado estudos que se mencionan en relación con Santiago máis abaixo, merecen reseña aquí, por un lado, o seu artigo sobre a orixe a a familia de Gregorio Fernández, durante moito tempo, ata que se demostrou documentalmente o seu verosímil nacemento en Sarria (57), vinculado a Pontevedra (58); e por outro, malia que sexa unha simple nota erudita, se ben resulta de indubidable trascendencia, a súa precisión sobre a autoría compartida –Antonio Souto e Bernardo Xosé de Mier– das trazas da igrexa pontevedresa da Peregrina, custodiadas no Museo ubicado na mesma cidade e que el dirixía (59), e os seus traballos sobre pinturas flamencas e dos Países Baixos conservados tamén na mesma institución pontevedresa, aparecidos fundamentalmente na década dos setenta da centuria na que viviu (60).

Situación moi distinta, desde o punto de vista cuantitativo e tamén, e sobre todo, polo seu alcance e significación, son as súas aportacións acerca do Neoclasicismo e a Arte do século XIX. Obras pertencentes xa ou incorporadas ao patrimonio do Museo de Pontevedra como consecuencia das súas xestións ou proxectos expositivos por el promovidos na entidade e cuxos catálogos redactou, serán habituais na súa produción científico-publicística a partir dos anos corenta e ata pouco tempo antes do seu falecemento en 1996 (61). A el, como excelente coñecedor que era dos tempos que comento, sobre todo da última etapa, a do tramo final do século XIX, no que comezan a desenvolver a súa actividade artistas nados na oitava década, case pertencentes, pois, en sentido amplo, á xeración anterior á súa, xurdida nas proximidades do fin de século ou tras o cambio da centuria, débese, tal como recordou moi oportunamente X.M. López Vázquez no ano 2007 (62), a codificación da expresión *A Xeración Triunfante* para englobar a aqueles artistas, encabezados por Sotomayor ou LLoréns, que, tendo nacido nos anos setenta do século XIX e fronte aos seus coetáneos O. Murguía, R. Parada Justel, J. Vaamonde e J. Carrero, conformadores da *Xeración Doente* (63), falecidos arredor do cambio de centuria e ao fio da trintena, tiveron un “percorrido vital normal”, podendo desenvolver plenamente, por iso, a súa

carreira creativa (64). A un deles, o xa citado Fernando Álvarez de Sotomayor, dedicoulle o Museo de Pontevedra en 1960, tras o seu falecemento, unha exposición cuxo catálogo el mesmo preparou (65).

Os traballos sobre a Arte do século XX –máis sobre artistas individuais que sobre visións de conxunto (66)– teñen tempos e ámbitos de referencia moi marcados: Castelao, os creadores da súa xeración e a el máis ou menos ligados, e os demais artistas, estes pertencentes a xeracións diferentes, anteriores ou posteriores á súa.

Castelao, quen chegou a Pontevedra en xaneiro de 1916 para incorporarse ás súas tarefas profesionais como funcionario do Corpo auxiliar de Estatística (67), formou parte da “paisaxe” de Filgueira desde practicamente a súa infancia. Foi o seu profesor no Instituto pontevedrés, o seu compañeiro no Padroado do Museo de Pontevedra e tamén o seu correlixionario no Partido Galeguista ata a ruptura que neste se produciu, por razóns ideolóxico-estratéxicas, no ano 1935 (68). A el consagrará estudos decisivos, sobre todo a partir de 1975, basados con frecuencia nos seus impagables recordos persoais (69). Non podo deixar de citar aquí, en relación con Castelao e as súas creacións, a súa capital intervención no complexo proceso que permitiu salvaras primeiro, incorporalas despois ao Museo de Pontevedra e, por fin, conseguir que neste permanecesen ou se lle entregasen finalmente boa parte das máis significativas, os tres *Álbums de Guerra* entre eles, así como manuscritos, documentos, libros, revistas e recordos persoais (70).

Xosé Filgueira Valverde, nacido, como xa sabemos, en 1906, pertence á xeración de “Os Novos”, é dicir, a dos renovadores da Arte galega, unha xeración que, no caso dos creadores pontevedreses, puido beneficiarse da política de pensións / bolsas reformulada, sobre bases novas, actualizadas, postas ao día, promovida a partir de 1925 pola Deputación Provincial de Pontevedra, presidida daquela por Daniel de la Sota, xa citado máis arriba a propósito da fundación do Museo de Pontevedra, creado tamén durante o seu mandato (71). Luís Pintos Fonseca, amigo fraternal seu desde a infancia (72), Carlos Maside (73), Manuel Torres (74), Xosé María Acuña (75), Laxeiro (76) ou Manuel Colmeiro (77), nomes todos senlleiros da Arte Galega do século XX, todos integrantes da citada xeración dos renovadores e todos, igualmente, beneficiados das axudas institucionais da Deputación pontevedresa, colaboraron con el en iniciativas diversas ou mereceron os seus comentarios en distintas ocasións.

Non se prodigou Filgueira, nun principio, nas súas valoracións críticas, de estilo, sobre “outros” artistas máis ou menos coetáneos. Sorprende esta constatación, de entrada, por ter dedicado a Asorey un dos seus primeiros artigos, publicado na revista compostelá *Renovación* o 9 de agosto de 1923 (78). A el consagraralle outro en 1926 a raíz de que, por fin, lle fose concedida a unha obra súa, un San Francisco, hoxe depositado no Museo Provincial de Lugo, a Primeira Medalla na Sección de Escultura da exposición Nacional de Belas Artes (79).

Coa excepción dun artigo que lle dedicou a B. Prieto Coussent en 1938, sorprendente –e por iso aínda máis valioso– pola dramática situación que o artista viviu durante parte da Guerra Civil (80), haberá que esperar aos anos sesenta para encontrar traballos da súa autoría sobre autores “activos no seu tempo”, tanto da súa xeración (81), como nados antes (82) ou despois (83). Prodigárase neste tipo de publicacións, en xeral non excvesivamente longas, a partir da súa xubilación académica e, sobre todo, nos derradeiros anos da súa vida (84).

Un último capítulo do seu labor como historiador da Arte e en relación tamén co Museo de Pontevedra, posuidor de importantes coleccións nos catro bloques que reseño, aos que dedicou mostras pioneiras e memorables (85), ocúpano os seus traballos sobre os acibeches (86), o gravado compostelán (87), a piratería ou, mellor, a ourivería (88) e a louza de Sargadelos (89). O mellor que de todos eles se pode dicir é que, a día de hoxe, seguen sendo de imprescindible invocación para cantos queiran adentrarse no coñecemento das súas particularidades tipolóxicas e estilísticas (90).

Polos anos nos que comeza a consolidar o seu prestixio á fronte do Museo de Pontevedra, isto é, a principios da década dos corenta da pasada centuria, Xosé Filgueira Valverde intervirá tamén directa e moi activamente no proceso que levará á creación en Santiago do Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento. Este organismo, promovido e dependente do Consejo Superior de Investigaciones Científicas, nacia coa finalidade de encher o baleiro que se producira no panorama científico cultural de Galicia como consecuencia da desaparición, ó comezo da Guerra Civil, do vello Seminario de Estudos Galegos (91). Constituído formalmente o 15 de febreiro de 1944 baixo a dirección de Francisco Javier Sánchez Cantón, Filgueira será o responsable, tras a súa organización en seccións, da dedicada ao estudo da Arte (92). Esta responsabilidade en Santiago, por máis que

repercuta, como parece obvio, sobre toda Galicia, consolidará en paralelo a súa relación erudita, investigadora, coa cidade, os seus persoeiros e os seus monumentos, e tamén coa súa proxección internacional e a pegada dos Camiños de peregrinación que, por ser depositaria dos restos do Apóstolo Santiago, a ela conducían (93). A publicación titulada *Temas santiagueses na bibliografía de Xosé Filgueira Valverde*, promovida pola Fundación que leva o seu nome e editada con motivo da entrega, o 19 de outubro de 1990, da Medalla de Ouro da Cidade de Santiago, dá idea da envergadura do seu traballo tanto acerca dela como da súa proxección ecuménica sobre os ámbitos máis diversos (94).

Non todo o que se recolle nesta publicación, evidentemente, ten relación co campo, o da Historia da Arte, que me incumbe valorar nesta colaboración. Só pertencen a el algunhas das entradas máis significativas, centradas moitas na análise de temas ou obras xa comentados anteriormente a propósito das iniciativas nadas en ou desde o Museo de Pontevedra (95). Ese sería o caso dos dedicados ao estudo da iconografía do Apóstolo, do gravado e os gravadores composteláns, dos acibeques, da pratería, etc., con frecuencia concibidos como catálogos de exposicións temporais, habituais na programación do Instituto de Estudos Gallegos Padre Sarmiento a partir do ano 1948 (96). Outros, non referidos, merecen, xustamente por iso, comentario detallado. Serei, porén, moi selectivo a este respecto para non extenderme en demasía.

Invoco, en primeiro lugar, o artigo titulado *Gelmírez constructor*, redactado especificamente para o libro, no demais recompilatorio de traballos xa editados con anterioridade, titulado *Historias de Compostela*, publicado en Santiago en 1970 pola *Editorial de los Bibliófilos Gallegos* (97). De enorme valor aínda hoxe pola información que nos transmite e as suxestivas hipóteses que formula, resulta modélico tamén, desde o punto de vista metodolóxico, polo hábil uso que fai das fontes documentais, pois gran parte das obras promovidas por Xelmírez, non só as de carácter mobiliario, suntuario, xa non se conservan, non chegaron ata nós.

Cito, en segundo lugar, o artigo titulado “Datos y conjeturas para la biografía del Maestro Mateo”, publicado en 1948 no Tomo III da Revista *Cuadernos de Estudios Gallegos*, creada en 1944 polo Instituto de Estudos Gallegos Padre Sarmiento (98). Sistematiza neste traballo, por un lado, todo o que documentalmentemente se tiña referido sobre o Mestre desde o século XVIII,

incorporando, por outra parte, un conxunto de novos datos, localizados por el, froito da súa investigación persoal, sobre a presenza do nome Mateo / Matheus en fondos documentais composteláns e da Catedral de Lugo. Continúa sendo, malia o tempo transcurrido desde a súa publicación, un traballo de imprescindible consulta, pois segue marcando a día de hoxe, exceptuada a súa desvinculación do proceso construtivo da Ponte de Cesures, coa que se viña relacionando desde o século XVIII (99), o estado da cuestión sobre o Mestre Mateo desde o punto de vista das fontes arquivísticas.

Reseño, finalmente, dous traballos centrados na análise de obras de ourivería, un de carácter xeral, *El tesoro de la Catedral compostelana* (100), outro monográfico, “Sobre la orfebrería del oratorio de D. Lope de Mendoza” (101). Ambos estudos mostran a súa sutil capacidade para mesturar / combinar unha rigurosa análise formal cunha hábil explotación das fontes documentais, sendo moi significativo tamén que se adentrase nun campo de investigación que, contando con precedentes autóctonos moi relevantes desde a etapa final do século XIX (102), aínda non estaba suficientemente explotado entre nós desde o punto de vista da investigación nos anos nos que el o abordaba, a sexta década da pasada centuria (103).

Comezaba este artigo afirmando que, nunha primeira aproximación, superficial, sen dúbida, á biografía intelectual / publicística de Xosé Filgueira Valverde, podía sorprender que a proposta para que se lle concedese a distinción de *Doutor Honoris Causa* pola Universidade de Santiago partise do Departamento de Historia da Arte da súa Facultade de Xeografía e Historia. Malia que el non foi, *sensu stricto*, un historiador da Arte, pois non cultivou exclusivamente esta área de estudos nin foi esta tampouco a que mereceu máis atención pola súa parte, parece evidente tamén, a partir do que dun xeito resumido sinaléi nas páxinas precedentes, que non sería erróneo cualificalo tamén como tal. Moito do que actualmente sabemos sobre a evolución da Arte desenvolvida en Galicia ao longo da historia, en calquera dos casos, resulta inexplicable sen as súas achegas, en boa medida aínda vixentes, sendo todas, á marxe da consideración específica que merezan, de imprescindible consulta e invocación.

X.C.V.P

(Director do Museo de Pontevedra
Pontevedra, marzo de 2015)

NOTAS

- (1).- Os datos máis significativos da biografía de Xosé Filgueira Valverde poden verse, en última instancia, en X.C. VALLE PÉREZ, “Xosé Filgueira Valverde. 1906-1996. Notas biográficas”, en X.C. VALLE PÉREZ, ed., *Xosé Filgueira Valverde. 1906-1996. Un século de Galicia*, Vigo, 2007, pp. 20-97.
- (2).- A proposta de inicio dos trámites para o nomeamento foi formulada aos seus compañeiros de Departamento polo Prof. Dr. Xosé Manuel López Vázquez. El foi tamén, como padriño, o responsable de pronunciar o discurso de gabanza do Doutorando no solemne acto da investidura. Véxase X.M. LÓPEZ VÁZQUEZ, “Discurso de gabanza do Doutorando pronunciado polo seu padriño o Doutor D. Xosé Manuel López Vázquez, profesor de Historia da Arte da Facultade de Xeografía e Historia”, en *Discursos da investidura de D. Xosé Filgueira Valverde como Doutor Honoris Causa*, Santiago de Compostela, 1996, pp. 21-25.
- (3).- X.C. VALLE PÉREZ, “Xosé Filgueira Valverde. 1906-1996. Notas biográficas”, cit., p. 26.
- (4).- Unha primeira e moi precisa valoración de X. Filgueira Valverde como estudoso das manifestacións artísticas foi ofrecida en 2007 por X.M. López Vázquez. Véxase “Don Xosé Filgueira Valverde e a Historia da Arte”, en X.C. Valle Pérez, ed., *Xosé Filgueira Valverde. 1906-1996. Un século de Galicia*, cit., pp. 336-355.
- (5).- X.C. VALLE PÉREZ, “Xosé Filgueira Valverde. 1906-1996. Notas biográficas”, cit., p. 20.
- (6).- A súa constitución oficial, *de iure*, no salón da *Reunión Recreativa e Instructiva de Artesanos*, na Coruña, produciuse exactamente o 30 de setembro de 1906. Sobre a Real Academia Galega véxase, en última instancia, o catálogo da exposición conmemorativa do seu primeiro centenario, comisariada por X.R. Barreiro Fernández, daquela Presidente da Real Corporación. *Galicia, a forza da palabra. Centenario da Real Academia Galega*, A Coruña, 2006, p. 68 para a data concreta que aquí nos interesa.
- (7).- Para unha valoración global do que foi e do que supuxo o Seminario de Estudos Galegos resulta imprescindible a consulta da monografía de A. MATO, *O Seminario de Estudos Galegos na documentación que garda o Instituto Padre Sarmiento*, A Coruña, 2001.
- (8).- “Razón de cómo se fundou e tivo desenrolo o Seminario d’Estudos Galegos”, en A. MATO, *O Seminario de Estudos Galegos ...*, cit., p. 239.

- (9).- Ibidem.
- (10).- Ibidem, p. 84.
- (11).- Ibidem.
- (12).- Ibidem.
- (13).- *Terra de Melide*, Santiago, 1933. Hai unha reedición facsimilar, promovida por I. Díaz Pardo, realizada por Ed. do Castro, Sada, A Coruña, en 1978. O seu limiar, pp. VII-XI, está escrito xustamente por X. Filgueira Valverde.
- (14).- A. MATO, *O Seminario de Estudos Galegos ...*,cit., pp. 84-85. Sobre as relacións específicas do *Seminario* coa *Junta* véxase tamén X. FILGUEIRA VALVERDE, "A "Comisión de Estudios en Galicia" da "Junta para la Ampliación de Estudios", *Sexto Adral, Edición do Castro*, Sada, A Coruña, 1990, pp. 140-152 (relatorio presentado no Simposio Internacional 1907-1987. *La Junta para la Ampliación de Estudios*, Madrid, decembro, 1987).
- (15).- A. MATO, *O Seminario de Estudos Galegos ...*, cit., pp. 84-85. Á excursión do verán de 1928, que "duró siete días, a partir del 24 de julio", alude Xosé Filgueira nunha carta que lle escribe a F.J. Sánchez Cantón o 9 de decembro. Pídelle nela que lle diga a Gómez Moreno "que estoy haciendo lo de Francelos". A carta encóntrase no Arquivo Sánchez Cantón (caixa 97, nº 39), custodiado no Museo de Pontevedra. Incluírase no Epistolario entre ambas as dúas personalidades que prepara nestes momentos a arquiteira do Museo, M^a Xesús Fortes Alén. Sobre a igrexa de Francelos en particular, confróntese así mesmo o que se di máis abaixo.
- (16).- Comenta o seu valor tamén X.M. LÓPEZ VÁZQUEZ, "Don Xosé Filgueira Valverde e a Historia da Arte", cit., pp. 336-338.
- (17).- Para unha valoración xeral das aportacións da "Sociedad Arqueológica" remítome, en última instancia, a J.C. VALLE PÉREZ, "El contexto intelectual pontevedrés: la Sociedad Arqueológica de Pontevedra", en C. VILLANUEVA, coord., *Cancionero musical de Galicia. Reunido por Casto Sampedro*, A Coruña, Fundación Pedro Barrié de la Maza, 2007, pp. 20-47, en particular pp. 33-34.
- (18).- "A eirexa pre-románica de Francelos", *Nós*, nº 62, tomo 6, Ano XI, Ourense, 15-II-1929, pp. 27-31. Comenta no artigo que realizou a visita a Francelos o 12 de agosto de 1927 acompañando a Manuel Gómez-Moreno, cuxas opinións sobre o monumento recolle, no transcurso "da primeira

misión de estudio arqueolóxico que organizou en Galiza a Junta para la Ampliación de Estudios”.

(19).-“O Baldaquino en Galicia denantes do arte barroco”, *Archivos do Seminario de Estudos Galegos* V, (1930), pp. 93-144. O artigo foi publicado en colaboración con Xosé Ramón e Fernández-Oxea. O traballo, reelaborado e posto ó día, converterase en monografía, en 1987, co título *Baldaquinos Gallegos*, e será tamén de autoría conxunta, malia que fose el o único responsable da súa revisión e posta ao día. Foi editado pola Fundación Pedro Barrié de la Maza na Colección “Catalogación Arqueolóxica y Artística de Galicia del Museo de Pontevedra”.

(20).- “San Lorenzo de Carboeiro”, *Archivo Español de Arte*, XIV, (1940-1941), pp. 59-68. O artigo foi escrito en colaboración con Sebastián González García-Paz.

(21).- Preludio deste convenio foi a publicación na Coruña, en 1972 e como froito da colaboración da Fundación Pedro Barrié de la Maza coa Editorial de los Bibliófilos Gallegos, do *Inventario de la riqueza monumental y artística de Galicia*, da autoría de Ángel del Castillo.

(22).- As publicacións realizadas no marco deste convenio de colaboración continuaron, despois do seu falecemento en 1996, ata o ano 2006 baixo a dirección de quen asina este artigo. Conforman un conxunto sen parangón no noso ámbito territorial e cultural.

(23).- X.C. VALLE PÉREZ, “Xosé Filgueira Valverde.1906-1996. Notas biográficas”, cit., p. 26.

(24).- A figura de Daniel de la Sota (Ceceñas, Santander,1877-Pontevedra, 1958) necesita dun estudo monográfico. Á espera de que se acometa, as referencias, breves, pero moi precisas, que sobre as súas achegas ao desenvolvemento de Pontevedra –cidade e provincia– se recollen no libro de R.L. TORRE, *De la reforestación de Pontevedra. El gran proyecto de Daniel de la Sota hecho realidad.1927-1958*, Pontevedra, 2009, pp. 87-88, son suficientes para decatarse da súa grandeza. Sobre o ambiente cultural da cidade nos anos que comento véxase, en última instancia, X.C. VALLE PÉREZ, “ A vida cultural en Pontevedra no contexto da Galicia moderna”, en I. MÉNDEZ LOJO, coord., *La Galicia moderna,1906-1936*, Madrid, 2005, pp. 96-109.

(25).- Téñome ocupado en repetidas ocasións do proceso fundacional do Museo de Pontevedra. Véxanse sobre el, en concreto, “O Museo de Pontevedra: pasado, presente e futuro”, en X.C. VALLE PÉREZ, dir., 75

obras para 75 anos. *Exposición conmemorativa da fundación do Museo de Pontevedra*, A Coruña. 2003, pp. 11-16, en especial pp. 11-12, e “Evolución do Museo Provincial na cidade de Pontevedra”, en *Museos, espazos e discurso, IX Coloquio Galego de Museos, Lugo, 26,27 e 28 de outubro de 2006*, A Coruña, 2008, pp. 105-119, en particular pp. 108-109.

(26).- Sobre as actividades promovidas pola *Sociedad Arqueológica de Pontevedra* confróntese en particular, tal como xa sinaléi nunha nota anterior, J.C. VALLE PÉREZ, “El contexto intelectual pontevedrés...”, cit.

(27).- Véxase sobre o proxecto de recuperación / intervención, en especial, X. FILGUEIRA VALVERDE, “Castelao na fundación do Museo de Pontevedra”, en IDEM, *Cuarto Adral. Castelao na lembranza*, A Coruña, 1987, pp. 120-134.

(28).- Consúltese a este respecto, en última instancia, o catálogo, impreso na Coruña, da exposición titulada *A Virxe Peregrina. Iconografía e Culto*, programada polo Museo de Pontevedra con motivo do Ano Santo Compostelán celebrado en 2004. Foi coordinado por quen asina o presente artigo.

(29).- Véxase a nota 25.

(30).- X.C. VALLE PÉREZ, “Xosé Filgueira Valverde (1906-1996). Notas biográficas”, cit., pp. 28,40 e 86.

(31).- Este cambio de criterio en modo algún afecta, paga a pena resaltado aquí, ao seu encomiable esforzo, desenvolvido con frecuencia en situacións ou contextos pouco ou nada favorables, na defensa, protección e difusión do noso rico patrimonio arqueolóxico, artístico, etnográfico e histórico. A súa axeitada valoración, imposible de abordar neste artigo por limitacións de espazo, merece unha análise monográfica. Realizareina noutra ocasión.

(32).- En realidade contaba con dous, pois as *Ruínas de San Domingos*, sede emblemática da *Sociedad Arqueológica*, non son en realidade un produto da existencia / creación do Museo, senón froito dun “azar” histórico. Incorporáranse a el “formalmente” tras a disolución desa *Sociedad*, a raíz do pasamento de Casto Sampedro o 8 de abril, o 30 de decembro de 1937. Confróntese a este respecto, en última instancia, J.C. VALLE PÉREZ, “El contexto intelectual pontevedrés ...”, cit., p. 41. Véxase tamén a nota seguinte.

(33).- Sobre os avatares dos cinco edificios citados, é dicir, os catro construídos ou rehabilitados para uso específico do Museo de Pontevedra e o quinto, malia que se utilizase tamén con esa finalidade museística pola *Sociedad*

Arqueológica de Pontevedra desde 1894, ano da súa fundación, pero non programado para ser sede propia da entidade, véxase, en última instancia, X. FUENTES ALENDE, “Os edificios do Museo”, en X.C. VALLE PÉREZ, dir., *75 obras para 75 anos ...*, cit., pp. 19-34.

(34).- As dúas primeiras exposicións temporais organizáronse en 1940. Estiveron dedicadas, a primeira, aos *Recuerdos gremiales de la Fiesta del Corpus* e, a segunda, a *Enrique Campo (1890-1911) y sus precedentes*. As dúas contaron co seu respectivo catálogo, ambos redactados por el mesmo.

(35).- As memorias das actividades que se inclúen nos sucesivos números da Revista do Museo dan conta do ámbito e tamén, polo tanto, do contido das exposicións programadas polo Museo.

(36).- Sirvan de referencia, por exemplo, as dúas mostras reseñadas na nota 34.

(37).- A quinta exposición preparada polo Museo, celebrada en 1943, levou por título *Colección de azabaches compostelanos*. Contou cun catálogo específico. No Tomo II da *Revista do Museo*, publicado tamén no mesmo ano 1943, inclúese un artigo da súa autoría titulado “Azabaches compostelanos del Museo de Pontevedra”, pp. 7-22. Coincidentes os dous textos no esencial, non son, porén, idénticos. O segundo, o publicado na *Revista*, inventaría algunhas pezas máis (30 en total) que o primeiro, o que serve de complemento específico á exposición (24 en concreto), e inclúe tamén algún parágrafo máis no texto introdutorio.

(38).- Confróntese ó respecto, en particular, X.C. VALLE PÉREZ, “Museos e investigación en Galicia: o exemplo do Museo de Pontevedra”, en *IV Coloquio Galego de Museos. Investigación e Museos, Museo de Pontevedra, 14-16 decembro 1994*, Consello Galego de Museos, A Coruña, 1997, pp. 253-275.

(39).- Véxanse, entre outros traballos, “Temas españoles en las tablitas sienesas de la Biccherna”, *Goya*, nº 47, marzo-abril, 1962, pp. 338- 343; “Donaciones Pastor. Dos tablas aragonesas del Maestro de Torralba”, *El Museo de Pontevedra*, XXVI,(1972), pp. 71-73; “Tres pinturas de los Países Bajos (siglo XVII). Nuevas atribuciones”, *El Museo de Pontevedra*. XXIX,(1975), pp. 253-255; “Rubens copiado por Teniers”, en *Rubens y el siglo XVII en Amberes*, Museo de Pontevedra, Catálogo de exposición, 1978, pp. 15-21.

(40).- Remítome a este respecto moi en particular, pola súa fondura, os coñecementos que explicita e as reflexións que fai sobre o que cabe considerar como “invariantes da Arte Galega”, ao artigo titulado “Sobre Galicia: determinantes y contrastes”, incluído como prólogo-introdución,

pp. 9-27, do libro, por min coordinado e con fotografías de X. Lobato, titulado *Imaxes da Arte en Galicia*, A Coruña, 1991. Este libro foi o catálogo da exposición do mesmo título que se inaugurou no mes de novembro do citado ano na sede da Fundación Calouste Gulbenkian en Lisboa. Foi o primeiro froito do convenio de colaboración cultural asinado por esta prestixiosa Institución e a Fundación Pedro Barrié de la Maza, esta asesorada, nese marco de referencia, polo Museo de Pontevedra.

(41).- Ocupouse de dous extensos capítulos, titulados, respectivamente, “La escultura gallega: del barroco a la posguerra” (pp. 1.057-1.079) e “La pintura gallega desde el barroco a la posguerra” (pp. 1.080-1.135), incluídos no Tomo V, dedicado á *Historia da Arte Galega*, do proxecto titulado *Galicia Eterna*, editado en 1981 pola barcelonesa Ediciones Nauta. Esta obra foi no seu momento a primeira Historia Xeral da Arte Galega publicada. Tiven o honor de ser coautor dela, ocupándome das Artes da Idade Media e do Renacemento, xunto con el e co Prof. compostelán Xosé Manuel López Vázquez.

(42).- Corresponde ao ano 1948. O artigo ocupa as pp. 187-208.

(43).- A el e á súa obra culminante, a *Sociedad Arqueológica de Pontevedra*, dedícalle X. Filgueira outro artigo neste mesmo número, pp. 16-49, titulado xustamente así: *Don Casto Sampedro y su Sociedad Arqueológica*.

(44).- “La escultura en el Museo de Pontevedra. Tímpanos medievales”, *El Museo de Pontevedra*, III, (1944), pp. 7-16.

(45).- A desaparecida igrexa de San Bartolomeu “O Vello” e a antiga capela de Santiago do Burgo son os edificios que se invocan como os da posible orixe da obra. Menciona os dous, sen decantarse claramente por ningún, X. FILGUEIRA, “La escultura en Pontevedra. Dos obras de la escuela del Maestro Mateo”, *El Museo de Pontevedra*, I, (1942), pp. 219-224. Posteriormente, porén, inclínase por san Bartolomeu como lugar de procedencia da escultura. Véxase *Monumentos y recuerdos pontevedreses de la Peregrinación*, Museo de Pontevedra, 12ª Exposición, Pontevedra, 1950, p. 3.

(46).- Incorporouno, por compra, en 1936. Véxase J. FILGUEIRA VALVERDE, “La escultura en Pontevedra. Dos obras ...”, cit., p. 220.

(47).- Alí continúa.

(48).- Así as reseña xa no título do artigo, citado na nota 45, no que as analiza. Para unha valoración estilística e cronolóxica actualizada das obras véxase en particular, para o Santiago, J.C. VALLE PÉREZ, “Saint-Jacques

assis”, en *Santiago de Compostela. 1000 Ans de Pèlerinage Européen*, Gante, 1995, pp. 357-358; IDEM, “Santiago sedente”, en *Galicia no Tempo*, Madrid, 1990, p. 205, quen se decanta pola capela de Santiago do Burgo como a da procedencia da obra, e T.C. MOURE PENA, “Nuevas aportaciones al estudio de la escultura gótica en Galicia. San Bartolomé “O Vello”, *El Museo de Pontevedra*, LV, (2001), pp. 193-222, en particular pp. 205-207, quen se inclina pola igrexa de San Bartolomeu como a da partida. Para o Cristo mostrando as chagas confróntense, sobre todo, as pp. 219-220 deste último artigo.

(49).- A novidosa proposta da identificación dos Profetas débese a F. PRADO-VILAR. Véxase, en particular, “La culminación de la Catedral románica: El maestro Mateo y la escenografía de la Gloria y el Reino”, en J.C. VALLE PÉREZ, director científico, *A Coruña, Enciclopedia del Románico en Galicia*, Fundación Santa María la Real, Centro de Estudios del Románico, vol. II, Aguilar de Campoo, 2013, pp. 989-1.018, en especial pp. 999-1.004, e IDEM, “*Stupor et mirabilia*: el imaginario escatológico del maestro Mateo en el Pórtico de la Gloria”, en P.L. HUERTA, Coord., *El románico y sus mundos imaginados*, Fundación Santa María la Real, Aguilar de Campoo, 2014, pp. 181-204, en concreto pp. 181-195.

(50).- “Tres adquisiciones recientes del Museo de Pontevedra”, *El Museo de Pontevedra*, XI,(1957), pp. 99-102, en particular, para os Profetas, pp. 100-101. O Pórtico da Gloria, como obra excelsa que é, merecerá pola súa parte moi diversas aproximacións e valoracións. Sirvan de referencia agora só dúas, unha de carácter musical, a resposta en nome da Real Academia Galega ao discurso de ingreso nela de A. Iglesias Vilarelle sobre “Los músicos del Pórtico de la Gloria” (*El Museo de Pontevedra*, VII,(1952), pp. 52-65), e outra de carácter literario, o relatorio de clausura do Congreso Internacional conmemorativo do VIII Centenario da colocación dos dinteis do Pórtico da Gloria: “El Pórtico de la Gloria en sus evocaciones literarias”, nas *Actas Simposio Internacional sobre “O Pórtico da Gloria e a Arte do seu tempo”*, Santiago de Compostela, 3-8 de outubro de 1988, A Coruña, 1991, pp. 501-517.

(51).- *Pontevedra, fortaleza arzobispal*, foi o título dunha exposición programada polo Museo de Pontevedra en 1947. O seu catálogo foi redactado por X. Filgueira Valverde.

- (52).- Para unha valoración da evolución da cidade remítome, en última instancia, a X. FORTES BAUZÁN, *Historia de la ciudad de Pontevedra*, A Coruña, 1993.
- (53).- Titulouse “A eirexa dos Mareantes” e foi incluído na *Hoja Parroquial de Santa María*. Publicouse o 30 de agosto do ano citado.
- (54).- “La basílica de Santa María la Mayor de Pontevedra” é o título do extenso artigo. Ocupa as pp. 13-126. Complétase con outro traballo, pp. 127-238, titulado “Documentación artística de Santa María. Originales, copias y extractos allegados por Sampedro Folgar, Pérez Costanti y Filgueira Valverde”. O artigo inicial foi publicado como monografía, en Vigo e en 1991, co título *La Basílica de Santa María de Pontevedra*, pola Fundación Pedro Barrié de la Maza dentro da Colección *Catalogación Arqueológica e Artística de Galicia do Museo de Pontevedra*.
- (55).- Sirvan de exemplo, entre outros traballos, os seguintes: “El escultor Cornelis de Holanda en Pontevedra”, *El Museo de Pontevedra*, I, (1942), pp. 20-30; “Obras civís en Pontevedra dos Mestres de Santa María na primeira metade do século XVI”, en *Tiempo y espacio en el Arte. Homenaje al Profesor Dr. Antonio Bonet Correa*, Tomo I, Madrid, 1994, pp. 433-447; “Artistas portugueses na arquitectura pontevedresa do século XVI”, en J.C. VALLE PÉREZ e J. RODRIGUES, coords., *Do Tardogótico ó Manierismo: as relacións artísticas entre Galicia e Portugal*, A Coruña, 1995, pp. 177-214.
- (56).- Sirva de referencia a publicación en 1929, no tomo III, pp. 291-329, de *Archivos do Seminario de Estudos Galegos*, dun artigo sobre “As festas de San Pío V en Santiago no ano 1713”. Incide xa neste traballo temperán na importancia das intervencións de carácter efémero para a plena comprensión da poética artística dos tempos do Barroco. Será esta unha temática sobre a que volverá en momentos diversos da súa longa vida. Véxase como mostra a súa colaboración sobre “El Barroco”, en *La Catedral de Santiago de Compostela*, Barcelona, 1977, pp. 331-378. Este libro foi o resultado da celebración previa dun ciclo de conferencias organizado en Santiago para conmemorar o IX Centenario do comezo das obras da magna basílica compostelá.
- (57).- F.J. DE LA PLAZA, “El pueblo natal de Gregorio Fernández”, *Boletín del Seminario de Estudios de Arte y Arqueología*, XXXIX, (1973), p. 305.
- (58).- “Origen y familia de Gregorio Fernández. Estado actual del problema”, *Las Ciencias*, XVIII, (1952), pp. 539-547.

- (59).- “La traza de la Peregrina”, en “Miscelánea de la Vieja Pontevedra”, *El Museo de Pontevedra*, II, (1943), pp. 97-100, en particular p. 100.
- (60).- Véxanse, entre outras, “Tres pinturas de los Países Bajos (siglo XVII). Nuevas atribuciones”, *El Museo de Pontevedra*, XXIX, (1975), pp. 253-255; “Rubens copiado por Teniers”, en *Rubens y el siglo XVII en Amberes*, Pontevedra, Museo de Pontevedra, Catálogo da Exposición, 1978, pp. 15-21.
- (61).- Sirvan de referencia, con carácter selectivo para as dúas etapas, os traballos seguintes: “La XX Exposición del Museo de Pontevedra. Artistas neoclásicos de Galicia”, *El Museo de Pontevedra*, XI, (1957), pp. 107-112; “Obras de Xosé Ferreiro (1738-1830) no Museo de Pontevedra”, en *En torno al arte auriense. Homenaje a D. José González Paz*, Ourense, 1990, pp. 215-227; *Pintura romántica gallega: Juan José Cancela del Río. Jenaro Pérez Villaamil. Ramón Gil Rey*, Museo de Pontevedra, Catálogo da 6ª Exposición, Pontevedra, 1944; “Dibujos del Museo de Pontevedra. Apuntes de un viaje por Galicia de Ramón Gil Rey (1842)”, *El Museo de Pontevedra*, IV, (1946), pp. 105-130; *Jenaro Pérez Villamil (1807-1854)*, Museo de Pontevedra, 18ª Exposición, Pontevedra, 1954. Como é lóxico, a investigación dos fondos do Museo de Pontevedra permitíralle colaborar, en canto era experto nos artistas e na súa época, en proxectos e publicacións promovidos por outros organismos ou entidades. Sirvan de exemplo a este respecto “La escultura neoclásica en Galicia”, en J. Filgueira Valverde (ed.), *La escultura gallega: en el centenario de Francisco Asorey*, Fundación A. Brañas, A Coruña, 1991, pp. 67-78; “Dos pintores compostelanos del siglo XIX : Gil Rey y Cancela”, en *Homenaje a Pintores Compostelanos*, Diputación de A Coruña, 1981, pp. 15-18, ou “Jenaro Pérez-Villaamil y Galicia”, en *Jenaro Pérez Villaamil. 1807-1854. Óleos. Acuarelas. Dibujos. Litografías*, Fundación Caixa Galicia, A Coruña, 1995, pp. 17-25.
- (62).- J.M.B. LÓPEZ VÁZQUEZ, “Don Xosé Filgueira Valverde e a Historia da Arte”, cit., pp. 342-344.
- (63).- A denominación débese a M.F. Barreiro e F. Bello Piñeiro, “Segundo Salón Ferrolano de Pintura Gallega”, *El Correo Gallego*, Ferrol, 27, VIII, 1922.
- (64).- Explicita o concepto na “Introducción”, pp. 11-14, en especial p. 12, que escribe para o libro *Pintores gallegos del Novecientos*, da autoría de Francisco Pablos, Barcelona, 1981. Trátase, por certo, dun dos libros pertencentes á colección *Catalogación Arqueolóxica e Artística de Galicia*, promovida pola Fundación Pedro Barrié de la Maza en virtude do convenio de colaboración, xa citado, asinado co Museo de Pontevedra.

- (65).- *Fernando Álvarez de Sotomayor (1875-1960)*, Museo de Pontevedra, catálogo da XXIVª Exposición, Pontevedra, 1960.
- (66).- Debo salientar, non obstante, que nos dous capítulos que escribe para o volume dedicado á Arte, o V, do proxecto *Galicia Eterna*, promovido por *Ediciones Nauta*, publicado en Barcelona en 1981, xa citado, tanto o dedicado á Escultura, pp. 1.057-1.079, como á Pintura, pp. 1.081-1.135, abarcan desde os tempos barrocos ata a Posguerra.
- (67).- Véxase, en última instancia, M.A. SEIXAS SEOANE, “Castelao. Cronoloxía”, en *Castelao.Exposición 50 aniversario*, A Coruña, Fundación Caixa Galicia, 2000, pp. 313-323, en concreto p. 315.
- (68).- Remítome sobre este proceso, en particular, a X.R. BARREIRO FERNÁNDEZ, “Filgueira Valverde e o Partido Galeguista”, en X.C. VALLE PÉREZ, ed., *Xosé Filgueira Valverde.1906-1996...*, cit., pp. 134-171.
- (69).- Vinte traballos, algúns inéditos, preparados expresamente para a ocasión, recóllense no *Cuarto Adral*. Titulado *Castelao na lembranza*, foi publicado por Edicións do Castro, Sada, A Coruña, en 1987.
- (70).- X. FILGUEIRA VALVERDE, “ A obra de Castelao no Museo de Pontevedra”, en IDEM, *Castelao na lembranza*, cit., pp. 135-145. Véxase tamén sobre a mesma cuestión X.C. VALLE PÉREZ, “Castelao e o Museo de Pontevedra”, *Galegos / Gallegos*, nº 19 /II / 2013, pp. 82-88.
- (71).- Para a análise xeral do contexto pontevedrés que menciono véxase, en particular, X.C. VALLE PÉREZ, “ A vida cultural en Pontevedra no contexto da Galicia moderna”, en I. MÉNDEZ LOJO, Coord., *La Galicia moderna.1916-1936*,cit., pp. 96-109. Sobre a creación artística en concreto véxase, en especial, X.A. CASTRO FERNÁNDEZ, *Renovación e avangarda en Galicia (1925-1933). Os Pensionados da deputación de Pontevedra*, A Coruña, 1986, e X.C. VALLE PÉREZ, coord. xeral, *Os Pensionados da Deputación de Pontevedra (1864-1933)*, Vigo, 1993.
- (72).- Foi o ilustrador de *Os nenos*, a primeira obra de creación literaria de X. Filgueira Valverde, editada en Pontevedra en 1925, e tamén da *Guía de Pontevedra*, que X. Filgueira publicou na cidade do Lérez en 1931. A el dedicáralle unha exposición o Museo de Pontevedra no verán de 1967. No catálogo da que neste mesmo Centro se lle consagrou ao artista en 1991 inclúese un texto da súa autoría, titulado “Recordo de Luisiño Pintos”, no que ofrece datos e pistas de enorme interese para a súa axeitada valoración

como creador plástico. Véxase X.C. VALLE PÉREZ, dir., *Luis Pintos Fonseca (1906-1959)*, Vigo, 1991, pp. 29-33.

(73).- É o autor, por exemplo, do texto de presentación que acompaña a unha carpeta con reproducións de 6 espléndidas obras deste artista publicada en 1980 pola Caixa de Aforros de Galicia.

(74).- Foi o ilustrador de *Agromar*, a única obra de teatro escrita por X. Filgueira, publicada en Lugo en 1936. Prologará, ofrecendo unha visión do seu quefacer artístico derivado da súa longa relación, a monografía que en 1987 lle dedicou G. SOLER MARTÍNEZ, *El puntor Manuel Torres*, Barcelona, 1987, pp. 9-10.

(75).- Dédicalle un extenso artigo, titulado “Escultor”, pp. 15-34, na monografía *Escultor Acuña*, A Coruña, 1983, publicada conxuntamente polas Deputacións de Pontevedra e A Coruña. Será reproducido o texto en 2007, pp. 41-50, na monografía titulada *Acuña*, editada neste caso só pola Deputación de Pontevedra.

(76).- Foi o autor da portada dunha farsa titulada *Romance dunha fatal ocasión*, redactada por X. Filgueira e ofrecida como agasallo a Castelao en 1935 por un grupo de destacados membros do Seminario de Estudos Galegos. Véxase, en particular, X.C. VALLE PÉREZ, “Xosé Filgueira Valverde. 1906-1936. Notas biográficas”, cit., p. 36. A obra reproducécese en X.C. VALLE PÉREZ, coord. xeral, *O primeiro Laxeiro. 1908-1942*, Pontevedra, 2008, p. 137. Foi este o catálogo da exposición, do mesmo título, programada polo Museo de Pontevedra para conmemorar o centenario do nacemento do artista.

(77).- Prologa o catálogo, preparado por José de Castro Arines, da exposición que ao artista se lle consagrou en 1983 en Madrid e que foi trasladada despois ao Museo de Pontevedra.

(78).- Na recompilación bibliográfica citada, *Ó Dr. Filgueira Valverde nos seus noventa anos ...*, cit., p. 35, ocupa o cuarto lugar dunha secuencia que chega ata o nº 2.136.

(79).- O artigo, titulado “El triunfo de Asorey”, publicouse o 1 de xuño en *El Ideal Gallego*, xornal editado na Coruña. Insírese nunha serie de colaboracións fixas que ofreceu neste xornal, co título xenérico de *Glosas compostelanas*, entre o 7 de novembro de 1924 e o 13 de outubro de 1926. Asinaba os seus textos con pseudónimo: *Juan de Acuña*.

(80).- “Prieto Coussent, pintor”, *La Voz de la Verdad*, Lugo, 12 de agosto.

(81).- É o caso de Luís Pintos Fonseca, a quen o Museo consagrou, como xa dixen (véxase a nota 72), unha mostra monográfica en 1967.

(82).- Así sucede con Carlos Sobrino, nacido en Pontevedra en 1885. Amigo entrañable seu, foi tamén Patrón do Museo de Pontevedra. X. Filgueira redactará o texto do catálogo da exposición que en 1967 lle organizou o Ateneo de Pontevedra.

(83).- Así acontece con X. Conde Corbal, pontevedrés de 1923. A el dedicoulle o Museo de Pontevedra en 1962 unha mostra, que puido contemplarse no Instituto da cidade, titulada *La Pontevedra perdurable*. As obras que a integraban, debuxos, gouaches e óleos, adquiridas posteriormente pola Deputación de Pontevedra (A. García Alén, “El Museo de Pontevedra durante el año 1962”, *El Museo de Pontevedra*, XVII,(1962), pp. IX-XVI, en particular p. XIII), acabarán conformando unha carpeta titulada *Pontevedra en 50 dibujos de Conde Corbal*, editada en Pontevedra, pola Deputación, en 1965. Conta cun prólogo de X. Filgueira e notas de A. García Alén, eficaz secretario, durante moitos anos, do Museo pontevedrés. Conde Corbal, excelente debuxante sobre todo, será, desde a década que nos ocupa, a dos sesenta, un colaborador habitual das diversas actividades promovidas polo Museo de Pontevedra.

(84).- Remítome a este respecto, en aras da brevidade, á recompilación bibliográfica tantas veces citada, programada para conmemorar o seu noventa aniversario. Non chegou a vela impresa. Faleceu 45 días antes da efeméride.

(85).- Citarei só, agás que alguna circunstancia moi concreta xustifique outra ou outras mencións posteriores, a primeira iniciativa en cada un dos apartados que reseño.

(86).- “Azabaches compostelanos del Museo de Pontevedra”, cit. Cataloga as 30 pezas que nese momento integraban a Colección da entidade, un número, xa daquela moi considerable, que irá incrementándose co paso do tempo. Gran parte destes acibeques, como xa sinalei (véxase a nota 37), conformaron a 5ª exposición temporal programada polo Museo, oportuna nese momento, ademais, por ser o ano no que se celebrou, 1943, un Ano Santo Compostelán. No catálogo desta mostra (*Colección de azabaches compostelanos*) reproducése, en boa medida, o mesmo texto que se inclúe no artigo da Revista. Ofrecerá en 1965 o estado da cuestión sobre esta clase de produtos artísticos na monografía titulada *Azabachería*, nº 17 da

Colección *Cuadernos de Arte Gallego*, promovida por Ediciones Castrelos, con sede en Vigo.

(87).- O artigo “La iconografía de Santiago y el grabado compostelano”, *Cuadernos de Estudios Gallegos*, I,(1944), pp. 185-202, foi a súa primeira incursión de entidade na materia. Preludia a 10ª exposición temporal programada polo Museo de Pontevedra, *El grabado compostelano*, celebrada no verán de 1948, de novo un Ano Santo Compostelán. O catálogo, aínda que non leve firma, é da súa autoría. A mostra, enriquecida con outras pezas, puido contemplarse o ano seguinte en Santiago, na sede do Instituto de Estudios Gallegos Padre Sarmiento. Contou cun catálogo especificamente preparado por Xosé Filgueira Valverde: *Grabados compostelanos. Iconografía del Apóstol. Grabados santiagueses. Temas locales*. As dúas iniciativas son o anticipo da súa magna monografía, hoxe aínda de imprescindible consulta, titulada *Grabados compostelanos. Iconografía del Apóstol. Grabados de Compostela. Estampas de tema santiagués*. Nela, promovida polo Museo de Pontevedra e a Calcografía Nacional de Madrid, e impresa en Santiago, Pontevedra, Vigo e Madrid en 1949, Filgueira realiza tanto o estudo preliminar como o catálogo e a selección das obras. A publicación, unha xoia bibliográfica, constou de 400 exemplares. As estampas que a completan e complementan imprimíronse a partir de planchas e tacos orixinais. Iso explica o seu enorme valor.

Cómpre salientar, por outro lado, que ese interés de X. Filgueira pola iconografía, particularmente a mariana, e o gravado están na orixe doutras moitas iniciativas por el promovidas, non só en Pontevedra. Invoco aquí, para non estenderme en exceso, únicamente dúas: a exposición sobre *Iconografía mariana* programada polo Museo de Pontevedra na súa sede, entre agosto e outubro de 1959, con ocasión da conmemoración do IV Centenario do cerramento das bóvedas da igrexa de santa María de Pontevedra (o catálogo, no que non consta a autoría, débese a el e a A. García Alén), e a consagrada a *La Virgen Peregrina*, organizada en Santiago, en 1971, no Instituto de Estudios Gallegos Padre Sarmiento, co gallo da celebración doutro Ano Santo Compostelán (o catálogo, de novo, está redactado por el e por A. García Alén).

(88).- “Orfebrería portuguesa en el Museo de Pontevedra”, publicado no nº 9, correspondente ao primeiro trimestre de 1950, pp. 7-10, da Revista, editada no Porto, *Ourivesaria Portuguesa*, foi a súa primeira incursión

de entidade na materia. Continuará publicando na mesma revista sobre cuestións relacionadas coa ourivería e singularmente sobre as relacións transfonteirizas Galicia-Norte de Portugal, coa presenza sempre destacada, nuclear, da Colección do Museo que el dirixía, en diferentes números da mesma revista dos anos 1950 e 1951. Nos de 1952 incorporará a este ámbito as súas reflexións sobre o campo dos esmaltes en Galicia, do que ofrecerá un estado da cuestión na entrada “Esmaltes” da *Gran Enciclopedia Gallega*, X, pp. 187-191.

(89).- A súa coñecida monografía sobre *Sargadelos*, publicada pola *Editorial de los Bibliófilos Gallegos* na Colección Obradoiro, imprimiuse en 1951 en Madrid, na imprenta Hauser y Menet (a mesma que en 1931 se ocupara da tirada do *Álbum Nós* de Castelao!). Foi durante anos o libro básico de consulta sobre esta louza. Fará unha posta ó día dos coñecementos sobre a materia na monografía do mesmo título, *Sargadelos*, publicada en 1978 por Edicións do Castro (nº 24 da Colección *Cuadernos del Seminario de Estudios Cerámicos de Sargadelos*).

(90).- Unha síntese das súas aportacións sobre todos eses ámbitos –tamén sobre outros non comentados, por razóns obvias de espazo, na miña reseña–ofrécea no capítulo titulado “Las artes menores”, incluído no vol. VI, pp. 1.201-1.255, de *Galicia Eterna*, o proxecto, xa comentado, acometido pola editorial Nauta, de Barcelona, materializado en 1981.

(91).- Véxase ó respecto, en última instancia, E. PARDO DE GUEVARA Y VALDÉS, *O Instituto de Estudos Galegos “Padre Sarmiento”. Sesenta anos ó servizo de Galicia (1944-2004)*, cit., pp. 11-12.

(92).- Ibidem, p. 16. Non debe extrañar, dada a confluencia / concentración na súa persoa dos cargos de director do Museo de Pontevedra e de responsable da Sección de Arte do Instituto compostelán, que, desde o momento no que se produce esa duplicidade, xurdan iniciativas programadas conxunta e complementariamente polas dúas entidades, materializadas finalmente, como parece obvio, dun xeito escalonado.

(93).- O “amor” de Filgueira por Santiago nace, sen dúbida, nos tempos de estudante. Proba evidente del será a publicación, promovida polo Padroado Nacional de Turismo, da súa modélica guía da cidade (*Santiago de Compostela* é o seu título), editada en Madrid por Espasa Calpe. Esta guía, pertencente á colección “Guías España” creada polo citado Padroado, fóralle encargada inicialmente a Francisco Javier Sánchez Cantón. Este, mediante carta do

12 de decembro de 1928, indícalle a Filgueira que, por non ter “tiempo ni elementos para hacerla”, renunciara á súa redacción e suxerira que se lle encomendase a el a realización. Aconséllalle na misiva, conservada no arquivo Filgueira custodiado no Museo de Pontevedra (a correspondencia entre as dúas personalidades que nos ocupan, como xa indiquei na nota 15, será publicada próximamente, en edición de M^a Xesús Fortes Alén, arquiteira da entidade. A que cito áchase, co nº 2, na caixa 104), que sexa “precisa, completa y práctica”. Foino no seu día e hoxe, malia o tempo transcorrido desde a súa publicación, segue a ser de incuestionable utilidade. Non será, por outro lado, a única ocasión na que se enfrente na súa vida coa esixencia de ofrecer unha visión global, histórica e monumental, da cidade. A derradeira, promovida pola editorial Ir Indo, apareceu en Vigo en 1989.

(94).- A bibliografía está estruturada en 3 apartados: I.- Libros e folletos (42 entradas), II.- Artigos (233 entradas) e III.- Conferencias e comunicacións (116 entradas).

(95).- Véxase o indicado na nota 92.

(96).- E. PARDO DE GUEVARA Y VALDÉS, *O Instituto de Estudos Galegos “Padre Sarmiento” ...*, cit., pp. 27-36, reseña as 30 exposicións organizadas polo Instituto entre 1948, a primeira (*La Imprenta Compostelana. Libros y folletos hasta 1868*), e 1975, a trixésima (*Castelao e os Estudos Galegos*). Estas dúas tiveron como responsable –e, por iso, como autor tamén do folleto-catálogo complementario– a Xosé Filgueira Valverde, presente así megravado compostelán en 1949, continuación do organizado o ano anterior polo Museo de Pontevedra, xa referenciado, foi asumido por el en solitario, compartindo o comisariado con outras persoas nos restantes casos. Un, de especial significación para Pontevedra, o dedicado á Virxe Peregrina, foi desenvolvido coa colaboración de A. García Alén e programouse en 1971 como consecuencia da celebración daquela, tal como xa sinalai, dun Ano Santo Compostelán.

(97).- Ocupa as pp. 23-59. A Editorial naceu en 1948. Foi promovida, en boa medida, polas mesmas persoas que participaron na creación do *Instituto de Estudios Gallegos Padre Sarmiento*, ao que se vinculou mesmo fisicamente, pois as súas instalacións servíronlle de sede ata que se trasladou ao Museo de Pontevedra a raíz do convenio de colaboración asinado co seu Padroado en 1980. Foi un instrumento máis do lento proceso de recuperación da nosa

cultura nos difíciles anos da Posguerra. Está aínda por facer a valoración da súa exacta significación nese adverso contexto.

(98).- Ocupa as pp. 49-69.

(99).- Véxase, a este respecto, C. MANSO PORTO, “El documento de 1161 relativo a la supuesta intervención del maestro Mateo en la construcción del puente de Cesures”, en *Actas Simposio Internacional sobre “O Pórtico da Gloria e a Arte do seu Tempo” ...*, cit., pp. 103-115.

(100).- Santiago, 1959. É o número IX da *Colección Obradoiro*, unha das creadas pola Editorial, xa citada, *de los Bibliófilos Gallegos*.

(101).- Publicado en *Cuadernos de Estudios Gallegos*, XIV, (1959), pp. 313-322.

(102).- Retéñanse, a este respecto, o libro de A. LÓPEZ FERREIRO, *Lecciones de Arqueología Sagrada*, Santiago, 1889, ou o de J. VILLAAMIL y CASTRO, *Colección de artículos sobre Mobiliario litúrgico de las iglesias gallegas de la Edad Media*, Madrid, 1907.

(103).- En 1958, tamén en *Cuadernos de Estudios Gallegos* (XIII, pp. 137-145), publicara, neste caso en colaboración con A. BLANCO FREIJEIRO, xa daquela un prestixioso arqueólogo, antigo discípulo seu no Instituto de Pontevedra, un artigo, novidoso tamén no noso máis inmediato ámbito de referencia, titulado “Camafeos y entalles del Tesoro compostelano”.

A CREACIÓN DO CONSELLO DA CULTURA GALEGA. O PAPEL DE FILGUEIRA VALVERDE

RAMÓN VILLARES

A biografía de Xosé F. Filgueira Valverde está moi directamente vinculada á cultura galega do século pasado. El foi un cultivador tenaz de moitos campos da cultura humanística, desde a historia da arte ou da literatura, ata a etnografía ou a musicoloxía. Foi tamén un escritor polígrafo, de rexistros moi variados, desde o seu inicial e impresionante libro *Os nenos* ata os máis maduros textos breves reunidos nos nove libros do *Adral*, pasando polo seu modélico estudo sobre a *Cantiga CIII*, a biografía de *Luís de Camões* ou tantos ensaios dedicados ás súas cidades predilectas: Pontevedra e Santiago de Compostela. El foi dos que pensou que a cultura era a argamasa esencial para construír a identidade galega, ao modo que marcaron os seus mestres da xeración Nós. Pero tamén foi dos que pensaban que, sen dispoñer de institucións culturais propias, todo traballo individual ten uns lindeiros incertos, como se fosen chairas con diques de area. El formou parte dunha xeración memorable para a historia da Galicia do século XX, aquela que saíu a campo aberto nos anos vinte e trinta, cuns propósitos moito máis prácticos que os que tiveran os seus mestres de Nós. Foi a xeración do Seminario de Estudos Galegos, empeñada na modernización da cultura e na creación de soportes culturais sólidos para unha acción política nacional, integrada por individuos que acreditaban na necesidade dunha restauración cultural de Galicia, da súa lingua e do seu ser comunal, xeración que ben podería compararse coa brillante xeración catalá de 1901, a responsable directa da acción cultural e política de rexeneración de Cataluña durante o primeiro terzo do século vinte.

Alén da obra individual, Filgueira estivo moi estreitamente vinculado á creación e funcionamento de importantes institucións culturais galegas do século XX. Na súa mocidade, como estudante universitario en Compostela, achegou un dos catro ombreiros principais –con Fermín Bouza, Lois Tobío e Ramón Martínez López– que termaron do Seminario de Estudos Galegos, fundado no outono de 1923 xunto con outros mozos e co amparo de ilustres profesores como Armando Cotarelo ou Salvador Cabeza de León. O Seminario foi obra colectiva, pero os catro fundadores mencionados

marcaron claramente a derrota seguida por aquela institución. Logo, Filgueira tería especial responsabilidade na transición desde a pontevedresa Sociedade Arqueolóxica de Casto Sampedro cara ao que ía ser o Museo de Pontevedra, no que foi ben axudado por Francisco Javier Sánchez Cantón. Con todo, a evolución do museo pontevedrés é inseparable da permanente residencia de Filgueira na súa cidade natal, agás os poucos anos que morou en Compostela ou que ocupou unha cátedra do Instituto de Lugo. Na creación do Instituto de Estudos Galegos “Padre Sarmiento”, adscrito ao CSIC desde a súa fundación en 1944, tampouco estivo ausente o profesor Filgueira, e nesta institución desempeñou varios postos de responsabilidade durante máis de trinta anos. Tivo asento tamén, desde 1942, nos escanos da Real Academia Galega, na que ingresou nunha cerimonia colectiva celebrada no paraninfo universitario de Compostela, con discursos de Gonzalo López-Abente e de Fermín Bouza-Brey. E, no solpor da súa vida pública, tivo a fortuna de participar no deseño do Consello da Cultura Galega en tanto que responsable da área de cultura do primeiro Goberno autonómico para, anos andados, chegar a ser presidente da institución durante seis anos, ata o momento da súa morte, acaecida en setembro de 1996.

Os tempos da transición

Dando por ben sabido que o trazo esencial da biografía de Filgueira foi o de ser un arquitecto das institucións da cultura galega, entendida esta práctica como un mecanismo útil para articular a sociedade e garantir unha eficaz transmisión xeracional dos logros acadados, voume referir de forma específica á súa obra derradeira, que foi o Consello da Cultura Galega. A aparición desta institución está moi ligada á transición democrática e á construción da autonomía. Pero antes de entrar na cerna da cuestión, cómpre aclarar algúns extremos que nos axuden a entender e avaliar acaidamente o protagonismo de Filgueira neste proceso. O primeiro é saber como chega Filgueira á época da transición democrática e cal é o seu papel na aparición da autonomía galega, na que, como é sabido, o sector do galeguismo posibilista, representado en boa medida polo grupo Galaxia, tivo un rol decisivo. Isto lévanos á prehistoria do Consello da Cultura Galega, no momento en que foi colocado no texto estatutario, proceso do que claramente Filgueira estivo ausente, se non marxinado, ata o punto de que nin tan sequera foi chamado a ser membro “abaixo-

asinante” de ningunha das proclamas ou manifestos de carácter galeguista que inzaron en Galicia desde 1977 ata 1981.

El era ben consciente de chegar á transición democrática co paso cambiado. E que foi o réxime autonómico o que o rescatou do seu ostracismo político. Cando se presenta en sociedade o grupo Realidade Galega, en marzo de 1980, unha oportuna entrevista de xornal (*El Correo Gallego*, 20.3.1980) bota un facho de luz sobre a situación en que se atopa Filgueira Valverde: “naide me pediu que asistira á xuntanza ou botara a miña firma”, marxinação que entende non como un esquecemento casual, senón como o resultado da súa traxectoria política durante a ditadura franquista: “eu fun alcalde do franquismo”, confésalle ao xornalista Alvite, “pero eu non tomo as cousas como se se tratase dunha ofensa”. En realidade, Filgueira asumía as consecuencias da súa propia biografía: “así como coido que podo ser moi discutible na miña vida política, entendo que non se me pode discutir a condición de [intelectual] galego”, o que quere dicir que mantiña unha lealdade primordial á cultura que nin mesmo a política podía abanear. Con todo, a posición argumental de Filgueira é meridiana, ao admitir que debe pagar un prezo pola súa historia persoal.

Se analizamos a composición sociolóxica dos asinantes dos manifestos galeguistas daquel tempo, comprendemos mellor o que significa esta ausencia. Por que o nome de Filgueira non aparece entre as varias ducias de “intelectuais galegos” que se manifestan ante a convocatoria de eleccións en 1977 ou a propósito dos bloqueos padecidos polo Estatuto en 1979 e 1980. Entre os promotores daqueles manifestos están figuras moi destacadas da cultura galega (algunha delas desaparecida naqueles mesmos anos) que proceden de tres grandes grupos. En primeiro termo, os procedentes da oposición interior agrupados baixo o paraugas de Galaxia (Ramón Piñeiro, Francisco F. del Riego, Domingo García-Sabell, Fermín Penzol, Marino Dónega...), que mantiñan boas relacións cos grupos de oposición democrática ao franquismo, pero que carecían dunha estrutura partidaria propia. Un segundo grupo está constituído polos disidentes do galeguismo cultural no interior e por retornados do exilio, algúns deles próximos a partidos da esquerda (Valentín Paz-Andrade, Isidro Parga Pondal, Isaac Díaz-Pardo, Rafael Dieste, Luis Seoane, Eduardo Blanco-Amor...), dos que os máis activos estaban vinculados ao Laboratorio de Formas e ao grupo Sargadelos, tecido entre Seoane e Díaz-Pardo desde principios dos

anos sesenta. E un terceiro grupo pode identificarse cun dos trazos máis significativos da transición democrática, que son os profesionais liberais, profesores universitarios e membros de altos corpos da Administración do Estado (Andrés Fernández-Albalat, Enrique Vidal Abascal, Juan Quintás, Benxamín Casal...). En ningunha destas cotas puido entrar un Filgueira que viviu estes anos da transición democrática refuxiado no Museo de Pontevedra, atento aos rumbos da política pero dos que se sentía claramente distanciados, “porque hai temas políticos [relativos á autonomía] que os entendo moi pouco”, remachaba naquela entrevista de 1980.

Era unha posición que, sen ter rotas de todo as vías de comunicación, se atopaba a considerable distancia dos núcleos culturais e políticos que daquela gozaban de gran protagonismo. Filgueira estaba a considerable distancia da estratexia política que alentaba o galeguismo cultural, que procedía da oposición democrática ao franquismo e que estaba especialmente empeñado na solución autonomista; a distancia era aínda máis evidente en relación co nacionalismo radical antiautonomista, co que só podía tecer algunha complicidade grazas á súa lealdade “primordialista” á cultura galega; e distancia tamén respecto dos dous grandes partidos que estaban a pilotar a política da transición, a UCD e o PSOE, nun contexto en que os herdeiros directos do franquismo, acoutados no pequeno partido de Fraga Iribarne (AP), gozaban de escaso apoio popular. Isto explica que Filgueira non participe nos intensos “cabildos” que, desde a primavera de 1977, se producen para preparar unha futura política autonómica –nos que a figura de Pío Cabanillas foi especialmente activa–, nin que tampouco teña a posibilidade de estar presente nas primeiras cámaras democráticas abertas en 1977, nin por elección popular –casos dos senadores Valentín Paz-Andrade ou de Manuel Iglesias Corral– nin tampouco como un senador de designación real –caso de Domingo García-Sabell–.

O curso da vida política galega pasaba por camiños aos que Filgueira non tiña acceso doado, o que lle acontece tamén en todo o proceso estatutario. Só a viraxe táctica dada por AP, que adopta en marzo de 1980 unha posición proactiva respecto do debate do Estatuto, abre unha vía de participación de AP na política galega, o que fica patente nos Pactos do Hostal de setembro de 1980, que revelan a capacidade política dun líder emerxente como Xosé Luís Barreiro. O seguinte paso sería o triunfo logrado en 1981 por Alianza Popular (26 escaños) nas primeiras

eleccións ao Parlamento galego, que coloca a este partido por diante da gobernamental UCD (24 escanos) e que lle concede a posibilidade de formar o primeiro Goberno da autonomía galega, presidido polo médico compostelán Xerardo Fernández Albor. Por indicación directa de Fraga Iribarne, o seu antigo discípulo nas aulas do instituto de Lugo, o profesor Filgueira Valverde é chamado a formar parte da Xunta de Galicia, na condición de conselleiro adxunto ao presidente para asuntos culturais (xaneiro-novembro de 1982) e como conselleiro de Cultura (ata setembro de 1983). O ostracismo acababa e comezaba unha nova vida pública para Filgueira Valverde. Como membro daquel Goberno, participou na proposta e aprobación parlamentaria das primeiras leis de Galicia en materia cultural, entre elas a Lei de normalización lingüística e a Lei do Consello da Cultura Galega, ambas aprobadas durante o ano 1983.

Orixes estatutarias do Consello da Cultura

Pero antes de entrarmos na xestión política de Filgueira Valverde en relación co Consello da Cultura Galega, cómpre reparar nas súas orixes como expresión da vontade dos estatuíntes de dotar a futura autonomía galega dunha institución cultural específica, fundada na integración nesta de representantes das entidades culturais xa existentes. Na intervención parlamentaria con que se cerrou o debate da Lei de creación do Consello en xullo de 1983, o daquela conselleiro de Cultura, Filgueira Valverde, non se esqueceu de facer a “louvanza dos redactores do Estatuto, que souberon gardar ao Consello da Cultura Galega o seu rol, suliñando moito a súa independencia, a súa sustentividade”. Pero unha cousa é que a institución fose creación do Estatuto autonómico e outra é indagar con algunha precisión nos camiños seguidos para que esta institución resultase incluída de forma específica nun dos artigos da “carta magna” da autonomía galega.

Unha das confusións máis frecuentes é atribuír o nacemento desta institución á influencia política do galeguismo “histórico”, moi activo nos tempos da transición. Non obstante, é moi claro que a creación do Consello da Cultura Galega non só foi obra material dos estatuíntes, procedentes na súa maioría dos dous grandes partidos que actuaban naquela altura (UCD e PSdG-PSOE), senón que todo indica que esta proposta procede dos sectores da UCD menos próximos a este galeguismo, como eran os dirixidos por Xosé Luis Meilán Gil, claramente enfrontados ao presidente Antonio Rosón e ao

ministro Pío Cabanillas, cos que os galeguistas “históricos” trazaran unha sólida alianza táctica, patente desde a elección de Rosón como presidente da preautonomía (abril 1978) ata a configuración da frustrada candidatura de José María Suárez Núñez nas primeiras eleccións ao Parlamento galego (verán de 1981). Alén diso, a aparición dunha institución deste estilo era unha clara competencia con outros organismos daquela existentes (Real Academia Galega) ou que estaban en vías de creación “ex novo” ou de restauración histórica (Museo do Pobo Galego ou Seminario de Estudos Galegos). Todas estas institucións, preexistentes ao Consello da Cultura Galega, tiñan notable influencia da tradición cultural e política do galeguismo nas súas diversas variantes.

Isto podería explicar a serodia incorporación da idea dun Consello da Cultura ao proxecto estatutario galego, o que resulta certamente singular e mesmo único, xa non só no mapa autonómico español senón, de forma máis precisa, no contexto das nacións “galeuzcanas”. En efecto, nos estatutos catalán e vasco, que serviron de referente para a elaboración do texto galego, non hai ningunha mención a un organismo análogo ao previsto para Galicia e, mesmo, pasarían algúns anos para que institucións como a galega se creasen naquelas nacionalidades históricas. A ausencia desta idea naqueles estatutos pode explicar o silencio que sobre este punto ten o “Estatuto dos Dezaseis”, obra dunha comisión moi plural e con certa sensibilidade galeguista, creada a instancias do presidente Antonio Rosón, que elaborou un anteproxecto que foi rematado en abril de 1979. Neste texto hai unha longa lista de competencias atribuídas á Comunidade Autónoma galega (artigo 23), entre as que figuran as relativas ao “patrimonio histórico, artístico, arquitectónico, arqueolóxico, científico e monumental de interés para Galicia”, así como mencións de varios organismos de xestión da cultura (arquivos, museos, bibliotecas, conservatorios e escolas de artes...), incluídas explícitas referencias ao Panteón de Galegos Ilustres e ao Museo do Pobo Galego, pero non hai alusión a ningunha institución cultural que se poida presupoñer como precedente do futuro Consello da Cultura Galega.

Foi no “Proxecto de Estatuto”, elaborado por parte dunha *Ponencia* de nove membros nomeada pola Asemblea de Parlamentarios en maio de 1979, con maior hexemonía da UCD que na “Comisión dos Dezaseis” e que explicitamente recusou o anteproxecto que aquela elaborara, onde aparece

por primeira vez a futura institución cultural. Neste proxecto, aprobado en Galicia o 25 de xullo de 1979 e remitido á Comisión Constitucional do Congreso dos Deputados para a súa discusión, o seu artigo 26 dispón que “mediante lei do Parlamento, se constituirá o Consello da Cultura Galega”, para engadir algo substancial sobre a súa futura composición, pois sinala que nel “poderán integrarse as entidades de fins coincidentes que teñan a súa sede dentro ou fóra do territorio de Galicia”, o que parece unha clara alusión á posibilidade de que organismos societarios da emigración poidan ser incorporados a esta nova institución. No debate parlamentario ulterior houbo unha modificación que non altera a idea inicial do proxecto, de modo que no Estatuto finalmente aprobado en referendo recóllese no seu artigo 32 que “Correspóndelle á Comunidade Autónoma a defensa e promoción dos valores culturais do pobo galego. Con tal finalidade, e mediante lei do Parlamento, constituirase un Fondo Cultural Galego e o Consello da Cultura Galega”. Como é ben sabido, o Fondo Cultural nunca foi desenvolvido, malia as tentativas que, tempo andado, fixo o propio Consello da Cultura para recuperar aquela idea, fundado nun relatorio elaborado polo profesor Pablo González Mariñas, antigo membro do partido da UCD. En cambio, a posta en marcha do Consello da Cultura Galega foi moi rápida e no desenvolvemento do mandato estatutario xa participou directamente Filgueira Valverde.

En realidade, a peripecia legal do Consello da Cultura Galega é unha acaída metáfora do que aconteceu na transición democrática, pois ten orixes ben plurais con protagonistas cambiantes e solucións inesperadas. Non mencionado pola “Comisións dos Dezaseis”, é incorporado e mesmo predefinido na súa composición corporativa polos parlamentarios que, en 1979, comandan a “odisea” do Estatuto galego, desde o seu proxecto elaborado en Galicia ata a súa tormentosa aprobación na Comisión Constitucional, cun texto que logo sería aínda revisado (Pactos do Hostal, setembro de 1980), antes de ser sometido a referendo e proceder á súa definitiva promulgación por El-Rei a principios de 1981. Neste proceso, o protagonismo esencial foi da UCD (e, dentro deste partido, do sector coruñés-ourensán), que padeceu de forma directa as mobilizacións provocadas pola campaña contra a “aldraxa” do Estatuto. Posteriormente, na posta en marcha da Lei do Consello, o protagonismo esencial foi dun partido que apenas participara no proceso autonómico, pero que resultou vencedor nos primeiros comicios do

Parlamento galego, que era a Alianza Popular, partido que formou goberno en minoría en 1982, reforzado a partir de marzo de 1983 co apoio de amplos sectores da vella UCD, neste caso con gran presenza dos núcleos de Lugo e Pontevedra ao entraren no Goberno os conselleiros Carlos Mella, Javier Suárez-Vence e Víctor Vázquez Portomeñe. E, finalmente, en outubro de 1983, cando comeza a súa andaina o Consello da Cultura Galega, ás poucas semanas de ser destituído como conselleiro de Cultura o profesor Filgueira (substituído por V. Vázquez Portomeñe, procedente da UCD luguesa), o primeiro presidente da institución elixido internamente polos seus membros foi o galeguista “histórico” Ramón Piñeiro, naquela altura membro do Parlamento galego, como independente, no grupo do PSdG-PSOE. Dito en poucas palabras, esta é unha institución que nace desde un sector da UCD, que se desenvolve cunha lei promovida desde un goberno de AP-UCD e que é posta en marcha baixo a dirección dun conspicuo representante do galeguismo “histórico” do grupo Galaxia, pero pertencente ao grupo parlamentario socialista.

A Lei do Consello da Cultura Galega

O desenvolvemento do mandato estatutario de crear un Consello da Cultura Galega comeza cunha das primeiras disposicións legislativas do Goberno autonómico presidido por Xerardo Fernández Albor, mediante o Decreto do 17 de febreiro de 1982, polo que o Goberno nomea unha “Comisión Asesora da Cultura Galega” para elaborar as bases do que sería o proxecto de lei do Consello. Esta comisión estaba composta por vinte e dous membros, dos que once representaban a institucións e outros once foron nomeados a título particular. O seu presidente foi o propio Filgueira (como membro do Goberno) e actuou como secretario o arquitecto Rafael Baltar Tojo (do Museo do Pobo Galego). Os representantes das institucións, alén dos anteriores, eran José M. Suárez Núñez (reitor da Universidade de Santiago de Compostela), Carlos Casares (Real Academia Galega), M. Iglesias Corral (Academia de Xurisprudencia e Lexislación), Francisco J. Río Barja (Instituto de Estudos Galegos “Padre Sarmiento”), Uxío Romero Pose (Instituto de Estudos Xacobeos), Ramón Lorenzo (Instituto da Lingua Galega), Francisco Fernández del Riego (Fundación Penzol), Joaquín Arias y Díaz de Rábago (Fundación Barrié de la Maza) e Agustín Sixto Seco (Patronato Rosalía de Castro). As once persoas que estaban a a título individual eran Adolfo de Abel

Vilela, Xesús Alonso Montero, Ramón Castromil, Manuel Chamoso Lamas, Manuel C. Díaz y Díaz, Isaac Díaz-Pardo, Ramón Martínez López, Pablo Moure-Mariño, Ramón Piñeiro, Manuel Sánchez Salorio e Enrique Vidal Abascal. Dito en termos politicamente máis significativos, nesta Comisión están presentes 5 parlamentarios en activo (tres de AP e dous [independentes] do PSdG-PSOE), 6 asinantes do manifesto Realidade Galega, 5 catedráticos universitarios, algún membro de partido extraparlamentario e, mesmo, un retornado do exilio nos EE.UU. e presidente do renacido Partido Galeguista. Todo o panorama político da Galicia de principios dos oitenta, coa excepción do nacionalismo, tanto o posibilista como o propiamente antiautonomista, estaba presente nesta Comisión e así se explica parcialmente que no debate parlamentario da Lei do Consello se rexistrasen poucas voces discordantes.

O Proxecto de lei do Consello da Cultura Galega, fundado no texto saído da Comisión Asesora, foi enviado ao Parlamento galego en abril de 1983 e aprobado en forma en xullo de 1983 (Lei 8/1983), con algunhas modificacións de contidos e varias melloras de estilo despois da súa tramitación parlamentaria. Na exposición de motivos da Lei e, desde logo, nas intervencións de Filgueira Valverde no curso do debate desta, están recollidos os criterios da Comisión Asesora e tamén o pensamento do propio conselleiro, quen defendeu unha concepción da cultura como un acto de “preservación” da “memoria histórica” e da “vizosa tradición” que “distingue á nosa nacionalidade”. A esencia do Consello da Cultura, que manaba da propia vontade estatuínte de ser concibido como unha institución corporativa, foi revalidada na súa Lei de creación, coa decisión de que o seu Plenario tivese unha maioría de representantes de entidades culturais existentes daquela en Galicia, fosen ben antigas (caso da universidade) ou de moi recente constitución (Seminario de Estudos Galegos, Academia Galega de Ciencias...). Neste sentido, o Consello da Cultura Galega foi definido polos parlamentarios galegos como un “corpo asesor e consultivo con capacidade de iniciativa, investigación e organización, dotado de personalidade xurídica e composto por membros representativos de entidades dos campos diversos da cultura e tamén por personalidades sobranceiras que contribuirán ao desenvolvemento cultural de Galicia”, o que, dito con outras palabras, significa apostar pola independencia e o pluralismo da institución fronte á alternativa, que sería tan común nos organismos de asesoría cultural promovidos por varias autonomías españolas, dunha vinculación política

moito máis explícita, como pensaban algúns parlamentarios galegos ao propoñeren colocar o Consello en dependencia orgánica do departamento do goberno autonómico titular dos asuntos culturais.

Durante o debate parlamentario mantido na tramitación da Lei houbo unha emenda á totalidade do proxecto e varias intervencións moi críticas, en especial sobre a composición do Consello, considerada o “nó gordiano” do asunto. As voces máis discordantes co proxecto, tanto no debate en Comisión como no pleno do Parlamento, foron as de Camilo Nogueira (Esquerda Galega) e Anxo Guerreiro (Partido Comunista de Galicia), pero tamén houbo abondosas emendas subscritas polo grupo parlamentario do PSdG-PSOE (subscritas por Ceferino Díaz e defendidas por Miguel Barros) e algunhas achegas “in voce” do grupo dos centristas (Xosé M. Pardo Montero). A crítica á composición do Consello foi contundente, ao cualificalo como unha institución “endogámica, antidemocrática, inoportuna, inaxeitada” (Nogueira) ou ser un “intento de monopolizar ou oficializar, por unha minoría absoluta, a cultura galega” (Guerreiro). Fronte a estas críticas algo destemperadas –explicables tacticamente pola ausencia, por “expulsión”, dos tres deputados do BN-PG–, o resto de grupos parlamentarios apoiaron ou emendaron parcialmente o proxecto inicial, que resultou algo mellorado no curso do debate parlamentario. O esencial do debate estaba no perfil corporativo ou político da institución ou, dito noutras palabras, na alternativa entre unha institucionalización da cultura galega ou unha concepción desta como un campo de combate político que “permita construír un país moderno e dinámico” (Guerreiro), pero no que primase a estratexia do activismo e da dinamización cultural, como un recurso de normalización da cultura e da identidade galegas. E aínda que un dos parlamentarios máis críticos (Nogueira) se manifestase explicitamente contra a “italianización” das institucións –no sentido da *lotizzazione* política destas –, o certo é que o esencial das propostas críticas consistía en modificar a composición do Consello, coa incorporación a este de representantes de concellos, colexios profesionais, centros de ensino e investigación e, mesmo, persoeiros elixidos polo propio Parlamento. Malia que a maioría destas propostas non foron aceptadas en toda a súa extensión, tiveron lugar algúns cambios na composición do Consello, aceptando a incorporación de novas institucións (Seminario de Estudos Galegos) ou diluíndo a presenza doutras, como o Museo do Pobo Galego, que é reconducido a unha representación

xenérica dos museos galegos, así como non mencionar *expressis verbis* as dúas fundacións que estaban no proxecto inicial (Barrié de la Maza e Penzol), por máis que logo resultasen ser as escollidas como entidades fundadoras polo primeiro Plenario do Consello. Tamén foi discutida, con menor afouteza, a concepción da cultura que estaba no espírito da Lei e dos seus promotores, definida explicitamente como “preservacionista” e defensora do patrimonio cultural galego, fronte a unha concepción máis intervencionista e mesmo executiva que defendían estas voces críticas.

Con todo, o esencial do proxecto foi mantido en vigor e trasladado á Lei 8/1983, asegurando o perfil asesor e consultivo da institución, a súa independencia política e orzamentaria e o seu pluralismo. A aprobación dos sucesivos artigos da Lei e, por tanto, o texto no seu conxunto recibiu un apoio moi maioritario dos parlamentarios galegos pois, en rígor, só se rexistraron nas votacións do articulado dous votos en contra e algunha abstención, fronte a máis de cincuenta votos favorables na maioría do seu articulado. As moi pesimistas previsións formuladas por un dos críticos (Guerreiro) de que a Lei do Consello sería das primeiras en ser cambiada no inmediato futuro non se cumpriron e moi axiña comezou a súa andaina institucional e a súa posta en funcionamento. O promotor da Lei, o conselleiro Filgueira Valverde, soñaba para a institución que estaba a nacer un futuro de prestixio porque “tocará decisivamente aspectos moi fondos do cultivo do noso espírito”. Os soños de Filgueira apenas puideron cumprirse desde a súa condición de membro do Goberno galego, do que foi destituído, por agregación das competencias de Cultura á Consellería de Educación en setembro de 1983, de modo que non puido presidir a primeira sesión constitutiva da nova institución, realizada o 17 de setembro de 1983, na que só participaron os representantes das institucións fundadoras do Consello. Pero, ao pouco tempo, o profesor Filgueira pasou a formar parte do Plenario da institución e, anos andados, sería elixido tamén presidente. Esta presenza de Filgueira no Consello da Cultura Galega, que cobre uns trece anos, merece un breve comentario final.

Da Consellería ao Consello de Cultura Galega

Filgueira foi elixido membro do Consello da Cultura Galega, na cota dos dez persoeiros previstos na Lei, na segunda sesión plenaria, realizada o 18 de outubro de 1983. Nesta escolla, Filgueira entrou na compañía de Xesús Alonso Montero, Xosé R. Barreiro Fernández, Isaac Díaz-Pardo, F. Fernández

del Riego, Antonio Fraguas, Víctor F. Freixanes, Constantino García, Ramón Piñeiro e Andrés Torres Queiruga, que foron elixidos polos representantes das institucións, que son os verdadeiros cooptadores dos membros do Plenario. Dúas semanas máis tarde, tivo lugar unha terceira sesión para elixir os cargos directivos, na que resultou escollido como presidente Ramón Piñeiro (doce votos), entre outros candidatos propostos como I. Parga Pondal (dous votos), R. Martínez López (dous votos) e o propio Filgueira (un voto), alén de dous votos en branco. Durante a presidencia de Ramón Piñeiro, a actividade e iniciativas de Filgueira foron importantes, tanto no deseño da imaxe corporativa da institución, inspirada no deseño de Castelao para o Consello de Galiza, como na posta en marcha da Sección (daquela chamada Ponencia) de Antropoloxía Cultural, da que el foi coordinador. Pero o protagonismo persoal de Filgueira no Consello non chegaría ata a súa elección como segundo presidente da institución, na sesión do 29 de outubro de 1990, dous meses despois da morte de Piñeiro.

A elección de Filgueira non foi tarefa fácil pois, dun censo de vinte e catro electores, obtivo doce votos, fronte a once en branco e unha ausencia. Con todo, esta división interna sobre a súa figura foise esvaendo progresivamente durante os seis anos da súa presidencia, grazas á laboría que desenvolveu para dotar o Consello dunha maior proxección pública, dunha sede condigna ao rango simbólico e representativo da propia institución e dun mellor equipamento de recursos materiais e humanos. A súa dirección do Consello tamén se caracterizou pola vontade de fixar unha folla de ruta das actividades da institución, tanto nas relativas á dimensión de análise e de investigación do sector cultural galego como, e sobre todo, no fortalecemento da súa condición consultiva e asesora, nun diálogo institucional favorecido polo seu prestixio de profesor e de investigador. Os resultados globais da súa presidencia poderían resumirse no feito de que, con Filgueira, o Consello da Cultura Galega logrou a súa definitiva consolidación como unha institución cultural de referencia, tanto dentro como fóra de Galicia, especialmente no mundo das colectividades galegas da emigración.

Unha síntese da actividade do Consello durante a presidencia de Filgueira non pode pasar por alto tres grandes áreas da súa xestión. A primeira consiste no reforzamento do carácter institucional do Consello, levando a cabo algunhas das propostas que ecoaran nos debates parlamentarios da súa Lei de creación. Debateuse daquela moito a necesidade de que o Consello

da Cultura Galega fose capaz de incorporar novas sensibilidades e novos campos da cultura ao seu seo (música, ensino, teatro, artes plásticas, medios de comunicación) e isto foi algo en que o presidente Filgueira mostrou unha gran determinación, coa incorporación ao Consello de novos representantes institucionais (universidades da Coruña e Vigo, Real Academia de Belas Artes) e coa creación de novas seccións (Artes Plásticas así como Música e Artes Escénicas). Pero tamén soubo aplicar a súa concepción da cultura e a súa experiencia como director dun gran museo á dinámica do Consello, ao fomentar a creación dos dous primeiros arquivos da institución (Arquivo da Emigración Galega e Arquivo Sonoro de Galicia), así como deixar encarreirado o que ía ser un centro documental para a planificación lingüística (CDSG).

Unha segunda área relevante da acción presidencial de Filgueira foi, sen dúbida, a proxección pública do Consello, mediante a realización de importantes reunións científicas, como as centradas na figura do frade bieito Martín Sarmiento ou diversos simposios sobre a medicina popular ou a figura de F. Bouza Brey; a promoción da imaxe de Galicia no exterior, a través de exposicións como Galicia-América. Cinco séculos de historia; ou dando un gran pulo á edición de libros e á difusión de proxectos elaborados nas diferentes seccións do Consello, do que poden ser representativas algunhas publicacións como Atlas de vertebrados de Galicia, A natureza ameazada, a serie dedicada á figura do Día das Letras Galegas e, naturalmente, o apoio ás liñas que viñan da época anterior dunha biblioteca de clásicos universais en lingua galega ou da edición de fontes documentais para a historia de Galicia.

A terceira área de acción do Consello foi, sen dúbida, onde se deixou sentir con máis eficacia a capacidade de interlocución política e o *savoir faire* institucional do presidente Filgueira, favorecido polo seu claro ascendente intelectual perante o daquela presidente autonómico, M. Fraga Iribarne. Refírome á súa capacidade para converter o Consello da Cultura Galega nunha institución que asesorase os poderes públicos pero que tamén achegase a información necesaria para o deseño de políticas culturais. Neste punto pode advertirse a súa experiencia persoal como membro fundador do Seminario de Estudos Galegos e a súa obsesión, en tanto que director do Museo de Pontevedra, por afrontar tarefas de catalogación da riqueza cultural galega. Un exemplo destas iniciativas é a realización dun censo cultural galego, a modo dunha radiografía dos actores individuais e colectivos que actuaban no noso sector cultural. Tamén a periódica realización de

informes sectoriais, como os de arquitectura, patrimonio, comunicación ou normalización lingüística. Pero onde a presenza pública do Consello da Cultura foi máis nítida é na elaboración de informes e tomas de posición que reforzaron a autonomía da institución. Refírome ao informe sobre o Camiño de Santiago, que non estivo privado de tensións co Goberno galego no tempo de preparación do Xacobeo 93, ou o traballo desenvolvido por varias seccións do Consello sobre o perfil que debían ter os centros de arte, nomeadamente o Centro Galego de Arte Contemporánea (CGAC).

Mal podía prever o conselleiro Filgueira, ao tempo de promover a Lei do Consello da Cultura Galega, que unha parte substancial do seu desenvolvemento sería da súa responsabilidade. Pero así aconteceu e os seis anos en que desempeñou a presidencia da institución foron esenciais para revalidar o prestixio simbólico que lle achegara Ramón Piñeiro e para deixar ben deseñado o rumbo que logo seguiría, co seu propio estilo e perfil, o presidente Carlos Casares. Os tres foron protagonistas directos, en diversas fases, do papel que a cultura debería desempeñar na nova etapa histórica aberta pola autonomía e a creación, por primeira vez na historia moderna de Galicia, de auténticas institucións de autogoberno. Neste panorama, a función do Consello da Cultura Galega foi algo máis que un referente simbólico e un recordatorio do peso que a cultura, talvez máis que a política, tivo no mantemento da identidade galega e na colocación de Galicia entre as tres nacións “galeuzcanas” no concerto das autonomías españolas. Pero as institucións por si mesmas non son capaces de actuar, se non están movidas por obxectivos precisos e non están dirixidas por persoas que asumen aqueles propósitos. O profesor Filgueira tivo a dupla fortuna de ser un deseñador dos fins da institución e, como presidente, un executor deles. A singradura institucional do Consello é obra dun esforzo colectivo, interno e externo, pero ningún navío avanza sen ter o seu leme, que, neste caso, foi o profesor Filgueira Valverde, esa figura “lanzal” de “céltiga abedoeira”, “mestre de finas artes e troveiro segrel” que imaxinara un día o patriarca de Trasalba..., medio século antes de que o seu amigo pontevedrés gobernase a máis importante institución cultural fundada pola autonomía galega.

R.V.

(Presidente do Consello da Cultura Galega)



9 RECURSOS EN LIÑA E 221 PUBLICACIÓNS
DO CENTRO RAMÓN PIÑEIRO
PARA A INVESTIGACIÓN EN HUMANIDADES
1994-2015
Santiago de Compostela

RECURSOS EN LIÑA

Lingüística

ARRECADADA: *Servizo de Terminoloxía Galega* (<http://www.cirp.es/rec2/arrecada.html>).
BILEGA: *Bibliografía Informatizada da Língua Galega* (<http://www.cirp.es/bdo/bil/>).
CODOLGA: *Corpus Documentale Latinum Gallaciae* (<http://balteira.cirp.es/codolga>).
CORG.A: *Corpus de Referencia do Galego Actual* (<http://corpus.cirp.es/corgaxml>).
COTOVIA: *Conversor texto-voz* (<http://www.gts.tsc.uvigo.es/cotovia/cotovia.gl.html>).
ES>GL: *Tradutor automático español-galego* (<http://www.xunta.es/tradutor/>).

Literatura

BIRMED: *Bibliografía de Referencia da Lírica Medieval Galego-Portuguesa* (<http://www.cirp.es/pls/bdo2/f?p=BIRMED>).
MEDDB: *Base de datos da Lírica profana galego-portuguesa* (<http://www.cirp.es/pls/bdo2/f?p/=meddb2>).
DITERLI: *Base de datos do Dicionario de termos literarios (letras A-D) (E-H)* (<http://www.cirp.es/pls/bdo2/f?p/=DITERLI>).

OBRAS IMPRESAS (I), EN DISQUETE (D), EN CD-ROM (CD) E/OU EN LIÑA (W)

Medio	Título	Nº publ.
	<i>Lingüística</i>	
I	<i>Repertorio bibliográfico da lingüística galega (desde os seus inicios ata 1994 inclusive)</i> . Francisco García Gondar (dir.) et alii.	11
I	<i>Euromosaic. Produción e reprodución dos grupos lingüísticos minoritarios da UE</i> . Peter Nelde, Miquel Strubell e Glyn Williams. [Mercedes Penoucos Castiñeiras (trad.)].	22
I, W	<i>Marco Europeo Común de referencia para as linguas: aprendizaxe, ensino, avaliación</i> .	115
I, W	<i>Niveis de competencia en lingua galega. Descrición de habilidades e de contidos adaptados ao Marco europeo común de referencia para as linguas (MECRL)</i> . Elvira Fidalgo et alii.	132
I, W	<i>Bibliografía analítica da lingua galega (2004)</i> . Francisco García Gondar (dir.) et alii.	144
I, W	<i>Bibliografía analítica da lingua galega (2005 e complementos de 2004)</i> . Francisco García Gondar (dir.) e Silvana Castro García.	157

<i>Lingüística: Fraseoloxía</i>		
I, W	<i>Actas do I Coloquio Galego de Fraseoloxía .</i>	30
I, W	<i>As imaxes da lingua rusa. Ensaio histórico, etimolóxico e etnolingüístico sobre fraseoloxía.</i> Valerij Mokienko. [Ekaterina Lossik (trad.)].	52
I, W	<i>Fraseoloxía eslava. Manual universitario para a especialidade de lingua e literatura rusas.</i> Valerij Mokienko. [Ekaterina Guerbek (trad.)].	53
I, W	<i>Aspectos teóricos da fraseoloxía.</i> Anatolij Baránov; Dmitrij Dobrovol'skij. [Fernando de Castro (trad.)]	172
I, W	<i>Refraneiro galego da vaca.</i> Pedro Benavente Jareño e Xesús Ferro Ruibal.	6
I, W	<i>Cadernos de fraseoloxía galega 1. Fraseoloxía do mar na mariña luguesa.</i> Paco Rivas.	54
I, W	<i>Cadernos de fraseoloxía galega 2. Refraneiro galego.</i> Xesús Taboada Chivite.	55
I, W	<i>Cadernos de fraseoloxía galega 3. Achegas a un dicionario de refráns galego-castelán, castelán-galego.</i> M ^a do Rosario Soto Arias.	84
I, W	<i>Cadernos de fraseoloxía galega 4. Estudos e recadádinas.</i> VV. AA.	85
I, W	<i>Cadernos de fraseoloxía galega 5. Refraneiro galego e outros materiais de tradición oral.</i> Francisco Vázquez Saco.	86
I, W	<i>Cadernos de fraseoloxía galega 6, 2004.</i>	107
I, W	<i>Cadernos de fraseoloxía galega 7, 2005.</i>	118
I, W	<i>Cadernos de fraseoloxía galega 8, 2006.</i>	129
I, W	<i>Cadernos de fraseoloxía galega 9, 2007.</i>	146
I, W	<i>Fraseoloxía de Moscoso e outros materiais de tradición oral. Anexo 1,2007 de Cadernos de fraseoloxía galega.</i> José Augusto Ventín Durán.	147
I, W	<i>Cadernos de fraseoloxía galega 10, 2008.</i>	156
I, W	<i>Cadernos de fraseoloxía galega 11, 2009.</i>	174
I, W	<i>Cadernos de fraseoloxía galega 12, 2010.</i>	187
I, W	<i>Cadernos de fraseoloxía galega 13, 2011.</i>	196
I, W	<i>Cadernos de fraseoloxía galega 14, 2012.</i>	202
I	<i>Cadernos de fraseoloxía galega 15, 2013.</i>	213
I	<i>Cadernos de fraseoloxía galega 16, 2015</i>	220
<i>Lingüística: Terminoloxía</i>		
I+D	<i>Formulario notarial.</i> Victorino Gutiérrez Aller.	40
I+D	<i>Regulamentos municipais I.</i> Xoaquín Monteagudo Romero.	41
I	<i>Vocabulario multilingüe de organismos acuáticos.</i> Fernando Lahuerta Mourinho e Francisco X. Vázquez Álvarez.	63
I, W	<i>Vocabulario multilingüe de acuicultura.</i> Fernando Lahuerta Mourinho, Francisco X. Vázquez Álvarez e Xosé L. Rodríguez Villanueva.	78
I, W	<i>Dicionario galego de televisión.</i> Edith Pazó Fernández.	117

I, W	<i>O nome e o símbolo dos elementos químicos.</i> M. R. Bermejo, A. M. González-Noya e M. Vázquez.	134
I, W	<i>Glosario de termos para a avaliación de linguas.</i> Alte.	154
I, W I	<i>Dicionario galego de recursos humanos.</i> Lucía Dans Álvarez de Sotomayor, Yolanda Mancero Vázquez e Inés Veiga Mateos.	181
I, W	<i>Dicionario galego de Bioloxía galego-castelán-inglés.</i> J. Gómez Márquez, A. M ^a Viñas Díaz e Manuel González González (coords.).	188
I, W	<i>Dicionario de alimentación e restauración.</i> Manuel González González (coord.)	199
<hr/>		
<i>Lingüística: Lexicografía</i>		
I, W	<i>Diccionario Italiano-Galego.</i> Isabel González (dir.) et alii.	64
I, W	<i>O libro das palabras (obra xornalística completa).</i> Constantino García. [Teresa Monteagudo Cabaleiro e María Carme García Arias (eds.)].	92
I, W	<i>Diccionario Galego-Latino clásico e moderno.</i> Xosé López Díaz.	178
<hr/>		
<i>Lingüística: Etnolingüística</i>		
I, W	<i>O libro da vaca. Monografía etnolingüística do gando vacín.</i> Pedro Benavente Jareño, Xesús Ferro Ruibal.	180
<hr/>		
<i>Literatura e fontes medievais</i>		
I, W	<i>As Cantigas de Loor de Santa María.</i> Milagros Muíña, Fernando Magán Abelleira e M ^a Xesús Botana Villar.	106
I, W	<i>Cantigas de madre galego-portuguesas. Estudo de xéneros das cantigas líricas.</i> Paulo Roberto Sodré. [Antonio Augusto Domínguez Carregal e Marta López Macías (trads.)].	155
I, W	<i>Cantigas de Santa María, proposta de explotación didáctica.</i> Elvira Fidalgo e Milagros Muíña.	116
I	<i>Cantigas do mar de Vigo.</i> Antonio Fernández Guiadanes et alii.	35
I, W	<i>Carolina Michaëlis e o Cancioneiro de Ajuda, boxe.</i> Mercedes Brea (coord.).	113
I	<i>Estudios galegos en homenaxe ó profesor Giuseppe Tavani.</i> Elvira Fidalgo e Pilar Lorenzo Gradín (coords.).	4
I	<i>Livro de Tristán e Livro de Merlin. Estudio, edición, notas e glosario.</i> Pilar Lorenzo Gradín e José António Souto Cabo (eds.).	72
I	<i>Lírica profana galego-portuguesa. Corpus completo das cantigas medievais, con estudio biográfico, análise retórica e bibliografía específica.</i> Mercedes Brea (coord.) et alii.	19
I, W	<i>O cancionero de Pero Meendiz de Fonseca.</i> Laura Tato Fontaíña.	148
I, W	<i>Orixes da Materia de Bretaña (A Historia regum Britanniae e o pensamento europeo do século XII).</i> Santiago Gutiérrez García.	75
I	<i>Tratado de Albeitaria.</i> José Luís Pensado Tomé (ed.).	105
I, W	<i>Pola melhor dona de quantas fez Nostro Senbor. Homenaxe á profesora Giulia Lanciani.</i> Mercedes Brea (coord.)	165
I	<i>Guía para o estudo da lírica profana galego-portuguesa.</i> Marina Meléndez Cabo, Isabel Vega Vázquez e Esther Corral Díaz (coord.)	182
I, W	<i>Aproximacións ao estudo do vocabulario trobadoresco.</i> Mercedes Brea (coord.).	185

I	<i>O Cancioneiro de Pero Mafaldo. Edición crítica.</i> Lucía Eirín García, Manuel Ferreiro.	217
I	<i>Actas das IXornadas das Letras Galegas en Lisboa.</i> Luís Alonso Girgado (coord.).	39
I	<i>Antoloxía do conto neozelandés.</i> María Fe González Fernández (ed.).	58
I, R	<i>Diccionario de termos literarios. A-D.</i> Equipo Glifo. (Tamén recurso en rede).	38
I, R	<i>Diccionario de termos literarios. E-H.</i> Equipo Glifo. (Tamén recurso en rede).	81
I	<i>Informe de literatura 1995.</i> Blanca-Ana Roig Rechou (coord.) et alii.	14
I	<i>Informe de literatura 1996.</i> Blanca-Ana Roig Rechou (coord.) et alii.	25
I, CD	<i>Informe de literatura 1997 (o CD-ROM tamén inclúe os dous informes anteriores).</i> Blanca-Ana Roig Rechou (coord.) et alii.	37
I, CD	<i>Informe de literatura 1998 (o CD-ROM tamén inclúe os tres informes anteriores).</i> Blanca-Ana Roig Rechou (coord.) et alii.	48
I, CD	<i>Informe de literatura 1999 (o CD-ROM tamén inclúe os catro informes anteriores).</i> Blanca-Ana Roig Rechou (coord.) et alii.	62
I, CD	<i>Informe de literatura 1995-2000.</i> Blanca-Ana Roig Rechou (coord.) et alii.	73
I, CD	<i>Informe de literatura 1995-2001.</i> Blanca-Ana Roig Rechou (coord.) et alii.	79
I, CD	<i>Informe de literatura 1995-2002.</i> Blanca-Ana Roig Rechou (coord.) et alii.	93
I, CD	<i>Informe de literatura 2003.</i> Blanca-Ana Roig Rechou (coord.) et alii.	109
I, CD	<i>Informe de literatura 2004.</i> Blanca-Ana Roig Rechou (coord.) et alii.	119
I, CD	<i>Informe de literatura 2005.</i> Blanca-Ana Roig Rechou (coord.) et alii.	135
I, CD	<i>Informe de literatura 2006.</i> Blanca-Ana Roig Rechou (coord.) et alii.	145
I, CD	<i>Informe de literatura 2007.</i> Blanca-Ana Roig Rechou (coord.) et alii.	159
I, CD	<i>Informe de literatura 2008.</i> Blanca-Ana Roig Rechou (coord.) et alii.	173
I, CD	<i>Informe de literatura 2009.</i> Blanca-Ana Roig Rechou (coord.) et alii.	179
I, CD	<i>Informe de literatura 2010.</i> Blanca-Ana Roig Rechou (coord.) et alii.	194
I, CD	<i>Informe de literatura 2011.</i> Blanca-Ana Roig Rechou (coord.) et alii.	203
I, CD	<i>Informe de literatura 2012.</i> Blanca-Ana Roig Rechou (coord.) et alii.	211
I, CD	<i>Informe de literatura 2013.</i> Blanca-Ana Roig Rechou (coord.) et alii.	218
I	<i>Poética da novela de autoformación. O Bildungsroman galego no contexto narrativo hispánico.</i> M ^a de los Ángeles Rodríguez Fontela.	18
I	<i>Terra, mar e lume. Poesía de Bosnia-Herzegovina, Bulgaria, Croacia, Eslovenia, Macedonia, Montenegro e Serbia.</i> Úrsula Heinze de Lorenzo (intr., selección e trad.).	15
I, W	<i>Clave Orión. Números XII-XIII-XIV-XV.</i> Luz Pozo Garza (ed. e dir.)	164
<hr/>		
<i>Literatura: Facsímiles</i>		
I, W	<i>A Gaita Gallega (A Habana, 1885-1889).</i> Luís Alonso Girgado et alii. (eds.) / 2 ^a ed.: 2006.	51, 122

I	<i>A saudade nos poetas gallegos. Ramón Cabanillas Enríquez e Eladio Rodríguez González.</i> [Luís Alonso Girgado e Teresa Monteagudo (eds)].	65
I+CD, W	<i>Aires d'a miña terra (Bos Aires, 1908-1909).</i> Carmen Fariña Miranda (ed.).	97
I	<i>Airiños d'a miña terra (A Habana, 1909).</i> María Cuquejo Enríquez (ed.).	112
I	<i>Alba. Hojas de poesía. Follas de poesía (A Coruña, 1948 – Vigo, 1956).</i> Luís Alonso Girgado et alii. (eds.).	8
I+CD, W	<i>Alma Gallega (Montevideo, 1919-1967).</i> Luís Alonso Girgado e María Vilariño Suárez (eds.).	126
I, W	<i>Arazaña (Montevideo, 1929-1930) / Raça Celta (Montevideo, 1934-1935).</i> Luís Alonso Girgado e María Vilariño Suárez (eds.).	125
I	<i>Aturuxo. Revista de poesía e crítica (Ferrol, 1952-1960).</i> Luís Alonso Girgado et alii. (eds.).	2
I	<i>Aturuxos. Ramón Armada Teixeira.</i> [Luís Alonso Girgado (ed.)].	77
I, W	<i>Bohemia. Revista semanal ilustrada (A Habana, 25 de abril de 1915).</i> Luís Alonso Girgado (intr.) e Marisa Moreda Leirado (ed.).	152
I, W	<i>Centro gallego (Montevideo, anos 1917-1918, números 1-13).</i> Luís Alonso Girgado e María Cuquejo Enríquez (eds.).	108
I	<i>Cristal (Pontevedra, 1932-1933).</i> Luís Alonso Girgado et alii. (eds.).	29
I, W	<i>Cultura Gallega (A Habana, 1936-1940) [Facsimile dos anos 1936-1937].</i> Luís Alonso Girgado et alii. (eds.).	45
I	<i>Doutrina e ritual da moi nobre orde galega do Sancto Graal. Vicente Risco.</i> [Afonso Vázquez-Monxardín Fernández (ed.)].	31
I+CD, W	<i>Eco de Galicia. (A Habana, 1917-1936) [Facsimile dos anos 1917-1918].</i> María Lojo Abeijón (ed.).	96
CD, W	<i>El gallego. Periódico semanal. Órgano de los intereses de su nombre.</i> Manuel Quintáns Suárez e Marisa Moreda Leirado (eds.).	150
I, W	<i>Eufonia (Buenos Aires 1958-1959).</i> Luís Alonso Girgado, María Cuquejo Enríquez e Manuel Quintáns Suárez (eds.).	111
I, W	<i>Galicia. Revista do Centro Galego (Montevideo, 1929, número 151).</i> María Cuquejo Enríquez (ed.).	114
I, W	<i>Galicia. Revista del Centro Gallego.</i> Luís Alonso Girgado, Marisa Moreda Leirado e María Vilariño Suárez (eds.).	130
I+CD, W	<i>Galicia. Revista semanal ilustrada (A Habana, 1902-1930) [Facsimile dos anos 1904-1905].</i> María Vilariño Suárez (ed., estudo e índices).	151
I+CD, W	<i>Galicia. Revista semanal ilustrada. (A Habana, 1902-1930) [Facsimile dos anos 1902-1903].</i> Luís Alonso Girgado (ed.).	138
I+CD, W	<i>Galicia Moderna. Semanario de Intereses Generales (A Habana, 1885-1890).</i> Luís Alonso Girgado et alii. (eds.).	76
CD, W	<i>Galicia Nueva (Montevideo, 1918).</i> Luís Alonso Girgado (ed.).	124
I	<i>Galiza. (Mondoñedo 1930-1933).</i> Luís Alonso Girgado et alii. (eds.).	42
I	<i>Gelmírez. Hojas de otoño a primavera (Santiago de Compostela, 1945-1946).</i> Luís Alonso Girgado et alii. (eds.).	12
I	<i>La Alborada (A Habana, 1912).</i> Luís Alonso Girgado et alii. (eds.).	43

I	<i>La Noche. Suplemento del Sábado (Santiago de Compostela, 1949-1950).</i> Luís Alonso Girgado et alii. (eds.).	20
I, W	<i>La Primera Luz. Manuel Martínez Murguía.</i> [Vicente Peña Saavedra e Manuel Fernández González (eds.)].	60
I	<i>La Tierra Gallega (A Habana 1894-1896).</i> Luís Alonso Girgado e Teresa Monteagudo Cabaleiro (eds.).	80
I	<i>La Tierra Gallega (A Habana, 1915).</i> Luís Alonso Girgado (ed.).	44
CD, W	<i>La Unión Gallega.</i> Manuel Quintáns Suárez (ed.).	133
I, W	<i>Mundo gallego. Revista de Galicia en América (Bos Aires, 1951-1952).</i> Luís Alonso Girgado, Marisa Moreda Leirado e María Vilariño Suárez (eds.).	142
I	<i>Nós. Páxinas gallegas do diario da Cruña 'El Noroeste' (1918-1919).</i> Luís Alonso Girgado e Teresa Monteagudo Cabaleiro (eds.).	69
CD, W	<i>O Irmandiño. Órgao da Irmandade Galeguista do Uruguai.</i> Luís Alonso Girgado, Élida Abal Santorum e Alexandra Cilleiro Prieto (eds.).	177
I	<i>Plumas e Letras en 'La Noche' (1946-1949).</i> Luís Alonso Girgado et alii. (eds.).	13
I	<i>Posiío (Ourense, 1945-1946).</i> Luís Alonso Girgado et alii. (eds.).	9
I	<i>Posiío, Arte y Letras (Ourense, 1951-1954).</i> Luís Alonso Girgado et alii. (eds.).	17
CD, W	<i>Prensa galega en Arxentina (1907-1963): Lar Galician / Alalá / Alborada / Alén Mar.</i> Luís Alonso Girgado, Marisa Moreda Leirado e María Vilariño Suárez (eds.).	139
I	<i>Resol (Galicia 1932-1936), Bos Aires (1937-1938), Galicia (1990).</i> Luís Alonso Girgado et alii. (eds.).	28
I, W	<i>Saudade (Verba gallega nas américas (México, D.F., 1942-1953).</i> Luís Alonso Girgado, Marisa Moreda Leirado e María Vilariño Suárez (eds.).	149
I, W	<i>Suevia. (Bos Aires, 1913. Revista gallega regionalista) / (Bos Aires, 1916. Revista gallega).</i> Luís Alonso Girgado (intr.), Marisa Moreda Leirado e María Vilariño Suárez (eds.).	140
I+CD, W	<i>Tapal.</i> Carmen Fariña Miranda (ed.).	88
I+CD, W	<i>Tierra Gallega: Seminario regional ilustrado (Montevideo, 1917-1918).</i> Carmen Fariña Miranda (ed.).	110
I, W	<i>Universitarios. Revista de la F.U.E. (Santiago de Compostela 1932-1933).</i> María Cuquejo Enríquez e Luís Alonso Girgado (eds.).	123
I, W	<i>Yunque. Periódico de vanguardia política.</i> Luís Alonso Girgado, Marisa Moreda Leirado e María Vilariño Suárez (eds.).	137
CD, W	<i>Escolma de almanaques gallegos (1865-1929) [Bos Aires - A Habana - Galicia].</i> Manuel Quintáns Suárez (ed.).	158
I, W	<i>1985. Almanaque gallego. F. Lage e G. Díaz (dirs.)</i> [Manuel Quintáns Suárez, Alexandra Cilleiro Prieto, Élida Abal Santorum e Luís Alonso Girgado (eds.)]	160
I	<i>Lérez. Revista do centro pontevedrés de Bos Aires (1962).</i> Luís Alonso Girgado (ed.).	161
CD, W	<i>Prensa galega da Arxentina (1935-1964).</i> Luís Alonso Girgado, Élida Abal Santorum e Alexandra Cilleiro Prieto (eds.).	162
I, W	<i>Céltiga. Bos Aires (1924-1932). Revista gallega de arte, crítica, literatura y actualidades.</i> Luís Alonso Girgado, Élida Abal Santorum e Alexandra Cilleiro Prieto (eds.).	163

I, W	<i>Soma de cravidades por Álvaro Cunheiro e unha carta a Luís Seoane por Santiago Montero Díaz.</i> Luís Cochón e Luís Alonso Girgado (eds.).	189
DVD	<i>Céltiga. 1925-1926.</i> Luís Alonso Girgado, Manuel Quintáns Suárez, Alexandra Cillero Prieto, Élida Abal Santorum e Lorena Domínguez Mallo (eds.)	206
<hr/>		
<i>Literatura: Narrativa e poesía recuperada</i>		
I	<i>A cruz de salgueiro.</i> Xesús Rodríguez López. [Manuel González e María González (eds.).]	23
I, W	<i>A obra narrativa en galego. Manuel Lugrís Freire.</i> [Modesto Hermida García e Xabier Campos Villar (eds.)]. / 2ª edic.: 2006.	57, 121
I	<i>Alira de Elfé, A Reina Loba e outros relatos.</i> Manuel Lois Vázquez. [Manuel López Vázquez (ed.)].	26
I	<i>As noites no fogar e outros textos.</i> Ángel Vázquez Taboada. [Anxo Tarrío Varela e Alexandra Cabaleiro Carro (eds.)].	70
I	<i>Baixo do alpendre e outros relatos.</i> M. P. Amor Meilán. [Mª Teresa Araujo García (ed.)].	27
I, W	<i>Contos do Turreiro.</i> Avelino Rodríguez Villar [Anxo X. Rajó Pazó (ed.)]	183
I	<i>Escolma.</i> Manuel Martínez Murguía. [Luís Alonso Girgado e Teresa Monteagudo (eds.)].	61
I	<i>Escolma.</i> Eladio Rodríguez González. [Constantino García, Luís Alonso Girgado e Teresa Monteagudo Cabaleiro (eds.)].	68
I	<i>Folla Bricia. Poesía galega Completa.</i> Xosé Crecente Vega. [Ricardo Polín (ed.)].	82
I	<i>Gallegada e outros textos en prosa de Valentín Lamas Carvajal.</i> [Rafael Adán Rodríguez (ed.)].	102
I, W	<i>Narradores ocasionais do século XIX (Relato breve).</i> [Modesto Hermida (coord.)].	101
I	<i>O vento segrel.</i> Augusto Mª Casas. [Luís Alonso Girgado e Carmen Fariña Miranda (ed.)].	83
I, W	<i>Obra galega.</i> Xosé Otero Espasandín. [María Cuquejo Enríquez (ed.)].	128
I	<i>Obra galega.</i> Xulio Sigüenza. [Luís Alonso Girgado e Josefa Beloso Gómez (eds.)].	59
I, W	<i>Obra narrativa en galego.</i> Amador Montenegro Saavedra. [Eulalia Agrelo Costas e Isabel Mociño González (ed., intr. e notas)].	141
I	<i>Obra narrativa en galego.</i> Aurelio Ribalta y Copete. [Mª Eulalia Agrelo Costas (ed.)].	56
I	<i>Obra narrativa en galego.</i> Heraclio Pérez Placer. [Isabel Soto López (ed.)].	34
I	<i>Obra narrativa en galego.</i> Uxío Carré Aldao. [Modesto Hermida García e Mario Romero Triñanes (eds.)].	66
I	<i>Paja brava de El Viejo Pancho e outras obras.</i> José A. Y Trelles. [Gustavo San Román (ed.)].	32
I	<i>Relatos e outras prosas.</i> Roque Pesqueira Crespo. [Mª Teresa Araújo García (ed.)].	71
I	<i>Salayos e outros poemas.</i> Manuel Núñez González. [Amelia Rodríguez Esteves (ed.)].	36
I	<i>Sulco e vento.</i> Álvaro de las Casas. [María Cuquejo Enríquez (ed.)].	95

I	<i>A obra narrativa en galego de Fortunato Cruces.</i> [M ^a Vanesa Solís Cortizas (ed.)]	204
I	<i>Poesía galega de Eloy Luís André.</i> [César Camoira Vega (ed.)]	212
I	<i>Daniel Pernas Nieto. Fala das Musas e outros poemas.</i> [Armando Requeixo (ed.)]	216
<hr/>		
<i>Filosofía e ensaio</i>		
I	<i>A filosofía krausista en Galicia.</i> Ramón López Vázquez.	3
I	<i>Castelao humorista.</i> Siro López.	16
I, W	<i>Celestino Fernández de la Vega. Pensador do novo galeguismo.</i> Ramón López Vázquez.	143
I	<i>Ética xeral.</i> Ramón del Prado. Ramón López Vázquez.	49
I	<i>Fundamentos antropolóxicos da obra de Castelao.</i> Anxo González Fernández.	46
I	<i>Hamlet e a realidade cunqueira.</i> Anxo González Fernández.	10
I	<i>Historia do pensamento antropolóxico en Galicia.</i> Alfredo Iglesias Diéguez.	50
I	<i>O Padre Feixoo, escolástico.</i> Ramón López Vázquez.	7
I	<i>O pensamento rexeneracionista de Eloy Luís André (Do europeísmo ó galeguismo).</i> Ramón López Vázquez.	21
I	<i>Suma da lóxica. Guillermo De Ockham.</i> [Xosé Calviño Pueyo (trad.)].	47
I	<i>Ramón Piñeiro: sobre a saudade e outros temas.</i> Luís Rey Núñez.	94
I	<i>Roberto Nóvoa Santos. (Nova interpretación antropolóxica).</i> Ramón López Vázquez.	99
I	<i>Domingo García-Sabell, fenomenólogo.</i> Ramón López Vázquez	205
<hr/>		
<i>Cine</i>		
I	<i>Filmografía galega. Longametraxes de ficción.</i> Ángel Luís Hueso Montón e José M ^a Folgar de la Calle (coords.).	33
I	<i>Filmografía galega. Curtametraxes.</i> Ángel Luís Hueso Montón e José M ^a Folgar de la Calle (coords.).	74
<hr/>		
<i>Ramón Piñeiro e Cadernos Ramón Piñeiro</i>		
I	<i>Lembranza de Ramón Piñeiro. Catro discursos.</i> VV. AA.	1
I	<i>Ramón Piñeiro (video-libro).</i> Carlos Casares Mouriño.	24
I	<i>Conversa con Ramón Piñeiro.</i> Manuel Rico Vereá.	87
I, W	<i>Cadernos Ramón Piñeiro (I). Ramón Piñeiro: dúas lecturas.</i> Anxo González Fernández e Ramón López Vázquez.	89
I, W	<i>Cadernos Ramón Piñeiro (II). Ramón Piñeiro: cronobiografía e cartas.</i> Luís Alonso Girgado e Teresa Monteagudo Cabaleiro.	90
I, W	<i>Cadernos Ramón Piñeiro (III). Bibliografía e hemerografía de Ramón Piñeiro: unha contribución.</i> Luís Alonso Girgado, María Cuquejo Enríquez e Teresa Monteagudo Cabaleiro.	91
I, W	<i>Cadernos Ramón Piñeiro (IV). Ideas sobre a lingua galega na obra de Manuel Murguía.</i> José Ángel García López.	98

I, W	<i>Cadernos Ramón Piñeiro (V). Cartas de Ramón Piñeiro a Ricardo Carballo Calero.</i> Luís Alonso Girgado, María Cuquejo Enríquez e Carmen Fariña Miranda (eds).	100
I, W	<i>Cadernos Ramón Piñeiro (VI). Idacio Lémico: Cbronica (379 – 469).</i> Xoán Bernárdez Vilar.	103
I, W	<i>Cadernos Ramón Piñeiro (VII). Antón e Ramón Villar Ponte. Unha irmandade alén do sangue.</i> Emilio Xosé Insua López.	104
I, W	<i>Cadernos Ramón Piñeiro (VIII). Diálogos na néboa. Álvaro Cunheiro e Ramón Piñeiro na xénese da literatura galega de posguerra.</i> Manuel Forcadela.	120
I, W	<i>Cadernos Ramón Piñeiro (IX). Sobre o humor de Cervantes no Quixote.</i> Siro López.	127
I	<i>Cadernos Ramón Piñeiro (X). A pretensa nostalxia da autoridade (Unha interpretación parcelar d'O porco de pé de Vicente Risco).</i> Alba Martínez Teixeiro.	136
I, W	<i>Cadernos Ramón Piñeiro (XI). Cartas a Filgueira Valverde e outros.</i> Luís Alonso Girgado, Élica Abal Santorum e Alexandra Cilleiro Prieto (eds).	166
I, W	<i>Cadernos Ramón Piñeiro (XII). Cartas de Ramón Piñeiro a José Luis Pensado.</i> Luís Alonso Girgado, Élica Abal Santorum e Alexandra Cilleiro Prieto (eds).	167
I, W	<i>Cadernos Ramón Piñeiro (XIII). Epistolario de Ramón Piñeiro a Isidoro Millán González-Pardo (1952-1971).</i> Luís Cochón e Miro Villar (ed., intr. e notas).	168
I, W	<i>Homenaxe a Ramón Piñeiro.</i> Alexandra Cilleiro Prieto e Élica Abal Santorum (eds.)	169
I, W	<i>Ramón Piñeiro. Letras Galegas 2009. Ramón Piñeiro na lembranza (catálogo).</i> Siro López.	170
I, W	<i>Cadernos Ramón Piñeiro (XIV). A casa! o val! a patria homilde! Celebración de Uxío Novoneyra (1930 –1999)</i>	175
I, W	<i>Cadernos Ramón Piñeiro (XV). Ramón Piñeiro: epistolario lugués.</i>	176
I, W	<i>Cadernos Ramón Piñeiro (XVI). I-en todo silencio preguntado. Celebración de Uxío Novoneyra II.</i> Luís Cochón, Luís Alonso Girgado, Alexandra Cillero Prieto e Élica Abal Santorum (eds).	186
I, W	<i>Cadernos Ramón Piñeiro XVII. Bibliografía e hemerografía de Ramón Piñeiro.</i> Luís Alonso Girgado e outros.	190
I, W	<i>Cadernos Ramón Piñeiro XVIII. Cartas de Ramón Cabanillas a Isidoro Millán en modo de antífona.</i> Luís Cochón.	191
I, W	<i>Cadernos Ramón Piñeiro XIX. Homenaxe a Fernández Pérez-Barreiro Nolla.</i> Luís Alonso Girgado, Nicolás Vidal e Alexandra Cillero Prieto.	192
I, W	<i>Cadernos Ramón Piñeiro XX. Álvaro Cunheiro. Remuíño de prosas.</i> Luís Alonso Girgado, Luís Cochón, Lorena Domínguez Mallo.	195
I	<i>Cadernos Ramón Piñeiro XXI. Correspondencia habida entre Xosé M^a Álvarez Blázquez e Isidoro Millán González Pardo.</i> X. L. Cochón, Alejandra Cillero Prieto e Lorena Domínguez Mallo.	197
I	<i>Cadernos Ramón Piñeiro XXII. Correspondencia de Xosé Neira Vilas con Valentín Paz Andrade e Celso Emilio Ferreiro.</i> XXII. Xosé Neira Vilas (ed.)	198
I	<i>Cadernos Ramón Piñeiro XXIII. Saiban cantos estas cartas viren... Álvaro Cunheiro e Alberto Casal (1955-1961).</i> Luís Cochón (introdución e edición).	200
I	<i>Cadernos Ramón Piñeiro XXIV. A luminosa mirada dos ollos Isaac. Isaac DíazPardo. Obra dispersa.</i> Edición e prólogo de Xosé Ramón Fandiño Veiga.	201

I	<i>Cadernos Ramón Piñeiro XXV. Roberto Vidal Bolaña. Escritos sobre teatro.</i> Xosé Luís Cochón Touriño (ed.) e Lorena Domínguez Mallo (col.)	207
I	<i>Cadernos Ramón Piñeiro XXVI. Rosalía na cobiza do lonxe.</i> VV.AA	209
I	<i>Cadernos Ramón Piñeiro XXVII. Cartas a Fermín Penzol.</i> Xosé Luís Cochón Touriño (ed.), Lorena Domínguez Mallo (col.) e Anastasio Iglesias Blanco (col.)	210
I	<i>Cadernos Ramón Piñeiro XXVIII. Cunqueiro, destinatario.</i> Xosé Luís Cochón Touriño (ed.), Lorena Domínguez Mallo (col.) e Anastasio Iglesias Blanco (col.)	214
	<i>Cadernos Ramón Piñeiro XXIX. Nimbos: cáliz fervendo!</i> VV.AA	215
I	<i>Cadernos Ramón Piñeiro XXX. Antonio Blanco Freijeiro. Isidoro Millán González-Pardo: cartas habidas (1953-1990).</i> Xosé Luís Cochón Touriño (ed.), Laura Mariño Taibo (col.)	219
I	<i>Cadernos Ramón Piñeiro XXXI. Filgueira Valverde. Homenaxe. Quíxose con primor e feitura.</i> Xosé Luís Cochón Touriño e Laura Mariño Taibo (ed.). Véxase tamén o apartado de Filosofía e Ensaio.	221
<hr/>		
	<i>Outros</i>	
I	<i>Epistolario galego de Miguel de Unamuno.</i> Alexandre Rodríguez Guerra.	67
I	<i>Guía de alimentación.</i> Pedro Benavente Jareño.	5
I	<i>Redes e peixes. Saberes dun mariñeiro.</i> Xavier Rodríguez Vergara.	153
I, W	<i>Escritos sobre Federalismo e Galeguismo.</i> Aureliano Pereira. [Esther Martínez Eiras (trad.)].	131
I, W	<i>Máis aló da nación unificadora: en defensa do federalismo multinacional.</i> Alain Gagnon.	171
I, W	<i>A nacionalización do pasado irlandés (1845 – 1937).</i> Xavier R. Madriñán	184
I, W	<i>A prensa galega de Cuba.</i> Xosé Neira Vilas	193
DVD	<i>Álvaro Cunqueiro (1911-1981).</i> Luís Alonso Girgado e Lorena Domínguez Mallo (Coord.)	208

FILGUEIRA VALVERDE
HOMENAXE
“QUÍXOSE CON PRIMOR E FEITURA”
imprimiuse
en
Compostela
no tempo de alomear os eidos
no maio
ano 2015

EXPLICIT FELICITER



galicia

ISBN 978-84-453-5188-8

